

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA



Manuel María



NÚMERO 377 | A CORUÑA | AÑO 2016

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA



NÚMERO 377

A CORUÑA

ANO 2016

Boletín da Real Academia Galega

Consello de Redacción:

Xesús Alonso Montero
Henrique Monteagudo Romero
Rosario Álvarez Blanco
Margarita Ledo Andión
Andrés Torres Queiruga

Editores literarios:

Henrique Monteagudo Romero
Margarita Ledo Andión

Edita:

Real Academia Galega

Foto Cuberta:

Manuel María nos actos do 17 de maio de 1987 na Coruña /
Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega

Deseño:

Xosé Díaz / Imago Mundi

Maquetación:

Real Academia Galega

Impresión:

Lugami Artes Gráficas
Infesta, 96
15319 Betanzos
Tlf. 981 774 171
lugami@lugami.com

ISSN: 1576 – 8767

Depósito Legal: C-743/2000

© REAL ACADEMIA GALEGA

Rúa Tabernas, 11

Apartado 557

Tlf. 981 20 73 08

Fax. 981 21 64 67

www.academia.gal

15001 A CORUÑA

COMITÉ CIENTÍFICO

FERNANDO BOUZA ÁLVAREZ	Universidade Complutense- Madrid
ISABEL BURDIOL	Universidade de Valencia
JOSE V. CAPELA	Universidade do Minho
IVO CASTRO	Universidade de Lisboa
FERNANDO DEVOTO	Universidade de Buenos Aires
PILAR GARCÍA NEGRO	Universidade da Coruña
JAVIER GÓMEZ MONTERO	Universidade de Kiel
TAINA HÄMÄLÄINEN	Universidade de Helsinki
JOHANNES KABATEK	Universidade de Zürich
TAKE KAZU ASAKA	Universidade Tsudajuku de Toquio
XABIER KINTANA	Euskaltzaindia / Real Academia de la Lengua Vasca
GIULIA LANCIANI	Universidade Roma Tre
ROSA MARÍA LOJO	Universidade del Salvador / Universidade de Buenos Aires
ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA	Universidade de Valencia
BASILIO LOSADA	Universidade de Barcelona
ANA M. ^a MARTINS	Universidade de Lisboa
MARINA MAYORAL	Universidade Autónoma de Madrid
MIRIAM HALPERN PEREIRA	ISTCE- Instituto Universitário de Lisboa
GABRIEL REI DOVAL	Universidade de Wisconsin-Milwaukee
BORJA DE RÍQUER	Universidade Autónoma de Barcelona
GUILLERMO ROJO	Real Academia Española / Universidade de Santiago de Compostela
JOHN RUTHERFORD	Universidade de Oxford
JOAN VENY	Institut d'Estudis Catalans / Termcat
DARÍO VILLANUEVA PRIETO	Real Academia Española / Universidade de Santiago de Compostela
HELENA ZERNOVA	Universidade de San Petesburgo

LIMIAIR

Este número do noso vello *Boletín* (377) debrúzase, esencialmente, sobre o escritor Manuel María (1929-2004) a quen a Academia lle dedicou, no ano 2016, o Día das Letras Galegas. En realidade, o día suscitou actividades literarias durante os doce meses dese ano, moi fecundo en conferencias, recitais, representacións teatrais, concertos... dentro e fóra das aulas. Cómpre aclarar que Manuel María, antes do ano 2016 (e mesmo antes de 2004, ano do seu pasamento), xa fora obxecto de non poucos estudos, algúns moi valiosos.


O noso presente volume acolle vinte colaboracións nas que se abordan non só aspectos da vida de Manuel María senón cuestións moi representativas da súa polifacética obra literaria (poesía, narrativa, teatro, proxección na escola, características do seu galego literario, compromiso político,...). Non é arriscado afirmar que este volume constitúe unha peza fundamental na bibliografía sobre o escritor, volume que os estudosos do futuro terán que ter moi en conta.

Como acontece, desde hai moitos anos, este número do noso *Boletín* atende outras dúas seccións, a de “Traballos de investigación e estudo” e a de “Recensións”. Acolle a primeira un estudo de Sociolingüística de Henrique Monteagudo, secretario da RAG, e dous artigos, de Vicente Feijoo e de Luz Méndez, presentados na V Jornada de la Comisión Especializada de Nombres Geográficos (CENG), celebrada en Madrid o 3 de abril de 2017.

Na sección de Recensións, o académico Xesús Ferro Ruibal fai unha ampla reseña, sobre o humorismo do *Quixote*, orixinal interpretación de Siro López Lorenzo. Como noutros números, este *Boletín* dedica as páxinas pertinentes á vida oficial da RAG.

A Academia ten a esperanza de que este número 377 do noso *Boletín* sexa útil a cantas persoas se dedican ós temas abordados nas súas páxinas.

Xesús Alonso Montero



Retrato de Manuel María / Arcadio (fotógrafo).
Casa Museo Manuel María.

I

Simposio Manuel María

DE MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS A ADVENTO: A PROGRESIÓN FULGURANTE /
/ Darío Xohán Cabana

FIXANDO A EMOCIÓN / Marta Dacosta Alonso

A POESÍA ÚLTIMA DE MANUEL MARÍA. OS LIBROS QUE ABREN O SEU CANTO FINAL /
/ Manuel López Foxo

TRAVESÍA ATÉ MAR MAIOR: CONTEXTO LITERARIO E BIOGRÁFICO
DO PRIMEIRO MANUEL MARÍA / Rosalía Fernández Rial

MANUEL MARÍA: BIOGRAFÍA E OBRA / Camilo Gómez Torres

A OBRA NARRATIVA DE MANUEL MARÍA OU COMO CONTAR A VIDA
A TRAVÉS DO RÍO DA ESCRITA / Mercedes Queixas Zas

“ANDANDO A TERRA” OU A CONSTRUCCIÓN DUN ESPAZO SIMBÓLICO /
/ Carme Fernández Pérez-Sanjulián

A LINGUA GALEGA NA VIDA, NA OBRA E NO PENSAMENTO DE MANUEL MARÍA /
/ Xosé Ramón Freixeiro Mato

A HISTORIA INSERIDA NO TEATRO DE MANUEL MARÍA / Henrique Rabuñal

SOÑAR SEN CANCELAS: MANUEL MARÍA E A CONSTRUCCIÓN
DUNHA EDUCACIÓN LITERARIA EN GALEGO / Montse Pena Presas

UNHA CANCIÓN MARABILLOSA, GALEGA E PANTÉISTA / Xurxo Souto

MANUEL MARÍA E EUSKAL HERRIA / Xosé Estévez

UM POETA GALEGO NO FASCÍNIO DE PORTUGAL / Carlos Quiroga

A INTERVENCIÓN POLÍTICA NA POESÍA DE MANUEL MARÍA. UNHA REVISIÓN /
/ Pilar García Negro

NAVE ESPACIAL XISTRAL, EN MISIÓN MONFORTINA / Antón Lopo

AS PAISAXES IDENTITARIAS NA LITERATURA DE MANUEL MARÍA / Xosé Lois García

UN MUIÑEIRO DE VERBAS NO CORAZÓN DA ESCOLA / Fina Casalderrey

DE MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS A ADVENTO : A PROGRESIÓN FULGURANTE

Darío Xohán Cabana
Real Academia Galega

Resumo: Cos seus tres primeiros libros, escritos de 1949 a 1951, Manuel María constrúe xa nos arredores dos seus vinte anos unha obra poética de grande altura. *Muiñeiro de brétemas* simboliza por unha parte a continuidade da literatura galega, pois é a primeira obra en galego publicada por un autor novo despois da guerra civil, e pola outra inaugura a Escola da Tebra. *Morrendo a cada intre* é un libro de máis alto valor aínda, no que se combina unha poderosa escrita de matriz surrealista cunha angustia existencial que máis ca seguir correntes foráneas é unha expresión persoal fondamente auténtica no miserable e opresivo ambiente do franquismo. E *Advento* é a culminación desta primeira xeira da obra poética de Manuel María: o poeta alcanza, en xeral dentro da liña existencialista do libro anterior, unha expresión máis depurada e sabia ó servizo dunha sentimentalidade máis modulada, máis rica e asemade máis depurada, todo o cal fai que o relator considere *Advento* como un dos máis fermosos libros da poesía galega de todos os tempos.

Abstract: With his first three books, written between 1949 and 1951, Manuel María developed a high-quality poetic work already in his early twenties. *Muiñeiro de brétemas* symbolizes, on the one hand, the continuity of Galician literature, being the first book published by a young author after the Civil War; and on the other hand, it inaugurates the Escola da Tebra (School of Shadows). *Morrendo a cada intre* is an even more invaluable book, where powerful writing of surrealist design is combined with existential angst. Rather than following foreign trends, it is a deeply authentic and personal expression in the miserable and oppressive environment of Francoism. And *Advento* became the culmination of this first period of Manuel María's poetic work: in line with the existentialist vein of his previous book, the poet achieves a more elegant and smart expression in the service of a more modulated, rich, as well as elegant sentimentality. This makes the author of this paper consider *Advento* to be one of the most beautiful books of Galician poetry of all time.

Palabras chave: Aquilino Iglesia Alvariño, Uxío Novoneyra, Manuel Cuña Novás, Luís Pimentel, surrealismo, existencialismo.

Key words: Aquilino Iglesia Alvariño, Uxío Novoneyra, Manuel Cuña Novás, Luís Pimentel, surrealism, existentialism.

Deime conta, despois de telo escrito xa, de que o que pensaba dicir primeiro se cadra interfere, ou mesmo colide, co que de aquí a un pouco vai dicir Rosalía Fernández Rial, que promete tratar do contexto literario e biográfico do primeiro Manuel María, cousa que eu tamén quería facer un pouco antes de falar dos tres libros que seguramente vai analizar tamén Rosalía na súa travesía até o *Mar Maior*. Mais que lle imos facer: persistirei na idea e lerei o que escribira, e se hai contradición que a haxa, e se hai repetición tamén. Estamos no tempo, como diría o meu tocaio Rubén Darío, poeta moi querido polo propio Manuel María na súa primeira mocidade, de que o espírito do noso, do que hoxe estamos celebrando e estudando, “soporte louvanzas, memorias, discursos, / ature certames, tarxetas, concursos”, e todo isto con acordos e con contradicións, e mesmo con densidades e urxencias indesexables. Mais tempos virán, e o que agora digamos non vai determinar nin desviar os estudos e as reflexións futuras, seguramente máis tranquilas e talvez –pero tampouco non é seguro– máis afinadas e acertadas. Leo, pois, o que estaba escrito, pois antes de falar propiamente da progresión ou ascenso fulgurante que teño na cabeza, fáiseme necesario, e é quizais unha manía, devanar un pouco ó redor da circunstancia persoal do Manuel María de Hortas, de Manuel María Fernández Teixeira, un rapaz da aldea.

Pero non un Balbino, como lle chamou Neira Vilas a outro rapaz da aldea que escribe as súas memorias de neno labrego. Todos sentimos cantar nas nosas orellas da alma aqueles célebres versos, tan espallados por Fuxan os Ventos e a Quenlla, que din “Meu pai é labrego / sen terra de seu”. Son versos de Manuel María, versos do corazón, pero non teñen nada de autobiográfico, senón de asunción consciente por parte do poeta solidario e revolucionario do seu papel de “voz do pobo”, do compromiso radical cos que sofren a historia e deberían ser chamados a mudar o seu curso.

Manuel María era pola contra dunha familia labrega “máis que acomodada” segundo as súas propias palabras, é dicir, con terra de seu, e mesmo con bastante, incluso máis da que podían traballar directamente, de maneira que tamén cobraban bastantes fanegas de renda por algún lugar acasado e algunha leira solta. Polos anos da Guerra Civil e polos primeiros anos corenta, é dicir, polos anos da infancia do Manuel, esta situación era obxectivamente de privilexio, e estamos ben certos, en primeiro lugar, de que na casa de Hortas non se pasou fame nin sequera naquela grande fame do 41 que se mal non me acorda vén no libro *Non*

debían medrar de Manuel Lueiro Rei. É máis, a situación dun labrego potente en toda aquela década de miseria era obxectivamente preferible non só á do esfaimeado proletariado urbano e mariño, senón mesmo á de boa parte da burguesía profesional ou funcional, que naqueles anos as pasou negras, non xa pra manter unha aparencia de status, senón a miúdo mesmo pra comer o mínimo necesario. Cando Antón Fernández Núñez, da Casa de Hortas de Outeiro de Rei e alcalde do seu concello, ía a Lugo e pasaba pola rúa da Raíña e pola Praza Maior, quen pasaba non era un labrego calquera que se mata “a sachar de sol a sol / pra lograr seis patacas / con furacas, / catro graos de centeo e unha col”, senón un potente agricultor que mataba todos os anos unha ducia de porcos pra comer coa familia, cos criados e cos xornaleiros, e que dispoñía de moitas fanegas de trigo e de sete ou oito becerros pra vender e así levar a carteira ben chea nas súas viaxadas á capital. Coma un señor. Era un labrego, pero tamén entre os labregos había clases.

Mais Antón de Hortas morreu o 2 de maio do 1943 despois de moita enfermidade e moito gasto, deixando catro fillos orfos e unha viúva, a señora Pastora de Vilanova, enérxica e autoritaria e ben capaz de mandar nunha casa grande de labranza, aínda que un pouco limitada na súa visión do mundo. Manuel María, o fillo máis vello, estaba xa estudando o Bacharelato en Lugo, e talvez se o pai vivira algúns dos outros fillos faríao tamén, pois tal era a idea do finado e a maneira daquel tempo dalgunhas fortes estirpes labradoras: algúns fillos estudaban pra curas ou pró que fose, outros metíanse ós negocios, outros en fin quedaban solteiros e case reducidos a criados da casa, todo pra que un deles herdase toda a fincabilidade e non se esnaquizase o capital. Isto empezou a mudar nos anos sesenta, pero estamos falando dos corenta, e este era o caso precisamente da familia de Manuel María, na que había curas e cóengos, médicos, veterinarios, mestres, avogados, comerciantes e contratistas de obras.

O cura máis achegado, o irmán de seu pai, foi precisamente o que fixo que Manuel María seguise estudando en Lugo, pois onde non polo gusto de súa nai volvería pra Outeiro de Rei, segundo el mesmo deixou dito no seu libro de conversas con Xosé Manuel del Caño (1990)¹. Don Xosé Fernández Núñez, “o tío Pepe”, era un crego bastante especial, pois antes de meterse crego por vocación tardía licenciárase en Filosofía e Historia, viaxara bastante polo mundo, falaba francés e italiano, e, segundo o propio Manuel María lle dixo a Victorino Pérez Prieto (2000: 391)², “estaba particularmente preocupado polo existencialismo e coñecía

1 Hai reedición do 2016 por Nova Galicia Edicións. Naturalmente, non debemos pensar que os datos e as datas son todas exactas, pois a memoria ten sempre certa propensión á felonía, mesmo no caso de memorias formidables coma a de Manuel María.

2 E logo dille que un dos libros que máis lía seu tío era *El sentimiento trágico de la vida* de Unamuno. O propio Manuel alude algunha vez a *La agonía del cristianismo* en relación con *Morrendo a cada intre, Advento*

moi ben a Heidegger”. Era daquela cura de San Froilán, parroquia urbana lucense con igrexa barroca intra muros, e andaba fundando a nova freguesía da Milagrosa, que centraría o que polos anos 50 sería o barrio máis populoso e popular de Lugo. Manuel María viviu con el e ó seu cargo, baixo a súa autoridade nada branda, e ó tempo traballando mesmo na súa burocracia eclesiástica, dende a morte de seu pai ata que marchou pra Monforte e casou con Saleta.

Ou sexa, que Manuel María fíxose mociño residindo xa habitualmente en Lugo, e non nunha pensión ou interno nun colexio durante o curso coma outros rapaces da aldea que naquel tempo puideran estudar o Bacharelato, senón de “sobriño de cura en exercicio”, como el mesmo se ría, vivindo na casa de seu tío e titor o párroco de San Froilán, que non era calquera cousa no Lugo da época. E cómpre dicir que aínda que don Xosé Fernández Núñez era un crego de elite perfectamente integrado no réxime, non deixaba de ser un pouco inclinado ó galeguismo cultural. De feito, o propio Manuel María conta que unha vez o tío Pepe lle preguntou a seu curmán o médico, xornalista e político Ramón Fernández Mato por que non escribía algo en galego, e este deulle unha mala contestación.

Con esta familia e coa residencia na casa dun culto, influínte e activísimo párroco lucense que ademais era profesor de Filosofía no Instituto Feminino, non parecerá raro que Manuel María se vexa rapidamente integrado e asumido nos medios intelectuais lucenses da época, naturalmente burgueses en canto á súa posición social, que non eran tampouco calquera cousa en canto á súa ilustración e coñecemento das correntes literarias e filosóficas contemporáneas.

Deixemos á parte os estudos bacharelísticos, nos que Manuel María se limitou a pasar discretamente sen grandes ardores nin fulgores, e centrémonos máis ben nas cousas que o levaron ós camiños da poesía, sobre todo da poesía máis ca da outra literatura.

Sabemos polas súas conversas con Xosé Manuel del Caño –libro ó meu ver importante pra termos unha imaxe real e ben facetada do Manuel María, home tan mitificado e simplificado con boa ou con mala intención, que das dúas houbo– sabemos, dicía, que o Manuel María tivo dende moi cedo contacto coa poesía escrita, e mesmo un coñecemento relativamente importante da poesía galega xa na súa infancia. Digo coa poesía escrita, ou culta, ou como lle queirades chamar; coa poesía popular tamén tivo contacto a través do fistor Manuel

e *Libro de pregos*, e en efecto, algunha influencia debe haber, aínda que parece máis de impacto ca de doutrina, pois no fondo a maneira de sentir o cristianismo do noso non ten moito que ver co egoísmo transcendente que informa o célebre panfleto unamuniano. Séxame lícito avisar de que o ensaio de Pérez Prieto é interesantísimo, e mesmo de lectura imprescindible, pois ilumina dous aspectos ben importantes –e polo menos un deles esencial– da obra do noso poeta: a relixiosidade persoal, por así dicilo existencial ou existencialista, e a celebración e comunión na relixiosidade popular.

de Paderna, amigo moi familiar e mesmo nalgún tempo algo criado da casa. Pero Manuel de Paderna, tan mitificado tamén polo propio Manuel María, non debeu ser moi importante na primeira época poética do noso, aquela que vai ata a *Advento*, senón se acaso noutras singraduras de despois, a primeira das cales pode ser a que deu lugar ó *Terra Chá* publicado en 1955, libro que, non cansarei de repetilo, ten pouquísimo que ver co que hoxe coñecemos, constante ampliación amedeirada vía a vía sobre o *Terra Chá* de 1967, que non é en realidade unha “segunda edición” senón un libro radicalmente diferente do primeiro, no cal non hai máis ca cinco poemas que pasasen sen reescribir ó segundo.

Volvendo ó caso, o propio Manuel María dinos nesas conversas que xa en Outeiro de Rei, ou mellor dito na escola de Rábade á que foi antes de empezar o Bacharelato, o mestre, Bautista Núñez Varela, facía os sábados unha especie de club de lectura na que se lía a extensa antoloxía de Eugenio Carré Aldao titulada *Literatura gallega*, seguramente na segunda e moi ampliada edición do 1911, e tamén a *Antología de la lírica gallega* de Álvaro das Casas, que debe ser do 1928 aínda que non trae data escrita, e que xa incluía poemas de Luís Amado Carballo, de Manuel Antonio e de Fermín Bouza-Brey, ademais –home non! – do propio Das Casas, de Eugenio Montes e doutros máis ou menos vangardistas que florecían –máis ou menos tamén– polos anos vinte.

Por outra banda, o pai do Manuel era un home máis ben culto, moi versado por exemplo en historia de España, e na Casa de Hortas había entre outros libros os *Cantares gallegos* de Rosalía, algunhas comedias de Carré, e por suposto *O Gaiteiro de Lugo*, un calendario anual agrario, folclórico e literario que a partir de 1936 se publicou integramente en galego, por influencia de Filgueira Valverde, e que se mantivo monolingüe durante todo o franquismo e ata hoxe³.

Estas foron lecturas xa de neno. Máis tarde, xa na súa adolescencia ou primeira xuventude, el mesmo deixou dito que Rubén Darío foi algún tempo a súa gran devoción literaria. Certamente, Rubén Darío é un poeta absolutamente fascinante, e eu persoalmente comprendo a devoción preferente de Manuel María, que tamén foi unha das miñas cando era rapacete, e aínda o segue sendo; mais de Rubén Darío ningunha influencia son capaz de ver na obra poética de Manuel María, e menos aínda na súa primeira época.

Isto quizabes se deba a que moi cedo caeu nas benéficas mans dun profesor de excepción, o catedrático de Literatura do Instituto Masculino de Lugo, o

3 Sigo falando polo que o propio Manuel dixo nas conversas co del Caño. Na “Autobiografía confidencial” que publicou en *Vida Gallega* (Manuel María 1959) contou, en certa contradición co que vimos no parágrafo anterior, que cando tiña catorce ou quince anos atopara na súa casa de Outeiro de Rei, entre outros libros en galego, a antoloxía de A. das Casas, “que fue para mí una verdadera revelación”.

salmantino Lázaro Montero de la Puente⁴, republicano supervivente, amigo persoal de Dámaso Alonso, dramaturgo, poeta, autor de libros de viaxes e memorias, e sobre todo persoa versadísima na poesía española, especialmente na da Xeración do 27 e na que naqueles tempos se estaba facendo contra o garcilasismo semioficial imperante e se publicaba, por exemplo, na revista *Espadaña* de León.

Nas conversas con del Caño hai un parágrafo que me parece esencial pra comprender a irrupción poética de Manuel María; quizabes sexa conveniente que volo diga agora en alta voz, pois creo que pra explicar a súa formación literaria e poética valen máis as súas cento cincuenta palabras ca cinco mil que eu vos puidera dicir:

Don Lázaro, ó ver as redaccións que facía e que me interesaba a Literatura, comenzou a prestarme libros. Gracias a el lin toda a xeración do 27. Lembro o deslumbramento que me produciu Alberti, sobre todo *Marinero en tierra*, *Cal y canto* e *Sobre los ángeles*; Lorca, con *Romancero gitano*; Dámaso Alonso e Gerardo Diego. Tamén me pasaba as novidades da colección Halcón, de Valladolid, onde publicaban López Anglada, Eugenio de Nora, Rafael Montesinos, etc., e as revistas *Espadaña*, de León, e *Mensajes de poesía*, de Vigo. E por último foi don Lázaro quen me presentou a Celestino Fernández de la Vega, que daquela era directivo do Círculo das Artes, pra que dese unha conferencia nun ciclo denominado “Los Jóvenes Valores Lucenses”. Nesta conferencia, que foi sobre as vangardas na poesía partindo de Juan Ramón Jiménez, coñecín a Pimentel, a Juan Rof Codina (o pai de Rof Carballo) e a outra xente da tertulia do Cantón Bar.

A devandita conferencia, primeira aparición pública formal de Manuel María como intelectual, tería lugar, segundo Camilo Gómez Torres (2001) e Mercedes Queixas (2016), o 20 de marzo de 1949⁵. O fragmento que acabo de ler ten sido

4 Manuel Celso Matalobos dá en *Autores do Instituto de Lugo* (2005), a mellor noticia que atopamos de Lázaro Montero.

5 Na “Autobiografía confidencial” antes citada Manuel María (1959) escribiu que cando pronunciou esa conferencia “tenía diecisiete años”. E aínda que daquela sempre afirmaba redondamente, tanto en verso coma en prosa curricular, que nacera o 6 de outubro do 1930, e non do 29 como empezou a poñer moito despois, a idade que di e a data de 1949 non cadran de ningunha das maneiras. Coma na maior parte dos casos semellantes, a razón téñena os biógrafos contra o biografado, pois en *El Progreso* do domingo 20 de marzo do 49 lese unha nota que reproduzo literalmente porque dá un título da conferencia que non cadra moi ben co tema que xeralmente se lle atribúe, aínda que tampouco non é incompatible nin inexplicable: “Las conferencias en el Círculo de las Artes. Continuando el ciclo de conferencias matinales, hoy, domingo, a las doce y media se celebrará en el salón de columnas una interesante conferencia sobre el tema «Algo sobre la poesía y los poetas. Divagaciones» a cargo del joven lucense don Manuel María Fernández Teijeiro”.

moi tido en conta prás aproximacións biográficas a Manuel María, pero non tanto pró estudo da súa poesía, e mesmo podería citar –mais non o farei– algún tratado ben extenso que ignora completamente ou fai caso omiso destes importantísimos datos que o propio poeta nos ofrece pra desentretiñarmos a enleada madeixa que é sempre o mundo de influencias devanceiras que opera na obra de case calquera poeta moderno con trinta séculos de literatura ás costas.

De todos os nomes citados hai polo menos dous que parecen esenciais na que podemos chamar primeira época de Manuel María, eses dous anos fulgurantes que culminan ó meu ver na escritura de *Advento*. Eles son, xaora, Rafael Alberti e Dámaso Alonso, se cadra Dámaso máis aínda. Non afirmaremos que García Lorca sexa tan importante, porque o libro citado é o *Romancero gitano*; pero aínda que o Manuel non cita o *Poeta en Nueva York*, sospeitamos que se poida tratar dun esquecemento momentáneo, pois este gran libro de Lorca parécenos que algo pode ter que ver tamén coa escrita dalgúns poemas de *Morrendo a cada intre* e mais de *Advento*. Polo menos como parte do humus, ou pra falar en dialecto, como parte do esterco, composto de múltiples restos orgánicos e debidamente fermentado e convertido noutra cousa, á conta do cal medra a nova planta.

Dende logo, nada ou case nada me parece haber naquel Manuel María xuvenil e rompedor –e por que non *rompente*– de Gerardo Diego, tan coidadosamente formalista mesmo nos seus libros á moda vangardista, nin tampouco de Eugenio de Nora, nin de Rafael Montesinos, nin menos do daquela capitán Luis López Anglada, polo menos no pouco que destes teño lido.

Ó meu entender, pois, entre os aquí citados son Alberti e Dámaso Alonso os poetas esenciais nesa primeira formación activa de Manuel María; quero dicir, cando deixa de ser simplemente un lector de poesía, un rapaz interesado pola literatura que ás veces, ó mellor, intenta algún verso, ou que mesmo practica con certa asiduidade *a ver se*, pero sen un compromiso radical. No momento en que Manuel María é posuído por esa especie de *daimon* que determina a vocación poética asoballante e irresistible, ou nos momentos case inmediatamente seguintes, cando escribe os primeiros poemarios que lle coñecemos, o Alberti de *Sobre los ángeles* e o Dámaso de *Hijos de la ira* están moi presentes no seu espírito, e outro tanto ou máis na súa *maneira*. Cousa diferente é o Alberti de *Marinero en tierra*⁶,

6 A pegada de *Marinero en tierra* si que existe, e non só pola homenaxe que representa o título, nun pre-histórico e rarísimo caderno con once poemas en castelán, *Marinero en la noche*, impreso na primavera de 1949 –del dá noticia JOTAGE [Juan María Gallego Tato] o 3 de xuño en *El Progreso*– nunha edición non venal, que puiden ler grazas a unha fotocopia que me deu Camilo Gómez Torres; aí hai non xa unha influencia, senón mesmo ese virulento mimetismo que tan facilmente infecta os poetas na primeira aprendizaxe. Diferente é o caso das catro *cantigas*, xa todas en galego, publicadas a fins do mesmo ano 49 (29 de outubro e 15 de novembro) no xornal *La Noche* de Santiago, que andan máis ben, e xa con máis autonomía, polos camiños dos vangardistas galegos de antes da guerra. O que non sabemos é se de Alberti

ou máis aínda o Dámaso de *Oscura noticia* que probablemente tamén coñecía pero que daquela lle importaba menos.

Non quero con isto dicir que as vangardas galegas, e nomeadamente Luís Amado Carballo e Manuel Antonio, e o mesmo Cunqueiro republicano, non influísen na primeira formación poética de Manuel María. Máis tarde iremos vendo que si influíron, polo menos os dous primeiros⁷; pero o que me parece a min que a pegada destes dous españois, e quizabes en primeiro lugar a do Dámaso de *Hijos de la ira*, é máis poderosa cá dos nosos nesta primeira xeira, especialmente en *Morrendo a cada intre* e mesmo en *Advento*. Porque no primeiro dos tres libros nos que se centra a miña intervención, no *Muiñeiro de brétemas*, a cousa pode ser un pouco diferente, aínda que non de todo, pola presenza que nel hai da maneira de Amado Carballo ou do mesmo Bouza-Brey. De Manuel Antonio creo que non aínda, fóra se acaso dalgúns alustros suscitados polo tema do mar. Manuel Antonio, poeta verdadeiramente adorado por Manuel María, e probablemente desde moi cedo, ten ó meu ver pouca parte na súa obra ata o primeiro *Terra Chá*, escrito no 1953. Xuro que isto sucede moito, e permitídemme que o diga por min, que o poeta que máis me gusta do mundo é Méndez Ferrín e moi poucas veces o teño imitado, polo menos que eu saiba.

Por certo que na páxina seguinte a aquela que acabo de citar pra alumear os comezos da poesía de Manuel María, el mesmo nos fai sabedores dunha circunstancia moi importante daqueles anos. Falando de Novoneyra e referíndose probablemente ó curso académico 1948-49, Manuel di que tiñan o proxecto de publicar un libro xuntos, e inmediatamente continúa:

Daquela, como é normal, estábamos completamente castelanizados. Eu recordo, incluso, un compañeiro do Instituto que lle chamaban Folclor porque sempre falaba en galego...

Porque Manuel María empezou escribindo en castelán coma todo mundo naquel tempo: o natural era facelo así, era unha cousa imposta polo ambiente. Isto é moi importante sabelo, porque lle dá aínda máis valor á revolución interior que

tería lido tamén *Sermones y moradas* e *Yo era un tonto y lo que he visto me ha hecho dos tontos*, que si estarían máis na liña dos tres libros que nos ocupan, como tamén os de Vicente Aleixandre, ou os de César Vallejo, que foi unha das súas devocións líricas máis permanentes...

7 El mesmo o afirma taxativamente no limiar á segunda edición (1988) de *Muiñeiro de brétemas*: “Os poucos poemas de Manuel Antonio e de Amado Carballo que lera na escolma de Álvaro María de las Casas deslumbráranme, e as súas pegadas aí están, e ben doadas que son de recoñecer...”. Si, pero creo que cando escribiu o *Muiñeiro* as súas lecturas destes dous poetas eran xa máis completas. Tamén podía ser interesante mirar se hai algunha relación directa e inequívoca entre a obra do Manuel María desta xeira e os *Poemas do si e non* de Cunqueiro.

de contado convertería o Manuel María, e moi pouco despois o propio Novoneyra, en poetas de práctica monolingüe. Por que? Algunha persoa máis sabia e máis nova ca min debería estudar, se for posible, todas as causas e circunstancias que os fixeron cumprir ese camiño de Damasco, que no caso de Manuel María foi rapidísimo, pois dende *Muñeiro de brétemas*, e fóra dunha excepción⁸ que non pasa de ser unha anécdota sen transcendencia, foi sempre un poeta e un escritor rigosamente monolingüe, que só seguiu usando o castelán nos artigos xornalísticos durante un tempo, e iso por motivos estritamente profesionais, mentres o tivo que facer pra axudarse un pouco coa remuneración desas colaboracións.

8 Refírome ó máis citado ca lido *Sermón para decir en cualquier tiempo*, finalmente publicado en 1961 –segundo o depósito legal; 1960 na cuberta– na colección Alrededor de la mesa de Bilbao polo poeta amigo Mario Ángel Marrodán, pero escrito en “Outeiro de Rei, Primavera, 1954 - Cespón, Verano, 1954 - Lugo, Otoño, 1954”. Por que? O propio Manuel María dinos na autobiografía de *Vida Gallega* antes citada “En el mes de julio de 1954 participé en el III Congreso Internacional de Poesía. En este congreso conocí y traté a los más importantes poetas españoles y a algunos famosos poetas extranjeros”. Este congreso, que se celebrou en varias cidades de Galicia, foi un evento retumbante dende antes xa do seu comezo, e é moi probable que o Manuel empezase na primavera a facer uns poemas en castelán destinados ós previsibles recitais, programáticos ou improvisados, con que os poetas se atormentarían mutuamente. Teño un exemplar do *Sermón* cunha dedicatoria datada en setembro do 1969 na que o Manuel me confía a que chama “esta debilidad da miña mocedad”. Por certo, da tremenda fecundidade do Marrodán, que era de Portugalete, riuse así un poeta contemporáneo: “¡Maldición!, dijo el cartero, / itres libros de Marrodán, / y estamos a dos de enero!”.

Ó lor disto, séxanos lícito anotar tamén que en *La Noche* de Santiago do 24 de xaneiro de 1953 L(uis) J(osé) Quintela Ferreiro –vilalbés, ex-xesuíta, licenciado en Ciencias Históricas con Premio Extraordinario e panfilósofo incomprensido que en 1967 publicaría por conta propia un gustosísimo libro chamado *Hacia un orteguismo de izquierda*– botoulle ó noso mestre unha filípica baixo os titulares “Manuel María, poeta sin rumbo. ¿Por que no emplea el castellano?” Se non fósemos tan dolorosamente conscientes das inmensas posibilidades da estupidez humana, case chegaríamos a pensar que esta inquisición merecía a maiúscula, pois daquela o Manuel estaba facendo o servizo militar en Compostela e a ilustración do artigo era unha foto del en uniforme de soldado raso co pé “El poeta Manuel María actualmente en filas”. Este Quintela, “oficial de complemento del Ejército Español” segundo nos fará saber a cuarta de cuberta da súa futura obra, era dende 1951 profesor adxunto de Lingua e Literatura no Instituto Masculino de Lugo e publicara tamén –no nº 4 da Colección Grial, 1952– unha reticente reseña da tradución galega dos *Carmina* de Horacio por Aquilino Iglesia Alvariño que casualmente cadraba moito ben cos intereses de Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega, autores da tradución –dende o alemán, xaora– das *Alteltische Dichtungen* de Pokorny co título de *Cancioneiro da poesía céltica* que o 14 de marzo do 1951 lle ripara o premio de Bibliófilos Gallegos ó Horacio de Aquilino; a cousa dera algo que falar, pois o noso poeta traducira, xaora tamén, dende a lingua orixinal, como se supón xeralmente que debería facerse sempre, polo menos cando se traduce literatura, e máis aínda no caso da poesía.

O compromiso persoal e o apostolado de Manuel María en prol do galego están ben claros xa no artigo publicado en *El Progreso* do 29 de decembro do 1949 “Dos notas sobre *Ánfora*”, primeiro libro de Luz Pozo Garza, que remata con estas palabras: “Es de lamentar que esta poetisa –al igual que Dora Vázquez– no escriba su obra en idioma gallego, porque su aportación nueva, juvenil y sobre todo auténtica, enriquecería notablemente nuestra lírica moderna”. En 1952 Manuel María tería a satisfacción de apadriñar a incorporación de Luz Pozo ó exército no que traballou toda a vida de sarxento recrutador, publicando o seu libro *O paxaro na boca* no nº 1 da colección Xistral que fixo con Ánxel Xohán.

MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS

Pero vai sendo hora de que entre verdadeiramente na materia e fale, aínda que sexa mal, da progresión fulgurante que se dá na poesía de Manuel María entre o verán do ano 1949 e o mes de febreiro de 1951. É dicir, a época de *Muiñeiro de brétemas*, de *Morrendo a cada intre* e de *Advento*, pois vou deixar fóra, por diferentes razóns, os outros tres libros —todos en galego— da súa primeira xeira, a saber: *Elexías da miña vida pequeniña*, escrito inmediatamente despois do *Muiñeiro*, porque non foi publicado ata máis de cincuenta anos despois, e tampouco non é que sexa un gran libro, aínda que ten o seu valor, e moito interese como chanzo previo a *Morrendo a cada intre*; *Libro de pregos*, escrito inmediatamente despois de *Advento*, porque tamén foi publicado tarde, pero sobre todo porque foi moi feito, seguramente pra mal, sen que dispoñamos hoxe da versión orixinal de 1951; e finalmente non tratarei dos *Contos en cuarto crecente* precisamente porque é un libro de contos, aínda que ben deles intencionalmente moi poéticos así á maneira de Oscar Wilde, e ademais porque persoalmente tampouco non me parece un libro de moito valor. Os outros tres si foron publicados máis ou menos no seu tempo, ou no tempo normal, cun leve atraso no caso de *Advento*, e ademais da súa calidade intrínseca grande e sempre ascendente tiveron, ó meu parecer, unha considerable influencia no desenvolvemento da poesía galega nos anos 50, por exemplo no grupo Brais Pinto.

O *Muiñeiro de brétemas* foi escrito, segundo conta o propio Manuel, durante o tempo das vacacións do verán do 1949 que botou en Outeiro de Rei, mentres andaba alindando nas vacas polos curros que a Casa de Hortas tiña polas bucólicas ribeiras do Miño: “cando ía á casa dábanme o oficio de pastor, e eu aproveitaba pra facer versos”. Pola miña banda pódovos xurar con coñecemento de causa que o oficio de pastor é bastante máis axeitado prá produción poética ca andar segando ou mallando ou apañando nas patacas. O verán do 49 foi relativamente apracible pra Manuel María, polo menos por comparanza co seguinte, aínda que estaría revoando por riba del a louca empresa da revista *Xistral*, que contra finais do curso 48-49 mandaran imprimir e non deran pagado el e mais outro poeta novo de Lugo, Manuel Antonio Sopena Somoza, que morrería en 1950. A cousa acabou sendo convocados os dous a capítulo na sancristía de San Froilán, onde recibiron “unha bronca de moito carallo”, así dicía o Manuel, respectivamente do tío cura e da mai do Sopena Somoza, profesora de francés tamén no Instituto Feminino onde o tío Pepe o era de Filosofía. O cura e a profesora Somoza pagaron *ex aequo* o pufó, que tocaría a cincocentas pesetas *per cápita*⁹.

9 Do relato que de todo isto fai Manuel María nas *Conversas co del Caño* (1990: 27) parece deducirse que o segundo número se imprimiu tamén antes das vacacións —e debería ser non antes de xullo, pois o primeiro

Se me acordo de *Xistral* non é só por iso. No número 1 desta efémera revista, que non era máis ca un prego de oito páxinas, o primeiro poema é de Aquilino Iglesia Alvariño, un poema en galego escrito adrede prá revista, tan adrede que se titula “Xunta o Xistral”. Aquilino era daquela, ou estaba pra ser, pois non me dou certificado agora da data exacta en que chegou, catedrático de Latín no mesmo Instituto Feminino¹⁰, e tiña moito trato co tío cura do Manuel, segundo este mesmo nos di nas súas conversas co del Caño. O caso é que a revista *Xistral* nace cun poema de Aquilino, e é certo que a vida está chea de casualidades, mais isto non parece que o sexa.

En 1947 Aquilino editara *Cómaros verdes*. Resultaba ser o primeiro libro en galego que se publicaba na Galicia da posguerra, e ademais era un libro moi bon, apto pra impresionar un poeta mozo en acelerado proceso de formación. Por outra banda a revista *Alba*, do benemérito Ramón González-Alegre, publicara xa no seu primeiro número da primavera de 1948 poemas en galego, entre eles un do propio Aquilino e outro de Luís Pimentel, amigo e “irmao maior e bon” de Manuel María. Algo estaba mudando, pois, e eu teño a sospeita, que non intentarei ennobrecer chamándolle intuición, de que a persoa e a poesía de Aquilino foron determinantes pra que Manuel María se instalase de repente no galego como lingua poética. Seguramente non só, xaora, pero moito en primeiro termo. E non esquezamos que foi o propio Iglesia Alvariño, que se trasladaría a Pontevedra no curso seguinte, quen fixo publicar nesta cidade o primeiro libro de Manuel María na gloriosa colección pirata Benito Soto.

poema, de Pimentel, está datado nese mes. Pero Gómez Torres afirma na páxina 31 da súa biografía que “a data de aparición deste segundo número hai que situar no outono: a redacción de *La Noche* (Suplemento del Sábado) dá noticia da súa aparición o día 19 de novembro”. Esta visible contradición poderíase resolver, se se quixera, cunha hipótese coma esta: a imprenta de Gerardo Castro, na que se fixo o segundo número, imprimiríao antes das vacacións académicas, pero como terían a mosca tras da orella non llelo quixerían entregar sen previo pago, e entre unhas cousas e outras a difusión demorárase ata o outono.

- 10 Agora xa sei algo máis, grazas a Ramiro Gaioso Neira, director actual do centro herdeiro daquel instituto sexualmente separatista: no claustro do 2 de abril do 1949 o director que era daquela deu conta da incorporación de Aquilino, e na acta do seguinte figura entre os asistentes; polo tanto, cando se fixo o número 1 de *Xistral* xa andaba por Lugo. Máis aínda: nunha entrevista publicada en *El Progreso* do 8 de abril, JOTAGE preguntalle: “Se ha dicho esta temporada algo sobre la creación de unos cuadernos de poesía en Lugo y se daba el nombre de usted entre los fundadores. ¿Puede decirnos algo de esto?” Ó que Aquilino responde: “La iniciativa parte de un grupo de jóvenes alumnos del Instituto. De hacerse realidad la idea yo no seré desde luego más que un entusiasta colaborador. Pero todavía no hay nada confirmado”. Por certo que JOTAGE, co seu nome oficial Juan M^º Gallego, publicaría un poema no primeiro número de *Xistral*. Naquel tempo *El Progreso* ocupábase con gusto das cousas de Aquilino: o 15 de febreiro titulaba con “verdadero y justificado alborozo” “Iglesia Alvariño, Catedrático del Instituto Femenino de Lugo. El autor de *Cómaros Verdes* acaba de ganar la cátedra en reñida oposición”. E o domingo 17 de abril aparecería na primeira páxina unha breve crónica titulada “Recepción de Iglesia Alvariño en la Real Academia Galega”, na que tivo o grande Otero Pedrayo como padriño e respondedor do seu discurso.

No número 2 de *Xistral* publicaríase o primeiro poema en galego que coñecemos de Manuel María: dedicado “ao meu amigo Ramón Piñeiro”, que foi con toda seguridade outro dos grandes impulsos que lanzaron o noso poeta no seu longo camiño de fidelidade á lingua nacional. Por outra banda, a min paréceme recoñecer certas pegadas de *Cómaros verdes* en *Muiñeiro de brétemas*. En primeiro lugar, coido que hai unha certa influencia da segunda e da cuarta parte do libro de Aquilino, as tituladas “O pastor das horas” e “Cabrifollos e oucas”, na escolla temática do de Manuel María. Xa no primeiro poema galego deste, o do número 2 de *Xistral* titulado “A cantiga derradeira”, parece coma se houbera algún parentesco co Aquilino d’“O pastor das horas”, aínda que tamén se podería postular certo Amado Carballo, ou mesmo algún lostrego de Manuel Antonio. Pero isto é moi subxectivo, e requiriría máis estudo e máis meditación.

Volvendo ó *Muiñeiro de brétemas*, dicir que o impacto da poesía da paisaxe de Aquilino teña que ver coa decisión de Manuel María de escribir este libro non me parece nada ousado, pois entre os poetas que o propio Manuel cita expresamente como importantes na súa formación non se ve que haxa ningún que tivera escrito gran cousa dentro desa temática. Naturalmente o tratamento é bastante diferente. No libro do Manuel hai unha pegada ben visible do imaxinismo, ou hilozoísmo ou o que sexa, de Amado Carballo, tamén algo presente –pero non tanto– no do Aquilino, e algúns versos, mesmo algún poema, que ó mellor se podía relacionar con Manuel Antonio; pero sobre todo hai unha retórica de estirpe máis ben surrealista e unha imaxinería onírica que en *Cómaros verdes* non se dá. Por outra banda, tamén se poderían estudar algunhas semellanzas formais, na alternancia de metros e na propia estrutura do verso, naturalmente salvando todas as distancias que van dende o rigoroso formalismo do de Abadín á aparente acracia métrica do de Outeiro de Rei, polo regular bastante máis preso da cadencia do seu imaxinar ca da posición dos acentos e do cómputo versal.

Muiñeiro de brétemas, escrito no 1949 e editado no 1950, é, tense repetido millenta veces, o primeiro libro en galego publicado por un autor que non era adulto durante a Guerra Civil. De por parte, tamén se cita sempre como iniciador da Escola da Tebra, que logo continuaría en libro co *Fabulario novo* de Cuña Novás. Se definimos a Escola da Tebra como “unha adaptación do surrealismo ó espazo cultural da lingua galega, co engadido dunha forte e aceda carga relacionable co clima anguriado do existencialismo dos anos corenta”, como fixo maxistral e laconicamente Méndez Ferrín, estou de acordo con ese encadramento do *Muiñeiro*. Coa condición, iso si, de non esaxerarmos o concepto de anguria e de non tomarmos moi literalmente a idea de tebra. Porque a angustia existencial está seguramente presente neste libro, como está presente probablemente no corazón de case todas as persoas intelixentes de dezanove anos; mais é unha angustia

velaíña, pouco máis ca tristeza, saudade ou melancolía, que non ten nada que ver aínda co feroz estoupido de *Morrendo a cada intre*, escrito menos dun ano despois, cando o seu fracaso universitario lle pon realmente a dureza da vida diante dos ollos. En restante del, o *Muíñeiro de brétemas* é un libro case optimista, case feliz, dentro dunha vaga angustia propia da idade e das circunstancias subxectivas que xorden do moito devanar da cabeciña, boa parte delas seguramente de orixe hormonal. E todo isto, xunto coas emocións do amor distante e teimosamente soñado, está envolto nunha simpática aura de relixiosidade, de sentido sacro das cousas e dos animais e da paisaxe, cun pouco de franciscanismo e un moito de existencialismo cristián con certa deriva panteísta.

Moito máis tenebroso e moito máis anguriado parece o seu libro irmán, o *Fabulario novo* do Cuña, publicado en 1952, tamén na colección Benito Soto pero nunha fermosa edición especial¹¹. Cuña era tres ou catro anos máis vello có Manuel María, e o seu *Fabulario novo* parécenos un libro máis maduro, e de feito foi de elaboración moito máis lenta, e seguramente máis meditada: contra o que sucede con case todos os libros de Manuel María, escritos dunha atacada, o único libro do Cuña é, coma o *Mar maior*, un libro de aluvián. Pero así a todo entre *Muíñeiro de brétemas* e *Fabulario novo* hai bastantes semellanzas ou puntos de contacto. Unha das máis notables é, na miña opinión, de carácter formal. Efectivamente, tanto nun coma noutro libro hai un predominio do verso libre, que a miúdo se alonga por riba das medidas clásicas, ou mesmo se fai *prose mesurée* no *Fabulario*, pero tamén unha presenza importante do verso de intención popular ou popularista, estilo Amado Carballo ou Bouza-Brey. Certo é que no libro do Cuña hai tamén mostras do máis estrito formalismo clasicista, mesmo con sonetos de rigorosa feitura que estaban moi lonxe dos intereses de Manuel María naquela altura da súa vida poética.

E é *Muíñeiro de brétemas* un gran libro? Como eu mesmo me fago unha pregunta que tamén podía non facer, terei que contestala con sinceridade, e tamén con algo de temeridade, pois certas sinceridades non se estilan moito entre nós, e incluso lles parecen mal a algúns. Non, ó meu entender *Muíñeiro de brétemas*

11 Ora ben, bastantes poemas de Cuña Novás, que naceu en 1926, foran impresos en revistas e follas soltas ou difundidos doutras maneiras, e Manuel María coñeceunos abondo e con tempo suficiente pra contar unicamente e categoricamente “Cuña Novás” cando Antonio Domínguez de Olano lle preguntou qué poetas novos interesantes había en Galicia pra unha entrevista que saíu en *La Noche* do 3 de febreiro do 1951. Uns dous meses despois dátese o número 1 da colección Grial, *Presencia de Galicia*, onde aparecen oito poemas do Cuña, o primeiro dos cales é “Frauta na Noite”; isto, tendo en conta ademais que é o único poeta que aparece nese importante volume, semella un recoñecemento e unha consagración moi considerable pra aqueles tempos. Estes oito poemas pasaron ó *Fabulario* sen mudanza ningunha, agás catro ou cinco sinónimos. Cando por fin saíu *Fabulario novo*, Manuel María saudouno cun entusiástico e intelixente artigo no suplemento de *La Noche* do sábado 17 de xaneiro do 1953 (a cabeceira pon 1952, pero non é certo).

non é un “gran libro”. Un “gran libro” éo, por exemplo, *Advento*. O *Muiñeiro* é un libro bastante bon dun poeta que empeza, e mesmo moi interesante por moitos conceptos, entre os cales a novidade precursora que representou, pero tamén é un libro con notables defectos, con certas torpezas na maneira da escrita, e con bastantes versos que un sentido crítico un pouco máis aguzado lle tería aconsellado suprimir ou reformar radicalmente ó seu propio autor. Hai neste libro moita forza lírica, pero tamén moita inxenuidade máis ben tardorromántica ca neorromántica. Ben o sabía o propio Manuel cando en conversación co del Caño o cualificou de “apaixonado e inexperto”.

MORRENDO A CADA INTRE

Nos exames de setembro de 1949 Manuel María acabou de aprobar a reválida de sétimo que lle confería o título de bacharel, uns exames que en xuño suspendera en parte porque lle protestara a un profesor de Matemáticas que o acabou expulsando do oral. A maior parte da xente pensa que o Manuel María era manso e tranquilo coma un año branco, pero os que o coñecemos intimamente sabemos que ás veces estoupaba cun xenio irredutible de carneiro turrión. E era terque coma unha mula, neste igualiño có seu tío cura. Estas dúas terquidades, enfrontadas unha con outra naquel setembro, deron lugar a unha non direi desgraza, porque nunca se sabe, pero si a unha grave reviravolta ou revolución na vida do Manuel María, e a unha tremenda decepción.

Manuel María quería estudar Filosofía e Letras, e o tío Pepe, licenciado el mesmo no ramo, quería que estudase Dereito. Hoxe as cousas son diferentes, pero daquela un profesor de instituto, a saída profesional máis obvia pra un licenciado en Filosofía e Letras, debía estar economicamente, e mesmo socialmente, bastante por debaixo dun avogado de éxito. Ningún dos dous apeou da burra, e o máis que conseguiu Manuel María foi matricularse en Filosofía e Letras por libre, pero tivo que seguir vivindo en Lugo, pois non lle daban con que manterse en Santiago. E en Lugo estivo, aínda que viaxando cando podía á capital universitaria e eclesiástica. Non entraremos en se estudou moito ou pouco, que agora xa non ten remedio; o caso é que el mesmo recoñeceu algunha vez que sabía pouco latín e menos grego, e que nese inverno ben pouco máis aprendeu, fose porque o profesor particular que colleu era malo, fose porque el tiña máis interese nos parladoiros, no moceo, nas lecturas puramente literarias e na meditación transcendental. Pero non foi o do latín ou do grego o que máis o debeu adoecer: unha das primeiras notas que lle deron nos exames de xuño de 1950 en Compostela foi a de Literatura, que lle suspenderon.

Víñen pra Lugo completamente fundido. Falei con miña mai a ver se me mandaba facer a carreira por oficial a Santiago. Ela dixo que o que dixese meu tío. Este volveu insistir que ou Dereito ou nada. [...] Froito da decepción que vivín aquel verán, escribín en Lugo, nunha noite de insomnio, inquietude e nerviosismo, *Morrendo a cada intre*.

Antes de nada queremos dicir que non todos os dezaseis poemas deste libro, que ó fin e ó cabo fan case 600 versos, foron escritos nunha noite; algúns deles, di Camilo Gómez Torres, “estaban escritos xa na primavera” daquel ano, e serían trascaleados despois na serie nuclear que, esa si, sería escrita logo naquela noite terrible.

Aínda que *Morrendo a cada intre* non se publicou ata 1952, xa a partir de 1950 debeu empezar a ser coñecido nos ambientes literarios, pois o Manuel María renunciou ós estudos universitarios e seguiu vivindo en Lugo na casa do cura –axudándolle sempre nos traballos burocráticos– pero non renunciou á vida literaria de faladoiros e recitais nin ás viaxes máis ou menos frecuentes a outras cidades de Galicia.

O “xoven profesor que [lle] suspendeu literatura” en Compostela non podía sospeitar de que maneira tan importante estaba contribuíndo con aquel suspenso á literatura galega. Porque *Morrendo a cada intre*, malia as chatas que se lle queiran poñer –e cada un poñeralle as que lle pareza– paréceme que está nun chanzo moi superior ó de *Muñeiro de brétemas*. E tamén me quere parecer, xa o dixeran, que tivo unha considerable influencia na poesía galega daquela década, polo menos como exemplo de ruptura.

Teño lido nun libro absolutamente fundamental pró estudo de Manuel María¹², pero co que, xaora, non sempre cadro conforme, que *Morrendo a cada intre* é “alleo a calquera tendencia, liña ou corrente poética da época”. Con isto estou totalmente en desacordo. É un libro certamente singular dentro do corpo delgado da poesía galega da época, pero tampouco non debemos sacrificar tan devotamente no altar dun separatismo cultural retroactivo que ignoremos a presenza case esmagante da poesía en castelán nos ambientes literarios hispánicos daquel tempo, e tamén nos galegos, coma nos vascos e cataláns. O propio Manuel María, ben separatista político por certo, mencionaba, xa o lembrei antes, a revista *España* de León, e entre os poetas que máis o deslumbraran citaba Rafael Alberti e Dámaso Alonso. Unha simple lectura superficial de *Sobre los ángeles*, especialmente da terceira parte titulada “Huésped de las nieblas”, fainos pensar

12 Camilo Gómez Torres, *A poesía de Manuel María*, (2016), que eu posúo dende antes da súa publicación por amizade do autor.

irremediabilmente que cando o Manuel María escribiu *Morrendo a cada intre* as técnicas versais e a retórica surrealista de Alberti algo podían ter que ver na súa escrita. E se cadra foi máis grande aínda o impacto de *Hijos de la ira* de Dámaso Alonso, libro que, non o esquezamos, representou na España terrible e noxenta do segundo lustro dos anos corenta unha auténtica conmoción entre os poetas cuxa constitución moral os inclinaba a algún tipo de rebeldía. Mais non é este o lugar nin a ocasión de aburrir a xente con comparanzas verso a verso, porque do que se trata é máis ben de comparar espírito e retóricas; a quen non leu os libros que digo, ou a quen non os recorde, aconséllolle que os lea, ou mellor dito que os relea. É o que facemos todos en chegando a certa idade: sempre relemos os libros que lemos, mesmo cando non os tiñamos lido antes.

Eu non sei moi ben o que é existencialismo, nin mesmo o que é en definitiva surrealismo, pois ó fin e ó cabo son máis de ciencias ca de letras e ademais, o mesmo ca Manuel María, carezo de formación universitaria, ou por dicilo dunha maneira máis agraciada, son un académico sen formación académica. Pero así e todo paréceme que a retórica de *Morrendo a cada intre* está aínda máis cá de *Muiñeiro de brétemas* dentro do ronsel do surrealismo, un movemento, por certo, que puido extinguirse na súa concreción eclesiástica bretoniana, pero que na poesía está condenado a permanecer, pois hai cousas que desque se inventan tenden a ser eternas. Na medida en que isto sexa unha invención, xaora. É ben sabido que un dos *mots d'ordre* do surrealismo é unha frase de Lautréamont, e polo tanto escrita máis de cincuenta anos antes do *Manifeste du surréalisme*: “beau comme la rencontre fortuite d'un parapluie et d'une machine à coudre sur une table de dissection”.

Pero se cito a frase do literario conde é máis ben porque exemplifica dunha maneira perfecta grande parte da retórica –naturalmente, uso retórica no seu sentido recto e nobre–, grande parte da retórica surrealista máis característica de *Morrendo a cada intre*, e pra que así me permitades repetir exactamente o que xa dixen noutra ocasión: que neste libro “está quizabes coma en ningures o espírito do existencialismo máis angustiado e escuro, expresado nun verso de feitío surrealista ateigado de imaxes alucinatorias e electrizado por oxímoros, antíteses e paradoxos de alta tensión”. Nesta densidade oximórica e contraditoria, dito sexa de camiño, si que se diferencia bastante Manuel María de Dámaso Alonso, que usa ben parcamente esta maneira en *Hijos de la ira*.

E desta vez si que fixo o Manuel unha cousa grande. *Morrendo a cada intre* ten os seus defectos, certo, pero resultan case imperceptibles polo tremendo vigor da expresión, pola desmesurada potencia do sentimento. Sería desexable que se fixese unha nova edición separada, pois este é un libro permanente, clásico e vivo, e hoxe non está accesible na súa forma orixinal, senón con desatinadas correccións

lingüísticas, e mesmo métricas e doutro tipo, que o propio Manuel María unhas veces autorizaba e outras cometía el mesmo con imprudencia temeraria e cun criterio a miúdo non só discutible, senón francamente inaceptable; e non só dende o punto de vista ecdótico, senón, o cal é máis importante aínda, dende o punto de vista poético. Un poeta ten todo o dereito a crer –tan equivocadamente coma calquera académico– que o verbo *mimar* non é galego lexítimo puro e enxebre, pero aínda así os versos “tódalas solteironas / teñen un gato branco ó que mimar” da primeira edición son poeticamente superiores, entre outras cousas por razóns connotativas, a “todas as solteironas teñen / un gato branco ao que amiocar” que se le na súa *Obra poética completa*¹³. E tamén por razóns lingüísticas obxectivas, pois por máis que terquee o Seminario de Lexicografía da Academia o verbo *mimar* é perfectamente lexítimo tamén neste sentido en galego (e en portugués), mentres que *amiocar*, forxado por Manuel María sobre o chairego *mioco*, non existe en galego, nin en portugués, nin en ningún outro idioma do mundo: o único que é *amiocar* é un concesionario da BMW en Santiago e mais un fármaco pra afeccións cardiovasculares que se vende sobre todo en América. E xa non caben comentarios cando un afán inmoderado de corrección político-sexual converte o verso seguinte, que dicía “mentras millós de *homes* buscan unha mau amiga”, en “mentras millós de seres procuran / unha mao amiga”: coma se os *gatos* non foran tamén *seres*!

ADVENTO

Mais deixemos as brincadeiras e intentemos seguir falando con seriedade. *Morrendo a cada intre* é un libro soberbio de forza poética, pero despois aínda vén *Advento*. Un pouco apazugado o carneiro colérico que proferira o libro daquela noite “na que rifaron as tebras e as estrelas”, diante de Manuel María abríase un compás de espera, pois renunciados os estudos universitarios, o que había en perspectiva persoal por diante era o chamamento pró servizo militar obrigatorio que, digámolo pra esquecelo xa, comezaría pra el co principio do ano 1952, con certo atraso sobre a quinta que non sei a que se debe, nin penso que agora importe moito.

Hai, pois, dende a escritura de *Morrendo a cada intre*, un ano e medio case ata o servizo militar, que normalmente era un momento crucial na vida dun mozo daquel tempo, e que realmente o foi tamén no caso de Manuel María, que desde vai facer o servizo a Santiago de Compostela cambia tamén como poeta, e dun xeito bastante radical; pero iso xa queda fóra dos termos do que hoxe me permiten falar. Neste ano e medio, á parte de axudarlle ó tío na burocracia parroquial e outros

13 E xa antes na edición non venal de 1991 feita polo Instituto Lucus Augusti, herdeiro do Instituto Masculino no que estudara o autor.

labores, Manuel María debeu pensar case exclusivamente na literatura, e non na que lle suspenderan, senón na que el quería facer. E segundo me parece, pensou e obrou con gran sabedoría. El mesmo tiña algún alustro disto, pois en 1990 dicíalle a Xosé Manuel del Caño:

Morrendo a cada intre é un berro de angustia tremendo, o mesmo que *Advento*. O primeiro é o berro puro e o segundo é xa o berro tamizado de nostalxias, de melancolías e mesmo doutros elementos moito máis complexos.

Si, moito máis complexos. Segundo Camilo Gómez Torres, Manuel María escribiu *Advento* no inverno de 1950 ó 1951, e acabaría polo mes de febreiro, “a cabalo entre Lugo e Outeiro de Rei”. Confeso que falar da substancia deste libro, que é unha das miñas grandes devocións líricas, non me resulta doado, así que neste caso repetirei oralmente, case palabra por palabra, o que xa puxen por escrito noutro lugar, non sen pedirlle antes escusas a quen o poida ter lido.

A primeira e a segunda das tres partes en que se divide *Advento* son, dende o punto de vista formal, enganosamente parecidas a *Morrendo a cada intre*. Certo, algúns dos poemas aseméllanse bastante, pero na maioría o ritmo é máis sosegado, como máis sosegado é tamén o sentir do poeta: un case sosegado desacougo que sucede á angustia súpeta e brutal que domina o *Morrendo a cada intre*. O mesmo proceso de escritura de *Advento* é, con ser relativamente curto, máis lento e meditado. Os poemas tamén están moito máis individualizados, son obras en si, e non coma capítulos dun único poema esencial.

Nestas dúas primeiras partes de *Advento* o verso é maiormente longo e remansado, cunha musicalidade un pouco opaca, máis de madeira ca de metal –diría Neruda. O verso segue sendo libre en medida e acentuación, pero a miúdo advírtese unha predominancia de texturas próximas ó hendecasilabo e ó alexandrino, xeralmente con sílabas supernumerarias. Malia as semellanzas obxectivas que hai nesta tendencia métrica coa maneira de Francis Jammes, absterémonos de atribuírlas ó maxisterio directo deste, pois estamos case seguros de que nesa altura Manuel María aínda non o lera en francés, senón na tradución castelá de Enrique Díaz Canedo¹⁴.

¹⁴ Tal foi tamén o caso de Pimentel, que lle transmitiu esta devoción poética. O primeiro libro en francés de Jammes que hai na biblioteca de Manuel María é o *Choix de poèmes* de Mercure de France na edición de 1955, e nin na Biblioteca Pública de Lugo, nin na do Seminario, nin na do Círculo das Artes nin na do Instituto ex-Masculino achei ningún deste autor na lingua orixinal que o Manuel puidera ter lido naquel tempo; nin o debía haber na de seu tío, pois o Manuel herdoulle os libros: lembro por exemplo os solemnes volumes da *Summa Theologica* na súa casa de Monforte. Díaz-Canedo traduciu *De l'Angelus de l'Aube à l'Angelus du Soir* co título *Del toque de alba al toque de oración*, en verso pero regularizando moito a métrica e tratando as rimas de Jammes, tan características, dunha maneira quizais bastante cómoda pra

Pero non cómpre ir tan lonxe. Este tipo de verso libre –“un verso longo e vaguieiro coma un río”, diría Aquilino en trece sílabas xusto en 1951– xa fora cultivado polo de Abadín en *Corazón ao vento* (1933), e seríao cada vez máis na súa obra derradeira. E non só era Aquilino: en *Dona do corpo delgado* e nos poemas que naqueles anos andaba a publicar onde lle cadraba –e xa eran polo tanto *Herba aquí e acolá*– Álvaro Cunqueiro tamén escribía bastante así. Tendo en conta que Manuel María tiña daquela vinte anos e que sentía unha forte inclinación de afecto e admiración poética cara ós seus dous maiores en idade, cremos que non é imprudente establecer unha relación formal entre eles tres: ó fin e ó cabo, un escribe en diálogo cos seus contemporáneos, especialmente cos que son un pouco máis vellos.

A terceira parte de *Advento* é bastante diferente das anteriores, tamén no aspecto métrico formal, e se lle tivermos que buscar referencias, neste caso falaríamos máis ben de Luís Pimentel, o outro “amigo maior” en poesía. O verso libre curto, e mesmo curtísimo –coma no poema “Fume” de *Muñeiro de brétemas*– está aquí brillantemente presente, especialmente na serie *Cinco pequenos poemas* que xa foi publicada á parte nun caderniño en 1951.

Certamente hai cousas, moitas cousas, en *Advento* que non están nin moito menos nos mestres-compañeiros que citei, os cales serven se acaso máis ben pra explicar algo da feitura do verso. O resto, e pró caso o máis importante, é o xenio propio de Manuel María, que alcanza os seus máis altos cumes, e si, débelle moito –coma todos– ós seus poetas do pasado e ós seus poetas do presente, pero transforma o que deles aprendeu, ou deglutiui, en algo novo. E eu necesitaría gastar toda esta hora que xa vai gastada, e ser ben máis hábil do que son, pra transmitir-vos algunhas das razóns ou causas da emoción, ou das emocións, a que este libro nos arrastra. O sentimento relixioso, tan presente no seu primeiro libro e case ausente no segundo, impregna novamente *Advento*, pero dunha maneira moito máis refinada, e polo tanto máis conmovedora¹⁵. As técnicas expresivas surrealistas, case atoutiñantes en *Muñeiro de brétemas*, brutalmente eficaces en *Morrendo a cada intre*, sublímanse en *Advento* cunha sabedoría e, si, cunha certa mesura,

el, pero tan distante do orixinal que mellor faría en prescindir totalmente delas. Manuel María posuía esta tradución na edición de 1920, que eu teño tamén, pois lembrando a devoción do meu mestre fun xuntando algúns libros dun poeta que doutra maneira me conformaría con ler nalgunha antoloxía; na inxustamente célebre de André Gide, poño por caso, veñen doce poemas, e pra min está sobrerrepresentado. Pero Gide era un maniático: dicir a Deus que do marabilloso Nerval só mete dous sonetos! E que ten a gala excluír totalmente a Péguy! Como é posible que un escritor tan bon poida ser asemade tan imbécil?

- 15 Quérenos dar a impresión de que entre os libros anteriores e *Advento* Manuel María fixo unha nova lectura, talvez máis sosegada, dalgúns ou de todos os libros da Biblia, coa que xa tiña evidentemente moita familiaridade. A pegada estilística, e a miúdo temática ou substancial, do libro de Xob, dos Salmos, do Cantar dos Cantares e mais dos profetas está moi presente na súa obra, e non só na destes anos, tanto ou máis cá dos poetas modernos que cita e que citamos.

que as fai máis eficaces pra abalarnos, ou pra apertarnos o corazón e a gorxa. E o existencialismo –que xa dixo o outro que era un humanismo– é certamente unha angustiada solidariedade que nos conmove ata o pranto e que preludia en altísima poesía o radical compromiso que había de informar toda a vida do Manuel María.

Aquí o noso poeta, que tiña vinte e un anos, é superior a algúns dos seus mestres. Eu creo, por exemplo, que o Manuel aprendeu, e non pouco, de *Hijos de la ira*. Pero creo tamén que *Advento* é un libro mellor ca *Hijos de la ira*, e iso mesmo é o que lle parece á miña muller¹⁶, que é mellor lectora de poesía ca min. Porque non é só que en *Advento* estea o “Responso desesperado”, que eu teño por un dos mellores poemas que lin na miña vida en calquera lingua, e outra ducia de textos tamén excelsos. Non é só iso. *Advento* é irmán de libros como fora vinte anos antes *De catro a catro*, como foi case daquela mesmo *Dona do corpo delgado*, como sería vinte anos despois *Con pólvora e magnolias*. Quero dicir, é un deses libros que se impoñen na súa totalidade como obxectos poéticos perfectos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Caño, Xosé Manuel del (1990): *Conversas con Manuel María*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Gómez Torres, Camilo (2001): *Manuel María: os traballos e os días*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- (2016): *A poesía de Manuel María*. [Outeiro de Rei]: Casa-Museo Manuel María.
- [Manuel María] (1959): “Autobiografía confidencial. Manuel María”, *Vida Gallega* 750, 67-68.
- Matalobos Cerceda, Manuel Celso (2005): *Autores do Instituto de Lugo*, IES Lucus Augusti. [Lugo]: IES Lucus Agusti.
- Pérez Prieto, Victorino (2000): “Poeta relixioso cristián”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 389-410.
- Queixas Zas, Mercedes (2016): *Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María*. Vigo: Galaxia.

16 Amelia Outeiro Portela, que fixo man a man comigo a *Antoloxía poética* de Manuel María publicada por Galaxia a principios deste ano 2016. A Galaxia daquel tempo debía ser dunha opinión ben diferente da nosa: Manuel María mandoulles o libro en canto o rematou, é dicir en febreiro ou marzo do 51, e o 18 de abril Ramón Piñeiro xa lle escribe dicíndolle que llo vai devolver. Pero tamén é verdade que Galaxia foi ata os anos sesenta unha fortaleza inexpugnable prós poetas novos, coas únicas e máis tardegas excepción de Novoneyra, que tomou unha torre con *Os eidos* en 1955, e Xohana Torres, que derrubou unha porta con *Do sulco* en 1957.

FIXANDO A EMOCIÓN

Marta Dacosta Alonso

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

Resumo: “Fixando a emoción” é un verso dun dos poemas da “Autopoética” publicada por Manuel María en 1993. No poema, o poeta explica que é esencial no proceso de creación literaria fixar a emoción da realidade vivida para llela transmitir ás xeracións futuras. Deste xeito concreta Manuel María o seu concepto de comunicación, que é para el a función fulcral do texto poético. Fixar a emoción nun proceso en que a poesía é desveladora da verdade e creadora da realidade. Partindo desta concepción, Manuel María vai ter como tema central da súa obra a propia Galiza. A terra, a natureza, o pobo e a súa lingua son realizaciónse dese tema constantes na súa obra. Un corpus literario que segue a cumprir hoxe a función comunicativa que o seu autor quixo imprimirlle no momento da súa escrita.

Abstract: “Setting the emotion” is a verse from one poem of the article titled “Self-poetic”, which was published by Manuel María in 1993. In this poem we read that to set the emotion of the lived reality for it to be transmitted to future generations is essential for the poet in the process of literary creation. In this way Manuel María determines his concept of communication, which is the main function of the poetic text. To set the emotion in a process in which the poetry reveals the truth and that creates reality. On the basis of this conception, Manuel María will focus on Galiza itself as a central matter. The land, the nature, the people and its language, these are constant productions in his work. A literary corpus that currently continues complying the communicative function that its author wanted to give to it in the moment of its writing.

Palabras chave: Manuel María, Galiza, lingua, comunicación, emoción.

Key words: Manuel María, Galiza, language, communication, emotion.

FIXANDO A EMOCIÓN

Fixar emocións, identificar e fixar para transmitir, para entregar un legado en que Galiza e a súa fala son a materia principal, este sería o cometido da creación poética

para o noso autor. Así o manifesta na “Autopoética” de 1993 (Manuel María 2011 [1993]:156):

Tantos e tantísimos anos intentando
erguer un edificio confortábel
de música e palabras
[...]
e fixando a emoción que nos conmove
en cancións vagorosas pra que o vento
llas poida transmitir a aqueles que
nos veñan suceder na nosa tribu.

A importancia de transmitir un legado ás xeracións futuras é a que expresa tamén na “Carta ós nenos que pode servir de prólogo a este libro”, que abre o poemario *As rúas do vento ceibe*: “Quixen contar dun xeito elemental, sinxelo e esquemático o que é Galicia, o que foi Galicia. E alcender en vós –que sodes o porvir– a chama dunha esperanza para que fagades a Galicia do futuro” (Manuel María 1989b: 5).

Na “Autopoética” reproduce un texto do ano 1974 en que afirma que un poema é un elemento de comunicación que “fala de intimidade a intimidade / coas cousas e coa xente [...]”, un “ser vivo que anda, respira, soña [...] E nunca morre”. O poema pertence ao autor até que é publicado, e entón acada vida propia para permanecer entre os textos escritos. É legado. Talvez por iso Manuel María sinta o peso da responsabilidade e sinta o temor de non ser quen de acometer a tarefa que entende que lle corresponde. Porque, a seguir, manifesta que só pode afirmar que escribe versos, sen saber se estes lle poden dar o título de poeta.

En 2002, na entrevista que lle concede a Carme Vidal para *A Nosa Terra*, volve incidir na importancia do legado poético: “Coido que cumprín utilizando o idioma que herdei para poder transmitirlo aos que veñen. Se nese idioma me acheguei á poesía, mellor que mellor” (Vidal 2002).

A historia da literatura e a crítica clasifican a Manuel María como poeta social-realista:

Falouse diso con *Documentos persoais*, cando fixen parodia da linguaxe xudicial con poemas que se chaman carné, bando ou testamento. A poesía socialrealista ten mala prensa pero débese a prexuízos ideolóxicos. Camilo Gómez Torres defende nun estudo da creación poética dos últimos cincuenta anos que é a máis rica desde o punto literario e de contribución poética. Ninguén di nada

deses poemas chamados de amor ou eróticos malísimos, dun culturalismo plaxiado. Como non se atreven a atacar a ideoloxía do poeta porque sería dogmatismo, néganlle calidade á obra con grande cobardía. (Vidal 2002).

Que a escrita de Manuel María vai máis alá de correntes literarias, que non podemos limitarnos a encadralo en poeta representativo do realismo social, siná-lao tamén, dalgún xeito, Xosé Luís Méndez Ferrín no prólogo a *Versos para un país de minifundios*:

Iste Manuel María é unha das nosas grandes testemuñas nacionais. E como tal debe ser entendido. Poucas tarefas tan comprometidas para un crítico coma a de lle prologar un libro. Porque Manuel María reborda os receptáculos das escolas, [...] Inclasificábel, debemos entender a súa obra como un proceso permanente. (Manuel María 2001a: 327).

Afirmación que logo se contradí co recollido en *De Pondal a Novoneyra*, en que afirma que o que fai Manuel María é adscribirse “con enerxía á liña socialrealista de Celso Emilio Ferreiro. Unha técnica utilizada por Ferreiro nun só poema... é amplificada en libros enteiros por Manuel María” (Méndez 1984: 277).

Camilo Gómez Torres matiza esa clasificación ao sinalar que nin sequera no período que vai de 1964 a 1977 a súa obra pode ser cualificada sen máis de socialrealista, pois nese período o intimismo ou a elexía tamén forman parte da súa creación (1996: 1233). Unha idea semellante expresa Manuel Veiga ao falar xustamente de *Documentos persoais*: “É significativo que a pesar de todo permaneza nelas o lirismo, como nesta «Carta ao director dun banco»” (2003: 3). E engade a coincidencia na temática e no seu tratamento con autores como Benedetti.

Manuel Forcadela sinala, por outro lado, a conexión coa antipoesía, unha nova forma de enfrontar a creación literaria en parte como consecuencia do existencialismo anterior. A “irrupción da Antipoesía, a partir da publicación do libro de Nicanor Parra *Poemas y antipoemas*, de 1954, e máis en xeral coa nova atmosfera que propicia en toda Europa, en todo o mundo, diría eu, unha vaga en contra do que se denomina tradición idealista (e, por tanto, burguesa) da tradición poética occidental”. Esa reacción é o “Realismo Social” que, por un lado, desacraliza o Eu poético e, por outro, incorpora a oralidade e o discurso do cotián ao poema. “O poeta é agora un novo heroe que ten que desentrañar coas soas armas da linguaxe as armas máis sutís do inimigo, presentes tamén na súa propia linguaxe” (Forcadela 2016).

Afondemos neste matiz. No ano 1988 Avilés de Taramancos afirmaba:

Ser escritor na Galiza leva consigo non só a disciplina das letras e o desvear recatos de fermosura e de ética senón tamén a disciplina das armas. Non podemos ser escritores a tempo cumprido como en calquer nación ben asentada na súa propia estrutura; aquí ao mesmo tempo que criamos florituras coa palabra, temos de erguer tamén, a pedra e canto, a arquitectura da nación que soñamos articular... Tamén temos de escribir coa espada... Os nosos soños están comprometidos tamén na outra loita, e son poucos os que teñen o debido esforzo de combater nas dúas lides sen merma dos logros dun campo ou do outro.

É a presión da realidade, a necesidade de ser poeta do tempo en que se vive. Ser a voz do pobo ao que pertences. Xosé Manuel Millán Otero (1995: 38) falou de tendencia ao épico, concretada no protagonismo do social e do cósmico fronte ao individual.

A temática social, o necesario compromiso do escritor e a escritora co seu tempo é natural nesta xeración, un feito literario que non só se produce no noso país e é resposta ao contexto de posguerra en Galiza e no mundo.

En todo caso, máis alá das correntes literarias, o fulcro da creación literaria do noso poeta é Galiza, até o punto de que iso é o que o diferencia dun escritor co que foi emparentado en canto a corrente literaria. Así o expresa o propio Manuel María ao falar de Celso Emilio Ferreiro como poeta representativo do socialrealismo no monográfico que lle dedicou *A Nosa Terra* ao de Celanova en 1989 con motivo do Día das Letras Galegas:

O que non foi... é o que se entende... por poeta nacionalista galego como, por exemplo, Ramón Cabanillas. A temática da poesía de Celso Emilio Ferreiro vale pró povo galego. Isto é evidente. Pro hai unha temática especificamente galega –normalización da lingua e da cultura, autodeterminación, situación do asoballo nacional, dependencia, etc.– que non aparece na súa poesía, se exceptuamos o fermosísimo poema adicado ao idioma propio¹. (Manuel María 1989a: 6).

Nestas palabras, Manuel María está sinalando unha temática especificamente galega: “normalización da lingua e da cultura, autodeterminación, situación do asoballo nacional, dependencia, etc.”, concrecións do que sinalamos como o seu

1 Cómpre engadir como o propio Manuel María aclara no seu artigo que esta afirmación non é en absoluto unha descualificación da poesía de Celso Emilio Ferreiro.

tema central: “Galiza”. Temas que deben ser tratados para desvelar a verdade e crear a realidade que acenda a chama do futuro.

Tras o seu pasamento, Manuel María foi homenaxeado como Poeta Nacional, un título que lle acae xustamente polo que vimos afirmando, por ser Galiza, o seu pobo e a súa lingua, o tema central da súa obra e porque, como nos explica Francisco Rodríguez:

Ten todas as características dun clásico da nosa literatura, por máis incompreensións, reticencias e hostilidades que teña sofrido a súa poesía, precisamente pola súa coerencia e contundencia como expresión da nación. Certamente a obra de Manuel condensa sempre unha combinatoria ineludíbel, a do pobo, a lingua e a Terra. Son as tres esteas que coesionan o seu sentimento e a súa razón poéticas, [...] Non é de estrañar que a súa obra sexa o maior tesouro lingüístico, nun duplo senso, riqueza do idioma e mostra viva dunha problemática opresiva e dos esforzos por vencela. Tampouco é de estrañar que latexe nela a preocupación, a proposta a prol dunha Galiza liberada. Esta é unha das tensións de moitos dos seus poemarios. O pobo galego existe, malia tantas mascaduras, eivas e derrotas. (2004: 15).

A PALABRA NOMEA E CREA AS COUSAS

O poeta reflexiona e expresa, unha e outra vez, como entende a poesía, cal é a importancia da palabra. El mesmo sinala “A miña escrita naceu por un afán de comunicación” (Veiga 1995: 26). En 2001 “Dicía que a poesía tiña que ser verdade, procuro que o que plasmo e compre rescatar da morte sexa auténtico que significa ante todo ser sincero. A poesía pode ser real aínda que non sexa realizábel” (Vidal 2002).

Estamos pois ante unha formulación da poesía como reveladora da verdade e da realidade que o noso poeta enlaza co pensamento de Goethe². Unha formulación que chega até Benedetti (2007: 49):

a realidade é un monllo de poemas sobre os que ninguén reclama dereitos de autor. Debaixo de cada pedra, de cada lousa, agáchase un poema [...] Até nas guerras hai poesía, mais nunca da artillaría dos vencedores senón na última mirada dos vencidos.

2 Nunha carta de setembro de 1823 a Johann Peter Eckermann, Goethe afirma “Todos os meus poemas foron inspirados pola realidade e nela teñen fundamento e fan pé. Os poemas que nacen do aire non me interesan nada”.

Nun poema de *As lúcidas lúas de outono* Manuel María afirma (2001b: 347):

A palabra nomea e crea as cousas,
pon orden no mundo
e harmoniza a toda a creación.

A concepción de que a poesía crea a realidade foi desenvolvida teoricamente anos máis tarde por Antonio Gamoneda no breve, mais intenso *Fonación, palabra e escritura, pensamento poético*. Neste ensaio lemos: “(no ser humano) a palabra foi xeradora de pensamento” (2012: 10), e engade “a verdadeira poesía [...] non é palabra ornamentada, senón [...] creación e revelación” (2012: 19).

Esta concepción da poesía como reveladora e creadora da realidade é a que subxace na angueira de levar ao poema a propia nación e a súa lingua, para nos revelar a necesidade radical de recoñecérmonos nelas e mantelas vivas para o futuro. A emoción de sermos desta terra e desta fala, iso é o que o poeta quere fixar no verso, para que acade as novas xeracións, para que se converta en futuro. Como di no poema “Ode á poesía”

Ti estás en todo. Es todo.
Para ti non hai fronteiras
nin cancelas. [...]
Sempre foxes. E apareces sempre
despida, perfecta e inefábel.

(Manuel María 2001b: 317).

SATURNO

Este poema, non dos máis coñecidos do autor, é un exemplo do que vimos referindo sobre a concepción da poesía como comunicación e legado de Galiza e a súa fala. Un exemplo tamén da entropía dos seus versos e, por tanto, de que o autor acadou a función comunicativa que os motivou.

En 1989, a Asociación Cultural Rosalía Castro de Barakaldo publica o poema longo *Saturno* en edición bilingüe galego-éuscaro. O motivo que levou á publicación deste poema foi o de realizar unha homenaxe ao poeta Díaz Castro, unha homenaxe que para eles é a concreción da obriga que entende que lles corresponde: “o espallamento e defensa da nosa cultura, milenaria no tempo pero que se anova continuamente” (Manuel María 2001b: 411). *Saturno* é outro poema longo coma *Aldraxa contra á xistra*, *Informe pra axudar a alcender unha cerilla* ou *Laio e cramor pola Bretaña*. Os editores cualifícanos de “épico”. O carácter épico foi sinalado por

Camilo Gómez Torres en todos eses poemas longos: “unha discursividade épica, descritiva e ao tempo reflexiva, mesturando denuncia, solidariedade e lirismo” (1996: 1236).

O poema vai precedido tamén dun “Limiar” da autoría de X. Andrés López González, quen sinala que este poema foi escrito en 1982: “Aló polo inverno de 1982 o Manuel [...] enviábame o grandioso poema que tedes nas vosas maos, xunto a unha carta que dicía: «Son os derradeiros versos que escribín aínda onte. Intentan explicar –se é posíbel explicar algo en verso– a nosa situación. Xa me dirás o teu parecer»” (Manuel María 2001b: 412). O poema presentouse tamén no Festival de Pardiñas o 6 de agosto de 1989, un festival que homenaxeou a Gabriel Aresti³.

Saturno é un poema-crónica da historia da nación, do seu devir, desde a xénese granítica do territorio “na escuridade primeira e elemental” até o momento da súa escrita, o ano 1982, que o autor describe como “finxida democracia”, un tempo de “sospeitosas sereas / que adormecían con tristísimos cantos”.

Manuel Veiga cualifica *Saturno* como “poema de fasquía épica e remate infeliz, como corresponde ao motivo clásico”. E engade que

[Saturno] ten o interese de transparentar unha interpretación histórica e romántica do nacionalismo, a través de cinco etapas: a inocencia do país, a fase de construción na que se desenvolven os grandes mitos, a colonización exterior, a dos poetas e galeguistas que esclarecen a situación de dominación ante o pobo e, finalmente, a derrota posto que a cidadanía non escoita os que buscan redimila.

Esta visión milenarista e que idealiza o fracaso non é estraña nin moito menos orixinal resulta común aos poetas e aos teóricos nacionalistas de moitos pobos europeos en situación semellante, ao longo de todo o século XIX e parte do XX. (2016: 56-57).

O propio título do poema remítenos xa á utilización alegórica do mito de Saturno, sendo así o que Arcadio López-Casanova denominou un indicador poemático que ten neste caso unha función fáctica ou de contacto, de abrir o canal da comunicación e avisar do contido do poema. Desde o inicio intuímos pois ese final tráxico en que o paso do tempo acaba por devorar ou destruír todo o que creou, sexan estas creacións persoas ou ideas (Cirlot 1988: 401).

3 Así o recolle o blog da Asociación Cultural Xermolos nunha entrada titulada: “Lembranza a Manuel María”, publicado en *Xermolos* 49, 11-14 [http://www.xermolos.org/paxina_nova/index.php/revista-festival-de-pardinas-2005].

O poema iníciase e avanza nun marcado ton lírico que acada o seu cume nos versos en que describe “o noso pobo”:

primeiro foi semente, logo cerdeira
e, cando comezaba a florecer
en purísima neve candorosa,
en esperanza certa de futuro,
en pleno corazón aberto á vida,
en músculo forte e ollo vixiante
en roteiro de luceiros acesos
parpaxando na escuridade do mundo,

(Manuel María 2001b: 413).

O paralelismo intensifícase gradualmente até chegar ao cume da emoción que resulta esborallada polo verso que segue aos anteriores: “chegou o furacán e desfollouna”. É así como o poeta insiste na destrución dunha etapa feliz, dun momento histórico que puido supor outro futuro, un futuro que hoxe anhelamos e desexamos recuperar.

Reparemos en que neses versos cos que Manuel María describe o noso pobo aparece a imaxe da cerdeira florecida, unha imaxe que se reitera ao longo da súa obra e sempre asociada á felicidade, ao amor, á pureza. Unha imaxe que conecta coa poesía xaponesa da que nos atrevemos a considerar que Manuel María puido ter algún coñecemento⁴. Na poesía xaponesa as cerdeiras en flor, sakura, son un símbolo da cultura popular que representa a beleza da natureza e o renacemento da vida. Un símbolo que, en todo caso, na literatura xaponesa é ambivalente, pois tamén representa que nada é eterno.

En *Saturno*, fronte á felicidade da cerdeira érguese o Fado, o Fado colonizador. É así nomeado, “armado coa forza e máis coa espada”, non pode ser vencido, é “inexorábel”, di o poema, e acaba por desfacer o pobo e o seu futuro. A esta primeira derrota sucédelle un tempo en que van xurdir os “fillos xenerosos e lúcidos” que perseguirán a concienciación do pobo. Mais unha “finxida democracia”, o crédito concedido a “inimigos, /oportunistas, traidores, renegados”, as “sospeitosas sereas /que adormecían con tristísimos cantos” fixeron inútil o esforzo dos xenerosos e lúcidos, porque esta tribo suicida como Saturno devora os seus propios fillos. Neste declive tráxico do poema a lingua ocupa un lugar:

4 Existen xa varios estudos que reparan no coñecemento que Novoneyra tiña da poesía oriental e, entre ela, da xaponesa. Así o recolle Carlos Paulo Martínez Pereiro no monográfico que a Academia lle dedica a Novoneyra en 2010. Parece razoábel considerar que puideron compartir este coñecemento.

os seus signos de morte evidenciados
 en que ían esquecendo a súa fala
 e xa comezaban a ladrar
 na lingua imposta polos amos.

(Manuel María 2001b: 415).

Preguntámonos cal é o contexto histórico en que se escribe o poema, para entender cal foi a chispa que provocou este lume. Naquel ano de 1982 acórdase e publícase a Normativa oficial da Lingua Galega e España convértese no membro número dezaseis da Organización do Atlántico Norte OTAN, gobernando o partido que prometera que iso non sucedería.

A ESENCIA MÁIS NOSA

A poesía de Manuel María pasou así a ser o canal que nos deu voz. Nel atopamos as palabras que definían á perfección o que estabamos pensando, o que queríamos dicir. Naquel tempo e mesmo hoxe.

Seguindo os versos de *Os soños na gaiola*: “Galiza somos nós a xente e máis a fala”, comprobamos que Galiza, como tema, concrétese, polo menos, en dous subtemas: a exaltación do idioma e a caracterización e defensa do pobo⁵.

O idioma, a súa reivindicación e defensa, en definitiva, a súa exaltación, está presente ao longo da súa obra. Como responsabilidade que nos corresponde na supervivencia da lingua aparece no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, en que se remite a un dos poetas que é esencial na súa formación, Francis Jammes:

En Francis Jammes, devoción que lle debo a Luís Pimentel, atopei resumidas as miñas aspiracións. Velaí as súas palabras:

Meu Deus: chamáchesme entre os homes. Eiquí estou. Padezo e amo.
 Falei coa voz que me deche. Escribín coas palabras que lle ensinache
 a miña nai e a meu pai, e que eles me transmitiron. Vou polo camiño
 como vai o asno coa súa carga, dando que rir ás criaturas, coa cabeza
 gacha.

Eso é: “As palabras que lles ensinache a miña nai e a meu pai, e que eles me transmitiron”. Palabras que veñen dos devanceiros e que foron facendo ao noso

5 Á lingua como tema na obra de Manuel María dedícallo Camilo Gómez un capítulo do libro *O tempo vital de Manuel María*, “A temática sociolingüística na obra de Manuel María” (2005: 93-149).

pobo. O idioma non é, exclusivamente, noso: pertence aos devanceiros e aos que nos sucedan. Nós unicamente recibimos a lingua en usufructo e temos a obriga de conservala e melloralala [...] Recibímolos en herdo coa obriga de conservalo, agrandalo e perfeccionalo. Sería monstruoso privarlos de tal riqueza. Sería abominábel negarlles ese ben supremo, esencial para que Galicia viva e sexa algo no mundo. Se un idioma morre, morre tamén o pobo que o fala. (Manuel María 2003: 11).

Esa idea de que a lingua non nos pertence en exclusiva porque nos foi transmitida dos nosos devanceiros e debemos transmitila á nosa vez foi desenvolvida por Manuel María nos seus poemas. Así no poema “Verbas á miña nai”, de *Mar Maior*, 1963, en que declara que quere devolverlle á nai as palabras, a lingua que dela aprendeu: “Dígoche agora, nai, estas razóns /porque quero voltarche /aquelas verbas doces como o mel /que aprendín nos teus beizos /cando neno.” (Manuel María 2001a: 221).

Esta formulación é propiamente unha sinécdoque que nos remite á necesidade de demostrar que a lingua do pobo é unha lingua culta, unha necesidade que o poeta expresa a través da “devolución” das palabras aprendidas, agora como cantar, malia considerar que talvez poida ser unha tolemia: “Cecais sexa tolemia /este tentar apreixar verbas amantes /para che facer con elas un cantar” (2001a: 222). Ese concepto de tomar a lingua do pobo e devolverlla convertida nunha lingua culta segue a estela da afirmación pondaliana “Déstesme unha lingua de ferro, devólvoos unha lingua de ouro”.

Neste poema, Manuel María quíxase de que non ten verbas doces e amorosas, de que a súa poesía está aparentemente falta de tenrura porque nace da pobreza, a pobreza do pobo. É dicir, unha lingua pobre, espida de tenrura, para representar a un pobo pobre e asoballado.

O idioma ou a fala, como os nomea Manuel María⁶, son parte tamén de dous poemarios que deberíamos considerar centrais na súa produción, centrais porque para o seu autor obedecían a unha necesidade inaprazábel e fundamental, crear literatura para os máis novos. Referímonos a *Os sonhos na gaiola*, editado por primeira vez en 1968, e *As rúas do vento ceibe*, que tivo a primeira edición en 1979. E neses libros están dous poemas que aínda hoxe son esenciais na transmisión poética, por tanto na descrición da realidade e da verdade, na necesidade de nomear e crear o pensamento e así executar a responsabilidade de transmitir o legado dos devanceiros. Estes poemas son “Galicia” e “A fala”.

6 “Manuel María emprega os termos lingua, idioma e fala como sinónimos. Os tres teñen como realidade referida o galego, non entendido como unha simple estrutura gramatical senón como creación colectiva, na súa proxección temporal, do pobo galego” (Gómez 2005: 101).

Os *soños na gaiola* ábrese xustamente cunha “Carta aos nenos” en que Manuel explica o por que deste libro (2000: 4, o salientado é noso):

Queridos nenos:

Un servidor, que xa ten canas e un gran bigote que lle comeza a pesar, vai para vello. Nas súas horas de soedade lembra a súa lonxana infancia campesiña. **Desas lembranzas foron nacendo os versos que seguen. Os versos que este humilde autor botou de menos cando el era neno. Versos que, por outra banda, non había na literatura galega e que tan precisos son. Eu quixera encher, en parte, ese oco.** Perdoádeme si non acertei.

E moitas gracias a vós, nenos, a todos os nenos, cando escribín estes poemas volvín de novo á miña infancia. E coa lonxana música da miña infancia, que ía durmida dentro de min que despertou de novo, compuxen estes versos. Que sexan do voso agrado.

Voso amigo sempre,

Manuel María

Consideremos, para valorar a importancia do tema na obra do noso autor, que nese mesmo ano 1968 escribe o libro *Versos para un país de minifundios* en que enuncia os principais problemas do noso país, e entre eles a “fala materna”, ao lado de “emigración, pobreza, economía, / conciencia, minifundio, compromiso”. Denomínaos: “verbas arrepiantes”, porque producen arrepío entre os defensores do franquismo, eses que procuran que non se fale deses temas, que nin sequera se pronuncien esas palabras.

Cando anos máis tarde, entre 1978 e 1979, Manuel María escribe *As rúas do vento ceibe*, animado, segundo Camilo Gómez Torres, pola adaptación musical que Suso Vaamonde fixera dos seus poemas de *Os soños na gaiola*, nomeadamente do poema “Galicia”, de novo os nenos e as nenas son os destinatarios. Manuel María di que escribe o libro para dar satisfacción “ás demandas que os nenos e nenas galegos lle achegaran nas súas cartas desde 1972” (Gómez 2001: 201).

As rúas do vento ceibe inclúe o poema “A fala”, un poema que merece un capítulo propio na historia da literatura galega e no que lemos versos coma estes: “O idioma é a patria, /a esencia máis nosa”. Ou “O idioma é a chave /coa que abrimos o mundo”, é dicir, que a través do idioma situámonos no mundo, a través da nosa lingua recoñecémonos galegas e galegos e tomamos consciencia de que pertencemos a un pobo e a unha nación con lingua, cultura e historia de seu.

Os poemas de Manuel María convertéronse en argumentos que aínda hoxe consideramos vixentes e seguimos a empregar e que, sorprendentemente, aínda

producen reaccións que poderíamos pensar erradicadas, mais non. Sucedeu co poema “Canción para cantar todos os días” do libro *Cancións do lusco ó fusco*, outro poema en que o idioma é o tema. Escrito en 1968, foi o único suprimido pola censura no momento de se publicar o libro. Porén isto non impediu que o poema saíse á luz pública, e que mesmo o fixese nunha revista escolar, polo que foi difundido xustamente entre un público moi importante para o noso autor: a mocidade. Foi así que “Canción para cantar todos os días” acabou por publicarse ao mesmo tempo ca o libro censurado, en xuño de 1970. Foi na revista escolar *Aturuxo*, do Colexio Santa María de Ourense, e por petición do alumnado de preuniversitario. Sobre este episodio Camilo Gómez Torres di: “Os teimudos manexadores das tesoiras da censura franquista non poderían sospeitar que o noso poeta ousase entregar a unha revista escolar un poema tan «subversivo». Cabería dicir que os camiños da liberdade son impredecíbeis” (2001: 138). Por outro lado, e antes de se restaurar a edición de *Cancións do lusco ó fusco* na súa integridade, o poema censurado viu tamén a luz en francés, bretón ou holandés, o que para Mercedes Queixas Zas “acrecenta o valor e intención do silenciamento ao que aquí estivo exposto” (2016: 88).

Ironías da vida, aquel poema censurado durante o franquismo e que chegou aos lectores a través dunha revista escolar foi censurado case corenta anos máis tarde (2007) noutra revista escolar: *En galego, ... máis e mellor* do CEIP de Randufe (Tui), pois houbo no centro quen acusou o poema de incitar á violencia e esixiu que se eliminase da revista, o que o responsábel do equipo de normalización non aceptou. A revista nunca se distribuíu.

Uns anos antes de se pechar a súa produción poética, a lingua seguía a estar presente nos versos de Manuel María. En *Brétemas do muiñeiro*, rematado en 1977 e publicado en 1980:

[...] carro intemporal e cantareiro
carrexando vento para ningures,
un pozo que dá unha dor aceda
para matar a sede de vivir,
unha semente lanzada contra a vida
para proveito de corvos e voitres.

(Manuel María 2001b: 654).

Ou en *Camiños de luz e sombra*, do ano 2000: “a casa do ser é a palabra. / E un pregunta angustiado: *¿Qué palabra?*” (Manuel María 2001b: 691).

A lingua segue presente nos versos e leva o poeta á rúa, non só aos actos reivindicativos de cada 17 de maio, senón tamén a unha actividade escolar como o Correlingua.

ALMA E FUTURO DE GALIZA

Ás veces non só estamos ante poemas cargados de entropía para este presente, senón que mesmo comprobamos que o autor se adiantou á forma de tratar algún tema.

En *Os soños na gaiola* explica que o pobo, as xentes, son unha parte esencial de Galiza. E el séntese parte do pobo e, como tal, asume a tarefa de expresar os seus padecementos. Como reitera en *Versos para un país de minifundios*, 1969:

Sufro entre o pobo.
E berro.
Digo a miña verdade
que é a de todos. (2001a: 330).
[...] ¡ouh pobo meu!,
carne da miña carne;
luz dos meus ollos (2001a: 335).
Escribo, ¡ouh pobo meu!
para todos os galegos
ciscados polo mundo,
[...]
para dicirlles
que están no meu corazón,
que o seu pranto chora
bágoas de sangue
no meu verso (2001a: 339).

Por iso nos seus versos están labregos, obreiros, mariñeiros, as mozas e os mozos emigrados, os vellos que consumiron os seus anos traballando para un patrón que os explotou.

En *Terra Cha* aparece xa ese labrego “escravo” que vive “ícomendo pan regado /con sangue e con sudor!” (Manuel María 1972: 65).

En *Versos para cantar en feiras e romaxes* (1969), Manuel María contrapón a visión aventureira que pode existir do mariñeiro á realidade dun traballo perigoso e mal pagado:

Din que o mariñeiro
é de espírito inqueda,
aventureiro,
que non coñece o medo
[...]
O que nunca sentín
nin lin
escrito en ningún lado
é o pavor
que o mariñeiro
en si leva gardado;
nin o tristeiro
das noites de trebón
que fan naufragar
a embarcación;
nin a loita contra o mar,

(Manuel María 2001a: 354).

Nese mesmo libro, e a seguir do poema “O mariñeiro”, está o titulado “Obreiros” que comeza cunha enumeración dos distintos oficios para concluír:

Vós facedes camiñar para diante
ao mundo, facédelo avanzar

(Manuel María 2001a: 355).

e esta constatación de que son as mans dos máis humildes obreiros, persoas aliadas e explotadas por un patrón que se enriquece, faino estoupar:

¡Deixádeme que vos cante!
Deixádeme berrar
e protestar,
operarios
proletarios
contra dos mínimos salarios
e da explotación
por parte do patrón.
[...]
¡Hai que facer todo de novo
co pobo e para o pobo!

(Manuel María 2001a: 356).

O poema “Historia do home que toma o sol” pode ser posto en relación co “Monólogo do vello traballador” de Celso Emilio. Fronte a el, o poema de Manuel María, escrito en terceira persoa, retrata a vida dun labrego que traballou sen descanso e fixo o servizo militar submisivo e fiel a unha patria que non é a súa. O poema fala da emigración dos fillos, da soidade, da tristeza e da pobreza: “¡Este velliño, fraco e magro, / vive do subsidio e do milagro”. Como recollíamos máis arriba, nas palabras do propio Manuel María, hai entre os dous poemas a diferenza que existe entre o universal e o local, entre a realidade que se reproduce en distintas latitudes e a nosa realidade propia. Resulta así que esta “Historia do home que toma o sol” nun poema que vai máis aló da situación dun home, pois ao falar da historia da persoa, fala da historia do país.

Estamos falando do pobo que sofre e chora bágoas de sangue nos propios versos de Manuel María. Nun libro que na dedicatoria coa que se abre indica xa cal é a súa vontade: “estes versos que queren ser populares”, o que unido ao título redonda xustamente nesa intención de ser proxección da voz do pobo e, por tanto, popular. En coherencia con esa vontade o libro ábrese co poema “Epístola a un poeta lírico” en que o autor convida o poeta a comprometerse co seu pobo e critica o lirismo da poesía amorosa e bucólica: “¡ponte do lado dos homes /e non do da primavera!” (Manuel María 2001a: 346).

Este libro foi redactado ao mesmo tempo que *Os sonhos na gaiola* (1967), o que nos permite concluír que Manuel María ten sempre en conta o destinatario dos seus poemas. Sendo como é a poesía para el comunicación, adapta o rexistro, a métrica e os recursos tendo sempre moi presente quen son os destinatarios, quen quere que lea os seus versos.

Nese retrato das xentes do país, hai tamén un lugar para os señoritos, para os castrapistas que negan a nación e o seu idioma: “Breve manual para deprender para señorito”, xustamente o poema que pecha o libro, colocación que consideramos significativa, pois Manuel María adoita levar a esta posición poemas cos que quere envair unha mensaxe inequívoca (Dacosta 2009: 210), especialmente nos seus derradeiros versos que, neste caso, sinalan unha das características definitivas da personaxe, o odio á nosa lingua:

Non falar galego endexamais
(é idioma do pobo, moi vulgar),
vivir do que súan os demais,
¡e denantes morrer que traballar!

(Manuel María 2001a: 367).

Esta caracterización dos “señoritos” continúa en poemas como “Canción da hora do vermú” ou “Canción para cando se escoita falar en castrapo” do libro *Canciós do lusco ao fusco* (1970), poemas en que a ironía é o recurso preponderante. E aínda poderíamos citar “Acuso á clase media” de *Remol* (1970).

Rematemos este percorrido polas personaxes presentes na obra de Manuel María, deténdonos nun poema que debe suscitar a nosa atención. Falamos do “Poema á muller galega” de *Remol*. Cómpre antes de nada lembrar cales son as circunstancias da publicación do libro. Segundo explica o propio Manuel María na “Nota do autor” os poemas que o compoñen foran escritos entre 1963 e 1968. O feito de ter sido escritos nalgúns casos até sete anos antes e ter publicado xa outros dous títulos desde a escrita deste libro fai temer ao autor que poidan parecer envellecidos. Infórmanos tamén de que algúns dos poemas xa foran publicados en diversos medios. Manuel María tentara publicar o libro en varias ocasións, intentos estériles con Galaxia e a Editorial Península. Mais o libro publícase, unha vez máis, “patrocinado polo amor e os cartos dos nosos emigrados”, algo que, aínda que o satisfai, tamén o entristece, pois unha vez máis (e cantas outras na historia da nosa literatura), repítense as dificultades na publicación da poesía en galego, como xa acontecera en 1880 coa “mellor poeta do mundo sin dúbida de ningunha clase” (Manuel María 2001a: 372). Refírese, naturalmente, a Rosalía de Castro e ao seu libro *Follas Novas* editado previa subscrición dos lectores, o que hoxe chamaríamos *crowdfunding*.

O “Poema á muller galega” é un fiel retrato das mulleres do noso país, das mulleres do pobo, “labregas, /mariñeiras, artesás, obreiras”, mulleres traballadoras que son esencialmente: “pasado, pobo, presente, /alma e futuro de Galicia”. No centro do extenso poema e aí coloca o autor a súa crítica:

non foron cantadas
polos poetas cultos e premiados,
pechados nas súas torres de almasí:

E engade o por que:

eles, tan sensíbeis, non podían
dedicarlles rondós e madrigais,
sonetos perfectísimos
a donas que falan en galego,
que son a forza do pobo,
porque non teñen xeitos requintados,
deprendidos en colexios elegantes,

nin vestidos fermosos,
nin frases retorreadas

(Manuel María 2001a: 403).

Estes versos intensifican xustamente a crítica coa que o poema se inicia:

É criminal no tempo que corremos,
comparar a muller e máis a flor
cando as mulleres de Galiza
teñen que emigrar

(Manuel María 2001a: 401).

Manuel María critica pois a negación da realidade, a creación dun mundo de ficción que nos engana e nos devolve unha imaxe deturpada, unha imaxe escrava dos canons estéticos, unha imaxe que se axusta perfectamente á faixa con que nos tornea o patriarcado. Temos ante nós un poema escrito en 1968 ou antes, hai cincuenta anos, e nel atopamos elementos que as autoras de finais do século reivindicamos. Lemos este “Poema á muller galega” de Manuel María, e vénnos á memoria outro poema publicado vinte e tres anos despois, que como o do noso poeta quixo romper coa estética dominante, criticala, negala. Referímonos ao poema “A amante nunca ten dentes postizos” da súa coetánea M.^a Xosé Queizán, publicado en *Metáfora da metáfora* (1991), un libro para pór do revés a historia da literatura.

E isto xustamente fai Manuel María neste poema, poñer do revés a tradición poética de exaltación da beleza feminina, incorporar ao poema os “materiais indignos” tal e como os nomeou María Reimóndez ao falar das achegas das escritoras á literatura.

Non está pensando nisto Manuel María. Son conceptos que só máis tarde serán percibidos e formulados, atacados tamén, como non, aínda así estamos. Mais é evidente que o seu afán de desvelar a verdade fai que o seu poema acabe por ter un tratamento que se achega ás poéticas dos 90.

Analicemos nun cadro comparativo a ruptura que realiza Manuel María no seu poema coa estética dominante:

Imaxes, recursos empregados habitualmente para describir a beleza feminina e que Manuel María nega no poema:	Imaxes utilizadas por Manuel María neste poema:
As mulleres galegas non teñen luceiros en vez de ollos	senón unha tristura arrepiante de ollar a un mundo inxusto
non ten en vez de dentes pérolas	os seus dentes roen broa de millo... realidade dura como un seixo
non ten a pel de lirio ou azucena	senón unha pel queimada polo sol
Tampouco ten corpo de vimbio	un corpo duro, resistente cangado polo traballo
non é a dona... nin a raíña do fogar	a compañeira fiel, valente e amorosa igual ao home na loita contra a vida
Non ten beizos de fresa ou de coral	os seus beizos están... apretados pola dore e a carraxe
As súas orellas non son... caracolas de nacre	están feitas de terra e escoitan... a voz dos fillos
Tampouco a súa sorrisa é un raio de sol na primavera	é unha luz morta... como unha tarde pecha de inverno, un suco acedo aberto á tristura

O poema conta cunha cita inicial: “...viudas de vivos e mortos /que ninguén consolará...” de Rosalía de Castro, e organízase en dúas partes. A primeira, que acabamos de analizar, critica o esquecemento da muller galega por parte dos escritores e desvela como é esa muller. Na segunda fala de galegas con nome propio: Etheria, Rosalía, Concepción Arenal, María Balteira, Pardo Bazán, María Pita e conclúe comparando Galiza coas súas mulleres, declarando que as propias mulleres son Galiza,

¡Esperanza ergueita
cara a un futuro limpo,
noso,
que agardamos!

(Manuel María 2001a: 404).

CONCLUSIÓNS

Quixemos, nas páxinas precedentes, reflexionar sobre o feito de que a poesía de compromiso co país é unha constante na obra de Manuel María e non obedece a modas literarias, por máis que nunha determinada altura lle acaia perfectamente a etiqueta de socialrealista.

En realidade é o resultado da súa concepción do que debe ser poesía, un acto de comunicación. A poesía é reveladora e creadora da realidade: a nación, a súa lingua, elementos en que nos recoñecer e manter vivos para o futuro. A emoción de sermos desta terra e desta fala, iso é o que Manuel María quixo fixar nos seus versos, para converter terra e fala en futuro, para chegar ás novas xeracións. Por iso Galiza é o tema central, un tema que aparece en diferentes obras súas ao longo do tempo. Aínda máis, Galiza é un tema que, lonxe de esgotarse como sucedeu coa denominada poesía socialrealista no dicir da crítica literaria, conserva intacta a súa capacidade de comunicar hoxe, a este presente.

Esta concepción da poesía como comunicación motiva que Manuel María adapte o rexistro, a métrica e os recursos que emprega na construción do poema tendo sempre moi presente quen son os destinatarios, quen quere que lea os seus versos. Por iso a súa obra é tan diversa no formal e no retórico, porque prevalece a comunicación, porque a obra existe cando ten lectoras e lectores, sen estes non existen os libros, por moi escritos que estean. Mentres non saen dos andeis non son literatura. E isto comprobámolo ao coñecermos as datas en que foron escritos os seus libros: períodos en que trataba os mesmos contidos, adaptando a forma que os contiña. E poñendo todos os recursos ao servizo desta comunicación, imaxes, referencias mitolóxicas e culturais..., que dan lugar a pezas que aínda hoxe son únicas e que talvez non tiveron a proxección merecida, como é o caso de *Saturno*.

Ese empeño por fixar a emoción, por desvelar a verdade, acabou por adiantalo ao seu tempo, deixándonos un poema sobre a muller galega que, nalgúns dos seus versos, ben podería pasar por un poema actual, escrito neste presente e tendo en conta a revisión do discurso que as escritoras reivindicamos.

O certo é que a súa obra segue a falarnos hoxe e é capaz de nos entregar, aínda, as palabras exactas coas que nomear as nosas angueiras.

Mais teño a certeza de que,
se me dan un golpiño, duro
e seco, coa veira dunha unlla,
como se fai co vidro para probar
o seu son, pureza e calidade,
arrincarían, do fondo do meu ser,

un brevísimoo laio, chíoo case
imperceptíbel que cecais, cecais,
recoñecería alguén na miña tribo
como sinal esencial de identidade.

(Manuel María 2001b: 146).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Avilés de Taramancos, Antón (1988): “Ser escritor”, *A Nosa Terra. Decenário. A Nosa Historia* 3-4, 213.
- Benedetti, Mario (2007): “La realidad”, en *Vivir adrede*. Madrid: Alfaguara, 49.
- Cirlot, Juan-Eduardo (1988): *Diccionario de símbolos*. Barcelona: Editorial Labor.
- Dacosta Alonso, Marta (2009): “Construír unha patria. A poesía de Manuel María entre 1957 e 1977”, en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Manuel María: Literatura e nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade, 207-225.
- Forcadela, Manuel (2016): “Manuel María, sesenta anos de poesía”, *Diario da Universidade de Vigo* 16/V/2016 [Dispoñible en https://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=11375].
- Gamoneda, Antonio (2012): *Fonación, palabra e escritura, pensamento poético*. A Coruña: Trifolium.
- Gómez Torres, Camilo (1996): “Manuel María e o seu tempo”, en Alberte Ansedo e Cesáreo Saco (dirs.), *Historia da literatura galega*. [Vigo]: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra, v. 4, 1217-1248.
- (2001): *Manuel María: os traballos e os días*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- (2005): *O tempo vital de Manuel María*. Vigo: A Nosa Terra.
- López-Casanova, Arcadio (1994): *El texto poético. Teoría y metodología*. Salamanca: Ediciones Colegio de España.
- Manuel María (1972): *Terra Chá*. Lugo: Editorial Celta.
- (1989a) “O meu Celso Emilio Ferreiro”, en *Celso Emilio Ferreiro: común temos a patria*. Vigo: Promocións culturais galegas, 5-8.
- (1989b): *As rúas do vento ceibe*. Ourense: Galiza Editora.
- (2000): *Os soños na gaiola*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (2001a): *Obra poética completa I (1950-1979)*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2001b): *Obra poética completa II (1991-2000)*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2003): *A Terra Chá: Poesía e Paisaxe*. A Coruña: Real Academia Galega.

- (2011 [1993]): “Autopoética”, *Boletín Galego de Literatura* 9, 151-157, [Dispoñible en <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/996>].
- Martínez Pereiro, Carlos Paulo (2010): “A palabra deseñada e feita a man”, *Boletín da Real Academia Galega* 371, 185-200.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Millán Otero, Xosé Manuel (1995): “O contexto literario”, en Bernardino Graña, *Profecía do mar*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 19-44.
- Queixas Zas, Mercedes (2016): *Labrego con algo de poeta: biografía de Manuel María*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez Sánchez, Francisco (2004): “Manuel María. O grande poeta nacional”, *Terra e Tempo* 131, 14-15.
- Veiga, Manuel (1995): “Manuel María [entrevista]”, *A Nosa Terra* 690, 26-28.
- (2003): “Manuel María e o Deus das pequenas cousas”, en O Foro das Ideas e das Artes 5 [suplemento], *A Nosa Terra* 1090, 2-7.
- (2016): *Manuel María, buscando un país*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Vidal, Carme (2002): “Manuel María: «A literatura é unha loita contra a morte»”, *A Nosa Terra* 1014, 29. [Dispoñible en <http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/manuel-maria/paratextos/6586/a-literatura-e-unha-loita-contra-a-morte>].

A POESÍA ÚLTIMA DE MANUEL MARÍA. OS LIBROS QUE ABREN O SEU CANTO FINAL

Manuel López Foxo
Deputación da Coruña

Resumo: Este artigo pretende revalorizar os libros a través dos cales Manuel María renova a súa linguaxe poética durante a década de 1970 e os títulos cos que el contribúe ao cambio de dirección que ten lugar na poesía galega desa época. Segundo o autor deste traballo, a nova linguaxe poética na obra de Manuel María xa emerxe no libro *Informe para axudar a alcender unha cerilla*, que o poeta escribe en 1970. Podémola observar tamén nos versos de *Aldraxe contra a xistra* e *Laio e clamor pola Bretaña*, dúas obras escritas en 1972. Continúa e toma corpo coa colección de poemas *O libro das baladas*, escrito en 1973, manifestándose igualmente nas formas rupturistas da súa poesía máis militante (*Cantos rodados para aliados e colonizados* e *Poemas para construír unha patria*). E dá un paso xigantesco nos seus *Poemas ao outono*, que naceron e renaceron entre outubro de 1975 e mediados de 1976: vinte sonetos que abren de xeito definitivo a última etapa creadora do poeta, o seu canto derradeiro, un corpus lírico que mesmo nun período anterior á emerxencia da poesía da década de 1980 nos ofrece libros tan maravillosos como *Cecais hai unha luz*, escrito a mediados de 1979, e *Poemas da labarada estremecida*, producido en 1980.

Abstract: This paper asserts the books with which Manuel María renews his own poetic speech during the seventies and the titles with which he contributes to the change of direction that occurs in Galician poetry at that time. According to the author of this text, this new poetic language in Manuel María's work already emerges in the book *Informe para axudar a alcender unha cerilla*, the poet writes in 1970, we can also observe it in the verses of *Aldraxe contra a xistra* and *Laio e clamor pola Bretaña*, two works written in 1972, continues and acquires body with the poem collection *O libro das baladas*, written in 1973, also manifested in the breakup forms of his most militant poetry (*Cantos rodados para aliados e colonizados* and *Poemas para construír unha patria*), and takes a giant step in his *Poemas ao outono*, that were born and reborn between October 1975 and mid-1976, twenty sonnets that open definitely the last creative stage of the poet, his late canto, a lyrical corpus that even within that period before the emergence of the eighties poetry, offers us books as splendid

as *Cecais hai unha luz*, written in mid-1979, and *Poemas da labarada estremecida*, produced in 1980.

Palabras chave: Renovación da linguaxe poética, poesía última, viaxe interior.

Key words: Renewal of poetic speech, ultimate poetry, inward journey.

Manuel María é un poeta comprometido co seu país desde que, con só dezanove anos, nos días de agosto de 1949, en Outeiro de Rei, á beira do Miño, escribe o seu primeiro libro de poemas en lingua galega, *Muiñeiro de brétemas*. Seguramente nese momento era aínda moi fráxil a súa conciencia política de país, mais escribir nun idioma proscrito á altura de 1949 non deixa de ser un acto rotundo de compromiso co seu país, coa restauración da nosa lingua e da nosa literatura e coa defensa da nosa existencia como pobo. E desde entón ese será un compromiso inquebrantábel ao longo de toda a súa vida. O país, sempre o país. E foi precisamente esa súa vontade de servir ao país o que o levou a militar activamente desde comezos dos anos sesenta no nacionalismo galego, en todas as circunstancias persoais e políticas, por moi adversas que estas fosen, e tamén a ser un poeta que en moitas ocasións, durante a ditadura, elaboraba unha poesía onde os aspectos formais pasaban a un segundo plano para dese xeito lograr unha comunicación poética plena, para poder transmitir toda a forza e toda a verdade do seu canto a través dun discurso máis transparente, profundamente político, radicalmente patriótico. É unha poesía que nace sobre todo para cumprir unha función social, para furar no corazón e na conciencia do seu pobo. De calquera maneira, no conxunto da súa obra de poesía social e de intervención política –un corpus poético certamente moi amplo–, non hai un só libro de Manuel María onde non atopemos o brillo cegador da poesía, a luminosidade da palabra, poemas e libros de valor absoluto. É difícil atopar, por exemplo, á altura dos anos sesenta, dentro da poesía social e de denuncia, un texto tan poderoso e tan espléndido como “Acuso á clase media” ou un poema tan fermoso como o que Manuel María nos entrega baixo o título de “Ollos de nenos”:

Eses nenos labregos de ollos quedos
como o paso do Miño polas chairas
teñen unha fondura que me inqueda.
Ollos azuis como o ceo claro
dun abrente limpísimo de abril
ou dun azul de mar como o das rías.
Ollos mouros o mesmo que unha noite
de choiva e vento no corazón do inverno

nos que non hai o brillo dunha estrela.
 Ollos verdes que lembran mesmamente
 a luz, case sen vida, das camelias.
 Ollos cor cinza, mortas borralleiras,
 que o lume da alegría non queimou.
 Ollos pardos en todo semellantes
 aos montes ermos, tristeiros, penedíos
 nos que agroman apenas as carpazas.
 Non sei que de auga queda,
 de pozo escuro e insondábel
 teñen os nenos labregos de Galiza
 na lumieira cansa da súa ollada.
 Os nenos labregos son trasteiros:
 a súa infancia seméllase unha cárcere.
 Daralles tristura ollar a vida?
 Sentirán dor ao ollar a terra?
 Cecaís saben, ou talvez presenten,
 que comerán o pan dos emigrantes?

Non obstante, desde comezos da década dos setenta, Manuel María non é alleo á preocupación que existe entre a maioría dos poetas galegos por renovar a poesía galega, unha preocupación que se manifesta a través de obras máis elaboradas, en novas fórmulas de expresión poética e no cultivo dunha poesía cada vez máis intimista e de maior perfección e beleza formal. Este proceso renovador dentro da poesía de Manuel María aparece xa no libro *Informe para axudar a alcender unha cerilla*, que o poeta escribe en 1970, observámolo igualmente nos versos de *Aldraxa contra a xistra* e *Laio e clamor pola Breña*, dúas obras redactadas en 1972, continúa e colle corpo no poemario *O libro das baladas*, escrito en 1973, e dá un paso xigante nos *Poemas ao Outono*, que van nacemento e renacemento entre outubro de 1975 e mediados de 1976, nada menos que tras tres redaccións do libro, que afectan á maioría dos sonetos, un exercicio de reescritura que pon de manifesto que estamos ante unha vontade moi clara de contribuír a un novo discurso poético e a un novo ciclo dentro da poesía galega contemporánea. Ese esforzo alcanza finalmente o seu punto culminante no libro *Cecaís hai unha luz*, escrito a mediados de 1979, que as lectoras e os lectores de Manuel María non teñen a posibilidade de descubrir até o ano 2010, que é cando ve a luz da man da Fundación Manuel María de Estudos Galegos. Todos estes títulos preceden, como podemos observar, aos *Poemas da labarada estremecida*, un poemario redactado en 1980 e que moi frecuentemente se coloca como o primeiro título da última etapa

creativa do autor, o que, ao noso xuízo, non é correcto nin xusto, porque ignora toda esa vontade renovadora do poeta ao longo dos anos setenta, que mesmo se expresa nos seus libros de maior carga política, en obras como *Cantos rodados para aliados e colonizados* ou *Poemas para construír unha patria*, redactados nos últimos meses da ditadura franquista. Na nosa opinión, todos os libros que escribe Manuel María na primeira metade da década dos setenta conforman no seu conxunto unha obra poética de transición entre a súa poesía comprometida dos sesenta e a súa poesía última. Todo o que lle preocupou antes ao poeta como home comprometido coa súa xente e coa sorte do seu país, segue aí presente, e todo ese camiño que fai posteriormente cara a dentro, toda esa reflexión interior, está xa tamén aí. Nese sentido non se pode afirmar que cos libros que Manuel María escribe nos anos oitenta “parece querer incorporarse ás posteriores correntes líricas” (García 2016: 108) nin se pode dicir que “probabelmente os últimos libros de Manuel María [...] acompañan os seus andares ao ritmo dos novos” (Mato 2011: 154), porque ese cambio na súa poesía, esoutro ritmo no seu canto, xa se produce nos anos setenta. Observémolo, por exemplo, neste poema escrito en 1973, pertencente ao poemario *O libro das baladas*:

Estes meus beizos ardendo na mañá
a percurar a luz que acende o mundo
para iluminar estas pobres palabras
que gurgullan escuras no meu peito
como un torrón informe e amoroso
no que anxeio sementar caladamente
a miña colleita de soños e de ensoños,
a que somentes a nós nos pertence.
Estes meus ollos impuros, afeitos
a ollar tanta tristura e tanto frío,
tanta pedra insensíbel, tanto xeo,
tanta ruína imposíbel xa de restaurar.
Estes meus ollos murchos que andan
procurando a pureza azul do ceo claro
para non lixar, amor, a túa tenrura,
a que somentes a nós nos pertence.
Estas miñas maos, torpes e rudas,
enfouladas co po do meu país,
afeitas a remexer na porcallada,
a soste a vida que nos deron,
¿como han poder gardar o tesouro

que puxeche un día nos meus dedos,
a fe ilusionada que me deches,
a que somentes a nós nos pertence?
Este meu corazón, poldro salvaxe,
cervo que corre sen saber a onde,
fontaíña senlleira e rumorosa,
latexo encadeado e cantador.
Este meu corazón, tan pequeniño,
pode conterte a ti, que eres o mundo,
o universo enteiro, a vida toda,
a que somentes a nós nos pertence.
Tanto degaro iluminando estrelas,
tanto lume que cega, tanto soño,
tanta cinza aínda quente, tanta
sede infinda e insaciábel, tanta
inseguridade e tanto medo, está
aos teus pés como unha oferenda,
a que somentes a nós nos pertence.
Contempla, amor meu, a nosa vida,
a que tecemos con días e renuncias,
a que fixemos a forza de tenrura,
a que somentes a nós pertence.

Podemos comprobar, así mesmo, ese novo rumbo no discurso poético de Manuel María no libro *Poemas ao Outono*, talvez a obra que mellor reflicte esa transición, ou nestoutro poema do libro *Cecais hai unha luz*, elaborado en 1979:

Soamente a fonte é a orixe
da música amorosa
das palabras,
o misterio que a terra
garda na súa entraña
e sae á luz
para lle dar senso
ao caos neboento.
A fonte é a matriz
que endexamais cansa
e cumpre
sinxela e fatalmente

os ritos da existencia
nunca rematados
e comezados sempre.
As fontes son os ollos
abertos e estantíos
das entrañas da sombra
a contemplar o mundo.
As fontes son feridas
semellantes a beizos
das que agroma
o sorprendente sangue
das cancións namoradas,
xa claridade irreversíbel.

É imprescindíbel, pois, que dunha vez por todas situemos *Poemas ao Outono*, *Cecais hai unha luz* e *Poemas da labarada estremecida* entre as obras da poesía última de Manuel María, no pórtico do seu canto final, e que coloquemos igualmente estes tres títulos dentro do proceso de renovación que se produciu na lírica galega desde 1975. Foi esta unha das nosas teimas desde que comezamos a escribir deste noso poeta en 1980. Foi talvez a nosa principal obsesión en todo o que fixemos arredor de Manuel María, porque sempre nos pareceu unha grande inxustiza que a crítica galega ignorase unha e outra vez eses libros e o seu alento renovador. Só hai que ver que recensións críticas mereceron no momento da súa aparición os *Poemas ao Outono*, ou *O libro das baladas*, que aínda que foi escrito en 1973 publicouse cinco anos máis tarde, ou cal foi a atención crítica que mereceu en 1981 a obra *Poemas da labarada estremecida*. Que só Darío Xohán Cabana e Xulio López Valcárcel se ocuparan en 1978 d'*O libro das baladas*, no que non é difícil atopar algúns dos mellores e máis fermosos poemas que escribiu Manuel María; que un libro tan espléndido como *Poemas ao Outono* só merecera un artigo de Xulio López Valcárcel nas páxinas de *El Progreso*, que en 1981 só atopemos en toda a prensa de Galiza un único artigo sobre os *Poemas da labarada estremecida* ou que un poemario tan extraordinario como *Cecais hai unha luz* permanecera inédito máis de trinta anos, xa o di todo. Afortunadamente, hoxe podemos acceder aos *Poemas ao Outono*, a *Cecais hai unha luz* ou aos *Poemas da labarada estremecida*, mais, claro está, xa non os lemos como os podería ler un lector ou unha lectora se eses mesmos poemas tivesen unha outra receptividade crítica no momento da súa publicación, na época da aparición de *Con pólvora e magnolias*, *Mesteres* ou *Seraogña*. E non digamos xa que idea poderíamos ter da lírica de Manuel María á altura de 1979 e que impacto causaría a súa poesía na nova linguaxe poética que

daquela estaba a nacer se *Cecais hai unha luz* tivese unha edición xusto nese ano e o tratamento crítico que esa obra merecía e merece. Como nada disto sucedeu, Manuel María iniciou e fixo a súa última travesía como poeta escribindo a súa mellor poesía sen que ninguén se fixera eco dese seu tesouro poético nos círculos académicos e da crítica galega. E foi así, baixo unha inmensa lousa de silencio, no medio da máis absoluta indiferenza, cando non dun certo desprezo, como o poeta foi elaborando ano tras ano, desde 1975-76, algúns dos mellores libros de poesía da literatura galega do século XX: *Poemas ao Outono*, *Cecais hai unha luz*, *Poemas da labarada estremecida*, *Versos do lume e o vagalume*, *A luz resucitada*, *As lúcidas lúas do Outono*, *A Primavera de Venus*...

O silencio sobre a poesía de Manuel María mantívose activo desde mediados dos setenta até ben entrada a década dos noventa, coincidindo paradoxalmente co seu canto máis intimista e de maior altura lírica. Entre as trinta cartas que atravesaron o país desde Monforte de Lemos a Ortigueira, hai dúas nas que o poeta nos comenta a receptividade que está a ter o libro *A Primavera de Venus*, e faino desde o sentimento da decepción: “Tanto *A Primavera de Venus* como a *Antoloxía* (de Espiral Maior) están pasando desapercibidas”, dinos o poeta nunha carta datada o 29 de xullo de 1993. E noutra carta, escrita o 1 de setembro dese mesmo ano, agradécenos un artigo noso sobre *A Primavera de Venus* nas páxinas de *La Voz de Ortigueira*, e engade: “É o primeiro que se publica. E supoño que será o único. Por eso o meu agradecemento é especial”. Hoxe ese libro é, a xuízo dalgún crítico, o último dos seus mellores poemarios. Este foi o contexto no que Manuel María escribiu toda a súa última obra creativa, sen dúbida ningunha a súa poesía máis elaborada e máis luminosa. Certo que nunca lle faltaron lectoras e lectores ao poeta e que sempre gozou da popularidade e do aprecio e a admiración de moitísimas persoas, dentro e fóra do nacionalismo galego, dentro e fóra do país, mais si lle faltou a atención crítica que en xustiza merecían os seus libros. E é preciso dicilo aquí, na sede da Real Academia Galega: só Camilo Gómez Torres seguiu paso a paso, libro a libro, a obra toda de Manuel María, dedicando varias décadas da súa vida ao estudo da figura e a obra do poeta, un labor impagábel e do que desde hai anos nos nutrimos todas as persoas que escribimos ou falamos de Manuel María. De feito o estudo de meirande magnitude intelectual que se publicou este ano foi o libro *A poesía de Manuel María*, que recolle boa parte da tese de doutoramento de Camilo Gómez Torres. Cómpre lembralo neste Simposio e agradecer tamén o esforzo que fixo a Casa-Museo Manuel María para facer posíbel a súa edición.

Deixando á marxe a cuestión da receptividade, a principal tese que nós queremos expor neste acto é que a última etapa dentro da poesía de Manuel María, aínda que aflora xa en libros como *Laio e clamor pola Bretaña* e *O libro das baladas*,

escritos en 1972 e 1973, respectivamente, ábrese de maneira definitiva coa elaboración dos *Poemas ao Outono*, en 1975-76, inmediatamente despois de escribir os seus poemarios máis comprometidos coa loita política, que son tamén formalmente moi innovadores, moi rupturistas coas formas poéticas do socialrealismo. Aí, nese libro de sonetos que edita en Madrid a Agrupación Cultural Lóstrego, nunha edición moi humilde, mais moi digna, da que nos podería falar o poeta Cesáreo Sánchez Iglesias, está xa dunha forma moi clara a súa mirada cara a dentro, ese exercicio de reflexión espiritual, de coñecemento íntimo, que vai ocupar un espazo preponderante na obra poética de Manuel María desde a data de escritura deses poemas até os seus últimos libros. Así fala desta obra o seu biógrafo:

retorno ao universo íntimo, procura da verdade [...] Escritura interior na soedade e desde a soedade [...] todo o poemario –iniciado pero non concluído en tempo de outono–, é un contemplarse e realizarse no pouso íntimo que queda de tantos días vividos e gastados, de tantos soños frustrados ou esquecidos, de tantas luces e cores que visten a natureza outono a outono e que son xa parte da súa mesma esencia telúrica-outonal e humana. (Gómez 2016: 362).

Nós, pola nosa parte, nunca nos cansaremos de reivindicar esta obra como un lóstrego que ilumina todo o camiño que desde ese momento percorre Manuel María como poeta, unha viaxe na que emerxe constantemente a celebración do amor, a paixón pola vida, a vivencia do gozo, o sentimento da terra, a lembranza dos soños esquecidos, a luz que el máis amou, o ton elexíaco, o pesimismo e o presentimento da morte, un testamento poético e humano que se resume nun único desexo: “Que a vida non deixe de sorrir. / Que a morte se faga só rumor / que mainamente peche o existir”. Toda a súa traxectoria posterior como poeta nace deste desexo ou do que fai en versos como os seguintes:

Agora, que é tempo de soñar,
 recordo os Outonos xa vividos,
 os soños esbroados e perdidos
 que quixera, de novo, recobrar.
 [...]
 Deixádeme, pois, só, na soedade
 para poder descubrir a gran verdade
 do meu Outono, calado e amarelo.

Se o *Laio e clamor pola Bretaña* e *O libro das baladas* preludian unha nova expresión poética, con *Poemas ao Outono* Manuel María abre definitivamente un último

ciclo creativo na súa poesía, unha poética do corazón, da verdade, da vivencia persoal e da beleza. Velaquí unha obra espléndida, luminosa, escrita e reescrita amorosamente no final do franquismo, varios anos antes de que chegaran os poetas dos oitenta coa súa preocupación pola forma, pola feitura clásica, pola delicadeza verbal, polo paso do tempo, pola invocación da paisaxe ou polo cultivo da poesía amorosa. Por iso podemos falar incluso de *Poemas ao Outono* como un poemario precursor, que cómpre situarmos nese proceso de cambio que se produce na lírica galega dos anos setenta.

Manuel María non abandonará nunca a súa visión social e a súa preocupación polo país, endexamais, nin dará tampouco un só paso atrás no seu compromiso intelectual e político co nacionalismo galego, mais esa viaxe interior que tamén por ese tempo inicia o poeta, ese camiño cara a dentro, vai ocupar cada vez un lugar máis central e máis relevante nos seus libros. *Cecais hai unha luz*, unha obra elaborada en 1979, e os *Poemas da labarada estremecida*, escritos en 1980, son xa libros enteiramente líricos, obras dun altísimo poeta, a expresión máxima da beleza verbal e espiritual, co sentimento amoroso e coa celebración do mundo natural como temas principais desa nova poética. O poeta volve escoitar a música do río que cruzou lentamente a súa infancia, abre de novo os ollos con asombro diante da natureza, regresa á labarada sempre viva do amor, adéntrase nas néboas incertas do futuro e tece cunha gran finura unha palabra con outra, un poema con outro, un libro con outro, nun delicado e belísimo canto que medra e medra libro a libro durante toda a década dos oitenta e que no seu conxunto constitúe o canto final de Manuel María. Nós dixemos unha e outra vez, e afirmámolo de novo aquí, que a eclosión dese discurso renovador na obra poética de Manuel María prodúcese nos tres títulos que acabamos de citar (*Poemas ao Outono*, *Cecais hai unha luz* e *Poemas da labarada estremecida*) e alcanza o seu máis alto cume en libros posteriores, xa na década dos oitenta, en títulos como *Versos do lume e o vagalume*, *A luz resucitada* ou *As lúcidas lúas do Outono*. Para ilustrar esta tese, e para rematar esta miña intervención, permítanme que lea un novo poema de *Cecais hai unha luz*:

Ese ar fadado, case leve terra,
 en que sementamos
 a delicada flor da nosa voz,
 é a transparencia,
 toda a marabilla deste mundo.
 Esa auga lustral, que lava
 todos os lixos e morrallas
 e endexamais se gasta,
 é a pureza,

toda a virxindade deste mundo.
Ese lume ledó, chameante e vivo,
que aquece, queima, incendia
e non se apaga,
é a paixón,
toda a claridade deste mundo.
Esa terra humana que nos contén,
materia delicada e poderosa
con argumento de soños e cancións,
é a vida,
todo canto temos neste mundo.
E ese limpo amor que nos posúe
e que nace misteriosamente
na sagrada fonte de nós mesmos,
é o noso ser,
a única verdade deste mundo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- García-Bodaño, Salvador (2016): “Evocación de Manuel María”, en Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.), *Manuel María. Cecais hai unha luz. Memorabilia*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXV. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 105-110.
- Gómez Torres, Camilo (2016): *A poesía de Manuel María*. [Outeiro de Rei]: Casa-Museo Manuel María.
- Mato Fondo, Miguel A. (2011): *Señardade da luz (A obra poética de Manuel María)*. A Coruña: Asociación cultural Alexandre Bóveda.

TRAVESÍA ATÉ MAR MAIOR: CONTEXTO LITERARIO E BIOGRÁFICO DO PRIMEIRO MANUEL MARÍA

Rosalía Fernández Rial
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Este artigo presenta un percorrido bio-bibliográfico a través dos sete libros de poemas publicados polo poeta Manuel María na década que abrangue desde os anos 50 até comezos dos 60. Dun xeito máis específico céntrase nos títulos seguintes: *Muiñeiro de brétemas* (1950), *Morrendo a cada intre* (1952), *Advento* (1954), *Terra Chá* (1954), *Documentos persoais* (1958), *Libro de pregos* (1962) e *Mar Maior* (1963).

O enfoque adoptado fundaméntase no concepto de intertextualidade acuñado por Bajtín e establece certos vínculos literarios entre os libros citados e outras obras co fin de que esas relacións nos permitan afondar na comprensión da escritura do autor protagonista ao tempo que dilucidan aspectos do contexto vital e literario onde Manuel María se insire no período referido.

Finalmente, cómpre aludir a que o modo de expresión empregado para transmitir os citados contidos se sitúa nun estilo literario e cunha tendencia ao simbólico e metafórico, sen perder o rigor inherente ao ámbito académico e ao eido da investigación filolóxica.

Abstract: This paper presents a bio-bibliographic review of the seven poetry books published by poet Manuel María from the early 50s to the early 60s. Specifically, it focuses on the following works: *Muiñeiro de brétemas* (1950), *Morrendo a cada intre* (1952), *Advento* (1954), *Terra Chá* (1954), *Documentos persoais* (1958), *Libro de pregos* (1962) and *Mar Maior* (1963).

The adopted approach is based on the concept of intertextuality coined by Bakhtin and provides several literary links between the aforementioned books and other works in order to have a better understanding of the author's writing. Furthermore, those relations can clarify certain aspects of Manuel María's living and literary environment in the studied period.

Lastly, it must be noted that the mode of expression used to convey these contents will have a literary style and a tendency towards symbolism and metaphor, without forgetting the rigor expected from academia and philological research.

Palabras chave: Literatura galega, poesía, intertextualidade, biografía, Manuel María, crítica literaria.

Key words: Galician literature, poetry, intertextuality, biography, Manuel María, literary criticism.

Teño un barco de xoguete
e nel me quero embarcar.
Polos mares dos meus soños
iquen me verá navegar!
Navegarei por mil ríos,
sete mares hei cruzar.
¡No meu barco de xoguete
cansarei de viaxar...!

Manuel María

Do que nunca cansarei é de regresar, unha e outra vez, ás voces de Manuel María. Quizais porque soan, en cada lectura, dun xeito diferente; infindo e poliédrico, coas cen faces do diamante poético en polifonía coral.

Cos seus versos e o LP dos *Soños na gaiola* dando voltas no tocadiscos dunha infancia xeracional quixera navegar, nesta miña década dos vinte aos trinta anos presentes á vintena e trintena do autor admirado. Sobre o “barco de xoguete” do oficio filolóxico e literario dispoño a navegar os “sete mares” dos sete libros de poemas principais que publicou o autor chairego entre os anos 50 e comezos dos 60: *Muiñeiro de brétemas* (1950), *Morrendo a cada intre* (1952), *Advento* (1954), *Terra Chá* (1954), *Documentos persoais* (1958), *Libro de pregos* (1962) e *Mar Maior* (1963).

A través dos “mil ríos” que o poeta nacional nos outorga, despregarei distintos fíos dunha mesma rede crítica para trazar un estudo-travesía en diferentes direccións. Así, tratarei de tecer o compoñente biográfico de Manuel María coas obras líricas citadas e con algúns escritores implícita ou explicitamente referenciais nos versos do bardo outeirés. Materializaremos, dese xeito, nesta última pretensión, a propiedade que Bajtín consideraba inherente a todo produto textual; a intertextualidade. Unha condición imprescindible para comprender a un creador que, como receptor literario declara posuír unha “capacidade de entusiasmo case ilimitada” (2001a: 11).

Precisamente ese entusiasmo de Manuel María por “cultivarse” (e o termo non é gratuito, nun poeta tan enraizado no contexto rural galego) condúcenos a un dos primeiros enredos da intertextualidade referida:

A comezos da década dos 50, Manuel María vivirá unha forte crise persoal provocada polo falecemento do seu irmán, o cal o conducirá, en parte, a procurar un determinado tipo de lecturas na biblioteca do seu tío, titor seu desde a morte do pai. Como recolle Queixas (2016: 47) dun escrito que o propio autor nos deixou:

Todo o despertar da adolescencia á vida sexual, á intelectual, o non atoparme conforme co mundo en que vivía (tanto no aspecto político como no relixioso), produciu en min unhas crises terribles. Isto levoume a assimilar moi ben a filosofía existencialista [...]. Na biblioteca de meu tío crego, atopei algúns libros de Heidegger, unha obra de divulgación que era a *Existencia trágica*, de Delp, e algunhas obras de Unamuno [...].

Pois ben, para min nesta declaración do noso Poeta, existen varios factores determinantes dentro das obras que imos analizar a continuación:

–Por unha banda a influencia do “existencialismo”, unha corrente de pensamento subxacente nos sete poemarios que imos analizar pero que, ao mesmo tempo, nos serve para clasificar esas obras líricas en dúas etapas fundamentais:

Un primeiro existencialismo máis marcado e focalizado no “eu lírico”, conxugado con imaxes surrealistas, tal e como establece Armando Requeixo¹ e que está presente en: *Muiñeiro de brétemas*, *Morrendo a cada intre* e *Advento*.

E unha segunda fase con máis variedade en fondo e forma onde o intimismo e o existencialismo seguen presentes como contido pero cunha expresión que aposta polo accesible e sinxelo. Enmarcaríamos aí: *Terra Chá*, *Documentos persoanaes*, o *Libro de pregos* e *Mar Maior*.

Todo isto sendo sempre conscientes da poliédrica condición da obra de Manuel María, tan difícil de sistematizar en moitas ocasións.

–Por outra banda, e sen perder de vista o argumentado, quixera destacar, precisamente, un factor que, penso, pode abrir novas perspectivas de análise menos taxonomistas e quizais por iso tanto ou máis apropiadas para comprender a obra do noso Poeta. Así, retomando a cita, e seguindo o modelo aludido, estendo outra das referencias intertextuais. Alude Manuel María á súa lectura do ensaio unamuniano. Nesa liña, se ben os principios ideolóxicos de ambos os autores son moi distantes, existe un concepto acuñado polo autor da xeración do 98 española que pode resultar de utilidade para a singradura que estamos xa a emprender:

Trátase do concepto de “Intrahistoria”, metaforizado do seguinte xeito en comparación coa Historia:

1 Na seguinte ligazón: <http://armandorequeixo.blogaliza.org/2016/10/06/a-escrita-multiple-de-manuel-maria/>

As ondas da historia, co seu rumor e a súa espuma que reverbera ao sol, rodan sobre un mar continuo, fondo, inmensamente máis fondo que a capa que ondula, sobre un mar silencioso e a cuxo último fondo nunca chega o sol. Todo o que contan a diario os xornais, a historia toda do “presente momento histórico”, non é senón a superficie do mar, unha superficie que se xea e cristaliza nos libros e rexistros [...]. (Unamuno 1895 [1991]: 51).

Os xornais nada din da vida silenciosa dos millóns de homes sen historia que a todas horas do día e en todos os países do globo se erguen a unha orde do sol e van aos seus campos a proseguir o escuro e silencioso labor cotián e eterno, ese labor que como o das madrêporas suboceánicas, bota as bases sobre as que se alzan os illotes da historia. Sobre o silencio augusto, dicía, apóiase e vive o son; sobre a inmensa humanidade silenciosa érguense os que fan ruído na historia. Esa vida intra-histórica, silenciosa e continua como o fondo vivo do mar, é a sustancia do progreso, a verdadeira tradición, a tradición eterna...”. (1985 [1991]).

En efecto, esa vida intrahistórica de Outeiro de Rei, esa tradición galega, perfectamente sintetizada dun modo simbólico na Casa de Hortas e a Tribo Chairega á que aluden biógrafos como Queixas (2016) está omnipresente nos sete poemarios transitados e é unha característica fundamental destes. Feito que, por certo, nos remite directamente á vida de Manuel María e que volve dividir as obras nunha clasificación semellante á aludida, pois é a partir de 1953 cando se intensifica o reencontro coa vida chairega, coas raíces, e é nese momento cando se incrementa a produción do Poeta.

Se ben, cómpre anotar e ter presente que esa travesía, ese fondo mariño silandeiro da vida chairega transcende tamén a superficie oceánica da historia e é a nosa obriga afianzar tal transvase, en retroalimentación constante: desde a Casa de Hortas á Real Academia Galega, da terra labrega ao agromo da historia literaria do país.

Vida, lecturas e obra de Manuel María, pois, como trama e urdidoira dunha rede textual e biográfica coa que navegar polos “sete mares” sobre “barcos de xoguetes”, “sen saír do fogar”.

Como xa se anunciou ao comezo, consideramos que eses “sete mares” poéticos son susceptibles de dividirse en dous grandes océanos literarios: por unha banda *Muiñeiro de brétemas*, *Morrendo a cada intre* e *Advento*. E, por outra: *Terra Chá*, *Documentos personaes*, o *Libro de pregos* e *Mar Maior*. Temos, así, un:

1.

Océano surrealista e existencial: *Muiñeiro de brétemas*, *Morrendo a cada intre e Advento*.

En coherencia con todo o anotado e, como contexto biográfico xeral, *Muiñeiro de brétemas* foi escrito, segundo o propio autor, nos meses de verán en Outeiro de Rei, á beira do Miño. Daquela Manuel María tiña tan só 19 anos e acababa de rematar os estudos de bacharelato en Lugo, onde comezara a participar en diferentes tertulias literarias tras pronunciar en público un relatorio inicial sobre Juan Ramón Jiménez e a Vangarda na literatura española.

Sobra recordar que Juan Ramón Jiménez foi un referente indubidable para a Xeración Poética do 27; unha nómina de autores aos que Manuel María chegará a través do seu mestre Lázaro Montero. Todas esas referencias son constantes en *Mar Maior*; incluso no propio tratamento dese símbolo mariño, que abrangue desde a dimensión metafísica juanramoniana até o máis exaltado e mimético do real presente en Alberti.

E se queremos fiar aínda máis fino dentro da rede intertextual, decatáronos de que, curiosamente, Juan Ramón Jiménez foi un admirador declarado da obra de Rosalía de Castro, como testemuña en *El Modernismo. Notas de un curso* (1953). E Manuel María, á súa vez, confesa que cando escribiu *Muiñeiro de brétemas* entre as súas lecturas ocupaba un lugar predilecto Rosalía de Castro e, por suposto tamén, algún poema de Manuel Antonio. Vangarda galega por excelencia.

Máis alá, no manifesto por excelencia da *Avant-garde* Atlántica, Manuel Antonio. Na travesía por antonomasia *De catro a catro*:

O cadavre d'o Mar
fixo d'o barco un cadaleito
Fume de pipa Saudade
Noite Silenzo Frío

De catro a catro a Muiñeiro de brétemas. De Manuel Antonio a Manuel María:

E se non cantan os grilos
é porque a miña chalana
quedouse en algún esteiro.
Fume azul
e promesas
enguedelladas
nas silveiras.

Versos chairegos que desembocan en mar interior, entre silveiras. Sempre coa pegada persoal de Manuel María, intrahistoria outeiresa, supra-Historia galega e tras-Atlántica. Recordemos, neste punto, que *Muiñeiro de brétemas* é o primeiro libro publicado en galego por un mozo despois da Guerra Civil.

Alén diso, descrito surrealismo mariño e interno, esas imaxes vangardistas e esencialmente galegas, esténdense, aínda que dun xeito diferente até *Morrendo a cada intre* e *Advento*.

O primeiro, rematado de escribir en 1950 xorde, como apunta Milo Valdonesos e se recolle nas obras completas de Manuel María (2001), no marco dunha Galicia erma de cultura e cuxa única saída é a emigración. Un contexto onde os únicos signos de galeguidade resisten en círculos culturais reducidos, especialmente nas tertulias nas que Manuel María continúa a participar no Lugo de Luís Pimentel, Ánxel Fole ou Ánxel Johán, coordinador de Xistral.

Ese cadro de resistencia, a loita social e a vontade de renovación son, por tanto, constantes neste poemario:

O mundo é unha bota de montar
ou o baile de pensamentos sen fiestras
nin claridades de horas definidas

Unha imagoloxía que se enreda, en gran medida, co *Poeta en Nueva York* lorquiano, cume do rupturismo surrealista e de tinte social. “Bota de montar” coa que Manuel María cabalga o simbolismo ecuestre do granadino, mundo mascarón e danza onírica:

el abollado mascarón danzaba.
Medio lado del mundo era de arena,
mercurio y sol dormido el otro medio

Xogos hipnóticos presentes tamén en *Advento*: “Todas as imaxes / semelláranse aos espellos / máis atroces” [...] “Haberá alcohol e transatlánticos famentos de primaveras e de sangues”. [La sangre no tiene puertas en vuestra noche boca arriba.]

Precisamente eses “transatlánticos famentos de primaveras e de sangues” recórdannos que a nosa travesía debe continuar, segundo océano a través.

2.

Quédannos por transitar os poemarios da última fase: *Terra Chá*, *Documentos persoais*, *Libro de pregos* e *Mar Maior*.

E chegado este momento, quixera regresar ao poema de partida: “Andiven tódolos mares! / Xa cansei de navegar / co meu barco de xoguete / sin salir do meu fogar!” > Como se a travesía, efectivamente avanzase dun xeito circular. Como o *Arredor de si* de Otero Pedrayo, este último océano desemboca por completo na Terra Chá.

Si, certo, a intrahistoria, o fondo mariño chairego resulta omnipresente na obra do Poeta, mais un poemario que leva por título *Terra Chá* e cuxas voces líricas emanan da forza telúrica máis auténtica e enraizada obrígannos a contemplar o tecido da literatura coa paisaxe, coas xestas, lagos e piñeiros.

Enlazando coas palabras de Ánxel Fole: *Terra Chá* caracterízase por “un xeito máis puro de sentir e expresar as cousas. Unha fontenla de auga cristalina que remanece dunha fenda do monte”.

Desde o punto de vista do enredo crítico, gustaríanos aludir ao coñecido estudo de Aurora López e Andrés Pociña (2010: 102-104) sobre a intertextualidade en Rosalía, que despois de transitar todas as Rosalías-Esproncada, Heine, Hölderlin ou Machado establecidas por Carvalho Calero ou Rodríguez Fer chegan á Rosalía-Rosalía. Conclúen, así, por entender a Rosalía desde a súa voz propia e auténtica.

Tamén eu –navegar–. Tamén eu comprendo chegado a este punto da Singratura ao Manuel María-Manuel María.

Ao Manuel María-*Terra Chá*: *A Terra Cha somentes é: / un povo aquí, outro acolá*,

Ao Manuel María que amosa o carné de identidade nos *Documentos persoais*:

Eu son Manuel María. Nacín no 29, o 6 de Outono, en Outeiro de Rei da Terra Chá. Son dunha caste rexa de labregos fieles á súa terra e ao seu Deus. Agora son un namorado.

Un namorado da terra, si. Mais un namorado tamén de Saleta, a quen coñece no 53, un ano antes de escribir esas palabras. No 53 ambos namoran e no 59 casan e instálanse en Monforte... Será alí cando aumente a súa produción e, a súa poética derive no *Libro de pregos* e en *Mar Maior*.

–O primeiro supón unha volta ao existencialismo mais agora cunha orientación marcadamente relixiosa: “¡Deus: miña paixón, miña agonía!”. Un vocativo

constante, interrogante, a maior parte das veces desolado. Orixinariamente por aquela morte inexplicable do irmán.

—O segundo, *Mar Maior*, a nosa chegada a porto, a rede desde o Mendiño que abre o libro —“Non hei barqueiro nin remador; / morrerei fremosa no mar maior...”— e a relación de todo o comentado:

O Manuel María-Manuel María, cunha voz propia, inconfundible que fai transcender a intrahistoria do fondo mariño chairego coa historia da Galiza á que constantemente canta, sen esquecer o existencialismo e a soidade sempre presentes:

Estou entre a néboa aquí en Galiza [...] Profesei de labrego dende neno / na miña Terra Chá, senlleira e longa. Por sucos teño as miñas veas, unha soidade fonda

—Non hei barqueiro nin remador;
morrerei fremosa no mar maior...—

Mais teño, agora si, a voz poética do Manuel María-Manuel María, o “barco de xoguete” que nos permite transitar, unha e outra vez, os mares dos seus versos, sen saír do fogar. Co LP dos *Soños na gaiola* dando voltas no tocadiscos dunha infancia xeracional, rodando, “arredor de si”, nunha travesía circular:

Teño un barco de xoguete
e nel me quero embarcar.
Polos mares dos meus soños
iquen me verá navegar!
Navegarei por mil ríos,
sete mares hei cruzar.
¡No meu barco de xoguete
cansarei de viaxar...!

Manuel María

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Bajtín, Mijaíl (1979): *Estética de la creación verbal*. México: Siglo XXI.
- García Lorca, Federico (1940): *Poeta en Nueva York*. México: Ed. Séneca.
- Manuel Antonio (1928 [2016]): *De catro a catro*. Santiago de Compostela: Alvarrellos editora / Consorcio de Santiago.
- Manuel María (1950): *Muiñeiro de brétemas*. Pontevedra: Colección Benito Soto.
- (1952): *Morrendo a cada intre*. Lugo: La Voz de la Verdad.
- (1954): *Advento*. Buenos Aires: Galicia do Centro Galego de Buenos Aires.
- (1954): *Terra Chá*. Lugo: Ediciones Celta.
- (1958): *Documentos persoais*. Lugo: Ediciones Celta.
- (1962): *Libro de pregos*. Lugo: Ediciones Celta.
- (1963): *Mar Maior*. Vigo: Galaxia.
- (1968): *Os sonhos na gaiola*. Lugo: Cartonaxes Anmi.
- (2001a): *Obra poética completa I (1950-1979)*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2001b): *Obra poética completa II (1991-2000)*. A Coruña: Espiral Maior.
- Jiménez, Juan Ramón (1953): *El Modernismo. Notas de un curso*. Madrid: Aguilar.
- Pociña Pérez, Andrés e Aurora López López (2010): “Cara a unha Rosalía sen deturpacións”, *Galegos = Gallegos* 10, 102-104.
- Queixas Zas, Mercedes (2016): *Labrego con algo de poeta: biografía de Manuel María*. Vigo: Galaxia.
- Unamuno, Miguel de (1895/1991): *En torno al casticismo*. Madrid: Espasa-Calpe.

MANUEL MARÍA: BIOGRAFÍA E OBRA

Camilo Gómez Torres

Resumo: O presente traballo ofrece un percorrido pola traxectoria vital de Manuel María seguindo un fío cronolóxico. Nas liñas que veñen a continuación preséntase a súa ampla produción literaria, que abrangue poesía, teatro, narrativa e ensaio, e ao mesmo tempo salientáanse os dous ideais que inspiraron a súa vida e a súa obra: o amor por Galiza e a militancia a prol do país.

Abstract: This paper offers in a chronological order a journey through the life of Manuel María. His vast literary production, which includes poetry, theatre, narrative and essay, is showed in the following pages. The paper also focuses on the two ideals that inspired his life and work: the love for Galiza and the commitment on behalf of his country.

Palabras chave: Galiza, literatura, política e sociedade, biografía, Manuel María.

Key words: Galiza, Literature, Politics and society, biographyb Manuel María.

Dicir Manuel María é dicir poeta, narrador, dramaturgo, xornalista, mestre, divulgador cultural, político, procurador dos tribunais, editor, cidadán e incansábel peregrino dos camiños de Galiza e o mundo.

Os máis notábeis e significativos acontecementos da vida galega da segunda metade do século XX poden ser contados desde o miradoiro da súa traxectoria vital. Por tanto, achegarse a Manuel María é achegarse íntima e paradigmaticamente á vida galega da segunda metade do século XX, vida da que foi un entusiasmado, activo e sempre disposto protagonista.

1929-1948

Manuel María (Manuel María Fernández Teixeiro) nace en Outeiro de Rei (Lugo) o 6 de outubro de 1929. É o primeiro fillo de D. Antonio Fernández Núñez e D.^a Pastora Teixeiro Casanova, labregos acomodados. En 1931, 1934 e 1938 nacen os seus irmáns Xosé María, Antón María e Xesús María.

A súa infancia, rural e labrega, é feliz, grazas á posición acomodada da familia, economicamente forte e socialmente respectada (o pai era o alcalde da vila).

Comeza a escola en Outeiro. Logo, vai á de Rábade para preparar o exame de Ingreso no Instituto de Lugo. Nesta escola, que rexenta D. Xoán Bautista Núñez Varela, os sábados pola tarde o mestre failles ler e comentar textos literarios galegos da *Literatura galega* de Carré Aldao e a *Antoloxía* de Álvaro de las Casas. Na casa, o pai ten un exemplar dos *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro e algunhas pezas teatrais de Carré Alvarellos.

A súa personalidade literaria comeza a perfilarse nestes encontros semanais coa literatura galega; tamén serán decisivas as “clases de retórica poética aplicada” que nas sextas do verán recibirá de Manuel de Paderna, traballador na súa casa e, entre outros moitos oficios, poeta.

En 1942 fai o exame de Ingreso e inicia o Bacharelato no Instituto Masculino de Lugo, instalado no Pazo de Deputación ata 1951. Antes de rematar o curso, en maio, morre o seu pai e faise cargo da súa educación o seu tío paterno, D. Xosé, crego, profesor de Filosofía no Instituto Feminino e fundador da Igrexa da Milagrosa, de Lugo. Con el vivirá ate 1958, ano da súa marcha para Monforte. Despois de varios anos como alumno do Colexio Marista (o primeiro ano está internado), retorna ao Instituto ao comezar o curso 1947-48 para rematar o bacharelato.

Nestes anos, dedica gran parte do seu tempo libre á lectura. O seu tío dispón dunha excelente biblioteca, de temática relixiosa e filosófica fundamentalmente, pero tamén literaria. O profesor de Literatura do Instituto, D. Lázaro Montero, achégalle obras de clásicos españois e da Xeración do 27.

1949-1963

1949 é un ano transcendente na vida de Manuel María. Con só dezanove anos:

- pronuncia a súa primeira conferencia no Círculo de las Artes de Lugo: fala sobre a poesía de Juan Ramón Jiménez e as vangardas españolas;
- invitado polo poeta Luís Pimentel, presente na conferencia, intégrase na tertulia luguesa do café Méndez Núñez, tertulia na que participan escritores e artistas como Ánxel Xohán, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro e tamén Ricardo Carballo Calero e Aquilino Iglesia Alvariño, que daquela exercían a docencia en Lugo;
- crea, con Manuel Antonio Sopena, a revista *Xistral* (da que só poden sacar dous números por problemas económicos); no segundo número publica o seu primeiro poema galego (“Cantiga derradeira”);

- escribe o seu primeiro libro de versos, *Muiñeiro de brétemas*, que sairá ao ano seguinte na colección Benito Soto, de Pontevedra, libro que inicia a Escola da Tebra de poesía existencialista galega;
- e sae a súa primeira colaboración xornalística en *El Progreso*, de Lugo, sobre un libro de poemas de Luz Pozo...

Mais non todo é positivo neste 1949: diante da negativa do seu tío de pagarlle os estudos universitarios se non facía Dereito, matricúlase como alumno libre na facultade de Filosofía e Letras de Santiago, pero os resultados son negativos e abandona o proxecto. Deste fracaso dará testemuña no seu segundo poemario *Morrendo a cada íntre*, que publicará en 1952, e ao que pertencen estes versos:

Se escribo estes poemas
é para poder librar-me
deste odio fatal que levo dentro
como unha maldición de Deus omnipotente.

Mais, os proxectos e traballos seguen.

En 1950, crea, coa colaboración de Ánxel Xohán, a colección de poesía Xistral, que saca cinco libros de versos galegos entre 1952 e 1955.

O servizo militar lévao en 1952 a Parga e Santiago, na compañía de Uxío Novoneyra, ao que trata desde os anos de estudantes de bacharel. En Santiago relaciónase, desde a tertulia do café Español, cos escritores da Xeración Nós e coa intelectualidade compostelá: Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brei, Ramón Piñeiro...

En Santiago coñece ao pintor Carlos Maside que deixa nel unha intensa pegada: Maside, nos seus longos paseos, achégao á imaxe real e verdadeira de Galiza, ao pensamento nacionalista e socialista, e reafirma racionalmente o seu compromiso sentimental e telúrico, sentido a través do idioma e a natureza, coa concepción de Galiza como nación con lingua, cultura, historia, costumes e economía de seu.

En 1954, de novo en Lugo, inicia os estudos e prácticas de Procurador dos tribunais, profesión que comeza a exercer en Monforte en xaneiro de 1959. Entre 1954 e 1958, ademais dos estudos e prácticas de Procurador, ademais de atender á saída dos títulos da colección Xistral, ademais de axudarlle ao tío crego nos traballos administrativos da parroquia, os traballos de Manuel María focalízanse arredor da creación literaria e das colaboracións xornalísticas, gran parte delas pagadas.

E chega o amor. En 1956 Manuel María coñece a Saleta Goi García. O encontro de Saleta e Manuel María ten lugar nos salóns do Méndez Núñez, café onde

se celebraban as tertulias. Despois de varios meses de relación epistolar que une Lugo e A Pastoriza, fanse noivos. Vinte e cinco anos despois, o amor ten expresión poética nos fermosísimos *Poemas da labarada estremecida* (1981), parte importante do seu rico cancionero amoroso.

Saleta e Manuel María casan o día 9 de maio de 1959 en Lugo e fixan a residencia en Monforte, onde Manuel María vivía dende comezo de ano por mor do exercicio da profesión de Procurador dos Tribunais.

Os primeiros anos monfortinos non son doados: a precariedade do traballo profesional obriga a dar clases de Literatura nas academias monfortinas durante dez anos; ao tempo, mantén as colaboracións xornalísticas e fai durante dúas temporadas un programa na radio local monfortina. Mais, aínda que as necesidades económicas son moitas, rexeita o cargo de xefe de programación de La Voz de Vigo, cargo moi ben remunerado, porque esixía a afiliación á Falanxe.

Nestes anos, Manuel María escribe ademais dos dous poemarios xa citados (*Muiñeiro de brétemas* e *Morrendo a cada intre*) outros: *Libro de pregos* (1962), *Advento* (1954), *Poemas a Compostela* (1993), *Poema ó Miño* (publicado en 1996 como *O Miño canle de luz e néboa*), *Terra Cha* (1954), *Documentos personaes* (1958) e *Mar Maior* (1963). Dous máis, *Entre a arxila e a luz* e *Camiños de luz e sombra*, escritos en 1957 e 1959 aparecerán en 2002 e 2001, respectivamente. E inédito segue aínda *Elexías*.

Ao tempo, poemas seus aparecen tamén nas revistas *Alba* (Vigo), *Alborada* (Barcelona), *Atlántida* (A Coruña), *Aturuxo* (Ferrol), *Cántico* (Córdoba), *Céltica* (Porto), *Galicia* (Buenos Aires), *Ínsula* (Madrid), *Papeles de Son Armadáns* (Palma de Mallorca) ou, entre outras, *Quatro Ventos* (Braga) e *Vieiros* (México); e nos xornais *Correo de Galicia* (Buenos Aires), *De Frente* (Montevideo), *El Ideal Gallego* (Lugo-A Coruña), *El Progreso* (Lugo), *La Noche* (Santiago), *La Región* (Ourense) etc.

Como dramaturgo, publica as primeiras pezas breves da serie “autos”: *Auto do taberneiro* (1957), *Auto do labrego* (1961) e *Auto do mariñeiro* (1961).

Especial atención ten o plano xornalístico. Nestes anos temos documentados arredor de 265 artigos en *Vida Gallega* (Lugo), *El Ideal Gallego* (A Coruña), *El Progreso* (Lugo) e outros medios galegos e exiliados

Nestes anos participa en 33 actos culturais.

1964-1977

Desde 1950 un grupo de galeguistas e nacionalistas galegos, entre os que está Manuel María, reúnen cada 25 de xullo en Santiago para asistir á Misa de Rosalía. Co tempo, este encontro irá afirmándose e reconfigurándose para converterse desde 1968 no Día da Patria Galega.

Ao tempo, os nacionalistas promoven novas asociacións culturais en Vigo, Pontevedra, Ourense e Ribadavia, e organizan cursos de lingua, ciclos de conferencias, debates, recitais, concursos literarios, mesas redondas, ciclos de cinema etc.

O traballo cultural de Manuel María medra. Se entre 1949 e 1963 protagoniza 33 actos culturais, entre 1964 e 1977 intervén en 162, que o levan por toda Galiza, ademais do País Vasco, Cataluña, Suíza, Bretaña e Portugal, principalmente. As conferencias e aulas son os actos máis demandados, cunha temática moi variada: as Irmandades da Fala, a Xeración Nós, a emigración e os seus efectos económicos e sociolóxicos para Galiza, o Século XIX, a poesía galega, Castelao, o teatro galego, o Rexurdimento, o ensino, Cabanillas... Temas que evidencian o saber enciclopédico que Manuel María foi atesourando no seu intelecto.

Manuel María acepta cada invitación ou chamada recibida desde calquera punto de Galiza. Intervén na presentación de Raimón no concerto que dá en maio de 1967 diante de dous mil estudantes universitarios galegos. E tamén nos actos de presentación da Nova Canción Galega no nadal de 1968 en Santiago e en xaneiro de 1969 en Madrid. Co acto celebrado en Madrid chegan as represalias franquistas: por unhas supostas alteracións da orde pública, Gobernación imponse unha multa de 75.000 pesetas que tivo que pagar e pagou coa axuda de amigos de dentro e fóra de Galiza.

En 1968 crea as Edicións Xistral e comeza a publicación da colección de poesía Val de Lemos, na que saen doce libros de versos entre 1968 e 1975 de autores preferentemente novos como Fiz Vergara Vilariño, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo..., e tamén de poetas consagrados: Celso Emilio Ferreiro, Bernardino Graña e o propio Manuel María, entre outros.

Ao pechar esta colección, en 1975, co libro de versos *Non vexo Vigo nin Cangas*, de Bernardino Graña, doa ao recién creado Frente Cultural da Asemblea Nacionalista-Popular Galega (AN-PG) a propiedade de Edicións Xistral, co fin de dotar ao nacionalismo galego dun soporte editorial, imprescindible para o seu desenvolvemento cultural e político.

En colaboración coa casa discográfica catalá EDIGSA, inicia a edición de discos da Nova Canción Galega, sendo o primeiro disco desta colaboración os seus *Poemas ditos coa súa voz*.

En 1970 inaugura en Monforte a Librería Xistral, co fin de achegar o libro galego ás xentes do Val de Lemos.

Neste ano a Real Academia Galega noméao correspondente, segundo a proposta presentada dous anos atrás polos académicos Xosé M.^a Álvarez Blázquez, Fermín Bouza Brei e Francisco Vales Villamarín.

E segue a escribir. O amor e a defensa de Galiza explican a existencia da súa obra poética, que, ao ser censurada en parte ou totalmente polo aparato de control da ditadura franquista, ten que acollerse aos camiños do exilio: *Versos pra un país de minifundios* (1969), *Versos pra cantar en feiras e romaxes* (1969) e *Remol* (1970) teñen que saír en Buenos Aires e Montevideo; en Galiza só aparecen *Proba documental* (1968), *Os sonhos na gaiola* (1968) e *Canciós do lusco ó fusco* (1970). Inéditos seguen dous libros de poemas: *Acusación privada* e *Palabras pra lle decir á propia terra*.

E ese amor por Galiza tamén explica os tres relatos curtos: *As augas van caudales* (1965), *Os alugados* (1966) e *O Xornaleiro* (1971) que escribe a mediados dos sesenta, nos que conta as loitas dos labregos contra dos encoros, os traballos das cuadrillas de segadores que cada verán ían facer as segas traballando de sol a sol e a vida dun neno labrego inmerso nun universo de miseria. O terceiro saíu en Buenos Aires, despois de recibir o Premio de Narrativa do Centro Galego de Buenos Aires 1969.

No campo teatral cómpre destacar *Barriga Verde* (1968), farsa na que recrea as súa vivencias como espectador do teatriño do Barriga Verde, habitual nas festas do San Froilán lugués até 1954.

E nos setenta, os seus traballos seguen.

Segue a cultivar a poesía coa mesma intensidade de outrora; dos nove poemarios escritos, consegue publicar sete condenados a apareceren no exilio: *Odas pra un tempo de paz e de ledicia* (Porto, 1972); *Aldraxe contra a xistra* (Xenebra, 1973), *Informe pra axudar a alcender unha cerilla* (Montevideo, 1973) e *Laio e cramor pola Bretaña* (Lisboa, 1973). En Galiza só saen despois de 1975: *Cantos rodados pra aliados e colonizados* (1976), *Poemas pra construír unha Patria* (1977), *Poemas ó Outono* (1977), *O libro das baladas* (1978) e *Brétemas do muiñeiro* (2000).

Ao tempo, segue a escribir teatro, atendendo a tres motivacións: participar nos certames teatrais, non só coa arela de ganar senón tamén, e sobre todo, para evitar que esmorezan por falla de textos (con *Farsa de Bululú*, publicada en 1992, gana o Premio de Teatro Abrente 1973, de Ribadavia; e en 1975, volve ser premiada no mesmo certame *A Revolución de 1946* ou *Abril de lume e ferro*, publicada en 1989); atender as demandas de grupos de teatro (*Auto transcendental da escola tradicional*, estreado en 1977) ou de amigos que queren escenificar unha peza de monicreques para os seus fillos (*Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, estreada en 1975 e publicada en 1979); e aproveitar as potencialidades didácticas e analíticas que a linguaxe teatral soporta e ofrece, e que a converten nun potente recurso de concienciación.

Tamén escribe *Auto da costureira*, *Semente de dramón dos medios de comunicación*, *Auto do maio esmaiolado* e *A lúa vai encoberta*, publicadas en 1973, 1978, 1982 e 1992 respectivamente.

E, con menor intensidade, segue a cultivar a narrativa, ora coa estrutura da fábula –*Krikoi*, *Fanoi* e *Don Lobonís* (1973)–, ora coa arquitectura de novela –*O solpor é sempre roxo* e *O trebón brúa de lonxe*, inéditas–.

O día 27 de xullo de 1976 recibe Manuel María o vixésimo oitavo, e tamén último, premio literario; fállase o I Concurso de Guións Cinematográficos Nós, correspondéndolle o primeiro premio de longametraxes ao guión intitulado *Abril de lume e ferro*.

Dezaseis dos premios corresponden a poemas presentados a certames ou Xogos Florais (Concurso poético de Primavera 1957 de Vigo, Concurso Poético do Corpus 1958 de Lugo, Xogos Florais da Coruña 1960, Xogos Florais de Foz 1966, Xogos Florais Rosalía de Castro 1971 de Vilagarcía de Arousa...), sete a obras de teatro (Vilar Ponte de Teatro 1960 do Centro Galego de Buenos Aires; Castelao de Teatro Galego 1964 da Asociación Cultural O Galo de Santiago; e os Abrente de Teatro Galego de 1973 e 1975), dous a poemarios (Premio Castelao de Poesía 1951 e Premio Pondal de Poesía 1954, os dous do Centro Galego de Buenos Aires) e os tres restantes recíbeos por uns contos (Centro Galego de Buenos Aires 1969), un ensaio (Concurso Nieto Pena 1964 da Radio TV francesa, de París) e o citado guión.

Nos anos seguintes, os premios e distincións irán chegando sen demandalos.

1978- 1985

O trienio 1978-1980 é a etapa máis significativa da transición política española. O que neses anos se acordou e fixou decidiu o futuro: o texto constitucional, aprobado a finais de 1978 e o Estatuto de Autonomía, aprobado a finais de 1980, estableceron os marcos de xogo político.

O traballo político, semiclandestino até entón, medra: ás xuntanzas informativas engádense as intensas campañas electorais, ora como candidato ao Senado do Estado, ora como candidato a Alcalde de Monforte, sendo elixido concelleiro en 1979, cargo que exerceu até 1983 deixando no Concello de Monforte abondosas mostras da súa capacidade de traballo, das súas conviccións democráticas e da súa defensa dos intereses das clases populares.

Ao aproximármonos aos traballos e días de Manuel María neste trienio descubrimos que escribe catro novos poemarios: *Catavento de neutrós domesticados* (1979), *As rúas do vento ceibe* (1979), *Poemas da labarada estremecida* (1981) e *Cecais hai unha luz*, que apareceu en 2010.

E descubrimos que medran as colaboracións xornalísticas, ao iniciar a sección “Andando a Terra” no xornal *A Nosa Terra*, que en decembro de 1977 sae de novo en Galiza. Son 163 os artigos publicados nestes anos, maioritariamente en *A Nosa Terra*, pero tamén en *El Progreso* (Lugo), *La Región* (Ourense) e programas de festas ou boletíns de asociacións culturais.

O seu traballo de divulgación cultural lévao por Galiza e Europa durante sesenta xornadas, ora impartindo aulas de Historia de Galiza en Viveiro ou Sarria, ora falando da narrativa galega en Lugo ou en Santiago, ora recitando os seus versos ou falando dos seus libros e da súa experiencia poética.

O lustro 1981-1985 será para Manuel María un tempo de superacións. Contabilizamos 126 actos culturais, dos que 43 son conferencias e aulas, 27 recitais, 20 presentacións de libros, e tamén congresos de escritores, coloquios ou mesas redondas, pregóns... e sinaturas de libros, participacións como mantedor, xurado... teatrais.

As cifras son frías, neutras, pero testemuñais dun incansábel ir e vir polos camiños de Galiza para, analizar, debater, falar dos problemas, esenciais e esperanzas que conforman as esenciais, materia e singularidade da realidade galega. Fai cinco visitas a diversas cidades de Portugal (febreiro e setembro de 1982, marzo de 1983, maio de 1984 e xaneiro de 1985), tres ao País Vasco (febreiro de 1982 e maio e decembro de 1985), dúas a Suíza (maio de 1981 e maio de 1983), unha a Cataluña (xuño de 1984) e unha a Venezuela (maio de 1981). Ademais, fala en Lugo, Ourense, A Coruña, Vigo, Guitiriz, O Carballiño, Noia, Bembrive, Ribas de Sil, Cea...

Non sabe dicir **non** á chamada ou invitación que desde calquera punto de Galiza un colectivo cultural, veciñal ou profesional lle faga.

E tampouco di **non** á colaboración literaria ou xornalística en calquera medio de comunicación que teña como obxectivo a difusión ou espallamento da cultura galega.

Neste lustro saen dous poemarios escritos en anos anteriores: *Poemas da labrada estremecida* (1981), escrito en 1980, e *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* (1982), escrito entre 1960 e 1980; e prepara outros libros, que citamos por orde de escritura: *O camiño é unha nostalxia* (1985), *Versos do lume e o vaga-lume* (1982), *A luz resuscitada* (1984), *Cantigueiro de Orcellón* (1984), *As lúcidas lúas do outono* (1988), *Oráculos para cavaliños do demo* (1986) e *Ritual pra unha tribu capital de Concello* (1986). É dicir, por primeira vez todo canto escribe é publicado, aínda que algúns títulos agardan cinco anos para aparecer.

No plano teatral, cómpre sinalar a creación de tres novos autos: *Auto do caminante* (1985), *Auto do pescador de cana* (1986) e *Entremés da OTAN* (1986).

Supor para semellante esforzo divulgador cultural, literario e político-social obxectivos de proxección persoal ou meritaxes funcionarias ao uso é desacertado. Despois de tantos anos de xenerosidade e entrega literaria, cultural e política, segue Manuel María onde estivo sempre: no seu posto de galego de a pé, comprometido coa transformación social e política de Galiza e traballando arreo en todas as fronteiras que o día a día lle ofrece. É ese mesmo compromiso e a consecuencia e congruencia do seu pensamento e praxe política o que o leva a presentar a súa baixa militante na UPG ao acordar esta organización xurar a Constitución española, para poder manter a súa presenza no parlamento galego, do que antedemocraticamente foran expulsados os nacionalistas anos atrás ao negarse a cumprimentar tal formalidade. Con todo, a militancia nacionalista segue e mantense.

1986-2004

Dúas décadas de convivencia en democracia e cuns gobernos autónomos non supuxeron cambios positivos na situación socioeconómica e cultural de Galiza.

Na entrevista que o día 15 de setembro de 1995 lle fan na Coruña, momentos antes de iniciarse a Homenaxe nacional que a AS-PG lle organizara, Manuel María analiza a problemática de Galiza despois de tres lustros de política autónoma e dous de política económica da UE, a “Europa dos comerciantes”. O balance non pode ser máis negativo: “a sociedade galega non evolucionou moito dende o século pasado, porque hai unhas cidades máis ou menos influídas polo españolismo e o resto está reproducindo case o caciquismo do século pasado”.

Pola contra, no plano persoal, o balance desta década é positivo. De plenitude falamos no seu traballo de creación literaria, diversificado e compensado: concede parella atención á creación poética, teatral, narrativa, ensaística e xornalística.

Aínda que son catorce os libros de versos publicados, cinco pertencen ás etapas anteriores, polo que son sete os que escribe nesta, entre 1986 e 1995, ano no que remata a súa creatividade poética: *Sonetos ao Val de Quiroga* (1988), *Compendio de orballos e incertezas* (1991), *A Primavera de Venus* (1993), *Cantigas e cantos de Pantón* (1994), *Poemas para dicirlle a dúas lagoas* (1994), *Sonetos á Casa de Hortas* (1997) e *Os lonxos do solpor* (2012), do que anticipara unha ducia de poemas nunha separata do *Boletín Galego de Literatura* (1993).

As obras teatrais publicadas nestes anos son catorce, pero catro delas –*Abril de lume e ferro* (1989), *Unha vez foi o trebón* (1992), *Farsa do Bululú* (1992) e *A lúa vai encoberta* (1992)– tiveron a súa redacción nos anos setenta. Fronte a estas catro obras, que constitúen o núcleo central da súa dramaturxia e son valiosas achegas para a conformación do corpus textual do teatro galego, as dez restantes, pezas breves, retranqueiras en casos, satíricas ou esperpénticas noutros, dan testemuño dos acontecementos do tempo no que foron escritas ou de vivencias persoais: *Entremés*

da OTAN, *Brevísimo Auto de Outono, Auto do Castromil ou a revolución dos baúles, Novo entremés famoso da pesca do río Miño ou Auto do regato do Cepelo*.

A obra narrativa ten especial interese e atención a partir de 1989. Un caderno de viaxe, *Cupreso e lirio* (1989), catro contos e relatos breves en diversas coleccións, a triloxía de Manuel de Paderna (*A tribo ten catro ríos, Cando o mar foi polo río e Viaxes e vagancias de M.P.*, de 1991, 1992 e 1994) e a axenérica *Novena a Santa Isabel, por un devoto de Outeiro de Rei*, de 1995, compoñen un interesante corpus narrativo no que as lendas e a recreación do mundo da infancia teñen especial protagonismo.

Destacada é tamén a súa obra ensaística e de análise. Desde sempre cultivou o ensaio, coa lucidez e rigor dun excelente lector do día a día que ten, ademais, información absolutamente fidedigna e privilexiada, por ser coprotagonista da realidade da que fala ou na que se sitúa o seu estudo, e que posúe unha innata curiosidade que o leva a indagar, reflexionar e estudar calquera tema ou materia.

Podemos sinalar dúas etapas ensaísticas: a primeira vai de 1958 a 1972; nela predominan os estudos sobre a literatura galega; “Notas encol da poesía de Fermín Bouza-Brei” (1958), “A poesía galega de Celso Emilio Ferreiro” (1964), *Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega* (1968), “Noticia del Teatro Gallego” (1970) e “Noticia da poesía galega de posguerra” (1972); aínda que tamén trata outros temas ou campos: *Raimón, poeta do noso tempo* (1967), “A nova canción galega á altura do ano 70” (1968) ou “A Terra Cha” (1971).

A segunda, enche a etapa que nos ocupa. A temática segue a ser preferentemente literaria: “A oratoria de Ramón Otero Pedrayo” (1987), *Gabriel Aresti: Albre e Pedra* (1988), *O tema da emigración na poesía galega* (1989), *Ánxel Johán. Sonetos de vida e morte* (1991), *A presenza do mar na poesía galega* (1991), “Lembranza de Vicente Risco” (1993), “Noticia de don Primitivo Rodríguez Sanjurjo” (1994), “Lembranza de Alba” (1994), “Algo da vida da posguerra en Outeiro de Rei da Terra Cha” (1995), *Poetas entre a tradición e a modernidade. Luís Amado Carballo e a súa escola poética* (1997), *A recuperación da narrativa en galego: Ánxel Fole* (1997) ou “Do Rexurdimento á renovación poética dos oitenta” (1998).

Nunha e noutra etapa, as análises realizadas denotan unha aproximación lúcida e reflexiva a través dunha lectura atenta da obra; non é unha crítica adscrita a ningunha escola ou tendencia, pero si profunda, nidia, limpa de retoricismos escolásticos e rigorosa.

A actividade cultural nesta década intensifícase considerabelmente. Os actos que temos censados entre 1986 e 1995 son 318, dos que 17 corresponden a representacións das súas obras e dous a lecturas poéticas.

Os actos de protagonismo directo son 299, o que nos ofrece unha media de 30 actos/ano, media que se mantén nos anos seguintes (1996-1999).

A terceira parte dos actos son conferencias ou aulas (104), mesas redondas e coloquios (52) e ofrendas e pregóns (33).

Tamén son relevantes os datos dos recitais, ben compartidos e colectivos, ben individuais (71).

Pola contra, os actos menos esixentes, son tamén os de menor contía. Isto proba a importancia desta actividade, non realizada para gloria e satisfacción persoal senón como servizo á causa de Galiza.

De plenitude falamos tamén no campo xornalístico. 1989 marca a fronteira entre a colaboración en *A Nosa Terra*, mantida ao longo de once anos (1978-1988), e a nova colaboración en *El Correo Gallego* (desde 1989), nos que o testemuño persoal conforma unha amplísima galería de seres nos que o latexo humanizador impregna cada trazo, cada vivencia, cada lembranza evocada.

Unha escolla dos seus artigos en *El Correo Gallego* saen no volume *Homes, feitos e palabras* (1996). Unha escolla semellante aparecera en 1990 co título *Manuel Hortas Vilanova. Andando a terra (1977-1987)*, mais neste caso os artigos recompilados pertencían ás súas colaboracións no xornal *A Nosa Terra*.

Como galego, sentiu sempre a necesidade de participar en todas as fronteiras, loitas e campañas que a sociedade galega abre para defenderse daqueles que zugan e destrúen as nosas riquezas e a nosa cultura. A súa militancia galega, exercida desde finais de 1985 sen adscrición a siglas, segue tan viva como sempre. Tal militancia é unha necesidade, pois, como el mesmo ben di, só con actos culturais, poesía, teatro, narrativa ou ensaio non se consegue mudar o rumbo dun pobo. É necesaria a acción política. De feito, a ausencia de militancia non é, segundo el ten dito, “ningunha virtude, senón un demérito”.

Estes tres lustros son, pois, unha proxección cuantitativa e cualitativamente mellorada do seu vivir. Máis obra, máis actos e, tamén, máis recoñecemento popular. A evidencia témola nas homenaxes, sinxelas e recollidas unhas, multitudinarias e abertas outras, que varias asociacións culturais e colectivos galegos lle tributan; e tamén nos premios, galardóns e recoñecementos ao traballo cultural, político e literario desenvolvido a prol de Galiza.

- En 1990 recibe o Premio Celanova. Casa dos Poetas e o O Grelo Douro 1990, de Lugo, ademais de ser nomeado Fillo Adoptivo de Monforte de Lemos polo Concello de Monforte;
- en 1991 é elixido Roi Xordo da Irmandade dos Viños Galegos e Amigo de Quiroga;
- en 1992 é elixido Lucense del Año;
- en 1994 recibe o Pedrón de Ouro;

- en 1995 o Concello de Lugo dálle o seu nome a unha rúa da cidade, distinción que tamén lle farán os concellos de Monforte, Pobra do Caramiñal e Outeiro de Rei nos anos seguintes;
- en 1997 recibe o Premio Irmandade do Libro 1996, a Librería Casalderrey de Marín crea o Premio de Poesía Manuel María e a AELG entrégalle a “Letra E” no marco da homenaxe “O escritor na súa terra”;
- en 1998 inaugúrase a Casa de Cultura de Foz, que leva o seu nome;
- en 1999 recibe o Premio Otero Pedrayo, compartido con Uxío Novoneyra;
- e no 2003 le o seu discurso de entrada na Academia Galega como académico numerario.

Só dous datos máis para rematar: no outono de 1994, ao cumprir os sesenta e cinco anos, xubilouse laboralmente; e en abril de 1998, despois de traspasar a Librería Xistral, Saleta e Manuel María trasladan a súa residencia á Coruña para residir desde entón no barrio de Monte Alto, a carón do mar.

A morte sorprendeuno en setembro de 2004 sen ver cumprido o seu soño dunha Galiza dona de seu, capaz de enfrontar o futuro con esperanza e ilusión. A conquista dese soño explica e xustifica todo o seu vivir, sinxelo, humilde, limpo e nidio coma un mencer primaveral ou un solpor outonal tan amados por el.

Quédanos a súa obra poética, inmensa e maxistral; quédanos a súa obra dramática, con achegas de excelencia; quédanos a súa obra narrativa, dunha gran valía; quédanos a súa obra ensaística e xornalística, vizosas e testemuñais da súa gran capacidade analítica e da súa inmensa sabedoría e coñecemento de Galiza; quédanos o impagábel maxisterio do seu incesante ir e vir polos camiños de Galiza e o mundo divulgando e cantando Galiza.

E quédanos tamén a excelencia da súa paradigmática humanidade, entrega, xenerosidade e amor a Galiza e a todos e todas nós, os galegos.

Por iso, ao lembrar e homenaxear a Manuel María, estamos a manter vivo e aceso o facho de amor e esperanza que iluminou o seu vivir, estamos a traballar para facer realidade o seu soño.

Como podemos comprobar, non é doado recoller nunhas poucas páxinas a riqueza da traxectoria vital de Manuel María, centrada en Galiza pero non por iso menos diversa e fecunda. Limitámonos a presentar os eixos básicos desa traxectoria, múltiple e aberta nas súas expresións e manifestacións, pero congruente e uniforme nos seus eixos e razóns de ser. O poeta, o dramaturgo, o narrador, o ensaísta, o articulista, o editor, o político, o divulgador cultural... e tamén o procurador dos tribunais son un a un e todos xuntos Manuel María, un home sinxelo e bo, xeneroso e humilde, nacionalista e demócrata, tolerante e comprensivo, paradigma e símbolo dos mellores valores humanos.

A OBRA NARRATIVA DE MANUEL MARÍA OU COMO CONTAR A VIDA A TRAVÉS DO RÍO DA ESCRITA

Mercedes Queixas Zas

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

Resumo: Manuel María comparaba a súa obra literaria cun río, unha canle firme á que abeiraban e reatrealimentaban múltiples augas afluentes.

Velaquí a raíz que sustenta unha obra narrativa que, inaugurando a década dos 50 do pasado século, abrangue máis de sesenta relatos que nacen e medran, en paralelo, á expresión escrita máis popular e recoñecida, a poética, mais tamén á dramatúrxica e ensaística.

Porque se a obra é río tamén é camiño en Manuel María, pois tanto na vida como na obra, sempre de mans dadas, *procurei andar os camiños que a vida puxo diante de min*.

Abstract: Manuel María compared his literary work to a river, a strong channel that served as a mouth and feedback to multiple affluent waters.

Here resides the root that supports a narrative work that opens the 1950s and it embraces more than sixty short stories, with a parallel development along with the most popular and solid written expression, which is poetry. But also dramaturgical and essay production.

Because if Manuel María's work is a river, it is also a path, since both in life and work, always hand in hand, *procurei andar os camiños que a vida puxo diante de min*.

Palabras chave: narrativa, comunicación, escrita totalizadora, lingua, pobo, terra.

Key words: narrative, communication, adding writing, language, nation, land.

I

A relación de simbiose entre Manuel María e a poesía transcende tópicos e retóricas discursivas, á vista da entrega continuada, persistente, a este xénero que cualificamos maior no noso autor, cuantitativa e cualitativamente, no conxunto da súa produción literaria, como tamén así o entendemos para a diacronía e sincronía

da literatura galega, fillas herdeiras que somos daquel insuperábel corpus lírico medieval, inicio do noso máis persoal cordón umbilical literario.

Con todo, hai outros sucos labrados pola pluma ou a máquina no incesante transitar polo territorio do escritor aos que cómpre volver para comprendermos o carácter abranxente e totalizador da obra de Manuel María, quen declara desde sempre se sentir “engaiolado pola poesía e a narrativa”.

Eis a razón de titularmos esta intervención nosa como *A obra narrativa de Manuel María ou como contar a vida a través do río da escrita*.

A lectura da súa obra literaria, en conxunto e, sobre todo, a atención ás palabras do propio Manuel María, que tomaremos ben en conta e reproduciremos no sucesivo, así o explican:

Podería comparar a miña obra cun río. O caudal é o mesmo pero as augas son distintas. Procurei andar os camiños que a vida puxo diante de min, coas limitacións que a miña profesión e o meu acerto me impuxeron. Hai xente que se especializa, pode haber poetas exclusivamente do amor ou do metafísico. O meu temperamento e a miña curiosidade son máis abertos. Kipling andou todos os mares do mundo e Kant non saíu endexamais de Königsberg.

Andar, explorar, pensar os camiños da vida e da literatura, unha cabo da outra, para os comunicar ao colectivo, convértese nun proceso vital de escrita circulante, que transcende os marcos dos xéneros fronteirizos, trazada en vieiros paralelos e interseccionais, pois a intertextualidade está presente e vencella a harmónica simbiose entre todos os xéneros literarios aos que Manuel María dedicou cincuenta e catro anos do seu tempo vital.

“Son un escritor sen pretensións: conto o que sinto e o que ollo. E procuro, co que escribo, clarificarme a min mesmo o propio mundo e o que me arrodea” ou “Non concibo o escritor que escribe para si mesmo” sentenzan orixe e destino dunha obra que nace e alenta canda os días do autor para enraizar en pegadas conxuntas, enfiadas a través do poder autenticador e revelador da palabra de seu –“Facer a miña obra noutra língoa que non sexa a miña sería traicionarme”– e mais da Terra que o alimenta en continua comunicación: “Un escritor que escribe pra sí, pra mín ó menos, non é comprensíbel. Cavilo que o que escribe pra sí non escribe para ninguén. Por eso eu procurei facer unha obra crara, comprensíbel, acesíbel á xente”.

Facéndonos pé nestas premisas de cabeceira autorial, imos centrar a análise na obra narrativa asinada por Manuel María, quen reconece, antes de máis, que “eu escribín narración dun xeito tanxencial. Non me considero narrador”.

II

A cartografía cronolóxica e topográfica édita por Manuel María en prosa abrangue as seguintes referencias bibliográficas:

1. *Contos en cuarto crecente*. Lugo: Ediciones Celta, 1952. Conxunto de sete contos.
2. *Contos en cuarto crecente e outras prosas*. Lugo: Ediciones Celta, 1962. Conxunto de dez relatos corrixidos da anterior edición, dos que catro son novos para substituíren outros tantos que o autor cualificou no limiar como “vellos e inocentes, non valen xa, ó meu xeito de ver, para reeditar novamente”. De entre estes, tres foran os primeiros contos do autor editados en 1951 na revista *Grial* no volume *Presencia de Curros e D^a Emilia*.
3. *O xornaleiro e sete testemuñas máis*. Buenos Aires: Edicións Galicia do Centro Galego de Buenos Aires, 1971. Premio Narrativa Centro Galego de Buenos Aires 1969. Conxunto de sete contos / relatos.
4. *Kricoi, Fanoi e D. Lobonís*. Colección O Moucho Vigo: Castrelos, 1973. Conxunto de sete contos / relatos.
5. *Os antes do silencio*. A Coruña: Nova Galicia, 1990. Reedición conxunta de *Contos en cuarto crecente e outras prosas* (3.^a ed.), *Testemuñas* (2.^a ed. dos seis –non sete– relatos que compoñían a segunda parte de *O xornaleiro e sete testemuñas máis*) e *Kricoi, Fanoi e Don Lobonís* (2.^a ed.).
6. *A tribo ten catro ríos*. Madrid: SM, 1991. Sete relatos que inician a triloxía de Manuel de Paderna, que asistirá a unha 2.^a edición en 1994.
7. *Unha sombra vai polo camiño / Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos*. Colección Vouche contar un conto. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991. Cassete gravada polo autor.
8. *Cando o mar foi polo río*. Vigo: SM, 1992. Conxunto de dez relatos, segunda parte da triloxía de Manuel de Paderna.
9. *Viaxes e vagancias de M.P*. Vigo: SM, 1994. Dez relatos que pechan a triloxía de Manuel de Paderna.
10. *Novena a Santa Isabel por un devoto de Outeiro de Rei*. Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, 1995 e posteriormente, fragmentada, na revista *Irimia* entre 1995 e 1996.
11. *As ribeiras son escuras*. A Coruña: Everest Galicia, 1997. Reedición conxunta de tres relatos, “As augas van caudales” e “Os alugados”, editadas na revista *Grial* (T. 3 e 4) e “O xornaleiro”, incluído no volume editado en Buenos Aires.
12. *Historias do empardecer*. Santiago de Compostela: Laiovento, 2003. Conformatado por dez contos inéditos, un conto publicado en 1959 en *Vida Gallega* e catro reedicións.
13. *O bigote de Mimi*. A Coruña: Everest Galicia, 2003 e reeditado en 2015 pola Casa-Museo Manuel María.

Un total de trece títulos recollen a obra narrativa édita de Manuel María, escrita paseniñamente, ás veces de xeito marxinal e sempre “sen o entusiasmo e a emoción con que escribín a poesía”.

Transmitida en forma de sesenta e seis contos, relatos breves ou noveliñas que comprenden unha cronoloxía biobibliográfica inaugurada con apenas vinte e dous anos, en 1951, no número terceiro da Colección Grial, dedicado á *Presencia de Curros y D.^a Emilia*, coa inclusión de catro contos: “Conto para durmir un neno”, “O bico”, “A luzada” e “O Tío Casas”, e conclúe en 2003, apenas un ano antes do falecemento, coa edición do fermoso conto infantil, dirixido a primeiros lectores, *O relato de Mimí*.

Se tomamos a liña do tempo editorial como eixo evolutivo da obra narrativa do noso autor, cómpre diferenciarmos unha primeira época (1951-1973) e unha segunda (1990-2003), tomándonos como referencia unha das pioneiras análises deste corpus creativo de Manuel María (Pociña 2009: 313).

Nese período intermedio de dezasete anos de silencio narrativo editorial (moi activo, aliás, na edición doutros xéneros: vinte poemarios, oito pezas dramáticas e tres títulos de ensaio) está datada a escrita de dúas pezas narrativas aínda hoxe inéditas: *O solpor é sempre roxo* (1971) e *O trebón brúa de lonxe* (1972), así como un conto de tres páxinas que introduce un mecanoscrito da obra *Kricoi, Fanoi e D. Lobonís*, intitulado “Profundaciós trascendentes para facer un discurso de ingreso na Real Academia de Filosofía Pura e que se aproveitan de prólogo ou limiar deste libro”.

Semella ser 1990 un punto de inflexión autorial con novos pulos para a escrita narrativa, mais tamén nos outros xéneros que con igual ou superior mestría explorou.

A polifacética actividade cultural e editorial da década dos 90 intensifícase considerabelmente no día a día do noso autor. O ritmo poético continúa á par dos outros grandes xéneros, pois a man de Manuel María asinará un total de dez novos títulos narrativos, catorce pezas teatrais e catro novos ensaios centrados no estudo de autores como Amado Carballo, Ánxel Johán e Ánxel Fole ou na análise da presenza do mar na poesía galega.

Así, por unha banda, reedítase boa parte da escrita narrativa –contos, relatos e prosas– de ficción anterior, revisada lingüística e estilisticamente, expurgada e corrixida polo autor, que hoxe tomaríamos como edición canónica, e que na actualidade podemos ler nos volumes colectivos *Os ontes do silencio* (1990) e *As ribeiras son escuras* (1997).

Pola outra, centra moito máis a súa escrita no lectorado infantoxuvenil, como destinatario preferente, e mais na experimentación de novas formas expresivas

como é a *Novena en honor da Gloriosísima Santa Isabel na visita que lle fixo a súa curmá a Virxe María e que se celebra na vila e Outeiro de Rei da Terra Cha*.

O primeiro treito de escrita narrativa compendiado no título *Os ontes do silencio* recolle contos, relatos e prosas escritos entre 1949 e 1973, así como prosas espaxadas en revistas e xornais da época, nomeadamente na cabeceira *Vida Gallega*. O obxectivo desta nova luz acláralo o propio Manuel María na nota do autor que abre o volume:

Todas estas publicacións levaban anos esgotadas. Se agora as dou de novo ó prelo é porque coido que teñen certo valor de testemuñas dunha época na que escribir en galego era un aito case heroico. Sei que estas prosas son moi desiguais entre sí. Con todo, entendo que nelas hai unha certa paixón, un xeito galego de enfrentarse coa existencia, anacos de vidas e paisaxes que desapareceron para non voltar máis e cecáis tamén o reflexo dun tempo triste e miserento, antecedente e pai deste tempo no que andamos a vivir marcado pola crise, o personalismo, desconcerto, a vulgaridade, a masificación e a sociedade de consumo tal alleada e domesticada.

Tematicamente, non resultaría tan esclarecedora esta circunscrición divisoria temporal, pois os núcleos ou centros de interese xeradores de intercomunicación entre escritor e lectorado, tan comúns ao conxunto da súa escrita, transitan de xeito poroso e sedimentario ao longo dos diferentes títulos en prosa, se ben é certo que arrecia a crítica social a partir da narrativa editada nos anos 70, unha década vivida por Manuel María desde unha corentena madura, como cidadán comprometido socialmente coa nación, escritor prolífico recoñecido, compatriota respectado e intelectual humanista reclamado en calquera acto de dinamización cultural convocado polo tecido asociativo do país e mais como voz galega con autoridade fóra del.

Un tempo de ausencias editoriais en prosa, mais especialmente combativo nas liñas poéticas con títulos como *Remol* (1970), *Odes nun tempo de paz e de ledicia* (1972), *Aldraxe contra a xistra* (1973), *Informe para axudar a alcender unha cerilla* (1973), *Laio e clamor pola Bretaña* (1973), *Poemas ao outono* (1977), de cativa e clandestina distribución en Galiza, após ter conseguido ser éditos na emigración e exilio.

III

É referencia obrigada a condición fundacional histórica tan sobranceira de *Muiñeiro de brétemas* como o primeiro poemario édito de Manuel María, que tamén foi o primeiro monolingüe en galego, asinado por un mozo de vinte e un anos,

representante dunha nova xeración á que lle foron silenciados, e polo tanto negados e roubados, os referentes próximos e propios, quer históricos quer políticos, literarios, lingüísticos, culturais etc.

Mais, tamén en narrativa, *Contos en cuarto crescente* representa, en 1952, unha primeira luzada para a expresión prosística en galego en plena posguerra, máis unha vez asinada por un aínda ben mozo Manuel María, que viña escribindo vocacionalmente desde os dezanove anos e experimentando o pulso da palabra desde os doce ou trece.

“Foi o primeiro libro en prosa galega dado a luz por un escritor novo despois da guerra civil. Eran uns relatos moi inxenuos e inespertos”, argumentará o autor no prólogo da segunda edición para xustificar a exclusión de catro relatos presentes na primeira e aos que agora opta por renunciar.

A década dos anos 40, de formación humanística profunda, previa á publicación das primeiras obras, chega á fin saudando un mozo titulado bacharel de vinte anos cumpridos que debe enfrontarse á vida coa toma das primeiras decisións que non sempre acharán comprensión nin complicidade no seu círculo familiar.

O mozo cheo de ilusións e soños habita un tempo gris, de amedrentamento relixioso, de derrota das liberdades e vitoria da imposición do medo fascista, da censura, do silenciamento interior autoimposto por parte dos escritores galegos de preguerra que lograran sobrevivir á barbarie fascista, así como de baleiramento das claves culturais propiamente galegas. E desde xa a palabra se converte na arma de belixerancia máis activa contra o incomprensíbel e crónica da realidade inmediata.

Delimitado polos marcos do ermo cultural galego absoluto, da infravaloración e marxinalidade sociolingüística para co idioma galego e da represión militar e ditatorial española, Manuel María rebela inconformismo e ansia de superación na procura das palabras e na súa fixación por escrito, como elemento nominal testemuño da realidade esmorecente e como cuadrante orientador do tempo e espazo que, como membro da tribo, ocupa e prevé inserido nunha programada perda decadente colonial.

A progresiva descuberta nas tertulias de Lugo e Compostela do silencio interior en que habitaban os referentes intelectuais e culturais da preguerra e a aproximación ás lecturas clandestinas procedentes do exilio galego e español sentarán os alicerces dun pensamento imbricado nas raíces da Terra e do Pobo, ao que a expresión en prosa non será allea, como ningún outro xénero literario traballado na súa man.

De finais da década dos 40 son os primeiros títulos que ven a luz novamente en lingua galega, mais tamén novos proxectos editoriais, tan modestos como ilusionados, entre os que cabe destacar a colección de poesía Benito Soto, dirixida

por Celso Emilio Ferreiro ou Xistral, na man de Ánxel Johán e Manuel María, á que continuarán sucesivos proxectos, como Bibliófilos Gallegos, Monterrey ou a propia editorial Galaxia, que nos permite constatar o inicio dunha dinámica de progresión ascendente para a visibilidade pública da escrita en galego.

A xente da Barreira (1951), de Ricardo Carvalho Calero, será a novela auroral deste novo tempo literario, ao que se incorpora o escritor Manuel María, nunha década en que ve a luz unha mostra representativa do conxunto da súa primeira obra literaria en verso e en prosa, ficcional e ensaística.

Tempos de convivencia narrativa con autores e obras hoxe xa clásicas que interactúan, como vasos comunicantes, coa interrompida vizosidade literaria de preguerra durante o primeiro cuarto de século, recuperados en boa medida grazas ao proxecto cultural de resistencia que alicerzaba a editorial Galaxia, para enlazaren coa necesaria renovación xeracional: *Á lus do candil. Contos a carón do lume* (1953) e *Terra brava. Contos da solaina* (1955) de Ánxel Fole; *Merlín e familia* (1955) de Álvaro Cunqueiro; *Non agardei por ninguén* (1957) de Ramón de Valenzuela ou *A esmorga* (1959) de Eduardo Blanco Amor.

Precedentes literarios daquelas outras publicacións que, contra a década dos 60, identificaranse coa etiqueta de Nova Narrativa Galega, movemento renovador en que adoitan inserirse as creacións de Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xohán Casal, Xosé Luís Méndez Ferrín, Camilo Gonsar, Carlos Casares, Xohana Torres, Lois Diéguez e M.^a Xosé Queizán, entre outros, conviventes con aquelas outras tendencias diferentes e senlleiras como as de Xosé Neira Vilas (*Memorias dun neno labrego*, 1961) ou Eduardo Blanco Amor (*Os biosbardos*, 1962).

O carimbo editorial de Galaxia, presente como denominador común nestes autores da recuperación narrativa da posguerra, acolle tamén a edición dos catro iniciáticos relatos de Manuel María, en 1951, posteriormente recollidos na primeira edición de *Contos en cuarto crecente* (1952), como mencionamos máis arriba.

Na revista *Grial*, nos volumes III e IV, pertencentes a 1965 e 1966, publicará o noso autor dúas novelas curtas: *As augas van caudales* e *Os alugados*.

Non entanto, non foi posíbel aceptar a editorial Galaxia para facer parte do seu catálogo a proposta do autor de publicar estas dúas pequenas novelas, xunto coa inédita, *O xornaleiro*, baixo o título común *As ribeiras son escuras*, proxecto que non verá a luz como tal até 1997 na editorial Everest.

Rexeitárono porque, ó ben visto, se trataba de “literatura social”. Conservamos documentación ó respecto. Entón, con *O xornaleiro* –que estaba totalmente inédita–, e con outros relatos que, na altura, escribimos, presentámonos a un concurso literario, recibindo o primeiro premio de prosa do Centro Gallego de Buenos Aires, no ano 1969, e o volume editárono Ediciones Galicia e o

Instituto Argentino de Cultura Gallega no ano 1971, en Bos Aires, sendo a circulación do libro impreso, en Galicia, limitadísima.

Estas ilustradoras palabras tiradas do “Prólogo necesario” do volume *As ribeiras son escuras*, anotado polo propio Manuel María, que reiterará en correspondencia epistolar mantida con Xosé Neira Vilas, aínda residente en Cuba, entendemos preciso completalas coas que deseguido reproducimos, declarativas dos principios narrativos básicos que sustentan a escrita destes relatos, como testemuños restauradores da memoria, mais entendemos que extensivas a boa parte da súa obra, senón á totalidade.

Estas tres noveliñas ou narracións curtas son o testemuño dun mundo e dun feito cultural –que era o noso– desaparecidos [...]. Estes relatos escribíronse á marxe de modas e de modos de narrar que, por aquel entón, privaban na nosa literatura. Neles o autor procura reflexar, na medida das súas posibilidades e poucos saberes, os días e os traballos dos nosos labregos –a clase absolutamente maioritaria do noso país, a que mellor coñecía o autor–, procurando fuxir do costumismo, do realismo e do folclorismo, totalmente consciente de que ese mundo estaba moi ferido de morte e esborallándose sen remedio. O autor tentou deixar memoria escrita daquel universo que foi aínda o dos nosos avós e o dos nosos pais, pese a que moitos non o asuman ou reneguen del, negando e avergoñándose dese noso pasado inmediato, que é tamén o dos negadores.

IV

Cómpre facermos unha breve paréntese aquí para deixarmos constancia dalgunhas recorrencias que acompañaron a difusión da obra literaria de Manuel María no seu conxunto.

É característica reseñábel na produción escrita de Manuel María a desigual evolución entre proceso de creación e edición, debido ás dificultades e silenciamentos editoriais en Galiza, o que explica que, en ocasións, a súa obra viva o capítulo da luz do exilio, asumindo a solidariedade dos irmáns galegos ou portugueses os custes de edición e procurando as complicitades amigas mobilizaren unha difusión cativa e pouco menos que clandestina. Buenos Aires, Porto, Xenebra, Montevideo, Lisboa e Madrid converteranse na toponimia acubilladora dunha incesante relación bibliográfica poética: *Remol* (1970), *Odes nun tempo de paz e de ledicia* (1972), *Aldraxe contra a xistra* (1973), *Informe para axudar a alcender unha cerilla* (1973), *Laio e clamor pola Bretaña* (1973), *Poemas ao outono* (1977), á que cómpre sumar tamén pezas dramatúrxicas –o outro xénero magnamente descoñecido– como o *Auto do taberneiro* (Braga: Quatro Ventos, 1957), *Auto do labrego*

(Porto: Céltica, 1961) ou o *Auto da costureira* (Buenos Aires: Hogar Gallego para Ancianos, 1973).

Mostra representativa da desigual e irregular achega do lectorado á súa obra narrativa fica retratada polo propio Manuel María na “Carta prólogo”, dirixida ao editor de Laiovento, Francisco Pillado, que introduce a edición da súa última colectánea de relatos en 2003:

[...] os relatos mal enfiados que teño escritos hai anos, bautizados co nome, se non te incomoda, de *Historias do empardecer*. Algunhas nunca se publicaron e outras agora –cómpre dicilo– apenas retocadas saíron á luz da pública curiosidade en volumes de escasísima circulación, podendo considerarse inéditos.

Manuel María vive e sofre directamente as consecuencias dun tempo negador, prohibitivo e sancionador para a expresión persoal e literaria en galego, para o pensamento de querencia e afirmación nacional, o que se concreta nas severas dificultades de publicación da súa obra, nomeadamente dos seus poemarios.

A maior concienciación social do autor, maior dificultade para a súa difusión a través da imprenta. Asemade, a maior implicación activa en defensa do país, desde unha coherente implicación de intervención práctica da teoría nacionalista e partidaria, maior crítica e cuestionamento da súa condición como poeta, como escritor.

Un descoñecemento progresivo e ao que, no caso da narrativa, non foi alleo a secuencia da crítica e análise literaria até case os nosos días, pois hai manuais de historia da literatura galega onde o amplo corpus literario, nomeadamente a narrativa de Manuel María, non está ou ocupa un espazo residual.

Dificultades de edición e consecuentemente de distribución e recepción dunha obra, sempre presentes no tempo, que, no entanto, desde os parámetros de calidade estética e recoñecemento no pobo que é humus-substrato, reforzaron a lectura e interpretación do que probablemente hoxe poida ser considerado como o autor galego máis popular e querido do século XX.

V

Todo estaba pendente de se reconstruír para a recuperación activa da conciencia de noso após os anos 50.

É por iso que a planificación dunha literatura pensada para a formación do primeiro lectorado estaba a ser unha materia pendente. Consecuentemente, axentes sociais e culturais, tamén editoriais, promoveron os primeiros pasos da produción infantil en galego.

Probabelmente sexa *Roseira do teu mencer*, de Xosé M.^a Álvarez Blázquez a obra pioneira, en 1950, desde a editorial Monterrey, seguida do labor pedagóxico e didáctico en galego desenvolvido por Antía Cal e premiado en 1958 polo Lar Galego de Caracas no volume titulado *Un libro para os rapaces*.

A preocupación pola transmisión desde o ensino en lingua galega e a aproximación das xeracións máis mozas á propia realidade cultural, así como a formación literaria nos autores propios, malia a forte centralización estatal e a negación legal de toda protección e uso público das linguas minorizadas, foi callando en proxectos pioneiros como o *Catón galego* de Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Sei) en 1969 por Edicións do Castro.

O movemento asociativo –galeguista e nacionalista– que comezou a desenvolverse após a década dos 60 convértese, pois, nun axente creador, promocionador, dinamizador da produción literaria para as xeracións máis mozas, de tal xeito que, ao cabo de tres décadas, “o resultado é unha produción que responde ás características das literaturas en vías de descolonización, de aí a presenza dun forte didactismo e do recoñecemento da cultura propia fronte á do colonizador” (Roig 2015: 84).

Manuel María non permanece alleo á necesidade de afrontar o desenvolvemento destoutra póla irrenunciábel de construción nacional e axiña dá ao prelo os poemarios *Os soños na gaiola* (1968) e *As rúas do vento ceibe* (1979), con senllos prólogos ben clarificadores a este respecto.

Un primeiro poemario que nacíu cunha firme vontade didáctica e que pulou polo segundo por causa de múltiples peticións de amizades e profesorado.

Eu penso que non só os libros pra nenos senón tódolos libros, toda a literatura en xeral, ten unha intención didáctica, con esto quero dicir que, aínda a literatura mais descomprometida, por exemplo a lírica mais metafísica, se ten algún valor é polo que ten de educativo. Toda a literatura que sexa boa, auténtica, ensínache sempre, ou un xeito especial que ten de sentir o autor ou un xeito especial de espresarse..., algo que ti non coñecías, un matiz... é dicir que sempre leva algo, sexa moito, sexa pouco, dun sentido didáctico.

Non semella doado delimitar, ao noso parecer, dentro do corpus narrativo de Manuel María, aquela obra dirixida *strictu sensu* a este público –posibelmente teñamos nela bos exemplos das dificultades de materializar as marxes da LIX, case sempre inconcretas–, mais é certo que os criterios editoriais si teñen orientado parte desta cara ás franxas etáreas máis mozas. Citaremos neste sentido a produción editorial posterior a 1990, que abranguería os seguintes títulos: *Os ontes do silencio*, *A tribo ten catro ríos*, *Unha sombra vai polo camiño* / *Como desapareceu a*

Atlántida e apareceron os lagartos, Cando o mar foi polo río, Viaxes e vagancias de M.P., As ribeiras son escuras e O bigote de Mimí.

Ficarían noutro espazo catalogador editorial as *Historias do empardecer*, mais ao noso ver igualmente acaídos para o lectorado máis novo e en formación, ao compartiren estes relatos boa parte do enfoque, temática e estilística dos anteriores, que, en conxunto, configuran unha obra do interese de todos os públicos.

Adoita sinalarse como obra inaugural da LIX, na modalidade xenérica narrativa, a obra de Xosé Neira Vilas *Memorias dun neno labrego* (1961), unha década esta en que foron escritos por Manuel María, como xa foi dito, un bo monllo de relatos, malia seren editados ou reeditados posteriormente. Canto nos lembra aquel Balbino o Manueliño protagonista do relato “O xornaleiro”!

Até un total de vinte e nove pezas narrativas para lectorado infantil e xuvenil, editadas entre os anos 50 e 80, se recollen na *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil* coordinada pola profesora Blanca Ana Roig Rechou, moitas asinadas por autoras e autores que consolidaron até a actualidade este xénero na nosa literatura como Paco Martín, Xoán Babarro, Bernardino Graña, M.^a Victoria Moreno, Dora Vázquez, Xohana Torres...

Unhas cifras totais que medran substancialmente nas dúas décadas comprendidas entre 1980 e 2000, chegando a ser a narrativa para este público o xénero máis cultivado, ascendendo o número de títulos éditos até unha cifra superior aos 400. Un crecemento favorecido por factores extraliterarios derivados da aprobación da Constitución española, do Estatuto de Autonomía e, en consecuencia, do desenvolvemento de políticas de protección e estímulo, tamén desde o ámbito educativo, dos elementos identitarios até ese momento prohibidos, como a lingua propia.

Atrévémonos a afirmar que, para alén de destinatarios e baixo a consigna clave que o autor confesa: “A miña escrita naceu por un afán de comunicación. No fondo o que hai é unha loita contra a morte”, a narrativa de Manuel María, *prodador de relevo* en palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín, lévanos ao incansábel conversador, ao contador de historias. O país, as clases populares, sempre as máis desfavorecidas, constrúen o fondo temático dun corpus en que a ficción narrativa camiña da man da biografía persoal e mais da crónica histórica que acompaña o home.

“Manuel María amósase como un sobrio, potente, grave contador da realidade e da historia da Galicia das persoas anónimas nun exercicio de brillante neorrealismo”, reitera Xosé Luís Méndez Ferrín.

O conxunto da narrativa, ao igual que a poesía e o teatro, pensada na orixe da escrita para o público infanto-xuvenil ou perfectamente accesíbel a este, canto aos seus contidos e enfoques, convértese nunha ferramenta de coñecemento e

posta en valor do propio, do próximo, polo que procura ser guía para a comprensión da nosa pertenza a un pobo con historia, memoria, lingua, literatura, presente condicionado e futuro de seu.

VI

Sen pretensión de rexistrar aquí unha demorada análise de lectura comparada entre o conxunto dos trece títulos en prosa publicados, si é vontade nosa deixar constancia, cando menos enunciada, das recorrencias que os máis de sesenta relatos, de extensión variábel, nos ofrecen, non alleos ao desenvolvemento creativo dos outros xéneros: poesía, teatro ou prosa xornalística.

A ausencia de narrativa longa ha ser, con certeza, unha das primeiras conclusións que reclame a nosa atención. Razóns que o autor orienta desde a falta de empatía como lector para con este xénero.

É que eu son moi mal lector de novela. Leo tódalas que saen en galego, e algunhas das máis importantes que aparecen no mundo [...] A novela, a min, normalmente fatígame. O enredo da novela non me interesa moito. Chámame máis a palabra, o xeito de contar, as descrições que se fan, pero non a intriga. Na novela abúsase bastante da linguaxe e escríbese moito inutilmente. No teatro, as situacións cambian máis, a palabra é máis directa e o diálogo máis operativo. É dicir que eu son ante todo lector de poesía, que coido que é o xeito de expresión máis completo, despois interésame o teatro, logo o ensaio e, por último, son lector de novela. (Caño 2016: 132).

Acudimos, máis unha vez, ao noso escritor, que, en artigo publicado en *El Correo Gallego* (24/IV/2001) se declara un deses “lentes atentos e apaixonados de poesía e libros de versos” antes que de novelas longas.

[...] nos días actuais publícanse unhas novelas tan voluminosas que só con ollalas mete medo. Ese, ó menos, é o noso caso. A xente le, cavilamos nós, para formarse e tamén para evadirse da xorda tristeza do cotidiano. A lectura, debido ó limitado do noso tempo, ten serios e poderosos competidores: a televisión, o cine, a radio, a prensa, o fútbol, o chamado turismo social a precio de saldo.

Eis unha xustificada razón da escolla do relato breve ou conto para se comunicar en prosa por parte do noso autor que, na carta prólogo ás *Historias do empar-decer* enuncia algunhas das fontes literarias que sustentan o seu propio proceso creativo, nunca exento de ironía.

Para tecer estes escritos tomei como modelo narrativo as noticias xornalísticas, as Cousas de Castela –pido perdón polo atrevemento–, o xeito breve do escritor guatemalteco Augusto Monterroso, aproveitando o seu apelido para homenaxear os emigrantes galegos de todo tempo e lugar, e tamén os artigos dos boletíns dos museos e mesmo os discursos académicos, xeralmente moi fermosos, ategados de rigor e sanas doutrinas, amenos, orixinais, eruditos, con tantas citas transcendentales e, máis que nada, tan útiles e necesarios.

Para alén do gusto polo exercicio dunha sonora prosa poética, a imbricación entre poesía e narración chega á súa máxima expresión na triloxía de Manuel de Paderna, en que cada relato é precedido dun poema ben recoñecíbel do autor.

Asemade, é Manuel de Paderna, personaxe referencial na biografía de Manuel María, un personaxe afluente nese gran río que, como o Miño, baña devagar a totalidade da obra.

Dúas liñas basilares determinan a escrita do autor chairego en palabras do profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato:

Non ofrece dúbidas o feito de que o autor sentiu unha clara vocación literaria desde moi novo e de que, en consecuencia, vai escoller a lingua escrita como vehículo de comunicación preferente co mundo exterior e tamén como medio de expresión das súas inquedanzas e sentimentos, sempre na procura da beleza artística. Hai en Manuel María, desde o primeiro momento, o desexo e a ambición de alcanzar e transmitir a arte literaria, aínda que, como el mesmo dicía, iso non sempre se consegue no oficio de escritor. O autor vai loitar, pois, durante toda a súa vida por un obxectivo estético, para o que ten de procurar recursos eficaces. Mais tamén é obvio que desde moi cedo o autor se sentiu comprometido coa causa galeguista e que puxo os seus dotes de escritor ao servizo da defensa e dignificación da Galiza, do pobo galego e do seu idioma. Por tanto, o seu obxectivo como escritor vai estar guiado tanto pola procura da beleza literaria como pola busca da argumentación a prol do ideal galeguista e a persuasión dos seus lectores e lectoras para os atraer á mesma causa. (2007: 66-67).

A tribo e a Terra Chá, nomeadamente o Outeiro de Rei natal e a contorna próxima, con referentes xeográficos destacados no conxunto da escrita, permean, ao tempo, as páxinas en prosa.

A natureza viva, humanizada, a visión franciscanista e panteísta da realidade física, do territorio que define e identifica o eu; a inxustiza social, a defensa da liberdade e das clases populares, a emigración, a ecoloxía, o humor e o dominio

das destrezas propias da oralidade, a implicación autorial, a voz crítica, a fidelidade á lingua etc. convértense en ítems recorrentes que flúen cara ao curso central do río da expresión escrita que quere ser retrato e memoria testemuñada dunha vida individual e colectiva.

Un labor de escrita conxunto e totalizador que nace dunha sincera entrega ao país, con vocación de reconstruír a memoria nacional, de testemuñar un xeito de ser e estar desde claves identitarias propias, alicerzadas nun profundo amor ao Pobo e á Terra, sintetizadas polo propio Manuel María en epístola dirixida a Luís Landero con data do 9 de abril de 1974:

Coido que a miña obra non se explica sin Galicia. Detrás do que eu escribín está o meu Povo: unhas xentes marxinadas, desenvolvidas e traballadoras que, como dixo un poeta noso do noso tempo “sofriron a hestoria”. E defendo o noso idioma porque, ademáis de ser o do povo galego, é o que mellor nos traduce e nos espresa. O cerne da nosa persoalidade está precisamente no idioma. O día –si é que chega– que o noso povo deixe de falar o seu idioma será un híbrido estrano e convertirase nun cadavre. Ademáis o idioma é o que nos serve de vencello cara ó mundo luso-brasileiro, que está moi perto da nosa sensibilidade e do noso xeito de ver, sentir e vivir a vida. Un idioma non é nunca un capricho. Non sei si o que escribín ten algún valor prós outros ou non. Eu ó escribir sempre pensei na xente de meu, en axudala dalgún xeito, en explicala a ela mesma e a súa persoalidade e axudar, na medida das miñas forzas, a unha mellor comprensión do mundo.

Páxinas en prosa que flúen no río da comunicación escrita co pobo nun camiño de ida e volta que transita entre a estética do compromiso e o compromiso coa estética.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Blanco Torrado, Alfonso (coord.) (2001): *Manuel María*: [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa.
- Caño, Xosé Manuel del (2016): *Conversas con Manuel María*. Vigo: Nova Galicia Edicións.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2007): *Cucou o cuco cuqueiro. Lingua e estilo na obra de Manuel María*. Lugo: Fundación Caixa Galicia.
- García Negro, Pilar e Diego Pardo Amado (eds.) (2009): *Manuel María: Literatura e nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade.
- Pociña Pérez, Andrés (2009): “Achega sinxela á narrativa de Manuel María”, en García/Pardo 2009: 313-346.
- Roig Rechou Blanca Ana (dir.) (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

“ANDANDO A TERRA” OU A CONSTRUCCIÓN DUN ESPAZO SIMBÓLICO

Carme Fernández Pérez-Sanjulián
Universidade da Coruña

Resumo: Os artigos de Manuel María publicados entre 1977 e 1989 na sección “Andando a Terra” do xornal *A Nosa Terra*, sob o pseudónimo de Manuel Hortas Vilanova, son utilizados neste traballo como microcosmos onde observar determinados núcleos temáticos que, a modo de columna vertebral, organizan o conxunto do discurso do seu autor. A análise detense especialmente no conxunto de artigos centrados na construción dun discurso autorreferencial nacionalista; neles revísanse as estratexias a través das cales o autor delimita tanto o espazo, como o núcleo simbólico da nación, aquí practicamente sinónimo de grupo letrado. Sublíñase a relevancia deste procedemento, non só como elemento lexitimador do nacionalismo, senón tamén como creador de referentes imprescindibles nun país negado, necesitado de conformar a súa propia narración nacional.

Abstract: This paper explores the discursive microcosms created by Manuel María in his ‘Andando a Terra’ (Walking the Land) column series (1977-1989), published pseudonymously in *A Nosa Terra* under the pen name of Manuel Hortas Vilanova. The articles are linked by a set of recurring themes which frame and organise the author’s ideology of Galicia and the nation. The study focuses in particular on Manuel María’s self-referential nationalist discourse and the strategies used to define the space and symbolic heart of the Galician nation as embodied in its intelligentsia. The analysis shows the importance of this native intellectual elite as a way of legitimating nationalist aspirations in Galicia and providing the country with leaders and role models capable of reversing the denial of its national identity and constructing a national narrative of its own.

Palabras chave: Manuel María, “Andando a Terra”, xornalismo cultural, nacionalismo galego, grupo letrado, construción nacional.

Key words: Manuel María, ‘Andando a Terra’ (Walking the Land), cultural journalism, Galician nationalism, intelligentsia, nation-building.

1. MANUEL MARÍA, XORNALISTA CULTURAL

“Andando a terra” foi o título da sección que Manuel María, sob o pseudónimo de Manuel Hortas Vilanova, mantivo no xornal *A Nosa Terra*, desde a súa refundación no ano 1977 até 1989. Alí, no primeiro xornal nacionalista e monolingüe en galego que aparece despois da guerra, o autor chairego vai ir publicando unha serie de case trescentos artigos que, pola súa singularidade e interese, constitúen unha referencia obrigada á hora de estudarmos a produción deste autor e, sobre todo, conforman un magnífico exemplo de xornalismo cultural da segunda metade do século XX.

O propio Manuel María presenta así a sección nunha entrevista realizada en 1990 por Xosé Manuel del Caño:

“Andando a terra” é unha sección moi aberta, que firmo cos nomes que me gustaría ter: M. Hortas Vilanova. Manuel é o meu nome, Hortas é o alcume da familia de meu pai, e Vilanova, o da casa de miña nai. “Andando a terra” son unha serie de artigos, de impresións moi subxectivas e moi discutibles, sobre o que vexo e o que sinto. Trato de escribir coma quen fala, co mínimo peso literario (Caño 2016: 119).

Non deixa de ser chamativa esta última afirmación do autor (a autovaloración da súa sección como un conxunto de impresións, elaboradas case sen “peso literario”) e que contrasta coa percepción xeral, compartida por público e crítica, de estarmos ante unha serie de textos solidamente trabados. Para alén diso, resulta evidente que, na altura en que fai aquelas declaracións, o escritor era plenamente consciente tanto da eficacia, como da repercusión que tiveran aqueles artigos, o que nos leva a considerar que no seu discurso funciona máis a expresión retórica dunha sorte de “*captatio benevolentiae*” que unha valoración real do carácter dos mesmos.

De feito, este conxunto de artigos foi posto en valor, desde ben cedo, desde perspectivas diversas. Xa en 1995, o xornalista Alfonso Eiré, tras cuestionar aquel aserto, afirmaba que a sección constitúe, xustamente, unha das obras literarias cumio de Manuel María “comparábel pola súa calidade cos milllores artigos xornalísticos de García Márquez” (Eiré 1995: 27). Esta rotunda valoración de quen foi director do semanario na súa derradeira época ten moito a ver co impacto que a serie exerceu sobre o público lector do xornal nacionalista, e non só, pois, segundo afirma,

[a] súa sección “Andando a terra” convertiuse na crónica do país, recuperando a memoria histórica facéndoa actual através da contemporaneidade dos homes

e da terra, através da ollada sempre certaíra do escritor que é capaz de pintar en cincuenta liñas todo un anaco, tan inesquecível como duradoiro da nosa nación (Eiré 1995: 27).

Esta profunda pegada ten sido sinalada tamén por moitas outras voces que, desde ópticas diversas, ao revisaren o papel dos textos publicados n’*A Nosa Terra*, subliñaron tanto a súa eficacia comunicativa (Ledo 2009: 125-127), como o seu valor didáctico, evidente no que tiña a ver coa difusión de coñecemento¹ mais non tanto no relativo á importancia que estes artigos cumpriron no campo da estruturación de relacións e redes, labores ambos fundamentais no contexto da produción daqueles textos (Blanco 2009: 66-70).

Por outra parte, o feito de que o propio título da sección fose abondosamente parafraseado en publicacións que se centraban no relato de percursos de diferente tipo realizados a través da Galiza e que, de facto, se convertese nunha expresión consolidada cando nos referimos a viaxes polo territorio², axuda a dar a medida da influencia que estes textos exerceron no contexto cultural galego do último terzo do século XX.

Efectivamente, como xa teñen posto en evidencia moitas voces críticas (Gómez 2001; Ledo 2009; Mato 2009, entre outros), resulta innegábel o peso da obra xornalística no conxunto da produción de Manuel María xa que este foi un xénero que cultivou de modo sistemático, desde os inicios da súa carreira literaria en 1949 até os seus últimos días. Esta intensa colaboración na prensa periódica discorre en paralelo coa construción do discurso convencionalmente definido como literario do escritor, de modo que ao longo destes textos asistimos á presentación dunha grande parte do universo temático, referencial ou de intereses do autor chairego³. Concibidos, aliás, para seren lidos por un público menos restrito que o da obra poética, por exemplo, os seus artigos achegan claves de singular interese para a interpretación global do discurso de Manuel María.

A longa traxectoria do autor chairego como xornalista cultural pódese ir seguindo a través das súas colaboracións, tanto en medios galegos, como en

1 Segundo Margarita Ledo: “A información, entendida como necesidade cultural, política e cidadá, como substantiva e non como adxectiva, fará que Manuel a insira en todo tipo de textos –da creación á divulgación– e que elabore un refinado núcleo de mensaxes breves que vai contribuíndo a fixar na conciencia xeral, no lector” (2009: 125).

2 Nalgúns casos en obras dedicadas ao propio autor chairego, como o disco *Andando a Terra: Uxía canta a Manuel María* ou López 2005, mais non só. Lémbrese o programa da Radio Galega de Begoña Caamaño *Andando a terra: Viaxes por países dos que non oímos falar con frecuencia*.

3 Algo que tamén constata Miguel Mato: “En Manuel María hai coincidencia cronolóxica e temática entre poesía, peza teatral e artigo. Este paralelismo está non só nos temas, senón nas referencias, nas liñas dominantes, no estilo moi poético do artigo, nas evocazóns” (2009: 136).

publicacións de fóra do país, onde vai colaborar con relativa periodicidade⁴. En ocasións, sobre todo no período 1950-1970, estes espazos van servir para a publicación de parte da súa obra de creación, nuns casos para evitar as restricións editoriais ligadas á censura franquista (moito máis estritas para a edición de libros), noutros, para evitar algunhas limitacións e/ou condicionantes internos do propio sistema literario da altura⁵.

Así, ao longo de toda a segunda metade do século XX, a sinatura de Manuel María aparece de modo habitual en xornais como *El Progreso*, *La Noche*, *La Región*, *El Pueblo Gallego*, *El Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo* ou, moi especialmente, en *El Correo Gallego*, onde inicia unha colaboración regular no ano 1989. Tamén en revistas de todo tipo, desde as de ampla difusión (como *Vida Gallega*), ás de carácter cultural e/ou literarias ou, mesmo, a outras ligadas ao ámbito escolar, local e, sobre todo, ao movemento cultural asociativo, co que sempre colaborou activamente.

Mención á parte, como xa dixemos, merecen as súas colaboracións co semanario *A Nosa Terra*. Foi neste medio onde, para alén dos múltiples artigos asinados por el propio e aparecidos en diversas seccións do xornal, mantivo durante dez anos, a sección “Andando a terra”, un conxunto de 283 colaboracións que constitúen unha referencia obrigada na produción literaria de Manuel María.

Os artigos desta sección presentan un trazo que a dota de singularidade en relación coas outras series de textos xornalísticos do autor chairego e que é a de apareceren asinados baixo unha diferente voz enunciadora, a de Manuel Hortas Vilanova. Este vai ser, pois, o nome asociado a un narrador que, desde a primeira persoa, vai ir trasladando as experiencias, reflexións ou comentarios resultantes das súas viaxes a través, fundamentalmente, da Galiza. Un narrador que, segundo Pilar García Negro e Miguel Mato Fondo, pode ser definido como un “curioso viaxeiro que establece un diálogo permanente entre dous interlocutores: un, terra, paisaxes, mitos, lendas, memorias, símbolos nacionais, isto é, a cultura no sentido máis cabal do termo; o outro, o propio escritor que a vive e a interpreta” (Hortas 1990: 8)⁶.

4 Pódense citar *Correo de Galicia*, *Lugo e Galicia* (Buenos Aires), *Lar* (Caracas), *Vieiros* (México), *Destino* (Barcelona), *Signo*, *Poesía española* ou *El urogallo* (Madrid), *Irmadade* (Xenebra, Suíza) ou os portugueses *O Comércio de Porto*, *Jornal de Noticias Colóquio/Letras*, *Céltica*, *Quatro Ventos*, *Vértice* (Porto), entre outros. Unha información exhaustiva sobre a bibliografía xornalística pode acharse en Gómez 2003: 205-253.

5 Manuel María sinalou en múltiples ocasións como algúns dos seus orixinais foran sistematicamente rexeitados pola editorial Galaxia (véxase Caño 2016: 53-57 ou Queixas 2016: 115-117); así, as publicacións periódicas foron unha canle habitual para dar ao prelo textos, de todo tipo, moito antes de apareceren editados en libro.

6 Nesta escolma preparada por M.^a Pilar García Negro e Miguel Mato Fondo aparecen recollidos oitenta e seis artigos. A respecto da mesma, Manuel María comenta: “Eu faríaa doutra maneira. Aí están ben

Na entrevista xa citada de Xosé Manuel del Caño, Manuel María describe así o contido daquela sección de *A Nosa Terra*:

Aí están a maior parte das terras que andei, a maior parte dos personaxes populares que coñecín, os libros que me impresionaron e as curiosidades que me chamaron a atención. Eu Galicia percorrín practicamente enteira. Dende hai moitos anos andei polos institutos, pola Universidade, polos grupos escolares, pola maior parte das asociacións culturais e tamén fixen moitos pregóns de festas. Nestas viaxes, sobre todo antes que ía en tren ou en autos de liña, procuraba ver as vilas, andar polos cafés, falar cos veciños, e sempre daba con xente sorprendente e pintoresca. Tamén me interesaba a paisaxe e os monumentos que me chamaban a atención (Caño 2016: 89).

Ao tempo, se repararmos nalgúns textos escritos na mesma época dos artigos, tórnase evidente a xa comentada relación entre discurso xornalístico e discurso poético. Así, no poema que abre *Versos do lume e o vagalume* (1982) lemos:

Aínda teño a esperanza de poder
percorrer unha por unha
todas as parroquias de Galiza,
lugares e casais,
andar porta por porta,
dialogar persoa a persoa
face a face,
pois non hai tarefa máis urxente,
fermosa, nidia e necesaria.
Gastarei o meu corpo nos camiños
ata ser po, seixo e silveira.
A miña voz, de tan usada, será
o levísimo eco dun rumor:
só fundamento da semente
que apenas poderá rozar
a intimidade choída dos galegos,

representados os artigos puramente literarios, os que tratan de Galicia e os das viaxes ao estranxeiro. Falta, sobre todo, a serie que dediquei aos tipos pintorescos de Ourense, Celanova, Monforte, Outeiro de Rei e Lugo. Isto non ten moita importancia, porque se o libro funciona, pódese facer unha nova escolma" (Caño 2016: 133).

Recentemente foi editada outra antoloxía de artigos xornalísticos do autor chairego (Manuel María 2015), neste caso ao coidado de Xosé M. Pérez Álvarez e Fran Rei García, onde se recompilan cincuenta e seis artigos escollidos entre os editados nas páxinas d'*A Nosa Terra* e *El Correo Gallego* entre 1978 e 2004.

estraña tribo incomprendíbel
feita de tebra, vento e cantería
(Manuel María 2001: 29).

Paisaxe, xentes, libros, monumentos, espazos públicos de relación... aparecen citados unha e outra vez como os aspectos que concentran a atención do autor Manuel María. Imos revisar a seguir cales son que os que concitan a atención de Manuel Hortas Vilanova.

2. MANUEL HORTAS VILANOVA: A DELIMITACIÓN DOS CONTORNOS SIMBÓLICOS DA NACIÓN

Ao longo das case trescentas entregas que compoñen a serie “Andando a terra”, é Manuel Hortas Vilanova quen nos fala, quen se vai ocupar de ir comentado asuntos de historia, literatura, etnografía, arquitectura, antropoloxía galegas, cun certo ton didáctico, ás veces, atravesado pola ironía (“este servidor, que é curioso de moitas cousas e especialista en ningunha”; “este servidor, no seu pouco saber e entender”). Manuel Hortas, que se define a si mesmo como “cronista”, resulta ser un home culto e dono de saberes dispares que se presenta, desde o inicio, como un galego (“galego de terra adentro, como é este barbas que escribe”) coñecedor e amante da súa terra, os seus costumes e as súas xentes, para alén de viaxeiro impenitente por outras xeografías (“Nas nosas viaxes pola tribu, polo país e polo mundo tivemos a regalía de coñecer a moita xente singular”) que gosta de comparar sempre coa Galiza. Intimamente mesturado con todos os temas anteriores, aparece o seu compromiso político (“Servidor é un galego de a pé, quérese dicir do común, que exerce a súa galeguidade dende que ten uso de razón”, “Desde que comezaron a inzar a nosa nación de encoros eléctricos...”) pois Manuel Hortas Vilanova, segundo se deduce dos seus textos, defínese como un nacionalista galego que entende que o (re)coñecemento da realidade galega é un paso previo, e imprescindible, para calquera proxecto colectivo que teña a Galiza como centro do seu ideario.

A creación deste heterónimo (Manuel Hortas Vilanova), cos patronímicos familiares e próximos do autor real⁷, resulta ser un eficaz instrumento para representar unha autoconstrución ficcional que, embora próxima en ocasións á biografía real

7 “No mesmo corazón de Outeiro de Rei está en chantada a «Casa de Hortas»: velaquí algo así como o centro do mundo para Manuel María, «o meu reino». [...] Espazo fundamental, punto de partida para adentrarse nun percorrido pola obra do escritor” (López 2005: 7). A casa non só é dedicataria dun libro enteiro (*Sonetos á casa de Hortas*) senón que tamén ten unha forte presenza noutros poemarios. *Ritual para unha tribo capital de concello* ábrese cos seguintes versos: “Ti sabes, Outeiro, que eu son Hortas / E recoñécesme por teu, aínda que /Non me ames e me trates como alleo” (Manuel María 2016: 29).

do autor (referencias á familia, amizades e actividades na realidade protagonizadas por el), funciona, sobre todo, como vehículo para proxectar un discurso dirixido á consolidación de conciencia identitaria entre o seu público lector. Esta consolidación da idea de grupo realízase, nun primeiro nivel, a partir da complicitade que a voz autorial establece con ese "nós, galegos" que aparece repetidamente nos artigos e que busca situar nun mesmo plano emisor e público lector. A seguir, nun segundo nivel, a idea de grupo asenta na delimitación implícita dun proxecto político colectivo co que, desde a voz autorial, e a través do relato dos lugares visitados, das xentes coñecidas ou das reflexións que en relación con todo isto formula o narrador (con todo o que isto supón de establecemento de redes pois, se ben estas semellan ser só amicais, serven para establecer ligazóns que son tamén culturais e políticas), se aspira conseguir a implicación do público receptor. Neste sentido, resultan moi ilustrativas as palabras de Alfonso Blanco recollidas por Mercedes Queixas:

Manuel María partillaba todo o que vivía e sentía, sobre todo a súa entrega ao país, converténdonos ao seu paso en cidadáns nobres, así facía de cada viaxe un percorrido polas súas vivencias. Coñecía toda Galiza, parroquia a parroquia, e ía contaxiándote coa súa emoción, lembrando eventos, personaxes, o patrimonio, os toliños, a cultura oral..., de cada recanto. Calquera rota era unha lección de historia, remarcando os sinais que axudaban naquela hora a medrar en orgullo patriótico (Queixas 2016: 132).

Por outra parte, no que atinxe a estreita relación entre literatura e formulación dun discurso identitario, non podemos deixar de constatar a evidente conexión entre a produción xornalística de Manuel María e a do seu admirado Ramón Otero Pedrayo, a quen cita en numerosos artigos ("Don Ramón") e con quen mantivo sempre unha estreita relación persoal⁸.

Na nosa opinión, o xornalismo cultural de Manuel María bebe, en parte, destas fontes para, desde o súa particular visión do mundo, construír o discurso, á vez didáctico e lírico, ilustrado ou militantemente político, que define os artigos asignados por Manuel Hortas Vilanova: un discurso complexo que, como o de Otero Pedrayo, está orientado á afirmación de Galiza como nación, mais que agora, a partir da incorporación doutras lecturas e experiencias, vai deixar translucir unha ollada que bebe do materialismo marxista e dos discursos anticoloniais mais que, sobre todo, aparece formulada desde unha posición que se reivindica como popular.

8 Sobre este aspecto, véxase Fernández 2016: 53-54.

Con este punto de partida imos facer un percurso analítico a través dos temas fundamentais que Manuel Hortas-Manuel María desenvolve ao longo dos artigos da sección “Andando a Terra” e que, ao noso xuízo, poderían ser agrupados arredor de catro representacións axiais.

2.1. A (RE)PRESENTACIÓN DO TERRITORIO

A representación da terra e a descrición da paisaxe configúranse como elementos fundamentais no marco deste discurso de corte identitario; discurso que, na nosa opinión, é tamén o que fundamenta unha das liñas temáticas esenciais da poesía de Manuel María, isto é, a visión da paisaxe e a interrelación do eu lírico con ela. Esta liña discursiva vai estar presente ao longo dos artigos da sección, moi especialmente nalgúns como “Encol dos ventos galegos” ou “Carballos e castiñeiros”, que comeza: “É un gozo andar os camiños do Outono galego. Pousar os ollos sedentos de luz nas abas dos montes. Sobor de todo nas ribeiras súpetas do Sil, do Bibei, do Lor, do pai Miño ó seu paso por terras chantadinas ou de Os Peares” (Hortas 1990: 91). E remata: “Outro día, se cadra, escribiremos das árbores foráneas, modernas e civilizadas, alleas, coas que tan pouca amizade temos. Tan poucas que case non nos falamos” (Hortas 1990: 92).

A delimitación do espazo simbólico da Galiza ten unha expresión fundamental na descrición das viaxes que se fan por ela (“Viaxe a Carral dos Mártires”, “Viaxe sentimental a Outeiro de Rei”, “Viaxe a Fisterra”, “De Monforte de Lemos deica Coruña pasando por Rivas pequenas”, “Subida ao Faro con parada en Chantada” etc) ou, tamén, nas crónicas das visitas realizadas a moitos lugares, monumentos ou espazos naturais que o narrador considera de especial relevo (“A carballeira de san Xusto”, “Caaveiro”, “Os petos de ánimas”, “O Miño”, “Santa Marta de Ortigueira”, “O reino da Mariña luguesa”). Outras veces, o obxecto de atención son festas, romaxes ou outros espazos que funcionan como lugar de encontro e/ou como referentes da cultura tradicional (“As San Lucas”, “Os magostos”, “As festas dos difuntiños”, “O café *Carabela* de Pontevedra”, “Lembranza e laude de *A Beadense*”), ao tempo que lle permiten introducir a mención da xente que os habita e os seus costumes.

Pódese afirmar, pois, que estes deslocamentos polo territorio son o medio a través do cal o narrador protagonista vai definindo unha rede de conexións entre lugares, costumes, historia e personaxes que facilitan ao público lector o coñecemento da historia interna da Galiza, isto é, a (re)descuberta dela propia. Este procedemento presenta evidentes similitudes co debuxo de liñas imaxinarias sobre un mapa ou, mellor dito, coa delimitación do propio perfil da nación, no que resulta ser unha estratexia de marcado carácter identitario que segue, no esencial, as liñas ideolóxicas que xa foran definidas no discurso do nacionalismo

de preguerra (pensemos en *Pelerinaxes* ou, por exemplo, na utilización sistemática que o propio Otero Pedrayo fai do motivo do mapa na súa narrativa⁹).

2.2. A (RE)PRESENTACIÓN DOS ELEMENTOS SIMBÓLICOS E MATERIAIS

Son moitos os textos en que se pode detectar como o narrador elabora inventarios, ben da cultura material (“O peto de ánimas de Tuiriz”, “Os cacharreiros, a miña tribu e as súas cancións”, “Santa Baia de Bóveda”, “Viaxe ás Médulas”), ben do patrimonio inmaterial (“Encol da canción popular”, “Encol do Himno galego”, “Os magostos”, “As festas dos difuntiños”, “O lobo no santoral bretón e no galego”, “O liño”, “Os vellos viños de Ribadavia”), nunha liña, tamén, coincidente co propugnado polos sectores que poderíamos definir como *intelligentsia* galeguista.

Despois da ruptura total que supuxo a sublevación militar, primeiro, e a ditadura despois, o re-estabelecemento destes elementos como referentes propios non era, na altura de 1977-1987, algo estraño. Nuns casos, infravalorados ou embafados por unha pátina de prexuízo e, noutros, directamente descoñecidos por parte de tantos galegos e galegas, para o autor non resulta, de ningún xeito, desnecesario retomar esa liña de representación dos elementos simbólicos da terra, moito máis se se ten en conta que o mundo rural tradicional, a súa forma de vida e sistema de valores están en claro retroceso. Este proceso é visto polo autor, que comparte moitos deses valores, con profunda melancolía e un certo rexeitamento, pois, para el, o mundo rural é un dos elementos configuradores do noso ser colectivo e a súa desaparición (ou esquecemento) constitúe unha perda irreparable¹⁰. En calquera caso, esta visión, por veces un tanto elexíaca, e a súa defensa do mundo tradicional non deben de ser confundidas con tradicionalismo, tal como se aprecia naqueles textos (“Finximento galego”, “A queimada”), onde a reflexión que se propón ten a ver, xustamente, coa crítica aos estereotipos ou os preconceptos que aínda persisten sobre (ou, mesmo, en moitos casos, entre) as e os naturais da Galiza.

9 En relación con isto véxase Fernández 2003: 144-158.

10 Neste sentido, resultan esclarecedoras as palabras de Manuel María no “Aviso cecais innecesario cecais non” que serven de limiar aos *Sonetos á Casa de Hortas*: “Nestes versos tentamos contar e cantar os traballos e os días dunha casa labrega de bo pasar. Un xeito de vida que desapareceu –e con ela toda unha cultura ancestral– xa antes de morrer o século XX e de estrearmos o novo milenio. Cecais alguén coide, despectivamente, que isto é ruralismo. Aló el. Nós sostemos que esta casa e esta vida foron as nosas: elas elixíronnos e non nós a elas. Aceptámolas –vida e casa– humilde e fondamente, E amámolas máis que a nós mesmos” (2014: 6).

2.3. A (RE)PRESENTACIÓN DO GRUPO LETRADO

Ao noso ver, é este un dos núcleos temáticos máis interesantes de “Andando a terra”. Falamos daquel conxunto de artigos que se centra no comentario de actos culturais e/ou políticos a que asiste o narrador; na evocación, nuns casos, de asuntos históricos, noutros, de figuras ou obras relevantes para a cultura galega contemporánea.

Así, ao longo dos textos de Manuel Horta aparecen múltiples referencias a figuras relevantes da cultura galega: escritores, intelectuais... desde a Idade Media (poetas medievais como Xohán de Requeixo, Fernando Esquío, Fernán Velho, D. Denis ou Pero Meogo), pasando pola Idade Moderna até o mundo contemporáneo (textos ou feitos de Diego A. Cernadas Castro, José Cornide, Lucas Labrada, Francisco Añón, Pondal, Nicomedes Pastor Díaz, Ramón Armada Teixeira, Xan de Forcados, Murguía, Leiras Pulpeiro, Lence Santar, Leandro Carré, entre moitos outros, para alén de, por suposto, Rosalía de Castro).

Manuel Horta traza, así, un percurso histórico concibido sob unha clara óptica didáctica, na medida en que o narrador asume un claro papel de mediación entre os discursos académicos e a divulgación para un público máis amplo dos temas desenvolvidos. Opera, finalmente, como transmisor de coñecementos sobre literatura, lingua, historia... para un auditorio que, en moitos casos, pouco ou nada coñece de moitos dos temas que alí se expoñen e, sobre todo, actúa como fío condutor do relato histórico e ideolóxico que através deles se establece.

Resultan especialmente significativas as referencias a figuras contemporáneas pois, por este medio, quérese subliñar explicitamente a camaradaxe e a rede de relacións que existen entre as e os protagonistas do mundo cultural. Con este procedemento o que se está a definir aquí é o núcleo simbólico da nación que, neste caso, é practicamente sinónimo de grupo letrado. A consolidación deste resulta vital, non só como elemento lexitimador do nacionalismo, senón tamén como creador de referentes imprescindíbeis nun país negado, sen conciencia de seu e necesitado de conformar a súa propia “narración” nacional¹¹.

En consecuencia, nese relato han ter un protagonismo especial os artigos que se centran nas persoas que constitúen este grupo letrado, grupo que, como non é de estrañar, semella ser maioritariamente masculino. Para alén de Rosalía ou do xa citado “Don Ramón”, a través dos propios títulos das colaboracións atopamos, entre outros, a “Aquilino, pastor de palabras”, “Florentino Cuevillas”, “Luís Pimentel”, “Lembranza de Carlos Varela Veiga”, “Lembranza de Anxel Xohan”,

11 Esta mesma estratexia é, na nosa opinión, a que funciona como fío condutor do discurso poético en *Informe para axudar a alcender unha cerilla*. Resulta sumamente esclarecedor consultar a relación de persoas ou obras que aparecen recollidas, e comentadas, nas notas finais (Manuel María 1973: 27-30).

“O poeta Díaz Castro e o outono”, “Unha tribu chamada Avilés de Taramancos”, “Fernán Velho e Fernán-Velho”, “Peregrinaxe a Lóuzara con noticias de Fiz Vergara Vilariño” ou Álvaro Cunqueiro en “Os sete contra Tebas”. Sería moi longo citar todos os autores que, por súa vez, se citan ao longo das páxinas d’*A Nosa Terra* mais si é importante indicar o peso que teñen as referencias a actividade cultural, obras ou grupos xeracionais anteriores a 1936 (Risco, Castelao, López Abente, Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Luis Manuel Acuña...), así como a aquelas outras que funcionan como os elos da cadea na posguerra (Sabino Torres e Benito Soto, Carlos Maside, Luis Seoane, Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Ricardo Carvalho Calero, Laxeiro, Isaac Díaz Pardo, Urbano Lugrís, Celso Emilio, Cuña Novás, Luz Pozo Garza ou, tamén, María Casares...), orientadas a consolidar a idea da continuidade histórica do noso sistema cultural e, ao tempo, a (re) asentar a súa lexitimidade.

Asemade, cómpre ter en conta que ese grupo letrado é moito máis amplo, ao estar integrado, tamén, por todas as outras persoas mencionadas nos artigos como compañeiras e compañeiros de viaxe, participantes nos actos ou na organización de actividades ligadas ao tecido asociativo, nas tertulias ou, mesmo, en conversas noutro espazo tradicional de socialización como foron as tabernas; en moitos casos, esas persoas entenden a súa función no espazo público como unha tarefa onde se conxugan de modo inseparábel o cultural e o político (é nese sentido como cómpre entender, por exemplo, a lembranza de Moncho Reboiras, fundador do Frente Cultural Galego). Falamos, por tanto, dun grupo letrado que se move orientado por un propósito estético, ético e, á vez, político.

Neste contexto é onde hai que situar, xunto a presenza sempre constante de Saleta Goi, o importante núcleo de referencias a poetas, artistas, estudosos ou “sabias profesoras”, moitos deles e delas, moito máis novos do que o narrador: Lois Diéguez, Marica Campo, Felipe Senén, Pilar Vázquez Cuesta, Martiño Montero Santalla, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo¹², Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, Francisco Rodríguez, Pilar Allegue, Vicente Vázquez Diéguez, Manuel López Foxo, Pepe Barro, Miguel Anxo Fernán-Vello... aparecen nestes artigos. Estes nomes, e moitos máis, permiten deseñar un mapa do universo intelectual galego daqueles anos, un universo que, ao igual que o narrador, non é alieo ás tensións que a vida política galega, en xeral, e o sistema cultural en particular, padecen na altura e que se trasladan aos artigos (“No centenario do pasamento de Rosalía”, “O rito das conmemoracións” ou “Viaxe a Bonaval”, sobre a traída dos restos de Castelao).

12 Resulta moi pertinente lembrar aquí como a propia Margarita Ledo valora a importancia que Manuel María tivo para a súa xeración, non só pola súa función de editor, senón tamén pola capacidade e vontade de os vencellar a un proxecto colectivo (Ledo 2009: 127).

A modo de síntese, o que na nosa opinión resulta máis novidoso nestes textos é que con este discurso Manuel Hortas-Manuel María configura un espazo público que busca, en último termo, lexitimar o nacionalismo e a súa vontade por se converter na forma hexemónica nacional.

2.4. A (RE)PRESENTACIÓN DE ELEMENTOS EXTERNOS

Ao longo das entregas de “Andando a Terra”, é frecuente a incorporación de referencias a percursos por fóra da Galiza, quer físicos, quer intelectuais. Nesta liña, son moitos os artigos que describen espazos visitados en viaxes¹³ (“O lago”, referido ao de Bourget, Suíza; “A pedra das Fadas”, Saboia; “A Provenza”, “Romería en Amarante”, “Florenzia”, “Roma”, “Lembranza dun viaxe a Bretaña”), ao tempo que noutros, a partir da mención de publicacións ou de artistas (San Martinho de Antas e os *Poemas ibéricos* de Miguel Torga, Francis Jammes, Rubén Darío, Federico García Lorca, Ezra Pound...), prima a evocación dos espazos coñecidos a través das lecturas, mais, dalgún modo, presentes sempre na memoria do narrador. En calquera caso, todos estes lugares funcionan como o punto de partida da súa reflexión que, case sempre, remata nalgún comentario relacionado co mundo galego.

Son, tamén, habituais neste conxunto de textos as referencias a escritores, como ao poeta vasco Gabriel Aresti, ao catalán Salvador Espriu, ao bretón Paol Keineg ou a autores portugueses Teixeira de Pascoas, Gualter Póvoas, João Verde, Mário Cesariny ou Miguel Torga, entre outros, complementadas con outras moitas alusións a espazo cultural galego-portugués (“Noticia de 4 Ventos, revista lusíada”, “O cantor de Águeda”).

Neste sentido, resulta obrigado insistir en que a presenza destoutro grupo letrado responde a presupostos que teñen moito a ver coa estratexia identitaria que sustenta a creación do grupo letrado galego, e de que xa se falou. Estas persoas, lugares ou obras funcionan como referentes de identificación, xa que, sobre todo nos casos de literaturas que se expresan en linguas non oficiais, a súa integración no universo construído polo narrador permite reafirmar perante o público lector o discurso identitario dunha literatura nacional, aínda con necesidade de consolidar certos ámbitos fronte á presión do sistema cultural español. Ao tempo, opera tamén un certo discurso lexitimador, ao se presentar o noso sistema literario nun diálogo, en pé de igualdade, con representantes doutros sistemas xa plenamente recoñecidos.

13 Véxase o relato que das propias viaxes fai Manuel María (Caño 2016: 112-118); sobre todo, as referencias ás viaxes aos locais da emigración, tanto de América como, en especial, aos Centros Galegos centroeuropeos (Caño 2016: 115). Tamén López 2005 e Queixas 2016: 138-139.

Manuel Hortas Vilanova-Manuel María, viaxa desde a Terra Chá a outras terras, outras letras... para regresar ao seu Outeiro natal, á casa de Hortas, ao seu centro do mundo e, ao igual que as personaxes oterianas, proxectar desde o espazo nativo o seu compromiso activo coa Galiza, entendido sempre como tarefa colectiva. Na mesma liña da reflexión de Adrián Solovio: “Foise dando conta de non ser el só na Galicia: unha falanxe dispersa na aparencia, unánime na arela traballaba en diferentes Terras de Galicia” (Otero 1985: 185), el tamén vai compartir o seu labor, sobre todo, con aquel grupo letrado de que xa se falou. Máis unha vez, constatamos como existe unha clara conexión entre estes dous escritores, xa non relacionada co seu contacto persoal, senón xustificada a través dos textos; en concreto, podemos observar como o modelo de discurso identitario formulado por Ramón Otero Pedrayo reaparece na obra de Manuel María aínda que, agora, reescrito baixo outras claves ideolóxicas. Son estas as que lle permiten deseñar un outro mapa da Galiza, un mapa complexo que reúne descrición do territorio, do patrimonio material e inmaterial, así como das súas xentes, mais que agora é actualizado a partir dunha reflexión asentada no materialismo marxista e nos discursos anticoloniais. Isto configura un espazo simbólico novo, carregado de significados diferentes, igualmente identitarios mais tamén fondamente ligados a unha visión que se proclama esencialmente popular.

Para concluírmos, as achegas xornalísticas de Manuel María en “Andando a Terra” son un microcosmos onde se pode observar con claridade a liña ideolóxica que, a modo de eixo central, organiza o pensamento do autor, e que non é outro que a afirmación de Galiza como nación. Este discurso, concibido como un contributo imprescindíbel nun país negado, sen conciencia dos referentes de seu e, por tanto, necesitado de se dotar dos instrumentos precisos para conformar a súa propia narración nacional, está presente ao longo de toda a súa produción literaria, desde as colaboracións xornalísticas á creación narrativa ou á teatral, desde as pezas ensaísticas á importantísima construción poética que constitúe o cerne da súa produción artística.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Blanco Torrado, Alfonso (2009): “A amizade en Manuel María”, en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Manuel María: Literatura e Nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade, 59-74.
- Caño, Xosé M^a del (2016): *Conversas con Manuel María*. Vigo: Nova Galicia Edicións.

- Eiré, Alfonso (1995): “Andando A Nosa Terra co Manuel. O autor da Terra Chá é un dos fundadores do periódico”, *A Nosa Terra* 692, 27.
- Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (2003): *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: A Nosa Terra.
- (2016): “Andando a Terra con Manuel María”, en Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.), *Manuel María. Cecaís hai unha luz. Memorabilia*. Cader nos Ramón Piñeiro XXXV. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 51-59.
- Gómez Torres, Camilo (2003): *Bibliografía de Manuel María*. Lugo: Casa-Museo Manuel María.
- Hortas Vilanova, Manuel [Manuel María] (1990): *Andando a Terra 1977-1987*. Vigo: A Nosa Terra. Ed. de Pilar García Negro e Miguel Mato Fondo.
- Ledo, Margarita (2009): “Ollar o real: Manuel María nos xornais”, en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Manuel María: Literatura e Nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade, 123-131.
- López Gómez, Felipe-Senén (2005): *Andando a Terra con Manuel María*. A Coruña: AELG / AS-PG / CIG / A Mesa/Deputación da Coruña/Xunta de Galicia.
- Manuel María (1973): *Informe para axudar a alcender unha cerilla*. Montevideo: Patronato da Cultura Galega.
- (2001): *Obra poética completa II (1981-2000)*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2014 [1997]): *Sonetos á casa de Hortas*. A Coruña: Fundación Manuel María
- (2015): *Memoria da Terra. Prosa xornalística escollida*. A Coruña: Casa-Museo Manuel María. Ed. de Xosé Manuel Pérez Álvarez e Fran Rei García.
- (2016 [1985]): *Ritual para unha tribo capital de concello*. A Coruña: Fundación Manuel María.
- Mato Fondo, Miguel (2009): “O traballo xornalístico de Manuel María: xornalismo e poesía”, en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Manuel María: Literatura e Nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade, 133-143.
- Otero Pedrayo, Ramón (1985 [1930]): *Arredor de si*. Vigo: Galaxia.
- Queixas, Mercedes (2016): *Labrego con algo de poeta: biografía de Manuel María*. Vigo: Galaxia.

A LINGUA GALEGA NA VIDA, NA OBRA E NO PENSAMENTO DE MANUEL MARÍA

Xosé Ramón Freixeiro Mato
Universidade da Coruña
Grupo ILLA

Resumo: Após unha revisión do estado da arte relativo aos traballos publicados con anterioridade sobre a lingua de Manuel María, no presente traballo analízase a relación do poeta co idioma galego, tanto no que fai referencia aos usos lingüísticos como cidadán e escritor, canto ao compromiso que desde moi novo adquiriu na súa defensa, dignificación e normalización social. A seguir, estúdanse as características do galego utilizado polo autor na súa obra, a tomar en consideración especialmente a relación coa fala local de Outeiro de Rei e coa lingua literaria da altura, os fenómenos de interferencia directa ou indirecta do español e a evolución lingüística que se foi producindo na súa obra ao longo do tempo, ben como o posicionamento do autor a respecto da cuestión normativa. En último lugar, analízase o pensamento de Manuel María con relación á situación sociolingüística: distinción entre o galego como lingua das clases populares e o castelán –ou castrapo– como lingua das clases dominantes, denuncia da deslealdade lingüística, crítica das persoas bilingüistas e castrapistas, e defensa da normalización lingüística como solución de futuro para unha Galiza que só pode sobrevivir a se expresar na lingua propia.

Abstract: After having revised the state-of-the-art regarding the works previously published on the language of Manuel María, in the present article the relation of the poet with the Galician language is analyzed; the linguistic uses by Manuel María, both as a citizen and a writer, are also analyzed here, as well as his commitment in its defense, dignification and social normalization. Next, we study the characteristics of the language used by the author in his work, the relation with the local speech of Outeiro de Rei, with the literary language of his time and the phenomena of direct or indirect interference of the Spanish; the linguistic evolution of his work throughout the time and the positioning of the author in relation to the standardization are also considered. Lastly, we analyze the thought of Manuel María in relation to the social situation of the language: distinction between Galician as language of the popular classes and Castilian –or ‘castrapo’– as language of the dominant classes, denunciation of

the linguistic disloyalty, criticism of the bilingualist people, and defense of the linguistic normalization as a solution for the future of a Galicia which can only survive if able to have a language of its own.

Palabras chave: lingua galega, Manuel María, normalización lingüística, lingua literaria, hipergaleguismo, castelán.

Key words: Galician language, Manuel María, status planning, literary language, hypergalicianism, Castilian.

1. A LINGUA EN MANUEL MARÍA: ESTADO DA ARTE

A dedicatoria do Día das Letras Galegas a Manuel María no ano 2016 propiciou a proliferación de traballos sobre a súa vida, a súa obra e o seu pensamento. Isto, que costuma ser habitual con relación á figura do escritor ou escritora que cada ano se conmemora, aínda que non acontecese en todos os casos, torna especialmente evidente con ocasión de ser o poeta chairego o homenaxeado, tanto polo interese e simpatía que desperta a súa personalidade humana e literaria, canto polo labor promovido e levado a cabo pola fundación que leva o seu nome. É habitual igualmente que moitos deses traballos presten atención á relación da autora ou autor coa lingua, sexa para explicitar o seu grao de compromiso con ela, sexa para analizar o modelo lingüístico-estilístico utilizado na escrita e o seu pensamento a respecto da situación social en que se acha.

Tamén no caso de Manuel María está a acontecer, pois, algo similar neste ano, mais, ao contrario do que aconteceu con outras e outros autores, sobre o poeta chairego xa existían traballos relevantes a respecto dos trazos da lingua por el empregada e do seu pensamento sobre o contexto sociolingüístico. E nisto tivo influencia decisiva tanto a realización da tese de doutoramento de Camilo Gómez Torres sobre o autor, aínda en vida deste, e os traballos dela derivados, como a celebración do Congreso *Manuel María: literatura e nación* na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña en novembro de 2005, un ano despois da súa morte, ao que aínda se podería acrecentar a convocatoria do XX Premio Literario Ánxel Fole en 2006 centrado na súa figura. Da citada tese, intitulada *Manuel María: poesía, traballo lingüístico e traballo cultural* (maio de 2000), saíu o libro *Manuel María: os traballos e os días* (Gómez 2001a) e sobre todo, para o tema que aquí interesa, *O tempo vital de Manuel María. Unha crónica sociolingüística de Galiza baixo o franquismo e na restauración democrática* (Gómez 2005), alén doutros contributos sobre o pensamento lingüístico do autor como Gómez Torres (2001b), que se complementa con outro dese teor da orientadora da tese (García Negro

2001). Xa con anterioridade Xosé Lois García (1995) estudara o vocabulario da flora e da fauna na obra *Terra Chá*, traballo reproducido en García (2015: 171-203); sobre o léxico da flora en *Muiñeiro de brétemas* acaba de aparecer un contributo de Sánchez Rei (2016). Con anterioridade a este publicouse un estudo de Xosé Luís Regueira (2014) sobre a vinculación da lingua do autor coas falas chairgas e co galego literario a partir da análise lingüística da obra *Terra Chá*, tema xa abordado bastante antes con maior brevidade por Dobarro (1989: 35-36).

Nas actas do congreso realizado en 2005 (García/Pardo 2009), para alén doutros contributos que, sen se centraren no idioma, fan referencia colateral a el, recóllese un traballo sobre a evolución da situación social do galego no século XX vivido por Manuel María (Mariño 2009) e outro sobre o compromiso co galego do autor, o seu modelo de lingua e algúns dos trazos estilísticos principais (Freixeiro 2009a). En relación directa con este último contributo pódense citar tres da mesma autoría que focalizan o estudo do estilo na obra de Manuel María, dous artigos (Freixeiro 2007b e 2009b) e un libro que leva como subtítulo *Lingua e estilo na obra de Manuel María* (Freixeiro 2007a) e que obtivo o citado Premio Ánxel Fole, a se converter no estudo máis amplo sobre a lingua do autor.

De todas as formas, o ano das Letras dedicado a Manuel María propiciou novas reflexións e achegas sobre a lingua tanto no volume colectivo editado por Cochón/Alonso (2016) e que leva por título *Manuel María. Cecaís hai unha luz. Memorabilia*, con estudos de carácter sociolingüístico dos poemas “Canción para cando se escoita falar castrapo” (Freixeiro 2016) e “Acuso á clase media” (García Negro 2016) ou o xa antes referido de Sánchez Rei (2016) sobre aspectos léxicos, como nunha antoloxía de poemas de Manuel María sobre a lingua promovida pola Casa-Museo do poeta e precedida dun estudo introdutorio (Freixeiro 2015). Tamén neste ano saíron do prelo outras obras de carácter máis xeral sobre a vida, a obra e a personalidade de Manuel María que fan frecuentes alusións á lingua, como a de Mercedes Queixas (2016), por exemplo, pois torna practicamente imposible poder falar deste autor sen mencionar un dos motivos centrais da súa vida e da súa obra, cando non o principal. É o que transparece tamén no volume de Gil Hernández (2016) intitulado *Solilóquios con Manuel María*, onde aquel reflexiona a respecto dos poemas incluídos nos libros *Versos do lume e o vaga-lume* (1982), *A luz resuscitada* (1984) e *Oráculos para cavaliños do demo* (1986), todos tres editados no seu momento con grafía reintegrada, e onde o tema lingüístico ten unha presenza destacada, focado desde a perspectiva do reintegracionismo. Noutros libros e publicacións que vaian aparecendo tamén se ha tratar, con certeza, da cuestión da lingua.

En conclusión, aínda que este congreso é unha boa oportunidade para voltarmos sobre o tema da lingua en Manuel María, cómpre termos en conta todo o

publicado con anterioridade ao respecto, que nesta ocasión xa non é pouco, tanto para evitarmos reiterar en exceso o xa dito, canto para aproveitarmos algunhas das ideas que mellor puideren axudar ao desenvolvemento do tema.

2. O GALEGO NA VIDA DE MANUEL MARÍA

A lingua galega foi para Manuel María o seu idioma de uso cotián, tanto na expresión oral como escrita, e tanto en privado como en público. Como fillo de labregos de Outeiro de Rei, a lingua en que aprendeu a falar e en que se criou foi a galega. El mesmo declarou que “Outeiro de Rei, naquela época, era unha vila monolingüe” en que as únicas persoas que non falaban galego eran “a filla do maragato” e “a muller do mestre, que era bilbaína” (Caño 1990: 16), aínda que ao chegar á escola se encontrou coa presenza dominante do español. Mais tamén alí tivo a oportunidade de entrar en contacto coa literatura galega a través da lectura e comentario de textos das antoloxías de Carré Aldao e de Álvaro de las Casas (Gómez 1996: 1218).

De todas as formas, o primeiro día de escola das crianzas galegofalantes no medio rural durante o franquismo tornaba normalmente un feito traumático por razóns de lingua, ao se veren desprezadas polo mestre por falaren a única que sabían e que era a de seus pais e nais e de seus avós e avoas. Sabémolo ben as persoas que tivemos de pasar por esa experiencia e diso tamén deu testemuño Manuel María:

O primeiro día que fun á escola, don Domingo, o mestre, que tiña unhas barbísimas tremendas, púxome diante del e estivo para alí observándome. Eu vin que os rapaces falaban en castelán con el, aínda que na rúa sempre lles oíra falar galego. Incluso lle meteu uns berros a un que dixo unha castrapada. Total, que sentín ganas de mexar e non me atrevín a pedirlle para saír, porque só coñecía a palabra galega e ó traducir saíame “mejar”, que non me soaba nada ben. Entón estívenme reprimindo ata a hora do recreo, botei a miña mexada e fun correndo onda o meu pai, á horta da casa, a preguntarlle como se dicía o asunto en castelán. “Dícese mear u orinar”, respostoume (Caño 1990: 16).

Este mesmo episodio que conta no libro de conversas con Xosé Manuel del Caño teno repetido noutras ocasións, como recolle Mercedes Queixas (2016: 23-25) na súa biografía do poeta, e garda moita relación con outro narrado por Basilio Losada, catedrático da Universidade de Barcelona que nacera nunha aldea do concello lucense de Láncara polas mesmas datas que Manuel María e que pasou case toda a súa vida na cidade condal sen por iso deixar de falar a lingua que aprendera dos seus devanceiros:

A primeira vez que fun á escola foi con cinco anos, a un parvulario rexido por monxas en León. Fixen un comentário de neno: hai un gato que ten un rabo estalicado. Todo o mundo botou a rir, a primeira, a monxa. Decidin non falar máis. Lembro un día no que preguntaron o número de persoas da Santísima Trindade. Un túzaro dixo que oito. Eu sabía cantas eran, pero non o quixen dicir. Pasei todo un curso sen falar. Pensaban que era un parvo pero eu sabía que era o máis listo da clase e soñaba con volver a Galiza. “E cando imos para alá”, dicía. Cando chegaba no verán á estación de Laxosa comezaba a falar sen parar. Hoxe coñezo o diagnóstico: recuperara a miña dignidade. É certo que o que me une a Galiza é a lingua. Se o galego morrera elixiria calquer outra das miñas vinte patrias (*A Nosa Terra* 26/IV/2001).

Como Basilio Losada, o poeta da Terra Chá tamén ficou marcado por esa experiencia dunha escola franquista tan alleante como hostil coa lingua galega e por iso traballará ao longo da súa vida por a dignificar e por dotar a literatura galega de textos acaídos para as crianzas poderen aprender en galego. Para alén do seu evidente compromiso lingüístico, cómpre falarmos con máis propiedade de identificación de Manuel María coa lingua galega e co pobo que a fala, pondo en relevo a perfecta simbiose entre o home e a terra en que naceu e se criou. El mesmo o subliña no prólogo a *Muiñeiro de brétemas*: “Dende que teño acordo e discernimento sempre me sentín totalmente identificado coas xentes do meu país, coa súa fala e coa súa cultura, que fun descubrindo pouco a pouco, apaixonadamente e dun xeito anárquico” (OPC I: 11). No entanto, tampouco el, como resulta lóxico, puido fuxir á presión atafegante do contexto social de posguerra, que impuña o uso escrito do castelán, lingua en que comezou publicando dous libros “marxinais e anecdóticos” (Rodríguez Fer 1989: 306) e algúns poemas soltos na revista *Alba*, cuxo director Ramón González-Alegre o animaba ao emprego desta lingua (Alonso 2016: 36). Iso levouno a publicar un “Poema/autocrítica” como introdución ao libro *Poemas para construír unha patria* (1977), onde, após recoñecer que “A miña primeira/única lingua/ foi o galego. Somentes o galego” (OPC I: 567), afirma que na escola “alleante” que sufriu non se deixou colonizar demasiado, mais cando tivo de ir á cidade para facer o bacharelato a súa resistencia á castellanización “comezou a ter algún burato”, practicando o “castrapo” e publicando algúns contos, artigos e poemas “na fala na que fun domesticado”, así como un “pequeno folleto” e un “libriño escritos igualmente en estranxeiro”. Termina o poema cun “alegato de descargo” en que promete non repetir ese erro e en que se marca o “deber/obriga militante” de usar sempre o galego (OPC I: 367-8).

Estes versos deixan ben clara a determinación lingüística e o compromiso do autor. Mais non son os únicos, pois ao longo da súa amplísima obra a defensa

apaixonada da lingua galega vai constituír un tema recorrente, unhas veces como motivo central dun poema e outras como referencia colateral. Sería difícil dar-mos con outro poeta que dedicase tantos versos á exaltación do idioma galego, tema tamén moi presente noutros xéneros cultivados polo autor. Gábase este no prólogo a *Muiñeiro de brétemas* de “se algún mérito ten e algo vale, é o de ser o primeiro libro publicado en galego e en Galiza por un mozo despois da guerra civil” (OPC I: 11). No xa citado libro de conversas Manuel María ratifica o radical compromiso co galego e o episódico e irrelevante uso puntual do español nunhas circunstancias ben concretas:

As primeiras verbas que pronunciei na miña vida foron galegas, e o primeiro idioma que aprendín tamén foi o galego, por iso é que eu podería renunciar a todo, incluso a un brazo, a unha perna ou a un ollo, pero non ó idioma. Os primeiros versos que escribín, co meu mestre Manuel Paderna, foron en galego. Quizais a deformación da escola e do instituto me levou a escribir algo en español. E a imposición dos medios de comunicación e a censura, que non autorizaba recitais en galego. De tódolos xeitos, o que escribín en español, é irrelevante (Caño 1990: 112).

Dedicou desde moi novo tempo, esforzo e os cartos que non tiña á edición de libros de poesía en lingua galega. Entre 1952 e 1955 a Editorial Xistral, que dirixía, tirou do prelo importantes obras de poetas de grande nivel, entre elas o primeiro poemario en galego de Luz Pozo Garza, quen reconece que Manuel María a animou “moito a escribir en galego” porque tiña “un amor completo, totalizador, á lingua e á cultura galega”; e acrecenta que a ela non se lle ocorrería escribir en galego porque non o falaba e que estaba “convencida de que se non fose polo ánimo e alento que sempre me transmitiu Manuel María, moi probablemente non me tería achegado á escrita en galego” (Queixas 2016: 40). O mesmo lle aconteceu a Lois Diéguez, que se comprometeu coa defensa e uso escrito do galego por influencia do poeta chairego:

Manuel María tiña unha enorme conciencia sobre o idioma e como profesor dábanos a coñecer figuras como Rosalía ou Curros, nese tempo dos anos 60 cando todo se facía obrigatoriamente en castelán. Nen sequera sabiamos que o galego fose un idioma escrito. Así que dedicaba un tempo da clase a falarnos dos clásicos galegos que tampouco coñeciamos [...].

Manuel María alimentou en min o gusto pola escrita. Comecei a escribir en galego sen saber ese idioma, xa que nunca fora materia de estudo nin eramos unha mocidade consciente do noso. El corríxíame, ensinábame palabras galegas

que substituísen os meus castelanismos, falabamos sobre os seus poemas, debatíamos diferentes propostas e animábame a presentarme a concursos que logo gañaba (Queixas 2016: 71).

Na súa tentativa de levar o galego a ámbitos onde tradicionalmente non tiña presenza, tamén se implicou o poeta no nacemento da Nova Canción Galega, en cuxo acto de presentación en Compostela afirmaba:

Aínda é moito o camiño que nos falta por tripar, pero xa estamos nel; estamos no camiño da fidelidade á fala, da fidelidade a Galicia e ao seu pobo sufrido e calado. Hoxe a fala é a nosa fachenda meirande e non algo do que querían que sentiramos vergoña. Sabemos que non temos riqueza de máis valor que a fala. Sen fala propia non seríamos ninguén e estaríamos mudos. Por iso hai que defendela como sexa. Nesta loita, meus amigos, está empeñada a nosa supervivencia como pobo. Non o esquezades (Queixas 2016: 92).

Até tal punto tiña o autor interiorizado este discurso sobre a importancia do galego que en varios dos seus poemas recolle expresións similares, por veces inclusive coas mesmas palabras; véxase, por exemplo, “Renunciade á vella lingua”, do libro *Versos para un país de minifundios* (1969), ou a estrofe con que termina o poema “A fala”, incluído n’*As rúas do vento ceibe* (1979): *Renunciar ao idioma / é ser mudo e morrer: / Precisamos a lingua / se queremos vencer!*

O galego foi a súa lingua habitual na fala ordinaria e extraordinaria, na escrita literaria e na correspondencia (véxase, por exemplo, Sánchez/Mosquera 2014), onde tamén nos deixa testemuño firme da súa defensa radical do idioma propio, como mostra a seguinte carta ao presidente da RAG a meados da década de 60, que se custodia no arquivo particular de Sebastián Martínez-Risco:

Monforte de Lemos (Lugo), 24-1-1965

Sr. D. Sebastián Martínez-Risco
Presidente da Real Academia Gallega
La Coruña

Meu distinguido i admirado amigo:

Recibín o derradeiro número do “BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALLEGA” coa solpresa de comprobar que a maior parte díl está escrito en castelán. Coido que o “Boletín da Academia”, si é unha Academia Galega auténtica, debe estar escrito en galego na súa totalidade. Porque o galego aínda é o idioma de Galicia. Aínda que eu persoalmente vallo moi pouco i a miña

voz non ten a autoridade pra irrumpir nas decisións da Academia, pídolle como galego, que o “Boletín da Real Academia Galega” se publique en galego. Coido que é algo que a tódolos galegos, que aínda o somos, nos debe esa ilustre corporación. Escríbolle a vostede privadamente polo propio prestixio da Academia que ten xa inimigos dabondo. Pero de seguir publicando o seu “Boletín” en lingua castelá, vería o xeito de protestar publicamente de tal anormalidade. Pra publicar un “Boletín da Real Academia Gallega” en castelán non precisamos pra nada esa institución, xa que eso faino moi ben, e con máis medios, a Real Academia Española de Madrid.

Perdone esta molestia.

Reciba un cordial saúdo do seu amigo,

Manuel María

Nesta carta mecanografada de Manuel María figura unha anotación manuscrita do presidente da RAG que di: “Sin contestación. Din conta na Xunta de goberno do sábado, 30 de Xaneiro”. Na correspondencia que o poeta mantivo con Ramón Piñeiro hai outra carta súa de 29/XII/1964 en que escribe sobre ese mesmo feito:

Recibín unha impresión penosa ó recibir o B. da R.A.G. A maior parte díl está escrito en castelán. Isto ven a ser, pouco máis ou menos, como si a metade do Boletín da Real Academia Francesa se escribise en chino. Coido que os académicos que entrastes nos derradeiros tempos debedes tomar cartas neste asunto e lograr que o B. da R.A.G. se pubrique totalmente en galego. É o menos que se pode pedir (Cochón/Alonso 2016: 320).

Na seguinte carta a Piñeiro, da mesma data de 24/I/1965, di: “Remesoche copia da carta que, con esta data, lle escribin ó Presidente da nosa Academia”; e noutra coa data de 9/III/1965 afirma: “Non recibín resposta de Martínez-Risco a miña carta” (Cochón/Alonso 2016: 322). Nesta última misiva comeza por falar de que recollera sinaturas para lle enviar a Piñeiro e de que “urxe o presentar esa solicitude, pois canto máis tempo se perda en presentala, seguramente que é peor”, mais non fica claro que se refira ao mesmo asunto. De todas as formas, parece evidente que Manuel María lle deu importancia ao feito e que non se esqueceu de exixir máis compromiso coa lingua á RAG. Así, máis de dez anos despois, en 1976, incluíu en *Cantos rodados para aliados e colonizados* o seu “Responso por unha Academia”, onde a acusa de ser diglósica, bilingüista e inmovilista, ben como de vivir de costas ao seu país. E non é que o autor estivese por principio en contra da Academia, como na carta arriba reproducida na súa integridade deixa ben

claro; noutra bastante anterior ao mesmo destinatario, de 24/IV/1953, comeza por escribir:

Unhas letras para che remesar, por ese nombramento de correspondente da Academia Galega, a miña felicitación mais cordial e garimosa, que faigo tamén estensiva a García Sabell. Faigo votos para que te nombren axiña numerario, pois a *docta corporación* precisa homes coma a ti para vivificala un pouco (Cochón/Alonso 2016: 287).

Vivificar a RAG e comprometela na defensa firme do galego foi, pois, sempre o desexo de Manuel María, e non destruíla nin desprestixiala, a pesar das críticas que lle fixo. En Caño (1990: 111), con motivo de tratar do tema da norma lingüística, afirma que non é unha academia da lingua e que está totalmente controlada polo grupo de Galaxia, a lamentar a presenza nela de académicos como José Luís Bugallal, Meixide Pardo, Gil Merino ou Río Barxa que non teñen que ver “coa lingua, nin con nada”, “que nin sequera escriben en galego, e impórtales moi pouco”. Nun dos artigos recompilados en *Andando a Terra* inclusive critica o papel da Academia a respecto da celebración ritual das Letras Galegas: “A Real Academia Gallega fai o seu numerioño tódolos anos co motivo –ou gallo– do chamado Día das Letras Galegas cando a nosa cultura –e mesmo a nosa língoa– está por normalizar” (AT: 71). Por esa desconformidade coa composición e actuación da RAG presenta a súa dimisión como membro correspondente en 1975, significativamente o mesmo ano en que se afilia á Asemblea Nacional-Popular Galega (Dobarro 1989: 13). Xulgaba o autor que a entidade xa non respondía ao espírito dos fundadores e que non representaba a cultura galega auténtica, razóns que expón nunha carta de dimisión datada en Monforte de Lemos a 22/VI/1975 e na cal conclúe:

Honradamente, non podo pertencer por máis tempo a unha institución da que, como galego e como escritor comprometido coa tristeira realidade do meu povo e da miña Terra, me sinto avergoñado. I é que a Real Academia Gallega, na miña opinión, ademais de facer moi pouquiño por Galicia e pola súa cultura viva e verdadeira, é dicir, valedeira, mantén un anacrónico carácter elitista, antipopular e antidemocrático, incomprensible neste tempo que vivimos, o que fai que a “docta corporación” esteña virada de costas á auténtica realidade do noso país e do noso tempo (Gómez 2001a: 171).

A actitude da Academia cara ao idioma e á cultura do país mudou o suficiente nos derradeiros anos de vida do autor como para que el propio fose nomeado

académico numerario e aceptase pronunciar o discurso de ingreso, onde a recoñece talvez como “a máis alta e representativa entidade cultural” da Galiza (PP: 9). Nese discurso, de febreiro de 2003, após lembrar Castelao e a comparación que este estableceu entre o que podería supor a destrución da catedral de Santiago e a perda do galego, afirma que este é moito máis importante que aquela, ou que a Torre de Hércules, que a muralla de Lugo e que a ponte romana de Ourense, para a seguir recalcar a obriga de todas e todos os galegos de transmitirmos o idioma dos nosos devanceiros ás xeracións futuras:

Pois ben, o noso idioma é moitísimo máis importante. Por eso temos que transmitírllelo ás galegas e galegos que nos sucedan. Recibímolo en herdo coa obriga de conservalo, agrandalo e perfeccionalo. Sería monstruoso priválos de tal riqueza. Sería abominábel negarlles ese ben supremo, esencial para que Galicia viva e sexa algo no mundo. Se un idioma morre, morre tamén o pobo que o fala (PP: 11).

Alén de participar en xornadas do ensino, palestras, recitados poéticos etc. ao longo e largo de todo o país, Manuel María participou en practicamente todas as mobilizacións e campañas do nacionalismo galego organizado en prol da lingua. Só a modo de exemplo, podemos citar que se opuxo a aquel Real Decreto de 20 de xullo de 1979 sobre a incorporación da lingua galega ao sistema de ensino, máis coñecido como Decreto de bilingüismo, publicado nun clima de represión contra o profesorado que impartía as aulas en galego. No marco dunha campaña “Polo dereito irrenunciábel ao uso do noso idioma. Contra o Decreto de bilingüismo”, promovida en maio de 1980 por varias asociacións culturais do país, Manuel María asina como “O Gaiteiro de Ventosela” por esas mesmas datas unhas “Coplas contra o Decreto de bilingüismo” que a Fronte Cultural da AN-PG vai distribuír por toda a nación e que presentan esa disposición legal como un obstáculo para a normalización lingüística, segundo explicita a última copla: *O tal decreto-morcego / témolo que derrogar / para poder normalizar / o noso idioma galego!* (véxase Freixeiro 2015: 38).

Mais o poeta vai morrer sen ver cumpridas as súas ansias de normalización para a lingua do país que tanto amou, cun sentimento de certa decepción e mesmo observando algúns síntomas de recuamento, como fai notar nas palabras preliminares á edición de *Edipo* (2003) pouco antes do seu pasamento: “Aínda que andamos algúns pasos, non avanzamos moito, mesmo semella que retrocedemos e estamos moi lonxe da normalización do noso idioma, das nosas letras, do noso pobo e de nós mesmos”.

3. O GALEGO NA OBRA DE MANUEL MARÍA: ALGÚNS TRAZOS SINGULARES

Para alén duns inicios na escrita en castelán como consecuencia lóxica dun sistema educativo totalmente españolizado e dun contexto sociolingüístico impregnado pola diglosia, segundo se viu, Manuel María foi un escritor monolingüe en galego. A súa lingua literaria, de acordo cos propios postulados lingüístico-ideolóxicos que defendeu, ten como base a fala popular e labrega da Terra Chá, ou máis ben do seu Outeiro de Rei natal, aínda que profundamente transformada polo desexo de evitar os frecuentes castelanismos daquela e pola influencia da lingua literaria. Na realidade, a Terra Chá, embora na actualidade conforme unha unidade xeográfica e humana perfectamente recoñecíbel, feito para o que contribuíu a propia obra de Manuel María, do punto de vista lingüístico “non presenta un carácter unitario, nin ten ningún trazo que permita identificar a súa lingua respecto doutras terras e comarcas veciñas”, como ben afirma Regueira (2014: 100), pois o norte chairego partilla as características lingüísticas do norte das provincias da Coruña e de Lugo, en canto os trazos definidores da súa parte sur se achegan máis ao galego central a que pertence Outeiro de Rei. Hai dous trazos deste que singularizan o galego de Manuel María face ao galego común e que son os plurais tipo *corazós*, *cas* e as solucións *irmao*, *chao*, tamén presentes na fala mindoniense que segue Noriega Varela, por exemplo.

Polo demais, pódese afirmar que o poeta utiliza o galego literario propio da época con algúns trazos, sobre todo léxicos, da fala da súa vila natal e con vontade de depuración dos castelanismos, que nin sempre consegue (véxase ao respecto Dobarro 1989: 35-36; Regueira 2014: 97-100; Freixeiro 2007a: 39-46 e 2009a: 170-177). Mais, por riba da constatación empírica de o seu modelo lingüístico ser substancialmente o galego común e literario da altura con algúns trazos da fala local, ficou asentada firmemente a idea de o autor reproducir na súa obra unha indefinida fala dialectal chairega de dubidosa existencia real. De todos os modos, ben se pode soste, con Basilio Losada (2009: 367), que “Manuel María recolleu a lingua labrega da Terra Cha, cos imprescindíbeis préstamos do galego culto”, cando menos de maneira intencional e simbólica, e que a “opción idiomática é expresión cabal dunha consciencia ética do noso poeta”. Neste sentido, Francisco Rodríguez (2009: 26) resalta que Manuel María é un dos poetas que empregou con máis naturalidade o galego oral na súa obra porque esta foi a súa lingua materna e tamén a lingua “practicada socialmente”, alén de ser un poeta que “inseriu con consciencia plena a súa obra na rica tradición literaria” do país.

O aparecemento en vida do autor, e pouco antes do seu pasamento, dos dous volumes con case toda a súa produción poética (OPC I e OPC II) converten estes no seu testamento poético e, en certo modo, tamén lingüístico, pois neles

transparece o modelo de lingua que expresa a súa derradeira vontade e que el nos quixo legar. No entanto, convén xa indicar que Manuel María foi polo xeral fiel ao modelo de lingua en que cría, sen se observaren grandes diferenzas en función da época ou do xénero literario, aínda que si as lóxicas que este impón, e por iso mantivo sempre esa dupla fidelidade á lingua popular e a certos trazos da fala dialectal, para alén do afán por depurar os españolismos.

Se prestarmos atención á lingua utilizada polo autor nos libros aparecidos nos anos 50, 60 ou 70, con certos trazos que logo iría en parte corrixindo segundo ía avanzando o proceso de fixación do modelo de lingua escrita, podemos dicir que alí se acha un “idioma cheo de vacilacións, formas antigas e/ou populares, ao tempo que inzado de pseudogaleguismos provocados por unha actitude de arredamento lingüístico do castelán, o que leva a unha serie de solucións actualmente anómalas”, como afirma Mato Fondo (2003: 63) na introdución a unha peza teatral escrita en 1961. Subliña este acertadamente o feito de Manuel María procurar “unha notábel elevación literaria desde formas populares”, adoptando solucións lingüísticas propias da lingua literaria do seu momento, moitas delas debedoras de autores galegos de preguerra e, máis en concreto, do grupo Nós e de poetas como Aquilino Iglesia Alvariño ou Noriega Varela. O seu modelo lingüístico orixinario está, pois, como é natural, na xeración literaria que o precedeu, a anterior á Guerra Civil de 1936, aínda que logo iría incorporando certas prácticas lingüísticas do movemento político nacionalista fundado nos 60 e adecuando certas solucións morfolóxicas e léxicas ao natural evoluir da lingua escrita. Nas últimas obras, ou reedicións, e na súa obra poética completa publicada en 2001 a depuración da lingua é evidente, con desaparición de certas formas arcaicas, castelanizadas ou pseudogalegas, mais sen o autor renunciar a solucións dialectais ou escollas lexicais que caracterizaron a súa lingua literaria e que ben se poderían cualificar como opcións estilístico-expresivas propias.

Canto ao modelo gráfico de lingua escrita utilizado polo autor, a inmensa maioría dos seus libros publicouse no modelo maioritario que comezou a practicar desde o inicio da súa produción poética en 1950 con *Muiñeiro de brétemas*, coa excepción de tres poemarios que saíron do prelo na década de 80, en plena efervescencia do conflito normativo, na norma reintegracionista. Como episódica pódese considerar a aparición ocasional de certas grafías como <lh>, <nh>, <g+e, i> e <ss>, ou algúns acentos en pezas de teatro publicadas en Portugal en finais dos anos 50 ou principios dos 60, como o *Auto do Taberneiro*, editado en Braga en 1957, ou o *Auto do Labrego*, en Porto no ano 1961; tales grafías (*caminho*, *gente*, *homens*, *asobalhar-me*, *nossa* etc.) deben catalogarse como grallas derivadas da intervención de persoas portuguesas no proceso editorial. Tamén se deben ter en conta certos condicionamentos impostos polo selo editorial en que foron

aparecendo algunhas das súas obras, aínda que en xeral a maior parte delas se editaron de acordo coas preferencias do autor e respectando as súas escollas morfolóxicas e lexicais. Mais, por exemplo, nas *Viaxes e vagancias* de M. P., publicada por SM en 1994, séguese o modelo estrito de norma oficial vixente na altura na súa práctica máis restritiva (*ó*, *-ble*, *tódolos*, *percorrél-la tribo*, *Galicia*, mesmo plurais como *algúns* ou *preocupacións*), con solucións que o autor non utilizaba, sendo perceptíbel a existencia dunha man correctora e uniformadora; a este respecto é sintomático que no madrigal dedicado á cidade de Betanzos incluído nesta obra se observen algunhas variantes con relación á versión que figura na obra poética completa publicada en 2001: nesta figura *Galiza* e *incríbel* (OPC II: 440), en canto na primeira *Galicia* e *increíble*.

O modelo reflectido na súa obra poética completa móvese no ámbito da norma oficial, mais non coincide exactamente con ela, pois o autor, que sempre foi crítico cos postulados oficialistas do idioma, por un lado utiliza certos elementos gráfico-lingüísticos simbólicos para o nacionalismo galego de base popular en que militou (*povo* ao lado de *pobo*, *úteis* ou *amábel/amábeis* xunto a *amábeles* ou *animales*, por exemplo); algúns casos de *dicen*, *viven*, *receber* ou *escreber* son máis frecuentes nas pezas teatrais de contido sociopolítico, e tamén nos artigos de prensa, aínda que logo non exista correspondencia entre a forma do infinitivo e as demais da conxugación temporal. Por outro lado, mantén determinadas formas dialectais e populares a que nunca quixo renunciar (*mao* e *irmao*, *cancións*, *us/unhos*, *faceis* por *facedes*, *sobor*, *bon*, *perto*, *cecais* etc.), aínda que tamén poidan aparecer as normativas ocasionalmente por necesidades métricas ou de rima e por outras razóns. Obsérvase, igualmente, certo polimorfismo sobre todo en terminacións do tipo *verdade/verdá*, *soedade/soidade/soidá*, en ocasións sustentadas en necesidades de rima, que explican tamén a aparición de determinados pseudogaleguismos como *primaveira* ao lado de *primavera* ou *humán* ao lado de *humano*, *destiño*, *percurar* etc., e alternancias do tipo de *pero/pro* ou *para/pa*, con base na fonética popular, que tamén xera formas como *torrón*, *garimo* etc. Por veces nestas e noutras duplicidades subxace unha intencionalidade estilístico-expresiva, mais nin sempre se poden explicar por razóns métricas ou de rima. Como acontece coa lingua da maior parte dos autores e autoras da súa xeración, e das anteriores, e máis aínda tratándose neste caso dun escritor tan achegado á fala popular, non torna raro acharmos determinadas interferencias do castelán, que se manifestan principalmente no plano da morfoloxía (plurais en *-les*, *o orde*, *o paisaxe*, *eres*, *dices*, *hemos*, *iba* etc.), da sintaxe (case sistemático uso da preposición *a* con complemento directo, moi escasa utilización do infinitivo flexionado) e do léxico (*cerilla*, *enseñar*, *axuntamento* por *concello*, *pobo* co significado de espazo físico etc.).

Na súa obra predominan certas solucións máis próximas ao portugués, aínda que non sistematicamente, como *Galiza* ou *-bel*. Neste sentido, o poeta tense manifestado partidario do reintegracionismo, como membro da Associação Galega da Língua (AGAL) e en consonancia cos postulados de Carvalho Calero, e defendeu a ortografía do portugués para o galego, a pesar da súa práctica habitual en sentido contrario, mais non a desnaturalización do galego:

Non escribo en reintegrado, porque cando comezou este movemento eu xa era vello, son algo preguioso, e teño uns hábitos de escritura de trinta anos. Pero gustárame que se utilizase a grafía do portugués, conservando o noso propio idioma. A primeira razón na que me baso para dicir isto, é que a grafía portuguesa vaille mellor. En segundo lugar por diferenciar a ortografía galega da española. E por último, porque isto favorecería tremendamente que tódolos lusófonos puidesen ler ós escritores galegos, sen grandes dificultades [...]. Eu só estou porque se escriba coa grafía do portugués, nada máis. Non estou por aportar pronuncias e formas; entón sería mellor pasar ó portugués enteiramente. Pero coido que tampouco é iso o que queren. Tentan unha aproximación ó portugués, defendendo a identidade do galego (Caño 1990: 110-2).

O autor publicou tres poemarios orixinariamente en galego reintegrado (Gil 2016), mais ao editar as obras completas en 2001 eses mesmos libros figuran na norma lingüística común ao resto da súa produción. Así pois, á marxe da súa idea teórica a respecto da mellor norma para o galego, Manuel María utilizou o modelo normativo máis ou menos convencional de acordo con cada momento da evolución da lingua escrita. Como afirma Sánchez Rei (2016: 261), a súa linguaxe literaria, “sen perder a súa esencia estruturalmente popular e camponesa, foi avanzando, mercé a sucesivas actualizacións, cara a unha modernización relativamente confluyente coa variedade estandarizada”.

4. O GALEGO NO PENSAMENTO DE MANUEL MARÍA

Para Manuel María o galego é, en primeiro lugar, o ‘idioma’, a ‘lingua’ ou a ‘fala’ da Galiza, termos que usa como sinónimos, sen establecer ningún grao de diferenciación entre eles. Os tres remiten para un mesmo valor no seu pensamento: o galego é o trazo esencial e definidor da Galiza e das xentes que a habitan, de tal modo que a súa morte presuporía tamén a desaparición daquela.

Acabamos de ver como na vida e na produción literaria do autor a lingua galega ten unha presenza constante cunha ou con outra denominación, mais tamén posúe unha presenza significativa o español ou castelán, que figura como termo antónimo que denota unha situación conflitiva –“ruidoso conflito lingüístico” (García Negro

2016: 113)– entre a lingua propia e a foránea; esta aparece citada como ‘castelán’, ‘castrapo’, ‘español-castelán-castrapo’, ‘lingua allea’, ‘lingua dos que mandan’, ‘lingua que lle ditan os alleos’ e inclusivemente ‘lingua imperial’; como se ve, son denominacións xeralmente de carácter pexorativo por ser esta lingua a que ameaza o futuro do galego. Tamén paira en toda a súa obra a distinción entre o galego como lingua da Galiza e das súas clases populares e o español como lingua de señoritos e descastados. Para Manuel María o ‘castrapo’ non vén significando exactamente o mesmo que na fala común das persoas galegas, que o consideran un castelán mal falado, cheo de galeguismos, ou mesmo un galego con moitos castelanismos, isto é, unha variedade híbrida de galego e español que en moitas ocasións se aplica máis ben ás persoas galegofalantes que usan o galego popular castelanizado. El emprega esta denominación maioritariamente para se referir á lingua de Castela que falan persoas galegas desertoras do seu idioma propio ou instaladas no español por pertenceren ás clases dominantes. Neste sentido, Ledo Andión (2009: 130) interpreta o castrapo “como loita interior que padecen certos grupos e individuos” entre o idioma que abandonaron e que pula por saír de novo, e o español que adoptaron.

Na súa obra poética son varias as composicións que definen o que é o galego para Manuel María, mais talvez sexa no poema “A fala”, pertencente ao libro *As rúas do vento ceibe* (1979), onde o poeta define de forma máis lírica, profunda e sinxela á vez o idioma galego e o seu significado como esencia da Galiza e patrimonio popular, ben como a chave que nos abre ao mundo e a maior creación histórica das galegas e galegos. Outro poema emblemático é o “Canto ao idioma galego”, pertencente á obra *Cantos rodados para alleados e colonizados* (1976), onde aquel é profusamente caracterizado como humilde, nidio, popular, labrego, suburbial, mariñeiro, proscrito, asoballado, soterrado, refugado e negado, sendo tamén cualificado como “fala do emigrante e do maldito” que só resoa “nos lares das xentes populares”, mais que ten de rexurdir puro, poderoso e enteiro “para erguer o noso futuro”. Trátase, pois, dunha caracterización descritiva do punto de vista sociolóxico e explicábel por razóns históricas de colonización e opresión do pobo galego.

Manuel María loita pola restauración do galego como lingua plena e panca fundamental na construción dunha Galiza dona dos seus destinos e con futuro, como tamén querían Castelao, os irmáns Vilar Ponte, Carvalho Calero e en xeral o movemento nacionalista galego en que militou. Esa Galiza que el quere e concibe é unha conxunción do pobo –a xente– e mais o idioma propio, idea que tamén quere transmitir ás crianzas na obra *Os soños na gaiola* (1972) e, máis en concreto, no poema intitulado “Galiza”: *Galiza somos nós: / a xente e mais a fala. / Se buscas a Galiza / en ti tes que atopala!* Eis a ecuación identificadora entre a

Galiza, o pobo e a lingua que lles é propia, idea tamén presente noutras moitas composicións, como a “Canción para cantar todos os días”: *O idioma somos nós, pobo común, / vencello que nos xungue e ten en pé*. No mesmo título do poema “A fala é comunión e sentimento” está suxerido ese valor comunal e partillado do idioma, elo de unión entre o mar e a terra e entre as diversas xeracións de galegos e galegas. No poema “Renunciade á vella lingua”, do libro *Versos para un país de minifundios* (1969), define o idioma como a creación máis xenial do pobo galego e a cunca en que este garda a total plenitude do seu ser, de modo que renunciarmos a el é ficarmos “capados”, “mudos” e sumidos na “impotencia”, recibindo en pago o desprezo dos que nos mandan. A lingua galega é a “vida xa eternizada” de todas as persoas galegas que existiron e das que existirán no futuro, e nela se encerra o esforzo común de todas esas persoas que foron “pobo galego de verdade”.

O autor defende a lingua, e tamén o concepto de normalización lingüística face ao de bilingüismo, tanto na súa obra poética como na ensaística, narrativa ou teatral, pois a reivindicación do idioma propio é un tema constante en toda a súa produción; así, na peza *A lúa vai encoberta*, escrita polos anos 70, fai afirmar a unha personaxe que o idioma é “pra nós esencialísimo e prioritario. O galego ten que ser o noso idioma oficial” (CA: 49); e, após unha sátira contra aqueles que desertan del e que anuncian a súa morte inmediata, critica o bilingüismo como solución alternativa á normalización (CA: 62-3). O seu contundente ataque contra as persoas que practican a deslealdade lingüística (Freixeiro 2016) fai parte desa “asañada chamada de atención aos desertores e menosprezadores do idioma galego” que tamén “aflora de contino” en Celso Emilio Ferreiro e noutros autores da altura (Mariño 2009: 157).

En síntese, son múltiples os valores e significados con que Manuel María define e caracteriza a lingua galega, por veces inclusivemente antitéticos ou contraditorios, como contraditoria é a vida mesma. O galego pode ser ao mesmo tempo “vello” e “novo”, “sufrimento” e “amor”, “laio e canción”, mais sempre será a creación máis importante do pobo galego e o símbolo esencial da súa existencia e permanencia. Para o poeta a Galiza é a simbiose de lingua e pobo, pois non concibe unha Galiza sen galego nin un pobo galego que se poida expresar nunha lingua diferente. Neste sentido, o pobo estará constituído polas clases traballadoras (labregos, mariñeiros, emigrantes) que falan galego, non polos señoritos renegados que falan o castrapo e desertan da lingua propia, como reflicte o poema “Acuso a clase media” (García Negro 2016). A Galiza é unha nación de xentes traballadoras e el séntese facendo parte dese pobo a que pertence por orixe e por vocación, a criticar con dureza e intransixencia aquelas persoas –castrapistas, bilingüistas– que abandonan a súa lingua por outra allea. A renuncia ao idioma galego supón para o poeta a renuncia ao futuro da Galiza e a súa desaparición.

Afirmar a lingua propia, polo contrario, é asentarse con dignidade na historia e enfrontar con decisión o seu futuro como nación orgullosa de si mesma. Exaltación apaixonada da lingua popular e sátira desapiadada contra quen deserta dela constitúen os dous eixos básicos do seu pensamento lingüístico.

5. CONCLUSIÓN

Manuel María viviu, escribiu e pensou en galego ao longo e largo da súa existencia. Mais non se limitou a dar testemuño persoal de coherencia e compromiso no uso constante do galego. Tamén se implicou a fondo na causa da súa dignificación e normalización social. O autor defende, con certeza, a normalización lingüística e por ela loitou tanto desde a súa acción sociopolítica militante como desde a súa obra poética, ensaística, narrativa ou teatral, pois a reivindicación e defensa do idioma propio é un tema constante en toda a súa produción. Descualifica, por consecuencia, o bilingüismo como solución alternativa á normalización e critica aquelas persoas que desertan do galego ou que mostran indiferenza e deslealdade cara a el.

Após o dito, torna evidente o papel do galego como eixo vertebrador da vida, da obra e do pensamento de Manuel María, ben como a importancia que lle concede no pasado, no presente e no porvir da Galiza. Alén disto, a coherencia entre o modo de vivir, de escribir e de pensar é máis outra das virtudes que atesourou o poeta da nación galega.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Girgado, Luís (2016): “A obra hemerográfica de Manuel María: a súa presenza en *Alba*”, en Cochón/Alonso 2016: 25-38.
- AT = Hortas Vilanova, Manuel [Manuel María] (1990): *Andando a Terra 1977-1987*. Vigo: A Nosa Terra. Escolma ao coidado de Pilar García Negro e Miguel A. Mato Fondo.
- CA = Manuel María (1992): *Auto do Castromil ou a revolución dos baúles*. Contos do Castromil nº 4. Vigo: Castromil.
- Caño, Xosé Manuel del (1990): *Conversas con Manuel María*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Cochón, Luís e Luís Alonso Girgado (eds.) (2016): *Manuel María. Cecaís hai unha luz. Memorabilia*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXV. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Dobarro, Xosé María (1989): “Introducción”, en Manuel María, *Terra Cha*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 9-40.

- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2007a): *Cucou o cuco cuqueiro. Lingua e estilo na obra de Manuel María*. Lugo: Fundación Caixa Galicia.
- (2007b): “Enunciación e estilo na obra de Manuel María”, *Madrygal* 10, 67-76.
- (2009a): “Manuel María, adañ e labrador do idioma”, en García/Pardo 2009: 163-184.
- (2009b): “Introdución a unha estilística da lingua galega. Algúns trazos de estilo na obra de Manuel María”, en Gabriel Rei-Doval (ed.), *A lingüística galega desde alén mar*. Santiago de Compostela: Universidade, 253-271.
- (2015): “Introdución”, en Manuel María, *A esencia máis nosa: poemas sobre a lingua galega*. [Outeiro de Rei]: Casa-Museo Manuel María, 7-45.
- (2016): “A «Canción para cando se escoita falar castrapo»: crítica da deslealdade lingüística”, en Cochón/Alonso 2016: 93-103.
- García Negro, Pilar (2001): “A megafonía do idioma que o país necesit(ab)a”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 251-254.
- (2016): “Unha poética ao servizo da lingua”, en Cochón/Alonso 2016: 111-119.
- García Negro, Pilar e Diego Pardo Amado (eds.) (2009): *Manuel María: Literatura e nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade.
- García, Xosé Lois (1995): “Aportacións para un vocabulario da flora e da fauna no Terra Chá, de Manuel María”, en Xulio Xiz (ed.), *Manuel María da Terra Chá*. Lugo: Citania de Publicacións, 95-140.
- (2015): *Manuel María reencontrado*. Noia: Toxosoutos.
- Gil Hernández, António (2016): *Solilóquios com Manuel María*. Boletim da AGLP. Anexos 4. [A Coruña]: Academia Galega da Língua Portuguesa.
- Gómez Torres, Camilo (1996): “Manuel María e o seu tempo”, en Alberte Ansedé e Cesáreo Saco (dirs.), *Historia da literatura galega*. [Vigo]: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra, v. 4, 1217-1248.
- (2001a): *Manuel María: os traballos e os días*. Santiago de Compostela: Laivento.
- (2001b): “Usos, actitudes e prexuízos lingüísticos na súa poesía”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 333-344.
- (2005): *O tempo vital de Manuel María*. Vigo: A Nosa Terra.
- Ledo Andión, Margarita (2009): “Ollar o real: Manuel María nos xornais”, en García/Pardo 2009: 123-131.

- Losada, Basilio (2009): “Conferencia de clausura”, en García/Pardo 2009: 365-369.
- Mariño Paz, Ramón (2009): “Destrucción e construción do idioma galego durante o século XX”, en García/Pardo 2009: 145-161.
- Mato Fondo, Miguel A. (2003): “Introdución”, en Manuel María, *Edipo*. A Coruña: Universidade, 17-64.
- OPC I = Manuel María (2001): *Obra poética completa I (1950-1979)*. A Coruña: Espiral Maior.
- OPC II = Manuel María (2001): *Obra poética completa II (1981-2000)*. A Coruña: Espiral Maior.
- PP = Manuel María (2003): *A Terra Chá: poesía e paisaxe. Discurso lido o día 15 de febreiro de 2003, no acto da súa recepción, polo Ilustrísimo Señor Don Manuel María Fernández Teixeiro e resposta do Excelentísimo Señor Don Xosé Luís Méndez Ferrín*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Queixas Zas, Mercedes (2016): *Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María*. Vigo: Galaxia.
- Regueira, Xosé Luís (2014): “O galego da Terra Chá, Manuel María e a lingua literaria”, en Xosé Manuel Sánchez Rei e Estefanía Mosquera Castro (eds.), *Por Terras de Lugo. Oito aproximacións á provincia*. A Coruña: Asociación Cultural Alexandre Bóveda, 91-102.
- Rodríguez, Francisco (2009): “Dinámica histórica da Galiza e evolución poética en Manuel María”, en García/Pardo 2009: 23-31.
- Rodríguez Fer, Claudio (1989): *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2016): “Algunhas notas sobre Muíño de brétemas (1950): o léxico da flora”, en Cochón/Alonso 2016: 253-261.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel e Estefanía Mosquera Castro (eds.) (2014): *Correspondencia entre Manuel María e Ramón Otero Pedrayo (1951-1974)*. [Outeiro de Rei]: Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

A HISTORIA INSERIDA NO TEATRO DE MANUEL MARÍA

Henrique Rabuñal
IES Agra do Orzán (A Coruña)

Resumo: Logo dunha descrición da obra e actividade teatral de Manuel María entre 1957 e 2003 e dunha clasificación do seu teatro, o autor fai unha análise das obras *Unha vez foi o trebón*, *Abril de lume e ferro* e *A lúa vai encoberta*. Finalmente propónse unha reflexión sobre as concomitancias destas obras teatrais no que teñen de revisión subxectiva da historia galega medieval e contemporánea.

Abstract: After a description of Manuel María's work and dramatic activity between 1957 and 2003 and a classification of his plays, the author of this paper analyzes the following works: *Unha vez foi o trebón*, *Abril de lume e ferro* and *A lúa vai encoberta*. Lastly, we will reflect on the commonalities of these plays with regard to their subjective revision of medieval and contemporary Galician history.

Palabras chave: Manuel María, teatro galego, *Unha vez foi o trebón*, irmandiños, *Abril de lume e ferro*, mártires de Carral, *A lúa vai encoberta*, franquismo.

Key words: Manuel María, Galician Theatre, *Unha vez foi o trebón*, Irmandiños, *Abril de lume e ferro*, Martyrs of Carral, *A lúa vai encoberta*, Franco Dictatorship.

1. CARRAL ESTÁ NA TERRA CHÁ

Queremos comezar a nosa intervención nestas Xornadas afirmando a súa oportunidade porque nos permiten revisar o relevante papel de Manuel María no teatro galego desde os anos 50 até o momento do seu pasamento. Manuel María é autor de vinte e cinco obras teatrais publicadas e dez máis inéditas. Obras moitas veces representadas desde 1969 aos nosos días.

Carral ten un oco na historia galega, na historia das liberdades da nación galega, e ocupa un lugar sobranceiro na área metropolitana coruñesa con múltiples iniciativas como o seu premio de poesía. Se por Terra Chá entendemos o universo simbólico creado por Manuel María ao longo da súa vasta obra temos que afirmar que Carral está nesa planura de códigos que a alicerzan.

O técnico de cultura deste concello, Carlos Lorenzo Pérez (2001), evoca a edición en 1989 de *Abril* por parte do Concello de Carral e a súa representación en 1996 no campo da feira desta vila por un cento de veciños baixo a dirección de Mario Gallego Rey ao se cumpriren 150 anos dos feitos dramatizados. Aniversario ao que Manuel María (1996b) dedicou un artigo en *El Correo Gallego*. Polo mesmo Carlos Lorenzo sabemos que o autor estivera presente nalgúns ensaios, pronunciara unhas palabras con motivo da representación e mantivera unha relación de afecto correspondido con Carral onde se seguiu representando a obra, onde pronunciou unha conferencia sobre Fole, onde participou nun acto político como candidato do BNG ao Parlamento europeo e onde foi premiado en 1999.

2. 25 ANOS DE AMIZADE CON MANUEL MARÍA

Moito sentimos a perda de Manuel María. Con motivo de se lle dedicar o Día das Letras Galegas comprobamos a intensa comunión entre Manuel e a súa obra e o conxunto do país. Para moitos e moitas o amigo era mestre e guieiro en moitos saberes e en tantos estares. Son desde sempre manuellmariano ou manuellmarianista, deses en fin que devecían por escoitalo e lelo, dos que se sentían amparados pola súa presenza e iluminados polo seu exemplo, tan elegante coma inequívoco.

Coñecino a finais dos anos 70, a el e á súa nai dona Pastora, con quen pasei unha gloriosa xornada na Pastoriza de Arteixo a onde nolo trouxera Felipe Senén, daquela responsábel do Museo Arqueolóxico situado no coruñés Castelo de San Antón. Desde entón para alén de seguir co maior interese o seu labor literario e cívico contei coa súa amizade demostrada en moitas ocasións, en especial cando presentou en Arteixo o meu libro *Manuel Murguía*.

Porque todos os seus méritos –que eran tantos– non lle impedían a Manuel María ser o primeiro en tomar asento para acompañar a quen presentaba un libro, a quen tiña unha iniciativa a prol da nosa cultura e da nosa lingua, fose ese *quen* novel ou veterano, de familia *coñecida* ou propiamente descoñecido. E creo que o facía porque sinceramente lle apetecía xa que cando eu máis o tratei, o escritor xa había tempo que non precisaba facer currículo. Reinaba desde o lugar reservado a el na historia propia de Galiza.

Non sei se estamos de moda os *escoitantes*, eu proclámome un deles, e como a Manuel lle encantaba falar e a min escoitar, teño escoitado moito e nunca, nunca sentín que me causasen tedio os seus contos, que en parte encerraban moitas claves da súa vida e da de moitos protagonistas e acontecementos da segunda parte do século XX.

A vida permitíume estar con Manuel María en varias homenaxes, na Coruña e en Ponteceso, e ser cronista¹ do acto de toma de posesión da súa condición de académico en Vilalba, de estar con el o día que se presentou na Coruña a súa *Obra poética* completa e testemuña o día en que lle demos o último adeus en Outeiro de Rei, galegos e galegas de moitas condicións e representantes de diversas ideas, oficios e xeografías que no país conviven. Só unha personalidade como a súa foi quen de reunírnos a todos e a todas.

Viaxei con Manuel polas Españas, participei con el en numerosos actos culturais e literarios e cívicos como as accións para evitarmos –sen éxito, claro é– o derrubamento do asilo de Adelaida Muro, compartín publicacións² co mestre e o labor da Asociación de Escritores en Lingua Galega da que Manuel María era un buque insignia e teño a sorte de ter escrito desde 1983 sobre a súa grandeza literaria e humana³.

Moitos dos que o coñecemos e tratamos podemos dar fe da súa bonhomía, da súa ricaz cultura, dunha sensibilidade de galego cultivado, do seu lúcido e substancial galeguismo, da súa intelixencia, da súa ironía, do seu dandismo sen pinga de loucura, da súa exquisita educación, da súa proverbial memoria, da súa oralidade emocionante, da súa elegancia integral, do agarimo con que nos trataba a quen eramos máis novos ca el e tamén da lei de amor que lle tiña á Saleta.

Era fermoso comprobar como nos foi mudando de nome e apelidos a todos como me lembraba hai uns anos Pancho Pillado, bo amigo do Manuel e quen podería ofrecer un magnífico retrato do autor de *Muiñeiro de brétemas* como fixeron e farán tantas persoas neste ano.

Eu como tantas persoas podería partillar anécdotas deliciosas e en todas elas quedaría reflectida a consistencia dunha das grandes figuras da nosa historia recente e penso que da historia galega no seu conxunto.

Poucas, moi poucas figuras están e estarán tan vivas entre nós neste século XXI e poucas figuras na nosa patria espertarán o interese, o agarimo e a mobilización social e iso, cremos, por dúas razóns evidentes que convén sen embargo reiterar: polo moito que nos deu en vida Manuel María, xeneroso e amorosamente e tamén polo enorme valor e o contrastado talento que desprende en tantas actividades desenvolvidas na súa condición de home do seu tempo e de artista da nosa fala e da nosa escrita.

1 No meu artigo “Un poema para cada cousa” (2003).

2 Entre outras no volume *Para Francisco Rodríguez: mar de liberdade* (1989) ou nos libros *Novo do trinquete* (1997), *Negra sombra* (2003), *Alma de beiramar* (2003) ou na *Homenaxe poética ao trobador Xohán de Requeixo* (2003).

3 A última vez en Rabuñal 2015.

3. CORPUS E CATALOGACIÓN DO TEATRO DE MANUEL MARÍA

O edificio do teatro galego contemporáneo está feito co labor, a entrega, a esperanza e o talento de moitas persoas que desde os diversos labores que o teatro implica acabaron facendo posíbel o teatro que tivemos, que temos e que tere-mos. Manuel María é, inequívoca e indiscutibelmente, unha desas personalidades como todos os investigadores da cuestión recoñecen. Cómpre situar autor e obra nun contexto particular que é dunha parte a obra global do noso poeta e doutra o tempo histórico que lle tocou vivir.

Se houbese que ofrecer unha síntese do Manuel María dramaturgo bastaría con lermos o que se indica no volume *Literatura galega. Século XX* (Bernández 2001: 281):

Ademais de poeta, Manuel María é autor dunha numerosa obra teatral, que se inicia en 1957 co *Auto do taberneiro* e continúa no *Auto do mariñeiro* e mais no *Auto do labrego* (1961), na liña do teatro poético, sen acción, que transforma as pezas case en poemas dramatizados. A finais da década dos 60, cando xa as actividades dramáticas comezan a ser unha realidade, a súa obra variou o rumbo. Convencido da capacidade educativa do teatro e do seu *valor* como instrumento de concienciación nacional, Manuel María utilizará o escenario como plataforma ideolóxica, creando un teatro popular e, ao tempo, reivindi-cativo. É autor de case unha trintena de pezas, das que foron publicadas deza-nove, de teatro infantil, guiñol, farsas e dramas épicos. Colaborou tamén con diversos grupos de teatro, escribiu pezas por encargo e participou nos debates e polémicas que mantivo o *mundo* teatral durante a década dos setenta⁴.

Nas conversas con Xosé Manuel del Caño, alén de recoñecer e lamentar a falta de tradición do noso teatro (1990: 95), Manuel María parece excesivamente humilde cando se atribúe a seguinte tarefa (1990: 52): “Fixen autos teatrais para o Día da Patria Galega e para unha serie de reivindicacións”. Manifesta gustar dentro da súa ampla produción de catro obras: *Trebón*, *Auto do maio esmaiado*, a *Berenguela* e *Barriga verde*. Recoñécese naquelas conversas partícipe dunha certa escola teatral galega fixada, moi principalmente, por Ramón Otero Pedrayo, Afonso Daniel Rodríguez Castelao e Álvaro Cunqueiro, confesa ter visto pouco teatro e mesmo declara non coñecer suficientemente a “carpintería teatral” (Caño 1990: 118). No seu Manifesto Galego escrito con motivo do Día Mundial do Teatro de 1994 fai un percorrido pola historia do noso teatro desde a época

4 Coincide co manifestado pola profesora Laura Tato (2000: 476-477).

rexionalista aludindo ao labor das Irmandades e o grupo Nós, á figura de Luís Seoane ou á configuración do Centro Dramático Galego. En “Unhas palabras do autor” inseridas no seu *Edipo*, Manuel María confesa que escribir teatro era “ocupación que nos divertía e nos satisfacía” (2003: 11) e opina que a imposibilidade de representar as obras explica que non se escribise máis teatro en galego.

Manuel Lourenzo e Francisco Pillado (1982) establecían na súa *Antoloxía* unha intelixente fronteira entre as primeiras obras de “vocación simbólico-popular” (os *Autos* e o *Barriga verde*) e as “políticas —a partir de 1973—, de divulgación da ideoloxía nacional-popular do autor”. Os mesmos autores (1979: 130) xa falaban de pezas poéticas e de pezas políticas, recoñecían nos *autos* toda unha serie textual, individualizaban o teatro infantil, advertían da pegada lorquiana e da influencia do saudosimo e do simbolismo nalgúnhas das primeiras obras subliñando ademais o labor divulgador tan propio do noso autor (1979: 131): “Débese tamén a Manuel María un labor considerable no campo da divulgación, con numerosas conferencias que analizan o teatro galego, ben en bloque, ben xeneracionalmente; tanto nos aspectos literarios como nos populares ou parateatrais”.

Nun traballo excepcional que case ten trinta anos, Manuel Lourenzo (1987) fixaba os aspectos máis notábeis do traballo teatral de Manuel María vistos naquela altura e facendo fincapé nestes aspectos:

- a) é un labor que comeza nunha época —a plena ditadura— sen referentes nomeadamente no escenario.
- b) os escritores teñen como “marcas” o simbolismo, a recorrencia a mitos gregos e a ambientes nórdicos.
- c) Lourenzo ve en Manuel María “unha constante populista” oteriana, lorquiana e aínda brechtiana e unha predilección pola farsa e “polas técnicas medievalistas de teatro simbólico e satírico”.
- d) clasifica Lourenzo as obras de Manuel María en dúas categorías: as lúdicas ou saudosistas, dunha parte, e as didácticas e combativas da outra insistindo nunhas constantes (“simbolismo crítico, ambiente popular e festivo, apelazón a motivos históricos de alto significado reivindicativo [...] repartos variábeis segundo as conveniencias, liberdade de espazos escénicos, etc.”) que o aproximan ao teatro independente galego e o afastan correlativamente do teatro burgués da España franquista.
- e) trátase dun teatro para representar pensado por un autor involucrado no que o autor de *Lituxia de Tebas* denomina “Movimento do Teatro Galego”.

Santiago Esteban Radío (1996) vincula as achegas de Manuel María co teatro independente, destaca o feito de ser un teatro para representar, lúdico, didáctico e combativo, realista e nacionalista que recorre ao simbolismo crítico, á ambientación popular, aos motivos históricos, á linguaxe sinxela, ao absurdo ás veces e

ao teatro épico. Ademais de comentar a colaboración de Manuel coa Auriense e co grupo Valle-Inclán nos tempos de Ribadavia, establece cinco grupos de obras: dramas⁵ de tema histórico, farsas cómicas como *Barriga verde*, autos, farsas político-sociais como a *Farsa do Bululú* e traxedia (*Edipo*).

Camilo Gómez Torres (2001), un dos mellores coñecedores do mundo literario e da traxectoria vital de Manuel María⁶, establecera en 23 as obras teatrais publicadas de Manuel María afirmando naquela altura que o noso autor escribe teatro “pola potencialidade didáctica e, ao tempo, analítica, que esta linguaxe ofrece, o que a converte nunha potente arma de concienciación nacional”, subliñando a categoría de catro obras: *Abril*⁷, *Trebón*, *Farsa do Bululú* e *Lúa*. Segundo este autor, Manuel María escribe teatro tamén por demanda de centros culturais ou educativos, para animar certames teatrais e mesmo a petición de amigos. Este autor (1996: 1217-1248) xa falaba en 1996 de 23 pezas publicadas e 19 inéditas. Gómez Torres considera dúas grandes etapas no teatro de Manuel María: 1957-1982 e 1982-1993 e estableceu nos seus traballos (Gómez 2003; 2005a) unha completísima bibliografía tamén referida aos textos teatrais censando as 25 pezas teatrais publicadas e fixando todo o relacionamento do noso autor co teatro. Gómez Torres fai unha a listaxe das representacións das obras de Manuel María desde 1969 ata os nosos días (especialmente exitosas as de *Barriga verde*, *Auto do maio esmaiolado*, *Trebón*, *Farsa do Bululú*, a *Berenguela* ou *Abril*).

Miguel Mato⁸ (2001) revisa a consideración de infantil dalgunhas pezas (*Barriga verde*, *Farsa do Bululú*, *Auto do maio esmaiolado*) e establece catro tipos de obras: as líricas, as histórico-políticas, as de sátira social e política (*Abril*, *Trebón*, *Lúa*) e a mítica (*Edipo*). Miguel Mato (2003) establece unha ligazón entre a obra teatral e a obra poética do autor así como cos acontecementos históricos, políticos e sociais do seu tempo establecendo tres grandes grupos de obras: as do teatro lírico⁹, as de denuncia social e política¹⁰ e as de carácter histórico e épico (*Abril*, *Trebón* e *Lúa*). *Edipo* integrárase no teatro clásico. Mato (2003: 28) insiste no “acento social, recreación histórica e carácter mítico” do conxunto das pezas.

A profesora M.^a Pilar García Negro (2009) é autora dun dos traballos máis relevantes sobre “O teatro de Manuel María” que inclúe unha relación de pezas inéditas, artigos xornalísticos, premios teatrais, representacións documentadas dalgunhas obras e unha bibliografía sobre Manuel María. Destaca a presenza de

5 Aquí sitúa *Abril*, *Trebón* e *Lúa*.

6 Véxase tamén Gómez 2005b.

7 Véxase o traballo de Carlos Lorenzo Pérez (2001).

8 Tamén autor dunha monografía sobre a obra poética de Manuel María (2011).

9 *Auto do labrego*, *Auto do mariñeiro*, *Auto de don Gaiferos*, *Auto do Castromil* e *Barriga verde*.

10 *Farsa de Bululú*, *Entremés da OTAN*, *Auto trascendental da escola tradicional*.

“cinco microcosmos” (2009: 228): a liberdade do individuo, “Galiza, pobo con historia” (2009: 228), a materia galega (paisaxe, humanidade, socioloxía e psicoloxía), o teatro como “axente impulsor da conciencia cívico-política” (2009: 229) e o dereito a un futuro libre. García Negro clasifica o conxunto teatral de Manuel María en cinco apartados: a reposición histórica¹¹, a liberdade¹², a materia galega nos autos¹³, o teatro propagandístico ou panfletario¹⁴ e os paratextos¹⁵. Nas conclusións do seu traballo, a profesora luguesa considera a Manuel María un “dramaturgo de pleno dereito” (2009: 235), un combatente contra o silencio incardinado na súa terra e cultura, filial do “creacionismo, panteísmo, animismo, existencialismo, patriotismo” (2009: 236) e cuxa “palabra artística representa o maior intento da literatura contemporánea por dar ao idioma a mefagonía que precis(ab)a” (2009: 236).

Pola nosa parte (Rabuñal 2009), fixemos unha sumaria descrición do teatro de Manuel María para centrarnos na análise máis demorada dos *Autos* do taberneiro, do labrego e do mariñeiro.

As obras máis antigas debeunas redixir o autor do *Edipo* nos anos 55 e 56 e desde entón e durante case medio século non deixou de escribir teatro e de facer o seu contributo ao desenvolvemento entre nós desta arte. Manuel María suma o seu esforzo como autor teatral e na súa medida como impulsor do noso teatro a un labor do que participan Blanco Amor, Ricardo Flores e Luís Seoane no exilio e aquí na terra autores que xa desenvolveran actividades teatrais antes da guerra como Leandro Carré ou o mesmo Otero Pedrayo e moitos outros desde Álvaro Cunqueiro a Marinhos del Valle ou Carvalho Calero, desde Ánxel Fole a Díaz Pardo a quen se van sumar as novas xeracións, a de Xohana Torres, Franco Grande, Bernardino Graña, Daniel Cortezón, a de Rodríguez Pampín ou López Casanova, todos eles en diferente medida protagonistas da nosa historia teatral.

A publicación en 1957 na revista bracarense *Quatro ventos* do seu *Auto do taberneiro* xunto con algúns artigos de temática teatral publicados por aquela época en *El Progreso*, *Vida Gallega*, *Faro de Vigo* ou *El Ideal Gallego* testemuñan a antigüidade do interese do noso autor polo teatro¹⁶. En 1960 o seu *Auto do labrego* resultaba premiado en Lugo cun accésit do Premio Valle-Inclán de Teatro no certame literario do Miño sendo editado un ano máis tarde tamén en Portugal, nesta

11 Con *Abril*, *Trebón* e *Lúa* figura o *Auto do Castromil* e o *Auto de don Gaiferos*.

12 Con *Edipo*, a *Berenguela*, *Farsa de Bululú* e o *Auto trascendental da Escola tradicional*.

13 Do taberneiro, o labrego, o mariñeiro e a costureira.

14 A este apartado pertencería *A folga*, *Auto da autonomía*, *Entremés do 25 de xullo*, *Día da Patria Galega* e *Farsa (...) da Comell/lhada*.

15 En concreto a adaptación do *Poema en catro tempos* e o *Manifesto Galego* de 1994.

16 Véxanse na bibliografía os seus artigos dos anos 50 e 60.

ocasión na revista portuense *Céltica*. En *Céltica* e *Quatro ventos* publicaban os seus traballos naquela altura Otero Pedrayo –de maneira esporádica– e Leandro Carré, este asiduamente.

Na revista *Vida Gallega*, en 1961, edita na Galiza o seu primeiro texto teatral: o *Auto do mariñeiro*, publicado despois en numerosos lugares como na célebre *Antoloxía* que do noso teatro fixeron en 1982 Manuel Lourenzo e Francisco Pillado. Estas tres pezas foron o tema central da nosa comunicación no congreso *Manuel María: literatura e nación* (Universidade da Coruña, 2005). En 1961 obtén o Premio Villar Ponte de teatro do Centro Galego de Buenos Aires pola obra *Edipo*, publicada en 2003.

Unha das obras teatrais máis representadas¹⁷ e publicadas de Manuel María é *Barriga verde*¹⁸, premio Castelao 1964 da Asociación cultural O Galo, impresa por vez primeira en 1968 e estreada en Ribadavia un ano despois. Manuel María investiga nesta figura atemporal que visitaba o San Froilán, o Apóstolo, A Peregrina ou os Caneiros, presentándoa moi próxima dos labregos e mariñeiros e acompañada dos seus inseparábeis compañeiros: o galego, a Moza, o Serrador, o Crego e o Demo. Coa obra o autor rendía homenaxe a quen levou por Galiza o personaxe e o seu mundo, Xosé Silvent Martínez.

Logo de editar en Madrid unha tradución de *Os vellos* en 1970 e o traballo “Noticia del Teatro Gallego”¹⁹, o *Auto da costureira* (Buenos Aires, 1973) e *Semente de dramón dos medios de comunicación* (*A Nosa Terra* 12/V/1978) dá a coñecer en 1979 no número 5 dos *Cadernos da Escola Dramática Galega* outro dos seus éxitos: *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, editada en varias ocasións, traducida para o euskara (1985), estreada en Ribadavia en 1976 por O Espantallo e representada moitísimas veces²⁰. A axilidade dos diálogos e a crítica social presiden un texto que establece comparacións entre a pretenciosa folla do carballo e a desprezada espiña de toxo que logo de detida, xulgada e metida na cadea será liberada polo espírito do monte.

17 Cine-Clube Rivadavia (1969), Breogán (1970; 1975), A. Cultural de Vigo (1972), Teleclub de Vilaronte (1972), Teleclub de Begonte (1972), A Xanela (1972), Val de Sarria (1975; 1976), Xermolos (1982), Escola de Deseño Obradoiro (1991) e o IES Daviña Rey (1998).

18 Véxase de Manuel María (1955) “Barriga verde”.

19 Na revista *Primer Acto* 120.

20 Polos grupos O Espantallo (1976), Guieiro (1979), Berenguela (1980), Colexio de Reibón (1982), Agrocovo (1983), Vagalume (1983), Colexio L. Pimentel (1985), Colexio C. Arenal da Pobra de San Xiao (1985), Colexio de Moreda (1987), Colexio de Vilamartín (1987), Colexio do Valadouro (1987), Calasanz da Coruña (1987), Escolapios da Coruña (1987), Colexio Ayala (1989), Os Innomeables (1991), A.C. Osorio G. (1991), Colexio de Escairón (1991), Teatro Técola (1999) ou o IES U. Lugo de Malpica (2004).

Antes, en 1961 o seu *Edipo* fora premiado en Buenos Aires, peza que ficou inédita ata que en 2003 a publica a Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado, como inéditas ficaron segundo informa Camilo Gómez Torres (2005a) *A luz non volve atrás* ou *As estrelas están lonxe*, mención e accésit respectivamente no Certame Castelao dos anos 1965 e 1967, *A folga* (1976), *A noite ten un camiño* (1977) e o *Auto de M.* En 1977 estreábase en Cangas o seu *Auto trascendental da escola tradicional*, un ano despois subía ao escenario o *Auto dos simulados da caravilla* representada por Achádego en Quiroga. As dúas pezas seguen inéditas.

Manuel María será un dos protagonistas das Mostras e dos Concursos de teatro de Ribadavia durante os anos 70. As súas pezas *Barriga verde*, *Auto do Maio esmaiado* e a *Berenguela* foron escenificadas nos anos 1975 e 1976 e no concurso da vila do Avia resultaron premiadas en 1973 (I Concurso Abrente) *O meu reino non é deste mundo* (*Farsa do Bululú*) e en 1975 (mención no III Concurso Abrente) *A revolución de 1846* (*Abril*). En 1976 o guión *Abril de lume e ferro* conseguiu o 1º premio no Concurso de Guións Cinematográficos Nós. Manuel María ademais foi membro dos xurados e participou nos debates que entón se formulaban ao redor do feito teatral galego defendendo un teatro que contribuíse á *liberación nacional* do noso país (López/Vilavedra 2002).

En 1980 o grupo Barriga Verde estrea en Lugo o seu inédito *Auto da Autonomía*. Desde os anos 80 colabora con diversos traballos de temática teatral (ocupándose de autores moi queridos para el e que van desde Otero Pedrayo²¹ a Fernán-Vello (Manuel María 1991) pasando por Álvaro Cunqueiro) en publicacións tan emblemáticas como o *Caderno do Espectáculo* da Compañía Luís Seoane²², o semanario *A Nosa Terra* (Manuel María 1984; 1996a) ou, máis recentemente, *Casahamlet*²³ sen esquecermos de *El Correo Gallego* (Manuel María 1995a; 1995b; 1998; 2000a), xornal no que escribiu moito nos últimos anos da súa vida.

En 1981 o Grupo Tespis estreaba en Lugo a súa adaptación do *Poema en catro tempos* de Eduardo Blanco Amor. Ese ano 81 escribe a peña para guiñol *Entremés do vintecinco de xullo*, obra inédita como a *Chamada para o 25 de xullo* (1980). En 1982 os históricos *Cadernos da Escola Dramática Galega* acollen o tamén exitoso *Auto do Maio esmaiado*, traducido ao euskara (1985), estreado en 1975 e representado en varias ocasións²⁴ e no que o dramaturgo de Outeiro de Rei recrea o Maio de Santa Cruz de Laza.

21 “O desengano do Prioiro” no programa do Teatro do Aquí (1995).

22 Véxase o seu traballo no número 3 (1982: 14).

23 Sobre o Hamlet de Cunqueiro no número 2.

24 Polos grupos O Espantallo (1975;1976) e Troula-2 (1993).

Nos anos 80 Manuel María daba a coñecer na revista *Follas secas* o *Auto do camiñante* (1985), o *Auto do pescador de cana* (1986) e o *Entremés da OTAN* (1986) mentres o Concello de Carral publicaba en 1989 o seu *Abril*. Esta peza, titulada inicialmente *A revolución de 1846*, é representada polos veciños de Carral desde 1996 coincidindo co aniversario dos fusilamentos dos mártires de Carral.

El Correo Gallego posibilitou a edición en 1991 das peciñas *Brevísimo Auto de Outono* e *Paso do viño novo* e en 1992 da *Farsa [...] da comell/hada/.../* e aínda do volume (1992) que contén o *Trebón* –estreada en 1976 no Carballiño pola Auriense e representada en varias ocasións polos grupos Auriense e Valle-Inclán cos que o noso autor colaborou– e *Farsa do Bululú*, escrita entre 1969 e 1970, Premio Abrente 1973 co título de *O meu reino non é deste mundo*, tamén estreada en 1979 en Perlío (Fene) polo grupo Tagallo, representada numerosas veces²⁵ e na que o autor censura o exercicio tiránico do poder polo rei Bululú e a súa esposa.

Diario 16 de Galicia publicoulle ao noso autor *Lúa* en 1992²⁶, obra á que seguiron no mesmo ano a *Farsa [...] da comell/hada* (El Correo Gallego), o *Auto do Castromil* e o *Novo entremés famoso da pesca no río Miño*. En 1993 publica as pezas *Brevísima farsa do Antroido de Outeiro de Rei* (El Correo Gallego), o *Auto do regato do Cepelo* e o *Auto de Don Gaiferos*. Neste *Auto* de grande lirismo aparece Guillermo IX na súa Aquitania, o noso poeta Emilio Álvarez Blázquez e o mesmo apóstolo Santiago con quen don Gaiferos entra pola porta santa antes de morrer contento. Nos anos 80 e 90 foi tamén representada unha versión do seu popular libro *Os soños na gaiola*²⁷. As súas últimas obras editadas son o *Auto do alugado* (2001) en Foz e o xa citado *Edipo* (2003).

4. UNHA VEZ FOI O TREBÓN

Para evitar repetírmonos con outros relatores, a organización destas Xornadas solicítame que me centre na análise das obras de carácter histórico polo que nos imos centrar en *Abril*, *Trebón* e *Lúa*. Primeiro faremos unha breve descrición de cada unha das tres obras para finalmente tirarmos algunhas conclusións e sinalarmos varias concomitancias. E comezamos polo *Trebón*.

Peza escrita en 1975, estreada en 1976 polo grupo da A. C. Auriense no Carballiño en 1976 e publicada (pp. 61-95) en 1992 nunha edición non venal xunto coa *Farsa de Bululú* (pp. 7-60) no nº 47 da Biblioteca 114 de El Correo Gallego. A edición vai precedida do texto (páx. 5) “Dúas pezas dramáticas de Manuel María” de Xavier Castro Rodríguez. O autor informa nesta edición que a obra

25 Polos grupos Celme (1984) e Alumnos de Acceso de Monforte (1995).

26 Estreada con dirección de Daniel Baamonde en 2005 para a A.C. O Galo.

27 Polo grupo Agrocovo (1983; 1992; 1993).

foi representada en 1975 polo Grupo de Teatro do Club Valle-Inclán de Lugo en 1975 e que está dedicada a Pilar Vázquez Cuesta e a Pomba Navarro Vázquez. A obra foi representada polos grupos Valle-Inclán de Lugo (1976), Xosé Antonio Vergara (1977) e Colexio Ínsua Bermúdez (1985). Tamén se representou en Lugo o 17 de maio de 2016 unha versión desta obra dentro das actividades do obradoiro Lingua Viva promovida pola Deputación luguesa.

A obra comeza cun prólogo de 24 versos (11A11B11A11B) que nos sitúa no século XV, “tempo de revoltas e de loitas” (63), no momento das revoltas irmandiñas cando estas ergueran a liberdade como bandeira, e unha esperanza que agroma en “datas feroces e fermosas” (63), xusto cando o pobo galego obedece a Roi Xordo e a Lanzós. Unha voz en off que desvela como fonte a información de Vasco da Ponte transmitida pola *Historia de Galicia* de Risco (2ª edición, 1971) sinala as seis máis poderosas liñaxes galegas daqueles días: a Casa de Lemos, a máis poderosa, a Casa de Andrade, dona das Mariñas, a de Trastámara, a de Soutomaior, no bispado de Tui, a de Altamira e a de Sarmiento, dos condes de Ribadavia.

A seguir asistimos a unha xuntanza dos irmandiños con representantes de vilas e cidades que se celebra en Compostela. Baixo o lema “Deus fratesque galeciae” defenden a loita contra tiranías e privilexios, a terra para quen a traballe, abaixo castelos e fortalezas, tribunais populares, igualdade en dereitos e deberes na procura dunha Galiza popular e nova. Participan na xuntanza Diego de Lemos, Martiño de Valladares, Francisco de Hortas, Pedro Zoqueiro, Froilán Pérez e Alfonso de Camba.

A seguinte escena acontece na sala dun castelo onde se cobran todo tipo de “trabucos e contribucións” (66): a facendeira, a goiosa, os foros, a fogaza, a moeda, as calzas, a loitosa, os portádegos, a mañaría, a enliza, a movicia, o fonsado e o conducho. O alcalde do castelo entre insultos e ameazas aos paisanos (Paulo Curutelo, Xohán de Barciela, Alonso de Buxán, Diego da Penela) cobra tamén a quen non pode pagar. As voces dos labregos, contra quen cargan na fuxida pecheiros e peóns, denuncian as calamidades que pasan: trabucos, roubos, maltrato, abusos ás mulleres...

Unha voz en off sitúa a acción no ano de 1431 cando exercía a súa tiranía o chamado O Mao, Nuno Freire de Andrade, III señor de Andrade. E cando os irmandiños estaban liderados por Roi Xordo, triunfantes nas terras de Ponte-deume e Betanzos. O Mao recada reforzos e logra primeiro vencer aos sublevados e logo espallar unha terríbel represión que supón o aforcamento dos irmandiños e o presidio para Roi Xordo, morto naquel ano 1431. O poeta Manuel María volve ao verso para inserir os corenta versos (11A11B11A11B) da súa “Elexía por Roi Xordo” a quen retrata como un heroe guieiro dun pobo honrado e dunha “terra

desgraciada” (72), como unha bandeira e unha esperanza, como un compañeiro “que estamos agardando” (72), como un patriota:

¡Eres a esencia eterna de Galicia,
Única patria posible e verdadeira (72).

A seguinte escena lévanos ao ano 1432 e a unha xuntanza do concello de Ferrol que non quer pertencer á Casa de Andrade nin padecer as desfeitas do Mao e do seu fillo Pero. O procurador do concello non conseguiu ser recibido en Zamora nin polo rei Xoán II nin polo seu ministro Álvaro de Luna polo que pretenden sumarse aos irmandiños.

Estamos agora nun cuarto de xustiza dun castelo dun señor galego da época onde o xuíz defende a desigualdade e practica a inxustiza esixindo aos labregos (Pedro Paxariño, Paio Pérez, Mingos Catoira) moreas de soldos e castigándoos con centos de paus e mesmo coa forza.

Nunha nova xuntanza dos irmandiños, en Compostela ou en Melide, organízase a revolta –fálase de “loita armada”– e discútense os seus pormenores. Poden ser mobilizados 80.000 homes. Diego de Lemos, Pedro Osorio e Alfonso de Lanzós actuarán respectivamente en Lugo, Sarria e Monforte; en Compostela, Padrón, Pontevedra e Tui; en Vilalba e Mondoñedo.

A voz en off fai unha crónica da situación de guerra total á altura de 1467-69: derrubamento de castelos e fortalezas, tribunais populares, señores feudais fuxidos e agochados. O poeta Manuel María insire agora outros corenta versos (11A11B11A11B) en “Gloria e triunfo dos irmandiños” nos que se celebra esa Galiza ceibe e vitoriosa que constrúe a súa historia liderada por homes bos e xenerosos como os citados Diego de Lemos, Pedro Osorio e Alfonso de Lanzós.

Na seguinte escena asistimos a unha xuntanza de señores galegos en Monção dispostos a recuperar as súas terras e privilexios (desde Tui a Compostela ou Lugo) mesmo usando novos instrumentos bélicos (arcabuces e culebrinas) como eran as armas de fogo de pólvora. Na xuntanza participan Pedro Madruga, que buscou amparo no rei luso Alfonso V, o Conde de Lemos, Pardo de Cela, Fernán de Andrade e o propio arcebispo de Compostela, Alonso de Fonseca.

Un coro de labregos vencidos por armas de fogo e que teñen a Pedro Madruga polo anticristo lamentan a traxedia dos irmandiños pasados a coitelo, a reconstrución de castelos e a negrume do seu porvir.

Estamos agora na sala de audiencias do rei Enrique IV de Castela para escenificar a submisión dos personaxes galegos. O Gran Chanceler do reino le en perfecto español o texto no que son nomeados condes (de Camiña Pedro Álvarez de Soutomaior; de Monterrei Sancho Sánchez de Ulloa; de Altamira Lope Sánchez

de Moscoso) e mariscais (Pardo de Cela e Suero Gómez de Sotomaior) a quen o rei cingue respectivamente a coroa e a espada. A didascalia de Manuel María é ben acaída: “Os persoaxes galegos poden dicir algunhas frases de agradecemento e sumisión en castrapo se se considera oportuno”.

A obra conclúe con trinta e seis versos (11A11B11A11B) da “Canción de remate e esperanza” que fala de vinganza e de derrota, na que asistimos a unha defensa do pobo puro e traballador (“O pobo foi derrotado non vencido”, 95) e a unha fe nun porvir onde rexurdirá esta semente irmandiña: “E esa boa semente ha frolecer” (95).

5. ABRIL DE LUME E FERRO

Esta peza que evoca a revolución galega de 1846 e os Mártires de Carral foi estreada na vila de Carral en 1996 por un grupo de veciños baixo a dirección do mestre Mario Gallego Rey e seguiu representándose polo menos até 2004 cando nace a A. C. Lume e Ferro que realiza diversas actividades como a entrega do Premio Mártires da Liberdade, que recibiron Manuel María e Mario Gallego, representando a obra en lugares tan emblemáticos como Teo, Betanzos, Vilalba ou Lugo.

Na nota do autor á edición de 1989 feita polo Concello de Carral, Manuel María sinala que a obra foi escrita en 1974 e que pretendeu ofrecer unha visión galega e obxectiva duns feitos históricos que aparecen na obra entre aspas.

A acción sitúase o 31 de marzo de 1846 na Sala de Armas do Cuartel de Lugo. Uns oficiais critican a humillación que padece o exército e o país e critican a política de Narváez. Solís pola súa parte explica o plan para o alzamento en Lugo, Compostela, Vigo, Baiona, o Morrazo e Tui e le a proclama ás tropas asinada en Lugo o 2 de abril de 1846. Apróbanse as ordes que suprimen o concello, a deputación e o poder da policía en Lugo ao tempo que se constitúe a Xunta de Goberno. A revolución galega está en marcha e vai triunfando.

Na seguinte escena, Juan de Villalonga, Capitán Xeneral de Galiza, le un texto en español no que se ameaza con xulgar aos revolucionarios que xa estableceron en Vigo Xunta de Goberno.

Logo dun poema de trinta e un versos (11A11B11A11B) en favor da liberdade e en contra da tiranía no que se le “Galicia é o empeño máis fermoso”, a acción trasládase, con gabanzas de Faraldo, a Compostela onde se constituíu a Xunta de Goberno Revolucionario e se pretende reorganizar o Batallón Literario. Animan a causa os estudantes, Romero Ortiz e o poeta Añón que subliña o amor que lle hai que profesar a Galiza.

Tamén en Compostela, na sala dun cuartel, Solís e os seus homes Rubín e Buceta repasan a situación territorial da revolución. Senten o apoio do pobo. Solís irá á Coruña e Ferrol.

A seguir asistimos en Compostela á Xunta Superior Provisional de Goberno de Galiza con presenza de Faraldo e dos militares Solís e Rubín ascendidos a Mariscais de Campo. Solís aparece como un cabaleiro militar, un revolucionario entregado a conquistar a xusta liberdade a que ten dereito Galiza, coa que está plenamente identificado como un galego máis. O xornal *A revolución* espallará o ideario revolucionario. Faraldo le as reformas económicas e gubernativas e as medidas de guerra da Xunta ás que adhire Solís. Entre as primeiras cambios fiscais, educativos e a declaración de nulidade dos actos do goberno de Madrid. Entre as segundas formar un Batallón de Defensores do Pobo ou converter aos gardas civís en Guías da Liberdade.

Na seguinte escena un coro de xentes do pobo apoian a revolución ao tempo que reclaman armas para defenderen a terra, o pan, a fala, a xustiza, a igualdade e a liberdade.

Logo dun poema de homenaxe a Faraldo como conciencia da terra e facho da revolución, unha voz en off oraliza o comunicado da Xunta de Galiza asinado o 15 de abril co propósito de que se cumpra a vontade popular de deixar de ser colonia da corte.

Na casa coruñesa de Xoana de Vega a condesa departe co cónsul de Francia e co cónsul e co vicecónsul de Inglaterra. Arremeten contra os revolucionarios independentistas e a propia Xoana de Vega que considera o galego “brután” admite que de Galiza gusta dos manxares e da paisaxe. Galiza se deixa de ser gobernada desde Madrid caería na barbarie, no tribalismo, no canibalismo. A condesa propón obrigar aos galegos a renunciar á súa lingua e tamén á liberdade, a cambiar a *arrepiente* gaita pola guitarra e o flamenco.

Na Capitanía Xeral, na Coruña, recoñecen os progresos dos rebeldes en toda Galiza, mesmo o honor de Solís, desconfían da Condesa de Espoz e Mina e artellan a operación que sufoque a revolución.

Solís está no Mosteiro de San Martiño Pinario e non quere admitir que todo está perdido. Porque para el polo menos no futuro haberá quen veña culminar o soño destes días. A pesar dos seus trinta e un anos, Solís está disposto a chegar até o final e resistir o máximo.

Logo dun poema de homenaxe a Solís, “corazón indomábel”, o Xeneral Concha informa do combate mantido cos rebeldes en Cacheiras. Con resultado de 1400 prisioneiros, deles 54 oficiais, incluído Solís. A seguir segue lendo o Capitán Xeneral Villalonga que como Concha usa o español.

A voz en off comunica que Villalonga nomeou Tribunal de Guerra en Carral o 25 de abril de 1846 condenando a morrer fusilados ao propio Solís e a Víctor Velasco. A Solís intentan fusilalo polas costas no adro de Paleo o 26 de abril. O militar non o permitiu e morreu como un militar honrado e un cabaleiro. Logo

foron fusilados os outros oficiais conformando un cadro arrepiante. O 27 de abril os cadáveres foron enterrados en Paleo. Nunca se soubo por que o brigadier Leoncio Rubín de Celis non intentara salvar a Solís e aos seus compañeiros, abandonando nas montañas de San Xurxo de Sacos (Pontevedra) antes de embarcar en Vigo. A voz en off fai a relación dos militares pasados polas armas: Solís e os seus once compañeiros²⁸.

En cadanseu podium están o Capitán Xeneral de Galiza e o Ministro da Guerra. O primeiro solicita unha longa estadia no estranxeiro para Xoana de Vega e pronuncia, agora significativamente en galego, as últimas palabras da obra enunciando os seus inimigos “fillos de puta”: revolucionarios, masóns, ateos, separatistas.

6. A LÚA VAI ENCOBERTA

Esta obra foi publicada en 1992 tamén nunha edición non venal dentro da Biblioteca de Autores Galegos do Diario 16 de Galicia. Nunha nota do autor (7) recoñece que a peza fora escrita nos anos 70 atendendo o encargo do grupo teatral da Auriense que xa representara *Unha vez foi o trebón*. Comezados os ensaios, o grupo desfáise e fica sen representar esa obra longa na que Manuel María pretende dar unha visión de Galiza desde a guerra civil aos anos 70. E engade: “Un anaco da historia dramática do noso país por recuperar a súa auténtica personalidade, contada dun xeito fragmentado e subxetivo. Unha obra, penso, que vai contracorrente da ideoloxía e da estética reinante” (7). A obra foi estreada con dirección de Daniel Baamonde en 2005 no Principal de Compostela para a A. C. O Galo, tamén en Ferrol e no local da A. C. O Galo e en 2006 en Ribadeo polo grupo Conxunto Valdeiro. Ao longo de once escenas viaxamos no tempo desde 1936 a 1977.

A peza está pensada para representarse nun espazo lonxe das salas de teatro: unha taberna, un teleclube, unha asociación cultural ou de veciños. Fai fincapé o autor na importancia da luz e sitúa como obxecto importante un aparello de radio grande como os que había nas casas antes de 1936. Ao final de cada fragmento faise o escuro.

Polo aparello de radio unha voz sitúanos no mes de xullo do 36 cando plebiscitado o Estatuto de Autonomía, Castelao fai entrega do mesmo en Madrid ao presidente do Congreso. Un grupo de homes armados disparan contra todo e todos –público incluído– convertendo a escena nunha “pantomima patética e

28 Ademais de Solís son pasados polas armas os comandantes e capitáns do exército Víctor Velasco, Manuel Ferrer, Jacinto Dabán, Fermín Mariné, Ramón José Lloréns, Juan Sánchez, Ignacio de la Infanta, Santiago Lallave, Manuel Márquez, José Martínez e Felipe Velero.

arrepianante” (10) pero incapaces de evitar que o aparello de radio repita até en dez ocasións o resultado do plebiscito estatutario.

Na seguinte escena, nunha vila ou cidade, as novas autoridades (X, F, R) defenden o discurso do novo réxime: a razón da violencia, a concepción da muller engaiolada na cociña e como repouso do guerreiro, diatribas contra o ateísmo, o socialismo e o comunismo, o reino da inmoralidade, a política de ameazas e de peticións ao pobo para que se deixe guiar.

Nun lugar arredado da fraga ou da montaña dous gardas que o son por non emigrar e por non morrer de fame aproveitando un confidente andan á caza dun guerrilleiro cando xa caeran os Concheiros, Manuel Ponte, o Curuxas e o Foucellas. O guerrilleiro chamado o Reboleiras aparece cantándolle en verso á patria e aínda que é golpeado e detido polos gardas logra desatarse e matalos aos dous, a un accidentalmente, ao outro á mantenta.

Na seguinte escena, nun mercado ou feira, un coro de labregos denuncian a súa ruína e un deles é detido acusado de subversivo, separatista e masón. Fica en evidencia, coas novas autoridades, o programa forestal franquista: monte comunal poboado de piñeiros, revolución “nacisocial” e concentración parcelaria. O franquismo promove a emigración a América e tamén a Europa. Pide paz e orde. Os labregos escollen o camiño da emigración. Outra vez.

Agora os personaxes son do mundo da cultura. Habitan un vello cuarto de arañeiras e cadeiras vetustas. Mesmo envellecen en escena. Son o Xefe da Tribu, o Bardo, o Presidente do Clan e o Druída. Mergullados na saudade, foxen do termo nación, gábanse de seren independentes e celebran o espírito aventureiro dos nosos paisanos. Desprezativos co obreiro aspiran a salvar espiritualmente ao pobo mentres critican a falta de liberdade de reunión e sindicación. Defenden unha cultura cristiá e céltica, o existencialismo alemán e propoñen editar unha revista elitista (cen exemplares) e bilingüe con este título: *Saudade do alén e ser metafísico transcendente*. Todos escribirán sobre a saudade e todos entoan o seu himno sobre a saudade, “luz e frol da nosa terra” (45).

A seguinte escena está protagonizada por tres mozos e unha moza que non participaran na guerra e que á altura de 1964-65 toman conciencia política do seu país e dos seus problemas. A escena divídese en dúas partes. Nunha está situado o narrador. Estamos no contexto da revolución cubana, Alxeria, a emigración masiva. Entenden que o país está asoballado quer no plano cultural quer no político e dada a liquidación do nacionalismo organizado deciden un 25 de xullo retomar ese traballo político e organizar a actividade nacionalista. Están posicionados en contra do nacionalismo culturalista e de dereitas e propoñen unha organización revolucionaria, anticapitalista, con dirección na Galiza que persiga a liberación nacional e popular e que defenda os intereses do pobo traballador. As

súas prioridades son a educación, o idioma, a reforma agraria e pesqueira, o dereito á autodeterminación fóra do autonomismo, sindicatos propios ou a defensa da parroquia.

A nova escena lévanos ás loitas obreiras de 1970, principalmente nos asteleiros de Bazán e Astano en Ferrol, ao asasinato de Amador Rei e Daniel Niebla aos que se dedica a “Canción en verso sobre Amador e Daniel”, á represión policial que trae efectivos de varias capitais do estado, á folga xeral que se vive en Vigo e noutros lugares, ao despedimento de obreiros con referencias tamén a outras loitas en Castrelo de Miño, Baldaio, As Encrobas ou á cota empresarial da Seguridade Social Agraria.

O protagonista da seguinte escena é un ilustre orador que como “obrero intelectual” fala en español ao considerar o galego un “dialecto coloquial” e pretender ser lido en Madrid. Vaticina a morte do galego e defende o bilingüismo. O Público recitará precisamente un poema contra o bilingüismo.

Agora volven os mozos e a moza de antes nun cuarto modesto cheo de libros e xornais. Houbo unha operación policial que deu como resultado un morto. A muller le un poema. Prepárase unha publicación.

Tamén reaparecen as vellas autoridades franquistas agora disfrazadas de demócratas e de galeguistas, autonomistas, europeístas e antinacionalistas. Tamén moi partidarios do bilingüismo piden o voto de labregos e mariñeiros, de emigrantes e vilegos.

Volven á escena vestidos de elegantes executivos o Xefe da Tribu, o Bardo, o Presidente do Clan e o Druída. Desde un restaurante celebran a chegada da democracia, defenden a auto-MONÍA e o folclore ao tempo que critican o nacionalismo. Pretenden poder, diñeiro, medios de comunicación, situar como Xefe Supremo ao Presidente do Clan e aspiran a introducirse nos principais partidos políticos: Partido da Dereita Integral, Partido do Medio Mediatizado e Democracia Socializante Moderadiña. A escena remata cunha canción en verso para estes raposos vellos que son a intelectualidade, unha intelectualidade que Esteban Radío (1996) relaciona co que significou Realidade Galega.

Na derradeira escena asistimos á dialéctica entre un home e unha muller; o home vive malamente e sen conciencia política, pide un subsidio e desconfía tanto da xustiza como da propia política e está disposto a entregar o seu voto a quen lle faga un favor. Pola súa parte, a muller quer infundir ao home ideais políticos e ela finaliza a peza con esta “Cántiga popular”²⁹ (95) da que o autor tira o título da obra:

29 Cantiga de espadelada que figura en diversos cancioneros como no *Canto popular gallego* (Madrid, 1940) de Fr. Luís María Fernández Espinosa.

A lúa vai encoberta,
 A min pouco se me da:
 ia lúa que a min me aluma
 Dentro do meu peito está!.

María Pilar García Negro (2009: 232-233) sinala unha diverxencia no final da obra entre a versión orixinal (1977) e a publicada (1992) onde se elimina “aquela emerxencia da loita e organización nacionalista” froito “quizais da posición auto-rial de 1992, máis descrida ou desencantada do que antano”.

7. CODA

O dramaturgo, o poeta, o artista da palabra non é un historiador pero tamén neste caso fai unha lectura interesada e interesante da historia. Aproveitando a documentación histórica, en boca de narradores ou voces en off, referida a tres momentos determinantes da historia galega nos que se dirimen as liberdades do noso país. Nestas obras agroma unha mirada nacional galega da historia.

A respecto das revoltas irmandiñas do século XV evócase a chamada irmandade Fusquenlla de 1431 liderada por Roi Xordo contra o señorío dos Andrade; a gran revolta irmandiña dos anos 60 por toda Galiza liderada por Alonso de Lanzós e Diego de Lemos cuxo fracaso significou castigo e represión e unha nova orde (a da doma e castración).

No caso da Revolución de 1846 conviven o recorte de liberdades e dereitos xunto á centralización. Un alzamento liberal ligado ao movemento provincialista (Galiza non quere ser colonia) que será lembrado pola xeración de Murguía en *La Oliva* (1856) e no espírito do Banquete de Conxo (1856). O propio Murguía intervén cando a inauguración do Monumento aos Mártires en Carral en 1904. Como o fará Manuel Lugo na homenaxe de 1931. E Tettamancy (1908; 1912) escribe os seus libros sobre os feitos.

A época abordada en *Lúa* viviu o propio Manuel María e está lexitimado para facer unha crónica persoal sobre o período franquista. Mesmo para apuntar algúns dos pecados orixinais cometidos na transición cuxas consecuencias aínda padecemos.

A dialéctica que se repite nas pezas é moi simple pero moi rotunda: opresión vs. liberación de Galiza. A historia abortou en varias ocasións as ansias de liberdade, xustiza e prosperidade deste pobo humilde, honrado e traballador que tanto leva sufrido. Un pobo que foi derrotado na época dos irmandiños, derrotado nos soños fusilados en Carral, derrotado na longa noite de pedra do franquismo pero non vencido.

Non vencido un pobo que tivo que padecer a poderosos inimigos como nas pezas son Nuno Freire de Andrade o Mao, Pedro Madruga, Pardo de Cela, o arcebispo de Compostela, Narváez, Juan de Villalonga, Xoana de Vega, o Xeneral La Concha, o franquismo con todas as súas armas represivas, o culturalismo elitista e evasivo e mesmo para o autor o galeguismo reaccionario.

Hai nestas obras xa non só unha esperanza senón a certeza de que o pasado non é inútil, a busca da liberdade e da xustiza non pode ser estéril. Por iso as obras teñen poemas que espallan esa esperanza e que homenaxeán ás grandes figuras de onte e de hoxe, desde Roi Xordo a Amador e Daniel pasando por Solís. Líderes dos que aprender como Alfonso de Lanzós, o propio Faraldo, os guerrilleiros anti-franquistas, o nacionalismo de esquerdas, os obreiros e labregos que máis padeceron a historia, as persoas que sempre se entregaron polo ben común e os intereses colectivos.

Obras moitas veces en clave épica, dosificadas en escenas non exentas de didactismo e que podemos inscribir nunha frondosa tradición literaria constituída por textos de Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo, Luís Seoane, Daniel Cortezón, Euloxio Ruibal, Méndez Ferrín, Bernández Vilar ou Xosé Miranda. Porque polo menos para nós a literatura e o teatro constitúen en si mesmos unha mirada novidosa, necesaria e estimulante dunha historia moitas veces interesadamente agochada e deformada.

Rematamos necesariamente a nosa intervención nestas Xornadas. Sabemos que o teatro de Manuel María, o máis coñecido e o menos popular, forma parte dun dos ríos de palabras máis fecundos que deu a Galiza contemporánea. Un río que camiña cheo de fermosas falas, de razoábeis dúbidas e de moito país inserido nos seus meandros. Contra o silencio, contra o medo, contra a desconfianza precisamos da voz e da palabra de Manuel María. Como quería a nosa chorada Luísa Villalta (2001), a voz dun poeta, Manuel María, “a falar desde esa escura ribeira coa distancia de quen lembra e de quen, por tanto, sabe de onde vén e cara onde vai o río que nutre a súa terra que é a nosa”.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Bernárdez, Carlos L. [et al.] (2001): *Literatura galega. Século XX*. Vigo: A Nosa Terra.
- Braxe, Lino (2016): “Manuel María e o teatro”, *La Opinión* 23/V/2016.
- Caño, Xosé Manuel del (1990): *Conversas con Manuel María*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Dacosta, Henrique (2016a): “Manuel María e o teatro”, *Diario de Ferrol* 5/V/2016.
- (2016b): “A escrita dramática de Manuel María”, *El Ideal Gallego* 17/V/2016.
- Esteban Radío, Santiago (1996): “Introdución. O teatro de Manuel María”, en Manuel María, *Barriga verde*. Ourense: Galiza Editora, 13-33. 4ª edición.
- García Negro, Pilar (2009): “O teatro de Manuel María” en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Manuel María: Literatura e nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade, 227-250.
- Gómez Torres, Camilo (1996): “Manuel María e o seu tempo”, en Alberte Ansedo e Cesáreo Saco (dirs.), *Historia da literatura galega*. [Vigo]: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra, v. 4, 1217-1248.
- (2001): *Manuel María: os traballos e os días*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- (2003): *Bibliografía de Manuel María*. Lugo: Fundación Manuel María.
- (2005a): “Manuel María. Bibliografía teatral”, *Casahamlet* 7, 84-91.
- (2005b): *O tempo vital de Manuel María*. Vigo: A Nosa Terra.
- López Silva, Inma e Dolores Vilavedra (2002): *Un abreinte teatral. As mostras e o concurso de teatro de Ribadavia*. Vigo: Galaxia.
- Lorenzo Pérez, Carlos (2001): “Representación en Carral”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 471-473.
- Lourenzo, Manuel (1987): “Arredor do teatro de Manuel María”, *Follas secas* 12, 16-21.
- Lourenzo, Manuel e Francisco Pillado (1979): *O teatro galego*. Sada: Edicións do Castro.
- (1982): *Antoloxía do teatro galego*. Sada: Edicións do Castro.
- Manuel María (1955): “Barriga verde”, *El Progreso* 25/VIII/1955.
- (1957): “Teatro gallego. Vieiro choído, de Franco Grande”, *El Progreso* 27/XII/1957.
- (1958): “El teatro gallego”, *El Ideal Gallego* 5/IX/1958.
- (1959a): “El teatro gallego”, Lugo, B. Aires, 1959.
- (1959b): “Don Hamlet, de Cunqueiro”, *El Progreso* 10/X/1959.

- (1965): “Libros. *A outra banda do Iberr*, de X. Torres”, *Faro de Vigo* 27/VI/1965.
- (1970): “Noticia del Teatro Gallego”, *Primer Acto* 120, 8-17. (Tamén se edita neste número a súa tradución de *Os vellos* de Castelao nas páxinas 37-55).
- (1982): “Nota brevísima encol do teatro de don Ramón Otero Pedrayo”, *Caderno do Espectáculo* 3, 14.
- (1984): “O Centro Dramático Galego”, *A Nosa Terra* 25/X/1984.
- (1989): *Abril de lume e ferro*. Carral: Concello.
- (1991): “Consideracións encol do noso teatro en xeral e de *A casa dos afogados*, en particular”, *El Correo Gallego* 17/III/1991.
- (1992a): *Unha vez foi o trebón*. Santiago de Compostela: [El Correo Gallego].
- (1992b): *A lúa vai encoberta*. Vigo: Diario 16 de Galicia.
- (1995a): “Breve nota encol do teatro”, *El Correo Gallego* 17/IX/1995.
- (1995b): “O *desengano do Prioiro* en Ribadavia”, *El Correo Gallego* 30/XI/1995.
- (1996a): “O teatro de Otero a prol da vida, a esperanza, a beleza e a razón de vivir”, *A Nosa Terra* 1/II/1996.
- (1996b): “O 150 aniversario dos Mártires de Carral”, *El Correo Gallego* 26/IV/1996.
- (1998): “Adeus a un teatro”, *El Correo Gallego* 5/V/1998.
- (2000a): “Lembranza dun teatro”, *El Correo Gallego* 11/VI/2000.
- (2000b): “*Don Hamlet*, de Cunqueiro, en Lugo”, *Casahamlet* 2, 16-17.
- (2003): *Edipo*. A Coruña: Universidade.
- Mato Fondo, Miguel (2001): “A súa obra dramática: carácter e diversidade temática” en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 459-470.
- (2002): “Edipo, aquel inxenuo poeta (Unha achega ó teatro de Manuel María)”, *Casahamlet* 4, 471-473.
- (2003): “Introdución”, en Manuel María, *Edipo*. A Coruña: Universidade, 15-64.
- (2011): *Señardade da luz (a obra poética de Manuel María)*. A Coruña: Asociación cultural Alexandre Bóveda.
- Rabuñal Corgo, Henrique (2003): “Un poema para cada cousa”, *La Voz de Galicia* 16/II/2003.
- (2009): “Os primeiros autos de Manuel María no contexto do teatro galego dos anos 50 e 60” en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.),

- Manuel María: Literatura e nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade, 251-268.
- (2009): “Manuel María”, *Henrique Rabuñal. Literatura e cultura* 15/VII/2015. <http://henriquerabunhal.blogaliza.org/2015/07/22/manuel-maria/>.
- Riobó, Pedro P. (1999): *O teatro galego contemporáneo (1936-1996)*. A Coruña: Universidade.
- Tato, Laura (2000): “O teatro desde 1936”, en Anxo Tarrío Varela (coord.), *A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*. A Coruña: Hércules, 442-511.
- Villalta, Luísa (2001): “Que é a realidade?”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 533-535.

SOÑAR SEN CANCELAS: MANUEL MARÍA E A CONSTRUCCIÓN DUNHA EDUCACIÓN LITERARIA EN GALEGO

Montse Pena Presas
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: No artigo téntase demostrar como Manuel María foi unha das voces pioneiras que posibilitou o eriximento dunha literatura infantil e xuvenil en galego nos finais da década dos sesenta, a pesar de que contou con algúns impedimentos para facelo. Asemade, realízase un percorrido crítico pola súa produción para nenos e nenas, que tenta descubrir as claves da súa poética á vez que contextualiza a obra no seu tempo. Igualmente, demóstrase que a significación que o autor lle daba á produción infantil vén dada polas posibilidades desta para transmitir os seus ideais.

Abstract: The article tries to show how Manuel María was one of the pioneering voices that enabled the Children's literature in Galician in the Sixties, although it had any problems to do it. At the same time, it accomplishes a critical route by his production for boys and girls, that tries to discover the keys of his poetic and also it contextualizes the work in his time. Equally, it shows that the signification that the author gave him to books for children comes given by the possibilities of this to transmit his ideals.

Palabras chave: Manuel María, educación literaria, literatura infantil.

Key words: Manuel María, literary education, children's literature.

Na túa carta dis que estás a escribir poemas para nenos. Para nenos galegos. Alédame. Iso é moi interesante. [...] Segue. É unha necesidade. A toma de conciencia de Galiza hai que comezala na nenez. E o ponto de partida é o idioma.

Xosé Neira Vilas, en carta a Manuel María do 15/XI/1967.

1. AS ORIXES, A CONVICCIÓN: DE COMO SE XESTA UN POEMARIO PARA A INFANCIA

O pulo da literatura infantil e xuvenil galega parecía ter chegado de América. En parte, foi así. Neira Vilas, en carta a Francisco Fernández del Riego, datada o 23 de febreiro de 1965 e alentado polas súas experiencias americanas ao carón de Anisia Miranda, sinálalle a necesidade de comezar a publicar libros para nenas e nenos en galego. Froito dese alento, Galaxia iniciará unha ambiciosa colaboración coa editorial catalá La Galera (cada edición constaba de 3000 exemplares), que consistirá na tradución de obras catalás para o galego (despois tamén se verterán obras galegas ao catalá) a partir de 1966¹. Como xa sinaliei noutro lugar (Pena 2010), no pulo da literatura infantil iniciado por Galaxia houbo dúas pezas fundamentais: Xohana Torres (cuxa escolla se basearía na concepción patriarcal de orixe vitoriana de que as mulleres están máis achegadas á infancia, segundo a cal sería “natural” que escribisen para nenos e nenas) e Carlos Casares (gañador do primeiro concurso de contos e do primeiro certame de textos teatrais infantís convocados pola Asociación O Facho, ambos os dous apoiados pola editora –que favorecía a presenza de persoeiros achegados a ela no xurado e publicaba os textos).

Non obstante, o pulo da literatura infantil e xuvenil galega non só chegou de América. En Galicia, un poeta de literatura para adultos decátase de que as nenas e os nenos galegos precisan versos. E ponse a escribir sen máis estímulo que a súa convicción e sen saber se será publicado. É Manuel María. A historia literaria ten obviado isto, mais a consulta do seu epistolario cruzado con Neira Vilas² permite ver un escritor que se amosa interesado neste campo literario xa dende o ano 1966, cando ao saber que o autor de *Memorias dun neno labrego* gañara un premio *ex-aequo* con Anisia Miranda, sostén: “Coido que facer literatura para nenos debe ser algo moi difícil” (Neira 2010: 241). Dende aí, a literatura infantil e xuvenil sempre será do seu interese. Un ano e medio despois, concretamente o 29 de outubro de 1967, o noso autor cóntalle a Neira Vilas: “Estes días ando intentando escribir poemas para nenos. Algo que falta na nosa literatura. Unhos poemas rimados e sinxelos que poidan servir de texto prás escolas. Xa veremos o que vai saíndo. Esta clas de poesía, como sabes, non é nada doada de escribir. Teño unha ducia de poemas. Entusiasmo non me falta” (Neira 2010: 247).

1 Fundamental para saber máis sobre isto é a tese de doutoramento de Mónica Domínguez Pérez (2008).

2 Este pódese reconstruír entre as cartas que viron a luz en Neira Vilas (2010) e as inéditas que se conservan na Fundación Manuel María, institución a quen a autora agradece as facilidades para acceder a este fondo documental.

Eses poemas serán o feixe que compón *Os sonhos na gaiola*. Con eles, como se demostra no parágrafo anterior, Manuel María pon de manifesto que está moi atento ás necesidades da literatura galega, mais tamén é consciente onde atoparán o seu acubillo natural: no ensino. O entusiasmo de Neira Vilas e da propia Anisia Miranda, que lle escribe ao coñecer a nova, é tamén patente. Ela pídelle encarecidamente que lle facilite eses versos, namentres lle expón a súa propia visión da literatura infantil como transformadora da realidade –que tamén, como se verá, compartirá o propio Manuel María: “No me he dedicado a la literatura infantil porque no tengo hijos, cosa que suele suceder por ahí. Me dedico a esto como tarea revolucionaria, en su más alto sentido, porque pienso que es una de las formas de ayudar a crear ese nuevo hombre con el que soñamos” (Fonte 2: Miranda 1967).

Namentres, o autor da Terra Chá tentará asegurar a publicación deses poemas, nun principio sen éxito. Case á vez en que Miranda lle escribe esa entusiasta carta, Galaxia decide non tirar do prelo *Os sonhos na gaiola*, como lle informará Francisco Fernández del Riego en carta dende Vigo o 16 de novembro:

Devólvoche o libro de poesías para nenos, porque non hai xeito de o publicar, cando menos polo de agora. Temos no prelo dous libros de contos infantís³, que se editarán eiquí, e outros tres máis que sairán en Barcelona⁴. A literatura infantil resúltanos antieconómica, e suspenderemos o programa de edicións por algún tempo (Fonte 3: Fernández del Riego 1967).

Efectivamente, a colaboración que iniciaran con La Galera resultou un fracaso económico importante, especialmente no que se refire ás traducións (Domínguez 2008: 372), mais Galaxia seguirá publicando –inda que sexa esporadicamente– literatura infantil, como se comproba cando en 1968 sae do prelo *A galiña azul* de Carlos Casares. Significativo é que este texto se tire do prelo na editora viguesa xustamente por interese de Ramón Piñeiro, como manifesta na súa correspondencia privada o propio Casares (Fonte 7: Casares 1968). Sen dúbida, semella claro que os responsables da editora rexeitaban por motivos evidentes (entre os que certamente estaba o seu posicionamento político) os textos do de Outeiro de Rei.

3 Con toda probabilidade trátase de *O lobo e o raposo*, contos populares recollidos por nenas e nenos na provincia de Lugo, e *Polo mar van as sardiñas* (1967) de Xohana Torres.

4 Refírese, seguramente, aos títulos *O abeto valente* de Jordi Cots (colección “A Galea de Ouro”) e *Todos os nenos do mundo seremos amigos* de Eulàlia Valeri e *Unha nova terra* de Francesc Candel (colección “Desplega velas”), traducidos todos eles por Xohana Torres en 1967 e froito da colaboración iniciada entre Galaxia e a editora catalá La Galera.

Este non será o único “non” que recibe de Galaxia: meses despois, en maio de 1968, refugarán a publicación de *Barriga Verde* (Fonte 4: Fernández del Riego 1968)⁵. Aínda así, isto non parará a Manuel María, que acabará por publicar *Os soños na gaiola* en 1968, en edición non venal, en Cartonaxes Anmi. O dono da empresa “un señor de Medina del Campo que leva en Galicia dende o ano trinta e tantos e está totalmente galeguizado” (Neira 2010: 248) quería mandalo aos colexios do país con motivo do día do libro ou o 17 de maio, aínda que tamén se sinala que a obra podería ser un agasallo para os clientes da empresa e os mestres polo Nadal (Neira 2010: 255). Curiosamente, que se realizase unha edición deste tipo propiciou que a obra non pasase os trámites censores ata 1972, cando tras varias edicións non venais é editada por Celta cunha tiraxe de 2000 exemplares e un prezo de 60 pesetas, sendo aprobada a súa edición –practicamente todas as obras infantís galegas o fixeron, dado que os responsables da censura nin sequera resumían os textos para nenos e nenas en galego, como si facían coas obras para público adulto– o vinte e cinco de abril de 1972 (Fonte 5).

A partir da escrita deste poemario, Manuel María parece desenvolver o seu propio programa de contribución á literatura infantil e xuvenil galega. O seu soño, a pesar do seu título iniciático, é un soño ao que xa non se lle poden poñer cancelas. Versos para cambiar o mundo son estes, nun momento de ermo cultural. Versos para acompañar a liberdade serán *As rúas do vento ceibe* (1979), escritos a petición de moitas das lectoras e lectores do volume anterior, que querían máis, cando o autor era consciente de que cambiaran as claves sociais. No entanto, a escrita dramática, que sempre espertou o seu interese e que se pode debater se foi pensada en primeira instancia para a infancia ou non (pregúntome especialmente por *Barriga Verde* de 1968 e por *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* de 1972, se ben a crítica os ten abordado coma textos infantís, tal e como se documenta en Esteban 1996 e Roig 2015). Por último, a súa contribución decidida á narrativa xuvenil coa triloxía de Manuel de Paderna a principios dos anos noventa, nun momento en que se precisaban este tipo de narracións porque apenas pasaran dez anos dende que o galego pasara a ser lingua do ensino. Así, diferentes axentes do sistema –que en moitos casos nunca se interesaran por este campo literario– tentaban contribuír activamente ao enriquecemento deste. Precísábanse libros para alimentar o galego daqueles primeiros mozas e mozos escolarizados na lingua do país, polo que escribir para a rapazada significaba, máis ca nunca, unha angueira colectiva á que cumpría contribuír.

5 O distanciamento de Manuel María con Galaxia pode documentarse, por exemplo, en del Caño (1990: 44-47), pero tamén nas propias cartas que o da Terra Chá lle envía a Neira Vilas, nomeadamente as datadas de 1968 en diante.

2. POESÍA INFANTIL EN TEMPO DE PENUMBRA: OS SOÑOS NA GAIOLA

“É tan rico, tan nutrido este volume, que a un parécelle de pronto unha enciclopedia poética, como se todo estivese dito, e o certo é que pouco máis en canto a variedades de temas da nosa aldea se pode abarcar”, escribelle Neira Vilas (Fonte 6: 1968) logo de ler —aínda en copia non impresa— *Os sonhos na gaiola*. Sexa como for, o que é evidente, é que eses sonhos de Manuel María, divididos en seis seccións (Galicia; O mundo; As cousas; Homes, nenos e nenas; Animais e Paxaros) constituíron un fito editorial moi poucos anos despois da súa publicación que se viu engordado pola música que Suso Vaamonde lles puxo a algúns poemas por volta de 1978.

O autor sabía perfectamente o que quería facer, como amosa a “Carta ós nenos e nenas” que principia o libro: por unha banda, lembrar a súa infancia labrega —unha lembranza que o acompañará tamén na súa obra narrativa—; pola outra, escribir eses versos que “non había na literatura galega e que tan precisos son” (Manuel María 1968: 4), o que volve pór de manifesto o programa a prol da LIX iniciado polo de Outeiro de Rei. A pesar da súa aparencia costumista —aumentada pola rima consonante e o verso breve— con forma de canción, de canto á paisaxe e aos diferentes elementos da natureza, ademais de aos oficios máis tradicionais, a simboloxía do propio título e a introdución de certos elementos do primeiro apartado, apuntan cara á liña social propia de Manuel María. Nos dous primeiros poemas, a alusión á existencia doutra Galicia e da icónica estrofa: “Galicia somos nós:/ a xente e maila fala/ ¡Se buscas a Galicia/ en ti tes que atopala” (Manuel María 1968: 8), remite cara á identificación entre a xente, o idioma e o propio país e a pertinencia de manter viva unha idea alternativa de patria. Igualmente, na composición dedicada á muiñeira, o poeta adiántase ao futuro profetizando: “iti has se-la danza/dun pobo baril” (Manuel María 1968: 9). Ademais, o país que o autor reivindica está espallado a través de dous elementos: a presenza continua do sonho (o que se precisa, o que se imaxina, o que se espera) en moitas composicións e as pequenas inxustizas que introduce (sen dúbida, na tentativa de escorar a censura, que lle saíu ben) sobre todo a través da abordaxe de diferentes oficios tradicionais. O labrego sen terra, que non lle quedará máis que traballar sen descanso; o gaitero cinguido pola pobreza, que parece arelar outro oficio; o pastor, que principia sendo neno e acaba sendo home, como lle ocorre ao seu mastín, pero que se ve obrigado a traballar son lenes mais significativos exemplos de prototipos de galegos que apuntan cara a esa visión máis cívica. Aínda así, hai contención na mirada do poeta, sabedor de que non é libre de escribir o que desexa. Neste poemario, os seus sonhos seguen engaiolados.

3. VERSOS LIBERADOS PARA UN PAÍS TRANSFORMADO: AS RÚAS DO VENTO CEIBE

Tras o éxito d'*Os soños na gaiola*, Manuel María sente que existe a necesidade dunha outra poesía para un tempo novo (a democracia), que atenda tamén as demandas deses nenos e nenas da cidade. Pero ademais, quere “contar o que é Galicia, o que foi Galicia. E alcender en vós –que sodes o porvir– a chama dunha esperanza para que fagades a Galicia do futuro: unha patria ceibe e popular” (Manuel María 1979: s.p). El mesmo, nesta segunda carta que pode servir de prólogo, é consciente de que os versos aquí atopados poden ser acusados de posuír un didactismo excesivo. Mais iso tampouco o frea, porque inserido na corrente de poesía cívica que concibía os versos como armas cargadas de futuro, afirma: “Coido que a poesía que non nos ensine algo –o que sexa– non é poesía”. (Manuel María 1979: s.p). Coherente con esta liña, liberado dos ferrollos cos que tiña que lidar na etapa anterior, o libro dividírase en catro partes (“A patria”, “A cidade”, “A natureza e as cousas” e “Os héroes”). Se no poemario anterior falaba de “Galicia” agora fala de “A patria” (cos elementos conformadores da mesma, como o escudo ou a bandeira, mais con dúas chatas: ser país de emigrantes e ser colonia), se antes había unha sección para os homes, os nenos e as nenas, agora fálase de “Os héroes”. E as “cousas”, fusiónanse cos “animais” e os “paxaros” na sección “A natureza e as cousas”, a máis seguidista co poemario anterior, pero que por primeira vez incorpora trazos nidamente ecoloxistas. Estas serán as consecuencias do vento ceibe. Así, a sección máis innovadora será a da cidade, que aparece representada como un lugar hostil, no que as árbores son importadas e os rúidos son abouxiadores, cun aquel de tristura no que as persoas maiores son arrombadas en asilos. Este espírito crítico acada o seu máximo expoñente nos elementos que se poden atopar nas urbes e que representan o maquinismo, o falso avance dos tempos modernos e a xeneralización do castelán: o *televexo* –coa súa programación fóra da cultura e o seu uso continuado da lingua imposta– ou as novas escolas –cunha construción pésima, con alumnado concentrado e masificado e cunha castelanización masiva (o ano de publicación da obra, fai pensar en que o autor tiña en mente o chamado Decreto de bilingüismo, promulgado tamén en 1979, que establecía a introdución do galego no ensino, mais non como lingua vehicular, o que evidentemente foi visto como insuficiente polos sectores nacionalistas e progresistas). Dalgunha maneira, nesta obra –igual ca en moita produción de Manuel María– obsérvase unha dicotomía entre a Galicia idealizada e procurada (rural, chea de símbolos e de memoria, cunha natureza preservada) e a existente (cun avance imparable do mundo urbano, co castelán impoñéndose en certos ámbitos de peso simbólico, cun esquecemento manifesto dos lugares de orixe e sen conciencia). A pesar disto, *As rúas do vento ceibe* (1979) é un poemario enchido

de esperanza e de forza porque as transformacións políticas que experimentará o país no futuro inda non se concretaron. Por iso, entre as chamadas á mobilización de certo aire caballinán: “Galegos: cómpre erguerse/pois hai que edificar/ unha Galicia nova,/fermosa e popular”, están tamén os versos máis indignados polas herdanzas que a terra recibiu do franquismo: “Cavila, neno, e resposta/ a esta pregunta, sen máis/ –É Galicia nación ceibe/ ou é colonia cecáis?” (Manuel María 1979: 20).

4. AS PEZAS DRAMÁTICAS (INFANTÍS?): ENTRE A TRADICIÓN POPULAR E A REIVINDICACIÓN

Á vez que se erixe a súa obra poética, Manuel María constrúe un intenso percorrido pola expresión dramática. Como xa se sinalou con anterioridade, a crítica ten sinalado como infantís, dentro da prolixa escrita teatral do autor, especialmente dous textos: *Barriga Verde* (1968) e *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* (1979). As motivacións para incluír estas obras dentro da produción infantoxuvenil de Manuel María veñen dadas por varios elementos, entre os que destacan os protagonistas de ambas: por unha banda Barriga Verde, no que constitúe unha homenaxe a Xosé Silvent, titiriteiro que percorría Galicia cos seus monicreques e as súas propias representacións, e pola outra, Berenguela, un elemento natural mínimo, como é unha espiña de toxo, símbolo do monte autóctono. Porén, que o protagonista sexa unha persoa achegada á infancia ou a personificación dunha parte cativa da natureza non debesen ser definitorios para a inclusión destes textos no repertorio infantil.

A carencia de textos teatrais para a infancia e a mocidade neste tempo e a representación en cineclubes e asociacións culturais son outros dos elementos que propiciaron esta interpretación das pezas como parte do campo literario infantoxuvenil, coma tamén a súa adscrición ás farsas cómicas dentro do teatro do autor. Ambas as dúas obras foron as máis representadas (tal e como sinala Esteban Radio, 1996: 13) dentro do teatro de Manuel María, o que achega unha pista máis sobre por que se consideraron infantís, dado que o público novo puido así “aceptalas” como producións propias dados os baleiros existentes neste eido. De feito, é significativo que *Barriga Verde* teña como tema principal o casamento entre o Galego e a Moza (tema escasamente infantil) que o Serrador (antagonista) quere deter e no que debe mediar o protagonista da obra. A cerna do texto é a oposición entre o amor libre e o amor obrigado, ou o que é o mesmo, a simbolización da liberdade fronte á violencia ou a forza. A temática, como se pode comprobar, é de cerna popular, o que se manifesta tamén nos personaxes que protagonizan o texto (aos que habería que engadir tamén o demo). En canto a *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, a cuestión principal é a inxustiza social

que vive a protagonista ao ser denunciada por un ataque por parte dunha folla de carballo. O conflito dá lugar a unha serie de absurdos que poñen de manifesto situacións de desprotección e abusos de poder cometidos polos supostos representantes da lei, que culminan nunha metáfora na que o mundo rural é, outra volta, símbolo da liberdade e da pureza. Como se pode comprobar, esta última parte entronca moi ben co sentido ecolóxico e reivindicativo de *As rúas do vento ceibe*, texto poético publicado no mesmo ano.

As dúas pezas teatrais teñen en común a súa herdanza claramente popular, tanto na versificación dalgúñas estrofas coma en certos xogos de palabras, o que cómpre vencellar cos trazos xerais da escrita teatral de Manuel María, caracterizada pola súa vontade de ser entendida sen complicacións polo público e polo seu compromiso sociopolítico.

5. A “MITOLOXÍA (SOCIAL) DO COTIÁ”: A FUNDACIÓN DUNHA SAGA NARRATIVA PARA A ADOLESCENCIA E A REINVENCIÓN DUN PAÍS

Entre a produción poética e dramática para a infancia e a narrativa do autor da Terra Chá media un significativo salto temporal. Curiosamente, só volve escribir para o lectorado en formación cando o sistema máis o precisa: no momento en que faltan textos (especialmente novelas) xuvenís, xa que a primeira xeración incorporada ao galego no ensino precisaba ferramentas para seguirse a formar no galego literario. Así, non é ata 1991 cando Manuel María publica *A tribo ten catro ríos*, a primeira das obras da triloxía de Manuel de Paderna, conformada tamén por *Cando o mar foi polo río* (1992) e *Viaxes e vagancias de M.P.* (1994). As tres narracións comparten protagonistas (o poeta feiticeiro que lles dá nome, encarnación do ben da terra, mais tamén don Celidón, alcalde e personificación do mal), temática (esa mitoloxía do cotiá que se entretece coa crítica ao poder) e pódese dicir que espazo (Outeiro de Rei simboliza, en certos momentos, Galicia enteira). A sociedade que se presenta é a tipicamente rural e parece inmersa na atemporalidade (a ausencia de feitos históricos concretos e a presenza de persoeiros galegos de diferentes épocas, así o motiva). O propio autor ten explicado que na primeira tentou levar a cabo unha mitoloxía do cotiá, na segunda historiar a súa bisbarra e no derradeiro volume realizar unha pequena homenaxe ás oito cidades galegas. Non obstante, estas tres obras que se poderían entender como literatura de fronteira –e hogano situariamos na literatura adulta se non fose polos seus paratextos– están moi guiadas pola intención xeral de crear unha mitoloxía propia. Esta sustentárase na presenza de personaxes populares que polas súas características se convirten en extraordinarios, mais tamén se alicerzará na citación constante da microtoponimia –que indica un afán por historiar o propio, o

pequeno, o que a outros parecería insignificante–, e no emprego dunha linguaxe que, por momentos, se achega á lingua oral cando conta unha historia. Asemade, a insistencia de que a historia é verídica e a presenza de diferentes testemuñas/cronistas que sustentan os feitos afonda tamén no eriximento deses mitos propios que presenta aquí o autor.

A narración, cun pé na fantasía e outro na realidade, na que se teñen sinalado influencias do Ramón Lamote de Paco Martín (Roig 2015)⁶ –que aparece mesmo como un dos personaxes da primeira obra– segue apuntando a unha escrita na que converxen a maxia verídica de influencia cunqueirá (Manuel de Paderna escribe versos con xiz nos espellos), a lenda popular (como o da lagoa de Cospeito), a lenda de creación propia (suxestivas son as partes de *Viaxes e aventuras de M.P.* nas que Manuel María mestura as orixes lendarias vencelladas ás cidades galegas con feitos fantásticos creados por el mesmo) e unha profunda e aceda crítica social que reside, especialmente, nos ataques a quen sustenta o poder. De feito, a tendencia mítica foi moi habitual na literatura galega dende finais dos anos setenta (en concreto, na literatura infantil resaltan obras como *Arnoia*, *Arnoia* de Méndez Ferrín e *O segredo da pedra figueira* de María Xosé Queizán, ambas as dúas de 1985, que se situaban tamén nesta liña temática), en parte porque faltaban referentes culturais consolidados previos. González Millán (1991) referiuse a estas obras como creadoras dunha “realidade imaxinada” que consistía na invención dun pasado e dun futuro que xeraba un presente elaborado sobre referencias textuais, quizais para fabular a Galicia que podería ter sido. Porén, a triloxía de Manuel María, aínda situándose nese miticismo propio da época, aposta tamén por incluír numerosos elementos propios do realismo social (esa rebelión do pobo cando o cacique pretende abusar seguindo a Manuel de Paderna) que queren amosar que as palabras –como o fan as verbas do protagonista en certas ocasións– poden cambiar o mundo. O futuro que se arela construír é, sen dúbida, o dunha Galicia que loite polo que lle é propio, que se rebele ante as agresións alleas, que conserve os seus signos de identidade. Neste senso, a mensaxe está moito máis clara que noutras obras da mesma liña temática e non hai lugar para a interpretación en clave simbólica, porque esta xa se lle dá ao lectorado: cómpre loitar ante a inxustiza.

iPobre don Capitón! A culpa non era toda súa, senón dos caciques que o apoiaban e sostiñan e dos cegos que lle daban os seus votos para mantelo á

6 *Das cousas de Ramón Lamote* (1985) de Paco Martín converteuse en escaso tempo nunha obra mítica. Non só polo éxito do seu protagonista, debuxante de sonhos por encargo e profesor de chairego, e pola súa fantasía do cotiá, senón porque o texto se canonizou rapidamente ao obter o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil (o primeiro para unha obra galega) e ser incluído na Lista de Honra de IBBY en 1986.

fronte do concello. Un cego guiando a outros cegos. ¡En boas mans andaba o pandeiro! [...]

O máis curioso –e tamén o máis penoso– era a mansedume da xente do común, aceptando esas agresións ao seu patrimonio cultural e tradicional, sen chistar nin rebulir aínda que algúns rosaran polo baixo. (Manuel María 1994: 98-99).

Don Capitón⁷, cuxos antecedentes na literatura galega habería que procuralos en don Celidonio⁸, pois a explotación aos seus traballadores, o gusto polas enchentes, os comportamentos corruptos, o apego ao poder como símbolo do absurdo son elementos que ambos personaxes comparten. Ademais, como síntomas do cacique moderno, don Capitón posúe a necesidade do asfalto fronte aos elementos naturais, as obras públicas absurdas como obxectivo principal e a destrución da memoria colectiva como legado máis senlleiro. Como na literatura si que hai xustiza poética, as tentativas de exercer abusos de poder son paradas por un Manuel de Paderna que se erixe en benfeitor da comunidade grazas á súa capacidade de deter a barbarie coa palabra. De feito, o alguacil barbeiro poeta (tres dos oficios habituais levados a cabo polo protagonista) é definido polo autor coma o “Merlín noso” (Manuel María 1991: 55). Na súa aventura final, *Viaxes e vagancias de M.P.*, observamos a un velliño sabio e bo que marcha coa Santa Compañía na procura do Outeiro de Rei celeste. Porén, os dous bocexos dramáticos que se colocan ao final da obra “Brevísima farsa do Antroido de Outeiro de Rei da Terra Cha” e o “Auto do Regato do Cepelo”, atribuídos mediante a trapela dos manuscritos atopados á ficcionalizada poeta Gabriela Maira Roibás, inciden no final merecido do cacique, pois en ambos tanto a paisanaxe como a paisaxe a quen agrediu se levantan contra el, gañando a partida. A xustiza cívica non queda á imaxinación lectora, senón que se cumpre nun final perfectamente pechado. Por isto, esta saga non é simplemente unha mitificación do cotiá, senón que se erixe toda unha mitoloxía social cotiá na que o tirano recibe a súa repulsa por parte das persoas, pero tamén por parte da terra e da natureza que antes desprezou.

Existe aínda máis contribucións de Manuel María á literatura xuvenil, o volume *Unha sombra vai polo camiño/Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos* (1991), onde volve mesturar elementos míticos do pasado galego para actualizalos. Outro caso un tanto diferente constitúeo *As ribeiras son escuras*

7 “Don Capitón, capitán/ deste Concello de Outeiro/ ilambecuncas, comellán/ folgazán e trapalleiro!” (Manuel María 1991: 71).

8 A LIX, especialmente a dos anos sesenta, setenta e oitenta encheuse destes personaxes, como por exemplo o alcalde da vila onde vive *A galiña azul* (1968) de Carlos Casares, tan interesado na homoxeneización, ou o tirano que dá título a *O rei da nada e outros contos* (1986) de Sabela Álvarez Núñez, que pretende obrigar aos seus súbditos a cumprir os seus desexos ata que queda sen xente na que mandar.

(1997), que xa non foi especificamente pensada para público xuvenil. Este libro está composto por tres relatos breves (“O xornaleiro”, “As augas van caudales” e mais “Os alugados”), escritos nos anos sesenta e rematado por volta do 67, que cómpre entender coma un cadro que reflicte a Galicia rural:

Rematei esta tempada un libro de narracións. Non sei onde publicalo nin cando. É un libro feito con lembranzas da infancia e con observacións do mundo que teño ao meu redor. Ábrese coa novela corta “O xornaleiro” que os galaxios non quixeron publicar. O relato está inspirado nun personaxe real, que aínda vive en Outeiro de Rei e que foi criado de carneiros e logo xornaleiro na casa de meus abós. Falo neste relato da Galicia antes da guerra, que eu lembro moi vagamente. E procuro facer a menos literatura posible (Neira 2010: 263).

De feito, inda que os dous últimos relatos do volume son publicados en *Grial*, Galaxia rexeita “O xornaleiro” por consideralo demasiado social, cousa que indigna ao poeta. Enténdese así a distancia entre a data de escrita da obra e a data de publicación e ponse en solfa tamén o feito de que este fose, efectivamente, un volume especificamente dirixido ao público xuvenil, senón máis ben un libro con fortuna dispersa, cuxos relatos semella que tiveron certa pegada no tempo en que se publicaron por primeira vez, segundo manifesta Manuel María ao seu amigo Neira Vilas por carta: “«As augas van caudales» tiveron bastante éxito entre os rapaces. Todo o éxito que pode ter unha cousa escrita en galego. Pero é verdadeiramente consolador para un saber que os rapaces están da nosa parte” (Neira 2010: 243).

Como última contribución á literatura infantil, en 2003, xa postumamente, publícase *O bigote de Mimi*, un pequeno conto protagonizado polo rapaz Fiz e polo singular gato que dá título á obra, presumido, amante da paisaxe e cun bigote de diferentes cores. Porén, un día o seu dono recoméndalle cortalo, o animal acepta e tras verse sen el todo serán desgrazas, xa que perderá o seu instinto cazador. A única solución que se lle ocorre a Fiz é visitar a Manuel de Paderna, que cos seus coñecementos de barbería e o poder da palabra, conseguirá reintegrar o bigote do gato no seu lugar. Alén de constituír un singular divertimento, esta narración entronca coa saga narrativa para lectorado en formación do autor, introducindo o seu personaxe estrela, pero ademais volvendo a unha das temáticas principais de toda a súa obra, desta volta dulcificada: a idea de que o lugar dos poderosos (simbolizados no gato) e os máis débiles pode ser facilmente intercambiable.

6. CONCLUSIÓN: UN SOÑADOR SEN CANCELAS DA LITERATURA INFANTIL

Por todo o explicado nestas páxinas, Manuel María debe ser reivindicado como un pioneiro da literatura infantil e xuvenil galega. Certo é que Neira Vilas colocara as primeiras trabes, animando –grazas á súa experiencia en Arxentina, mais sobre todo en Cuba– aos homes de Galaxia a que a editora publicase textos infantís. Estes resultaban fundamentais para que as nenas e nenos galegos puidesen ter, chegado o momento, libros que os fixesen soñar na propia lingua e cun país diferente. Non obstante, o sorprendente dentro da figura de Manuel María é que, como amosa a correspondencia inédita que se manexou, o seu interese pola LIX foi auténtico e, se se quere, individual e espontáneo. Neste sentido, a súa teima en cultivar un campo literario naquel entón minusvalorado resulta extremadamente singular, pero aínda é máis sorprendente a súa formulación estratéxica, achegando textos literarios nos momentos en que o sistema máis semellaba precisalos (na Galicia predemocrática, poemas e pezas teatrais asumidos pola infancia, e na postautonómica, narracións para a mocidade cando estas escaseaban). Igualmente, a súa teima en querer publicar a pesar das primeiras negativas convérteo, por forza, nun dos referentes históricos da literatura infantil en Galicia. Así debe ser reivindicado, sobre todo na súa vertente poética, pois os seus versos, como ocorre con todas esas obras que se achegan ao concepto de “clásicas”, aínda hoxe se continúan a recitar nas escolas.

Do mesmo xeito, resulta moi significativo observar como a súa produción infantil non se desvía en absoluto das intencións dos seus textos para lectorado adulto. As temáticas, entre as que resaltan a procura da xustiza social, o axitamento dunha conciencia nacionalista e o recurso ao mundo rural na procura dunha colectividade idealizada, grazas a ferramentas como a sátira retranqueira de inspiración popular e unha escrita directa e sen artificios, que alude sen ambaxes aos seus receptores, fan que a obra de Manuel María se poida analizar como un inxente macrotexto en que, ademais, os xéneros literarios interaccionan entre si. A escrita para o público infantil e para a mocidade achegaba ao noso autor a posibilidade de transmitir os seus ideais ás novas xeracións, uns ideais que nunca abandonaría e que constitúen a cerna do sentido da súa escrita. A conciencia, en definitiva, de que unha, que un, non pode ficar alleo cando vive nunha sociedade na que se seguen a cometer inxustizas.

FONTES

- Fonte 1. Carta de Xosé Neira Vilas a Manuel María, datada na Habana, o 15 de novembro de 1967. Fundación Manuel María.
- Fonte 2. Carta de Anisia Miranda a Manuel María, datada na Habana, o 17 de novembro de 1967. Fundación Manuel María.
- Fonte 3. Carta de Francisco Fernández del Riego a Manuel María, datada en Vigo o 16 de novembro de 1967. Fundación Manuel María.
- Fonte 4. Carta de Francisco Fernández del Riego a Manuel María, datada en Vigo o 4 de maio de 1968. Fundación Manuel María.
- Fonte 5. Expediente de censura 4147/72 da obra *Os soños na gaiola*. Arquivo Xeral da Administración.
- Fonte 6. Carta de Neira Vilas a Manuel María, datada na Habana, o 4 de abril de 1968. Fundación Manuel María.
- Fonte 7. Carta de Carlos Casares á Agrupación O Facho, datada en Xinzo de Limia a 12 de xuño de 1968. *Fondo documental da Agrupación Cultural O Facho*, Arquivo da Real Academia Galega.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Caño, Xosé Manuel del (1990): *Conversas con Manuel María*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Domínguez Pérez, Mónica (2008): *Las traducciones de literatura infantil y juvenil en el interior de la comunidad interliteraria específica española (1940-1980)*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento dirixida por Fernando Cabo Aseguinolaza e Blanca Ana Roig Rechou.
- Esteban Radío, Santiago (1996): "Introdución. O teatro de Manuel María", en Manuel María, *Barriga verde*. Ourense: Galiza Editora, 13-33.
- González Millán, Xoán (1991): "A institucionalización do discurso literario galego (1975-1990)", *Tropelías* 2, 49-69.
- Manuel María (1968): *Os soños na gaiola*. Lugo: Cartonaxes Anni.
- (1996 [1968]): *Barriga Verde*. Ourense: Galiza Editora.
- (1979): *As rúas do vento ceibe*. [A Coruña]: Xistral.
- (1979): "Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela", *Cuadernos da Escola Dramática Galega* 5, 1-12.
- (1991): *A tribo ten catro ríos*. Vigo: SM.
- (1991): *Unha sombra vai polo camiño/Como desapareceu a Atlántida e desapareceron os lagartos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (1992): *Cando o mar foi polo río*. Vigo: SM.

- (1994): *Viaxes e vagancias de M.P. Vigo*: SM.
- (1997): *As ribeiras son escuras*. A Coruña: Everest Galicia.
- (2003): *O bigote de Mimí*. A Coruña: Everest Galicia.
- Neira Vilas, Xosé (2010): *Cartas de vellos amigos*. Vigo: Galaxia.
- (2013): *Cartas e lembranzas: Epistolario con Francisco Fernández del Riego (1959-2007)*. Vigo: Galaxia.
- Pena Presas, Montse (2010): “A muller contra a marea. Xohana Torres pioneira da literatura infantil e xuvenil galega”, *Grial* 188, 44-51.
- Roig Rechou Blanca Ana (dir.) (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

UNHA CANCIÓN MARABILLOSA, GALEGA E PANTÉISTA

Xurxo Souto

Resumo: Alén de na poesía, a figura de Manuel María ocupa un papel axial na creación da música galega contemporánea. A súa pegada reconécese en varias facetas. En primeiro lugar polo seu apoio decidido aos primeiros artistas que nos anos sesenta comezaron a cantar en galego e, a partir deste momento, a todos os cantores e cantoras que continuaron a utilizar esta lingua. Ademais, a súa obra poética é unha fonte fecunda á que acudiron, e seguen a acudir, moitos músicos para crear novas composicións. De tal xeito que nestes momentos un cento dos seus poemas xa forman parte, feitos canción, do acervo da música popular galega. Finalmente indícase como, a través da música, a poesía de Manuel María dialoga con outras latitudes, nomeadamente, coa cultura catalá e vasca.

Abstract: In addition to poetry, Manuel María has a fundamental place in Galician Contemporary music creation. His mark can be found in several sides. First of all, the strong support he offered to the first artists who started to sing in Galician in the 1970s, and, from that moment, to all the men and women who kept on singing in this language. Furthermore, his poetical work is a prolific source to which many musicians usually turned to, and still do, to create new compositions. Thus, nowadays a hundred of his poems become part, turned into songs, of the Galician popular music heritage. In the end, it is pointed out how, through music, Manuel María's poetry has a dialogue with other latitudes, specially with Catalanian and Basque culture.

Palabras chave: Manuel María, música, poesía, Nova canción galega.

Key words: Manuel María, music, poetry, New Galician Song.

Saúde, poesía e música!

Cumprido o ritual comprobaremos
como a boa noite amiga xa terá,
en honra nosa, estrelas acendidas
e o mundo será unha canción
marabillosa, galega e panteísta.

De Versos do Lume e do Vagalume.

O outro lado da música, a poesía, así titulou a filóloga e violinista, Luísa Villalta (1999), o seu competente e fermosísimo ensaio sobre a íntima –esencial– relación entre ambas as dúas artes.

Afirmación que se vira plena en Manuel María. Unha obra literaria en constante diálogo coa música. Por iso tomei como encabezamento do relatorio estas palabras do seu poema “Nosa Señora da Saleta de Astureses” (2001b: 35-36): “unha canción marabillosa, galega e panteísta”. Pois son ao tempo expresión concreta da súa poética, e tamén –feliz culminación de tal proposta– resumo e descrición do conxunto da súa obra.

A decisión desta Academia de lle dedicar o Día das Letras do ano 2016 impulsou, e está a impulsar, a aparición de varios traballos que engaden melodía á propia música dos seus versos. Mais cómpre lembrar que a súa obra xa era cántiga. E que o poeta foi pedra angular na creación da propia música galega contemporánea.

Fuxan os Ventos, Suso Vaamonde, María Manuela, O Carro, Xoán Rubia, A Quenlla, Milladoiro, Roi Casal, Na Virada, Xoán Eiriz, Uxía, Magín Blanco, Fran Amil e a Tribo Incomprensíbel. Un cento dos seus poemas teñen versión melódica. Moitas das pezas que conforman o repertorio da música popular galega levan a sinatura de Manuel María.

Permítanme que principie compartindo unha experiencia emocionante. Agosto de 2005, Festival de Pardiñas de Guitiriz, na Terra Chá, uns poucos meses despois do pasamento do poeta. Xa actuaran varios conxuntos, o reloxo superaba con amplitude a unha da madrugada, festexeiras e festexeiros reclamaban máis xolda e música a oito. Conforme o programa indicaba, chegara o momento de lle render unha homenaxe a Manuel María. Tanta euforia estival parecía un contexto pouco axeitado para a poesía. Mais a unha mínima indicación de quen lles fala, eses miles de persoas comezaron a cantar dun xeito coral e unánime “o cuco, cuco, cuqueiro...”. Deseguido resoou emocionante a “Cantiga das Encrobas”. E por fin a xente toda de Pardiñas uniu as mans para entoar os versos do poema o Carro: “Non canta na Chá ninguén, por eso meu carro canta”.

A maior parte dos que alí estaban aínda non naceran cando en 1977 o conxunto lugués Fuxan os Ventos gravou a primeira versión desta peza. Mais a poesía de Manuel María tamén é música e está entrañada dun xeito case inconsciente no máis fondo de todos nós. O prodixio da palabra de Manuel María que superou modas e tempos, que –pese á ocultación e á persecución expresa do franquismo, pese a certas preguizas e desleixos do presente– transcendeu como parte imprescindible da identidade deste país.

Na primeira posguerra, o rapaz de Outeiro de Rei decidiu reivindicar cos vimbios da emoción unha realidade que a ditadura constantemente negaba: Galiza.

No ano 1950 chegou *Muiñeiro de brétemas*, o primeiro libro en galego escrito por un autor novo despois da Guerra Civil, ben axiña *Morrendo a cada intre e Advento*. Nestes versos de rebelión existencial, Manuel María demostraba o domino das correntes poéticas europeas do seu tempo. Pero precisaba máis.

Tiña a necesidade de crear outra literatura, un gran cántico, música contra o silencio, onde Galiza fose centro e pedra angular. E en 1954, grazas aos seus versos, no que até entón era para a vida oficial “La Tierra Llana de Castro de Rey” agromou ao fin e para sempre a *Terra Chá*. Miren se é grande o poder da palabra.

A partir de aquí Manuel María principiou un proceso de coñecemento total do país, só comparable ás xeirás de iniciación de Ramón Otero Pedrayo, onde mesmo resoan as pegadas do propio San Martiño, naquel tempo primeiro no que o de Dumio “inventou” as parroquias. Viaxe constante, activismo cultural, compromiso nacionalista. Ruta incansable cara ao nome das fontes, dos montes... e, sobre todo, das persoas. Un camiño de iniciación poética que o conduciu, co paso lento da súa conversa, cara ao son máis íntimo das cousas:

E falo decote nesta música
na que canta Galiza dende sempre
“Testemuña”, *Mar Maior*. (2001a: 207).

A presenza da música é unha constante na súa creación. E mesmo aparece de forma expresa no título de moitas das súas obras: *Libro de cantigas*, 1955; *Versos para cantar en feiras e romaxes*, 1969; *Canciós do lusco ao fusco*, 1970; *Cantos rodados para alleados e colonizados*, 1976; *O libro das baladas*, 1978; *Cantigueiro do Orcellón*, 1984; *Cancioneiro de Monforte de Lemos*, 1991; *Cantigas e cantos de Pantón*, 1994.

Este grandioso proxecto de reivindicación global da identidade de Galiza esixiulle cultivar a maioría dos xéneros, metros e rexistros poéticos. Por iso, cando, nos anos 70 do pasado século, unha nova xeración de artistas decidiron (re)construír con urxencia a identidade sonora deste país, Manuel María foi fonte vizosa, “regato Cepelo” do que beberon a eito.

O poeta estivo na orixe de todo. “Cando os máis dos académicos e académicas aquí presentes chegamos á Cidade das letras galegas, Manuel María xa estaba aló, na porta, facendo se tal un cigarro, á nosa espera, e deunos unha aperta de recepción cordial”, palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín (2003: 32) na resposta ao discurso de entrada nesta Academia, lido en Vilalba o 15 de Febreiro de 2003.

A mesma aperta cordial con que o poeta recibiu, en 1968, os rapaces que tentaban construír a “Cidade da música”.

Lembren aquela famosa fotografía en branco e negro. Enmarcados dentro da pantalla dun televisor –tal como adoitaba facer entón o fotógrafo da Alameda de Santiago– velaí está o escritor con Xavier, Benedicto, Xerardo Moscoso e Vicente Araguas, os rapaces da “nova canción galega”.

Manuel María oficiou de presentador no concerto inaugural de Voces Ceibes, o 1 de Nadal dese ano sesenta e oito, no teatro Capitol de Compostela. Uns meses antes, os seus contactos coa cultura catalá permitiran que os integrantes do colectivo fosen gravando os seus primeiros vinilos en EDIGSA, compañía da Nova Cançó. A denominación do subselo é ben significativa: Xistral, nome que coincide co da librería que ían abrir en Monforte en 1970 Manuel María e mais a súa dona Saleta. Acudo a unha cita de Vicente Araguas, un dos fundadores e, agora, biógrafo principal, de Voces Ceibes (2001: 543).

Eses días de maio Manuel María, xunto con Manolo Conde (toledano mais galego falante, un exemplo), fora un dos introdutores en Galicia de Claudi Martí, xerente de EDIGSA, a casa discográfica inicial de Voces Ceibes. O selo no que gravamos levaba o nome de Xistral, denominación sen dúbida manuellariana, e o primeiro disco foi precisamente *Poemas ditos coa súa voz* de Manuel María.

A partir de entón –alén deste labor entusiasta de ánimo e impulso do traballo dos novos cantautores– os seus poemas comezaron a ser divulgados tamén en forma de canción. Cito só algunhas pezas sobranceiras.

Aínda no ronsel de Voces Ceibes, Suso Vaamonde incluíu a canción “O cuco”, sobre os versos homónimos de *Terra Chá* (2001a: 147), no disco *Nin rosmar un laído*, gravado ao vivo, o 28 de outubro de 1977, no teatro-cine Veiga de Moaña.

María Manuela, dende Ferrol, acudiu ao comezo doutros dos seus poemas, “Idioma meu”, para titular o seu primeiro Lp, 1978. Ademais desta peza, no disco aparece tamén “Manual de señorito”, ambas as dúas cancións musicadas polo seu compañeiro, Miguel Varela¹.

Moitas destas pezas quedaron inxeridas para sempre na memoria emocional deste país. Velaí, por exemplo, “O aradiño” ou “Labregos”². Cancións iniciáticas, con esa perfección da inocencia, que xurdiron da especial atención que mostrou pola súa poesía o grupo lugués Fuxan os Ventos. O seu primeiro nome foi Folk

1 A canción “Idioma meu” foi creada sobre o poema “Canto ao idioma galego” (2001a: 545), do libro *Cantos rodados para alleados e colonizados*, que comeza con este verso: “Idioma meu, homilde, nidio, popular”. “Manual do señorito” é a versión musical do poema “Breve manual para deprender para señorito” (2001a: 366), incluído no libro *Versos para cantar en feiras e romaxes*.

2 Ambas as dúas pezas, musicadas por Antón Campelo, proceden do libro *Os soños na gaiola*: “O aradiño”, o título orixinal do poema é “O arado” (2001a: 279), e “Labregos”, o título orixinal é “Labrego” (2001a: 283).

72. Fuxan os Ventos, as rapazas e rapaces do coro do Colexio Maior do Santísimo Sacramento que, baixo o abeiro do padre Mato, chegarían a se converter nun dos maiores referentes da música galega contemporánea.

No terreo do emocional, permítanme que me achegue ao instante preciso do nacemento dunha peza sinalada, probablemente a canción máis divulgada nacida dun poema de Manuel María: “O carro” (2001a: 131). A primeira cantiga que compuxo Baldomero Iglesias, “Mero”, daquela adolescente. Na casa dos pais, rúa do Progreso 30, 1º, compartía cuarto co seu irmán. Dicíanlle a “timba”, o lugar onde se xuntaban os amigos para escoitar música no tocadiscos portátil que xa entón posuía.

Un serán, só, sentado na liteira, descubriu o poema e, conforme o ía lendo, coa guitarra entre as mans, dun xeito absolutamente natural, foi xurdindo a melodía. Como non dispuña entón dunha gravadora, apuntou os acordes sobre o propio texto do libro, un exemplar da primeira edición de *Terra Chá*, agasallo do poeta ao seu pai. E alí seguen nesa páxina as anotacións, convertida hoxe nun auténtico documento³. Andando o tempo, o propio Manuel María fíxolle a máis fermosa das confesións (outro lado da música a poesía): “Xa non podó imaxinar estes versos se non é coa túa música”.

Despois desta primeira etapa con Fuxan os Ventos, Mini e Mero –xa co seu novo grupo, A Quenlla– seguiron buscando insistentemente melodías nos seus poemas. Tal procura culminou no ano 1986 con *Os tempos aínda non, non son chegados*. Un disco monográfico sobre a obra de Manuel María. En concreto –coa única excepción de “Canto de esperanza”⁴– sobre *Aldraxa contra a Xistra* de 1973 (2001a: 477-505). Libro singular, un único poema de case mil versos. Impresionante viaxe en ton de elexía pola historia de Galiza que culmina nun grande berro de rebeldía e esperanza.

Quizá o xénero discográfico máis prolífico no noso tempo sexa a música infantil. Afortunadamente cada ano aparecen un feixe de novos discos dedicados á xente miúda. Xénero que ten un fito fundacional absolutamente claro e definido: Dentro dese proxecto global de reivindicación da identidade do país, Manuel María é autor tamén do primeiro libro de poesía para nenas e nenos: *Os soños na gaiola*, 1972. Musicado despois por Suso Vaamonde. Velái a “Carta aos Nenos” do comezo (2001a: 265):

3 Manuel María consideraba a Baldomero Iglesias, “Mero”, como membro “de pleno dereito” da súa tribo chairrega. Aínda que naceu en Vilalba, con este retrouso humorístico sempre o situaba na terra de orixe dos seus maiores: “os de Duarría traballan de noite e dormen de día”.

4 “Canto a esperanza” é a adaptación musical do poema “Canción para agardar un novo día” do libro *Cancións do lusco ao fusco* (2001a: 431).

Queridos nenos:

Un servidor, que xa ten canas e un gran bigote que lle comeza a pesar, vai para vello. Nas súas horas de soedade lembra a súa lonxana infancia campesiña. Destas lembranzas foron nacendo os versos que seguen. Os versos que este humilde autor botou de menos cando el era neno. Versos que, por outra banda, non había na literatura galega e que tan precisos son. Eu quixera encher, en parte, ese oco. Perdoádeme si non acertei.

E moitas gracias a vós, nenos, a todos os nenos, cando escribín estes poemas volvíñ de novo á miña infancia. E coa lonxana música da miña infancia, que ía durmindo dentro de min e despertou de novo, compuxen estes versos. Que sexan do voso agrado.

Voso amigo sempre,

MANUEL MARÍA.

Suso Vaamonde soubo entender o libro dun xeito pleno. No ano 78 publicou un dobre Lp co mesmo título, vinte e cinco cantigas sobre os seus respectivos poemas. O traballo converteuse nun gran suceso. Mesmo foi premiado polo Ministerio de Cultura español como mellor disco infantil do ano, e distinguido tamén polo suplemento de cultura do xornal madrileño *El País*, Babelia, como unha das mellores gravacións neste eido.

Escritor total e multiforme. Poeta existencial, cósmico, lírico, social, amoroso, satírico, infantil... E se a algures non chegaron os seus versos, Manuel María sempre estivo disposto a atender as demandas que consideraba xustas e compoñer cantigas por encarga. Acudo, quizais, ao exemplo máis famoso:

Anos setenta. Loitas populares contra o proxecto de construción dunha central nuclear en Xove, a destrución da praia de Baldaio, ou as celulosas en Quiroga e no Anllóns. Así naceu a “Cantiga das Encrobas”, encargo de Fuxan os Ventos, a través dun dos seus compoñentes, Xosé Luís Rivas Cruz, “Mini”⁵.

Mini achegou a melodía, un cantar de sega, que aprendera da xente da Casa da Roxa, en Vilanuñe, Monterroso. E Manuel María armou os versos nun metro ben acaído. De todos xeitos houbo un pequeno cambio sobre o texto orixinal. Onde o chairego escribiu “forzas da garda civil”, Fuxan os Ventos cantou “cabaleiros de servir”. Troco en aparencia pequeno, mais testemuño ben significativo da relación de tensión entre os usos do poder e a sociedade que se estaba a vivir neses anos.

5 Xosé Luís Rivas Cruz, “Mini” fora destinado como mestre a Sober e comezou a parar, en Monforte, pola librería Xistral. O único lugar onde se podía atopar entón algún libro en galego –léase *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas ou *Os soños na gaiola*– apto para o ensino. Alí comezou a súa relación con Saleta e con Manuel María.

Finalmente neste rápido repaso cómpre significar o evidente: cos versos de Manuel María, Galiza dialoga –tamén na música– con outras culturas.

Cómpre citar o “Amari hitzak”, tradución ao éuscaro de “Verbas a miña nai” (2001a: 221) que cantou o grupo tolosarra Deabruak Teilatuetan.

A fecunda relación do escritor coa cultura vasca tivo como alicerce primeiro a súa amizade con Gabriel Aresti. Os contactos epistolares comezaron no 69 e ían culminar co encontro, ano 72, en Bilbao entre os dous grandes poetas.

Parte da súa obra foi levada a esta lingua. Xosé Estévez, profesor de historia na Universidade de Deusto, e Iñigo Aranbarrik oficiaron como editores de *Poemas Náufragos. Galegoz Heldutako Poemas* (Estévez/Aranbarrik 1991), unha escolma da poesía galega contemporánea traducida por Joseba Sarrionandia. Así, cal mensaxe nunha botella, os versos de Manuel María recalaron nas mans de Deabruak Teilatuetan, –“Os Demos no Tellado”– cuarteto amante do punk, do funk e mais do hardcore, da parte de Tolosa. E deste xeito as “Verbas a miña nai” chegaron a se converter en “Gure amari hitzak”, para que por eses eidos guipuscoanos soubesen tamén do amor infinito do rapaz da Casa de Hortas pola súa nai Pastora.

Dispoñemos dunha gravación ben temperá que significa a relación da súa obra coa cultura catalá. Acudo ao cantautor menorquino Enric Barbat, un dos compositores, xunto con Lluís Llach ou María del Mar Bonet de Els Setze Jutges –“Os Dezaseis Xuíces”– grupo fundacional da Nova Cançó. No seu segundo traballo, *Pels tellats*, ano 71, Barbat incluíu “Edicte”, unha versión do poema “Bando” (2001a: 170), traducido e musicado por el mesmo. A primeira referencia que temos dunha canción gravada sobre un texto de Manuel María é do ano 1969. En tal data a Coral Polifónica do Centro Recreativo e Cultural do Porriño editou o single *Canção galega*, que incluía “O asubío” (2001a: 80), do libro *Advento*, musicado por A. Paz Valverde. Mais correspóndelle a Enric Barbat a honra de ser o primeiro artista da canción popular que publicou un disco cunha letra do poeta. Neste eido, mesmo antes que en galego, discograficamente polo menos, o poeta da Terra Chá xa foi cantado en catalán.

Estamos rematando. O autor da Casa de Hortas mesmo aparece citado na obra do gran cantor portugués José Afonso. Aínda que case sexa unha anécdota préstame moito poder aclarar o asunto no marco deste simposio, pois hai quen pensa que o Manuel María da cántiga do Zeca: “A garrafa vazia de Manuel Maria”, non é o noso poeta.

Aínda que nese momento non se coñecían persoalmente, ambos os dous artistas mantiñan como elo unha amizade común, o xornalista Viale Moutinho. Manuel María era perito en viños –Roi Xordo que chegaría a ser da Irmandade de Viños Galegos– mais pouco afeccionado as bebidas espirituosas. Segundo os hábitos daqueles tempos, dentro do seu labor como procurador dos tribunais adoitaba

recibir de cando en vez como agasallo algunha botella de licor. Unha delas –concretamente de augardente de Sober– chegou a José Afonso vía Moutinho. Ao cantor parece que lle prestou, e sóbolle agradecer o presente con esta peza: “A garrafa vazia de Manuel María”, que apareceu publicada en 1973, como introdución de “Rio largo de profundis”, dentro do Lp *Venham mais cinco*.

O outro lado da música, a poesía. Final. Por todo o dito até o momento, enténdese por que Manuel María pertence a ese selecto, e moi reducido, grupo de grandes mestres da literatura galega: o dos poetas máis musicados. Condición que comparte, por dereito propio, con Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro e a propia Rosalía.

A poesía de Manuel María constitúe un “monumental edificio literario”⁶ que nos legou en propiedade para beneficio, orgullo e solaz de todos os pobos do mundo. Unha obra que, como quedou demostrado, porque é alta poesía tamén é melodía. Esa que impulsou, e segue a impulsar, a propia música galega contemporánea.

Non canta na Chá ninguén
por eso o meu carro canta.

Que se sigan acendendo as estrelas cada noite!
Que non acougue nunca esta canción marabillosa, galega e panteísta!

6 Cita do editor da súa *Obra poética completa*, Miguel Anxo Fernán-Vello (2001a: 7).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Araguas, Vicente (2001): “Manuel María: voz ceibe”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 543-544.
- Díaz Río, Raúl (2001): “O poeta da Terra Chá en Euskal Herría”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 593-601.
- Estévez, Xosé e Íñigo Aranbarrik (eds.) (1991): *Poemas náufragos. Galegoz hedutako poemak*. Bilbo: Susa.
- Manuel María (1954a): *Advento*. Buenos Aires: Ediciones Galicia do Centro Galego de Buenos Aires. (Reeditado en 2001a: 53-81).
- (1954b): *Terra Chá*. Lugo. Ediciones Celta. (Reeditado en 2001a: 85-154).
- (1958): *Documentos personaes*. Lugo. Ediciones Celta. (Reeditado en 2001a: 167-178).
- (1963): *Mar Maior*. Vigo: Galaxia. (Reeditado en 2001a: 207-254).
- (1969): *Versos para cantar en feiras e romaxes*. Montevideo: Edicións Patronato da Cultura Galega. (Reeditado en 2001a: 345-367).
- (1970): *Canciós do lusco ao fusco*. Monforte: Edicións Xistral. (Reeditado en 2001a: 431-448).
- (1972): *Os sonhos na gaiola*. Lugo: Ediciones Celta. (Reeditado en 2001a: 265-305).
- (1973): *Aldraxe contra a xistra*. Xenebra: Roi Xordo. (Reeditado en 2001a: 477-505).
- (1976): *Cantos rodados para aliados e colonizados*. Pontevedra: Edicións Xistral. (Reeditado en 2001a: 545-562).
- (1982): *Versos do lume e do vagalume*. Ourense: Galiza Editora. (Reeditado en 2001b: 29-58).
- (2001a): *Obra poética completa I (1950-1979)*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2001b): *Obra poética completa II (1991-2000)*. A Coruña: Espiral Maior.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (2003): “Resposta do excelentísimo señor Xosé Luís Méndez Ferrín”, en Manuel María, *A Terra Chá: Poesía e paisaxe*. A Coruña: Real Academia Galega, 29-39.
- Villalta, Luísa (1999): *O outro lado da música, a poesía. Relación entre ambas artes na historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra.

MANUEL MARÍA E EUSKAL HERRIA

Xosé Estévez
Universidade de Deusto

Resumo: Este estudo pretende analizar a estrita relación que mantivo Manuel María con Euskal Herria, cos seus escritores, cos Centros e Asociacións galegas, espalladas ao longo da terra vasca dun xeito desinteresado e en virtude do seu compromiso solidario social e nacional, especialmente sensible no problema da emigración.

Abstract: This study analyzes Manuel María's close relationship with the Basque Country, its writers and its Galician associations and centers, which were spread all around the Basque land and were established with an altruistic goal in mind as well as being socially and nationally committed. This commitment was especially sensitive in the context of emigration.

Palabras chave: Manuel María, Euskal Herria, emigración, Centros galegos, Asociacións galegas, Camiño, nostalxia, Gabriel Aresti, Francis Jammes, Jon Mirande, Josean Artxe, Koldo Izagirre, Xosé Andrés López, Andoni Vázquez Tierra.

Key words: Manuel María, Basque Country, emigration, Galician centers, Galician association, the Way, nostalgia, Gabriel Aresti, Francis Jammes, Jon Mirande, Josean Artxe, Koldo Izagirre, Xosé Andrés López, Andoni Vázquez Tierra.

I. LIMIAR

No tema que imos tratar é preciso salientar algunhas cuestións:

1^a. Para entender a empatía de Manuel María cara Euskal Herria hai que ter en conta en primeiro termo o seu pensamento político-social. Manuel María era un nacionalista galego convencido, confeso e mártir, un fervente amante de Galiza e ferreño defensor da súa cultura, sobre todo, do seu elemento máis definidor, a lingua galega. Por ese mesmo feito era solidario con outros pobos, que padecían problemas semellantes, sobre todo os situados na Península Ibérica, Euskal Herria e Catalunya. Sempre dicía que amar o propio non significa desprezar o alleo e que

para solidarizarse cos demais é necesario semellarse ás árbores: cantar ben fondas as raíces nunha terra e abrir as pólas aos ventos da solidariedade universal. Dende ben cedo procurou coñecer as dúas citadas culturas e literaturas, máis a catalá ca éuscara por razóns de comprensión lingüística. Fixo amizade temperá co catalán Salvador Espriu e co vasco Gabriel Aresti.

2ª. Mesmamente o contacto, as relacións e a admiración pola poesía de Gabriel Aresti é outro dos elementos a salientar nos vencellos de Manuel María con Euskal Herria. A xulgar pola correspondencia mantida entre os dous os contactos comezan en 1968; coñecéronse persoalmente en 1972 e as vinculacións intensificáronse deica a morte do poeta vasco en 1975.

3ª. Moitos escritores en Galiza denunciaron o drama da emigración, dende a mesma Rosalía de Castro pasando por Curros Enríquez até chegar a Manuel María. Mesmamente, moitos escritores tiveron que optar pola emigración ou o exilio para sobrevivir. Son os casos de citado Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, Castelao, Lorenzo Varela, Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, Díaz Castro, entre outros. Na emigración naceron importantes xeiras culturais e os símbolos máis relevantes da identidade galega: o Himno, a Bandeira e a Real Academia Galega. Pero a emigración supuxo e supón, pois aínda segue, un verdadeiro cancro para a sociedade galega, pois Galiza queda sen o máis salientable dun Pobo: sen poboación nova e sen capital humano. Buenos Aires arredor de 1950 tiña uns 300.000 galegos, máis que ningunha cidade galega. Este cancro foi denunciado tamén por Manuel María en moitos poemas. Por citar so algúns:

- “Carta aos emigrados”, *Mar Maior*, 1963.
- “A emigración”, *Versos para cantar en feiras e romaxes*, 1969.
- “Mensaxe aos emigrantes galegos” (Para Anisia e Xosé Neira Vilas, na Habana), *Remol*, 1970.
- “Laio dun emigrante” (Para Santos Blanco en Bos Aires), *Remol*, 1970.
- “Noticias”, *Remol*, 1970.
- “Oda aos emigrantes”, *Odes nun tempo de paz e alegría*, 1972.
- “Paxoliña da emigración”, tarxeta de Nadal da Irmandade Galega na Suíza, Xenebra, Nadal, 1972.
- “A emigración”, *As rúas do vento ceibe*, 1979.
- “Emigrantes”, *A luz resucitada*, 1984.

4ª. Manuel María non só escribiu poemas acerca do problema emigratorio, senón que tamén impartiu conferencias e participou en mesas redondas sobre o reflexo da emigración na poesía galega. Menciono algunhas:

- 19/I/1974: “A emigración na poesía galega”, Centro Galego de Barcelona (*Teleprés* 18/I/1974; *La Vanguardia* 19/I/1974; *El Progreso* 24/I/1974).

- VI/1974: “A emigración na poesía galega”, Casa de Galicia de Bilbao (*Boletín Casa de Galicia* 1973-74).
- 18/X/1974: “A emigración na poesía galega”, Agrupación cultural e deportiva Os Cigurros, A Rúa (*La Voz de Galicia* 18/X/1974; *La Región* 18/X/1974 e 22/X/1974).
- 13/I/1976: “A emigración na poesía galega”, organizada polo Club Cultural Valle-Inclán, de Lugo, no Círculo de las Artes, (*El Progreso* 8/I/1976, 10/I/1976 e 13/I/1976; *La Voz de Galicia* 10/I/1976 e 14/I/1976; *El Ideal Gallego* 14/I/1976).
- 23/I/1976: Mesa Redonda: “A emigración Galega”, Asociación de Amigos de las Naciones Unidas de Barcelona. Participaron tamén Xavier Costa Clavell, Xosé Lois García e Camilo Nogueira. (*La Voz de Galicia* 16/XI/1975 e 11/II/1976; *El Progreso* 1/I/1976; *El Ideal Gallego* 15/I/1976).
- 21/XII/1976: “A emigración galega e as súas solucións”, organizada pola Agrupación Cultural Ergueitos, de Sarria, na Biblioteca Pública Municipal. (*El Progreso* 9/XII/1976, 21/XII/1976 e 23/XII/1976; *El Ideal gallego* 21/XII/1976).
- 10/V/1981: “A emigración galega”, Centro Galego de Winterthur, Suíza, co motivo da celebración do Día das Letras Galegas. (*Faro de Vigo* 2/V/1981; *El Ideal Gallego* 8/V/1981; *La Voz de Galicia* 27/V/1981).
- 25/VIII/1986: “A emigración na poesía galega”, organizada pola AS-PG no Instituto Bacharelato Residencia Luis Vives de Pontedeume, dentro das X Xornadas do Ensino Galego (*Faro, de Ourense* 19/VIII/1986).
- 17/VII/1989: “O tema da emigración na poesía galega”; organizado pola Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia no Quiosco Alfonso, da Coruña, (programa de man).

Tamén convén dicir que levou varios premios por obras presentadas no Centro Galego de Buenos Aires. Polo menos tres das súas obras foron publicadas en Buenos Aires, grazas ás achegas económicas dos emigrantes.

5^a. Manuel María sempre tivo unha especial sensibilidade cara aos emigrantes, a cuxos Centros, Casas e Asociacións, espaxadas por Euskal Herria, acudiu de xeito desinteresado e filantrópico. Os Centros Galegos (Laudio, Bilbao, Barakaldo, Donostia, Sestao etc.) e as Asociacións culturais (Rosalía de Castro en Barakaldo e Daniel Castelao en Pasaia), espallados ao longo da xeografía vasca, foron un importante vehículo de conexión de Manuel María co País Vasco. Manuel María participou en actividades destes organismos en varias xeiras durante moitos anos.

6^a. Outro relevante núcleo de conexión foron os Congresos Galeusca de escritores, dos que Manuel María era moi seareiro, participando activamente neles e dándolles un aire de empatía e simpatía relacional. Comezaron en 1984 en Poblet e foron celebrándose alternativamente nas tres nacións deica o ano 2014. Manuel

María polo menos participou en catro dos celebrados en Euskal Herria: Bilbo, Iruñea-Pamplona, Vitoria-Gasteiz e Biarritz.

7ª. Aínda que non escribía en éuscaro, senón en francés, Manuel María era grande admirador da poesía de Francis Jammes, que naceu en Orthez e viviu en Hasparren, onde está soterrado. Eu mesmo acompañei a Manuel María en tres ocasións para poñer flores na súa campa, cerimonia a que o noso autor era moi afeccionado.

8ª. Por último, pola banda da súa dona e compañeira inseparable, Saleta Goi García, tiña ascendencia vasca. O apelido Goi, Goia, Goñi (arriba) é vasco. O bisavó de Saleta foi un mestre vasco destinado a Lugo, onde casou cunha fidalga, da familia Ulloa. Cando a súa dona dicía as cousas directamente e sen arrodeos, Manuel María afirmaba que lle saía a vea vasca.

II. A RELACIÓNS CON GABRIEL ARESTI

Manuel María tivo unha excelente relación con moitos persoeiros da cultura vasca, entre os que salientan:

- Koldo Izaguirre, escritor pasaitarra, galeuzcano e tradutor de Manuel María ao éuscaro, e doutros escritores galegos como Castelao, Uxío Novoneyra, Paco Martín ou Rafael Dieste.
- O cantante Mikel Laboa, que estivo en Monforte de Lemos, e co gallo dalgunha visita de Manuel María a Euskal Herria convidounos a xantar en Casa Cámara de Pasaia Donibane.
- O director de teatro oiartzuarra, Eugenio Arocena, que o visitou en Monforte e foi o impulsor da tradución ao éuscaro de dúas obras de teatro de Manuel María.
- Joxean Hartze, o poeta usurbildarra, que tamén viaxou a Galicia e estivo en Monforte.
- Juan Garmendia Larrañaga, etnógrafo tolosarra, finado 5 de xaneiro do 2015, que estivo en Monforte en 1986 na nosa compañía e visitou a famosa taberna do Carrazúa, onde se bebían uns competentes viños de Amandi, comeu alí carne ao caldeiro e tivo ocasión de visitar o tradicional sistema de defecación *in situ*, cuxos servizos distinguíanse por realizar as expulsións perentorias sólidas, en altura consistente e a pulso constante.
- O poeta Gabriel Celaya e a compañeira Amparichu Gastón, a quen atopamos en Donosti e parolaron un anaco, despois de moitos anos sen verse.

Emporiso, tivo unha singular vinculación con tres escritores do País Vasco: de amizade e afinidade con Gabriel Aresti, de admiración cara Francis Jammes e de abraio pola personalidade de Jon Mirande.

Gabriel Aresti Segurola naceu en Bilbao o 14 de outubro de 1933 e morreu na mesma cidade o 5 de xuño de 1975 por mor dunha doenza renal.

Medrou nun ambiente castelanfalante e empezou a estudar o éuscaro de maneira autodidacta aos 12 anos de tal xeito que aos 21 xa colaboraba nalgúns publicacións.

Encetou a súa andaina literaria cunha obra simbolista, *Maldan Behera* (Costa abaixo), que tivo pouco éxito. Nesta época coñeceu un gran poeta, Blas de Otero, co que compartiu afeccións literarias e sociais.

A súas obras máis importantes son as que compoñen a serie “Harria” (“Pedra”): *Harri eta Herri* (Pedra e pobo, 1964), *Euskal harria* (Pedra vasca, 1968) e *Harritzko herri hau* (Este pobo de pedra, 1970), vinculadas ao realismo social. A última obra que escribiu foi *Azken harria* (A derradeira pedra). Nelas obsérvase a creación dun imaxinario persoal e colectivo, ligado á historia e á antropoloxía vascas, con símbolos claves como a árbore, a casa ou a pedra, que comparte con artistas vascos como Jorge Oteiza. Un dos seus poemas máis coñecidos, precisamente, titúlase “Nire Aitaren Etxea” (“A casa do meu pai”).

Cultivou tódolos xéneros literarios: poesía, novela, conto e teatro. Viuse moi influído por Bertolt Brecht. Foi un excelente tradutor ao éuscaro de autores como García Lorca, T. S. Elliot, Bocaccio e os galegos Lamas Carvajal, Castelao e Valentín Paz-Andrade. Gustaba moito de Celso Emilio Ferreiro. Entre seus discípulos están os escritores vascos Joseba Sarrionaindia e Bernardo Achaga.

Como membro de Euskaltzaindia defendeu activamente a creación dun idioma común unificado, o euskera batua, e a fala fronte as tendencias puristas. Fundou a editorial Lur, que acolleu os novos escritores como Ramón Saizarbitoria, Arantxa Urretabizkaia ou Xabier Lete. Colaborou como letrista con cantautores como Mikel Laboa e o grupo Oskorri. Era un polemista moi mordaz, o que lle causou serios problemas e enfrontamentos, e publicou numerosos artigos en periódicos.

O primeiro que coñeceu Manuel María de Gabriel Aresti foi o seu libro máis espallado, *Harri eta Herri* (Pedra e Pobo), que llo doou un rapaz estudante de Económicas en Bilbao, Xesús Veiga Buxán, profesor senior da Universidade de Santiago e ex-parlamentario autonómico do BNG en varias lexislaturas. Este libro impresionou a Manuel María, que lle escribiu unha sentida felicitación na primavera de 1969, enviándolle dous libros: *Documentos personae* e *Canciós do lusco ó fusco*.

En agosto dese ano 1969, denantes de coñecelo persoalmente, Gabriel Aresti envioulle a Manuel María unha cantidade de diñeiro para pagar a multa de 75.000 pts. que lle impuxera o Goberno por mor dun recital pronunciado na Facultade de Económicas en Madrid o 13 de xaneiro. Eu fun testemuña do xiro recibido por correo.

A partir da primavera de 1969 iniciouse entre os dous unha continuada xeira epistolar até a morte de Aresti en xuño de 1975, a cuxo enterro Manuel María non puido asistir por atoparse doente no seu domicilio monfortino por mor dun grave pneumotórax.

Convén dicir que Gabriel Aresti era asiduo visitante do Centro Galego de Barakaldo non só para saborear unhas cuncas de ribeiro, que moito lle apracían, senón tamén para escribir sentado nunha mesa. Ademais formou parte como xurado do concurso de contos Breogán, que anualmente realizaba esta entidade. Nese Centro fora introducido polo escritor Gregorio San Juan (Melgar de Yuso, Palencia, 1928 - Bilbao, 17-maio-2006), un castelán casado cunha galega, namorado de Rosalía de Castro, que aprendeu galego e escribiu poemas no noso idioma.

Gabriel Aresti foi quen de defender aos galegos coa pluma e coa palabra de certos ataques case xenófobos, como manifesta nunha carta a Manuel María datada o 29 de maio de 1970, e os poemas que escribiu nese mesmo ano no programa de festas do 25 de xullo, Día da Patria Galega, do citado Centro Galego. Eran tres sonetos titulados “Galegos en Bizcaia”, mentres que os de Manuel María eran tres cantigas ao xeito medieval que levaban un título longo: “Versos en metro vello de cantiga, feitos pra cantar tristuras de oxe, cun envío ó remate pró gran poeta basco Gabriel Aresti, compostos por Manuel María da Terra Cha”. No ano 2007 publicouse un libro con estas cantigas e un limiar, en galego e éuscaro, a cargo de Xurxo Martínez Crespo e Raúl Río (Aresti/Manuel María 2007), con versión eusquérica de Omar Nabarro (seudónimo do escritor Edorta Ximénez).

Emporiso, os dous poetas non se coñecerían persoalmente até 1972, co gallo dunha viaxe de Manuel María a París para presentar en Nanterre a tradución ao francés de *Canciós do lusco ó fusco*. Nesa ocasión o matrimonio Saleta e Manuel María iría acompañado doutro poeta monfortino, Lois Diéguez. Á volta desa viaxe pararon en Hasparren para poñer unhas flores na campa de Francis Jammes. Seguiron viaxe a Bilbao e alí coñeceron de visu a Gabriel Aresti, simpatizando inmediatamente. Manuel María declamaría un recital e pronunciaría unha conferencia no Centro Galego de Barakaldo.

En decembro do mesmo ano 1972 volveu Manuel María a Bilbao, convidado por Gabriel Aresti, permanecendo varios días e pronunciando charlas e recitais poéticos en Centros Galegos, Casas de Galicia e centros parroquiais. A estada rematou cun recital conxunto Aresti-Manuel María no paraninfo da universidade de Deusto (nalgún escrito dise que foi no Colexio Maior Deusto), que resultou polémico por un enfrontamento verbal entre Aresti e un persoeiro do PNV. Nesa xira Manuel María coñeceu tamén o pintor Agustín Ibarrola (na casa de Manuel había un cadro regalado por este pintor), o escritor Ramiro Pinilla e o cantante de Oskorri, Nacho de Felipe.

En xuño de 1974 (non debeu ser en 1975) viaxou a Bilbao para pronunciar unha conferencia na Casa de Galicia, chamado por un directivo, Paco González, sobre o tema da emigración na poesía galega. Gabriel Aresti xa se atopaba doente, cunha enfermidade do corazón e debía gardar repouso. O 5 de xuño do ano seguinte, 1975, finaría sen ver a morte do Ditador. Manuel María non puido asistir ao enterro por mor dun pneumotórax, que o tivo prostrado na cama dous meses e medio por esas datas.

Manuel María escribiu uns seis artigos, algún deles moi longo, sobre a vida e obra de Gabriel Aresti, pero foi nun deles onde deixou unha agarimosa semblanza da personalidade do escritor vasco. Titúlase: “Lembranza de Gabriel Aresti” (Hor-tas 1986). Despois de poñer de releve a importancia da súa poesía e teatro dentro da literatura vasca, di:

Cofecemos persoalmente a Gabriel Aresti no ano 1972. Con anterioridade tiñamos intercambiado cartas e libros. Fomos amigos. Gabriel era un vasco rexo, discutidor, xeneroso e apaixonado. Andaba moito polo *Centro Galego de Barakaldo*, naqueles anos célula viva e fecunda de galeguismo e garimoso fogar de cultura galega. Foi un fervoroso e atento lector de Curros ao que admiraba moito, así como a Rosalía. [...]

Gabriel Aresti era un volcán. En todo poñía un enorme entusiasmo e unha paixón desmedida. Lembramos a súa persoa espresiva, cordialísima, dunha ilimitada xenerosidade. A súa casa era pequena e estaba ategada de libros metidos en caixas, debaixo dos leitos, nos armarios da roupa. O seu auto semellaba un montón de ferragachos: unha das portas dianteiras nen sequer pechaba. E Meli, a súa compañeira, sorrinte e comprensiva, preocupadísima polos fillos [...].

Gabriel Aresti, e deixouno escrito en moitos dos seus poemas como unha teima obsesiva, sempre decía a verdade. A súa verdade, fonda e dolorosamente vivida. Non había quen o fixera dobrar nen no máis mínimo. Fixo, toda a súa vida, o que coidaba que tiña que facer. Non houbo forza que o puidera desviar do seu camiño.

Gabriel Aresti tamén mantivo amizade con Xesús Alonso Montero, o actual presidente da Real Academia Galega, e co inmediato antecesor, Xosé Luís Méndez Ferrín. Alonso Montero di: “Lo conocí en Bilbao en la Semana Santa de 1966. Estaba con Juan San Martín en la Ac. de la L. Vasca. Me dijo haber traducido al vasco un poema –o dos– de Curros Enríquez, poeta al que era aficionado. No sé dónde se publicó esa versión...” (*Ilzulpenak*, p. 285).

Finalmente, é necesario dicir que Gabriel Aresti traduciu varias obras do galego ao éuscaro, concretamente estas:

- *Nós*, de Castelao: *Gu*.
- *Divino sainete*, de Curros Enríquez: *Jostirudi Jainkotarra* (poema zortzi kantutan).
- *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca (en catro idiomas); *Sei poema galego*. Madrid: Akal, 1974.
- *Catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal: *Nekazarien Dotrina*. Bilbao: Kriselu, 1969.
- *Pranto matricial*, de Valentín Paz-Andrade: *Uma-Oncitic Negarra*.
- *Homaxe a Che*, de varios autores (en catro idiomas).
- *Catorce fábulas de Tomás Meabe*, edición cuadrilíngüe.

III. A ADMIRACIÓN POR FRANCIS JAMMES

Francis Jammes naceu en Tournay, Tarbes, o 2 de decembro de 1868, e morreu en Hazparne (Hasparren), Laburdi, o 1 de novembro de 1938. Foi un poeta, novelista, dramaturgo e crítico francés, que escribiu sempre no idioma galo, non en éuscaro. Pasou a meirande parte da súa vida a cabalo da rexión do Béarn, principalmente en Orthez (Ortheze, en éuscaro), e de Iparralde, en Hazparne, onde está soterrado. Ambos os lugares foron as principais fontes de súa inspiración, que se caracterizaba polo lirismo, a relixiosidade e a exaltación da vida rural.

En 1898, publicou o seu primeiro libro de poemas: *Del Angelus de la mañana al Angelus de la tarde o del toque del alba al toque de oración*, libro que impresionou de tal xeito a Manuel María que o converteu nun seareiro fiel de Francis Jammes.

Manuel María coñeceu a obra deste autor grazas a outro grande poeta lugués, o médico Luís Pimentel, a quen se lle dedicou os Días das Letras Galegas en 1990. El mesmo narra como foi o primeiro encontro con este escritor nun artigo, inserido na sección “Andando a terra” (Hortas 1988):

Foi o inesquencibel Luís Pimentel quen, na nosa lonxana adolescencia, nos transmitiu o seu gusto e devoción polo poeta bearnés. Conservamos, entre as nosas pertencencias máis queridas, un exemplar do **Del toque de alba al toque de oración** –tradución de E. Díez Canedo. Espasa-Calpe. Madrid, 1920– con que nos agasallou o propio Luís Pimentel.

[...]

Por eso a nós este coñecemento e paixón por Francis Jammes venvos de mui lonxe. É un autor ao que voltamos sempre. Nunca nos defrauda.

Este servidor tamén conserva como ouro en pano un exemplar desta obra, regalado por Manuel María o 29 de xullo de 1994, versión de Díez Canedo, Editorial Comares, 1992.

Manuel María viaxou en numerosas ocasións, como veremos máis adiante, a Euskal Herria e sempre devecía por visitar a campa de Francis Jammes en Hasparne para pousar un monllo de flores en recoñecemento de homenaxe e consideración. A primeira vez que o fixo foi en 1972 na compañía da súa muller, Saleta, e do escritor monfortino Lois Diéguez, a volta dunha viaxe a París. Eu acompañeino noutras ocasións a realizar o mesmo rito, en 1982, 1989, 1990 e 1997 (XIV Congreso Galeusca de escritores en Biarritz). En 1989 estivemos unha semana en Navarra e dende alí desprazámonos a Orthez, para coñecer a casa onde residiu gran parte da súa vida, e, por suposto, a Hazparne para depositar as consabidas flores. Manuel María, cando visitaba calquera pobo, tiña dous costumes: depositar flores nas campas dos persoeiros da cultura e acender velas naturais nas igrexas parroquiais polos “defuntiños”.

O 26 de agosto de 1994 presentouse na Oficina de Turismo de Monforte de Lemos, acto organizado pola Federación de Libreiros de Galicia co gallo da III Feira do Libro da localidade, o seu libro *Poemas para dicirlle a dúas lagoas*, pero tamén no mesmo acto presentaríanse dous libros máis: *Catorce oracións*, de Francis Jammes, e *Poemas da lenta nudez*, de Miguel Anxo Fernán Vello, con intervención deste autor, Carlos Díaz e Manuel María (*El Progreso* 7 e 26/VIII/1994; *El Correo Gallego* 18, 24 e 29/VIII/1994; *La Voz de Galicia* 24/VIII/1994).

Nun artigo publicado en *El Correo Gallego* (17/IV/1994) baixo o título “Dous poemas á morte dun neno”, Manuel María volve a reivindicar a figura de Francis Jammes, citando un estarrecedor poema seu “Oración para que non morra un neno”.

IV. UNHA NOTA ARREDOR DE JON MIRANDE

Jon Mirande Ayphasorho naceu en París o 11 de outubro do 1925 e suicidouse cunha alta dose de barbitúricos na mesma cidade o 28 de decembro de 1972. Está considerado como un dos grande da literatura euskérica e un escritor heterodoxo e maldito. Fillo de pais zuberotarras emigrantes en París, cidade, que aborreceu toda a súa vida e na que traballou de tradutor do Ministerio de Finanzas, onde residiu sempre, aínda que viaxando con frecuencia a Bretaña, Irlanda, Inglaterra, Alemania etc.

Dominaba máis dunha ducia de linguas, pero predominou o éuscara, lingua que aprendeu aos 20 anos, aínda que viviu cos seus pais case toda a vida, eles que sabían pouco francés, so o éucara na variedade dialectal suletina, cando chegaron a París. Traduciu ao éuscara a moitos clásicos como Keats, Poe, Kafka, García Lorca e aos escritores bretóns Pennaod e Per Denez, pois sabía todas as linguas célticas e era académico da Academia bretoa.

O seu pensamento, influenciado por Nietzsche e Spengler, era anticristián, antidemócrata, antisemita, con posicionamentos filonazis, pagán de raíz celta, pois consideraba superior a etnia celta. Independentista vasco era contrario ao confesionalismo católico do PNV e ao nacionalismo vasco de carácter marxista. As súas posicións ideolóxicas chocaban coa meirande parte dos escritores vascos, aínda que o apreciaban pola súa extensa cultura e o seu talento literario.

Os seus poemas dispersos foron recollidos nunha antoloxía póstuma *Orhoituz* (1976) e *Poemak 1950-1966* (1984). Insírense na tradición do simbolismo francés, pero utilizando con frecuencia temas provocadores: a prostitución, o onanismo, a exaltación do paganismo e o canto á morte heroica, o que se afasta do simbolismo.

Só escribiu unha novela en 1959, *Haur besoetakoa* (*A afillada*), publicada en 1970 pola editorial Lur, cunha presentación de Gabriel Aresti, que tiña unhas ideas políticas antagónicas ás de Mirande. A novela é totalmente heterodoxa, pois narra a relación pedófila entre o protagonista e a súa afillada e sobriña, Teresa, de 11 anos, cun final trágico. Nela trátanse temas intocables como a pedofilia, o incesto e o suicidio.

Ao castelán traducíronse *A afillada* (Pamplona: Pamiela, 1991; tradución de Eduardo Gil Bera), *Claroscuros = Ilhun-argiak* (Leioa: UPV, 1992; edición de Felipe Juaristi), unha curta antoloxía bilingüe (euskera-castelán) e un libro colectivo *Antología de la Poesía Vasca* (Madrid: Visor, 1993).

Mesmamente a lectura desta antoloxía deu pé a que Manuel María escribise un artigo en *El Correo Gallego* (15/I/1994) sobre Mirande, titulado “Brevísima noticia de Jon Mirande”. Nel repasa a singular biografía do autor e súa valía e a opinión de Ibon Sarasola acerca de Jon Mirande, Manuel María afirma:

Ademais de Aresti, chamounos moito a atención a personalidade e a obra de Jon Mirande, antecedente inmediato da obra de Aresti e da actual unificación do idioma.

V. O CAMIÑO É UNHA NOSTALXA

O Camiño é unha nostalxa é un libro de versos publicado en 1985 por Arracada, da Coruña. O Limiar é de Pilar Vázquez Cuesta, catedrática de Literatura portuguesa na Universidade de Salamanca e amiga do autor. A obra está dedicada aos seus amigos: Xisela e o seu marido Felipe Senén, do Carballiño, e ao seu fillo, Xes Cibrao, afillado de Manuel María.

A min mandoume un exemplar que leva a seguinte dedicatoria:

Prós meus queridos e lembrados amigos Maribel e Xosé Estévez as palabras nos-táxicas de *O Camiño é unha Nostalxa* cunha grande e fraternal aperta. Manuel María. Monforte de Lemos, setembro, 85. Centenario de Rosalía.

Teño outro exemplar, dedicado a un amigo, veciño de Quiroga e compañeiro de quintas, Xaime, doado pola súa viúva, Zita, cuxa dedicatoria é:

Pra Xaime Vázquez do Remansiño de Paz, este libro de andar e ver que se chama *O Camiño é unha nostalxa* garimosamente. Manuel María. Monforte de Lemos. Xullo, 88. Centenario de Otero Pedraio.

A obra xa levaba dous anos na imprenta, tal como me dicía Manuel María na carta que me anexaba, con data do 27/IX/1985. Engadía: “Como falamos agradecería botarades una man pra venda. O seu precio é 700 pts. Un amigo común (era Felipe Senén) tén adiantado bastante diñeiro. ¿Poderíanse colocar en Euzkadi 25 exemplares? Penso en Pasaxes e Barakaldo. Quedaría moi recoñecido. Por eiquí fai un calor do demo”. Por suposto que se colocaron e dou fe.

Esta obra é un monllo de poemas dedicados aos diferentes lugares do mundo que recorrera o autor e incluso algúns imaxinados coma O Sahara, Oceanía ou Asia. Hai poemas referentes ao Bierzo, Portugal, Euskadi, Cataluña, Bretaña, Francia, Venezuela, Grecia e Madrid.

Mesmamente hai dous en relación a Euskadi: “Hasparren”, loxicamente vinculado a Francis Jammes, pois é onde viviu os seu últimos anos e nel está soterado, e outro titulado, “Euskadi”, con mención especial a Gabriel Aresti.

VI. AS ESTADÍAS EN EUSKAL HERRIA

Despois de moitas pescudas contabilicei 17 estadías en Euskal Herria.

- 25/V/1972: Presentación na Universidade de Nanterre, de *Heures galiciennes*, con tradución de Léo Marçó. Á volta desta viaxe, visita a Hazparne e Bilbao, onde coñeceu a Aresti.
- 10/XII/1972: Viaxe a Bilbao e Barakaldo. Estadía dunha semana.
- VI/1974: Viaxe a Bilbao. Conferencia na Casa de Galicia sobre a emigración na poesía galega.
- 5 a 7/VI/1977: Viaxe a Bilbao onde pronuncia unha conferencia e presenta o libro de Lois Diéguez *Galou*, Z 28, na Casa de Galicia.
- 23/V/1978: Recital poético nos EUTG, de Donostia, xunto ao poeta Joxean Hartze.
- 26 a 28/II/1982: Conferencias en Trintxerpe, Donosti, Barakaldo e Santurtzi, organizadas polo Fato Cultural Daniel Castelao (Hortas 1982).

- 31/V/ a 1/VI/1985: Trintxerpe e Donostia: presentación da edición vasca da *Berenguela* e *O Maio esmaiolado*.
- 13/XII/1985: Viaxe a Bilbao para pronunciar na Casa do Concello de Barakaldo unha conferencia sobre Gabriel Aresti.
- 19 a 26/III/1986: Viaxe a Rotterdam. Á volta parada en Hernani.
- 2 a 5/XII/1988: V Galeusca de Escritores, Bilbao e Durango. Manuel María foi moderador nunha mesa redonda de escritores galeuzcanos na Feira do Libro e Disco Vascos.
- III/1989: Semana Santa. Estadía en Hernani e Mirafuentes (Navarra). Visita a Leire, Pamplona, Eunate, Torres del Río, Roncesvalles, Zugarramurdi, Sangüesa, San Millán de la Cogolla e Berceo, Orthez, Hazparne etc.
- V/1989: Viaxe a Euskal Herria co gallo das Letras Galegas dedicadas a Celso Emilio Ferreiro. Pronunciou seis conferencias e un recital poético en Trintxerpe, Donosti, Eibar, Barakaldo e Llodio.
- 17 a 27/V/1990: Día das Letras Galegas dedicadas a Luís Pimentel: Conferencias, homenaxes a Manuel María, Ramón Cabanillas e Aresti, presentación de *Saturno* e pregón. V Día de Galicia en Euskadi celebrado en Llodio e outros actos en Trintxerpe, Llodio e Barakaldo.
- 31/X/ a 3/XI/1991: VIII Galeusca de escritores, Pamplona. Hotel Maissonave.
- 28/X/ a 1/XI/1994: XI Galeusca de escritores, Vitoria-Gasteiz. Hotel Ayala.
- 17 a 19/XI/1995: Viaxe a Euskal Herria para presentar o libro *O fume das cinsas*, de Andoni Vázquez Tierra, en Trintxerpe e Llodio.
- 23 a 26/X/1997: XIV Galeusca de escritores, Biarritz. Mosteiro de Belloc e Labastide.

VII. OS GALEUSCAS DE ESCRITORES

A Manuel María gustáballe participar nos Galeuscas de escritores para coñecer as outras culturas e literaturas periféricas do Estado español, falar cos escritores vascos e cataláns, saber as súas inquietudes e problemas, ollar outras realidades, visitar monumentos, gozar da paisaxe, facer amigos en conversas demoradas sobre *humana et divina re* e gozar duns días de lecer. Manuel María sempre tiña a ollada aberta e o meirande respecto cara ás outras culturas do mundo. Sempre repetía estas tres frases: a riqueza do mundo atópase na diversidade e non na uniformidade, amar o propio non significa desprezar o alleo e dende a ventá dunha pequena patria pódese admirar perfectamente a beleza do mundo.

Participou en moitos Galeuscas en Galiza, Euskal Herria e Catalunya. En moitos deles tamén o acompañei, agás en Cataluña. Concretamente en Euskal Herria estivo nos seguintes:

- Non estivo no II Galeusca, celebrado en Donostia no Palacio Miramar e no de Aiete, como se di nalgunha publicación. Si estivemos no III Galeusca, celebrado en Baiona de Galicia, no Parador, cunha visita a Monção, en Portugal. Vélez de Mendizabal, presidente da Euskal Idazleen Elkarte, e a súa dona; Uxío Novoneyra, Manuel María e mais eu gozamos dun inesquecible parladoiro nunha xornada nocturna.
- 2 a 5/XII/1988: V Galeusca de Escritores, en Bilbao e Durango. Apareceu unha extensa crónica das xornadas na revista vasca *Argia*.
- 31/X/ a 3/XI/1991: VIII Galeusca de escritores, en Iruñea (Pamplona) con aloxamento no Hotel Maissonave, onde xa pernoctaran os viaxeiros do Galeusca de 1933, entre eles Álvaro das Casas, aínda que se atopaba daquela no que hoxe é o coñecido bar Gaucho. O Presidente da EIE era Patri Urkizu. Xosé Lois, Bernardino, Manuel e este servidor pasamos unhas sobremesas e intres inesquecibles.
- 28/X/ a 1/XI/1994: XI Galeusca de escritores, Vitoria-Gasteiz. Hotel Ayala. Houbo unha sesión no mosteiro de Aranzazu. Visitamos Oñati, ocupado por actores vestidos de requetés e militares franquistas co gallo da rodaxe da película *Fiesta*. Foi estreada en 1995 e baseada na novela do mesmo título de José Luis de Vilallonga, onde narra as súas sangrentas andainas a comezos da guerra civil en Gipuzkoa como Alférez Provisional voluntario.
- 23 a 26/X/1997: XIV Galeusca de escritores, Biarritz. Sesión no mosteiro de Benlloc. Parolamos co frade e escritor euskaldun Xabier Iratxeder, pseudónimo de Jean Diharce (Donibane Lohitzun, 1920 - Mosteiro de Benlloc, 2008). Alí nos desprazamos o escritor Juan Mari Irigoien, a miña dona e mais eu. O día 26 os escritores galegos cearon na parte vella de Donostia e durmiron no Hotel Europa. Flores na campa de Francis Jammes en Hazparne a petición de Manuel María. Visita a Labastide (igrexia e cemiterio xudeu): guía o historiador Manex Goihenetxe (1942-2004). Presidente da EIE: o santurtziarra Andolín Eguzkitza (1953-Bilbao, 2004), finado de súpeto aos 51 anos.

VIII. CONFERENCIAS, RECITAIS, PRESENTACIÓNS DE LIBROS, PREGÓNS ETC.

Puidemos contabilizar polo menos trinta actuacións de diverso tipo.

- 10/XII/1972: Conferencia: “O rexurdimento de Galicia no século XIX”, Centro Galego de Barakaldo (*El Correo Español* 8/XII/1972).
- 10/XII/1972: Recital poético, Centro Galego de Barakaldo (*El Correo Español* 8/XII/1972).
- 11/XII/1972: Conferencia: “A poesía galega actual”, Colexio Maior Deusto, organizador: Grupo Akelarre de Bilbao; presentador Gabriel Aresti.

- 25/VII/1974: Artigo no programa de festas do Centro Galego de Barakaldo acerca do Día de Galicia.
- ?/XII/1974: Recital con Gabriel Aresti no Paraninfo da Universidade de Deusto.
- 5/V/1977: Conferencia: “As irmandades da Fala e o seu significado”, Casa de Galicia, de Bilbao, Letras Galegas 1977 (programa de man).
- 7/V/1977: Presentación do Libro *Galou*, Z 28 de Lois Diéguez, Casa de Galicia de Bilbao, Letras Galegas 1977 (programa de man).
- 23/V/1978: Recital Poético nos EUTG de Donostia, con participación de Joxean Hartze, cun poema inédito deste que insiro nun capítulo (*Egin* 23/V/1978).
- 26/II/1982: Conferencia: “O antroido como manifestación parateatral en Galiza”, Aula de Cultura da Caixa Municipal de San Sebastián, Trintxerpe, organizada polo Fato Cultural Daniel Castelao (*Egin* 24/II/1982; *Diario Vasco* 2/III/1982).
- 27/II/1982: Pola mañá, homenaxe a Castelao na rúa do seu nome en Trintxerpe (*Egin* 24/II/1982; *Diario Vasco* 2/III/1982).
- 27/II/1982: Pola tarde, conferencia: “O antroido en Galiza” e recital poético, Casa de Galicia, de Donosti (*Egin* 24/II/1982; *Diario Vasco* 2/III/1982).
- 28/II/1982: Pola mañá, conferencia: “O antroido en Galiza”; Centro Galego de Barakaldo (*Egin* 24/II/1982; *Diario Vasco* 2/III/1982).
- 28/II/1982: Pola tarde, conferencia: “O antroido en Galiza”; Casa de Galicia de Santurtzi (*Egin* 24/II/1982; *Diario Vasco* 2/III/1982).
- 31/V/1985: Presentación da edición vasca de *Berenguela* e *O Maio esmaiado*, Casa do Mar de Trintxerpe, organizada polo Fato Cultural Daniel Castelao. As dúas obras foron traducidas ao éuscaro por Koldo Izagirre, cun limiar de Xosé Estévez, e patrocinadas polo Antzerti, do Goberno Vasco, dirixido polo oíartzuarra, Eugenio Arocena (*Deia* 30/V/1985; *Egin* 31/V/1985; *Diario Vasco* 31/V/1985).
- 1/VI/1985: Recital poético e presentación da edición vasca de *Berenguela* e *O Maio esmaiado*, Casa de Galicia, de Donosti, organizada polo Fato Cultural Daniel Castelao (*Deia* 30/V/1985; *Egin* 31/V/1985; *Diario Vasco* 31/V/1985).
- 13/XII/1985: Conferencia: “Gabriel Aresti cantor dun povo”; Casa do Concello de Barakaldo, organizada pola Asociación cultural Rosalía de Castro, no centenario da morte de Rosalía de Castro e decenario de Gabriel Aresti. Interveu tamén Karmelo Landa, eurodeputado de HB e profesor da UPV (Argia, Bilbao, 12/I/1986).
- 14/XII/1985: Ofrenda floral a Gabriel Aresti na súa campa no cemiterio de Derio.

- 24/V/1989: Conferencia: “Celso Emilio Ferreiro”, Trintxerpe, Pasaia, organizada polo Fato Daniel Castelao, Letras Galegas 1989 (*O Xistral*, revista do Centro Galego de Barakaldo V/1989).
- 25/V/1989: Recital poético, Trintxerpe, Pasaia, Fato Daniel Castelao, Letras Galegas 89 (*O Xistral* V/1989).
- 25/V/1989: Conferencia: “Celso Emilio Ferreiro”, Casa de Galicia, de Donosti, Letras Galegas 89 (*O Xistral* V/1989).
- 26/V/1989: Conferencia: “Celso Emilio Ferreiro”, Centro Galego de Barakaldo, Letras Galegas 89 (*O Xistral* V/1989).
- 27/V/1989: Conferencia: “Celso Emilio Ferreiro”, Centro Galego de Llodio (programa de man).
- 18/V/1990: Conferencia: “As Letras galegas e Luís Pimentel”, Casa do Mar de Trintxerpe, Fato Cultural Daniel Castelao (*Deia* 25/V/1990).
- 19/V/1990: Homenaxe a Manuel María do Fato Cultural Daniel Castelao, Casa do Mar, Trintxerpe (*Deia* 20/V/1990).
- 19/V/1990: Presentación de *Saturno*, Centro Galego de Llodio, Letras galegas 90. Coloquio de Manuel María, Xosé Estévez e Raúl Río (*Deia* 20/V/1990).
- 20/V/1990: Conferencia: “Vida e obra de Luís Pimentel”, Centro Galego de Barakaldo, Semana Cultural das Letras Galegas (*O Xistral* 11, 4/VI/1990).
- 20/V/1990: Homenaxe a Gabriel Aresti, Centro Galego de Barakaldo, Semana Cultural das Letras Galegas (*O Xistral* 11, 4/VI/1990).
- 20/V/1990: Lectura dun poema dedicado a Ramón Cabanillas na casa de Barakaldo, que tiña unha placa co seu nome e onde vivira coa súa filla na posguerra. O poema está dedicado á Asociación Rosalía de Castro e ao Fato Cultural Daniel Castelao.
- 26/V/1990: Pregón do V Día de Galicia en Euskadi, Plaza de Llodio, organizado pola Irmandade de Centros Galegos de Euskadi. A presidencia do acto ostentárona o Lehendakari José Antonio Ardanza, o representante da Xunta, Xulio Argüelles, Kepa Aulestia (EE), Emilio Olaberria (PNV), Xosé Andrés López (BNG), alcalde de Llodio, Pablo Gorostiaga (HB), Xosé Estévez etc. (*Deia* 27/V/1990, 28/V/1990, *El Correo* 28/V/1990, *El Progreso* 28/V/1990).

Na semana enteira que estivo na nosa casa de Hernani escribiu un capítulo dun libro colectivo sobre Florencia e dous contos de *A tribo ten catro ríos*, como el mesmo inseriu na dedicatoria do libro: “Pra Maribel e Xosé Estévez algunhas historias do meu mestre e barbeiro de cámara, dúas delas escritas na súa casa de Hernani, coa lembranza dos viños do Coles e unha fonda, fraterna e agradecida aperta de Manuel María. S. Xohán, 1991”.

Pasaba a mañá folleando a *Enciclopedia General Ilustrada del País Vasco* na procura de tipos forzudos, larpeiros e xogos populares vascos. Abraiábano os

aizkolaris (cortadores de toros) e harrijasotzailles (levantadores de pesos), así como as loitas de carneiros e os idiprobak (arrastre de bois).

Durante esta estada Manuel María escribiu un curioso poema, aínda hoxe inédito, que xurdiu do seguinte feito. O meu fillo Asier pediulle que compuxera un poema para un amigo, Haritz, que estaba namorado e quería sorprender á súa rapaza, Maier, con algo non usual. E foi este poema, que Manuel María enxergou nun instante, co seguinte título:

CANTIGA DE AMOR Á XEITO VELLO PARA OFRECER UN PRESENTE

De Haritz a Maier neste maio florido:
o presente senlleiro deste lume alcendido
que vou ferido de amor

De Maier a Haritz neste maio louvado:
o asombro senlleiro do cravel froleado
que vou ferido de amor

De Haritz a Maier neste maio de luz:
a paixón reventando e os desexos en cruz
que vou ferido de amor

De Maier a Haritz neste maio maieiro:
a sorriso máis fonda e o ollar verdadeiro
e xa non teño outra fror
que vou ferido de amor.

- 17/XI/1995: Presentación do libro *O fume das cinsas* de Andoni Vázquez Tierra, con limiar de Manuel María, na Casa do Mar de Trintxerpe.
- 18/XI/1995: Presentación do libro *O fume das cinsas* de Andoni Vázquez Tierra, con limiar de Manuel María, Centro Galego de Llodio, magosto 1995, (*Espalladoiro*, revista do Centro Galego de Llodio 20/XII/1995).

IX. ENTREVISTAS

Nos xornais e revistas de Euskal Herria apareceron polo menos oito entrevistas co noso poeta, co gallo das súas viaxes e estadas no país. Entre elas debemos salientar as seguintes.

- 25/V/1978: Co gallo dun recital poético nos EUTG (23/V/1978), entrevista: “Manuel María: un poeta preocupado por el futuro de la Literatura Gallega”, *Egin* 25/V/1978.
- 27/II/1982: Co gallo dunhas conferencias sobre o Antroido Galego, en Euskal Herria, “Manuel María: El arraigo del carnaval gallego no lo consiguió erradicar ni el franquismo”, *Egin* 27/II/1982.

- 16/VII/1985: Co gallo dunha visita a finais de maio e comezos de xuño para as Letras Galegas e a presentación das obras de teatro *Berenguela* e *O Maio esmaiolado*, Xosé Estévez e Manuel María foron entrevistados por Koldo Izagirre, que transcribiu a entrevista case toda en galego, “Manuel María, poeta, hai moitos homes dispostos a dar a súa vida polo ideal político e non por unha paisaxe ou porque Purita non lle quere”, *Egin* 16/VII/1985.
- 12/I/1986: Co gallo do decenario da morte e dunha homenaxe a Gabriel Aresti, “Manuel María poeta galegoa Bilbon”, por Karmelo Landa, *Argia* 12/I/1986, 36-37.
- 19/V/1990: Co gallo das letras Galegas e unha longa estadía en EH, “Manuel María, un poeta procurador con demasiada facilidade para escribir”, por Josune Díez Etxezarreta, *Egin* 19/V/1990.
- 27/V/1990: Co gallo das Letras Galegas e unha longa estadía en EH, “Manuel María, conferenciante en Euskadi”, por Marisol Garmendia, *Deia* 27/V/1990.
- 18/XI/1995: Co gallo da vinda a Euskal Herria para presentar o libro *O fume das cinsas* de Andoni Vázquez Tierra, “Manuel María, poeta galiziarra”, por Garikoitz Berasaluze, *Egunkaria* 18/XI/1995.
- 19/XI/1995: Co gallo da vinda a Euskal Herria para presentar o libro *O fume das cinsas* de Andoni Vázquez Tierra, “Manuel María poeta”, por Joxean Agirre, *Egin* 19/XI/1995.

X. ARTIGOS E POEMAS SOLTOS DE MANUEL MARÍA SOBRE EUSKAL HERRIA

Temos constatados arredor de vinte e catro, dos que podemos citar os seguintes:

- 1970. “Versos en metro de cantiga... cun envío ó remate pra Gabriel Aresti”, en *Galegos en Bizkaia*, Programa de Festas do Centro Galego de Bizkaia, Barakaldo (con tres sonetos de Gabriel Aresti).
- 1973. “Lección de outas finanzas” e “Poema ó Pan”, Mural do Centro Galego de Bizkaia, Barakaldo, xaneiro de 1973.
- 1974: “25 de xullo”, Programa de festas do Centro Galego de Bizkaia, Barakaldo.
- 1974: “O labor da Casa de Galicia de Bilbao”, Programa das festas da Casa de Galicia de Bilbao.
- 1979: “Os vasco-navarros” (Hortas 1979).
- 1980: “Día da Pátria Galega”, Revista anual da Casa de Galicia, Santurtzi, xullo, 1980.
- 1985: “A Rosalía”, *Esmorga*, Asociación cultural Rosalía de Castro, Barakaldo, maio de 1985.
- 1986: “Lembranza de Gabriel Aresti” (Hortas 1986).
- 1987: “Viaxe ao Cantábrico” (Hortas 1987).

- 1988: “Gabriel Aresti: albre e pedra”, *Revista Internacional de los Estudios Vascos RIEV* 33.2, 261-288.
- 1988: “O País de Francis Jammes” (Hortas 1988).
- 1989: “Gabriel Aresti na cultura Basca”, *Xermolos* 24, 17-19.
- 1990: “Os reises de Navarra”, *El Correo Gallego* 15/IV/1990.
- 1990: “Canto ó idioma galego”, “Dimensión”, “Povo”, “Povos”, “Terra”, “Terra Cha”; *Esmorga* Asociación cultural Rosalía de Castro, Barakaldo, maio, 1990.
- 1990: “A cátedra de Cultura Galega en Euskadi”, *El Correo Gallego* 26/VI/1990.
- 1990: “Pregón do V Día de Galiza en Euskadi”, *O Xistral*, Centro Galego de Bizkaia, Barakaldo, xullo-setembro, 1990, 9-10.
- 1991: “A presenza do mar na poesía galega”, *Revista Internacional de los Estudios Vascos RIEV* 36.2, 313-338.
- 1993: “Homaxe a Teixeira de Pascoaes”, *Zurgai*, decembro/1993.
- 1994: “Brevísima noticia de Jon Mirande”, *El Correo Gallego* 15/I/1994.
- 1994: “Breve noticia de Francis Jammes” en Francis Jammes, *Catorce oracións. A Illa Verde* 9. A Coruña: Espiral Maior.
- 1995: “Curros Enríquez e Gabriel Aresti: dúas testemuñas”, *El Correo Gallego* 2/I/1995.
- 1995: “Limiar”, en Andoni Vázquez Tierra, *O fume das cinsas. Nimbos de Poesía* 3. Barakaldo: Asociación cultural Rosalía de Castro.
- 1995: “Galicia”, “Muiñeira”, “O arado”, “O foguete”; *Espalladoiro, Voceiro do Centro Galego de Llodio* setembro-decembro/1995.
- 1997: “Galeuska en Biarritz”, *El Correo Gallego* 18/XI/1997.

XI. PEZAS TEATRAIS TRADUCIDAS AO ÉUSCARO

Acreditamos dúas pezas teatrais:

- 1985: *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* = *Berengela izeneko Otarrantza baten ibilketak eta biribilketak*. Antzerti, nº 72. Donostia: Euzko Jaularitza, 7-35, 1985. Tradución ao éuscaro: Koldo Izagirre, limiar: Xosé Estévez.
- 1985: *Auto do Maio esmaiado* = *Maiatza zorabiaturren pastoral*. Antzerti, nº 72. Donostia: Euzko Jaularitza, 35-65, 1985. Tradución ao éuscaro: Koldo Izagirre, limiar: Xosé Estévez.

XII. OUTROS ESCRITOS VERSIONADOS AO ÉUSCARO

Poida que aparezan máis, pero temos acreditados sete:

- 1985: “Rosalía buruzko erreflexio laburrak”, *Esmorga*, revista da Asociación cultural Rosalía de Castro, Barakaldo, 33-34.

- 1989: *Saturno*. Colección Nimbos de Poesía. Barakaldo: Asociación cultural Rosalía de Castro. Edición bilingüe galego-euskara. Tradutor: Omar Nabarro (pseudónimo de Edorta Ximénez). Limiar: “Xustificación e homenaxe”, por Xosé Andrés López González. Ilustradores: Raúl Río e Milo Mosteiro. Foi presentado o 6 de agosto de 1989 no marco do X Festival de Pardiñas, organizado anualmente pola Asociación Xermolos, de Guitiriz.
- 1991: “Amari hitzak” = “Verbas a miña nai”, *Poemas Náufragos*. *Galegoz Heldutako Poemas* (Estévez/Aranbarrik 1991: 69-71).
- Deabruak tellatuetan, *Deabruak guarda!* Irún: Esan Ozenki records, 1998. Tradutor: Joseba Sarrionandia [folleto discográfico].
- “Galicia”, *O Xistral* 21, Centro Galego de Bizkaia, Barkaldo, maio, 1992. Edición bilingüe galego-euskara. Tradutor: Ánxel Deive.
- “O Foguete”, *O Xistral* 22, Centro Galego de Bizkaia, Barkaldo, maio, 1993. Edición bilingüe galego-euskara. Tradutor: Ánxel Deive.
- *Antoloxía Homenaxe. 32 poemas galegos coa súa tradución ao éuscaro*. Lasarte-Oria: Fato Cultural Daniel Castelao / Casa de Galicia en Gipuzkoa. Limiar: Xosé Estévez. Euskaratzailea. Koldo Izagirre; Antza, 2005.

XIII. UN ENTRAÑABLE POEMA DE JOXEAN ARTZE, “HARZABAL”

O 25 de maio de 1978, co gallo das Letras Galegas dedicadas ese ano a D. Antonio López Ferreiro, historiador e cóengo da Catedral de Santiago, Manuel María estivo en Trintxerpe e Donostia para pronunciar recitais. No salón de conferencias da Universidade de Deusto en Donostia, máis coñecido daquela polos EUTG, pronunciou un recital de poemas da súa autoría na compañía do poeta e txalapartari usurbildarra Joxean Artxe, “Harzabal”.

Este sorprendeunos cun poema en éuscaro, deica agora inédito, dedicado a unha galega descoñecida, titulado “Maruxa”. Pediume a súa tradución un ano despois, e obsequiome co correspondente agradecemento en letras autógrafas. Na versión galega pon: “Euskaratiko gailegora mila esker bere itzulpenagatik. Harzabal”. No orixinal en éuscaro di: “Pepe Estevez, Galiziar gogaideari lagunzaile abeginari, eskertuaz bihotz bihotzez. Harzabal”. Agora preséntoo nas dúas versións como un agasallo inesperado.

Maruxa
 Udako ilhunabarretan Finisterren
 edaten den eguzkia
 argia eta beroa
 eroa
 nola hegoa
 eta argiaren sakonean

halako itzal ilhun bat
dardarati
Galizia! Zauri irekia

Maruxa
Irrifar distiratsu
kresalez betea
zilarrezko Miño
menditarte beltzetan
odol ibiltaria
Galizia! Zauri irekia

Finisterreko udazten lanbroa
igotzen zaitu begietara
Maruxa
halako saudade batek jotzen zaituenean
eta ereinozko bihurtzen larrua
Galizia! Zauri irekia
odol ibiltaria
agortzen ex den iturria

Maruxa
putre imperialek uxatua
itsasotik derrigorrean lehorreratutako arraintxo
pausalekurik gabeko kaoia
atsedenik gabe
nora doa
Galizia!
Maruxa
bideetako loretxoa
amaigabeko bideetako bidaiaria
milla aldiz oinezkatutako loretxoa
Galizia!

Besthahinbatetan loratutako
eguzki lore, otalorea

Maruxa
argi eta beroa
Galizia!
Nahiz eta
gari eta ardoa guk bildu
putreen asetzekoa
hala ere
hain gaituzte maite
maite Maruxa
nola artzainak otsoa”

Maruxa
ollos cheos de mar,

sol que se deita no Finisterra
nas seráns do verao,
luz e calor
tolo

como o vento do Sur.

E no fondo da luz

unha escura brétema
escintilante
Galiza! Ferida aberta.

Maruxa

resplandecente sorriso

ateigado de salitre

Miño prateado

entre mouros montes

sangue viaxeiro

Galiza! Ferida

aberta

sobe ós teus ollos
a calixe do outono fisterral

Maruxa

cando che bate a saudade
e de loureiro se muda a túa pel.

Galiza! Ferida aberta

sangue viaxeiro

fonte nunca esgotada

Maruxa

espantada por voitres imperiais
peixiño expulsado do mar á terra

gaivota sen pouso

sen acougo

onde vai?

Galiza!

Maruxa!

Floreceña dos camiños

peregrina de infindos carreiros

floreceña moitas veces pisada

Galiza!

E outras tantas floreada

flor do sol, flor do toxo

Maruxa

luz e calor

Galiza!

recollemos viño e trigo,

fartura para os voitres,
mais quérennos tanto
querida Maruxa
como o pastor ao lobo”.

Maio-1978.

XIV. UN POEMA DE KOLDO IZAGIRRE A MANUEL MARÍA

O 15 de setembro de 1995 a AS-PG (Asociación Socio-Pedagóxica Galega), integrada por ensinantes que loitan por un ensino galego e en galego, organizou unha homenaxe a Manuel María para agradecerlle a súa continua presenza activa nas xornadas que celebraba durante o ano entre os ensinantes e os actos culturais de toda clase nos que participaba Manuel María nos Centros de Ensino.

A extraordinaria e multitudinaria homenaxe celebrouse no emblemático Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Participaron cun magno recital os poetas Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo, Marica Campo, Miguel Anxo Fernán Vello, Cesáreo Sánchez, Xabier Rodríguez Baixeras, Xabier Seoane, Pilar Pallarés, Luz Pozo Garza, Miguel Mato Fondo, Uxío Novoneyra, Ramiro Fonte, Bernardino Graña e Luísa Villalta. Isaac Díaz Pardo entregoulle unha carpeta gráfica (acuarelas, lenzos, gravados...) que Xaquín Marín, Miguel Anxo, Xaime Quesada, Siro López, Xabier Pousa, Felipe Senén, Manuel Facal, Felipe Criado e outros realizaron como contribución á homenaxe. Seguiu un concerto musical con intervencións de Suso Vaamonde, María Manuela e Mini e Mero. Houbo antes unha ofrenda floral a Curros Enríquez no seu monumento, obra de Asorey e inaugurado en 1934, nos Cantóns. A cea artística, multitudinaria, transcorreu no Hotel Riazor. Ceamos a miña dona e mais eu, por expreso desexo do Manuel María, na mesa principal, entre Bernardino Graña e Xabier Pousa. Con este mantiven unha conversa moi amena sobre as nosas actividades conxuntas clandestinas no ano 1969. Foi a última, pois finou o 8 de decembro de 2001.

Nesa cea leuse este poema inédito, escrito polo excelente poeta vasco, galeuzcano de pro, Koldo Izagirre, dedicado para esa ocasión a Manuel María.

VARIACIÓS SOBRE UN TEMA POPULAR VASCO PARA MANUEL MARÍA,
QUE MORRERA A CADA INTRE CANDO EU AÍNDA NON NACERA

Mokoa galdu du,
e o malvís segue a cantar.
Hegoa galdu du,
e o malvís segue a cantar.
Burua galdu du,

e o malvís segue a cantar
 Nola kanta? Nola txirula?.
 A resposta é seguir a cantar.
 Perdeu o bico
 eta xoxoa kantari.
 Perdeu as azas
 eta xoxoa kantari.
 Perdeu a testa
 eta xoxoa kantari.
 Como pode cantar? Como pode vivir?
 A resposta é seguir a cantar.
 Perdeu o bico
 e segue a cantar.
 Perdeu as azas
 e segue a cantar.
 Perdeu a testa
 e segue a cantar.
 Canta que perdeu o bico,
 canta que perdeu as azas,
 canta que perdeu a testa.
 A vida é seguir a cantar.
 O malvís perde os ollos
 e resuscita á lús.
 O malvís morre a cada intre
 e segue a vivir.
 O malvís é o seu propio cantar.

XV. XOSÉ ANDRÉS LÓPEZ: **ONDE O VENTO LEVA UN SOÑO DE CARPAZAS (1990)**

Manuel María non só impartiu conferencias, recitais e pregóns nos Centros galegos espallados ao longo da sorrinte e luxuriosa xeografía éuscara, senón que tamén amparou, favoreceu e acolleu baixo o xeneroso manto da súa solidaria calidade maxisterial aos escritores emigrantes galegos, que fóra da súa patria escribían en galego ou teimaban en dar a coñecer a cultura galega aos vascos. Tal é o meu caso, cando prologou o meu libro *Impenitencias galeuzcanas*, publicado en Edicións do Castro en 1992, grazas aos bos oficios do inesquecible e admirado Isaac Díaz Pardo.

Mais hai outros dous autores que coido tamén teñen unha impagable débeda con Manuel María, e son Xosé Andrés López, “O André” e Antonio Vázquez Tierra.

Referímonos agora ao primeiro. Xosé Andrés López era daquela un rapaz, natural da Terra Chá, concretamente de Santiago de Trasparga, pertencente ao concello de Guitiriz, que traballaba nunha empresa siderúrxica biscaíña, casado con Mari Carme Méndez, unha moza de Romeor, do Caurel, aldea que lembra a Dona Ilduara, señora do castelo de Carbedo, que tivo enfrontamentos, derivados en amores co Conde Lemos, segundo a tradición popular. Xosé Andrés polos anos 80 do século pasado estudaba xornalismo por libre, era moi entendido en literatura galega e el mesmo tamén cultivaba a poesía con notable habelencia. Máis tarde trasladaríase a Madrid e nos últimos tempos daríase a coñecer por un estudo no que recuperaba a figura do Apalpador ou Pandigueiro, un persoeiro semellante ao olentzero vasco, un rito da bisbarra do Caurel e de Trives, a piques de mergullarse no esquecemento e hoxe en nido proceso de recuperación.

En maio de 1990, durante a estadia quincenal de Manuel María na nosa casa de Hernani, non só pronunciou varias conferencias, recitais e o pregón do V Día de Galicia en Euskadi, celebrado o 27 de maio en Llodio, senón que tamén participou na presentación dun libro de poemas de Xosé Andrés López, *Onde o vento leva un soño de carpasas*, publicado pola Asociación cultural Rosalía de Castro de Barakaldo. O libro, con cuberta, montaxe e debuxo de Raúl Río, leva un axeitado limiar, de cinco páxinas, de Manuel María, escrito oito anos antes, no outono de 1982.

Coido que merece a pena inserir este incisivo e agarimoso prólogo que, xunto ao do libro de Antonio Vázquez Tierra, amosa moitas das chaves do pensamento de Manuel María acerca da existencia, do seu compromiso e da súa concepción da poesía.

Xosé Andrés López González é un chairego das terras de Trasparga, emigrante en Euskadi, traballador, estudante de periodismo –quen sabe con cantos sacrificios– e, sobor de todo, poeta. Un poeta galego, sinxelo e auténtico.

Tratei e coñecín –eiquí emprégase a palabra no seu fondo senso– ó poeta en Santurtzi na celebración dunhas xeirais culturais promovidas polos nosos emigrantes. Alí estaban presentes, entre outros, o escultor Raúl Río e a súa compañeira Gloria, tamén chairegos. A **Casa de Galicia** de Santurtzi ten o seu local social na rúa que oxe leva o nome do poeta Gabriel Aresti, de tan fondas e entrañables lembranzas para este que escribe. A nosa conversa foi unha evocación, apaixonada, da Terra Chá.

Tratamos, no noso coloquio, dos montes penedíos e pelados de Parga; das gándaras de Guitiriz; do santuario de San Alberte, a onde levan os nenos pra que rompan a falar; dos achádegos arqueolóxicos de Buriz; do río Ladra que lle leva ó Miño, no meu Outeiro de Rei natal, as súas ondas cantoras e alporizadas; da cova da Serpe e das súas lendas e encantamentos, xa en terras de Friol...

Xosé Andrés falou, e non cansaba, dos poetas chairegos dos que é un gran conocedor e recitou poema alleos. Logo dixo os seus propios versos, que, pra nós, foron unha sorpresa e unha revelación. Seguimos a parolar fronte a ría de Bilbao, porca e contaminada. A lentitude do acento chairego e a emoción poética encheu e salvou a tarde euskera que se alcendeu nunha doce música señardosa e namorada. Galicia, na nosa lembranza, foi, por unha vez siquer, unha patria poética e non o país desenvolvido, colonizado e suicida que vivimos día a día, ano a ano, vida a vida. Xosé Andrés López González ten as súas raigañas ben asentadas na Terra Chá –esto compre deixalo ben sentado– e a elas é fidel. Non podía ser doutro xeito. Esta fidelidade venlle dada pola súa autenticidade. O seu caso persoal é o de tantos poetas e escritores galegos, obrigados a seguir os camiños da emigración ou do exilio, onde escribiron a súa obra cunhos condicioantes desfavorables. O seu número, desgraciadamente, é moi elevado, tanto en cantidade como en calidade. Compre, é **urxente, que esta situación non se perpetúe.**

Onde o vento leva un soño de carpazas é un títido fermosísimo, un verdadeiro achádego poético que explica, moi claramente, o que é o libro, fundamentado e asentado en tres piares solidísimos e eternos: TERRA-HOME-PATRIA.

A TERRA, con maiúsculas, que canta o noso poeta é a súa minúscula bisbarra natal, unha das máis ásperas subbisbarras chairegas, povoada de carpazas, penedos que mostran o esqueleto núa e ceos agrisados. Estamos lonxe da Terra Chá da riveira do Miño, de grandes prados de seda e de veludo, divididos por sebes de salgueiros. A palabra poética fáise dura, íspese de retórica e a acada a transparencia do aire da seara e a breve música dos regatos montesíos. Foi Novoneyra, entre nós, que traballou e luíu a palabra poética deica deixala pura como no intre mesmo da creación. Xosé Andrés tamén traballa os seus poemas, céntralle todo o ornamento superfluo, deica deixalos afiados e cortantes como o gume dun coitelo ou oubeo do lobo. Sabidurías, as que quedan espostas, antigas e elementales que os homes de oxe van perdendo e os poetas das cidades descoñocen, máis atentos a outras músicas:

Camiños longos, inmensos
hastra as casas dos Vilares
e a sombra do Forrolongo
viaxando sempre diante.

Lonxana pena das águías
por onde non pasa naide.

Na primeira parte do volume hai unhos poemas breves e concisos que acadan cumes de outa poesía: neles é máis importante o que as palabras suxiren que o que dicen. A presenza da terra enche cada verso, cada palabra, cada sílaba, cada letra. Unha terra humilde, xeolóxica, sin humanizar aínda. Unha terra que existe e que, como un ser humano, ten nome e apelido: chámase Trasparga da Terra Chá.

Outros poemas cantan homes e povos. Eses homes son os poetas chairegos, labregos, emigrantes, amigos do propio poeta incluso. Son versos de amor e solidariedade. O único xeito de como se debe estar no mundo: sendo pros demais. E non sendo soio pra si como lles ocorre a moitos líricos. Compre decir deica a saciedade que en Galicia aínda está todo por facer. Por eso os galegos conscientes non podemos permitirnós certos luxos, nin mesmo escribindo poemas. A terceira parte de *Onde o vento leva un soño de carpazas* componse de tres poemas patrióticos, que son un soio. Esta é a única actitude honrada e auténtica que lle cabe a un galego que asuma de verdade a súa condición e que, ademais, sexa poeta. O resto son disculpas de mal pagador por non darlle outro nome. Todo o que é humano non pode ser alleo á poesía. Decir que hai temas poéticos e non poéticos é mentir, empobrecer a poesía e o home.

As tres composicións que forman esta parte do volume son moi curiosas, no que toca á súa feitura, á súa forma, nos dous primeiros poemas o poeta emprega o verso longo, que lembra a solemnidade do paso do Miño, o noso río pai, atravesando a gravidade da chaira ou o vento poderosos e bruador facendo encoller ás carpazas. No derradeiro poema que pecha o volume o verso adelgázase dun xeito asombroso deica facerse levisima folerpa ou dolorosa pinga de sangue. *Onde o vento leva un soño de carpazas* é un libro emocioado. Nos seus versos síntese un fondo tremor humano, símbolo de auténtica poesía, que enriquece a lírica chairega e galega.

So me resta decir que nada hai tan gustoso pra este vello copleiro como poñer estas palabras –montesías como o canto da laberca entre as carpazas– ó fronte dun novo libro e dunha nova voz poética que agroma –que xa agromou– na miña propia tribu. Unha voz virxe e namorada que estrena vida e ilusións.

XVI. ANDONI VÁZQUEZ TIERRA: O FUME DAS CINSAS (1995)

Outro libro que tamén prologou Manuel María, *O fume das cinsas*, foi obra de Antonio Vázquez Tierra, emigrante da bisbarra monfortina, concretamente de San Andrés de Distriz, a carón do río Cabe, e celador no hospital de Basurto. Volveu hai uns anos a Galiza, residiu en Melide e traballou no mesmo oficio no

Hospital Calde de Lugo. Retornou a Euskal Herria, onde se xubilou. Casado e cunha filla, Zuriñe, sentiu dende sempre a fonda chamada poética, que non viu cumprida en papel editado até a madurez. En 1999 publicaría outro libro, *Inventario esquecido da existencia*, que tivemos a honra de prologar.

O *fume das cinsas* foi publicado pola Asociación cultural Rosalía de Castro de Barakaldo, en 1995, con fotocomposición de Raúl Río e cuberta e montaxe de Milo Mosteiro. Manuel María desprazouse a Euskal Herria para participar en dúas presentacións, aproveitando as actividades do magosto en Trintxerpe e Llodio, do que fica constancia escrita, fónica e fotográfica.

Este é o limiar do libro a cargo de Manuel María.

UN PRIMEIRO libro de versos adoita ser, según a nosa experiencia, unha ollada sorprendida e amorosa sobre o mundo, tanto sobre o exterior como o interior. Coidamos que esta nosa impresión vale para o libro *O fume das cinsas* co que se estrea o poeta Antonio Vázquez Tierra, un home feito, na súa madurez, cunha fonda, rica e estremecida experiencia vital. Para chegar a tal profundidade compre pagar un precio ás veces doloroso. Pero o máis importante de todo é achegarse ás fonduras do desconocido e do misterio, coa sensibilidade e o coñecemento alertados. Isto é, ao noso parecer, no que consiste a vida auténtica. O resto non é vida: redúcese a un pasar polo mundo sen romperse nen luxarse. A autenticidade é o xeito como Antonio Vázquez Tierra se fixo poeta. Ninguén pode entregar o que non ten.

O propio Antonio Vázquez Tierra dícenos que é de Distriz, unha fermosa parroquia do Val de Lemos e que andivo en moitos camiños, entre eles os da emigración no que aínda permanece. Tamén explica se sinte so e orfo. Nos coidamos que ten unha compañía e un amparo: o da Poesía. *O fume das cinsas* así o testemuña. Unhas cinsas quentes e vivas que aínda nos queiman e nos queimarán sempre. Toda poesía, en definitiva, non é máis que cinsa, resultado do lume alcendido no poeta. Todo poeta verdadeiro ten ardendo unha gran fogueira dentro de si. As cinsas que quedan deste incendio son a poesía, esprezada coa limitación do linguaxe, contra o que o poeta loita sempre, en ocasións dun xeito doloroso e mesmo tráxico.

O *fume das cinsas* –título afortunadísimo– caracterízase, ao noso xeito de ver, pola súa claridade. Xa o dixo o gran poeta Vicente Aleixandre que a Poesía é comunicación. Estamos moi de acordo. Para nos, se o poeta non comunica a súa mensaxe, non ten sentido. Antonio Vázquez Tierra transmítenos dun xeito sinxelo e transparente –nada simple– a súa sobrecolledora palabra. O poema queda desnudo, en toda a súa beleza, feito moito de agradecer. E máis neste tempo de escuridades, barroquismos, culturalismos estereis, debaixo dos que

unicamente hai valeiro e frialdade, unha pobres e inúteis elucubracións mentais. En ocasións o poema adelgázase tanto que queda reducido a un único verso, con un poder de suxerencia tan poderoso que, a partir del, podemos descubrir un mundo ilimitado. Este procedemento ven de moi lonxe. Xa o atopamos na poesía china e xaponesa. A brevedade do poema, entre nos, foi cultivada, entre outros, por Noriega Varela, Uxío Novoneyra e recentemente por Martínez-Conde. Esta modalidade poética na obra de Antonio Vázquez Tierra acada unha forma e una finura moi especiais.

En *O fume das cinsas* compre sinalar o seu fondo sentimento panteísta. Contén poemas nos que o sentimento da paisaxe está patente dun xeito delicado e sutil. Os poemas protagonizados pola auga son unha marabilla. A auga é algo vivo, que se move, cheo de simbolismos, entre os que salienta a súa virtude purificadora. Os poemas adicados ás paisaxes galegas e ás vascas desprenden unha poderosa forma telúrica, a humanización dunhos lugares que mesmo se achegan a confundir –fundir con– co poeta.

Temos dito en máis dunha ocasión que somos enemigos de fragmentar os poemas pois este é un acto de agresión, de mutilación, de falsificación. Ao longo das composicións de *O fume das cinsas* podíamos sinalar como este volume pecha todo o sentir humano:

nacemento-morte,
amor-desamor,
alegría-tristeza,
ser-non ser,
luz-escuridade.

E, sobor todo, o misterio que nos rodea e que tan xenialmente definiu Rosalía: ese algo que vive e que non se ve. Pero intúese e, máis que nada, síntese. Este e non outro é o canto de Antonio Vázquez Tierra para o que semellan escritas as palabras de Walt Whitman: “Esto non é un libro, é un home”.

Moitas gracias a Antonio Vázquez Tierra polos seus versos. En primeiro lugar atoparemos neles o amor a dúas patrias: galega e vasca. E comprenderémolas mellor. Unicamente o amor e a beleza nos poden abrir os camiños totais da comprensión. Ademais axudarán a descubrírnos a nos mesmos. Obrigarannos a abrir os ollos cara adentro para ollar a propia escuridade. Ao mellor desa ollada pode agromar a luz. ¡Quen sabe!

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aresti, Gabriel e Manuel María (2007): *Galegos en Bizkaia. Galiziarrek Bizkaian*. [Santiago de Compostela]: Fundación para o Estudo e a Divulgación da Cuestión Social e Sindical en Galiza. Edición de Xurxo Martínez Crespo e Raúl Río Díaz
- Arquivo do autor, Oiartzun (Gipuzkoa).
- Cabana, Darío Xohán e Amelia Outeiro (2016): *Manuel María. Antoloxía poética*. Vigo: Galaxia.
- Díaz Núñez, Celia (1995): “Manuel María. O reencontro coas orixes”, en *Voces da Terra. Quiroga e os seus escritores*. Quiroga: Concello, 117-136.
- Caño, Xosé Manuel del (1989): *Conversas con Manuel María*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Estévez, Xosé (1986): “Limiar”, en Manuel María, *Ritual para unha tribo capital de concello*. Ourense: Follas Secas.
- (1995): “O concepto de Terra no Terra Chá”, en Xiz 1995: 61-69.
- (2001): “A fidelidade no espello”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 133-140.
- (2005a): “Manuel María: poeta nacional e estrela sempre nova”, *Estadea* 3, 10-19.
- (2005b): “Limiar”, en *Manuel María: Antoloxía homenaxe*. Lasarte-Oria: Casa de Galicia en Gipuzkoa / Fato Cultural Galego Daniel Castelao.
- (2009): “Manuel María: a amizade mellor que o ouro”, en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Manuel María: Literatura e nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade, 75-89.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2007a): *Cucou o cuco cuqueiro. Lingua e estilo na obra de Manuel María*. Lugo: Fundación Caixa Galicia.
- García, Xosé Lois (1994): *Lectura e itinerario posíbel polo Terra Chá de Manuel María*. Lugo: Deputación provincial.
- (1995): “Aportacións para un vocabulario da flora e da fauna no Terra Chá, de Manuel María”, en Xiz 1995: 95-140.
- (2001): “A arquitectura na poesía de Manuel María”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 225-249.
- Gualter Póvoas [Francisco J. Velozo] (1988): “A «filosofía galega» e a poesía de Manuel María”, *Boletim de Trabalhos Históricos* 39, 221-253.

- Hortas Vilanova, Manuel [Manuel María] (1979): “Os vasco-navarros”, *A Nosa Terra* 84, 17.
- (1982): “Breve viaxe a Euskadi”, *A Nosa Terra* 188, 22.
- (1986): “Lembranza de Gabriel Aresti”, *A Nosa Terra* 296, 19.
- (1987): “Viaxe ao Cantábrico”, *A Nosa Terra* 307, 19.
- (1988): “O país de Francis Jammes”, *A Nosa Terra* 351, 22.
- (1990): *Andando a Terra 1977-1987*. Vigo: A Nosa Terra. Edición de Pilar García Negro e Miguel Mato Fondo.
- López Foxo, Manuel (1985): “A luz resuscitada, de Manuel María”, *Mundaiz* 29, 69-76.
- (1989): “O Val de Quiroga en sonetos de Manuel María”, *El Progreso* 8/II/1989.
- (1998): “A contribución de Manuel María á renovación da palabra poética dos setenta”, *A Nosa Terra* 842, 26.
- (2001): “Aproximación á súa obra poética”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 373-387.
- (2010): *Sobre a poesía última de Manuel María (1976-1995)*. Bertamiráns: Edicións Laiovento.
- López González, Xosé Andrés (1990): *Onde o vento leva un soño de carpaxas*. Barakaldo: Asociación cultural Rosalía de Castro.
- (1989): “Limiar”, en Manuel María, *Saturno*. Barakaldo: Asociación cultural Rosalía de Castro.
- Losada, Basilio (1972): “Manuel María”, en *Poetas gallegos contemporáneos*. Barcelona: Seix Barral, 335-339.
- Manuel María (2001a): *Obra poética completa I (1950-1979)*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2001b): *Obra poética completa II (1991-2000)*. A Coruña: Espiral Maior.
- Mato Fondo, Miguel A. (2011): *Señardade da luz (a obra poética de Manuel María)*. A Coruña: Asociación cultural Alexandre Bóveda.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): “Manuel María”, en *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 279-281.
- Queixas Zas, Mercedes (2016): *Labrego con algo de poeta: biografía de Manuel María*. Vigo: Galaxia.
- Redacción (1989): “Manuel María e Xosé Tejelo únense en Sonetos ao Val de Quiroga”, *El Correo Gallego* 18/II/1989.
- (1990): “Manuel María Fernández Teixeiro”, *O Xistral* 11, 5.

- Río Díaz, Raúl (2001): “O poeta da Terra Cha en Euskal Herria”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 593-601.
- Rodríguez Porto, Ramón (1989): “O paisaxismo poético dos Sonetos ao Val de Quiroga”, *La Voz de Galicia* 9/IV/1989.
- Torres Gómez, Camilo (ed.) (1980): *Manuel María. Versos de trinta outonos. Escolma: 1950-1979*. Santiago de Compostela: Edicións Xistral.
- (2000): *Manuel María: poesía, traballo lingüístico e traballo cultural*. Tese de doutoramento. A Coruña: Universidade.
- (2001): *Manuel María: os traballo e os días*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- (2002): *Bibliografía de Manuel María*. Lugo: Fundación Manuel María.
- Trapero Pardo, Xosé (1989): “Tierras de Quiroga en sonetos de Manuel María”, *El Progreso* 8/II/1989.
- Vázquez Cuesta, Pilar (2001): “A miña amizade con Manuel María e tamén con Saleta”, en Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 159-172.
- Vázquez Tierra, Antonio (1995): *O fume das cinsas*. Barakaldo: Asociación cultural Rosalía de Castro.
- Vilavedra Fernández, Dolores (1999): *Historia da Literatura Galega*. Vigo: Galaxia.
- Xiz, Xulio (dir.) (1995): *Manuel María da Terra Chá*. Lugo: Citania de Publicacións.

UM POETA GALEGO NO FASCÍNIO DE PORTUGAL

Carlos Quiroga
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Retoma-se o exame do relacionamento do poeta galego Manuel Maria com Portugal, reorientado aos focos da Poética e da Política, confirmando a exemplaridade do seu caso no que tem a ver com o aproveitamento e influência dessa relação, em termos de publicação, presenças temáticas e pensamento de língua própria e até pensamento de país. A abordagem segue três etapas sucessivas, acompanhando o percurso vital e literário do Poeta: contato retórico/literário com Portugal, reconhecimento apropriativo, retorno auto-afirmativo continuado. Concluimos que Manuel Maria efectivou um contato que no galeguismo sobrevivente do golpe militar tinha ficado desativado, circulou literariamente e editou com naturalidade em Portugal, e daí decorreu um reconhecimento e assimilação de afinidades linguístico-culturais, uma identificação apropriativa e um retorno auto-afirmativo, com marcas temáticas e posicionamento político/poético, por exemplo, sobre a Norma para o galego. Uma trajetória que reitera a importância do reencontro com Portugal na tomada de consciência Galeguista, e se liga à tradição do filolusismo das Irmandades da Fala.

Abstract: We examine the relationship of the Galician poet Manuel Maria with Portugal, focusing on Poetry and Politics, and the exemplarity of his case drawing on this relationship at publishing, choosing themes for his literature, thinking about the own language and even at thinking about his country. The approach follows three successive stages, following the poet's life and literary path: rhetorical / literary contact with Portugal, appropriative recognition, continuous self-affirmative return. We conclude that Manuel Maria made a contact that in the surviving Galician nationalist movement after the military coup had been deactivated, circulated literarily and edited with naturalness in Portugal, and that was followed by a recognition and assimilation of the linguistic and cultural affinities, an appropriate identification and a self-affirming return, with literary theme and political / poetic opinions, for example, about the normative spelling for Galician language. A trajectory that reiterates the importance of the reunion of the Galician nationalism's consciousness with Portugal, and which is linked to the lusist tradition of the *Irmandades da Fala*.

Palabras chave: Manuel Maria, relação Galiza-Portugal, galeguismo, reintegrationismo.

Key words: Manuel Maria, Galiza-Portugal relationship, Galeguism (Galician nationalism), Reintegrationism.

O que tenho para dizer reitera nos seus dados substanciais aquilo que reuni num estudo anterior sobre a relação de Manuel Maria com Portugal, modulado agora para um perfil Poético/Político mais concreto. O anterior foi apresentado no 8º Congresso Internacional de Estudos Galegos da Bahia, Brasil, em setembro de 2006, sendo só publicado seis anos depois (Quiroga 2012). Com a designação do Poeta para as Letras Galegas deste ano, aquela análise veio a ter alguma visibilidade, dando-me inclusive a oportunidade de suprir nesta mesa até uma talvez mais profícua representação lusitana.

Indico isto para deixar por diante duas contextualizações, uma sobre as motivações e teor daquela recolha que servindo de base não indicava, outra sobre as hipotéticas novidades que agora possa trazer. No que tenha a ver com as causas, e mesmo natureza daquele trabalho, poderei ser consciente hoje de dois motivos interligados: que tinha sido feito para honrar, ainda no luto pelo recente falecido, um poeta que sentia da minha tribo, e que pretendia ilustrar um caso de como na configuração sociológica do Sistema Cultural Galeguista Moderno tem sido central o contato com Portugal na tomada de consciência identitária. O tribalismo não se liga tanto a um relacionamento pessoal, e não só porque o Manuel era da chaira e eu montanhês (e ambos sabíamos do provérbio “Com os de Escailrom nem trato nem conversação” que diziam os de Monforte), se bem cheguei a ter o privilégio, como tantos e tantas dos presentes, de algum trato humano e mesmo literário, nos bons tempos da revista *O Mono da Tinta* que eu juvenilmente dirigi e na que ele veteranamente colaborou. Ligava-se e liga-se a partilhas plumitivas e até de visão de língua e de país. Poética e Política, portanto.

Mas também coloco a indicação, e eis a segunda contextualização, para observar que o potencialmente novo no que tenho para dizer reitera os dados, sim, que já substancialmente reunira, para reorientá-los agora ao foco que nos convoca nesta mesa, e prova em essência o mesmo efeito conclusivo: o peso do signo Portugal, que hoje diríamos Lusofonia, na consciência da Galiza. À luz da Política, quanto mais examino (e admiro) a posição de Manuel Maria, mais se reafirmam as minhas convicções sobre o seu entendimento do mundo em volta, e até exemplaridade de caso, a que chegava em 2006, e que já agora me parece “de manual”. À luz da Poética, no que tem a ver muito já em concreto com o peso do mesmo signo lusitano, no sentir e criar de um jovem poeta galego, comprometido com um lúcido entendimento político do seu País, só posso hoje deduzir a serenidade de

um fascínio que apenas a obra e algum percurso de vida provam, na inconsolável certeza de que o Manuel unicamente assim me poderá já responder perguntas que eu hoje maduro poderia pertrechado formular. A Poética torna-se deste modo e muito mais nele Política, e a Política em Poética, porque até com tudo isto o único que se consegue é confirmar a tautológica relação de ambas vertentes neste grande ser humano e bom tecedor de palavras.

Ao querer chamar a atenção agora para um *jovem poeta galego no fascínio de Portugal*, e advertir que no caso de Manuel vejo um “caso de manual”, coloco positivamente um “de” e não um “por”, com duas justificações. Porque o encantamento será mútuo quando feito deste lado com a autenticidade de poeta e de galego, parte esta última que comporta uma poderosa carga política; e porque num fascínio “de” continuam-se fazendo escolhas de pensamento de país, no que tem a ver com língua, história e libertação nacional sem que a presença do fascínio “por” seja necessariamente provada com temas e formas em homenagem literal, por muito que elas existam no autor galego. Que o Manuel Maria pudesse ser acusado de *gostar de portuguesadas*, como imputa em palco a personagem Moncho à personagem Iago, membro este do Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceive, na peça *Rastros* de Vidal Bolaño, só tem o sentido que já tentei explicar num livro recente (Quiroga 2016), dedicado ao devir de encontros e desencontros de tantos séculos entre galegos e portugueses. Com efeito, poderia, mas o seu “caso de manual”, como o de tantos acusados de gostar de portuguesadas, inclinados a um fascínio intencionalmente desexplicado pelos Monchos, e encostados pelas academias como lusistas, reintegracionistas, excluídos involuntários do pensamento e da construção de país que na verdade e ironicamente é o único que explica a natureza do seu agir, segue três etapas clássicas que sintetizo assim:

1^a, contato retórico/literário com Portugal

2^a, reconhecimento apropriativo

3^a, retorno auto-afirmativo continuado

I

Quando interrogado sobre as suas viagens, e em concreto sobre a primeira escapada, Manuel Maria (em adiante MM) começa pela bicicleta e a Terra Chá, refere toda a Galiza aos vinte anos, a universidade de Oviedo aos trinta, Madrid ao casar, e de imediato cita neste liminar resumo Portugal, por altura de uma iniciática viagem com Saleta (Caño 1990: 105). Mas, se não estou em erro, a primeira visita teria sido algo antes deste breve e marcante percurso de vários dias que realiza em 1964 e sobre o que logo voltamos. Teria sido aquele aos trinta e tal anos de idade, num deslocamento pontual para dar uma conferência na Casa dos Jornalistas e

Homens de Letras do Porto, de que também dá detalhes mais na frente nas *Conversas* (Caño, 1990: 106-107). Uma experiência aquela, a primeira, ainda dentro da fase de contato retórico/literário, que deveu ser rápida e cansativa, não identificando conscientemente ainda tal espaço como próprio ou continuativo, apropriativo, salvo na retórica do galeguismo histórico, e apesar de que na distância se coloca mais uma cidade imediata do que um país longínquo (“Leváronme a Porto para dar unha conferencia”), e de que as falas e apresentações dos portugueses se confirmam tediosas mas nunca incompreensíveis (“Primeiramente falou o presidente daquela asociación, despois falou outro señor en nome dos homes de letras, seguidamente Hugo Rocha, o redactor-xefe de *O Comercio do Porto*, fixo unha presentación minha que durou corenta e cinco minutos”).

Daquela primeira e fugaz experiência tem MM a percepção, sim, a propósito da leitura dos seus textos, de que são traduzidos a português por ser lidos por uma poeta portuguesa (“María Alejandrina, unha poetisa portuguesa que morreu hai pouco, leu uns poemas meus traducidos ó portugués”), talvez na antiga inércia estrangeirante ou porque esses poemas eram dos que em Portugal o precederam e arrançados na grafia, ou simplesmente lidos à portuguesa. Em todo o caso, nenhuma necessidade de intermediários, nem nos dilatados prolegómenos dos Homens de Letras do Porto nem nos seus próprios depoimentos, que passam de modo natural com o único peso de uma duração que ele procura encurtar (“e, por fin, comencei eu a conferencia, que abreviei o máis posible”). Um comportamento que em ocasiões deve ser bem diferente noutros espaços que começa a frequentar o Poeta, quem nesta época está iniciando a sua, a partir daí, intensa exposição exterior – ocasiões como as que colocam diante não um público de emigrantes galegos, com quem a comunicação pode ser directa, em Euskadi, nos Centros Galegos de Catalunha, na França ou na Suíça. Sendo realmente o cenário estrangeiro, torna-se imprescindível uma mediação, muitas vezes de professores de espanhol, ou, como no caso da Bretanha, a tradução simultânea de outro poeta local, como Paol Keineg na Casa de Cultura de Rennes, traduzindo para bretão (Caño 1990: 107).

Em Portugal até os poemas em meio português publicados o precederam, como dizia, alguns anos antes, e até eram o motivo daquele primeiro convite. Tinham sido editados na revista *Céltica*, e pois nela não consta qualquer numeração nem data nos exemplares, fiamos na informação de Maria Virgínia Monteiro, a filha ainda viva do seu fundador no Porto, Manuel de Oliveira Guerra, tendo por certo que os quatro números da publicação vieram a lume nos anos 1960 e 1961. Este poeta e contista, que tinha iniciado uma densa e obstinada aproximação à Galiza (Quiroga 2006), infelizmente falecido nesse mesmo ano em que Saleta e Manuel descem depois a Lisboa, tinha chamado muito antes para o seu quebra-gelos de

papel o jovem vate galaico. Oliveira Guerra criara previamente na capital invicta o “Círculo de Estudos Galaico-Portugueses”, procurando o apoio de intelectuais e artistas da Galiza, e ainda essa Associação de Jornalistas e Homens de Letras do Porto que depois o convida. A *Céltica* devia ser o instrumento do Círculo para “quebrar a capa de gelo, esse afastamento de almas colectivas irmãs que sentem o mesmo, que tem o mesmo penumbroso modo de ser e se não comunicam nem dão as mãos” (Guerra 1960: 52). E ao barco foram chamados, como já noutra parte mostrei (Quiroga 2008), vivos e mortos, poemas de escritores já desaparecidos na altura, e trabalhos sobre Noriega Varela, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas ou Francisco Añón, escritores galegos de nomeada como Leandro e Uxío Carré, Pura e Dora Vázquez, Celso Emilio Ferreiro, Xosé M.^a Alvarez Blázquez, Isidro Conde, Antón Tovar, Avelino Abuim de Tembra, Miguel González Garcés, Xosé Díaz Jácome, Álvaro Paradela, Enrique Chao Espina, José M.^a Castroviejo, Victoria Armesto e Xohana Torres, para além de resenhas das obras de outros e outras.

O programa de Oliveira Guerra pretendia estender com os galegos a mesma acção fraterna que os portugueses vinham tratando de realizar com os brasileiros, agora virando-se “para os irmãos da Terra Nai, a velha e linda Galícia, como nos viramos para os irmãos da nação filha, o opulento e promitente Brasil, estabelecendo com eles uma boa e salutar camaradagem sentimental e familiar que adóce e alivie as agruras da vida às gentes” (Guerra 1960: 52). Acredito, como já tenho antes aventurado, em que o início da atividade armada por parte da guerrilha angolana, com um chamado salazarista para a defesa à “integridade da pátria”, teria influído na queda da revista, por talvez parecer suspeita uma estratégia de aproximação à Galiza. Por outro lado, o esforço económico de Oliveira Guerra nesta empresa, num contexto pessoal agora mais dificultado, também teria causado os seus efeitos no apagamento do projeto. Em qualquer caso, a poesia galega, com maior presença quantitativa na revista, tinha sido o instrumento de recolha e divulgação mais visível e interventivo de que dispunha o Círculo.

MM já era um autor muito conhecido na Galiza e o seu convite obrigado na realização de um programa como o dos homens do Porto. E deste modo a sua estreia em Portugal será significativa. É constituída por uma “Carta a D. Henrique o navegante”, no volume onde também é apresentado e comentado pelo próprio Oliveira Guerra, partindo do texto que abre o livro *Documentos persoanaes*, de 1958, e que levava por título “Carné de identidade”. Oliveira pega no famoso verso de “labrego com algo de poeta” e explica como tomou conhecimento de MM (“Foi Abuim de Tembra...”), como lhe enviou o primeiro número da sua revista, e como MM lhe enviou o poema dedicado a D. Henrique e o livro mencionado, do qual vai tirar e comentar alguns poemas (MM 1960: 122-124). Para além da curiosidade de Manuel, naquela primeira versão do poema, descontinuar um

ano no seu “carné de identidade”, pois afirma ter nascido no ano 30, está a de o poeta chairego cantar o mar português, por intermediação do seu emblema maior no que tem a ver com a fundação das navegações lusitanas, e ainda toda a epopeia das chamadas Descobertas. “O Navegante Maior de todo Portugal”, que tinha recebido do irmão regente a doação do promontório de Sagres e das vilas adjacentes, mandou reconstruir, fortificar e repovoar, e fundou neste primeiro *Cabo Canavial* a base do lançamento oceânico do novo Reino. O diálogo marítimo não deixa de ser significativo no autor, que no ano que precede a sua viagem iniciática a Portugal edita *Mar Maior* em Vigo, na colecção Salnés de Poesia Galega. A parte final deste livro, “Carta ós emigrados”, recolhe cinco envios a outros tantos destinatários, sendo aquele poema para o Infante o primeiro. Recebe pequenos retoques e incorpora dedicatória precisamente “A Manuel de Oliveira Guerra” (1963a: 98). MM dará mostras continuadas, a partir deste primeiro texto poético, de um conhecimento informado da iconografia mítica e dos principais signos culturais e históricos identificadores de Portugal, ao que terá contribuído tanto as leituras que vai reunindo nas suas viagens pelo país como os contatos pessoais. Tal conhecimento, por outra parte, será outro elo de afeição pelo autor.

El Progreso de Lugo, em 15 de novembro do mesmo ano 1963, publica também uma página sob epígrafe “Letras Portuguesas - La Poesia de Manuel de Oliveira Guerra”, que assina Manuel Maria. Aí podemos verificar a homenagem do galego ao poeta e “apasionado amigo de Galicia y de la cultura gallega”, recordando com saudades o “mirador común” dos quatro números da revista *Céltica*, à que deseja renascimento (MM 1963b). Acusa recebimento de três livros do autor do Porto e realiza um breve comentário, ponderando que por cima da escolha mais formalista do português, que gosta pouco do verso livre, está a emoção, o lirismo, a ironia, a ternura, a compreensão da humanidade, a poeticidade desses versos, cujos sonetos dariam a Oliveira Guerra a preeminência do “mejor sonetista con que actualmente cuentan las letras portuguesas”. Mas de imediato passa a reparar nas marcas de “literatura de protesta y de denuncia, escrita ya en el año 1932, cuando todavía no se hablaba ni remotamente de poesía social o de literatura comprometida”. E cita exemplos, sempre no original, e emparenta o protesto com Guerra Junqueiro em Portugal e Rosalía, Curros ou Cabanillas, numa tradição continuada em Celso Emilio, na Galiza, repara na crítica a “este mundo nuestro tan preocupado por el fútbol y la marcha de la Competición de Liga”. Paisagem, saudade, capacidade de falar-nos com palavras que usamos todos, encerram o comentário apologético.

MM tinha publicado ainda na *Céltica* o “Auto do Labrego” e correspondido epistolarmente com Oliveira Guerra durante o pouco tempo que este ainda vive. Também aparece na lista dos “sócios fundadores” do Círculo de Estudos

Galaico-Portugueses com o número 20º, a instituição que o acolha na sua visita ao Porto, e a mesma que inicia a sua promoção em Portugal.

II

É só depois desta primeira fase, que denominamos de contato retórico/literário com Portugal, que acontece uma segunda de “reconhecimento apropriativo”, operada a partir da verdadeira viagem já mentada, em que o fascínio *de* se vai tornar em breve mais patente, até pelo reconhecimento que Portugal rende ao jovem poeta galego. Este vai, pois, a Portugal, país de que algum bom vento para a Galiza passa, desde há tanto tempo, mas com promessas de mais, e vai agora devagar, amorosa e conscientemente. Ele tem 34 anos e do outro lado da Raia já é *ditabranda*. Ele vai com a sua jovem namorada, Saleta Goi, e leva na algibeira um prémio de 15.000 pesetas por ter ganho o concurso *Nieto Peña* de Rádio Paris, secção galega. É o ano 1964 e viajam de carro, devagar: “Levounos un amigo de Monforte, que tiña auto, e fomos vendo aquilo, moi despaciño, ata Lisboa” (Caño 1990: 105). E param e param e param, em pontos e lugares que são todos de galegos, garante. Seria a toponímia e seriam as pessoas. Seria um bocado tudo. Em qualquer caso, como todos e todas os poetas galegos e galegas que precederam, mas especialmente sucederam neste percurso descendente, que na retrospectiva saudosa das vidas se torna logo ascendente à própria identidade, o Manuel compra livros e livros, *principalmente clásicos portugueses*, assegura, e é uma maravilha, pondera. Um fascínio, até poderia dizer. “Por certo, ó volver por Tui un Garda Civil revolveunos a equipaxe. Ó chegar ós libros díxolle a Saleta: «Mire, iso son libros, cousa da que vostede non entende»... O home púxose colorado e non remexeu mais” (Caño 1990: 105).

É a partir daí que começa a terceira fase e um “retorno identitário” do signo Portugal que mantém uma alimentação contínua e tem consequências poéticas e políticas. Para MM a Galiza sempre foi o âmago, miolo, orientação de obra e comportamento, na Poética e na Política, e o contato com Portugal só pode nutrir tal inclinação. Por um lado, não deixa de acusar na obra publicada as marcas daquele primeiro e incipiente contato, e poemas como “Portugal”, que o galego insere num livro de 1970, *Remol*, com dedicatória a Maria Alexandrina (a poeta portuguesa que o tinha apresentado a ele no Porto), são fruto ainda daquela primeira aproximação retórico/literária dos primeiros roces com Portugal. O poema vai ainda seleccionar-se para um volume de auto-escolhas publicado dois anos depois (MM 1972b: 164-165):

PORTUGAL

pra Maria Alexandrina

Cheguei a Portugal co corazón na mau
na amante companha de Saleta.
Percurei a Camões i a Camilo
e só atopei ao mar diante de mín.

¡Atopei o mar! E sempre o mar
escoitando aos pinheiros rumorosos.
O mar da epopeia e dos naufraxos
eternamente deitado rente a tí.

¡Qué lonxe Angola e Mozambique!
Macao, case irreal, carne de sonho,
E tí, meu Portugal, na veiramar,
dándolhe as costas á sedenta Iberia.

En tí atopei os sonhos meus.
Reconhocín en tí o meu espírito.
Todo estaba tan perto ao corazón
que todo o corazón o adivinhara.

Comprendo, Portugal, a túa fachenda,
o teu sino arrepiante e grandioso.
O coitelo que levas chantado no espírito
fai escoar a tristura feita fado.

Non quero falar de Don Henrique,
nin de feitos groriosos, memorabeles.
¡Só quero decir que a túa saudade
é o reino que anceia a minha alma!

Com um pórtico em que coloca a constante acompanhante do autor, Saleta Goi, aparece, em expressão simples, a devoção primária e quase devota de uma voz progressivamente entregue ao deslumbramento por uma terra que dá “as costas á sedenta Iberia”, “En tí atopei os sonhos meus”. Sem que as alterações sejam sistemáticas, repare-se que a representação ortográfica da palatal nasal é aqui -nh-, e o mesmo acontece com a palatal lateral, -lh-, e assim no resto dos poemas deste volume que se publica em Portugal.

O sucesso de MM nos jogos florais de Guimarães em 1971 e a edição da mencionada antologia em Portugal no ano a seguir, junto com as *Odes num tempo de paz e de alegria*, ambas edições da Razão Actual do Porto, levam o autor de

reencontro extensivo com as terras do sul do Minho, como um espaço próprio de crescimento literário. É o tempo das primeiras antologias, inauguradas com a tradução para espanhol da que prepara Basilio Losada para Adonais (MM 1969), que significam uma consagração de costas propositadas à RAG, de quem recusa em 1970 o nomeamento de correspondente pela pouca sensibilidade desta instituição com as nossas letras. O aconchego que recebe em Portugal leva-o a recitais no Porto, Coimbra, conferências em Lisboa, contato com Manuel Rodrigues Lapa, o agente português mais ativo e principal na tendência de aproximação da Galiza a Portugal, cuja proposta codicológica reintegracionista estimula neste período um debate central sobre a função atribuída à língua e à natureza da língua da Galiza em relação aos modelos linguísticos luso e brasileiro. Lapa, que desde a publicação em 1929 da sua tese de doutoramento, sobre as origens da poesia Lírica galego-portuguesa medieval, tinha provocado o interesse imediato da juventude galeguista compostelana, e frequentado depois a Galiza para avultar a irmandade luso-galaica e trabalhar na aproximação cultural, é uma figura querida e reverenciada desde o grupo *Nós* (Loureiro 2006: 35), com homenagens que se prolongam em *Grial*. MM reencontra-o na Universidade de Coimbra, já retornado do Brasil, e tem oportunidade de admirar a reverente acolhida com que é obsequiado pelos estudantes:

Fun dar recitais por todo Portugal cando unha editora do Porto publicou *Auto Escolla Poética de Celso Emilio Ferreiro e 99 poemas de Manuel María*. Foi comigo o editor, Arsenio Mota, e o Pintor Pousa. Pasamos vinte días inesquecibles. Daquilo, o que recordo con especial emoción foi que na presentación de Coimbra, os estudantes puxéronse de pé e adicáronlle unha ovación cerradísima a Manuel Rodrigues Lapa, que entraba no momento de començar o acto. Alí foi onde eu o coñecín. Noutra viaxe fixémoslle unha visita o Lois, a Saleta e mais eu. Rodrigues Lapa estaba moi interesado polos problemas do idioma e, sobre todo, tiña unha ansia tremenda de saber o que era ETA. Pedíume unha serie de información sobre ETA, que non lle puiden dar. (Caño 1990: 108).

O Lapa que tem na Galiza um motivo central de interesse, pois colocava nela a raiz da cultura portuguesa, alarga de modo natural as preocupações culturais às políticas, e desde muito cedo vai defender a tese de uma salvação da cultura e a língua galega que passa por identificar-se com o português. MM é o escritor galego de maior difusão no Portugal da altura, e estava ligado à luta política clandestina no bando da UPG e em relação com o PCP (Loureiro 2006: 44). Lapa devia estar a par das estratégias e relações de poder entre os campos culturais que se digladiam na cultura galega da altura, mas não era comunista. Assim que no encontro

entre ambos, reincidente em Anadia no ano 1973, talvez não houve uma cumplicidade absoluta, pelos receios políticos de Lapa e porque o ativismo deste se movia no nível académico e das elites culturais. De qualquer modo, a presença de MM vai sendo crescente, sendo apresentado nos livros que edita em Portugal como “um poeta na pujança da sua carreira”, “uma das vozes mais importantes e comprometidas na Galiza literária de hoje” (contra-capas de *Odes num tempo de paz e de alegria*), obrigando o autor a uma circulação regular:

Mais tarde publicáronse en Portugal *Odas nun tempo de paz e ledicia* e *Os soños na gaiola*. No ano 73 ou 74 recibín unha invitación do Centro Internacional de Idiomas, de Lisboa, para darlle un cursiño a licenciados en portugués e profesores de liceo. Alí coñecín ó doutor Francisco José Velozo, co que teño unha gran amizade. O Antón da Ponte, de Ourense, contoume que a última vez que foi Otero a Lisboa só visitou a Francisco José Velozo. Este señor estivo de xuíz en Braga, tivo moito que ver coa revista *Catro Ventos*, paréceme que chegou a ser presidente do Tribunal Supremo de Portugal e tamén foi presidente da Asociación da Lingua Portuguesa. (Caño 1990: 108).

MM publica ademais na *4 Ventos* de Braga o *Auto do Taberneiro*, e aparecen aínda em Portugal traballos críticos referidos a Xosé Crecente Vega (MM 1964) e à poesía galega de pós-guerra (MM 1972a), para além doutras varias obras como a 1ª edição do *Laio e cramor pola Bretaña*. Lisboa, a cidade que não é uma cidade, porque é a cidade, como cantará posteriormente no poema que leva esse nome no livro de 1985, *O camiño é unha nostalxa*, foi percorrida da mão do novo amigo lisboeta acima referido:

Francisco José Velozo ensinounos Lisboa case pedra a pedra. Foi unha maravilla. Tivemos moitos contactos con xornalistas e co doutor Pedro Cabo Fernández, que era presidente da SONAR, a CAMPSA portuguesa. Este señor descendía de galegos. Leváronnos á casa de Sofia Melo, a poetisa portuguesa, e asistimos alí a unha xuntanza literaria moi requintada, incluso había escritores que falaban en francés. Entre os asistentes estaba Carlos Oliveira, que morreu moi axiña. Co doutor Cabo Fernández descubrimos un pouco Lisboa *la nuit*: casas de fados e lugares de espectáculos. Aqueles foron uns días inolvidables. Logo fun a un congreso, ó lado de Setúbal, onde coñecín a Saramago. Outras veces teño ido convidado pola Asociación de Escritores Portugueses e pola Sociedade de Autores Portugueses. Estiven no Teatro Gil Vicente, de Coimbra, e na Universidade, levado polos estudantes. Falei na Universidade de Lisboa e na do Miño, en Braga... (Caño 1990: 108).

Como também cantou/contou Xosé Estévez, “Braga, bagazo gozoso, / Lisboa, chapéu e olhar do Veloso” (Estévez 2001: 139). Velozo também vai recordar esta amizade no seu contributo à homenagem tributada ao Poeta com um título esclarecedor e até lapidar, quando atribuído a MM, “A Galeguidade Portuguesa” (Velozo 2001: 571-574). E a Velozo e “Ao Gualter Póvoas” dedicará o próprio MM no livro já mencionado, *O camiño é unha nostalgia*, outro poema com o título repetido de “Portugal”, dedicatória ausente quando o texto se publica na revista *Nordés* em 1982 (MM 1982a: 13). Nestas visitas a Portugal, MM “achou-se em casa, sem esforço, por nunca se ter desprendido do substrato nativo” (Velozo 2001: 572), outra definição sintética e conclusiva da fase clímax no percurso de um jovem poeta galego no fascínio de Portugal. E não só conhece, enfim, intelectuais e escritores, como Saramago, mas passa até pela rádio e pela televisão portuguesas, tal e como expunha nas suas próprias palavras. Um prolongamento e um reconhecimento apropriativo abraçado pelo poeta com deleite e recordação feliz. Contudo, a vida de MM, como ser humano e como poeta, desenvolve-se prioritariamente ligada à Galiza, cuja história acompanha, nutrindo-se do signo e da extensão apropriadora do Portugal desta altura, e ainda depois, na fase intensa de debate linguístico que se vai abrir na sequência do final da ditadura espanhola.

III

Como prova de um retorno auto-afirmativo do signo Portugal, não podemos passar por cima precisamente deste período sem ter em conta que o amplo movimento social, que em 25 de Abril de 1974 veio depor o regime ditatorial no país vizinho, acompanhado antes, durante e depois por tantos e tantas galeguistas esperançados, até fascinados com o exemplo, vai ter em MM também uma relevância imediata. E aqui abrimos passagem para algumas evidências do regresso adaptativo dessas marcas em MM, que tem a ver com pensamento de língua e norma, mas também com alguma inseminação ou aproveitamento temático. A Revolução de 25 de Abril, a mítica Revolução dos Cravos, ainda que até agora não tenha sido enfatizado, creio que está na nascente imediata da obra *Abril de lume e ferro* do Poeta galego, que a escreve no jacto dos acontecimentos desse mesmo ano de 1974. Como bem apontou Pilar García Negro, MM vem tomar conta, com o seu empenhamento produtivo no âmbito teatral, da “manda non escrita mais igualmente eficaz, que se revela no seu incesante labor por significarnos, por significar a Galiza en toda a súa riqueza e en todas as súas necesidades” (MM 2016: 16), que tinha lançado o galeguismo histórico das Irmandades da Fala, mas nesta peça de um modo especial.

A revisitação de determinada memória histórica, para atualização e desejo de modelação do futuro nacional, passa neste texto por uma presença explícita

do signo Portugal, que só a desconexão do contexto histórico da altura da sua fatura poderia hoje obviar. Trata-se, certamente, de “un drama á galega, porque á historia da Galiza responde, non por un simples locativo, porque aquí, na nosa nación, tivesen lugar os feitos, senón porque ela, a Galiza en si, foi quen de existir como obxectivo político, como identidade que contesta a opresión colonial da Corte, como inxección civil no levantamento militar” (MM 2016: 19-20). Mas este drama à galega pega num alento que anda na altura da escrita a pairar num ar de alegria que a brisa do sul do Minho traz. Lembre-se como a acção revolucionária em Portugal foi liderada por um movimento militar, composto por oficiais (na sua maior parte capitães, com apoio de oficiais milicianos), um movimento que se foi processando durante os meses anteriores, de 1973, com forte orientação socialista na sua origem e de culminação surpreendentemente pacífica (apenas 4 civis mortos e 45 feridos na capital), com o cravo vermelho no cano da espingarda tornado símbolo mítico.

Sem pretender um reconto absolutamente exaustivo de ocorrências, pode-se observar no texto de MM como na Sala de Armas do Quartel do Regimento, onde decorre o primeiro diálogo e se prepara o levantamento, Solis encerra a conversa com os oficiais com um “Viva a Revolución!” (p. 27). “Fora ditaduras!”, aparece na proclama que de imediato se lê (p. 28). E as menções à palavra de ordem bebida em Portugal são inumeráveis: “fervor revolucionário”, “triunfo da Revolución” (p. 30); “Revolución Galega”, “espírito revolucionário” (p. 31); “A Revolución é un feito”, “Gobierno Revolucionario” (p. 34); “alzamento revolucionário” (p. 35); “Vainos a vida nesta revolución”, “ao servizo da Revolución” (p. 36); “baixo este ceo purísimo de abril”, “Abril fixo surdir rosas vermellas” (p. 37); “Gobierno Revolucionario” (p. 38); “A Revolución vai adiante” (p. 39); “Viva a Revolución!” (p. 45); “A Revolución é unha realidade” (p. 46); “verdadeiro revolucionário”, “revolucionario exemplar”, “xornal A Revolución” (p. 47); “facer forte a Revolución” (p. 48); o coro da gente do povo canta “Queremos que triunfe a Revolución!” (p. 50), e encerra o seu parlamento com esta palavra gritada outras seis vezes (p. 51); “Revolución e Liberdade” (p. 52); “pensamento da revolución”, “acción revolucionaria” (p. 53); “a revolución foi unha arrepiante mentira”, “nesta Revolución” (p. 54); “parou unha Revolución”, “Os revolucionários” (p. 56); “para os revolucionários” (p. 57); “os revolucionarios nos atacan”, “o pobo está coa Revolución” (p. 60); “esmagaremos os revolucionários”, “Os revolucionarios soamente” (p. 62); “la rebelión sofocada” (p. 74); “Conspiradores, revolucionários” (p. 75).

O desabrochar da ilusão e do progresso republicanista contra o autoritarismo do governo espanhol presidido por Narváez, ou a sublevação/revolta militar de corte liberal que se dá na Galiza, tem uma leitura passada pela lente de contacto com os recentes acontecimentos em Portugal. “Eu nos militares non me fío”,

afirma o estudante 4º (p. 40), ao que Añón responde, “Os militares, neste caso, obedecen ás Xuntas, que son as que dirixen a Revolución”. Porque nos militares vinha de provar Portugal que se podía também confiar. E “Revolución”, “Revolución”, “Revolución”, mais sete vezes na página 41, rematadas com a menção de Añón, “Meus amigos e camaradas, para facer esta Revolución hai que amar a Galiza”. Creio que com “revolucionários” (p. 42) se encerra nesta obra de MM o derramamento emulador de um processo e uma divisa (Revolução) que tem em Portugal o foco radiante, e dá exemplo como em nenhum outro lado de um *retorno identitário* que alimenta uma obra do Poeta galego na espinha semântica.

Por outro lado, de um modo menos conhecido e até talvez algo inconsciente por parte do autor, MM já tinha escrito para teatro uma peça com conexão lusitana, o *Barriga Verde* (MM 1968). Ainda durante as ditaduras peninsulares, quase esmagada a ligação Galiza-Portugal ao nível das elites, uma vez que o efeito das Irmandades e da Renascença Portuguesa tinha sido asfiziado, ficam pontes a nível popular que continuam permitindo uma passagem continuada. E já nos temos referido noutra parte a essa realidade em que se inscreve a elaboração da “farsa pra bonecos” de MM:

O teatro de títeres de quase todo o século XX, por exemplo, regista no seu elenco a personagem concreta do ‘português’, existindo ademais uma relação íntima entre a companhia mais famosa que se movimentou na Galiza e o próprio Portugal. O mais célebre destes bonecos nas romarias galegas foi durante décadas «Barriga Verde», nome que designa tanto um ‘herói galego’ da estirpe do *Pulcinella* napolitano ou do *Roberto* lusitano como também o da própria barraca e inclusive o seu criador, José Silvent Martínez (1886-1970). Barriga Verde protagoniza o espetáculo mais conhecido na Galiza da primeira metade do século XX e a família do seu inventor passou a Portugal em 1905 para trabalhar por um tempo no Porto, onde teria conhecido os «fantocheiros» e os «robertos». Tendo casado com uma galega natural de Salvaterra do Minho (1919), Silvent estabeleceu-se na Galiza para desenvolver uma dilatada itinerância artística. Entre as personagens criadas por Silvent, e para além do Barriga Verde que representava o mais sensato e engenhoso, estavam o Traga Estopa (publicista), o Demo (o mais ruim), o Cura (o mais interessado), Touro pelo Rabo (o mais inocente), Rosinha (a mais fingida) e o Português (o mais fantoche). (Quiroga 2016: 87).

O *Barriga Verde* de MM coloca em palco, para além do protagonista invocado no título, as personagens do Galego, a Moça, um Serrador, um Crego, o Demo e o Touro, que seguem os comportamentos estereotipados do mencionado e mais famoso teatro de títeres, com menção à “estopa”, uso de garrotes e esquemas

truculentos e jocosos típicos. No lugar do *português* temos aqui o *galego*, uma substituição que prova um apropriamento definitivo na altura. A proposta de enenação de MM recolhe assim a tradição e o vigor de um espetáculo que na altura talvez começava a definhar mas que o autor, no prólogo, acha levar séculos instalado no país, e ainda promete sempre estar por Galiza adiante, “en Lugo, nas festas do San Froilán; polo Apóstolo, en Compostela; na Pelengrina de Pontevedra; na Cruña polas festas de Agosto; nos Canceiros de Betanzos...” (MM 1968: 9).

MM ainda edita outro livro em Portugal, *Sonhos na gaiola*, ao cuidado dos Serviços Sociais dos trabalhadores da C. G. D. em 1977, versão do mesmo título que tinha sido editado em 1968. E a presença em Portugal incrementa-se de modo exponencial, “debido ós numerosos congresos, simposios, xornadas, encontros de escritores portugueses, lusoespañóis, ibéricos, peninsulares, de lingua portuguesa ou de lingua oficial portuguesa que tiveron lugar nos primeiros tempos da Democracia”, pois “Manuel María era convidado como o poeta galego máis conhecido en Portugal” (Vázquez 2001: 171). Mas a morte do ditador espanhol, no ano que seguiu à Revolução dos Cravos portuguesa, concentra deste lado do Minho as esperanças e os esforços interventivos especialmente políticos. No que tem a ver com Cultura e Literatura, a próxima aparição na Galiza de um mercado de consumo ligado ao ensino em galego, simultaneamente ligado a uma norma ortográfica que logicamente atinge os utentes directos que os escritores são, permite-nos comprovar novamente as marcas do mesmo *retorno identitário* procedente de Portugal que vimos seguindo, pois MM vai posicionar-se com claridade neste contexto. Bem é certo que tal posicionamento procede já das Irmandades da Fala, mas na leitura oportunista da História a orientação vai ficando em retórica para os novos poderes. Como sabemos, os rudimentares organismos oficiais galegos, emanados da estrutura estatal e ditatorial espanhola, tentaram e conseguiram instaurar legalmente para a escrita um código separado do português e próximo do espanhol. MM, apesar de não participar no processo elaborativo da norma e estar ligado aos ditados da UPG em matéria política e cultural, não temeu nunca desafiar esta escolha deixando expressa, em numerosos meios e lugares, a sua posição a favor de uma proposta lusógrafa para o galego (Gil 2016: 175-176). Só não levaria à prática pessoal e imediata a confluência com o português, “na via da melhor tradição galeguista”, por achar-se já “velho para aprender a escrever de jeito diferente” ao que seguira por anos e anos (Gil 2016: 175). As suas repostas sobre a matéria, patentes nas *Conversas* editadas em 1990, continuam a ser um clássico:

–¿Que opina do reintegracionismo?

–Estou a favor. Non escribo en reintegrado, porque cando comezou este movemento eu xa era vello, son algo preguizoso, e teño uns hábitos de escritura de trinta anos. Pero gustárame que se utilizase a grafía do portugués, conservando o noso propio idioma. A primeira razón na que me baso para dicir isto, é que a grafía portuguesa vaille mellor. En segundo lugar por diferenciar a ortografía galega da española. E por último, porque isto favorecería tremendamente que tódolos lusófonos puidesen ler ós escritores galegos, sen grandes dificultades. A ortografía paréceme unha ponte importante. Xa no ano 54, falando deste problema co poeta catalán, Carles Riba, dicíame que se eles tivesen un estado ó lado cunha lingua semellante, como temos nós, farían unha aproximación a el. Isto é esencial. Creo que parte do futuro da nosa lingua e a súa expansión natural está cara a Portugal. O resto da xente do estado español é moi diferente a nós, hai moitos séculos de mentalidade centralista enriba, e eu coido que os escritores de linguas periféricas, en Madrid, non se len nin traducidos. (Caño 1990: 110-111).

É nessa coerência que MM publica na norma dissidente, proposta pela Associação Galega da Língua para a Galiza de inícios dos anos oitenta, três livros que empregam a ortografia histórica de convergência com as variantes lusas. Não vamos repetir aqui o processo de estabelecimento normativo e a história do intenso debate da altura em que nasce a AGAL (1981), na que se vai integrar o Poeta chairego, mas devemos recordar que MM, um “poeta do povo”, militante da esquerda, tem a coragem de se posicionar nesta questão (aliás, como Novoneyra e outros autores), e nesse conturbado contexto, desde princípios dos anos oitenta do século passado, adere claramente ao ponto de vista do reintegracionismo. Assim o manifesta ainda anos depois, criticando duramente a Academia e valorizando a postura de Carvalho Calero, “A de Carballo Calero e a de toda a Agal”, pois “Eu son socio de Agal e estou con eles”, e “A min o que me parece inconcebible é a operación que fixeron coa ortografía galega” (Caño, 1990: 111). É por isso que achamos especulativa e infundada a opinião, alguma vez insinuada (mas nunca formulada por escrito), de que MM teria dado aqueles livros à norma dissidente por enfrentar problemas de publicação na altura: a sua visibilidade interna e externa, a circulação em recitais, a presença em antologias e traduções desde a década anterior, davam ao autor um nível de consagração por cima de preocupações adolescentes nesses anos, mas é que consta reiterado o seu parecer sobre a matéria nos posteriores.

Insistindo o entrevistador sobre a “utopia” do reintegracionismo, MM recoloca a questão na sua justa formulação, tantas vezes deturpada do ponto de vista de

quem pretende manter o afastamento entre o galego e o português, e acentua que “Eu só estou porque se escriba coa grafía do portugués, nada mais”, “Non estou por aportuguesar pronuncias e formas”, coincidindo com a intención dos reintegracionistas que “Tentan unha aproximación ó portugués, defendendo a identidade do galego” (Caño 1990: 112). Estou convencido de que se o MM estivesse vendo o tabuleiro e os movimentos estratégicos que continuam em 2016 a dar-se nas instituições galegas sobre este disputado assunto, deixando apenas ao reintegracionismo a hipótese de defender a entrada do estudo do português na Galiza como língua estrangeira, algo em que tanto o nacionalismo como a direita galega parecem concordar para esta se candidatar a espaços de poder na CPLP, concordaria também com eu vir aqui contá-lo num texto escrito na versão internacional do Acordo Ortográfico, a única hipótese viável que para alguém comprometido com o mesmo pensamento dele lhe fica apenas.

E se a anterior anotação é especulativa e ultrapassa a verificação da postura política sobre a questão por parte do Poeta homenageado, não achamos descabido deixá-la em constância de um percurso crítico, lúcido e inconformado, que “mostra a decidida consciência nacional galega do Manuel” (Gil 2016: 10) e hoje poderia ter essa resposta. Ter dado três poemários, no espaço de quatro anos da década de oitenta, não é só —outra opinião que, esta sim, consta por escrito— uma decisão para “Manuel María mostrar que o conflito que se está a viver entre dúas normativas, a imposta pola Xunta de Galicia, de tendencia españolizante, e a reintegracionista, de tendencia lusista, é artificial e, por mor da situación sociolingüística do galego, negativa para os intereses de Galiza” (Gómez 2001: 222). Não concordamos com Camilo Gómez Torres em que MM “Non se posiciona a favor duns ou doutros, porque considera que tal polémica é artificial e contraproducente, xa que deriva cara a un debate estéril un traballo e uns esforzos que son moi necesarios no campo da problemática social do idioma: a súa normalización” (Gómez 2001: 223). O próprio Camilo escreve na página anterior que à altura dois oitenta “Manuel María mantén os criterios xa expresados dúas décadas atrás” sobre a matéria, e já vimos na citação das *Conversas* o que opinava nos noventa, duas décadas mais na frente. E podemos garantir que assim continuava pensando nos últimos anos de vida. A este respeito, podem consultar a entrada do Portal Galego da Língua, “Manuel Maria, sócio da AGAL”, onde acharão detalhes de como o homenageado no Dia das Letras pertenceu à Associação quase dos inícios, inscrito com o número 469, estando “ao dia no pagamento das quotas até o fim” (AGAL 2016). Claro que MM não ia polemizar sobre o assunto, mas ficou bem longe de não se posicionar, e hoje olharia com um sorriso ainda mais do que triste para o famoso mantra da *normalização*.

Por isso nos resultou como mínimo discutível que os livros mencionados, *Versos do lume e o vaga-lume*, *A luz ressuscitada* e *Oráculos para cavaleiros-do-demo*, que tinham sido anteriormente publicados “em galego reintegrado” no espaço de quatro anos, foram passados à ortografia dita ‘oficial’ na mais recente edição completa da obra do poeta (MM 2001), contrariando um pensamento sobre a questão que consta coerente e convencido durante toda a vida do autor, ainda que ele estivesse ainda presente. Temo-nos perguntado anteriormente até que ponto a saúde e as capacidades de MM poderiam contribuir, nessa altura final, para realizar a nova edição “*baixo a supervisión atenta do autor*”, e até que ponto se legitima um “*rigoroso exercicio de unificación lingüística dos textos, respectando en todo momento as escollos léxicas do poeta e as variantes ‘chairegas’ que, no plano afectivo, unen as formas da lingua empregada á terra que lles é propiá*”, segundo manifesta o seu editor (MM 2001a: 8). Muito mais quando, como já temos indicado antes, os poemas retocados passaram a ter algumas gralhas contestando qualquer intenção de contribuir para a valorização mais meritória da obra do Poeta. Por outra parte, José-Martinho Montero Santalha, também amigo de MM e coordenador da primeira edição de *A luz ressuscitada*, adverte que

o autor «nom estava nada convencido» do resultado porque, ao seu ver, «esse nom era o caminho». Contudo, também se confessava «canso e com pouca vontade de lutar» nessa altura da sua vida, explica Santalha, pois o autor atravessara diversos problemas de saúde, os quais relata de maneira sucinta numha carta a Maria Virgínia Guerra, filha do poeta português Manuel de Oliveira Guerra. (AGAL 2016).

Ter em conta esta questão numa mesa, que aborda a Poética e Política no autor homenageado, parece-me central e muito mais neste espaço, para deixar o mesmo de merecer o “responso por unha academia”, para provar que aqueles versos em que era acusada de viver “en pura ortodosia/ de costas pró seu país” (MM 1976: 17) ficaram no passado, como provam tanto a renovada (esta sim) atitude do Poeta ao seu respeito, como a escolha dele para as Letras Galegas por parte desta, e ainda este Simpósio, e ainda o consentimento para eu expor aqui a presente abordagem.

Acabo já na síntese de que no percurso MM se prova, como já tinha feito antes, a importância do reencontro com Portugal e com a Lusofonia para a tomada de consciência Galeguista; de que a aproximação a este referente produziu-se por contato geográfico e humano efectivado, ultrapassando o corte abrupto que o golpe militar e as ditaduras peninsulares tinham provocado, arrumando uma

irmandade na retórica em que se estacionou uma parte do galeguismo sobrevivente; continuou-se com a troca literária e a publicação, de que decorrem um reconhecimento e assimilação das afinidades linguístico-culturais; assentou-se na identificação apropriativa e no retorno auto-afirmativo de marcas temáticas e pensamento político sobre a língua própria, quer dizer sobre a escolha da sua Norma. E que MM manterá esta posição, Poético/Política, inclusive quando dentro da Galiza se retira visibilidade ao referente lusófono, e quando até certo nacionalismo galego e todo o campo do poder sobre a língua se submetem a realizar uma reformulação dos moldes identitários galegos em termos isolacionistas. Uma coincidência com os interesses do centralismo espanhol de que, por outra parte, já tinha advertido Carvalho Calero, essa figura altamente valorada por MM. Se o caso deste não é dos mais significativos, quanto ao peso absoluto da relação com Portugal no conjunto da sua obra, é o suficientemente importante, e até “de manual”, para ser justos com a apreciação cabal dos seus contributos poético/políticos, e para tomarmos ainda algum ensinamento do prolongado compromisso com a Galiza que tem evidenciado e seguramente todas e todos partilhamos.

REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGAL = Associação Galega da Língua (2016): “Manuel Maria, sócio da AGAL”, *Portal Galego da Língua* 16/V/2016. (Disponível em <http://ppl.gal/manuel-maria-socio-da-agal/>).
- Céltica: caderno de estudos galaico-portugueses*. Porto, n.º 1 (1960) – n.º 4 (1961).
- Caño, Xosé Manuel del (1990): *Conversas con Manuel María*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Estévez, Xosé (2001): “A fidelidade no espello”, em Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 133-140.
- Gil Hernández, António (2016): *Solilóquios com Manuel Maria*. Boletim da AGLP Anexos 4. [A Coruña]: Academia Galega da Língua Portuguesa.
- Gómez Torres, Camilo (2001): *Manuel María os traballos e os días*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Guerra, Manuel Oliveira (1960): “Ao que venho...”, *Céltica* 2, 51-53.
- Loureiro Rodríguez, Cristina. (2006): *O projecto de Rodrigues Lapa para a Galiza no tardofranquismo (1968-1975)*. Trabalho de Investigação Tutelado defendido na Faculdade de Filologia da Universidade de Santiago de Compostela (4/IX/2006), inédito.
- MM = Manuel María (1957): “Auto do Taberneiro”, *Quatro ventos* 10, 114-124.
- (1960): “O poeta Manuel María apresenta-se...”, *Céltica* 2, 122-124.

- (1963a): *Mar Maior*. Salnés 9. Vigo: Galaxia.
- (1963b): “(Letras Portuguesas) La poesía de Manuel de Oliveira Guerra”, *El Progreso* 15/X/1963.
- (1964): “Notícia da Vida e da Poesia de Xosé Crecente Veja”. *Biblos* XL, 261-317.
- (1968): *Barriga Verde*. Vigo: Edicións Castrelos.
- (1969): *Antologia Poética / Escolma Poética*. Adonais 265-266. Madrid: Ediciones Rialp. Edição de Basilio Losada Castro.
- (1972a): “Noticia da poesía galega de posguerra”. Separata de *Lingua e Cultura*, volume II, nº 1. Lisboa: Sociedade de Lingua Portuguesa.
- (1972b): *Noventa e nove poemas (1950-1970)*. Porto: Razão Actual.
- (1972c): *Odes num tempo de paz e de alegria*. Porto: Razão Actual.
- (1973): *Laio e cramor pola Bretaña*. Lisboa. [s.n.].
- (1976): *Cantos rodados pra alleados e colonizados*. Pontevedra: Edicións Xistral.
- (1977): *Sonhos na gaiola*. Lisboa: Serviços Sociais dos trabalhadores da C. G. D. Arranjo de Arsénio Mota e António Cabral.
- (1982a): “Portugal”, *Nordés* 7, 13.
- (1982b): *Versos do lume e o vaga-lume*. Ourense: Galiza Editora.
- (1984): *A luz resuscitada*. Santiago de Compostela: Associação Galega da Língua.
- (2001a): *Obra poética completa, tomo I*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2001b): *Obra poética completa, tomo II*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2016): *Abril de lume e ferro*. A Coruña: Fundación Manuel María de Estudos Galegos.
- Quiroga, Carlos (2006): “Oliveira Guerra, escritor e intermediário”, *Agália. Revista de Ciências sociais e Humanidades* 85/86, 241-248.
- (2008): “Oliveira Guerra e a revista *Céltica*”, em Carmen Villarino Pardo, Elias J. Torres Feijó e José Luís Rodríguez (eds.), *Da Galiza a Timor: a lusofonia em foco. Actas do VIII Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. I, 159-169.
- (2012): “Manuel Maria em Portugal. Lusofonia e tomada de consciência identitária na Galiza”, em Olivia Rodríguez González, Laura Carballo Piñeiro e Burghard Baltrusch (eds.), *Novas achegas ao estudo da cultura galega II. Enfoques socio-históricos e lingüístico-literarios*. A Corunha: Universidade, 151-172. (Disponível em <http://pgl.gal/manuel-maria-em-portugal-lusofonia-e-tomada-de-consciencia-identitaria-na-galiza/>)
- (2016): *A imagem de Portugal na Galiza*. [Santiago de] Compostela: Através Editora.

- Vázquez Cuesta, Pilar (2001): “A miña vella amizade con Manuel María e tamén con Saleta”, em Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 159-172.
- Velozo, F. J. (2001): “A Galeguidade Portuguesa”, em Alfonso Blanco Torrado (coord.), *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa, 571-574.

A INTERVENCIÓN POLÍTICA NA POESÍA DE MANUEL MARÍA. UNHA REVISIÓN

María Pilar García Negro
Universidade da Coruña

Resumo: Propomos nesta comunicación unha redefinición da convencionalmente denominada poesía política. En Manuel María, vinculámola a unha vocación humanista, dirixida á creación dunha *polis*, isto é, dunha arquitectura colectiva dotada de armazón social. Tal intención concrétese na autopoética, na lingua, na xeografía, na composición dun *mapa* histórico, na atención socio-pedagóxica á literatura para a infancia, na unión poética con outras patrias negadas, como a Bretaña. Significa, pois, un combate contra o mutismo e é expresiva dunha vontade de representación nacional que se vincula propositadamente á literatura galega de pre-guerra.

Abstract: This paper will deal with a redefinition of what has been conventionally termed political poetry. In the works of Manuel María these texts will be explored as connected with a humanist vocation, in order to create a *polis*, i.e. a social structure with collective architecture. This intention is present in his autopoetics, his use of the Galician language, his geography, his composition of a historical *map*, his socio-pedagogic concern for children's literature, and in the poetic union with other negated countries such as Brittany. His oeuvre, purposely connected with Galician pre-war literature, stands for a fight against mutism and expresses a will to represent a nation.

Palabras chave: Manuel María, poesía política, creación dun *mapa* nacional, combate contra o mutismo.

Key words: Manuel María, political poetry, creation of a national *map*, fight against mutism.

Hai unha parte da produción poética de Manuel María que é definida como caracterizadamente política, aquela destinada á propaganda nacionalista e á denuncia de toda a carga opresiva sobre a Galiza, incluídos os efectos negativos e alienantes sobre a sociedade galega. Nalgunha versión crítica, esta porción poética ficaría

excluída da poesía-*verité*, da poesía merecente de tal nome. Aínda que o sintagma “poesía pura” ten máis de cen anos de vida, vinculada á reacción contra o retoricismo, a grandilocuencia, os restos do romantismo decadente, o certo é que na súa versión española acaba por se reducir á definición circular, á tautoloxía. A coñecida de Jorge Guillén responde a este esquema: “Poesía pura es todo lo que permanece en un poema después de haber eliminado todo aquello que no es poesía”. León Felipe, tamén nun coñecido poema, advoga por retirar do verso os artificios técnicos; se despois ficar algo, iso será a poesía. Igualmente, Juan Ramón Jiménez, en poema presente en todas as antoloxías, converte en mística erótica a súa sublimación da poesía, que, cal deusa inmortal, existe para, “poesía desnuda”, aparecérselle despoxada de toda vestidura. A pasaxe para o afastamento do denominado poema “concreto”, entendido como o que contén elementos que tamén poden ser expresados en prosa, está servida. A poesía, así, sería tan inefábel como o sentimento que alimenta a lírica.

En termos estritamente lingüísticos, este modelo tenciona abstraír o significante do significado, non para mudar ou subverter a súa relación denotativa –común a todo discurso poético– senón para despojar aquel de calquera semántica externa á unidade fónica. Ábrese a vía a unha poesía solipsista, pretensamente desconectada de calquera requirimento exterior, na creación dunha realidade exclusivamente verbal, encerrada en si mesma, o que leva, paradoxal ou inxenuamente, a dotala dun significado elocuente: a pretensión de negar o significado extra-textual a un texto poético está de seu cargado de significado, é delator na súa mesma intención. É, en fin, a conversión da poesía nunha metapoética constante.

Face a este modelo, que denominaremos abreviadamente “pp”, o modelo de Manuel María representa a súa antítese. Denominaríamolo, tamén en sigla, “pH”, isto é, poesía humanista. E se se nos permite continuar coa humorada, lembraríamos que os solos galegos, polo seu pH –tal e como nos informa a ciencia experta– son predominantemente ácidos, ricos en materia orgánica e alto potencial erosivo. Dáse a circunstancia de que, se a analoxía valer, a poesía de Manuel María, contemplada agora xa como *opera omnia*, é rica en vida; combate a erosión material e espiritual da Galiza e tórnase ácida, combativa, elocuente no seu combate, en tantas ocasións.

Hai un poema do noso escritor que reflicte ben a súa autopoética. Titúlase, con intención totalizadora, “O poema” e pertence ao volume *A luz resucitada*, publicado en 1984. Di así:

Un poema é un ser vivo que anda,
respira, soña, chora, salouca,
ama, berra, centila e escurece,

cala, aborrece a mentira,
 sente odio e tenrura, desálgase,
 fala de intimidade a intimidade
 coas cousas e coa xente, suxere
 mundos posíbeis e imposíbeis,
 suda, cansa, ten sede e fame,
 adoece, agoniza.

E nunca morre.

Velaquí temos a metapoética humanizada, vinculada indisociabelmente a todo o abano da sentimentalidade humana. Fica declarado o carácter omnívoro da poesía, a súa ilimitada capacidade repertorial. A súa inmortalidade, de por parte, non virá da intemporalidade e da abstracción, senón de todo o contrario: do máximo contacto coa humanidade concreta, do diálogo co eu e coa contorna, do soño e da imaxinación, do radical humano, en definitiva. Aventuramos que este poema opera a xeito de chavella, de explicación retroactiva e prospectiva da poesía toda de Manuel María, a anterior, por tanto, e a posterior á data de publicación deste libro. Se este poema valer como *prototipo*, teremos un novo auxiliar na análise e interpretación do seu discurso poético. Conectámolo tamén a hipótese que manexamos nesta comunicación: a ampliación do cualificativo de política, no sentido profundo do termo, a moitos máis textos dos convencionalmente caracterizados como tais. Claro está que estamos a manexar un sentido amparado na etimoloxía do termo, non no seu significado vulgar. Na Galiza que subxaz en toda a poesía do noso escritor cómpre crear unha *polis*, isto é, unha arquitectura colectiva, dotada de armazón social. Esta creación é posíbel no campo literario, que actuará así como metonimia e como símbolo do que non existe na realidade económica, social e política.

A poesía érguese deste xeito como unha illa monolingüe nun mar marcado pola asimilación ao idioma oficial do Estado e polo uso redutor, diglósico, da lingua nacional. É moito máis do que literatura, así entendida, non por lle concedermos capacidades fetichistas, taumatúrxicas ou talismánicas, senón por deseñar un horizonte simbólico para a lingua, un espazo de normalidade que pode servir de emulación para os usos sociais que faltan. Todo o subconxunto de poemas dedicados expresamente á lingua cumpren, pois, unha función política. Se política foi a erradicación histórica do galego, político é o movemento inverso, o que aspira a rectificar a historia e a conquistar un novo marco de normalidade: converter a excepción ou a singularidade en norma; rachar por todos os medios a falsa naturalidade imposta. Como en todos os procesos coñecidos de normalización dunha lingua desinstitucionalizada, a literatura que se coloca ao servizo deste obxectivo

adquire valor didáctico e apoloxético. Lembremos, como exemplo, a “Canción para cantar todos os días”, do volume *Canciós do lusco ao fusco*, publicado en 1970, o ano en que se promulga a “Ley General de Educación” (teñamos en conta o ano de publicación para valorarmos a posición avanzada do escritor verbo dunha posibilidade de lingua tolerada en mínimos de usos regulábeis), ao que pertence esta estrofe definitiva:

Seríamos, sen fala, unhos ninguén,
unhas cantas galiñas desplumadas.
Os nosos inimigos saben ben
que as palabras vencen as espadas.

Versos que semellan evocar aquela sentenza do humanista italiano do Renacemento Lorenzo Valla cando proclamaba que o xugo da lingua é máis duradoiro que o xugo das armas. “As palabras vencen as espadas”: a lingua conceptuada como a grande arma defensiva que o “nós” colectivo, o “nós” nacional, pode usar contra a violencia institucionalizada. Todo o poema pousa en verbos conxugados en 4^a persoa, en exacta correspondencia de ser a lingua o ben social por excelencia: non hai lingua sen sociedade humana, e viceversa. Noutros poemas, a interpelación pasa directamente ao propio idioma, utilizado como vocativo a que se dirixe o eu poético-autorial, que camiña desde a primeira persoa inicial até o plural dos versos finais (“o noso futuro”, “pobo absoluto e verdadeiro”). O que reproducimos a seguir, “Canto ao idioma galego”, pertence a *Cantos rodados pra aliados e colonizados*, redixido en 1974 e publicado en 1976, de novo datas significativas no proceso de auto-organización política, sindical, asociativa... que a Galiza estaba a vivir á aquela altura. Na música e na voz de María Manuela e Miguel acadou plenitude de fusión artística e, como tantos outros poemas do escritor, difusión e fixación case hímica por tantos lugares e públicos da nación:

Idioma meu, humilde, nidio, popular,
labrego, suburbial e mariñeiro
que fas avergoñar
ao burgués, ao señorito e ao tendeiro:
levas sangue do pobo
e raigañas escuras
que anuncian un día novo
sen mágoas nin tristuras.
Idioma proscrito,
asoballado,

soterrado,
 refugado,
 negado
 como a pobreza e o delito,
 fala do emigrante e do maldito:
 soio resoas nos lares
 das xentes populares.
 Ti tes que rexurdir puro,
 poderoso, enteiro
 para erguer o noso futuro
 de pobo absoluto e verdadeiro!

Unha outra vía de intervención público-política vai ser a que se concreta nou- tro subconxunto, o dedicado ao coñecemento físico do país e á súa elevación poética: a Terra Cha (non esquezamos algo, a por de evidente, non mencionado: á altura da edición príncipe, 1954, a denominación oficial e repetida desta comarca é “Tierra Llana”; o simples título, así como toda a toponimia que o libro men- ciona, son de seu explícitos dunha vontade rehabilitadora); Outeiro de Rei; Lugo; O Orcellón; o val de Quiroga; Valdeorras; Pantón; Foz; Monforte de Lemos; Compostela... A cartografía debuxada remete para un mapa da nación, á maneira do de Fontán que ficou prendido na retina e na memoria de Otero Pedraio. Lingua e territorio definido, rico e polimórfico. A Galiza, en fin, como centro merecente de representación estética.

Este mapa xeográfico acompáñase dun outro *mapa* histórico: o que compón o particular e recuperábel Olimpo galego, proba dunha historia específica e intrans- feríbel: María Balteira, o mariscal Pardo de Cela, Rosalía de Castro... e tamén mártires contemporáneos como Alexandre Bóveda ou Xosé Ramón Reboiras Noia. Lingua, territorio, historia. Nación.

Fillos da súa preocupación sociopedagóxica serán os volumes dedicados á infancia, nun momento en que a literatura a ela dedicada brillaba pola súa ausen- cia. Cómpre lembrar, máis unha vez, os anos de edición de *Os sonhos na gaiola*, 1968, e de *As rúas do vento ceibe*, 1979. No primeiro caso, veu cubrir unha nece- sidade que, pioneiramente, o escritor xulga imperioso abordar: a de socializar en galego as nenas e nenos que comezaban a padecer o reforzo da asimilación ao español (teleclubes engadidos á escola e ao imperio da vida social). No segundo caso, non por casualidade aparecerá o libro no ano en que se publica o “Decreto de Bilingüismo” e en que esta normativa, continuación da franquista e derivada da Constitución, se aplicará directamente á represión do uso do galego como lin- gua vehicular na escola.

ramos de novo a secuencia: lingua; xeografía física e humana; historia; patria; e, en viaxe circular, necesidade de liberación coa lingua como arma. Secuencia que se fai extensiva a outras patrias negadas, como revela o poema, publicado como poemario independente, *Laio e cramor pola Bretaña* (1973), que adquire unha forma cuase sálmica ou salmódica na descrición da realidade bretoa e na denuncia do contundente e racista afrancesamento. Este poema galego internacionalista do seu tempo dirixido solidariamente a un mundo tan relacionado historicamente coa Galiza, mais sen resaibos saudosistas e, polo contrario, altamente combativos: *Escoitade as palabras dun galego, / dun home do pobo galego, / de Fisterre a Fisterre.*

1ª. Por sobre o concepto de “poesía pura”, a modernidade poética que representa a obra de Manuel María máis ben se apunta á “pura poesía” (e aquí a orde dos factores si que altera o produto). Converténdonos o adxectivo en epíteto, podémolo entender como o seu antónimo directo (por unha vez, coinciden un termo e o seu contrario): “poesía impura”, isto é, “contaminada” de todo o humano, na extensión máis ampla do termo. A vella sentenza terenciana (“Nada humano me é alleo”) complétase na poesía do noso escritor engadindo o adxectivo “galego” (“Nada galego me é alleo”).

2ª. Non se trata en absoluto dunha poesía servil, ao ditado dunha palabra de orde. É unha poesía-heraldo, reafirmante dunha vontade de ser nacional e da necesidade de exteriorizala, de verbalizala. Sorprende, en todo caso, que esta macro-empresa poética –de acreditada tradición, por certo, en todos os clásicos galegos– se desestimase por mingua estética, cando é admitida sen reservas, na súa continxencia histórica, en autores como Antonio Machado, Rafael Alberti,

Miguel Hernández ou Gabriel Celaya, por citarmos só exemplos de escritores españois ben coñecidos e reverenciados.

3^a. Unha parte significativa da súa produción adquire así un carácter misional, fortemente vinculado a unha necesidade social e cívica: romper as cadeas do alleamento e iniciar un novo camiño de anagnórise e de liberación.

4^a. A poesía toda de Manuel María móvese, coidamos, entre os estímulos dunha dupla tensión, a introvertida e a extrovertida, quer dicir, a que precisa dar conta do complexo sentimental e anímico do eu, que se ramifica en poesía existencial, relixiosa, amorosa, da soidade, melancólica, desesperanzada, tanática... e, na outra clasificación, a que necesita comunicar imperiosamente, nun combate contra o silencio e a afasia, os requerimentos comunais, nunha dirección rectilínea e insubornábel de verbalización, propaganda e defensa da patria galega. Subliñaremos como, ao longo da súa traxectoria, combínanse ambas liñas, ambas dedicacións. Non hai “etapas” ou “fases” consecutivas, e a contemplación atenta de toda a súa produción poética así o mostra. A alternancia de rexistros é constante.

5^a. Manuel María é o grande nexos entre os clásicos da primeira metade do século XX e a modernidade que coñece a segunda, inaugurada por el mesmo no ecuador dese século. Canto á súa inmensa actividade pública, patriótica no sentido máis neto do termo, semella ter presentes todos os días da súa vida aquelas palabras de don Ramón Otero Pedraio, evocadoras, no fin da súa existencia mortal, dos traballos e dos días do nacionalismo galego de pre-guerra: “... naquel intre, cando tan poucas cousas tiñamos, había que facelo todo: viaxar, botar discursos, escribir nos xornais, estudar xeografía, etnoloxía, historia da nosa terra, que estaba sin escribir. O que non se podía era estar calados e quedos, porque o tempo, xa daquela, loitaba contra de nós” (contidas na entrevista realizada por Víctor F. Freixanes, no volume *Unha ducia de galegos*, Vigo: Galaxia, 1976). Non coñezo, na historia recente da Galiza, escritor que tan ben cumprise esta manda tácita, como Manuel María o fixo ao longo de toda a súa vida.

NAVE ESPACIAL XISTRAL, EN MISIÓN MONFORTINA

Antón Lopo

Resumo: A primeiros dos anos 70, Saleta Goi e Manuel María inauguran en Monforte de Lemos a librería Xistral, que se converterá nun centro irradiador de cultura non só da cidade senón tamén en toda Galicia. Moitas xeracións encontraron nese espazo alternativo á sociedade oficial unha referencia para construírse como novos suxeitos políticos e cidadáns. Para os máis novos, Xistral foi unha nave interestelar que nos levaba directamente ás profundidades do cosmos.

Abstract: It was at the beginning of the seventies that Saleta Goi and Manuel María opened in Monforte de Lemos the bookshop Xistral, a place that would become a cultural hub not only for the city itself but also for Galicia as a whole. Many people found in this alternative space located away from official society a reference for reshaping themselves as new political subjects and citizens. For us young people, Xistral was like a starship which carried us straight into the depths of cosmos.

Palabras chave: Manuel María, Saleta Goi, Xistral, Monforte de Lemos, suxeitos políticos.

Key words: Manuel María, Saleta Goi, Xistral, Monforte de Lemos, political subjects.

A primeira vez que entro en Xistral teño dez anos. Falo de 1971. Outono de 1971. Comezos de curso. Eu aínda leo a Enid Blyton, novelas de ciencia ficción de Clark Carrados [pseudónimo do xenial escritor de quiosco Luís García Lecha] e os contos de fadas que me trae a miña curmá dos Xerifas de Caneda, ademais de incursións illadas na literatura para adultos, basicamente *Anna Karenina* de Tolstoi e *Que o ceo a xulgue* de Ben Ames Williams, libros que a miña irmá tivo varios meses enriba da súa mesa de noite. Vou a Xistral porque o meu amigo Jorge Vila me di que abriron unha librería “fantástica e modernísima” –espancou el os ollos– nas galerías Fontecha de Monforte, vangarda entón das novas superficies comerciais da cidade. Ningún dos dous queríamos perder aquela experiencia.

Nada máis chantarnos diante do escaparate da Xistral, quedamos fascinados. Era un espazo completamente branco, como unha nave espacial do 2001 de Kubrick,

que nós acababamos de ver no cine. Pero en vez de computadoras, había libros, porque aquel espazo branco estaba ateigado de libros. Nunca viramos tantos libros xuntos. Refírome a libros de títulos inquietantes, con portadas audaces e temáticas [a xulgar polas sinopses das lapelas] provocadoras. Esa clase de libros que non existían nas bibliotecas que adoito frecuentabamos: a Municipal, vetusta e poeirenta, con horarios irregulares, e a da Caixa de Aforros de Lugo, especializada nas boas lecturas e nos tebeos. Entrabamos na nave espacial Xistral, con destino á eternidade, pilotada por Saleta Goi no papel de Luciana Paluzzi –engaiolante protagonista de *Batalla alén das estrelas*– e Manuel María dándolle vida a un Mister Spock con ollos de Fabio Testi.

A partir dese día [desa visita ao espazo interestelar], non hai tarde que Jorge e mais eu non pasemos por Xistral, sexa para mercar un lapis, unha goma de borrar ou, simplemente, para fisgar polos andeis, contemplar –“isen tocar!”– as porcelanas de Sargadelos –propias dunha película de Barbarella– e escoitar falar a Saleta e Manuel María de temas que se nos antollaban arraianos coa ilegalidade, como tantos dos libros camuflados pola librería. A luminosidade de Manuel acrecentouse cando descubro que aquel home de ollos de Fabio Testi e barba franciscana é o autor de *Os sonhos na gaiola*. Os pais da miña amiga Pitusa, de Cartonaxes Anmi, publicaran o libro en 1968 e Pitusa regaláramo no nadal do 69 como un agasallo glorioso. Aínda hoxe se me arreguiza o pelo dos brazos ao lembrar a primeira lectura, con tinxes case de revelación infantil: *Os sonhos na gaiola* permitíume ordenar nunha certa coherencia o caos lingüístico circundante e descubrir no estraño idioma que me envolvía [negado polos profesores, polos meus compañeiros de xogos e por min mesmo] o don da escrita, o seu halo máxico e lúcido, transcendental como un cargueiro espacial flotando no baleiro do cosmos a ritmo de valse. Eu e todo o que vía [todo o que vía un rapaz de nove ou de dez anos] estaba reflectido nese idioma: “Galicia somos nós / a xente e maila fala / Se buscas a Galicia / en ti tes que atopala”. Ou “o sol chámase Lourenzo / e é un señor moi finchado / que está no alto do ceo / todo o día rebrilando”.

A librería non é grande, pero posúe un labirinto, unha zona opaca. Divídese en tres espazos perfectamente delimitados, un deles ocupado polos produtos de Sargadelos e do Castro [ao fondo]. No mostrador, o lugar máis visible, están Saleta e Marina, a dependenta. Onda o mostrador, unha cadeira na que senta o pai de Saleta, Luís Goy, un republicano de elegancia rural, discreto na actitude e silencioso. Manuel está máis oculto, como se fose o engraxador da sala de máquinas da nave. De feito, o primeiro día que imos Jorge e mais eu a Xistral, nin sequera o vemos: queda detrás do seu parapeto, un rectángulo rodeado por unha muralla de andeis a media altura cunha pequena mesa redonda detrás. Alí le, escribe ou repasa os seus artigos periodísticos. Cando nos convirtemos en visitantes asiduos,

el sairá a conversar con nós. Máis tarde, xa nos invitará a acompañalo na súa mesa redonda. Fuma Ducados e a librería échese da agradable calidez do fume. Nese parapeto de resistencia, colleu folgos a práctica totalidade da intelectualidade e do activismo da época [mesmo do exterior, como Ernesto Cardenal]. Fraguáronse estratexias políticas, debatéronse cuestións transcendentais, asuntos literarios e problemas propios da rexouba. De cando en vez, Manuel asoma a cabeza por riba dos andeis e esculca a través do escaparate a presenza dalgún policía da secreta, que sempre andaban ao asexo.

Para boa parte das xeracións monfortinas entre finais dos cincuenta e mediados dos sesenta, Xistral foi esa nave na que podía vencerse a forza gravitatoria da mediocridade xeral. En tempos ben difíciles para expresar ideas propias, a nave abriu físgoas nas engurras espazotemporais onde intercambiar opinións, tendo en conta ademais que eu nunca militei nas formacións políticas que lle eran afíns á súa tripulación, a UPG e a ANPG. Antes de que irrompese a heroína na cidade e arrasase as novas camadas de rebeldes, con independencia da súa clase social e da formación académica, os setenta foron anos enteiramente entregados ao hiperespazo de Xistral, á súa forza creadora, á súa luz. A filiación nacionalista de Saleta e Manuel fíxose máis evidente co avanzar da travesía: a estrela vermella na lapela da chaqueta, na cinta adhesiva dos paquetes de regalo, nos propios papeis que envolvían os paquetes, nas bandeiras, no escaparate... Iso non implica proselitismo. En absoluto. Fun cliente de Xistral ata que pechou [a finais dos anos noventa] e neses vinte anos de relación unicamente me inculcaron a paixón de ler: Ferrín, Celso Emilio, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo, Vergara Vilariño, Aquilino Iglesia Alvariño, Noriega Varela, Eduardo Moreiras, Amado Carballo, Xavier Seoane... En etapas cruciais da miña formación cultural, entre os dez e os vinte anos, Manuel puxo nas miñas mans *O porco de pé* de Risco, *Xente ao lonxe* de Blanco Amor, *Xoguetes para un tempo prohibido* de Carlos Casares, *Breixo* de Alfredo Conde ou *Fábula* de Xabier Alcalá. El mesmo regaloume en 1977 o volume *Barco sin luces* de Luís Pimentel tras ler o meu primeiro poemario, *Chálives*, un orixinal que conservo aínda coas súas anotacións. En *Chálives* detectaba [dicía] unha presión atmosférica próxima a Pimentel. Plutón aproximábase a Urano.

O meu non foi un caso excepcional. Manuel Veiga [Monforte, 1960] considera que Saleta e Manuel cumpriron a función da súa universidade literaria: “el falábame de Pimentel ou de Otero Pedrayo, e ela recomendábame ler a Turgueniev”, escribe Veiga, militante do Bloque e compañeiro de pegadas con Saleta alá polos primeiros anos oitenta. Castelao e Dieste –en concreto “O neno suicida”– entraron na súa vida da man de Xistral, xunto a Maside ou Ferrín.

Lois Diéguez [nacido en Monforte no 1944 e discípulo predilecto do poeta chairego] vai máis alá e na biografía *Labrego con algo de poeta* de Mercedes Queixas, subliña:

Manuel motivaba en nós a escrita e os meus textos chamaron a súa atención, o que provocou o inicio da nosa relación. Convidoume a visitar a súa casa e alí descubrín unha fantástica biblioteca na que puiden ler a moitos escritores e escritoras galegas como Pimentel ou Fole, completamente descoñecidos para min e para a miña xeración. Souben por el, pois, que existía unha literatura galega. Comecei a escribir en galego sen saber ese idioma, xa que nunca fora materia de estudo nin eramos unha mocidade consciente do noso. El corrixiame, ensinábame palabras galegas que substituísen os meus castelanismos, falabamos sobre os meus poemas, debatíamos diferentes propostas e animábame a presentarme a concursos que logo gañaba.

Debemos ter en conta que nesa década dos setenta, coincidindo co máis descarnado da crise económica da comarca e coa xa mencionada irrupción da heroína, é cando a cidade cobra unha maior importancia cultural, non só polos célebres versos de Reixa [“Monforte era unha praia branca, ata que chegamos nós en azul e diagonal”], senón porque en Monforte se cruzaron camiños varios. Viña Fole de Lugo escoitar as historias dos feirantes e Novoneyra andaba, coma sempre, en tránsito do Courel a Compostela, con estadias prolongadas na cidade para beber co seu entrañable amigo Roberto Martínez Andrade, poeta que lle deixou á Literatura galega un libro de valor excepcional: *Esta é unha pequena hestoria de amor e de noites*. Carlos Oroza tamén andaba por Monforte e en Monforte se namorou de Carme Latorre, a muller que marcou por eses anos a súa vida e a súa obra: a ela dedicoulle o groso de *Elencar*. E medraban Lois Diéguez, Lois Pereiro, Antón Arias Curto, os irmáns Quiroga ou Piedade Cabo. Aquí pasaban temporadas o vello Patiño, Patiño o novo, Margarita Ledo, Xosé Estévez ou Xurxo Fernández, que ilustraría os artigos de Manuel María en *A Nosa Terra* e, posteriormente, en *El Correo Gallego*. O profeta Leopoldo Sanmartín predicaba en Monforte, descalzo, a boa nova da teoloxía da liberación. E todos se citaban na librería.

As achegas de Xistral prolongábanse na homónima editora, coa colección Val de Lemos, onde publicaron Celso Emilio, Neira Vilas, Bernardino Graña, Vergara Vilariño, Luís Álvarez Pousa, Cabana, Xosé Lois García ou o propio Diéguez, encargado de abrir Val de Lemos en 1968 con *Cancións pra un agromar branco e azul*. Margarita Ledo Andiñ publicou os seus únicos poemarios [*Parolar cun eu, cun intre, cun insecto*, 1970 e *O corvo érguese cedo*, 1973] na colección, se ben ten

outro poemario practicamente inédito, uns sonetos, cos que gañou as xustas literarias da cidade a primeiros da década. Para ela, Val de Lemos foi

un lugar de encontro e de crenza no futuro; un desquite da palabra contra a súa desaparición; a lingua galega como sinal das contrabandistas. No meu caso foi algo máis, foi a botella ao mar na procura do que nalgures existía, foi o modo de entrar en relación cunha xeración que fixo de min unha persoa prendada da política, dos países pequenos e imperfectos e das historias con final aberto.

Tamén asociado á librería estaba o selo discográfico Edigsa-Xistral, que tivo en Voces Ceibes aos seus máximos expoñentes. Editáronse dezaseis discos, entre eles a gravación do poema “Acuso á clase media”, de Manuel María, de grandísimo éxito. O seu catálogo nútrese de nomes hoxe míticos: Miro Casavella, Benedicto, Xerardo Moscoso, Vicente Araguas, Xoán Rubia, Xavier González del Valle [musicando a *Longa noite de pedra*], Jai Noguerol ou Miguel Enríquez.

Esa sorte de gozo moderno, de axitación insurrecta e sacudida revolucionaria, é o que experimentamos Jorge e mais eu ao entrar en Xistral. Había unha estética concreta e dela emanaba un novo discurso. Como dicía Piedade Cabo en *A palabra exacta* [a biografía de Lois Pereiro editada por Galaxia], “no século XXI podes ser moderno nun curso acelerado por internet, pero no franquismo, na afofante ditadura que aburría ata aos nosos avós fascistas, a información resultaba un ben escaso”. En Xistral, Jorge e mais eu sentímonos máis modernos que diante de Modas Kiny, o comercio máis moderno da cidade, con Kiny como a muller máis rabiosamente moderna que puidese imaxinarse, en plataforma dourados de cana ata as coxas e minisaia de paramécios lilas. Máis moderna Xistral, ou polo menos igual de moderna, que os modernísimos zapatos de tacón para home que comezaban a aparecer nos escaparates de Calzados Lumar; máis moderna que a *pinball* do Sésamo e que o Teatro Lemos despois da súa última reforma. Máis moderna que a xigantesca imaxe de Julie Christie na tapia do Cardeal anunciando o filme *Lonxe do mundanal ruído*, apegado á tapia ata moitos anos despois da súa estrea [ata que construíron o edificio do Banco de Bilbao, primeiro banzo do desastre urbanístico que se avecinaba]. Curioso que ningún destes templos da modernidade monfortina sobrevivise ao tempo, pero tamén é obvio que a modernidade, por natureza, é perecedeira, rápida, tumultuosa, hormonal. Un alustro, unha beleza fuxidía, unha contradición, como vida de Rimbaud.

De todo aquilo que nos facía sentir modernos, talvez o único que queda é o legado de Xistral, estela de leónidas no firmamento. A súa modernidade xurdía do poder para reconstruír a historia nunha perspectiva insólita para nós, rapaces que non naceramos no rural e que interpretabamos a defensa labrega como

un compromiso ecolóxico, en certo modo próxima ao hippismo, se non fose que en Xistral imperaba –sen veladuras– unha moral marxista, oposta netamente aos hippies. Nós, por outro lado, tampouco eramos hippies, nin sabíamos quen era Marx: o único que nos interesaba era unha nave espacial na que viaxar a un novo mundo. Como a Pioneer 10 atravesando a nube de Oort, Xistral transportaba un material prezado e raro, prohibido: un relato que no colexio se desbotaba, que nos libros de texto se negaba e que se expulsaba das bibliotecas públicas.

O relato escribíámolo nós mesmos, aquí, nese instante. Nel, estabamos representados, dun xeito ou doutro, todos os membros da comunidade, entendida a comunidade como unha tribo e a nación como un conxunto de tribos organizadas. Os heroes non eran xa militares, conquistadores ou santos sacrificados [Frei *Escoba*, Santa Bernardette, Santa Rosa de Lima, Filipe Neri...]: eran labregos, obreiros, xente do común, ti mesmo, un rapaz á deriva... O relato xurdía na aldea do lado, na propia cidade de Monforte, nas rúas menos transitadas, nunha fachada de pedra, no barro das paredes das casas, nos corredores de madeira, no patrimonio esquecido, no recordo da reunión monfortina das Irmandades da Fala en 1922, en Otero Pedrayo, en Dalmiro de la Válgoma, no trampitán, no castro de Chavaga, no Irrio peliqueiro de Castro Caldelas.

Jorge e mais eu sentimos, ao entrar en Xistral, que todos, absolutamente todos, podíamos ser astronautas.

AS PAISAXES IDENTITARIAS NA LITERATURA DE MANUEL MARÍA

Xosé Lois García

Resumo: Neste traballo analízanse varios elementos das paisaxes que están presentes na obra literaria de Manuel María, que se inscribe no contexto da tradición poética galega desde os trobadores medievais. Esas paisaxes que a finais do século XIX transcenderon na poesía de Rosalía de Castro, no seu libro *En las Orillas del Sar*, e na novela *La Madre Naturaleza* de Emilia Pardo Bazán. E máis tarde *O Bosque Animado* de Wenceslao Fernández Flórez. Na década de 1950 apareceron os primeiros libros poéticos de Manuel María que naturalizan as paisaxes máis íntimas coas que se relaciona o poeta de Outeiro de Rei. Neste estudo sobre as paisaxes na poesía de Manuel María poñemos énfase ao panteísmo, como resultado das observacións e diálogos de silencio que mantén cos diversos espazos paisaxísticos. Outro dos elementos vitais que se analiza deste traballo é a casa, como centro de convivencia, relato de vida común que se converte na primeira nación para Manuel María. No que se recollen varias expresións e matices de espazos paisaxísticos moi ben definidos sobre a Terra Chá e a Ribeira Sacra. Paisaxe, cultura e tradición son elementos esenciais no pensamento de labregancia de Manuel María, na súa máis ampla dimensión.

Abstract: In this paper, several elements from the landscapes present in Manuel María's literary work are analyzed. This work falls within the context of Galician poetic tradition ever since medieval troubadours. They are the same landscapes that have transcended in Rosalía de Castro's poetry since the late 19th century, in her book *En las Orillas del Sar*, in the novel *La Madre Naturaleza* by Emilia Pardo Bazán, and later in *El bosque animado* by Wenceslao Fernández Flórez. In the 1950s came the publication of the first poetry books by Manuel María that naturalize the more intimate landscapes which the poet from Outeiro de Rei is related to. In this study about landscape in Manuel María's poetry, the focus is placed on pantheism as a result of the observation and the silent dialogues he holds with the different landscapes. Another of the crucial elements analyzed in this work is the house as a center of cohabitation, the story of a life in common that becomes Manuel María's first nation and where several expressions and some very well defined scenic nuances about Terra Chá and Ribeira Sacra are found. Landscape, culture and tradition are essential elements in Manuel María's rural thought in its broadest dimension.

Palabras chave: Manuel María, paisaxe, *Terra Chá*, casa, Ribeira Sacra.

Key words: Manuel María, landscape, *Terra Chá*, home, Ribeira Sacra.

A paisaxe na tradición da literatura galega, concretamente na poesía, tivo ese destaque espacial nos trobadores galegos dos séculos XII e XIII, onde non cesaron as referencias a diversos tipos de flora que personalizan as diversas paisaxes da Galiza e que se manifestan en diversas cantigas do noso cancionero medieval: abeleiras, piñeiros, videiras, pomares, soutos, devesas; en espazos de montaña e de ribeira, cos seus núcleos rurais, con muíños, sequeiros, adegas etc., que fornecen ese extenso glosario que nos leva á diversidade das paisaxes da Galiza de antano.

E se damos un salto no tempo e nos posicionamos nas paisaxes do século XIX, concretamente na poética de Rosalía, sobre todo *En las orillas del Sar*, estaremos observando en Rosalía a paisaxe como un todo que ela naturaliza reiteradamente, xa non cos ecos do romanticismo e si co naturalismo que se impón en toda Europa. A defensa que fai Rosalía do medio natural veu naturalizar o protagonismo dunha corrente concienciadora sobre a protección do noso medio natural. Así de explícito é este poema de *En las orillas del Sar* (1985: 95):

*¡Profanación sin nombre! Dondequiera
que el alma humana, inteligente, rinde
culto a lo grande, a lo pasado culto,
esas selvas agrestes, esos bosques
seculares y hermosos, cuyo espeso
ramaje abrigo y cariñosa sombra
dieron a nuestros padres, fueron siempre
de predilecto amor, lugares santos
que todos respetaron.*

A captación do medio natural por parte daquelas persoas que vivían a auspicios del ou mantiñan un diálogo coa paisaxe, tiveron na Galiza na época de Rosalía outros defensores do naturalismo, como era o caso de Emilia Pardo Bazán que, con precisión, capta e transmite eses cambios aos que está sometida a paisaxe, cando sinala na novela *La madre naturaleza* (1943: 264):

Aunque la luna, en cuarto creciente, dibujaba ya sobre el cielo verdoso una fina segur, todavía la claridad del crepúsculo permitía registrar bien el paisaje; pero al ir entrando bajo la tenebrosa bóveda formada por el ramaje de los castaños, se encontró la pareja envuelta en la oscuridad y en no sé qué pavoroso sagrado, y fresco y solemne, como el ambiente de una iglesia. El suelo estaba

seco y mullido, como suele estar en verano el de los bosques, y el pie lo hollaba con placer.

Velaquí o rotundo apelo a cultivar a natureza, a paisaxe que os antepasados protexeron. E nesta toma de conciencia emerxeron poetas, como Noriega Varela, que evoca as paisaxes, exentas de bucolismo, e nos convoca a defender o que se perde delas. Continuando brevemente nesta xeira cronolóxica, en 1943 publícase unha interesante novela de Wenceslao Fernández Flórez, titulada *El bosque animado*, tomando como referencia o espazo da Fraga de Cecebre. Aínda que eu estea en discordancia coa ideoloxía deste autor, non deixo de recoñecer a interesante achega sobre a diversidade e a ecoloxía sobre os espazos naturais na Galiza.

Nesta curta introdución a este relatorio, intentando achegar minimamente definicións sobre a paisaxe galega interpretada e suxerida polos autores citados, chegamos ao cume da sucesión de valores e de varios horizontes espaciais que se expresan nesa temporalidade e que aparecen coa transformación das paisaxes, introducindo elementos que determinan cambios e interpretacións moi diversas. Nesta dirección, en 1950, Manuel María publica o seu primeiro libro: *Muiñeiro de brétemas*. No seu primeiro poema, posiciónanos na pertenza e na incorporación ao medio; no coñecemento do medio. E dunha maneira simbólica matiza (2001a: 15):

Os labregos comprendemos ás muxegas
e ás pedras albeiras sen picar
porque é unha pedra albeira
a que moe no meu muiño de verbas.

E nesta posición de ser e comprender, temos a impresión de que o poeta manifesta a súa contemplación da paisaxe e de todo aquilo que se axusta á súa medida e forma, como é o muiño. Por tanto, nestes versos, a natureza e o ser humano acadan unha dimensión transcendental de integración. Na consideración de María Zambrano sobre os espazos naturais e a súa achega á poesía, confirmaba: “Poeta es el hombre devorado por el bosque” (Sainz 2003: 168). No caso de Manuel, non era un poeta devorado pero si integrado e, tamén, interlocutor desa sensibilidade que transmiten as paisaxes e que tantas veces non somos conscientes dese potencial que elas transmiten.

Manuel María, en 1954, publica o seu segundo poemario: *Advento*, no que confirma esa integración na materia das paisaxes, como nos describe no poema “O corazón da auga” (2001a: 60):

A auga:
non di a ninguén os seus segredos
malogrados. Os seus segredos tan íntimos,
tan lonxanos, tan cheos de bolboretas,
de gaitas longas feitas neve na sombra...!
Ouh alma miña, bébeda: non vaias lonxe;
esquece as follas mouras que son a sombra
de algo mais indeciso aínda que os beizos
e que o aire.
[...]

Son auga.

Son plenitude, presencia innumerábel, sinfonía
de vibraciós presentes na choiva triste
e nas palabras...

Velaquí o poeta como nos confirma, conscientemente, a súa integración no medio, sinalando: “Son auga”. Este poderoso vencello manifesta, por unha banda, certas aproximacións a un contido panteísta –non quero dicir que o sexa–, pero tamén manifesta ese don metafísico que tantas veces aparece na poesía de Manuel.

O poemario *Terra Chá*, publicado en 1954, composto con anterioridade, abre un ciclo de contundencias rurais dun enorme espazo como é o da bisbarra da Terra Chá, que vén ser a superación de todo o que se tiña dito con anterioridade sobre a paisaxe. Encétase, pois, un novo ciclo da poesía na paisaxe, ou a paisaxe na poesía das incontinencias, na que Manuel María configura un enorme tecido da súa terra de nacemento e de experiencia, dado que el estaba naturalizado nela, de tal maneira que a chegou a escudriñar e a relatar todos eses materiais que conforman o cadro orográfico e paisaxístico. Se o 1954 nos trae o *Terra Chá*, en 1955 publícase *Os Eidos* de Uxío Novoneyra, outro libro que reivindica as paraxes e paisaxes do Courel. Dous tratados poéticos que lexitiman espazos íntimos, cada un deles de diferente dimensión. Ademais, en 1955 a editorial Galaxia publica un libro colectivo, titulado *Paisaxe e cultura*, do que forman parte especialistas e estudosos das diversas paisaxes galegas, como Otero Pedrayo, Cuevillas, Cunqueiro e Fernández del Riego, entre outros. Estes ensaios cos dous libros poéticos de Manuel María e Novoneyra marcan unha nova fase na procura e definición das paisaxes nativas e asumidas, como é o caso de Manuel co seu *Outeiro de Rei*, mesmo nese espazo natural que o emancipou, o poeta transmitiunos os diversos valores sobre as nosas paisaxes que precisan de ser defendidos e que acreditan un sentimento naturalista moi profundo, que nos mostra nese diálogo co seu microcosmos de Outeiro. No poemario *Ritual para unha tribu capital de concello* están as credenciais máis íntimas que o poeta mantén con ese espazo e as súas paisaxes. Sírvanos como exemplo

dúas citas do mencionado libro. Na primeira delas, escollida por min, manifesta (2001b: 287):

A vella, fermosa carballeira,
pon en nós un inqueda
tremor respectuoso:
cada carballo é un ser vivo
que canta sofre e ama.
A súa sombra é un enigma
no que non debemos penetrar
doadamente. E a súa voz,
rouca e cambiante, ten
un tremor escuro de salmodia.

E sen saír do contorno da carballeira de Santa Isabel, fai unha evocación desa arquitectura do muíño que irrompe esteticamente na paisaxe, promovéndoa desde un ámbito humanizado, pola arquitectura do referido muíño, pola capela de Santa Isabel e polos caneiros. O segundo poema evoca (2001b: 288):

O muíño que está ao pé do Miño,
enorme como un monte, seguro
e lento como o tempo, garda
un segredo nunca revelado:
non son os seus rodicios.
os que fan cantar a auga escura
a prisioneira do caneiro.
A canción da auga é quen
move aos rodicios e dálles
un prodixioso rimo máxico:
medida e número do mundo,
harmonía e cómputo dos astros.

Vexamos como o poeta delimita ese microespazo en particularidades que el observa, erguéndoas na súa conciencia emancipada, desde onde se pode notar o prodixio das paisaxes. Os remuíños e a forza da auga movendo os rodicios lémbrennos aqueles estudos de Leonardo da Vinci sobre os movementos da auga. Nestes poemas mostra, tamén, ese valor panteísta que neste libro se manifesta. Con razón sinala o prologuista deste poemario, Xosé Estévez:

Este panteísmo cósmico está suxeito a unha cadencia medida, que enceta na auga, rexe o mundo como terra e remata na harmonía astral (poema 21). Mais esta visión universal materialízase nunha terra, a tribo outeirá, que ten uns lindeiros concretos (poema 5) e catro elementos fundamentais, reticularmente xunguidos entre si e coa xente (2001b: 266).

Por tanto, o poeta posiciónase no centro destas vivencias, non como cronista, e si como contemplador e transmisor das sensacións que lle produce ese medio. A paisaxe que nos entrega Manuel, nestes versos, determina a codificación da memoria das cousas que se producen nese microespazo, rescatándoas e conservándoas para a poesía, que as erixe con plenitude no verbo poético. Se nos situamos nestas paisaxes, as visualizamos e mais as lemos nos poemas que Manuel estruturou, ficaremos fascinados polas captacións que el fixo e, ademais, identificaremos na paisaxe os dons e as emocións que dela nos transmite o noso poeta. No libro que estamos mencionando hai un apelo a esa estrutura unitaria da plantación orixinal desta carballeira de Santa Isabel que son os carballos. Manuel María non admitía outras plantacións híbridas que truncasen esa unidade forestal. Sírvanos de exemplo o seguinte: cando a Asociación de Escritores en Lingua Galega erixiu unha pedra de homenaxe a Manuel e se plantou unha árbore, o poeta escolleu un pequeno carballo que el plantou o 31 de maio de 1997. Isto ten un profundo significado sobre a unidade forestal e espacial que mantíña o noso poeta.

Quería abundar no libro das paisaxes excelsas que é o *Terra Chá*, un libro complexo para explicar todo o que nel se multiplica da chaira labrega, na que se contextualiza esa forza telúrica que determinou variadas paisaxes e, tamén, a ancestralidade que toma protagonismo na autenticidade desa cultura estruturada en tantos temarios que aparecen no referido libro: todo un inventario no que se manifesta a chaira e do que percibiu o poeta, das súas grandezas e das súas ruínas. No *Terra Chá* exhibese a paisaxe que lle dá incontinencia á linguaxe poética, sumo legado de referencia. Non sei ben se a poesía e a paisaxe, en xeral, teñen o mesmo punto de partida e de chegada, mais neste poemario pode que teñan o mesmo percorrido, se captamos esa forza emocional e vital, con que sensibilidade está estruturado o *Terra Chá*. Manuel tripou a Terra Chá; a súa beleza e a súa paisaxe fertilizaron nel esa elocuencia e dignidade de proclamar e protexer ese grande espazo. Decía Henry David Thoreau: “Que é a beleza dunha paisaxe se non fertiliza en min?” Esta interrogación fixérona Lao Ze, Goethe e Antonio Machado, confirmando que a paisaxe se manifesta cando se vive reiteradamente e se dialoga con ela. As paisaxes da Terra Chá e de toda Galiza foron soporte e materia que Manuel estruturou e administrou en varios contextos do seu libro.

Manuel María, indiscutibelmente, é un poeta da paisaxe. Mais as diversas paisaxes das que el nos fala dependen de espazos xeolóxicos determinados e estruturas telúricas que se acomodan no panorama poético do *Terra Chá*, como poden ser as Penas de Rodas, as Lagoas de Cospeito, as rutas fluviais que cruzan a chaira e un longo etcétera. Os rexistros que atopamos sobre a flora e a fauna, a utilidade e a transformación de materias como a construción de casas, pontes, cruceiros, os costumes labregos, as romaxes, os convívios teñen diversos parámetros onde a paisaxe e variados relevos terrestres teñen unha relevancia impresionante, na que se concentran atributos e particularidades que revelan e exaltan o don identitario, primicia da nación galega. Ao respecto escribiu Ramón Otero Pedrayo, no libro *Paisaxe e cultura*, o seguinte: “Lembremos a Terra Cha luguesa. Organízanse mainas e dubidosas as augas. As formas do terreo, as composicións dos arboredos, a forza da historia, devalan con ritmo maino. Nin as augas afondan creando vales, nin se agotan os pobos que dispoñen de estesas ermanzas” (1955: 39).

No *Terra Chá*, encontramos esas individualidades espaciais tan acentuadas na idiosincrasia da nosa psicoloxía. Espazos sonoros producidos polo vento e pola choiva e outros fenómenos naturais que repercuten poderosamente nese ton elexíaco do *Terra Chá* e noutros poemarios de Manuel, os cambios de luz estacionais, a fecundidade dos froitos, como mostra en *Poemas ó outono* (o mes en que el naceu), que resalta (2001a: 599):

Eu nacín en Outono cando o mundo
é un froito dourado i en sazón,
un soño melancónico profundo.

E prosegue a evocación (2001a: 560):

Veleiquí Outono, grande e puro,
vestindo ó mundo de dourado,
con saibo a mosto fermentado,
a mazá, a sal, a grau maduro.

Velaquí como percibimos e contemplamos os signos do paso do tempo estacional; estes poemas representan a totalidade dunha estación de recolleita e de xerminación, con ventos que preludian invernía. Neste fluír de vento e choiva, o poeta entréganos esas imaxes puras e sonoras. O noso poeta nacional tamén nos reviste as paisaxes desa sonoridade artificial que producen os carros e outros artificios como o toque de campás, o estrondo de foguetes, o son de gaitas e bandas de música etc. Unha reivindicación utilitaria que se perfila nun medio construído

e animado por unha cultura labrega que evoca un poeta, como Manuel, non porque se sinta desamparado senón que sente o desamparo dunha terra depredada por quen desgoberna o país e, mesmo, sente a perda do máis preciso e accesíbel da nosa cultura labrega, feita á medida da terra e da paisaxe. No que respecta ao espazo sonoro, nesa largacía chaira, está o poema tan coñecido e cantado: “O carro” (o noso segundo himno nacional), no que di (2001a: 131):

Non hai canto tan fermoso:
fino como un asubío.
Anque é ás vegadas, saudoso,
faise, no ar, rechouchío.

Os que nacemos no rural e temos unha cultura labrega experimentamos ese canto longo dos eixos dos carros que ficou no noso imaxinario. E cando pensamos na paisaxe vivida, o asubío e o rechouchío dos carros aparecen como exaltación do que agora nos falta desas paisaxes, dadoras da nosa personalidade e da nosa pertenza, de sentirmos naturalizados en todos os contextos do noso microcosmos nativo. Con razón sinala Raffaele Milani, no seu libro *El arte del paisaje*, o seguinte: “La naturaleza modela las formas en la mente, forja eventos mutables en función de la movilidad del sujeto, de las materias (de la tierra al agua, de las rocas a las superficies herbosas), de las condiciones climáticas y estacionales. De esta manera obtenemos un sucederse de poéticas, desde aquellas más explícitas del genio del arte y las implícitas del genio de la tierra” (2015: 66).

Aínda cabe abundar nesa paisaxe chairega de utilidade económica nas súas diversas estratificacións existenciais e de supervivencia que se deu nunha agricultura de autoconsumo. A paisaxe das searas cos seus medeiros altivos, dos nabais etc. Manuel María tamén nos presenta eses reducidos espazos súbitos de subsistencia, en que aos máis pobres se lles consentía a rebusca de patacas, de castañas e de espigas, despois da recolección xeral. Algo tan forte e duro para os que vivimos na pobreza. Servidor foi un neno rebuscador destes produtos en leiras, soutos e searas dos máis ricos e potentados. Por tanto, este oficio naturaliza a un no valor existencial da loita de clases e na defensa do colectivo popular a ser libre e dono dos seus recursos. Neste sentido, podíamos seguir recoñecéndonos todos os galegos de labregancia no *Terra Chá* e noutros libros de Manuel que inciden neste temario. Estes recursos dialécticos están dentro dese tecido universal do transcendente, de sentirmos envoltos e naturalizados nas paisaxes vivas que respiramos, como sinala Xosé Caramés Campos no seu libro *Reflexións para a interpretación da paisaxe* (2016: 52):

A paisaxe pequena e íntima de cada un é unha vivencia e un recordo. Os habitantes como as plantas son figuras da paisaxe, teñen a súa raíz na infancia e sempre a terán mentres vivan. Os mortos de cada familia e de cada aldea forman tamén parte da nosa paisaxe no recordo. Os que se quedan non esquecen dos que se van dunha forma consciente ou inconsciente.

Manuel María manifesta este mesmo tema no poema “Pranto pola Terra Cha” (2001a: 154):

Camiñei por toda a Chaira moi contento
cantándolle ás estrelas e ás rapazas.
Cantando á terra, ás árbores, ó vento.
Cantando os homes, ó gando e as carpazas.
Agora xa non canto. ¡Choro! ¡Os tractores
desfixéronlle a face á miña Terra Cha!
¡Os ruxidos inhumás e roucos dos motores
matáronlle, pouco a pouco, a súa soidá.

Así que Manuel canta con mágoa ao que se perde das nosas tradicións. O ronquido dos tractores desprazando o cantar dos eixos dos carros. Velaquí un poema premonitorio sobre a gran desfeita de Galiza.

Mais, do que levamos dito até aquí, da diversidade das paisaxes chairegas e a súa dimensión identitaria, deixamos algo importante por sinalar, como é a agrupación do hábitat sedentario e labrego de “un pobo aquí, outro acolá”, que sen esta agrupación rural non estaríamos falando da dinámica das paisaxes. No poema “Povo”, deixounos estes matices (2001a: 94):

Vinte, trinta casas. Aí están
cunha feitura xusta e aldeán.
A terra é moura. Dorme con desgana
sen a curva feminina da montana.
Uns prados, a mazaira e a cerdeira.
Os palleiros ocupan media eira.
Os cas, entre as casas, a folgar,
ladrando por ladrar.

Que fermosas imaxes para levar a un lenzo cromático e expresar toda esa forza que emite este poema sobre o núcleo habitado; sobre o portento da paisaxe nese contexto cósmico que nos engloba. Ollar esas construcións garridas, feitas

á medida dos seres que as habitan e das súas necesidades, emitindo esa emoción tan personificada nas vivencias e na interrelación entre persoas e as cousas que manifestan a grandeza identitaria do noso núcleo rural, a aldea.

A aldea é o núcleo, por idiosincrasia, que nos naturaliza en sociedade, e a casa como unidade física e emocional, onde se desenvolve a nosa aprendizaxe e convivencia; os nosos sentimentos de pertenza e herdo asentados no potencial dos nosos devanceiros. A casa é a nosa primeira matria onde se erixen os valores de ser galegos; a nosa primeira nación onde nos recoñecemos reciprocamente na cultura e na lingua: o noso enorme potencial de residencia. Esa:

Miña casiña, meu lar,
icantas onciñas
de ouro me vals!

(Castro 1998: 297)

No refrán da cantiga popular que recolleu Rosalía, é un dos símbolos e atributos con que os galegos do rural amamos a casa e a paisaxe do seu contorno, tan íntima como intransferíbel. Nesta dirección, Manuel María completou en varios dos seus poemas unha sensíbel relación sobre esa nosa primeira nación que é a casa. No poemario *A luz resuscitada*, sinala no poema “A casa” (2001b: 172):

Este meu corpo: habitado lar
coas portas bem abertas
para que entrem por mim
as músicas de perto,
os rumores de lonxe,
os ventos peregrinos, o mundo,
externo, complexo e variado.

Sírvanos este poema como preámbulo iniciático para entrar no “habitado lar” existencial que Manuel exalta da casa e das súas paisaxes naturalizadas.

O poemario *Sonetos á Casa de Hortas* é para un servidor un compendio de referencia, un sensíbel tratado sobre o apego existencial que destaca os atributos dinámicos da casa, a nosa primeira naturalidade onde emerxe a nosa identidade como galegos. Manuel entrou nas entretelas do que significa a casa como elemento físico e material e, tamén, como sentimento de pertenza matricial, como destaca nestes versos (2001b: 620):

A casa: matria, patria, fundamento
do desacougante drama do existir,
alegre ás veces e outras tristurento.

Nesta resistencia existencial está a evocación desa paisaxe que rodeaba a casa de Hortas en Outeiro, que podíamos sinalar como paisaxe íntima e emocional no seguinte relato (2001b: 622):

A horta foi xardín ledó, moi fermoso,
e limitaba coas nubes e coa aira.
Nun recanto medraba unha abelaira
e noutro, un cedro xigante e poderoso.
Nós lembramos aquel edén umbroso:
a claudieira, a cerdeira e a mazaira
nas que a brisa –música lizgaira–
arrincaba un son ledó e señardoso.
Naquel edén, á sombra do loureiro,
rebetaban os nosos ensoñares
con mainos cintilares de luceiro.
Alí non sentía coitas nin pesares:
eu era o universo, o mundo enteiro
ateigado de luz e de cantares...!

Neste soneto, Manuel decátase dos cambios cíclicos vindos de fóra, que para a Galiza foron devastadores na destrución do rural dunha forma apocalíptica. En todo o libro, hai un apelo a restaurar os inicios, a defender a orixinalidade da casa e as súas contornas, en definitiva, restaurar a nosa patria. Este tipo de apocatástase (palabra grega que significa restaurar os fundamentos primitivos de algo que se depredou) ten para Manuel a lexitimación de autodefensa do propio, en todas as súas dimensións. Por tanto, a casa, como os galegos a entendemos, é un espazo real e metafísico, onde convivimos e nos encontramos, perpetuando o legado dos nosos ancestros.

En 1988, a editorial Eusko Ikaskuntza publica unha separata de Manuel María titulada “Gabriel Aresti: arbre e pedra”, na que resalta (1988: 273):

Un dos poucos poemas verdadeiros, deses logros sorprendentes, que acompañan a ún pra toda a vida e que mesmo transcenden do seu valor poético pra facerse norma de conducta:

Defenderei
a casa do meu pai.
Contra os lobos,
contra a sequía,
contra a usura,
contra a xusticia
defenderei
a casa
do meu pai.

Outra das particularidades da obra de Aresti é a árbore e a pedra, que Manuel destaca como símbolo das liberdades de Euskadi. A esta contundencia de Aresti, Manuel (1988: 275) suma estes versos de Celso Emilio Ferreiro:

Arbre antiga, Galiza,
fendérona as machadas.
Unha ponla no mundo,
outra ponla na casa.

Nesta xeira de citas non podía faltar a do seu amigo Salvador Espriu, sobre as cinco árbores do seu xardín (Espriu 1968: 226):

vaig triar les paraules
més senzilles, per dir-me
com passaven levíssims
ors de sol damunt l'heura
del jardí dels cinc arbres.

Versos que simbolizan o refuxio orixinal no xardín nativo, dourado polo sol, e escurecido pola invernía. Por tanto, esa apocatástase ordenaba os versos, de reconstrución nacional en Aresti, Celso Emilio e Espriu e, por suposto, en Manuel María. Neste contexto non podemos deixar de citar a un gran poeta, tan admirado por Manuel María, como foi Francis Jammes, que no poema “Os pobos”, unha composición de 116 versos, nos ofrece varias categorías da casa, paisaxes físicas e humanizadas, como sustento de cultura e portento social.

Dado que o inventario das paisaxes identitarias na poesía de Manuel é tan amplo, vémonos obrigados a facer un resumo do que el verificou da Terra Chá, o seu espazo amado, vital e cósmico. Cando Manuel María tomou posesión do escano como académico da Real Academia Galega, o 15 de febreiro de 2003, o

seu discurso titulouno *A Terra Chá: Poesía e Paisaxe*. Recomendo ler ese discurso para entender o sentimento de defensa, e a interrelación entre poesía e paisaxe que el entendeu e que os poetas chairegos tamén percibiron. Nese acto solemne, Manuel María mencionou interesantes esbozos poéticos sobre a Terra Chá, vindos de Xosé Crecente Vega, autor do poemario *Codeseira* (1933). Neste sentido, non estou insinuando para nada que Manuel fora un epígono de Crecente. Nesa disertación académica florece a súa simpatía polo libro de Crecente, valorando a descuberta da Terra Chá que realizou Crecente Vega, ao igual que Aquilino, Díaz Castro e todo ese volume de excelentes poetas actuais que, sen todos eles, a poesía galega sería máis pobre do que xa non é desde a Terra Chá. Non quixera deixar de incidir no valor ético e estético que Manuel lle deu á paisaxe, dentro do marco identitario e cultural. Hai un libriño –eu diría un caderno– que Manuel titulou *Novena a Santa Isabel*, moi pouco lido e que representa a súa ideoloxía defensiva contra varios temas nocivos e atentatorios contra a sociedade galega. No seu matiz panteísta, sinala (1995: 25):

Nada de canto existe é tan gratificante como acompañar a pouca vida que nos deron á música da natureza, ás formas cambiantes e maravillosas da paisaxe e a harmonía das celestes esferas. [...] Desexamos e pedimos que non veñan homes sabidos, seica competentes técnicos, ordenar a nosa paisaxe, erguendo enormes rañaceos, contaminando ríos, torando árbores, cultivando bonsais –enanos como a súa mente e a súa sensibilidade–, estercoando con química as hortas e campos de cultivo.

Non debemos minimizar a Manuel María, contextualizándoo só nos parámetros xeográficos da súa Terra Chá nativa. Se asumimos que el é o noso poeta nacional é por que alén dos seus eidos chairegos accedeu e comprendeu outras bisbarras da xeografía galega. Manuel María tamén é o principal e ático poeta desta inmensa terra de val e ribeira que coñecemos como Ribeira Sacra; cuxo epicentro é Monforte de Lemos, cidade na que viviron Saleta e Manuel corenta anos. Por tanto hai razóns polas que nós, os da Ribeira Sacra, o reivindicamos como o noso poeta, pola transcendencia que lle deu a esta terra e polo que achegou en tantas descubertas, símbolos e interpretacións, cando tripou terrón miúdo, observou paisaxes e monumentos e dela escribiu numerosos poemas e artigos de prensa. Non hai máis que deterse nos numerosos artigos en “Andando a Terra”, en *El Correo Gallego* e outras publicacións, para comprender a Ribeira Sacra do Sil, en varias das súas dimensións nos *Sonetos ao Val de Quiroga* (1988), nos que escudriña as paisaxes, as tradicións e varios contidos autóctonos que destacan a idiosincrasia da bisbarra quiroguesa. Tamén mostra ese sentimento saudoso, polo íntimo

e familiar, con que trata eses espazos onde a súa avoa Consuelo camiña. Unha terra de seu, na nostalxia polos seus antepasados. As terras de Quiroga teñen na poesía de Manuel María un dos mellores portentos en describir os segredos desas paisaxes, que crean ese potencial de integrarnos neses relevos de val e montaña. A natureza de Quiroga, por onde o Sil serpea, con tantos respiros espaciais que nos convocan a dixerir esa Galiza montesía, onde o home é a medida xusta da terra que o moldeou. Nesta dirección están compostos os intimistas *Sonetos ao Val de Quiroga*.

O *Cancioneiro de Monforte de Lemos* (1990) é un poemario esencialmente urbano, con destaque da cidade de Monforte e do seu tecido monumental e histórico, que Manuel coñecía con puntualidade. Este poemario non está exento de múltiples individualidades rurais que magnifican o esforzo creativo dos labregos e as súas tarefas socioeconómicas e o seu status de marxinação, ao sinalar (2001b. 388):

O labrego do Val, o bon labrego,
compañeiro do toxo e do torrón:
ívai arando a súa vida rego a rego
cunha fonda e total resignación!

A Manuel e a Saleta tocoulles vivir esa transición do repregamento do ruralismo labrego que circundaba Monforte. O urbanismo avanzaba sobre a periferia rural da cidade, aconteceu no Campo de San Antonio. Neste lugar, en 1969, Manuel María pronuncia o pregón das festas, dunha maneira moi comprometida e solidaria, que rompe os lindes da palabra vedada e prohibida, sinalando:

O Campo de San Antonio limita co río Cabe e coa campía, cos campos de labor regados polas suores dos nosos labregos; cos ingratos campos nos que os nosos labregos –os que quedan– enterran desde séculos, os seus esforzos i as súas esperanzas. Un aire campesiño cingue ó Campo de San Antonio, puro e traballador e a rúa dos Abeledos, unha das rúas mais fermosas e nobremente populares de Monforte de Lemos. Os seus balcóns de madeira son aínda unha boa mostra do engado da arte sinxela con que traballaban os nosos vellos carpinteiros. (García 2015: 27).

Todas estas correspondencias sobre os espazos rurais no seu retroceso fronte á urbanización, a arte labrega que impregnaba as soleiras e as balconadas dunha estrutura arquitectónica funcional, que estaba en sintonía co perfil duns espazos

naturais e dunha paisaxe estruturada para fins agrícolas, hoxe este Campo de San Antonio está completamente modificado.

O citado poemario dedicado a Monforte contén todo un rexistro de paisaxes mixtas, ou conxugadas entre o predominio da rural fronte á urbana. Aínda que as paisaxes urbanas como a de Monforte están protexidas na súa poesía, pola monumentalidade dese tecido de edificios e templos pétreos que desvelan a identidade vilega e de cidades como A Coruña e Compostela. Sobre esta última a proclama no libro *Poemas a Compostela* (1993), onde a invocación de Manuel xira ao redor da pedra e da choiva, dous elementos fundamentais para comprender o espazo que configura unha paisaxe como a de Compostela que fertilizou na poesía de Manuel, partindo dunha serie de conceptos e coñecementos que anulan os tópicos que se teñen dito sobre Compostela.

Aínda sen saír do Val de Lemos, as paisaxes de Pantón teñen un significado profundo e interesante sobre ese mosaico natural cercado polo Miño, Sil e Cabe. No libro *Cantigas e cantos de Pantón* (1994), Manuel involucrouse nas pescudas máis íntimas desta parcela da Ribeira Sacra. Así enceta os poemas deste libro (2001b: 541):

Pantón é un país de vales coma maos abertas,
de colos maternais e amorosos de montañas
docemente femininas que se erguen
para ollar ó ceo e ó inmenso Val de Lemos
deitado ao seus pés, fermoso e longo.
¡Pantón!
ubérrima terra xenerosa,
fértil torrón no que florece a vida
dun xeito natural e ben cumprido.

Versos narrativos, crónica que nos introduce nas paisaxes de Pantón, con esa paixón que respiramos na verba enteira e integradora de Manuel María, pola que seremos capaces de entrar na metafísica ribeirá, como el concibiu a Ribeira Sacra desde Pantón, ao sinalar (2001b: 542):

Cando a paisaxe enfebrecida chega ao éxtase
abranguendo a terra, a auga, a luz,
o aire, o lume, o sol xenerador
que arde dentro do humano corazón:
nace o misterio inefable do sagrado.
Esta é –maravilládevos– a Ribeira Sacra.

Isto soamente o di unha persoa como Manuel María, cunha profunda predisposición a assimilar a paisaxe en todas as súas particularidades da flora, da fauna, das cores cambiantes da vexetación, e a captar os microclimas das terras altas e baixas por onde o Miño ondula. Estes temas envolveron o espírito naturalista e, quizais, panteísta do poeta da Terra Chá e, tamén, da Ribeira Sacra, dunha maneira prodixiosa, grazas á súa dispoñibilidade de diálogo coa natureza.

Dicía Robert Louis Stevenson, naturalista e excursionista escocés do século XIX, no seu libro *A arte de camiñar*, o seguinte (Hazlitt/Stevenson 2008: 39): “Además, [cando se camiña] se debe estar abierto a todas las impresiones y permitir que nuestros pensamientos adopten el color de lo que vemos; se debe ser como una flauta para cualquier viento”. Un servidor tivo a ocasión de visitar estas ribeiras de Pantón e outras do Miño con Manuel e notar que as súas retinas dialogaban coa paisaxe e con esa arquitectura popular e coa elocuencia iconográfica da arte románica que se expande por toda a Ribeira Sacra e, en concreto, en Pantón. Os dous dialogamos moito con esoutra paisaxe pétrea que se exhibe en tímpanos, capiteis e cornixas do románico ribeirao. Manuel tiña sumo interese por descifrar as diversas especies vexetais que se representan nestes monumentos. E isto resúmese na cantiga dedicada ao románico de Pantón (2001b: 546):

Eirexas de Atán, Pombeiro, Eiré, San Fiz:
itodo o futuro ten en vós luz e raíz!
—*E ollades sempre o infinito.*

Dicía o naturalista alemán Carl Gustav Carus, século XVIII (1992: 128):

Un rincón apacible del bosque en plena pujanza de su variada vegetación, el más simple altozano con sus plantas tan delicadas, abovedado por un cielo vaporoso frente a azules lejanías, podían proporcionar la más hermosa imagen geobiográfica que realiza en tamaño pequeño o grande no dejaría nada que desear, con tal que estuviera captada con toda el alma.

Nesta predisposición ao diálogo e compenetración coa natureza que menciona Carus, encontramos a Manuel dixerindo as nosas paisaxes no silencio máis absoluto de contemplalas e escudriñando os espazos ribeirao de Pantón, con tantas ofertas para deleitar un alma panteísta, ao estilo de Goethe, cando este manifestou á súa os grandes ríos e paisaxes que evoca no poema “Rin y Main” (1957: 1209):

De las renanas colinas
 en los campos venturosos,
 en los prados que del río
 refleja el espejo undoso,
 a lo largo de las viñas
 que al recuestro pedregoso
 prestan ornato en las alas
 del pensamiento fogoso,
 seguid al amigo fiel
 en su merodeo gustoso.

As diversas paisaxes galegas dixeridas e suxeridas na poesía de Manuel María están visualizadas por un pensador que as transbordou a eses versos que nos descubren a apoteose identitaria de cada un dos espazos que singularizan o pulo da nación galega. E isto non pode ser ignorado sobre a matricial paisaxe que Manuel escudriñou, en clave de transcendencia e liberdade nacional. Pero ademais, o noso poeta procurou os silencios que son os que máis reclaman o rigor de observar unha terra de plenitude. Nesta dirección, matiza Claire Thompson no seu libro *De regreso a la naturaleza*: “Yo muchas veces busco lugares tranquilos para sentarme y abrir mi conciencia a la vida que hay a mi alrededor. Empiezo disfrutando de placeres sencillos, como observar las ramas de los árboles dejándose mecer por la brisa sin atisbo de resistencia. A veces, el rumor de las hojas me recuerda el sonido de una catarata en la distancia” (2016: 69).

Falamos de dous grandes bloques paisaxísticos, tratados minuciosamente por Manuel María: a Terra Chá e a Ribeira Sacra. Mais hai outras individualidades paisaxísticas ás que lles dedicou un poemario, como son as terras do Carballiño, reflectidas no *Cantigueiro de Orcellón* (1984). “Poemiñas ás xencianas de Cabeza de Manzaneda” (2003). E poemas individuais dedicados ás diversas paisaxes e xeografías galegas. Mais a visualización contempladora do noso poeta transcende alén da Galiza, descubríndonos outros espazos que compara cos de Galiza, como manifesta no libríño *Laio e cramor pola Bretaña* (1973), e nestes versos (2001a: 53):

Os meus ollos ollaron campos verdes,
 toxos rexñados,
 xestas do color da mágoa,
 castiñeiros en diálogo co vento,
 piñeiros erguidos como lanzas inútiles
 en loita continuada contra a choiva.

O contemplador da Bretaña faino co espírito de estar deseñando versos que a Galiza lle ofrenda. Esta exteriorización das paisaxes foráneas maniféstase no libro *O camiño é unha nostalgia*, que é froito de percorrer outros territorios, nos que manifesta diversas expresións que el capta e dixire. Por eses camiños de nostalgia e noutros poemarios está Euskadi e Cataluña, dúas nacionalidades sen estado, como Galiza, que el amou e tripou. Deses encontros con Euskal Herria pódenos dicir moito o amigo Pepiño Estévez. Manuel tamén tivo un intenso diálogo con eses espazos paisaxísticos nutridos do románico pirenaico, en varias viaxes por terra de Cataluña. Con Saleta e Manuel tiveron a ocasión de ver como el percibía a dimensión das particularidades que ofrecía a paisaxe catalá, como podemos ver en moitos dos artigos que el escribiu sobre Cataluña. Todos eses traballos marcan a presenza dun observador que, con carácter de urxencia, manifesta ese universalismo de comprender eses espazos naturais e culturais partindo da súa propia terra: Galiza.

Manuel María, ademais de ser un incansábel camiñante, era un intelectual que se informaba extraordinariamente ben dos espazos naturais e da historia do país que visitaba. En tantas ocasións que leo a súa poesía e me interiorizo nas súas paisaxes, lémbreme a aquel eterno camiñante que foi Henry David Thoreau, autor do libro transcendentalista *Walden*, tan axeitado para naturalistas e camiñantes. A poesía, a narrativa, o teatro, a literatura infantil e o xornalismo de Manuel expresan as benquerenzas que el tivo coas paisaxes amadas. Na poesía de Manuel María as paisaxes que nela encontramos teñen esa persistencia vital e cósmica, con non poucos apelos na cultura galega de esculcala minuciosamente, como aconteceu en tempos da Xeración Nós, como precisa Vicente Risco nun artigo publicado na revista *Céltiga* (1928) de Buenos Aires, titulado “As viaxes de a pé”, onde sinala:

Por esto todo, coido en que o feito de que algúns galeguistas, co gallo de visitaren os santuarios consagrados pola devoción popular e pola tradición, percorren a terra galega a pé e andando, é merecente de ter un posto antre os feitos denotativos da nosa renacemento. Non imos falar agora das moitas pequenas viaxes que se fan en procura dunha eirexa inédita ou mal estudada, de un xacemento arqueolóxico dunha festa típica, de un detalle etnográfico ou filolóxico, ou xeográfico, dunha industria de porvir, das moitas cousas dinas de estudo que hai na nosa terra. [...] Non hei falar tampouco do proveito que destas excursións tiran a xeografía, a etnografía, a socioloxía de Galicia. Non compre: abonda que algunhas almas abertas se acheguen á terra con devoción e amor, e se dean a percorrela cos pes e cos ollos, sintindo medrar nos corazóns o amor que lle teñen, e facendo de cada santuario da fe un altar de amor á Patria

Galega, un altar onde ofrendarlle a adicación cumprida das súas vidas, de todo o seu traballo de tódalas suas capacidades e enerxías. (Fernández 1981: 32-33).

Vicente Risco fala das vantaxes dese “andar e ver” que marcaron os galeguistas na descuberta da “Patria Galega”, en todo aquilo que concirne a coñecer as paisaxes e todo o que nelas se pecha. A conciencia sobre o noso país levou a aqueles galeguistas a entrar nas entretelas do que se oculta e do que nos negan. A paisaxe, en todos os seus perfís, é un conxunto de elementos dinámicos que nos levan a ter conciencia do que somos na identidade e no herdo da nosa nación. Antes os galeguistas e agora os nacionalistas non foron nin son alleos aos valores identitarios e á enorme precisión de como actúa a paisaxe e o medio ambiental, cando nós recoñecemos que formamos parte dun ente ecolóxico que nos naturalizou. Na poesía de Manuel María encontramos a ánima vital das paisaxes formativas de cultura, que nutren os espazos identitarios da nosa nación. Temos na súa poética un tratado defensivo das paisaxes identitarias que particulariza un interese patriótico de non tolerar máis desfeitas paisaxísticas, ambientais e espaciais.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Caramés Campos, Xosé (2016): *Reflexións para a interpretación da paisaxe*. Ponte Caldelas: Edicións do Cumio.
- Carus, Carl Gustav (1992): *Cartas y anotaciones sobre la pintura de paisaje*. Madrid: Visor.
- Castro, Rosalía de (1985): *En las Orillas del Sar*. Madrid: Cátedra.
- (1998): *Poesía completa en galego*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Espriu, Salvador (1968): *Obras completes*. Barcelona. Edicions 62.
- Fernández del Riego, Francisco (ed.) (1981): *Vicente Risco. Escolma de textos*. A Coruña. Real Academia Galega.
- García, Xosé Lois (2015): *Manuel María reencontrado*. Noia: Toxosoutos.
- Goethe, Johann Wolfgang von (1957): *Obras completas*. Madrid: Aguilar.
- Hazlitt, William e Robert Louis Stevenson (2008): *El arte de caminar*. México: Universidad Nacional Autónoma.
- Manuel María (1988): “Gabriel Aresti: arbre e pedra”. *Revista Internacional de los Estudios Vascos RIEV* 33.2, 261-288.
- (1995): *Novena a Santa Isabel*. Guitiriz: Xermolos.
- (2001a): *Obra poética completa, tomo I*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2001b): *Obra poética completa, tomo II*. A Coruña: Espiral Maior.
- Milani, Raffaele (2015): *El arte del paisaje*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Otero Pedrayo, Ramón [et al.] (1955): *Paisaxe e cultura: ensaios*. Vigo: Galaxia.

Pardo Bazán, Emilia (1943): *Obras escogidas*. Madrid: M. Aguilar.
Sainz, Enrique (2003): *Diálogos con la poesía*. La Habana: Ediciones Unión.
Thompson, Claire (2016): *De regreso a la naturaleza*. Madrid: Siruela.

UN MUIÑEIRO DE VERBAS NO CORAZÓN DA ESCOLA

Fina Casalderrey
Real Academia Galega

Resumo: Na infancia modelamos a conduta e construímos a nosa identidade. Nesta formación, a escola ten un papel decisivo. A valiosa achega da obra de Manuel María é incuestionable. A forza da súa palabra e a súa inquebrantable e profunda convicción fixeron que a súa obra resultara, e resulte (non hai máis que comprobar nas redes sociais a repercusión que está a ter nos centros de ensino de toda Galicia), inmensamente eficaz na recuperación da nosa identidade como pobo, contribuíndo, así, á normalización, asemade que a saborear a beleza da lingua galega.

Os que comezamos a exercer a docencia canda implantación da EXB (1970), estamos especialmente en débeda con el. Viñamos dun tempo de portas pechadas e, na súa obra (non só a infantil), atopamos chaves sedutoras que nos conquistaron. Parte daquela rapazada, hoxe ensinantes, procuran que o seu alumnado volva sentir ese lóstrego capaz de facer brillar as cousas sinxelas (por algo o alcumaron *Deus das pequenas cousas*). Manuel María obrou o prodixio de resucitar lúas, ventos, ríos e camiños ata entrar coa súa palabra no corazón da escola. Nela pousou a palabra con verdade e con beleza, compartindo a súa visión do mundo e a súa maneira de estar nel.

Abstract: During childhood, we shape our behavior and build our identity. In this formation period, school plays a decisive role. In this respect, there is no question about the invaluable contribution of Manuel María's work. The power of his language and his deep and unwavering convictions made and still make his work hugely efficient in the recovery of our identity as a people (one should only check out social media to gauge its impact in Galician schools). It also contributes to the normalization of Galician language, as it is an opportunity to relish its beauty.

Those of us who started teaching when EXB (General Basic Education, 1970) was implemented are in great debt to him. We came from a time of locked doors and we could find in his work (not only in his children's works) seductive keys that won our hearts. Some of those children, who are now teachers, are trying to get their students to feel that lightning that can make simple things glow (that is why he was dubbed as "the God of small things"). Manuel María worked

wonders by resurrecting moons, winds, rivers and paths to enter with his words into the heart of school. He placed his words on it truly and beautifully, sharing his view of the world and his way of being in it.

Palabras chave: ditadura, escola, pioneiro, mestre, idioma, fala, diglosia, *Vagalume*, normalización, ética, compromiso, lirismo, autenticidade, liberdade, infancia, ponte, poema, música, dramatización, narración, redes sociais, gozo, gratitude.

Key words: dictatorship, school, pioneer, teacher, language, speech, diglossia, *Vagalume*, normalization, ethics, commitment, lyricism, authenticity, freedom, childhood, bridge, poem, music, dramatization, narration, social media, delight, gratitude.

INTRODUCCIÓN

Agradezo o privilexio de poder, humildemente, exercer de portavoz de moreas de mestras e mestres do meu tempo aos que lles gustaría facer público o seu recoñecemento á valiosa achega de Manuel María á escola, no que se refire á reconstrución da nosa identidade como pobo, cunha lingua e unha cultura de noso. A forza da súa palabra e a súa inquebrantable e profunda convicción fixeron que a súa obra resultase, e resulte, inmensamente eficaz na eliminación da diglosia, contribuíndo, así, a normalizar e, asemade, a saborear a beleza da lingua galega.

É na infancia onde se modela non só a conduta senón, tamén, onde se constrúe a identidade. Neste sentido a escola tivo, e ten, un papel decisivo na formación do ser humano.

O mesmo Manuel María experimentou na propia pel ese estupor que lle causou, no primeiro día de escola, atopar cun mestre, Domingo Cabana, quen de súpeto se volvea, talmente, o mestre andaluz do *Balbino* ao instalos a renegar da lingua propia nas aulas, malia falala na intimidade; feito que fixo enmudecer o neno para evitar que riran del sen piedade, tal como fixeran con outro rapaz: “Tiña un medo arrepiante a dicir unha castrapada e a facer o ridículo” (Queixas 2016: 25). Un episodio no que Manuel María relata de maneira deliciosa, aínda que conmovedora, como lle angustiaba o non saber se “mejar” era a tradución correcta para pedir permiso e solucionar a súa constrinxente necesidade fisiolóxica. Daquela tivo que aguantar as ganas. Talmente aqueloutro *Pardal* que, mais tarde, narrou, outrosí maxistralmente, Manuel Rivas en *A lingua das Bolboretas*. Pola contra, desvélanos como influíu nel, para ben, o seu mestre, Xoán Bautista Núñez Varela, quen en 1940 lle levaba libros en galego para leren os sábados

pola tarde. Esas lecturas foron unha sorte de lanterna telescópica que comezou a iluminar un camiño escuro demais e a achegalo a esa literatura galega que permanecía aínda oculta, para a gran maioría da rapazada, dende o comezo da represión franquista.

Falo, pois, en nome dos docentes que –igual que Xoán Bautista fixera coas antoloxías de Álvaro de las Casas e de Carré Aldao, como lecturas clandestinas– atopamos na obra de Manuel María materia de sedución naquela EXB que se implantara no curso 1970 e que, con algúns cambios, permaneceu en vigor ata o curso 1996-1997. E non me refiro tan só aos máis combativos ou aos que, por circunstancias de proximidade ou parentesco con intelectuais galeguistas, posuían información e formación privilexiada, como podería ser o caso do propio Manuel María:

Na casa estivo Ánxel Fole –isi señor!–
Merlán, Gamallo, Pousa, Novoneyra,
Lois, Díaz Castro, Senén coa compañeira,
Alfonso, Estévez, a Ledo e Blanco-Amor...

As estancias aínda gardan o rumor
de aquelas súas palabras feiticeiras,
a conversa xentil, as boas maneiras,
a requintada gracia, o fino humor...

Só acredito no certo da incerteza:
un triste fado, silencioso e cruel,
levounos, sen razón, tanta riqueza.

Pro agradecemoslle ao tempo a xentileza
de lle deixar aos Hortas un ronsel
aberto pola luz cara á beleza...

(*Sonetos á Casa de Hortas*, 1997).

Reparemos en que, con vinte anos, xunto con Manuel Antonio Sopena Somoza, xa dirixiu a revista poética *Xistral* (1949).

Aludo, sobre todo, aos que nos criamos nun ambiente de “feliz” ignorancia –na escola, silencios; na casa, literatura anónima e oral, máis nada– e que, naquel tempo das primeiras liberdades, estabamos a vivir unha continua e apaixonante descuberta.

MATERIAIS PARA UN COMEZO


Contabámoslle ao alumnado os contos que formaban, e forman, parte da nosa biblioteca oral e afectiva; relatos que, por certo, teñen máis que ver con lobos e raposos, con ánimas do outro mundo ou con mouras que viven nalgún túnel ca con “Barbas Azuis”. Algúns e algunhas de nós, mesmo nos atreviamos a inventar pequenas historias...



No 1975, aparece, a revista quincenal *Vagalume*, dirixida, en principio, pola mestra Marta Isabel García de Leániz, baixo a supervisión do Instituto da Lingua Galega. Nese ano saen 12 números (de xaneiro a xuño). O nº 13 volve saír á rúa o 15 de xaneiro de 1976, mantendo, en principio, o prezo inicial de 30 pts. Logo vaino aumentando paulatinamente ata acadar as 50 ptas. Aínda que, excepcionalmente, o número especial das Letras Galegas de 1977 saíse á venda por 70 pts.

Vagalume tiña como primeiro obxectivo poñer nas mans dos educadores materiais educativos en galego que interesasen a lectoras e lectores novos e lles brindasen a oportunidade de ler na lingua galega. “E agora, adiante iio VAGALUME acende a súa morna luceciña!!”, con estas palabras remata o editorial daquel nº 1 de 1975. A revista foi editada por Lumeiro S.A., primeiro no Castiñeiriño (Santiago de Compostela) e despois no Edificio Tras do Monte (Pontevedra), cando xa se fixo cargo da súa dirección Xosé Fortes Bouzán. Nela recóllense contos, cómics e poemas feitos polos propios rapaces; tamén literatura popular e de autor, traballos de matemáticas, de ciencias, de xeografía de Galicia... enteiramente en galego. As creacións da propia rapazada foron, pouco a pouco, adquirindo maior espazo.

Empezou así un intercambio de descubrimentos de mestres e mestras que mandaban pequenos textos literarios de vellos —e non tan vellos— autores (Rosalía, Castelao, Otero Pedrayo, Neira Vilas, Pura e Dora Vázquez...) e textos creados



polos propios mestres. Algúns, hoxe recoñecidos escritores (Paco Martín, Ana M.^a Fernández, Xoán Babarro, Gonzalo Navaza...). A publicación, que foi pioneira de moreas de revistas que se editan na actualidade nos diferentes centros de ensino, chegaba a algúns colexios por subscrición.

Moitas e moitos de nós, naqueles comezos, nin oíramos falar sequera de *Muíño de brétemas*, primeiro libro de poemas dun poeta novo publicado despois da Guerra Civil (1950). Pero tampouco de *Memorias dun neno labrego*, nin da nova liña de publicacións de literatura infantil que iniciara a editorial Galaxia, en colaboración coa Galera, con ilustracións a catro cores.


No mesmo ano en que sae *Vagalume* á rúa, 1975, morre Franco, daquela intuímos que se ían producir grandes cambios. Un deles foi a promulgación daquel Decreto de Bilingüismo do 1 de agosto de 1979, que propiciou a entrada da lingua galega na escola. Chegaron, xa oficiais, os cursos de iniciación, perfeccionamento e especialidade e os da Escola de Idiomas, que nos habilitaban para impartir clases de galego (algúns fixémoslos todos, cun entusiasmo contaxioso que ben pagaría a pena recuperar). Logo, coa Lei de Normalización Lingüística de 1983, as portas da escola quedaban felizmente abertas para unha lingua moito tempo amordazada, como saben, e para unha literatura que estabamos a descubrir.



MANUEL MARÍA ENTRA NA ESCOLA E CHEGA AO CORAZÓN

Moreas de mestras e mestres batemos por primeira vez con Manuel María, alí, na escola. Andabamos na procura de “materiais” atractivos para conquistar o alumnado. Un dos primeiros libros para rapaces que comezaba a soarnos foi *Os soños na gaiola*, pois aínda que a difusión e a distribución eran escasas (fora publicado en 1968, igual que *A galiña azul* e *O león e o paxaro rebelde*), Suso Vaamonde, en 1979, contribuíra en dalo a coñecer cun disco que leva o mesmo nome, adquirindo axiña unha maior popularidade que o de Casares ou o de Bernardino. Aínda que ambos sexan, igualmente, magníficas achegas.

Dado que a primeira edición de 1968 era non venal e menos doada de conseguir fóra da provincia luguesa, quizais a edición que chegou ao noso centro fose a segunda, de Ediciones Celta (Lugo 1972), que levaba ilustracións do IB e do Colexio Rosalía de Castro de Vigo. No mesmo ano reimprimírase tres veces, e



se ademais temos en conta que a segunda reimpre-
sión se fixo cunha tirada de 3000 exemplares (CIP
Neira Vilas. Somos poetas. 14/12/2012) podemos
deducir a excelente acollida.

O caso foi que, seducidos pola súa linguaxe
clara e directa, mais tamén ategada de lirismo,
embarcámonos naquel barco de xoguete e sucamos
os mil ríos e os sete mares para entrar no mundo
dos soños. No libro atopamos, coma morotes ensa-
rillados nunha palla de centeo, a paisaxe, o sol, a
lúa, o mar, o río, os xogos, os animais da terra, os
paxaros... cunha ledicia e un ritmo que convidaba
a ler en alta voz e a cantar para enchermos a boca
con ese sabor rico. Moito recitaron aquel canto a
Galicia que abre o libro! “Galicia docemente / está
ollando o mar...” Que maneira máis fermosa, e

axeitada á infancia, de describir o país e de nos implicar a todos na súa reconstru-
ción: “Galicia somos nós, / a xente e mais a fala. / Se buscas a Galicia / en ti tes
que atopala!” Manuel María era consciente da necesidade dunha poesía en galego
para os nenos e as nenas de Galicia: “Os versos que este humilde autor botou de
menos cando el era neno. Versos que, por outra banda, non había na literatura
galega e que tan precisos son. Eu quixera encher en parte ese oco.”

E vaia se o encheu!! Como escribiu Álvaro Cunqueiro nun artigo de *La Voz de
Galicia* (30/V/1954): “O poeta vai poñendo os versos coma quen pon unha ponte
dende unha beira á outra do río [...] e baixo o arco pasa, como un río, a espazosa
terra”. Referíase concretamente ao libro *Terra Chá*, mais coido que a afirmación
ben se pode extrapolar a toda a súa obra.

Se me detiven n’*Os soños na gaiola* é porque se converteu nun clásico da LIX.
Sirva como proba anecdótica da popularidade de *Os soños na gaiola*, o reparar en
que dá nome á biblioteca do CEIP Juan Fernández Latorre da Coruña. Fermoso e
atinado nome, *Os soños na gaiola*, para un lugar no que moreas de historias agar-
dan ser descubertas e, por tanto, liberadas da gaiola polos escolares.

Poderíamos falar de *As rúas do vento ceibe* (1979), que tamén abre cunha carta
na que mostra esa intención de espertar o sentimento de sermos galegos. Manuel
María sabía que para amar, primeiro hai que coñecer: “Si estes poemas, sinxelos e
simples vos deprenderan a amar a nosa patria, Galicia, este voso vello amigo, sería
o home máis feliz do mundo”, di no remate da carta. “A fala”, “Mapa de Galicia”,
“Os mártires de 1946”... Conmóve a forza, convicción e lealdade con que se
entrega á fala, á terra e ao pobo que a habita, poñéndolle lirismo á inxustiza.

Manuel María foi un pioneiro da poesía infantil en Galicia, o primeiro en entrar nas aulas. Infantil, porque tamén gusta aos nenos e nenas, pero co engado de que os seus versos van medrando canda os lectores. Cal é a idade axeitada para recibirmos esta mensaxe? “O idioma é a forza / que nos xungue e sostén. / ¡Se perdemos a fala / Non seremos ningún!” (“A fala”).

Velaí a maxia dos seus versos, cheos coma petos de contido, desa autenticidade que, como aseguraba Italo Calvino, resulta imposible de transmitir se non se sente. Os seus poemas creados adrede para a infancia son coma as boas nécoras: pouca carne para levar á boca, mais exquisita. As “cascas”, todas fóra.



Con todo, non só a poesía que escribiu intencionadamente para os máis novos ten cabida na Primaria ou nos primeiros anos da ESO; moitos dos seus poemas, tan diversos, poden ser saboreados na escola para lles mostrar unha mirada sobre o mundo, para observaren o universo enteiro (a vida, a morte, o amor, a alegría, a frustración, a tenrura, a derrota, a dor, a esperanza, a ecoloxía, a ética, o compromiso social, a denuncia, a lingua, a paisaxe, a festa, o tempo, a terra, a mitoloxía, as lendas, o mundo clásico, os oficios...) para lles ensinar a amalo, a respectalo, a rebelarse contra todo o feo que hai ao noso redor, a perseguir a utopía cara ao bo que aínda é posible acadar, a entender o noso pasado e o noso presente, a soñar futuros...

Nunha carta ao editor Boris Bureba (sobrenome de Isidoro Bureba Muro) a poeta, narradora e mestra Carmen Conde (Zuaza 2008: 29) criticaba a postura intelectual de certa editorial dicindo que para nenos non hai que aniñarse, senón que lles hai que falar cunha elevada linguaxe poética para facermos “homes de finura que non se avergoncen de ter imaxinación lírica”.

Manuel María ben sabía que os rapaces e as rapazas son máis novos ca nos, non menos intelixentes.

Velaquí unha experiencia persoal no IES Illa de Tambo de Marín. Entre o alumnado de 1º da ESO repartín unha serie de poemas de Manuel María que tiñan, dalgún xeito, que ver coa nosa lingua. Non foi tarefa dificultosa dar con eles, pois son moitos os que, directa ou indirectamente, lle dedicou:

- A Fala (*As rúas do vento ceibe*, 1979).
- Ode á beleza da palabra (*As lúcidas lúas de Outono*, 1988).
- Canción para cantar todos os días (*Canciós de lusco ó fusco*, 1970).

- Poema contra o silencio (*Poemas pra construír unha Patria*, 1975).
- Canto ao idioma galego (*Cantos rodados pra alleados e colonizados*, 1976).
- Poema do alleado (*Cantos rodados pra alleados e colonizados*, 1976).
- Canción á claridade das palabras (*As lícidas lúas do Outono*, 1988).
- Son un alleado (*Poemas escollidos*, 2015).

A pregunta que lles fixen foi: “Cal vos parece que defende con máis enerxía a nosa lingua?” Cada quen escolleu o que lle pareceu máis axeitado e xustificou a súa escolla. A min todas me pareceron respectables. De feito eu mesma coido que en todos eles hai a forza dun convencido que convence. E permítaseme a digresión, diría que o feito de que o Ano das Letras dedicado a Manuel María, 2016, coincida co Centenario das Irmandades da Fala non deixa de ser unha afortunada casualidade.

O caso foi que o poema que escolleu unha das alumnas máis avantaxadas, “Canción para cantar todos os días”, provocara o acalorado desacordo doutro compañeiro: “Ese poema é violento!”. Referíase á primeira estrofa que fala de “metrallazos” e “puñetazos”.

Hai que defender o idioma como sexa:
con rabia, con furor, a metrallazos.
Hai que defender a fala en loita rexa
con tanques, aviós i a puñetazos.

O rapaz pensou o mesmo ca os censores franquistas que na primeira edición do libro, non permitiron incluír o devandito poema na publicación, pero a rapaza tan só lle contestou: “Líchelo enteiro? , chegaches á cuarta estrofa, a que fala de que as palabras vencen as espadas? E ademais, ao final fala de que o idioma nos xunta!”

Seríamos, sen fala, unhos ninguén,
unhas cantas galiñas desprumadas.
Os nosos inimigos saben ben
que as palabras vencen ás espadas.
O idioma somos nós, pobo común,
vencello que nos xungue e ten en pé,
herencia secular de cada un,
fogar no que arde acesa a nosa fe.

Ao rapaz debeulle valer a réplica, que non insistiu. Só porfiou “Pois a min gústame máis a mensaxe d’«A fala» ou «Canción da claridade das palabras», paréceme

máis potente onde di «Se deixamos morrer unha soa palabra/ o universo enteiro/ dóese de orfandade e desamparo»”.

Pero non só podemos botar man da súa obra poética, na escola, para reflexionar sobre o valor da lingua. Non son, acaso, unha fermosa maneira de abrir o camiño á descrición da paisaxe ou dos animais, poemas de *Terra Chá* (1954-1989), poño por caso, coma estes?

NOITE

A terra colle medo
cando a noite vén.
A lúa dálle luz,
outra cousa non ten.
Inda que a terra chore
non o sabe ninguén!

O CORVO

O corvo é mouro, agoreiro
e ten moi duro o acento.
cando grazna no Xaneiro
Racha en anacos o vento!

Ou tomar como modelo a composición que segue, para loar a paisaxe da contorna do alumnado e poñer, así, un recuncho descoñecido no mapa do mundo:

REGATO DO CEPELO: naces e morres
na miña tribu, breve como
a milagreira pinga do orballo
que se pousa no pétalo da rosa,
espello dos meus soños, marmurio
da frauta e asubío, salouco
emocionado e irreprimíbel, cunco
de pureza musical, laberca
chiadora, fadada raioliña
de lúa deitada docemente
nesta terra, human e vella, só
para darlle a túa delicada levedade.

(Ritual pra unha tribu capital de concello, 1986).

Ou traducir a cores as palabras dun poema. Hai poemas de Manuel María que poden ser literalmente pintados:

TERRA CHÁ

A Terra Chá somentes é:
Un pobo aquí, outro acolá,
Mil arbres, monte raso,

Un ceo chumbo e tráxico
No que andan as aves a voar.
O resto é soedá.

(*Terra Chá*, 1954).

Ou aproveitarmos o poema que segue para definirmos o propio sentido do poema:

Un poema é un ser vivo que anda,
Respira, soña, chora, salouca,
ama, berra, cintila, escurece,
cala, aborrece a mentira,
sente odio e tenrura, desángrase,
fala de intimidade a intimidade
coas cousas e coa xente, suxere
mundos posíbeis e imposíbeis,
súa, cansa, sofre sede e fame,
adoece, agoniza. E nunca morre.

(*A luz resucitada*, 1984).

Ou xogar a sermos Uxía e Magín Blanco, ou a banda Pirilampo ou, antes, Fuxan os Ventos, A Quenlla, María Manuela... e atrevérmonos a cantar algún poema, imaxinando unha música nova pola nosa conta. Por que non comezar co que segue e cantármolo na aula con melodías inventadas, exclusivas?

O CUCO
O cuco, cuco cuqueiro.
O cuco, cuco cucón.
Madrugón e cantareiro!
Cantareiro e madrugón!
Óese pola carballeira
o vello cuco souril
ao nacer a Primavera
entre o Marzo e o Abril.
O vello cuco cucou
e moito máis cucará!
O cuco non me capou
e nunca me capará!
Pola mañás ben cediño

o cuco canta “cu-cú”
 Como o teño por veciño
 eu trato ao cuco de tu!

(*Terra Chá*, 1954)

Ou, ademais de excelente exemplo de prosopopea, sentir a explosión da beleza do poema na boca, memorizando e declamando este (tan fácil de aprender) ata ser quen de uliren o recendo das rosas. Eu, dende a miña condición de mestra –agora xubilada– animo as e os colegas a saborear co seu alumnado máis novo este poema brevísimo, para que iluminen intensamente un instante ao saborealo, ulilo, cantalo e, sobre todo, gozalo:

ROSAS

Sempre a rosa. Sempre:
 a forma,
 a cor,
 o recendo,
 a luz,
 a perfección da rosa.
 Prefiro a rosa vermella.
 E amo a rosa branca
 porque, cando lle digo
 simplemente: ROSA,
 entrecerra os ollos,
 treme
 e ruborece.

(*A luz resuscitada*, 1984).

Ou dramatizar dende a ironía estoutro poema, exercendo de emisarios do alcalde. Moito gozaron cando habían de recitar con enerxía e retranca:

BANDO

Prohíbese, por orde da Alcaldía,
 que medren porque si
 as rosas do xardín municipal.
 Dende agora as pombas teñen
 que pedir licenza para voar.
 Prohíbese á lúa
 andar ceiba de noite polo ceo.

A lúa é unha tola que anda espida
dando mal exemplo ás nenas castas
e aos fillos de familia.
Pagarán trabucos os poetas.
Prohíbese tamén derramar bágoas.
Pódese chorar tan só cando hai sequía
para que non fiquen baldeiros os pantanos.
Un só se pode emocionar
os Xoves e Domingos
cando toca
a banda do Concello no quiosco.
Están fora de Lei
as estrelas, a Primavera,
as flores e os paxaros.
Dáse este bando en tal e cal
para que se cumpra
de orde do Alcalde.
Carimbado, firmado e rubricado.

(Documentos personaes, 1958).

Ou este berro, que na voz do propio autor adquire unha forza tremenda e que dedicou a Carmina e Basilio Losada. Cada alumno lía un verso, coma quen salta á corda, con xenio (ao alumnado dos niveis baixos parécelles unha actividade divertida, que xa non é pouco; pero, a partiren de 5º ou 6º de Primaria, entenden o drama dos menos favorecidos (do profesorado, loxicamente, depende que o comprendan antes ou despois).

ACUSO Á CLASE MEDIA

Acuso á clase media –grandes e pequenos burgueses–
porque eles foron e son os que traizoan
o espírito sinxelo, enxebre e antergo de Galicia.
Pertenzo ao pobo e falo no seu nome.
Falo en nome dos mariñeiros, dos labregos,
dos ferreiros, dos criados de servir,
dos zoqueiros, dos muiñeiros e arrieiros;
dos humildes carpinteiros de ribeira,
dos alugados que ían a Castela;
dos caseiros que non teñen terra de seu;
dos que se ven obrigados a emigrar;

dos pobres de espírito e dos pobres de pedir;
do coitado xornaleiro que de sol a sol
aínda anda virando a terra co arado romano.
Falo en nome de todos aqueles que,
aunque teñen razón, non llela dan.

(Remol, 1970).

E por que non aproveitar a potencia conmovedora destes fragmentos de *Aldraxe contra a xistra*, para iniciar un debate sobre a concepción do que significa estarmos vivos?

Ólle unha vaca moi vellísima,
cansa de tirar polo carro
e polo arado,
de sufrir o aguillón,
de dar crías e leite,
de andar pasando fame,
de vivir no meio do esterco,
e cando a levaban
ó matadoiro, dixo
cun berro arrepiante:
Non! Non quero morrer!
Prefiro vivir, aunque vivir
sexa somentes respirar!

(*Aldraxe contra a xistra*, 1973).

Ou ampliar o devandito debate coa pregunta: “Que é para ti vivir?”, a partir do poema:

VIDA

Vivir é retorno cotidiano a outras
vidas idas; resucitar lúas,
ventos, ríos mares e camiños;
apropiarse no rumor da fraga
nos lúcidos solpores do outono;
ouvir os doces brados amorosos
dos cervos e das aves, finos
e polidos como puñais ou chagas.
Vivir é comprender que a nosa

vella e rouca voz non é un eco
 aboiado na nada e no silencio.
 Vivir é manter puro, imarcesíbel
 o recendo das rosas que xa foron
 música e paixón no sangue noso
 e habitaron, un intre, as tebras
 fondas e secretas, onde está,
 indeciso e senlleiro, o noso ser
 que unicamente se abre de verdade
 para sentir un fondo e grande amor
 ou para ollar a morte face a face.

(*Oráculos para cavaliños do demo*, 1986).

Por certo, tamén el foi “mestre” un tempo. Deu clases de Lingua e Literatura castelá en dúas academias de Monforte e, coma o seu recordado mestre, aproveitaba para lles falar de Rosalía, Curros... Coñecía ben os rapaces, importábanlle, por iso lles segue a chegar. E, coma os bos escolantes, compartía algunhas das súas vivencias neste terreo coas persoas que máis quería. E se non o cremos, preguntemos directamente a ese “raio máxico de lúa”, a Saleta, por unha redacción dun dos cativos máis trastes, da que Manuel levou copia á casa. Trataba do sentido da vida, e remataba: “Para Marisol, la vida es una tómbola y para servidor, la vida es lo que tiene que ser”.

Manuel María ábrenos en canal a súa alma, con el na escola, rapaces e rapazas aprenden a declamar e a entender as circunstancias nas que o poeta compuxo os versos, para emocionármonos xuntos co poder da autenticidade que burbulla neles. Velaquí unha inxección directa aos sentimentos que podemos experimentar na aula:

VERBAS A MIÑA NAI

Dígoche agora, nai, estas razóns
 porque quero voltarche
 aquelas verbas doces como o mel
 que deprendín dos teus beizos
 cando neno.
 Non teño, nai, a túa tenrura!
 Eu, que ando empeñado
 en ser poeta,
 non teño verbas
 doces,

sinxelas,
 claras,
 amorosas
 como as verbas
 con que ti me arrolache,
 miña nai.
 Cecaís sexa tolemia
 este tentar apreixar verbas amantes
 para che facer con elas un cantar.
 Cecaís
 a vida pobre que vivín
 me secou a fonte da tenrura
 e por iso estas verbas
 son secas como seixos.
 Xa ves:
 non teño verbas
 pero teño
 un salouco que me enche o peito.

(*Mar Maior*, 1963).

Cando lles lin o poema anterior, unha nena dixo: “Tes razón, profe, se te metes na pel do poeta, sentes cóxegas por dentro e pásalo mellor”. Un neno disimulaba as bágoas, había pouco que lle morrera a nai e o poema provocoulle unha sacudida interior. Pero cónstame que non lle fixo dano, que foi unha dor que saíu para fóra, exteriorizada por fin, un bálsamo que lle permitiu saloucar (eran, nese intre, escolares de 2º da ESO).

E, porque non, comentar con eles —e poñer en práctica na medida do posible—, algunhas muiñadas e sabias reflexións do autor, poño por caso, coma as que seguen:

1. *A min paréceme que todo o que seña humano é motivo de poesía.*
2. *Unha paixón política pode ser tan grande coma un grande namoramento.*
3. *A palabra é o máis asombroso que creou o ser humano.*
4. *Ao morrer un idioma e unha cultura, o mundo queda moito máis pobre.*
5. *Eu, en definitiva, son nada máis que un galego consecuente que escribe versos só coa ilusión de que poida haber un raio de poesía no medio deles.*

O abano de posibilidades da obra de Manuel María na escola é infinito. Adapta-se perfectamente a eses “contidos transversais” tan reclamados no ensino primario: a natureza, a sociedade, a lingua, a plástica, a música, o territorio...

O dito, nenos e nenas son máis novos, non menos intelixentes.



E volvendo aos primeiros tempos como ensinante, eu mesma andaba, daquela, empeñada en demostrar a eficacia da dramatización nas aulas cando dei coas *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* (1979).

Moito gozaron coa soberbia folla de carballo e con todo o que provocaron os non menos crueis garda, xuíz, alcalde, recadador, crego ou carcereiro. Menos mal que aparecía o Espírito do Monte para poder liberar á pobre espiña de toxo inxustamente acusada. Manuel María sabía da eficacia do humor, mesmo en mensaxes tan serias coma o abuso de poder, a discriminación e a esperanza.

Escribira esa peza para un teatriño de monicreques que tiñan na casa uns amigos de Monforte, a familia Rodríguez González, e para entreter aos seus catro fillos. En maio do 1979 publícase por primeira vez nos *Cadernos da Escola Dramática Galega* (no caderno nº 5). Creo que fora esta, e non a de Xistral do 1981, a que chegara ás miñas mans.

Despois descubrín *Barriga Verde*, aínda que fora publicada con anterioridade (1968 por Edicións Castrelos, Vigo). Ese personaxe soaba na miña zona, pois o creador do tal Barriga Verde, José Silvent Martínez, que percorría festas e romarías co seu espectáculo de marionetas, vivía en Lérez, preto da casa de meus pais, e vírao actuar, de nena, nas festas da Peregrina, en Pontevedra...



“DEMO: ¡Xa está ben de parola! ¡Dendes que un poeta tolo e desocupado escribiu para ti unha peciña de teatro, non calas! É mais doado repetir o que che escribiron que tiralo ti do miolo! ¡Cala dunha vez!” O demo reclamaba así a súa parte protagonista.



Con este libro quixo Manuel María dignificar a daquela menosprezada literatura popular e, asemade, homenaxear ao propio José Silvent, creador do personaxe.

Desta querenza dan conta senllos artigos xornalísticos: No xornal *El Progreso* (9/X/1955), dedícalle Manuel María un artigo que titula “Barriga Verde”: “Las fiestas del San Froilán de estos últimos años, señores de la Comisión de

Fiestas, no son las mismas de hace diez o doce años, pongo por caso. Falta algo esencial de lo que vosotros, estoy seguro, no tenéis culpa. Falta Barriga Verde...". O 6 de outubro de 1963 volve saír outro artigo no mesmo xornal, "O meu San Froilán". Nel Manuel María descúbrenos a verdadeira identidade de Barriga Verde e, facendo memoria da nenez, confesa que segue a botalo de menos nas Festas de Lugo:

Todo era para min unha novidade, unha gran festa maior para o meu espírito estantío: as casetas de tiro, as barracas, o son dos organillos, as "montañas rusas", "Barriga Verde"... Sobre todo Barriga Verde que agora, según lin en *La Noche* de Compostela, hai uns meses, ten unha barraca de "sonambulismo". Por certo que o verdadeiro nome de "Barriga Verde" é o de José Silver Martínez. [...] Nas declaracións que, pra *La Noche* fixo o seu xenro, Manuel García, iste di que a voz dos bonecos de "Barriga Verde" lógrase metendo unha palleta de prata na gorxa. [...] O poeta Luis Pimentel fala de "Barriga Verde" nun poema...

Na eclosión da LIX, no comezo dos noventa, Manuel María mantívose activo e comprometido, recuperando relatos que escribira con anterioridade co título de *Contos en cuarto crescente*, ou naquela colección de Xerais Vouche contar un conto (*Unha sombra vai polo camiño* e *Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos*), na colección O barco de vapor de SM (*A tribo ten catro ríos*, *Cando o mar foi polo río*, *Viaxes e vagancias de M. P.*, refírense as iniciais a un tal Manuel de Paderna, xornaleiro na casa de Hortas, con formación poética, que aquí exerce de barbeiro e alguacil do concello, que sabe dos versos que fan nacer regatos cos que se comunica). En Everest publica *As ribeiras son escuras*...



Aínda que teñan un innegable valor literario e cultural, non me deteño na eficacia destas publicacións na escola, non só porque pertencen a momentos máis recentes, menos difíciles politicamente e de recoñecida abundancia de autores e autoras de LIX, senón porque, neste mesmo simposio, Montse Pena presentou polo miúdo un relatorio sobre os textos que Manuel María quixo dirixir aos nenos e ás nenas, e a súa valiosa contribución a que teñamos unha historia da LIX de noso, situada no espazo e no tempo, con datas, con nomes, obras, teses de doutoramento sobre elas e recoñecementos dentro e fóra de Galicia, que a consolidan e que nos permiten dialogar con outras literaturas en pé de igualdade. Tamén o querido e recordado Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Tareixa Campo ou Xosé Agreló Herme, nunha exhaustiva publicación da Asociación Cultural Xermolos (Blanco 2001), debullaron de maneira minuciosa e exquisita esta faceta dun Manuel María, que nunca esqueceu a infancia e que entregou a palabra con verdade e beleza, compartindo a súa visión do mundo e a súa maneira de estar nel.

MANUEL MARÍA HOXE

Sobre a súa biografía e obra existen na actualidade, ademais das publicacións anteriores, múltiples e valiosas novas achegas (Margarita Ledo, Mercedes Queixas, Darío Xohán Cabana...). Os novos autores e autoras, que agora comezan a súa andaina, xa aprenderon a ler e a escribir na lingua galega e dispoñen de referentes como Manuel María polos que se orientar para avanzar.

Moitos dos mestres e mestras de hoxe, foron alumnos naqueles primeiros tempos en que descubriron na escola, case á par do seu profesorado –á par de nós– a existencia da literatura galega; quizais os mesmos que representaran algunha das obras teatrais mencionadas, os mesmos que gravaran na súa memoria de infancia algún dos seus máis deliciosos poemas.

Agora procuran que seu alumnado descubra a obra de Manuel María e volva sentir ese lóstrego capaz de iluminar intensamente un instante e facer brillar as cousas sinxelas (por algo o alcumaron *Deus das pequenas cousas*).

Neste 2016, nas redes sociais atopamos comentarios esperanzadores de xente moza, aínda que estean izados de erros ortográficos ou léxicos. Así no buscador de Google, na entrada “A fala. Manuel María: son dos poetas”, podemos ler directamente algúns.

–De todo o poema quedome co seguinte:

O idioma é o amor,
O latexo, a verdade,
A fonte da que agroma
A máis forte irmandade

Éncantame, é moi bonito.)

–Eu estaba buscando un poema fácil para ler na clase de Galego, e buscar a temática, o movemento literario, e esas cousas. E creo que atopei o que buscaba. Fácil de entender, sen complicacións, simplemente perfecto.

–Os que renegan da nosa lingua non saben o que perden o non amar e falar galego. Levo case anos en Madrid e só son eu cando falo galego

–Eu vin o outro día un mural no Paseo Marítimo da Coruña, pintado por un grafiteiro, e gustóume moito o que leín: “Galicia somos nos, a xente e máis a fala. Si buscas a Galicia, en tí tes que atopala”.

–A Coral Polifónica de Nigrán presentará o vindeiro mes de novembro nunha actuación na igrexa de María Auxiliadora de Vigo a canción de este poema a que lle puxo música o seu director Xosé Oliveira. Precioso!!! non o perdades.

Comentarios ao poema “A fala”, extraídos do blog *Son de poetas. Antoloxía da poesía galega musicada*. <http://sondepoetas.blogspot.com.es/2010/03/a-fala-manuel-maria.html>

A obra de Manuel María resulta facilmente adaptable ás novas tecnoloxías e a todas as músicas do mundo.

Barriga Verde foi levada á radio polo alumnado de Atocha de Betanzos (16/V/2016). O resultado foi unha orixinal versión ambientada con música clásica. Na rede quedou recollida para que poidamos reproducir o audio.


O alumnado de 4º da ESO do IES Poeta Díaz Castro presenta na rede un traballo audiovisual arredor da figura de Manuel María. Son os propios rapaces e rapazas os que interpretan a música composta pola súa profesora, Sandra Tenreiro, e os que realizaron as gravacións que conforman o videoclip (publicado o 18 de decembro de 2015).

Tamén na rede demos ata cun rap que recolle, de maneira divertida e respectuosa, a súa biografía, cantado polos cativos de Primaria do CEIP Antonio Fernández López (28/III/2016): “Letras Galegas, 2016,/ con Manuel María queremos aprender./ Escritor comprometido/ coa nosa Galiza./ Escoita o que cantamos/ non teñas preguiza...”.

Asemade, aparecen poemas (“O arco da vella”, “O sol”...) ilustrados de maneira entrañable polo nenos e nenas de infantil (4 e 5 anos) do CEIP da Armenteira. Preséntanse os poemas nunha traballada e digna montaxe coa música de Suso Vaamonde como complemento, a xeito de karaoke.

Podemos comprobar a eficacia actual do teatro de Manuel María nalgunhas das múltiples representacións que se fixeron, neste 2016, de *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo* (CEIP de Campolongo, CEIP Antonio Ínsua Bermúdez...).

Recitais en múltiples centros de ensino...



Por certo, no Portal das palabras, a RAG e a Fundación Barrié poñen ao servizo de todos e de todas nós unha magnífica representación con marionetas e actores de carne e óso e, ademais de facer as delicias dos nosos nenos e nenas, explican o significado dalgunhas palabras que, quizais, non lles sexan de todo familiares.

No espazo Primavera das Letras, o profesorado pode atopar atractivas fichas didácticas para que o alumnado dos primeiros niveis descubra de maneira lúdica ao poeta chairego.

Da boa relación de Manuel María coa rapazada nova da fe o rastro que deixou nas moreas de visitas que fixo ao longo da súa vida ás escolas e institutos de toda Galicia. Mesmo esa persoa a quen Manuel María, describiu como “lareira garimosa e forno quente” ou como “seiva poderosa e música do vento”, pode dar creto de que varios rapaces dun colexio de Padrón, intuímos que fascinados pola súa palabra, lle enviaban cada tempada un saquiño de pementos. Ese era o seu mellor “ramo de violetas” para unha persoa a quen quixeron e admiraron, porque coa súa voz soubo “tecer acios de amor e canto” tal como se refire a el Xosé Carlos Caneiro no soneto “A Manuel María, pai e irmán” (Blanco 2001: 631)

Manuel María sempre estivo disposto a animar aos máis novos a exercer de escritores, non só abríndolles as portas da súa humilde editorial senón participando desinteresadamente en todo o que tivese que ver con dar azos á escrita

en galego. Unha librería de Marín (Pontevedra), Librería Casalderrey (que, malia a coincidencia, ningún parentesco a unía a min), convocou un premio de poesía para escolares durante varios anos consecutivos (ata que pechou). E, dende a Coruña, alí se achegaba, cada convocatoria, Manuel María para entregar o galardón aos gañadores e para animalos a continuar apreixando as palabras máis fermosas coas que crear poemas.

Este curso escolar (2015/2016), cheguei mesmo a sentir nostalxia de que esta celebración me pille xubilada... Con todo, compénsame atoparme, de cando en vez, cunha



ex-alumna que me conta: “Eu tamén entrei na aula o primeiro día recitando un poema de Manuel María para ver como reaccionaban”, ou cun ex-alumno que me di: “Profe aínda me acorda cando nos dicías con énfase ¿Y LUEGO? Cando che falabamos en castelán. Agora falo sempre en galego e aínda me acorda cando fixen de Alcalde naquela obra de teatro da espiña de toxo”; ou o que me lembra o momento no que ganara un concurso da radio recitando de memoria algún dos poemas de *Os soños na gaiola*.

CONCLUSIÓNS

Os ensinantes estaríamos en débeda con Manuel María, aínda que só fose pola súa contribución á normalización do galego no ensino, quizais, por iso, tan pronto como se fixo pública a decisión da Academia, o profesorado de toda Galicia non parou de lle tributar homenaxes da mellor maneira posible, dando a coñecer con máis profundidade a súa obra ás novas xeracións. De todas as fermosas e merecidas homenaxes que se lle renden, intúo que as que se lle fan nos diferentes centros de ensino de toda Galicia son das que máis o emocionarían, se alá onde estea, alguén lle levase recado.

Manuel María seguirá nacendo cada vez que o leamos. “O mundo nace cada vez que uns ollos o observan”, canta o poeta Jorge Guillén. E na obra de Manuel María abrolla o mundo. Os seus versos levan esa carga vital que non se pode simular se de certo non se sente. Quizais porque soubo pastorear lembranzas, cultivar soños melancólicos e iluminarse coa luz que máis amou, Galicia, as súas palabras foron e seguen a ser verdade, conseguindo que moitos dos seus versos continúen tatuados na epiderme da memoria colectiva.

Aínda permanece fresco na miña memoria ese cantar, en San Domingos de Bonaval, que levaban no bico arredor de cincocentos nenos e nenas chegados de toda Galicia para homenaxear á Rosalía no sesquicentenario de *Cantares gallegos* (2013). Imaxínoos hoxe, dirixidos por algún dos grandes directores de orquestra actuais, no mesmo espazo –ou na mesmísima Santa María dos Mareantes, en Pontevedra–, coas súas camisetas azuis, facendo rubir as súas voces ledas polas paredes entoando aquel “Volto a soñar co mar” de *Remol*, ou talvez aquel “Non canta na cha ninguén...”, facéndonos vibrar cun emotivo afogo que nos pon a pel de galiña.

Non necesito imaxinar un mendigo sentado onda o Ravachol, na Praza da Peregrina en Pontevedra, cantando a mesma cantiga coa man estendida pedindo esmola, porque o vin realmente, días antes de recollelo neste texto que hoxe presento. A sedución xorde de que Manuel María foi quen de crear arte con materiais humildes. Con Manuel María, igual que con Rosalía, obrouse o prodixio de que entrase en todas as casas galegas, incluso nas máis modestas, para deixar un pouso

imperecedoiro de poeta comprometido que, non só achegou a poesía ao pobo, senón que se sentiu a súa voz, tal como recolle no poema “Acuso á clase media”:

Falo en nome de todos aqueles que,
 aunque teñen razón, non llela dan.

(Manuel María 2016: 155).

Nas reedicións da súa obra, nas recentes publicacións, nos documentais, na información das redes sociais ou na Casa Museo de Hortas, por fortuna, podemos atopar material dabondo para seguir a descubrir aspectos menos coñecidos de quen máis afervoadamente cantou á nosa lingua e reivindicou a nosa terra, aínda que, ás veces, estas manifestacións lle trouxesen graves contratempos. Manuel María ensinounos a tocar coa man o fondo do regato do Cepelo e puxo a fala e a Galicia no centro do universo. Moitos homes e mulleres de hoxe espertaron a súa sensibilidade poética na escola e, desde aquela, levan tatuados os seus versos nese lugar máxico onde habitan as primeiras emocións: na memoria de infancia.

Con Manuel María, igual que con Rosalía, obrouse o prodixio de resucitar lúas, axitar ventos, alongar ríos e camiños, dar cos segredos que derruban murallas ata entrar coa súa palabra de cheo no corazón da escola. Nela deixou un pouso imperecedoiro de creador comprometido, facendo certo aquilo de: “Os poetas nunca morren, só finxen estar mortos”.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Blanco Torrado, Alfonso (coord.) (2001): *Manuel María*. [libro homenaxe / organizado pola] Asociación Cultural Xérmolos. Lugo: Ophiusa.
- Ledo Andión, Margarita (2016): *Manuel María: Eu son fala e terra desta miña terra* [filme]. [Galicia]: Nós, Produtora Cinematográfica Galega.
- Manuel María (1968): *Os soños na gaiola*. Lugo: Cartonaxes Anmi.
- (1969): *Barriga Verde*. Vigo: Edicións Castrelos.
- (1979): *As rúas do vento ceibe*. A Coruña: Edicións Xistral / Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- (1990): *Os soños na gaiola*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (1993): *Antoloxía poética*. A Coruña: Espiral Maior.
- (1981): *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*. Santiago de Compostela: Edicións Xistral / Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

- (2015): *Poemas escollidos. Manuel María*. [Outeiro de Rei]: Fundación Manuel María de Estudos Galegos.
- (2016): *Antoloxía poética*. Vigo: Galaxia. Edición de Darío Xohán Cabana e Amelia Outeiro Portela.
- Queixas Zas, Mercedes (2016): *Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María*. Vigo: Galaxia.
- Vagalume: publicación infantil e xuvenil*. Santiago de Compostela, n.º 1 (1/I/1975) – n.º 46 (V/1978).
- Zuaza, Luis Ahumada (2008): “El teatro para niños de Carmen Conde”, *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil* 216, 26-36.

III

Alocucións académicas sobre Manuel María no Día das Letras Galegas

MANUEL MARÍA, ACTIVISTA DA VERDADE

Manuel Rivas

RESISTENCIA E DEREITO Á RENACENZA

Margarita Ledo

MANUEL MARÍA, O POETA

Darío Xohán Cabana

MANUEL MARÍA, ACTIVISTA DA VERDADE

Manuel Rivas

Aquilo que escribiu Jules Renard, o autor de *Historias naturais*, no seu Diario, “a verdade é sempre de pequenas dimensións”, a verdade, si, é de pequenas dimensións, o que quere dicir que non está nas actuacións nin nos discursos grandilocuentes, nin nas cifras deshumanizadas. A verdade ten que loitar contra o que Lorca chamou a conxura das oficinas. A verdade flúe no regato bíblico do Cepelo, pousa no castiñeiro solitario, no cómaro do labradío, habita na Casa de Hortas. A verdade descansa na carballeira de Santa Isabel. A terra custodia o seu extracto de verdade, mais a terra gusta da metamorfose. Hai cousas que non sabemos, mais pola relación que sempre tiveron, sabemos que hai un activismo de Manuel na terra, esa natureza tomando conciencia de si mesma. Así que a verdade, como fai a esfera, apoia no lugar escolleito; mais é para anovarse e coller pulo, novos folgos e uparse no voo da conciencia coas verbas no ar, dimensións. Mollada a Terra Chá desde as alturas, é semellante a un mar en calma. Para medila só valen dúas mensuras: ferrados de corazón, fanegas de alma.

Manuel foi un activista da verdade, de dicir a verdade mesmo cando a verdade andaba presa, ferida, torturada, exiliada ou fuxida por terra escondida. A poesía é refuxio de moitas cousas, mais o primeiro rescate que acomete é o da verdade. Hai unha frase do escritor Andrea Camilleri que é unha verdade contundente, “la lingua batte dove il dente duole”, a lingua vai dar onde o dente doe. Detectamos que hai poesía onde hai verdade e onde hai verdade hai poesía. Son as palabras portadoras de verdade as que conducen ao activismo, a un activismo, e cada obra de Manuel María é un campo de verdade. Así era chamado un espazo que existía en cada vila na mellor Grecia clásica, o campo da verdade, alí onde se dirimían as inquedanzas, as ausencias, as arelas comúns. Estou hoxe a repetir moito esta palabra, o activismo. O contrario do activismo é un estupefaciente para o que abundan traficantes, a indiferenza, o cinismo, a ignorancia intencionada; e non se pode ser indiferente cando hai que escoller entre os dereitos do pobo e os privilexios duns poucos, ou entre a vida dunha lingua, patrimonio que hoxe honramos, ou a súa extinción provocada, porque unha lingua non morre por querer morrer, senón por abandono e desleixo institucional.

O activismo de Manuel era o do home ceibe, o de quen como o de Lanzós podía proclamarlo coa Santa Irmandade deuse á fraternidade galega, ou sexa, ningún por riba de nós.

Hoxe están moi de moda as tatuaxes entre a mocidade. Manuel, Manuel María, tamén tiña a súa tatuaxe, unha tatuaxe interior, saudade viva ardendo no meu peito, que dicía a consigna das Irmandades da Fala, xuro, polo que máis quero, ser sempre dos bos e xenerosos. As obras de Manuel María son froito dese activismo da verdade, da procura da verdade. Na procura da verdade un aprende a acender o misto. Esa luz desvela, mais tamén atopa zonas de misterio como no desacougo interior pode haber algo de sagrado. Quero dicir, na obra de Manuel hai unha procura valente da verdade, mesmo o misto pode queimar nos dedos, e hai entón un berro de denuncia. Velaí a defensa da lingua, a loita contra o espolio, contra a inxustiza, contra ese xeito de expulsión que é a emigración que baleira o país de xente nova, contra a desfeita da natureza.

Mais non é unha procura de dirección única, a verdade está tamén na materia dos sonhos, a verdade está no que doe e no que se ama. O activismo da verdade, esa primeira enerxía, fornece o activismo do recomenzar. Podemos contar a historia da literatura galega e tamén a historia ecolóxica e da relación entre terra e pobo, natureza e xente, e mesmo a vida da lingua dende o activismo do recomenzar. Despois de cada caída, de cada desacougo, de cada golpe, do esmagamento imperial con esa expresión noxenta de doma e castración, despois de cada demouca, silencio, esquezo, invisibilidade, Galicia sempre rexorde co activismo do recomenzar. Con Manuel María diríamos, talvez con máis precisión, o activismo do sementar. Sementar, unha verba que se repite na súa obra como se a palabra quixera ser, fose, a cousa en si, e podemos dicir que o é, podemos ver a xeometría namorada dos sucos, oír o parolar das leiras á espera da semente e ver o gran en si, e o pan centeo nacer do poema. Así que cada libro de Manuel María é un eido de verdade onde exercer o activismo do sementar.

Mais para sementar, para fertilizar os eidos da verdade, é preciso outro activismo esencial que Manuel María exerce con xenerosidade incesante, o activismo do sentir. A razón non é nada sen o sentir, a racionalidade sen o sentir pode derivar nun racionalismo insensible que afasta o ser humano de todo o resto da existencia, a razón sen o sentir produce monstros. Pola contra, o sentir une, crea unha comunión das persoas humanas coas persoas non humanas, cos animais, coa natureza e o cosmos. O activismo do sentir significa percibir alteridade, explorar, escoitar o pranto que vén de fóra, partillalo. Coñecemos o outro cando coñecemos a súa ferida, e é así que podemos compartir tamén a súa ledicia, a súa celebración, a súa beleza. O activismo do sentir é facer de cada poema un ser vivo, un detector. Os poemas de Manuel María teñen esa condición de ser sentinelas da vida. Igual

que na terra hai ecosistemas en especial sensibles, os primeiros onde se detecta a desfeita, o maltrato, a violencia catastral, igual que hai seres que emiten sinais de alerta do perigo, das ameazas, tal o vagalume, a súa liña, as ras das brañas, ou a aldea na fraga, así os poemas de Manuel María onde a natureza se fai libro e ese libro é un mundo.

Todo está a sentir, todo fala, porque o poeta soubo escoitar, escoitar a xente, escoitar a terra, e mesmo a memoria das lagoas soterradas. Éralle moi querido o activismo do andar, o activismo da descuberta, do coñecemento, de abrir pasos. A Oroza, outro andareiro, preguntáronlle un día con certa sorna: “que, paseando señor Oroza”, e el respondeu moi serio: “non señor, traballando”. O andar, o activismo do andar, é un traballo creativo. Os poemas de Manuel son camiños que todos deberíamos percorrer, porque tamén moitos camiños vanse entupindo e esmorecen no abandono no manuscrito da terra, camiño:

Camiño de Felpás deica Aguiar
eu sei porque tes tantas soidás
estás deitado aí, ao sol da tarde
sen ter a quen levar.
Camiño de Felpás deica Aguiar.

Andando a terra, o libro no que Manuel recolle as súas pasaxes escritas durante dez anos en *A Nosa Terra*, é unha das obras senlleiras da arca da cultura galega.

E está o activismo do humor como el cantou o do carro, podíamos dicir que as cousas ían salgando por onde o Manuel pasaba e tamén se aledan por onde pasa a súa lembranza. O activismo do humor e o do amor, ese detalle extraordinario nun dos poemas de documentos persoais cando di “Eu son Manuel María, nascín o ano 30, o 6 de outono en Outeiro de Rei da Terra Chá, son dunha caste rexa de labregos fideles á súa terra e ao seu Deus agora son un namorado”. Hai moitos soños incumpridos, moita tarefa por diante, a lingua bate onde doe o dente, mais grazas a Manuel María da Casa de Hortas temos máis verdade e máis beleza pola que loitar.

RESISTENCIA E DEREITO Á RENACENZA

Margarita Ledo

É Monforte.

É o comedor dunha casa racionalista con semi-galería cara á rúa. Rematei o primeiro curso na Escola de Xornalismo en Barcelona. Teño dezanove anos e veño coñecer a Manuel María e a Saleta.

Hai poucos meses escribín unha carta dirixida a eles, a miña primeira carta nunha lingua, o galego, na que nunca fun alfabetizada. E para me dar a valer, canda a carta achego algún poema. Ofrecenme a casa.

Falo pouco. Quizais por medo a non saber como dicir o que quero dicir en galego. Porén, fico uns días. O meu cuartíño de durmir ten paquetes de libros que chegan de América e cartazes da revolución cubana. Dinme os nomes de quen o ocupou antes ca min e de quen o ocupará despois. Síntome parte desa habitación comunal onde durmiu Darío ou Viale Moutinho.

No segundo andar da rúa Roberto Baamonde comezo a recoñecer –nos cadros da estancia principal e nos gravados, nos libros perfectamente organizados e protexidos en mobles con vidro, nos afectos que ecoan no xeito de se comportaren comigo– eses sinais dunha nación que se nos ocultou. No xantar a Saleta fálame do seu pai, de Goi; e do meu pai, Ramiro, funcionarios no Concello de Castro de Rei nos anos da República. Como fan cada día, imos tomar café cos tertuliano do Ateneo-Casino. Saleta e mais eu somos as únicas mulleres.

Cando deixo o Val de Lemos para ir cara á Chaira levo na pel ese desasosego elemental, ese devalo cara a certo fascínio que me fai querer todo o que vexo. E levo dous libros: *Versos pra un país de minifundios*, da autoría de Manuel María, que arriba desde a Editorial Nós de Buenos Aires e onde a posición do poeta a respecto do pobo enunciase desta maneira: como o seu pan, bebo o seu viño, falo o seu idioma secular.

O segundo dos libros desacógame. O seu título, *Del toque del alba al toque de oración*, é de alguén totalmente descoñecido para min, de Francis Jammes, un dos poetas de estima de Manuel María, cecais por esa súa escrita onde ecoa o aletexo amoroso co que ves, tocas, acubillas na man.

A dor do que nos falta, por unha banda, e pola outra a voz íntima, que ule, lúe, fica estantío á espera dese “paxaro prodixioso / que canta en todos os poemas”. O Manuel público e o Manuel íntimo tíñao neses libros tan diferentes que me dera

en prenda. Abraioume o sentido medido do tempo, a organización campesiña das horas do día, o degoiro pola conversa, a expresión inocente e a ironía –esa sorte de manual de autodefensa– canda o sarcasmo que, andando a obra, localicei na súa poesía civil.

Con vinte e un anos fíxenlle o limiar dun poemario, *Odes nun tempo de paz e de alegría*, que saíu do prelo en Lisboa no 72, unha obra que engarza co sentido que Kafka lle apón á que denomina “literatura menor”. Non pola súa calidade e significación no campo literario senón porque pertence a unha comunitas sen poder, a unha lingua sen papeis, sen normalizar; porque é unha literatura que ten función exemplarizante e está en situación de producir novos enunciados; porque é aquela –agora cito os analistas dos textos do escritor checo, Deleuze e Guattari– que se fai para unha comunitas nacional, política e social, mesmo se as condicións obxectivas, se os tempos da nación, fóra da literatura, aínda non son chegados. [É para os novos e as novas seguidoras do Gramsci lémbrolles que, segundo o pensador marxista italiano, o nacional é o popular].

Manuel María medrou aquí, neste lugar, nas regras e no rigor dese libro de horas que, na cultura labrega indica cando cómpre facer as cousas, que cousas non poden demorar. Aprendeu o respecto pola natureza, a ambigüidade das figuras entre lusco e fusco, a conciencia de finitude que, andando a Chaira, describimos como señardade, a angueira de nomear con xusteza. E escolleu un mundo que se chama Galiza como materia literaria e como actitude ética que o levou a atravesar todos os escenarios e a pór nos ollos e na capacidade de abraio dos cativos e cativas *Os sonhos na gaiola* canda o teatriño de guiñol. Ou a partillar o rexurdir da (Nova) Canción Galega que fixo e fai dele un dos autores máis musicados. E para alén da súa inmensa e diversa obra poética, máis de mil catrocentos artigos en revistas e xornais falan da súa teima divulgadora e da ansia por conversar e estar sempre, sempre en contacto cos mais.

Anque para chegarmos a poder dicilo así, desta maneira, Manuel esculcou pasaxes escuras, partillou ritos iniciáticos, aplicouse na capacidade de observante: se no bacharelato o oco do galego éralle imposto como “natural” e as prácticas disuasorias no seu uso interceptaban calquera desvío que o fixera saír, aínda de modo incidental, para a tona, nos pregues do real abeiraban aquelas ánimas que pasaran antes pola outra vida, pola **república galeguista** (Fole, Pimentel, Cilistro) e que se axuntaban na “Peña do Méndez” para falaren da “Xeración do 25”, tomar café, intercambiar libros e procurar certa continuidade que axiña localizan na querenza de Manuel María, o mozo, por intervir na esfera pública en que pronunciou unha conferencia no Círculo das Artes de Lugo. O auto-recoñecemento do eu no nós, da poética como ética, da vida como dereito a labrala en todos e cada un

dos espazos que a alentán, volve agromar no proto-escritor que soñou con ouvir a cotovía, que aprendeu a axexar, a escoitar o trebón, a distinguir o tremelar da auga nunha folla, a agardar polo pasallás nas agras. A tribo, Outeiro de Rei, pasa a ser, outra volta, o paradiso rodeado polos catro ríos.

Resistencia e dereito á renacementa, do papel insustituíbel de **pasador** que Manuel María desempeñou coa miña xeración é proba documental esta Casa de Hortas, hoxe Museo, que acolle o seu legado e onde tamén podemos contemplar a pegada dos devanceiros: paixón por andar cada lugar canda a sombra inmensa de don Ramón Otero Pedrayo; aproximación ao marxismo da man do pintor Carlos Maside; a viaxe fabulada que devala dese Álvaro Cunqueiro con figura de abate rococó do XVIII francés, que é como un Manuel María mozo olla para o autor de *Herba d'aquí e d'acólá*. E sempre, sempre, a palabra, o misterio da palabra, que Luís Pimentel proclama.

Deles, desa presada de contertulios que usaban o galego como resistencia e como dereito á renacementa, Manuel María aprendeu a distinguir entre o discurso oficial e a Galiza subalterna, a da lingua marxinalizada e acalada, e albiscou ese segredo, o da literatura como doa preciosa para a muda que se fai en días de festa, unha alfaia que as e os escritores transformaban en razón de ser das súas obras, desa literatura “menor” que ten que moverse nos intersticios do sistema que a abafa. Por iso –outra volta Deleuze e Guattari– esta literatura non poderá evitar sere colectiva e sere política, para alén de inscribirse en momentos de existencia e de enlazar algures con todo o que o golpe militar tronzou.

Para nós, para a xeración pola que Manuel María puxou para a praza e da que foi editor en “Val de Lemos”, o convivio con il lévanos cara a unha paisaxe que está nese proemio ao *Terra Cha* onde don Ánxel Fole di que non é terra de froita, que é terra que arrecende a loureiro, terra de leite onde o pasallás lle canta ao pan. Por iso a obra de Manuel ten o pálpito do Torga de *Bichos* e da “Arte Povera”; por iso harmonizar coa “total plenitude desta terra” é rachar coa norma e traballar –naqués anos de friaxe ilimitada– con materiais humildes, a prol dunha obra que se lle asemella, onde o tránsito entre literatura e vida é, en por si, materia creativa. Talvez por iso cada obra de Manuel María lévame cara aos espellos do artista Michelangelo Pistoletto e as súas xeografías de transformación, ao corpo como corpo, ao corpo-auga, do Azúmara, dos humidais de Caque ou do Olló, ao pequeno regato do Cepelo “que nace e morre en Outeiro”, que non quere emigrar, dinos.

A propósito dunha conversa recente do artista Pistoletto e de Edgar Morin sobre o proxecto colaborativo “Cittadellarte”, que ten por obxecto conectar, pór en relación iniciativas diferentes, o Morin sociólogo e grande observador comenta

que sempre, na historia humana, todo comeza por unha iniciativa, unha innovación, unha mensaxe de carácter aparentemente marxinal, fóra do rego, modesta, e que fica, ás máis das veces, inapreciábel para as e os seus contemporáneos.

E teño para min que iso aconteceu cunha pequena iniciativa coa que o Manuel, **pasador**, nos salferiu a ti, Darío, a min, ao Fiz, ao Lois... O nome, “Val de Lemos”, terma dun lugar concreto que el amou; a forma era “povera”, de urxencia, para uns cadernos poéticos producidos cos medios a bordo –dicían os construtivistas soviéticos– e impresos na gráfica de Villarabide en Sarria. E eses novos obxectos eran mediadores entre as persoas que nos achegabamos á nación e nomes de culto publicados na mesma colección, con Celso Emilio, con Bernardino Graña, con Xosé Neira Vilas. Manuel, o pasador, respondía as cartas cada día, ía ao correo decote e remesaba puntualmente os cadernos de poesía a toda a familia galeguista. Despoixas o milagre acontecía e alguén que coma min facía Xornalismo en Barcelona topaba no buzón unha misiva desde La Habana ou desde Caracas agradecendo “Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto” e comentando con moito tino, para non me mancar, aqueles primeiros poemas.

“Val de Lemos” foi un lugar de lecer e de crenza no futuro; foi a revancha da palabra contra a súa desaparición; foi a lingua galega como sinal das contrabandistas. No meu caso foi algo máis, foi a botella ao mar na procura do que nalgures acontecía; foi o modo de entrar en relación cunha xeración que fixo de min unha persoa amante da política, dos países pequenos e imperfectos e das historias con final aberto. Díxeno así nunha homenaxe a Celso Emilio Ferreiro e repítoo para o Manuel María. Porque usando por veces unha fala surreal, o trampitán; chamando a miña atención para os rastros dun país en desaparición, foime transferindo a capacidade de discernir a lingua negada, a lingua como produción do común, a lingua como marca de clase, a lingua como toma de posición, como materia carnal que manca... e que é unha súa pegada en múltiples poemarios, artigos, pezas dramáticas. Na obra do Manuel a lingua é, sabémolo ben, un dos *topoi* que acada ese marchamo político e colectivo da literatura resistente, cun anticipo en *Documentos personae* e naquel desacougo que lúe nas cicatrices dispersas dos anos da “tebra”, da poesía en pasaxe, sen lugar, que se engarza na falta de senso e de disenso.

Lingua clandestina, lingua pobre, lingua exhibida como emblema, lingua da grande literatura rosaliana, lingua que deturpas, lingua que, en que te comprometes, identificas como nacional-popular. Lingua que o poder tamén sabe ben que é o noso principal signo de renacemento e que planifica arrincar ou tolleitar. Lingua, construción permanente. Lingua para poemas-manifesto que axuden a “alcender unha cerilla”:

O máis urxente de todo niste intre,
 nesta hora que se nos vai das maus,
 que cai ós nosos pés como unha bágoa inútil
 é mostrar o peito ó descuberto
 contra as tronadas que nos ameazan
 desde tódalas direucións da rosa dos ventos
 e dicir verdade en lingoaxe do pobo.

Estes versos imprimíanse na diáspora con debuxos de Luís Seoane na cuberta e saían do “Obradoiro da Corporación Gráfica de Montevideo o 25 de Sant-Iago de 1973, Día de Galicia”. Cando colliamos un exemplar coas mans, cada apontamento, cada pormenor alongaba o seu significado cara ao degoiro e as accións de liberación, das máis persoais ás absolutamente comunais, como modo de partillar momentos de gloria. E eramos parte dun futuro para o que, agora si, tiñamos unha lingua coa que nos expresar.

É Monforte.

É a cidade dos operarios do ferrocarril; a cidade moderna que acollera a assemblea das Irmandades da Fala no 1922; a cidade rodeada de cepas diferentes e de pasoniveis; con cronista, casino, xogos frorais... nesa mesma cidade abeiraba, en setembro do 1970, da man da Saleta e do Manuel, un espazo-proxecto, un signo de distinción igualitario. Falo da librería Xistral, sitio dos recados, cruzamento de información, mostrador tras o que se agacha o *Sempre en Galiza* que, desde Vigo, traía no fardel un home que falaba de sanadoras e de cogomelos, ao que sentín dicirlle o vello Patiño e que despois deu en se chamar Patiño, o vello.

Libreiro, editor, animador de festas, escritor metido á política nos anos de chumbo, Manuel collera o costume de ladear un chisco a cabeza para ollar de esguello ese real que por veces o emociona, que –desde *Advento*– o mantiña coa alma pendurada dun cabelo, e que exercitara de ben neno mentres agardaba a que o oleiro de Bonxe inscribira no peto de gardar os cartos: son de Manoliño de Hortas. Nas ás dos *Oráculos para cavalinhos-do-demo* e do pestanexar da rosa foi cara á historia, en harmonía coa “total plenitude desta terra”. O compromiso coa fala definiuno no persoal e no comunal. Agora é cousa nosa non deixar que este fío tronce. E canda ele, a historia. Dixen.

MANUEL MARÍA, O POETA

Darío Xohán Cabana

Dentro da imposibilidade absoluta e evidentísima que é resumir en quince minutos o que representan medio século de escrita poética, cincuenta poemarios, mil oitocentos poemas e corenta mil versos, intentarei humildemente, e sen temor a repetirme, dicir diante de vós o que segundo o meu parecer significa a obra poética do meu amigo, do meu mestre, do meu padriño poético e nupcial, do meu irmán maior Manuel María, o xigante que hoxe nos congrega na súa casa natal, neste sagrado circundo, nesta horta da Casa de Hortas onde empeza a Terra Chá.

Por máis que esteamos na Terra Chá, neste lugar onde a Terra Chá xeograficamente empeza e onde foi concibida e creada como patria poética, resistamos firmemente a tentación de dicir que estamos celebrando o poeta da Terra Chá, porque esa é soamente unha partícula, algo máis ca unha anécdota pero moito menos ca unha definición ontolóxica ou existencial de Manuel María Fernández Teixeira en canto poeta.

Pasaran trece anos de ditadura polo dorido lombo de Galicia; a guerra aínda non rematara de todo, pois nos montes galegos aínda ardía un resto do incendio guerrilleiro co Foucellas e o Piloto; a alta cultura galega, a obra das Irmandades da Fala, da Xeración Nós, do Seminario e dos grandes intelectuais, novelistas, dramaturgos e poetas da República fora borrada da superficie da Terra; e a obra basilar do grande editor de nós, a obra do bon Anxo Casal, fora afogada co seu propio sangue en Cacheiras, onde xa fora derrotada a Revolución de 1846. O que de tanta vida inda era vivo nesta noite de pedra seguía a habitar nas catacumbas e nas terras do exilio, pero empezaba a acender tamén algún pequeno lume ó ventimperio da patria: Benito Soto, Bibliófilos Gallegos, Monterrey... En 1947 Aquilino publica *Cómaros verdes*.

No verán do 1949, acabados os sete anos do Bacharelato Universitario, Manuel María alindaba as vacas polos pasteiros familiares de aquí ó carón, nas ribeiras do Miño, poñamos por caso nun curro que tiñan en Santa Isabel. El recibira xa moitas leccións antigas; ós nove ou dez anos, milagrosamente, lía na escola de Rábade os galegos escritores e poetas: Curros que o dixo así, Rosalía, Pondal, pero tamén Manuel Antonio e Luís Amado Carballo. Xa nos derradeiros cursos do Bacharelato, Lázaro Montero de la Puente déralle a ler Lorca, Alberti, Dámaso Alonso; o catedrático de francés amosáballo Sartre e Camus. E sobre todo empezara a recibir

a través de Ánxel Fole, de Celestino Fernández de la Vega, de Luís Pimentel, do bon Ánxel Xohán, do boticario Figueroa, a memoria e a herdanza do Galeguismo e da República. Manuel María remoe polas corredeiras nemorosas as leccións aprendidas, os amores, os soños, e escribe en lingua galega un libro nomeado *Muiñeiro de brétemas*, que Aquilino Iglesia Alvariño lles mandaría editar ós de Benito Soto e que en 1950 se convertería nun símbolo ó ser o primeiro libro en galego publicado por un autor novo, non estreado antes da Guerra, convertendo o seu autor en adañal primado da mocidade literaria do seu tempo.

Logo en rápida sucesión escribiría *Morrendo a cada intre* e *Advento*, e con estes dous libros Manuel María converteríase xa pra sempre nun gran poeta, príncipe da súa xeración. *Morrendo a cada intre* é un libro brutal, alucinado, de linguaxe extremadamente violenta, escrito ou composto “nunha noite na que rifaban as tebras e as estrelas”, a máis dura e dolorosa concreción desa cousa que chamamos Escola da Tebra, por el mesmo iniciada en *Muiñeiro de brétemas*. En *Morrendo a cada intre* está quizabes coma en ningures o espírito do existencialismo máis angustiado e escuro, expresado nun verso de feitío surrealista ateigado de imaxes alucinatorias e electrizado por oxímoros, antíteses e paradoxos de alta tensión.

Despois disto viría *Advento*. Escrito no outono-inverno do 1950 ó 1951, *Advento* é un libro máis sabio e repousado, e mesmo máis tranquilo, malia toda a angustia existencial —ou simplemente angustia, quixéramos dicir— irmá da de *Morrendo a cada intre*, que impregna sobre todo as dúas primeiras partes. O verso de amplo alento, libre pero non tanto, semella máis harmonioso, pola cadencia musical e pola cadencia discursiva. En *Advento* están algúns dos máis altos poemas da nosa lingua: “Presenza”, “O agoiro”, “A luz morta”, “Poema do home disgregado”, “O derradeiro día”, e ese diamante senlleiro de fulguracións escuras e obsesivas que é o “Responso desesperado” coa súa portentosa tensión anafórica. Pero se eu puidese facer unha escolma poética de Manuel María tan longa como quixera, probablemente metería nela todos os poemas de *Advento*; porque *Advento* é, non cansarei de repetilo, un dos máis fermosos libros da poesía galega do século XX: os seus irmáns pódense chamar *De catro a catro*, *Dona do corpo delgado*, *Os eidos*, *Nimbos*, *Profecía do mar*, *Herba aquí e acolá*, *Con pólvora e magnolias*, *Seraogna*, *O fin dun canto*, *Estirpe*, artefactos poéticos perfectos e misteriosos nos que parece non faltar nin sobrar nada.

A terceira parte de *Advento* é bastante diferente das outras dúas. Os seus poemas, xeralmente máis breves e de versos máis curtos, tenden case todos a unha maior economía de recursos retóricos, programaticamente expresada no primeiro deles, o titulado “Anceio”: “Eu quixera escribir un poema sinxelo, / puro e branco”. Anúnciase así, paréceme a min, a seguinte gran xeira do poeta, que se

volve cara ó “universo de cousas e dos sentimentos simples”, como tan ben dixo o poeta Augusto Casas ó publicarse *Mar maior*.

Esta segunda etapa ou xeira parece estar en marcha a partir de 1952, e ten efectivamente no libro *Mar maior*, publicado en 1963, o seu compendio máis cumprido. *Mar maior* é un libro de aluvión, ben diferente niso da maioría dos de Manuel María, que son máis ben libros de explosión; nel xúntanse poemas escritos ó longo dunha ducia de anos, e aínda que durante este tempo fixo outros poemarios máis ou menos “explosivos”, coma tal *Documentos persoais*, en *Mar maior* está o máis florido da súa produción poética, na cal agora se percibe un intenso diálogo poético con dous dos seus contemporáneos máis vellos: o Luís Pimentel de sempre, toda a vida semellante a si mesmo, e o Álvaro Cunqueiro que neses mesmos anos anda a escribir e espallar os poemas –e nomeadamente os máis persoais e elementais– que confluirían despois en *Herba aquí e acolá*. Diálogo non único, por outra banda: Francis Jammes é sempre moi citado, polo propio Manuel María e polos críticos. Como é ben sabido, *Mar maior* tería unha continuación no tempo, outro libro de aluvión cuxa primeira metade lle é moi semellante, titulado *Remol* e publicado en 1970. Pero en realidade a segunda xeira poética de Manuel María non vén máis acó do ano 1966, pois case toda a segunda metade de *Remol* insírese xa moi claramente na etapa seguinte.

E cousa á parte é tamén o libro *Terra Chá*, probablemente o máis célebre e popular do noso autor, que o estivo escribindo, reescribindo e aumentando case toda a vida. Reescribindo, repetimos. Porque a nós cómprenos dicir que, contra o que xeralmente se cre, *Terra Chá* non é un libro, senón dous. Explicámonos. A edición de 1954 e a de 1967 son libros completamente distintos, e non só porque a segunda sexa tres veces máis extensa, senón porque dos 55 poemas da segunda edición que coinciden en título cos da primeira a inmensa maioría son poemas novos, radicalmente diferentes, que a miúdo non conservan nin un só verso da primeira redacción. Por poñermos un caso, o célebre poema “O carro” da segunda edición non ten nada que ver co que leva o mesmo título na primeira. En realidade só atopamos seis iguais: “Terra Chá”, “Choiva”, “Noite”, “O toxo”, “O merlo” e “Camiño”. Quizabes non fose moito pedir que os aspirantes a críticos, antólogos e editores lesen os libros antes de falaren deles.

O breve poemario *Documentos persoais*, escrito nuns poucos días de xuño do 1957 e publicado en abril do ano seguinte, é en certa maneira un anticipo da terceira xeira poética do Manuel, pero tamén se pode entender facilmente dentro da segunda, malia o que ten de novidade, inaugurando un camiño de realismo coloquial na poesía galega polo que logo transitaría tamén a miúdo o propio Celso Emilio Ferreiro.

É realmente contra 1966 cando se produce na poesía de Manuel María un novo radical cambio de rumbo que nos autoriza a falar dunha terceira etapa, que é a da poesía de combate. *Proba documental*, libro que marca simbolicamente o inicio deste novo camiño, parécese bastante, e non só no título, a *Documentos persoais*, senón que a intención política dos poemas é moito máis directa, e o que nos *Documentos...* era unha ironía máis ben suave e bondadosa faise agora moito máis áspera e colérica.

Con todo e con isto, cómpre dicir que ben antes de 1966 Manuel María xa non era alleo á poesía chamada social ou política, ou mesmo patriótica. Á parte da lene crítica social dos *Documentos persoais*, en *Mar maior* hai poemas e alustros nos que latexa o compromiso nacional e popular. E en 1965 publícase n'*A Nosa Terra* de Bos Aires o seu célebre poema "Acuso a clase media", un dos textos de combate e propaganda máis difundidos na última década de Franco.

Por riba da unidade de intención, os tres lustros desta xeira son dunha variedade formal e temática moi grandes, que en parte podería concretarse en varias liñas. Unha delas sería a dun certo realismo coloquial con recurso continuo á ironía e á antífrase, representada pola *Proba documental* e mais polas *Odas nun tempo de paz e de ledicia*. Outra liña moi fortemente caracterizada sería a que nace en *Versos pra cantar en feiras e romaxes*, coa súa poderosa técnica expresiva baseada nunha métrica sincopada e unhas rimas estrambólicas que van choutando coma quen desenvolve un nobelo e por veces fan pensar nos mellores acertos do rap, daquela nacente nos Estados Unidos e descoñecido entre nós. Nesta liña inseríranse algúns anos despois os *Cantos rodados pra aliados e colonizados*. Os *Versos pra un país de minifundios* caracterízase pola vontade profética, cunha linguaxe sinxela e violenta de estirpe bíblica en versos libres moi elementais; nesta mesma dirección camiñarán longos poemas-libro como son *Informe pra axudar a alcender unha cerilla* ou *Aldraxe contra a xistra*, que engaden unha maior riqueza retórica, a miúdo con recurso á imaxinaría surrealista. Dentro da escrita surrealista inscribírase plenamente *Catavento de neutrós domesticados*. Pero os libros desta época –poemarios ou longos poemas– son ducia e media, e non todos cadran ben co que levamos categorizado: como integrar por exemplo as *Cancións do lusco ó fusco*, que teñen algo da *Proba documental* e algo dos *Versos pra cantar en feiras e romaxes*, pero quizabes máis aínda dunha vontade formal clasicista que as singulariza fortemente? E algo moi parecido pasa c'*O libro das baladas*, por non falarmos xa dos *Poemas ó Outono*.

Cuestión á parte son tamén *Os soños na gaiola*, escritos en 1967, que logo terían un irmán, *As rúas do vento ceibe*, concibido en 1978. Libros escritos adrede pra nenos, o primeiro deles é pioneiro na xeira moderna da nosa literatura infantil, e unha das obras máis populares e politicamente útiles de Manuel María. E sen

embargo apenas parece político ou social nun sentido doutrinario, fóra, iso si, do claro galeguismo do primeiro poema e do lene contido social de tres ou catro máis. Pero a súa intencionalidade política de fondo si é clarísima, e corresponde plenamente ó espírito de Manuel María nesta longa etapa da súa vida literaria, na que escolleu desempeñar a nobre función de poeta de partido, de poeta dun ideal político, que algúns pretenden desprestixiar falando con altivo desprezo de intelectuais ou poetas orgánicos, coma se tal cousa non o fosen no seu tempo outros tan grandes coma Louis Aragon ou Pablo Neruda. Ou se nos poñemos exquisitos e requirimos un plus de antigüidade, coma Virxilio, Pèire Vidal ou Luís de Camões.

Durante a época gloriosa da poesía de combate, que en Galicia predominou polo menos dende 1968 a case 1980, foron dous os poetas que máis brillaron no noso firmamento: Celso Emilio Ferreiro e Manuel María. Pero Manuel María foi poeta político aínda con máis intensidade, con máis profusión, con máis autoimposta disciplina, con máis vontade de servir humildemente. Isto se cadra prexudicouno nalgún tempo na imaxe que algúns concibiron ou difundiron del; pero hoxe todo mundo sabe que nesta etapa de Manuel María hai tamén, pra dicilo con palabras de Méndez Ferrín, textos de calidade e valor absolutos.

Chegamos finalmente a unha nova viraxe ou revolta temática que dá lugar a unha cuarta e derradeira xeira na obra poética de Manuel María. O libro *Poemas da labarada estremecida*, escrito en 1980 e publicado no ano seguinte, simboliza nidiamente este cambio. Se na etapa anterior os temas políticos, sociais e patrióticos, impregnan a inmensa maioría dos seus poemas, a partir deste libro fanse absolutamente minoritarios fronte a unha lírica de carácter moito máis persoal ou íntimo. Non desaparecen, xaora: Manuel María seguirá facendo algúns poemas políticos –nomeadamente de celebración histórica ou biográfica–, e por suposto estará sempre presente cos seus textos cando lle é requirido polas circunstancias políticas e pola súa radical militancia. Por exemplo, un dos seus derradeiros poemas forma parte do libro colectivo *Negra sombra. Intervención poética contra a Marea Negra*, ano 2003.

Esta cuarta xeira de Manuel María é tematicamente moi diversa, e formalmente tamén bastante variada. Por exemplo, nela reverdece o seu interese polas formas clásicas en verso de arte maior, nomeadamente polo soneto, que xa ensaiara nos *Poemas ó outono* publicados en 1977, opúsculo claramente anunciador desta derradeira etapa. A partir de 1980 cultivará esta ilustre forma estrófica con bastante obstinación: en *Poemas da labarada estremecida* encaixará os textos en verso libre nunha estrutura simétrica de catro sonetos; algo semellante fará con *Os lonxos do solpor*, publicado postumamente. Ademais escribirá os cincuenta *Sonetos á Casa de Hortas*, os trinta de *Sonetos ó val de Quiroga* e os doce *Sonetos de amor e vida* que forman parte d'*As lúcidas lúas do Outono*, alén doutros soltos que figuran

especialmente nos libros pertencentes ó que el chamaba a súa “vocación de poeta local”. Por outra banda, e dentro do formalismo clasicista, o metro octosilábico tan presente no segundo *Terra Chá* e as súas ampliacións e mais nos libros pra público infantil utilizarao agora tamén nun lirismo de carácter máis confesional ou persoal, nomeadamente en *Compendio de orballos e incertezas*, onde hai dúas series de poemas en cuabras de dobre rima consoante que ás veces alcanzan unha beleza case dolorosa. Con todo, o predominio é do verso libre, un verso libre en xeral non moi longo e con valores rítmicos moi pouco marcados, cunha sinxeleza expresiva e unha retórica tan elemental que un podería aplicarlle o concepto de *poesía povera* se tal cousa existise ou se puidese dicir.

Un dos temas máis presentes na poesía última de Manuel María é o do amor, quero dicir o amor que no seu caso se chama Saleta, de tal maneira que o libro que antes mencionei como inicio simbólico de etapa é na súa totalidade un canto de amor, unha historia de amor. Mais nos libros seguintes desta época o abano temático ábrese case infinitamente, volvendo en certa maneira ás preocupacións que informaran a época de *Mar maior*, cunha presenza talvez non moi numerosa pero especialmente intensa e poeticamente conmovedora da consideración da morte e a transcendencia.

É moi doado ver estes catro períodos na obra poética de Manuel María: a súa lóxica está bastante clara, especialmente cando consideramos as datas da escrita, ben establecidas por Camilo Gómez Torres na súa tese de doutoramento, e non as da publicación dos libros. O que é imposible, polo menos pra min, é unha clasificación temática e estilística satisfactoria e convincente, alén dunha enunciación máis ou menos elegante e sucinta dos temas básicos. Un día quixen deseñar unha árbore temático-estilística da poesía de Manuel María: saía unha selva e renunciei.

Manuel María foi o maior animal poético da nosa literatura nacional. Dende a súa adolescencia ata a súa morte non debeu deixar de ser poeta nin un só día da súa vida. Foi ademais outras moitas cousas: home de ben cunha ética persoal e política intransixente e insubornable, traballador obrigado a gañar a súa vida, militante incansable, narrador, dramaturgo, escritor nos xornais, conferenciante, editor, axitador cultural. Pero poeta foino mesmo mentres durmía. Na súa obra extensísima non faltan momentos de laxitude, como é proverbial que os había en Homero; o que non hai xamais é falsidade. Todas as contas botadas, o núcleo esencial da poesía de Manuel María constitúe un dos grandes petouts da xa longa cordal da poesía galega moderna. E por outra banda, non sei se isto que vou dicir é estritamente un mérito literario ou non, pero quero dicilo de novo, porque dicir xa se dixo moitas veces: Manuel María foi, e segue sendo, o poeta

galego máis popular polo menos dende Curros Enríquez. E o máis oído. Ducias de cancións súas sábese aínda de quen son; outras xa non se sabe, ou xa poucos o lembran, e son cantadas como cousa anónima, de tradición oral. E foi o poeta máis querido porque en moitos deses poemas condenados a ser cancións interpretou coma ninguén o espírito do pobo; por iso e tamén pola súa condición persoal, pola súa bondade persoal. Sabemos moito ben que pra ser un gran poeta non fai falla ser boa persoa; pero cando as dúas cousas coinciden como coincidiron no meu mestre Manuel María, velái onde está realmente o gran milagre do mundo.

III

Traballos de investigación e estudo

NAS ORIXES DA SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA.

A ACHEGA DE XESÚS ALONSO MONTERO (1968-1973) /

/ Henrique Monteagudo

NOVAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA RECOLLER, NORMALIZAR E DIFUNDIR
A TOPONIMIA DE GALICIA. ESTADO DOS PROXECTOS /

/ Vicente Feijoo Ares

GALICIA NO DECRETO DE 1916 /

/ Luz Méndez Fernández

NAS ORIXES DA SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA. A ACHEGA DE XESÚS ALONSO MONTERO (1968-1973)

Henrique Monteagudo

Instituto da Lingua Galega (USC) / Real Academia Galega

Resumo: No presente contributo abordamos un capítulo da historia intelectual de Galicia, o referido ás ideas e debates sobre a lingua, para poñer de relevo a importantísima achega que realizou Xesús Alonso Montero. Centramos o foco nas achegas sobre a situación sociolingüística do galego deste autor publicadas nos anos 1968-1973, nomeadamente: *O porvir da lingua galega* (1968), *O que compre saber da lingua galega* (1969) e *Informe –dramático– sobre la lengua gallega* (1973). Concentramos a atención na última obra, que tomaremos como testemuño da crise da conciencia lingüística de Galicia naqueles tempos, coa conseguinte emerxencia dunha ollada máis sociolóxica sobre a situación do galego. Repararemos con especial detemento na cuestión do futuro do idioma, que será obxecto de debate desde aquela ata os nosos días.

Abstract: We deal in this paper with a chapter in Galician intellectual history, namely the one on the ideas and debates about Galician language, with the aim to highlight the important contribution made by Xesús Alonso Montero. Here we focus on his essays published between the years 1968-1973 on the sociolinguistic situation of Galician, mainly the books *O porvir da lingua galega* (1968), *O que compre saber da lingua galega* (1969) and *Informe –dramático– sobre la lengua gallega* (1973). We put our attention in the last book, for we see it as testimony of a crisis affecting Galician linguistic consciousness during these years which was followed by the rising of a more sociological approach to the situation of Galician language. We will take a closer look at the question of the future of our language, which remains a permanent issue of debate from then up to the present day. We start.

Palabras chave: lingua galega, lingua e sociedade, Xesús Alonso Montero, sociolingüística galega, bilingüismo.

Key words: Galician language, Language and society, Xesús Alonso Montero, Galician Sociolinguistics, Bilingualism.

Nas clases de Sociolingüística galega da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago todos os cursos comentamos, lemos e discutimos dúas obras, na súa condición de pezas que preludian a fundación daquela disciplina: *A linguaxe e as linguas*, discurso de ingreso de Ramón Piñeiro na Real Academia Galega (1967), e *Informe –dramático– sobre la lengua gallega*, de Xesús Alonso Montero (1973). Na edición do primeiro texto que quen redacta estas liñas preparou por encargo da Editorial Galaxia, explícase en que sentido debemos considerar esta obra como precursora da Sociolingüística galega (Monteagudo 2007; véxase tamén Monteagudo 2015: 500-503). Resumindo moito o argumento, Piñeiro diagnostica a situación social do idioma utilizando como clave as nocións de *prexuízo* e de *prestixio*. Por outra banda, despois de analizar os factores sociolóxicos que no seu entender motivan a marxinación do galego, móstrase francamente optimista canto ás perspectivas de futuro, unha actitude que manterá, incluso polemicamente, no futuro. Varias das reflexións que Piñeiro apuntara no seu discurso –moi especialmente sobre as perspectivas de futuro do idioma– tornaríanse asuntos de debate público uns anos máis tarde, a partir do ano 1973, cando veñen a lume, case simultaneamente, o libro *Informe –dramático– sobre la lengua gallega*, do profesor Xesús Alonso Montero, e o artigo de Ramón Piñeiro, “Carta a Don Manuel Rodrigues Lapa” (1973)¹.

No presente contributo dirixiremos o noso foco ás achegas sobre a situación do galego de Xesús Alonso Montero publicadas nos anos 1968-1973, centrando a nosa atención no *Informe dramático*, que tomaremos como testemuño da crise da conciencia lingüística de Galicia naqueles tempos, coa conseguinte emerxencia dunha ollada máis sociolóxica sobre a situación do galego. Repararemos con especial detemento na cuestión do futuro do idioma, que será obxecto de debate desde aquela ata os nosos días. Imos pois, abordar un capítulo da historia intelectual do noso país, o referido ás ideas e debates sobre a lingua, para poñer de relevo a importantísima achega que realizou o noso autor².

1 Como é sabido, Piñeiro redacta esta carta –publicada na revista *Grial*– como réplica ao do filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa, “A recuperação literária do galego”, estampada orixinalmente en Portugal en 1972 na revista *Colóquio/Letras* e despois reproducida na propia revista *Grial* (Monteagudo 2013). Verbo do pensamento idiomático de Piñeiro, ademais do traballo citado na nota anterior, pode verse Monteagudo 2015.

2 Existe xa unha importante aproximación, ben que enfocada cara aos aspectos máis académicos do nacemento da Sociolingüística: Rei 1999. Por outra banda, as achegas máis interesantes sobre o contexto sociolingüístico da época son, ao noso parecer, as que ofrecen Alonso Pintos 2002: 67-134, e Villanueva 2010.

1. UN MOMENTO CRÍTICO: ANTES E DESPOIS DE 1968

Vencellada ás profundas transformacións que estaba a experimentar a sociedade galega desde os anos cincuenta (emigración masiva da poboación campesiña galego-falante, urbanización, industrialización, extensión do sistema educativo e os medios de comunicación de masas etc.), desde os mediados da década dos 60 vaise incubando unha fonda crise da conciencia lingüística de Galicia, unha crise que se manifesta antes que en ningún outro sector nas elites máis concienciadas, en forma dunha notable mudanza de actitude perante a situación do galego: da ocultación, a idealización ou a hostilidade, pásase á visibilización, a inqueda e o compromiso. Se hai que sinalar un momento de inflexión na eclosión desa crise, ese sería sen dúbida o ano 1968, cando a mudanza comeza a espallarse desde elites moi reducidas ás minorías conscientes. A expresión máis acaída da amplitude que ía atinxindo esa nova conciencia vén da man das revoltas estudantís do 68 compostelán, á calor da cal nace o movemento *Voces ceibes*, que, pola novidade que supón e pola ampla audiencia que acada, se ergue nun potente altofalante das inquedanzas políticas e culturais dunha xeración intelectual que fai bandeira do compromiso co idioma do país³. A obra que mellor reflicte a progresiva madureza da reflexión sobre a situación do idioma acadada naquela altura é a miscelánea colectiva *O porvir da lingua galega*, que preparou e editou o noso autor (Alonso Montero 1968b). Outra obra representativa dese momento é o ensaio polémico, didáctico e divulgativo *O que compre saber da lingua galega*, debido tamén ao mesmo (1969), que adianta moitas observacións sobre a lingua e a súa situación social que serán novamente retomadas e ampliadas no *Informe –dramático– sobre la lengua gallega* (1973). A sociolingüística galega é filla do novo clima intelectual da Galicia post-sesentoitista.

A que responde a inusitada resposta social que atinxen as reivindicacións idiomáticas a partir daquela altura? Nun texto publicado n'A *Nosa Terra*, editada daquela en Buenos Aires, un articulista que asinaba M.d.P. (M[oisés] d[a] P[resa]?) reclama o “artellamento dun fronte Patriótico integrado por todos os partidos de signo nacional galego”, para inmediatamente observar: “Xa na loita polo idioma, tacitamente existe un fronte nacional no cal coinciden e traballan socialistas, social cristiáns, da U.P.G. e homes sen partido” (M[oisés] d[a] P[resa] 1968).

3 Como me sinalou o amigo Ricardo Gurriarán cando comisariou a exposición *Do “gaudeamus igitur” ao “Venceremos nós”*. *As mobilizacións estudantís do 68 en Compostela*, realizada en Compostela co gallo do corenta aniversario dos feitos daquel ano emblemático (Gurriarán 2008), era moi significativo comprobar que antes desa data a maior parte da actividade cultural dos estudantes universitarios se facía en castelán, mentres que despois houbo unha especie de eclosión do uso do galego. Un dos protagonistas de *Voces ceibes*, Guillermo Rojo, explica o ideario galeguista dese movemento nun artigo publicado na revista *Grial* (Rojo 1969).

Efectivamente, durante os anos anteriores asistírase a un proceso de acumulación de forzas e as distintas correntes políticas democráticas que actuaban na clandestinidade viñan constituíndo unha ampla fronte cultural, unitaria e plural, que sumaba esforzos para a reivindicación e dinamización da cultura e a lingua galegas. Ben que, en xustiza, aos socialistas (P.S.G.), social cristiáns, independentes e a U.P.G. citados polo articulista, habería que engadir como actores de relevo, entre outros e de xeito destacado, o recentemente constituído Partido Comunista de Galicia.

Se hai un libro representativo tanto da amplitude desa fronte unitaria a prol do idioma coma do pulo que estaba a tomar o movemento galeguista, é precisamente o xa citado *O porvir da lingua galega*, vindo a lume o mesmo ano 1968. Xesús Alonso Montero, o seu editor, fora un dos inspiradores (o principal) da creación do Partido Comunista de Galicia, pero o volume incluía colaboracións de Xosé Luís Méndez Ferrín (autor dun traballo sobre a “Unidade lingüística galega”, e daquela dirixente da U.P.G.), Sebastián Martínez Risco (vello republicano de esquerda, presidente naquela altura da Real Academia Galega, que escribe sobre “Función da Academia no futuro da lingua”), Valentín Arias (mestre e militante do P.S.G., autor do capítulo sobre “A lingua galega na escola”), Ricardo Carballo Calero (galeguista histórico do grupo Galaxia e primeiro profesor universitario de filoloxía galega, que colabora cun texto sobre “O galego na Universidade”), Manuel María (poeta nacionalista, da U.P.G., que escribe sobre “Pequenas e intrascendentes meditacións encol do futuro da poesía galega”), Basilio Losada (profesor da Universidade de Barcelona, que trata de “O futuro da prosa literaria galega”), Ramón Piñeiro (“O pensamento galego”), Bernardino Graña (“O futuro do teatro galego”), Benedicto García (“A nova canción e o galego”), Epifanio Ramos (“O porvir das traducións”), Manuel López Ferreiro (“O gallego i a administración”), Os Irmandiños (“A lingua e a igrexa”) e Valentín Paz-Andrade (“A evolución transcontinental da lingua galaico-portuguesa”).

Como se bota de ver na lista anterior, na obra colaboran persoas que representan un amplo e plural abano de perspectivas políticas e ideolóxicas, sempre nun horizonte galeguista e democrático, desde as máis próximas ao galeguismo histórico (Carballo, Piñeiro, Paz-Andrade) ata as de orientación marxista (Alonso Montero) ou nacionalista de esquerdas (Ferrín, Arias). Esa foi a ampla fronte galeguista que non só facilitou a esgrevia tarefa de resistencia cultural baixo as durísimas condicións da ditadura, senón que propiciou o grande salto adiante que arrinca de 1968. Na nosa opinión, o progresivo esfarelamento desa fronte ao longo da década seguinte restou un pulo cultural e social que resultaba imprescindible para dinamizar desde a base o proceso de normalización lingüística posto en

marcha desde as institucións ao longo da década dos 80. Pero este é un asunto que non procede desenvolver aquí e é merecente dun relatorio específico.

En agosto deste mesmo ano de 1968 celébranse solemnemente en Buenos Aires uns *Xogos Frorae do Idioma Galego*, ao que é convidado como mantedor Xosé Luís Méndez Ferrín. O discurso que este pronuncia na clausura do acto é un bo testemuño de como se enfoca a reivindicación da lingua naqueles momentos (Méndez 1969). A comisión organizadora deses premios impulsara unha iniciativa insólita: enviar unha carta aos alcaldes de todos os municipios de Galicia en que se reivindica o idioma e a cultura galegas, se solicita o apoio económico dos concellos para a Real Academia Galega e se denuncia a castelanzación da toponimia na sinalización pública (*Xogos frorae* 1969: 37-42 e 43-45). O diagnóstico sobre a situación do idioma é esbozado no seu discurso de clausura por Méndez Ferrín cando denuncia os “fautores disolventes que ameazan de morte o noso idioma”, e aseméllase considerablemente ao que debuxara Ramón Piñeiro no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, ao apuntar acusadoramente a tres: “a oficialidade do castelán na administración pública en tódolos niveles; o insino impartido escrusivamente en castelán; e a introducción da liturxia católica na fala oficial” (Méndez 1969: 77). Podemos anotar con sorpresa a ausencia dos medios de comunicacións de masas, pero esta ausencia vén remediada por unha referencia posterior, como decontado veremos. A solución que prescribe Méndez Ferrín para resolver o problema, tampouco moi distinto do que propuña Piñeiro, é o seguinte:

A loita debe apuntar, pois, en consecuencia da análise feita, a lograr a cooficialidade do galego e o castelán na administración; o uso escrusivo –de acordo coas normas de UNESCO– no parvulario, o bilingüismo nos restantes niveles do insino e a substitución pura e simple do castelán pola nosa fala nos ritos relixiosos a celebrar para un público de fala galega [...] É preciso acadar conciencia de que é o único camiño pra recuperación do galego, xunto co seu uso nos medios de comunicación de masas: televisión, radio e prensa.

E a seguir destas palabras vén o prognóstico fatídico:

Si o galego, miñas donas e meus señores, non chega a ser cooficial, insinado, utilizado pola igrexa [...] e difundido polos canles informativos; repito, si todo iso non se conquiere nun prazo moi curto, que non pode esceder os vintecinco anos, o galego morrerá. Mellor dito: será asesinado (Méndez 1969: 79).

2. A CUESTIÓN LINGÜÍSTICA COMEZA A TOMAR CORPO: REFLEXIÓN, INICIATIVAS E PROPOSTAS ARREDOR DE 1970

A comezos da década dos setenta, a Real Academia Galega publica unhas normas, primeiro só ortográficas (1970) e despois tamén morfolóxicas (1971), que supoñen a súa primeira proposta minimamente ampla de fixación do galego escrito e do que daquela se denominaba “galego común”. Esta iniciativa codificadora responde, en primeiro lugar e no longo prazo, a unha aspiración longamente sentida por boa parte dos cultivadores do galego literario, pero en segundo lugar e dun xeito máis concreto, á percepción de que estaban abrindo tímidos camiños para a introdución do galego no sistema educativo, contemplada, ben que en termos moi vagos e restritivos na *Ley General de Educación* aprobada nas Cortes franquistas en 1970, co concurso dos procuradores galegos Antonio Rosón e Xosé Filgueira Valverde⁴. Ás expectativas que se abrían nese sentido responde tamén a publicación da colección de manuais do recentemente fundado (en maio de 1971) Instituto da Lingua Galega (*Galego* 1, 2 e 3, publicados entre 1971 e 1974; García 1971). A creación deste instituto universitario de investigación (que tamén realizou moitas tarefas de intervención sociolingüística) supuxo un fito na historia da institucionalización da lingüística galega, co respaldo da Universidade de Santiago de Compostela, daquela a única de Galicia. En relación coa *Ley General de Educación*, nesta época a cuestión da introdución do galego no ensino é preocupación constante, como mostran entre outros os traballos de Valentín Arias (1970) e Carlos Durán (1970), e mesmo a elaboración dunha primeira proposta concreta nese sentido, “Plan pedagóxico galego”, publicado na revista *Grial* (Barro 1971). Neste plan sinálase o desafío que supoñen para o galego os avances do proceso de urbanización:

Na situación actual, o porvir da lingua galega está na súa incorporación á vida normal das cidades [...] O que ten que conquistar agora é o mundo da conversa cotiá, o mundo do comercio, das profesións, da administración e da política. Con un mundo rural despoboado e desfeito non é posible xa descansarse nil, consciente ou inconscientemente, como defensor do galego. É a cidade a que ten agora que servir de cruxol pra afirmar a lingua e darlle a confianza e o prestixio que lle permita espallarse por toda Galicia (Barro 1971: 205-206).

Outra obra que reflicte fielmente a visión que se ten naquela altura da problemática lingüística en Galicia é o folleto *O problema galego da fala*, de Xoán

4 Sobre o tratamento que dá ás ‘linguas nativas’ a *Ley General de Educación*, nos seus artigos 14 e 17, véxase S. A. 1970.

X. Santamaría Conde (1971). As cuestións tratadas neste opúsculo dan idea de cómo se abordaba o asunto. Comézase coa formulación do problema, o que podemos denominar o diagnóstico xeral, tratando a “dimensión social” do “problema idiomático” (Santamaría 1971: 9-14), onde se considera que o “bilingüismo en Galicia é causa da inxusta discriminación social” entre pobres e ricos, apuntando como cerne da cuestión o “desprestixio da fala”, e apúntase a necesidade dunha “axeitada e xusta solución”, que pasará pola dignificación dos costumes, tradición e lingua do pobo galego, para lle devolver o “sentimento da propia estimación”. A seguir, o autor debrúzase na problemática do “ensino do galego”, onde introduce unhas observacións novidosas, en canto que teñen en conta non só a lingua da familia e da educación dos escolares, senón tamén a do que hoxe denominaríamos “grupo de pares”, isto é, dos compañeiros de xogos. Preséntase aquí unha proposta bastante concreta de galeguización, que se plasmaría nun sistema bimodal, co galego como lingua vehicular nos hábitats maioritariamente galegófonos, e o castelán nos castelanófonos, e a aprendizaxe da outra lingua como materia en cada un deles:

despóis dun período de probas e adaptacións, nas escolas galegas e outros centros de ámbito rural, deberíase iniciar o ensino en galego incluíndo como asignatura o castelán que, pedagóxicamente, deben aprender comparativamente a partir do galego [...] e, pola contra, nos de ámbito urbán, impartir o ensino en castelán incluíndo, neste galego como unha asignatura máis no plan de estudos (Santamaría 1971: 27).

Neste ensaio préstase notable atención ao ámbito eclesiástico, recollendo as propostas que presentara o grupo dos Irmandiños na obra *O porvir da lingua galega* (Alonso Montero 1968b: 103-113). A seguir, trátase rapidamente dos “medios de comunicación social”, chamando a atención para a importancia do fenómeno da Nova Canción Galega. Outro ámbito analizado é o da produción literaria, onde se subliña a necesidade de expansión e consolidación dun público lector, que, ao xuízo do autor, nin sequera existe en castelán. Antes das conclusións, diríxese unha vista ao ámbito oficial onde se reclama que ao menos se recoñeza o dereito dos administrados a utilizar a súa lingua nas relacións coas administracións. Nas breves conclusións, reafírmase na necesidade de recoñecer “o noso problema lingüístico”, pois continuar ignorándoo só contribuirá a que se torne un auténtico “conflito” (Santamaría 1971: 53).

Por eses tempos, espállase entre a *intelligentzia* galeguista a alarma ante as graves ameazas que se cernen sobre o futuro da lingua. Os testemuños son abundantes e moi significativos. Xa citamos atrás o de X. L. Méndez Ferrín. Máis sombrío

era o que expresaba Carlos Durán en 1971: “o idioma galego pode morrer nista década que estamos a encetar. É cousa terríbel de pensar, pero posíbel, non nos enganemos” (1971: 82). Pero ese apuntamento non pasa de ser un desabafo. Máis interesante é a análise que ofrece Xesús Cambre Mariño no seu artigo “Resurgir o fenecer de la lengua gallega” (1972). O autor comeza por salientar a coxuntura paradoxal en que se debatía o idioma galego:

Por unha banda, é un feito irrefugabre que endexamais, en ningún outro período da nosa historia [...] se falou tan de cote o noso idioma en certos seutores da nosa sociedade, nin se escribiu e publicou tanto en galego. [...] Por outra banda, tamén é certo que nunca se veu a cultura galega e a língoa que lle serve de vehículo tan asediada como no día de hoxe polas forzas alleantes que ameazan esnaquizala (Cambre 1972: 109).

Perante esa realidade, a idea que desenvolve o autor é que a formulación desa problemática mudara de xeito radical naqueles tempos. Os novos factores de erosión da cultura e a lingua galegas que incidían nesa mudanza eran fundamentalmente tres, o sistema educativo, o desenvolvemento das comunicacións terrestres a os medios de comunicación de masas:

Hai que ter presente que os galegos conservamos o noso idioma gracias a unha serie de fautores, entres os que hai que destacar o illamento xeográfico da poboación rural e a ineficaz penetración do ensino e a cultura oficial nas masas labregas. Non foi por razóns estra-socias ou por motivacións metafísicas [...] Nos derradeiros tempos, ises diques que contuveron a enxurrada castelánizante e preservaron o idioma propio na entraña do pobo están a pique de se derrumbar; a acción combinada da extensión do ensino a unha base máis ampla da poboación e o melloramento das comunicacións terrestres findarán co illamento das comunidades rurais. A todo isto hai que engadir a máis recente e esnaquizadora acción dos mass-media. [...] Xentes que noutra época endexamais terían escoitado unha verba castelán no decurso das súas vidas, hoxe tópanse espostas ó bombardeo dese idioma de xeito cotián. Os mecanismos de defensa da língoa propia derrúmbase de maneira magoante apesares do que pensen ou coiden pensar algunhas persoas que ollan o problema da língoa galega con enfoque trunfalista (Cambre 1972: 119).

Fronte a estes “trunfalistas”, que salientan o pulo do cultivo do galego no ámbito da alta cultura literaria, o autor sinala que “nos tempos aituás, ante a revolución que se está a operar na maneira de difundir a información polos mass

media, moita xente tamén toma en serio a posibilidade de que unha “civilización de masas», desenrolada por eses medios de comunicación, findará por opoñerse a unha «cultura de élite» [...] transmitida e conservada mediante a escritura” (Cambre 1972: 114). Por tanto, o incremento da publicación de libros en galego non pode ser tomado como “índice incontrovertíbel do rexurdimento do noso idioma” (1972: 118), pois puidera darse o caso de que os intelectuais seguisen apegados ao galego, mentres “o pobo esquece paseniñamente a súa propia lingoa sustituíndoa polo castelán” (1972: 118). Porque, segundo el mesmo constata, “o pobo traballador de Galicia, tanto nas vilas e cidás como no rural, fai esforzos tremendos para falar castelán ou cando menos castrapo si topan cun descoñecido” pero “o peor síntoma da desintegración idiomática é a teima que teñen certos elementos das crases traballadoras de Galicia en ensinarlles a falar castelán ós seus fillos” (1972: 119).

É de notar que o autor aborda a cuestión da lingua desde unha perspectiva decididamente sociolóxica, sen botar man de nocións tales como ‘prestixio’ ou ‘complexo de inferioridade’. Co mesmo aceno que se desbotan mitos moi arraizados no imaxinario galeguista, como a pervivencia secular da lingua grazas á resistencia defensiva do pobo, tamén se ignoran explicacións en clave da psicoloxía social, ou da mera psicoloxía, non sempre con vantaxe para as explicacións que se ofrecen: véxase, por exemplo, na última cita a referencia á “teima” de moitas familias das clases traballadoras por falar en castelán cos fillos. Tampouco parece moi afortunada a imputación de ‘esnobismo’ aos elementos da burguesía urbana que comezan a manifestarse polas manifestacións culturais do país⁵.

Doutra banda, resulta innovadora a análise da problemática cultural en termos de cultura escrita tradicional de elite / nova civilización audiovisual de masas, que abre o camiño para sinalar o perigo de que o cultivo do galego que está agromando quede limitado ao primeiro ámbito, e por tanto desconectada da maioría da sociedade. Igualmente notable no correspondente contexto histórico é que o autor non parece outorgar grande importancia ao ámbito litúrxico, e en troques coloca no centro da súa atención os medios de comunicación de masas. Todo un indicio da profundidade que estaba a adquirir o proceso de secularización da sociedade galega, ao menos a urbana, que por certo tamén se manifestaba na crise das vocacións sacerdotais.

En definitiva, como se bota de ver, Cambre Mariño anticipa un prognóstico fúnebre, que inclúe unha crítica indirecta a Ramón Piñeiro, porque considera que

5 “Istes seutores mercan libros galegos sin dúbida por seguir a moda do pintoresco e folklórico; nunha verba, pra asulagar o seu propio complexo de culpa polo esnaquizamento sociocultural de Galicia e pra facerse «boa conciencia» co recurso barato de poñer en función o que xa dou en chamarse «protesta estética»” (Cambre 1972: 117).

a visión que este ofrece está desenfocada e resulta excesivamente optimista. Que propón facer? En primeiro lugar, introducir o galego no ensino, non só como materia, senón como medio de instrución. En segundo lugar, incorporalo aos medios de comunicación de masas (“Si o galego se limita a un canle restrinxido e minoritario como son os libros, agárdalle unha morte segura nun prazo máis ou menos longo”, Cambre 1972: 120). Finalmente, “queda o libro e a revista literaria”, pois xa existirá un público lector representativo de todos os sectores sociais, crítico e esixente. Se non se conseguen estes avances, acabará por completarse “un verdadeiro xenocidio cultural” (Cambre 1972: 121).

En 1973 vén a lume a antoloxía *Falemos galego*, cun prólogo de Alfonso Álvarez Gándara, un texto pouco coñecido, a pesar de que contén observacións de certo interese para o noso asunto. Comeza o autor lembrando a crecente popularidade naqueles tempos dos autocolantes nos coches con lemas reivindicativos, do tipo “Falemos galego” ou “Galego na escola”, e sinala agudamente: “A recuperación popular da concencia da galeguidade semella ser un froito temperán de certa elevación cultural i económica propia dos nosos tempos” (Álvarez 1973: 7). Fronte a perspectiva ameazadora para o idioma que supuña a difusión do castelán a través dos novos medios de comunicación de masas, o autor apunta a emerxencia de novas realidades esperanzadoras, como “o inzamento cultural e correlativamente a promoción dunha poboación de orixe campesiña ás aulas universitarias e máis ás chamadas actividades terciarias (profesións, servicios)” (1973: 8). Noutras palabras, a elevación xeral do nivel de vida podían propiciar, na súa opinión, un xiro copernicano na relación da sociedade galega verbo da súa lingua.

Desde ese punto de vista, Álvarez Gándara maniféstase optimista, aínda que preocupado. A mellora nas condicións de vida dos galegos propiciará a afirmación do orgullo polo propio e a reivindicación da propia orixinalidade. Despois de que a autoconciencia colectiva se afirme, virán as reivindicacións da cooficialidade e do ensino en galego; en caso contrario, estas poderían parecer concesións graciosas do poder. É mágoa que o autor non afondase nesa liña de análise, tan innovadora e suxestiva. Doutra banda, Gándara concorda en que o “conflito idiomático” que vive en Galicia constitúe “un dos aspectos máis rigurosos do predominio dunha clase social sobre outras” (1973: 11). A seguir, refírese á discriminación lingüística como instrumento das clases dominantes para afirmar a súa posición, ao reforzar a estratificación social. E o peor é que a mentalidade discriminatoria contaxia as súas propias vítimas:

Ninguén máis avergoñado da súa propia imaxe que un campesiño do noso país. Hoxe imos sabendo por qué. O galego é un pobo neurótico, apouquiñado por un craso complexo de inferioridade [...] A nosa tarefa está en destruír os

resortes, cegar as canles por onde decorre esa corrente opresora, implantar no campesiño e máis no proletariado galegos a conciencia de que a súa propia fala é un instrumento cultural normal, abolir o carácter estigmático do uso da nosa língoa e converter o teimoso mutismo do nome galego nunha “sensata locuacidade” (Álvarez 1973: 14-15).

En definitiva, como se bota de ver, nos primeiros anos da década dos 70, a análise da situación do galego adopta unha perspectiva progresivamente máis sociolóxica e unha actitude cada vez crítica, ao tempo que a denuncia dos perigos que ameazan a súa supervivencia se fai moito máis visible. A obra que mellor expresa esa “nova conciencia”, ao tempo que focaliza a cuestión e a coloca no centro do debate intelectual é o *Informe dramático*. Vexamos.

3. O INFORME DRAMÁTICO (1973): CONCIENCIA DE CRISE E ALARMA SOBRE O PORVIR

En substancia, o ensaio *Informe –dramático– sobre la lengua gallega* (abreviaremos a referencia como *Informe dramático*) constitúe, como xa apuntamos, unha versión revista e acrecentada da obra vinda a lume catro anos antes en Buenos Aires en lingua galega baixo o título *O que compre saber da lingua galega* (Alonso Montero 1969). Significativamente, o seu autor sinala no *Informe* que “la conflictiva realidad gallega no ha producido una sociolingüística a la altura de las circunstancias”: deste xeito aparece a nova disciplina –daquela practicamente *in statu nascendi*– mencionada polo seu nome, ao tempo que se propón unha análise crítica de nocións tales como *bilingüismo* e *diglosia* (Alonso Montero 1973: 27-36), a segunda das cales está asociada ao propio nacemento e aos primeiros pasos da Sociolingüística como disciplina científica, desde que Charles Ferguson a puxera en circulación no seu célebre artigo auroral de 1959. Probablemente se trata das primeiras mencións da *Sociolingüística* e da *diglosia* realizadas por un autor galego e en referencia á situación do idioma do país.

Como el mesmo sinala, o autor xa introducira o termo *dilingüe* no catálogo da exposición sobre o libro galego (Alonso/Ramos 1963), e mesmo escribira un artigo en que se detén no que el mesmo denominou ‘dilingüismo’ (Alonso Montero 1968a). A reflexión de Alonso Montero discorre como segue: “É bilingüe quen manexa dúas falas; no vocablo eu non encontro máis riqueza semántica. Pero, ¿cómo chamar á persoa que sabendo dous idiomas ten un pra certas motivacións e outro pra outras? Eu propoño, mentras outro non apareza, o término *dilingüe*” (Alonso Montero 1968a: 11). Certamente, a observación achégase de xeito intuitivo á noción de *diglosia* definida por Charles Ferguson, unha noción que se

refería ao que despois sería denominada especificamente como diglosia funcional (ou *clásica*).

Como é sabido, o estudoso norteamericano, un dos pais da sociolingüística, introducira este termo para se referir a aquelas situacións en que nunha sociedade conviven dous códigos lingüísticos nas seguintes condicións⁶:

a) constitúen variedades diferentes da mesma lingua histórica: un dos códigos reflicte un estadio anterior desa lingua, codificado séculos atrás e preservado a través da escrita e do uso ritual, sen verse afectado pola evolución natural das variedades faladas; o outro código constitúe o conxunto desas variedades faladas naturalmente evoluídas.

b) entre os dous códigos existe unha distribución xerárquica estrita de funcións sociocomunicativas: as funcións altas (relacionadas coa escrita e os usos máis formais, por exemplo, a instrución, a alta literatura e os ritos relixiosos) están reservadas exclusivamente ao código elevado (denominado en inglés *High*, ou coa inicial 'H', de onde código ou lingua *Alta*, ou 'A'), mentres que as funcións baixas (isto é, as asociadas coa comunicación ordinaria) están reservadas ao código baixo (en inglés *Low*, de onde a designación coa inicial 'L', en galego código ou lingua *Baixa*, de onde a designación coa inicial 'B').

c) entre os dous códigos existe tamén unha xerarquía valorativa: o código A goza dun prestixio elevado, do que carece o código B, o cal se manifesta nunha diferente actitude da comunidade lingüística con respecto a cada un deles. O código A é prezado pola comunidade no seu conxunto como unha das expresións máis valiosas do seu patrimonio cultural e símbolo da súa identidade histórica, mentres que o código B carece deses atributos.

d) analogamente, os dous códigos mostran un nivel de elaboración claramente distinto: o código A, obxecto de cultivo escrito e literario, está codificado e estilisticamente elaborado, é aprendido a través da instrución formal e conta cun corpo normativo (gramáticas, manuais, dicionarios, tratados retóricos etc.); mentres que o código B carece de todos estas características e recursos.

Cómpre esclarecer que cando Ferguson define a diglosia está a pensar nunha serie de situacións ben delimitadas, como a da relación entre o *koiné* e os distintos

6 Segundo Ferguson, a diglosia é “unha situación relativamente estable en que, ademais dos dialectos primarios dunha lingua (que poden incluír un estándar ou estándares rexionais) existe unha variedade superposta moi diverxente, altamente codificada (adoito gramaticalmente máis complexa), que serve de vehículo a unha extensa e respectada literatura escrita, ben dun período histórico anterior ou doutra comunidade lingüística, que é aprendida fundamentalmente a través da educación regulada e é empregada na maior parte dos escritos e comunicacións formais, pero que non é utilizada por ningún sector da comunidade na conversa ordinaria” (Ferguson 1959; a tradución é nosa).

dialectos lretarios (xónico, dórico, ático) na Grecia clásica, ou entre o latín e os romances vulgares na Europa medieval, ou o árabe coránico e os dialectos árabes falados en determinados países musulmáns. De aí a definición da diglosia referida a dous códigos da mesma lingua histórica e en termos de distribución funcional estrita. Por parte, na formulación fergusoniana, o termo diglosia carecía de calquera connotación polémica. Aínda na obra Fishman, *diglosia* é utilizado sen ningún tipo de connotación negativa, e incluso, cando é o caso, presentado positivamente, como unha fórmula eficaz para mellorar as posibilidades de supervivencia de idiomas ameazados en situacións de bilingüismo social masivo, na medida en que permita reservar para estes unha serie de ámbitos sociofuncionais (Fishman 1979: 119-133).

Fose como for, esta novidade terminolóxica viña encher un oco no daquela nacente discurso sociolingüístico, pois para referirse ás situacións de contacto entre dúas linguas, unicamente estaba dispoñible o vocábulo *bilingüismo*, que resultaba excesivamente xenérico e polisémico. A nova disciplina precisaba un termo que servise para designar de xeito específico as situacións de bilingüismo social en que as dúas linguas se atopan xerarquizadas, cun estatus desigual, unha en posición dominante e outra en posición subalterna. E niso apareceu a *diglosia*. Da definición orixinal desta, o trazo que focalizou a atención dos especialistas foi o que se refería á xerarquía entre os *códigos*. De aí que, ao pouco de ser acuñado, xa comezara a falarse de diglosia entre *linguas* distintas (no canto de variedades da mesma lingua) con desigual estatus *social* (non só ou non principalmente desigual carga funcional).

A mutación semántica supón algo máis ca un cambio de matiz: a diglosia deixa de designar unha fórmula, pacífica e estable, para artellar a comunicación social a través de dous códigos lingüísticos complementarios, ambos os dous sentidos como propios pola comunidade lingüística no seu conxunto; a referirse a situacións de desigualdade entre linguas que servían (ou podían servir) como referentes de identidade de grupos étnicos e nacionais distintos, un deles con maior poder e mellor estatus ca outro. Aínda máis, a diglosia social podía constituír o marco idóneo para procesos de fagocitación ou substitución de idiomas ameazados, uns procesos altamente inestables e non raramente resistidos e contestados. Dito en prata, a diglosia social podía tornarse en emblema da opresión nacional dun grupo etnolingüístico minorizado, unha situación potencialmente conflitiva en grao sumo. Nesas condicións, o termo *diglosia* tendía a cargarse de connotacións polémicas, e incluso reivindicativas, que pola súa vez contaxiaron negativamente o vocábulo *bilingüismo*. A novidade terminolóxica chegou a Galicia a través da sociolingüística catalá, onde *diglosia* asumiu as connotacións a que acabamos de referirnos. Concretamente, Alonso Montero ao mencionala reenvía

ao catalán Francesc Vallverdú (1970 e 1972) e ao valenciano Rafael Ll. Ninyoles (1969 e 1972), dous dos primeiros sociolingüistas do ámbito catalán e, por extensión, español. O termo *diglosia* estaba destinado a gozar dunha ampla fortuna na sociolingüística galega, pero no libro de Xesús Alonso Montero non se fai unha exploración máis a fondo del.

No seu ensaio (pois dun ensaio se trata), o noso autor pon radicalmente en cuestión o ideoloxema que os sociolingüistas occitanos denominaron “conxectura de eternidade” (Robert Lafont)⁷, unha crenza segundo a cal a perpetuación dun idioma ameazado está garantida na medida en que estea asegurada a pervivencia do campesiñado, dando por suposto que tanto a existencia desta clase social coa súa cultura tradicional coma a asociación desta coa lingua propia son feitos naturais, alleos ás lóxicas da historia e impermeables a estas (Alonso Montero 1973: 143-148). A conxectura de eternidade latexa no discurso lingüístico do galeguismo de anteguerra, e non só deste. Como tiven ocasión de comprobar na miña tese de doutoramento (Monteagudo 1995), nas intensas controversias lingüísticas dos tempos de anteguerra, practicamente ninguén puña en discusión a supervivencia do galego: reivindicábase a súa dignificación, turrábase para e polemizábase sobre a súa oficialización ou introdución no ensino, pero a súa continuidade histórica en mellores ou peores condicións raramente aparecía como unha preocupación para ninguén. Isto por unha parte é un reflexo da fortaleza demográfica do idioma nese período, pero por outra revela que a *conxectura de eternidade* era un presuposto máis ou menos xeralmente compartido.

O cuestionamento da conxectura de eternidade na obra do noso autor séguese da perspectiva decididamente (aínda que máis ben intuitivamente) histórico-sociolóxica que adopta, que, na nosa opinión, constitúe a novidade máis salientable do ensaio (véxase especialmente Alonso Montero 1973: 27-46, 111-126, 135-151). De feito, tal cuestionamento fora xa esbozado uns anos antes, e atopa unha formulación inicial na obra *O que compre saber da lingua galega* (Alonso Montero

7 Véxase Lafont/Gardy 1981. Segundo estes autores, as representacións dominantes da situación sociolingüística do dominio occitano (que asimilan a ideoloxías) teñen como función esencial evitar que a dominación dunha lingua sobre a outra sexa mostrada e cuestionada, de xeito que a tensión lingüística latente non estoupe en forma de conflito patente. Así, as representacións dominantes ou xustifican o proceso de substitución en nome das pregoadas virtudes e vantaxes da lingua dominante, ou ben lexitiman a situación diglósica, afirmando a súa necesidade e conveniencia, escatimando o feito que mentres se mantén unha relación de forzas desequilibrada entre as linguas, despois dun período máis ou menos longo de minorización e de aculturación, o resultado final será a asimilación completa, a extinción da lingua dominada. Unha das actitudes mentais tipicamente diglósicas que corresponden ás devanditas representacións sería a “conxectura de eternidade” (*conjecture d'éternité*), fundada nunha ilusión de estabilidade dun bilingüismo xerarquizado, e alimentada polas pantasma da conservación, por unha perspectiva ilusoria de mantemento definitivo e indefinido das linguas nos ámbitos e funcións que lles están asignados. Esta representación sociolingüística bloquearía o conflito lingüístico negando a súa mesma existencia.

1969: 18-24). Probablemente, as observacións máis reveladoras son as que se refiren ás innovacións sociais que estaban transformando radicalmente o panorama sociolingüístico de Galicia:

Hasta hace pocos años, el castellano estaba levemente presente en la sociedad rural: algún año de escuela primaria, el sermón dominical, exiguas relaciones con la ciudad y poco más. En los últimos tiempos los avances de la escolarización, la presencia de la radio, del transistor, de la televisión, del periódico, de la literatura de quiosco, de los eslóganes publicitarios, todo ello convierte al castellano no sólo en una seria incidencia, sino en una alternativa real (Alonso Montero 1973: 144-45).

O autor sinala un fenómeno mais ben insólito ata daquela, cal era que no medio rural comezaba a haber cativos criados en castelán polo seus pais galegofalantes. Doutra banda, observa que aínda que a esmagadora maioría do proletariado urbano fala galego, case todos os seus fillos falan castelán, e o proceso de castelanización contémploa consumado xa na pequena burguesía urbana, de xeito que, nas súas palabras, “lo que en el campo empieza a producirse muy tímidamente, en la gran ciudad es ya un fenómeno masivo, avasallador”. Á luz destas observacións, conclúe que “la escalada de la desgalleguización parece haber llegado a un estadio decisivo” (1973: 144). Noutras palabras, o autor pon o dedo na chaga no proceso de ruptura da transmisión interxeracional da lingua. O mesmo diagnóstico en que se apoia o autor para pór en cuestión a conxectura de eternidade, o apuxa a formular un prognóstico sombrío, en forma doutra conxectura polémica e profética, que pasou a ser denominada “tese da morte da lingua”. Esta atópase formulada tanto no limiar da obra coma na sección conclusiva:

Pienso que si no se producen inmediatamente cambios mentales e institucionales de auténtica envergadura, dentro de diez o quince años luchar por el gallego será un gesto perfectamente inútil... ¿Qué podemos hacer por el gallego en abril de 1973? Poco o mucho, sólo partiendo de la idea de que la lengua gallega está muy próxima a una situación irreversible, sólo en ese caso podríamos tener alguna eficacia (Alonso Montero 1973: 7-8).

Los instrumentos que hoy minan en sus cimientos la existencia del gallego, los instrumentos que hoy, abierta o solapadamente, presentan el castellano como única alternativa culta, útil y digna, poseen tal fuerza que pueden destruir en veinte años lo que la vieja sociedad no consiguió en cinco siglos y medio (Alonso Montero 1973: 150).

Como puxemos de vulto previamente, este prognóstico non foi unha ocorrencia individual de Xesús Alonso Montero, senón que era plenamente compartido por un amplo sector da *intelligentzia* galega do seu tempo, en particular o que podemos denominar esquerda nacionalista ou galeguista. Pola súa banda, o tratamento que Alonso propuña, como lóxica consecuencia do seu diagnóstico, constitúe todo un programa de normalización lingüística, pois o que el propuña era conseguir “ahora mismo”:

a) Educación preescolar y Educación General Básica en nuestro idioma. b) Presencia, de un modo o de otro, en los restantes niveles de enseñanza. c) Radio, Prensa diaria y televisión total o casi totalmente en la lengua del país. d) Teatro en ciudades, villas y aldeas, e) Literatura de quiosco en abundancia (tebeos, fotonovelas, etc.). f) Multiplicar por 100 el número de libros y por 10 las tiradas. Entre ellos: enciclopedias, manuales, resúmenes, folletos de divulgación... (Alonso Montero 1973: 148).

Chama a atención dunha banda a ausencia de calquera referencia ás administracións públicas (se cadra porque naquel momento parecería impensable) e ao ámbito relixioso, e doutra a insistencia no teatro e na ampliación e diversificación da oferta impresa, comezando pola literatura de quiosco. No prognóstico de Alonso subxace unha crítica soterrada ao optimismo de Piñeiro:

sólo partiendo de la idea de que la lengua gallega está muy próxima a una situación irreversible, sólo en ese caso podríamos tener alguna eficacia. Pensar que las cosas marchan bien o bastante bien, es colaborar ingenuamente con las fuerzas y los instrumentos que están a punto de perpetrar un lingüicidio (Alonso Montero 1973: 8).

É que, fronte a confianza que Ramón Piñeiro depositaba no avance do galego nas minorías cultas das cidades, Alonso retrucaba: “Ciertamente que la minoría intelectual concienciada es mayor que nunca pero las fuerzas disolventes del gallego no sólo han crecido en número, sino en intensidad” (1973: 119), mentres que “la eficacia en muchos frentes, de todos modos, es nula, totalmente nula” (1973: 145). Alternativamente, o profesor móstrase tepidamente esperanzado perante os resultados que se podía agardar do que daquela se denominaba, en linguaxe marxista (máis precisamente, gramsciana) “alianza entre as forzas do traballo e da cultura”, isto é, da colaboración da mocidade universitaria, que asociaba o uso do idioma a ideoloxías e actitudes progresistas (1973: 123) e “otras minorías intelectuais de talante decididamente crítico” (1973: 145), coas minorías concienciadas

do proletariado e o campesiñado (1973: 150-51). Seicásí, á pregunta clave que el mesmo formula, “¿qué podrán hacer, entonces, hacia la mayoría?”, el mesmo contesta: “Para mover a la mayoría, en cuestiones de esta índole hay que actuar desde plataformas negadas sistemáticamente a la lengua gallega” (1973: 145). De aí o pesimismo, que, como dicía Castelao do seu propio, pretendía ser crítico e liberador.

Ao noso entender a idea máis importante do *Informe dramático* é a conclusión que tira da análise do impacto sociolingüístico que tiveron os cambios sociais en curso na Galicia coetánea, particularmente a urbanización, nun contexto de exclusión do galego tanto dun sistema educativo en plena expansión canto duns medios de comunicación de masas (radio e sobre todo televisión) dotados dunha capacidade de penetración social nunca vista. E tal conclusión é que estes procesos abocaban á sociedade galega a un dilema inescapable: ou a recuperación do galego en condicións debidas, ou a condena á súa desaparición, que o autor anuncia inminente.

4. REACCIÓNS AO INFORME DRAMÁTICO: FORTUNA DA TESE DA MORTE DA LINGUA.

O *Informe dramático* de Xesús Alonso Montero recibiu críticas, especialmente en relación coa tese da “morte da lingua”. Estas críticas fixéronselle basicamente desde dúas posicións distintas. Unha vén representada por Guillermo Rojo, que daquela comezaba unha brillante carreira académica que o levaría á secretaría da Real Academia Española. O voceiro da outra foi Francisco Rodríguez, intelectual nacionalista que acabaría por dedicarse á política, ata converterse en máximo dirixente durante as tres últimas décadas da Unión do Pobo Galego. En resumo, Guillermo Rojo (1974) critica na obra de Alonso Montero sobre todo o escaso fundamento empírico da súa análise, e en particular da célebre tese da morte da lingua. Na crítica a esta tese coincide tamén Francisco Rodríguez, que fundamenta a súa impugnación en argumentos ideolóxicos, denunciando nel unha “filosofía totalmente desesperanzada sobre a sorte que vai correr a lingua no futuro”, que “incita ao abandonismo”, e constitúe unha “contribución ao desalento” (1976).

O que se atopa no fondo de ambas as críticas, no tocante ao punto concreto da tese da morte da lingua, é a noción de que esta podía tornarse no que en socioloxía se denomina unha *selffulfilling prophecy*, unha profecía autocumprida (máis exacto sería traducir como ‘autoconfirmatoria’), un fenómeno de grande importancia para entender determinadas dinámicas sociais. Este fenómeno foi definido polo psicólogo social Robert Merton (1948), a partir do chamado “teorema de Thomas”: “If men define situations as real, they are real in their consequences”.

Na súa propia definición: “public definitions of a situation (prophecies or predictions) become an integral part of the situation and thus affect subsequent developments” (Merton 1948: 195). Como o propio investigador sinala, unha profecía autoconfirmatoria é, ao comezo, unha definición falsa da situación, pero provoca un comportamento que fai que a concepción primitivamente falsa se torne verdadeira. Deste xeito, a suposta validez da profecía perpetúa o reino do erro.

Xa que logo, unha profecía autocumprida é unha previsión que tende a cumprirse, ao ser asumida por unha proporción dabondo ampla dunha dada poboación, dado que a realización efectiva do resultado a que apunta depende nunha boa medida das expectativas xeradas sobre a probabilidade de que ocorra. O exemplo típico é o da Bolsa de valores: cando se estende a convicción de que un determinado valor vai baixar, o máis probable é que baixe, aínda que só sexa porque os operadores bolsistas van actuar movidos por tal expectativa. Outro é o da banca: se se espalla a crenza de que un banco vai quebrar, as probabilidades de que quebre aumentan de xeito exponencial, na medida en que os depositantes se deixen gañar polo medo e decidan retirar os seus fondos desa entidade. Pola contra, seguramente o que Alonso Montero tiña na mente cando enunciou a súa tese da morte da lingua era a de provocar o “efecto de alarma”: cando a percepción dunha ameaza inminente que se sente como un grave perigo que é posible evitar mediante a acción colectiva concertada, constitúe un poderoso acicate para a mobilización da cidadanía. Como lle explicaba Ramón Piñeiro en carta a Rodrigues Lapa en relación ás manifestacións públicas de optimismo ou pesimismo verbo do futuro da lingua:

o optimismo ou o pesimismo baséanse na intención operativa. Así, a actitude optimista percura mobilizar a capacidade de entusiasmo, mentres que a actitude pesimista percura mobilizar a capacidade de rebeldía [...] Que teña máis eficacia estimulante o optimismo ou o pesimismo é cousa que depende da psicoloxía colectiva dos galegos. Uns confiamos máis na capacidade de entusiasmo e utilizamos esa como arma; outros confían máis na rebeldía e nela se apoian. Cal das dúas actitudes sexa máis realista é cousa que dirá o tempo (Monteagudo 2013: 75-76).

A partir das dúas reaccións ante o *Informe dramático* –a de G. Rojo e a de F. Rodríguez– comezan a perfilarse dúas orientacións, visiblemente contrapostas, que dominarán a sociolingüística galega por un cuarto de século. Dunha banda unha corrente que podemos denominar *académica*, vencellada ao ámbito universitario, con intereses basicamente cognoscitivos, de carácter descritivo, durante

un tempo envorcada na realización de inquéritos de campo cuantitativos. Doutra banda, una sociolingüística *de intervención*, estreitamente vencellada ao nacionalismo de esquerda, debruzada na análise crítica dos aspectos glotopolíticos e ideolóxicos (en particular, o marco legal e as políticas gobernamentais) e orientada cara á mobilización social (Monteagudo 2012).

Porén, é interesante constatar que, un par de décadas máis tarde, as teses da morte da lingua, tan criticadas nos mediados dos anos setenta, acabaron por ser asumidas por boa parte do activismo social a favor do galego. En definitiva, a publicación desta obra, e concretamente a formulación desta profecía, deu azo a un amplo debate, á calor do cal nace a sociolingüística galega propiamente dita. Dos debates que o *Informe dramático* encirrou, saíu un país moito máis consciente do valor do seu idioma, das causas da súa inxusta postergación e dos perigos que se cernían sobre a súa supervivencia e, por tanto, unha sociedade máis disposta a cultivalo e defendelo. Por iso, esta obra constitúe un fito sobranceiro na historia social do galego e, máis en xeral, na historia intelectual do noso país.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, Xesús (1968a): “Tres incisiós na problemática do galego”, en Alonso Montero 1968b: 5-11. [Traducido ao castelán en X. Alonso Montero, *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*. Madrid: Ciencia Nueva, 1968, 49-55].
- (ed.) (1968b): *O porvir da lingua galega*. Lugo: Círculo de las Artes de Lugo / Instituto de Estudios.
- (1969): *O que compre saber da lingua galega*. Buenos Aires: Alborada.
- (1973): *Informe –dramático– sobre la lengua gallega*. Madrid: Akal.
- Alonso Montero, Xesús e Epifanio Ramos de Castro (1963): *Cen anos de literatura galega: catálogo da exposición bibliográfica celebrada no Círculo de las Artes de Lugo, 9-19, decembro de 1963*. Lugo: El Círculo / Instituto de Estudios.
- Alonso Pintos, Serafín (2002): *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980*. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia.
- Álvarez Gándara, Alfonso (ed.) (1973): *Antoloxía. Falemos galego. 50 textos de onte e de hoxe*. Vigo: Castrelos.
- Arias, Valentín (1970): “A lingua galega na escola”, *Grial* 29, 257-270.
- Barro, María Teresa [et al.] (1971): “Plan pedagóxico galego”, *Grial* 32, 202-210.
- Cambre Mariño, Xesús (1972): “Resurgir o fenecer de la lengua gallega”, *Cuadernos para el diálogo* nº extraordinario 30, 13-18. [En galego: X. Cambre Mariño, *Galiza de hoxe. Problemática dun pobo en crise*. Buenos Aires: Ediciones Galicia do

- Instituto Argentino de Cultura Gallega do Centro Gallego de Buenos Aires, 1973, 109-21].
- Durán, Carlos (1970): "Encol do ensino do galego como lingua materna", *Grial* 29, 333-336.
- (1971): "A vixilia da razón", *Grial* 31, 81-83.
- Ferguson, Charles (1959): "Diglossia", *Word* 15, 325-340.
- Fishman, Joshua (1979): *La sociolingüística*. Madrid: Cátedra.
- García, Constantino (1971): "Orixen e problemas do método de galego", *Grial* 32, 129-41.
- Gurriarán, Ricardo (2008): *Do "gaudeamus igitur" ao "Venceremos nós". As mobilizacións estudantís do 68 en Compostela*. Santiago: Fundación 10 de marzo.
- Lafont, Robert e Philippe Gardy (1981): "La diglossie comme conflict: l'exemple occitan", *Langages* 61, 75-91.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1969): "Discurso do Manteendor", en *Xogos Froræes do Idioma Galego* 1969: 74-79.
- Merton, Robert K. (1948): "The Self-Fulfilling Prophecy", *Antioch Review* 8.2, 193-210.
- M[oisés] d[a] P[resa] (1968): "Partidos políticos galegos", *A Nosa Terra* 509, 4.
- Monteagudo, Henrique (1995): *Ideas e debates sobre a lingua*. Alfonso D. R. Castela e a tradición galeguista. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento (inédita).
- (2007): "Limiar", en Ramón Piñeiro, *A linguaxe e as linguas*. Vigo: Galaxia, 9-46.
- (2012): "Sociolingüística galega. Problemas e pescudas", *Treballs de Sociolingüística Catalana* 22, 271-286.
- (2013): "Correspondencia cruzada entre Ramón Piñeiro e Manuel Rodrigues Lapa, 1972-1973", *Grial* 197, 74-77.
- (2015): "A contribución de Ramón Piñeiro á defensa e ilustración da lingua galega", *Boletín da Real Academia Galega* 376, 481-516.
- Ninyoles Rafael Lluís (1969): *Conflicte lingüístic valencià*. València: Tres i Quatre.
- (1972): *Idioma y poder social*. Madrid: Tecnos.
- Piñeiro, Ramón (1973): "Carta a don Manuel Rodrigues Lapa", *Grial* 42, 389-402. [Incluído en R. Piñeiro, *Olladas no futuro*. Vigo: Galaxia, 1974, 261-279.]
- Real Academia Galega (1970): *Normas ortográficas do idioma galego*. A Cruña: Real Academia Galega.
- (1971): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Cruña: Real Academia Galega.

- Rei Doval, Gabriel (1999): *Breve aproximación á historia da sociolingüística galega (1967-1997)*. Santiago de Compostela: Universidade. Memoria de Licenciatura (inédita).
- Rodríguez Sánchez, Francisco (1976): *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Monforte de Lemos: Xistral.
- Rojo, Guillermo (1969): “O primeiro paso para unha verdadeira cultura galega”, *Grial* 26, 490-494.
- (1974): “Alonso Montero, Xesús: Informe –dramático- sobre la lengua gallega. Akal editor, Madrid, 1973, 230 pp.”, *Verba* 1, 243-249.
- Santamaría Conde, Xoán Xosé (1971): *O problema galego da fala*. Vigo: Galaxia.
- S. A. (1970): “A lingua galega na escola”, *Grial* 28, 237-242.
- Vallverdú, Francesc (1970): *Dues llengües, dues funcions*. Barcelona: Edicions 62.
- (1972): *Ensayos sobre bilingüismo*. Barcelona: Ariel.
- Villanueva Gesteira, María D. (2010): *A lingua galega entre 1963 e 1975. Situación social e discursos dende o galeguismo*. Pontevedra: Deputación provincial.
- Xogos Froraes do Idioma Galego. Agosto de 1968*. Buenos Aires: Nós, 1969.

NOVAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA RECOLLER, NORMALIZAR E DIFUNDIR A TOPONIMIA DE GALICIA. ESTADO DOS PROXECTOS

Vicente Feijoo Ares

Seminario de Onomástica da Real Academia Galega

Resumo: Despois da paralización, no ano 2011, do *Proxecto Toponimia de Galicia* (PTG), proxecto cuxo obxectivo era a recolleita dos, aproximadamente, dous millóns de microtopónimos existentes no territorio galego, tivemos que reinventarnos e deseñar novos métodos que permitan, de forma colaborativa, salvagardar este inmenso patrimonio cultural inmaterial que reside na nosa toponimia e que, desgraciadamente, desaparece de forma acelerada pola transformación dos modos de vida tradicionais en Galicia.

No presente artigo, ademais de presentar o deseño desta nova app colaborativa para a recollida de toponimia, mostraremos outra ferramenta informática de traballo en liña coa que os especialistas en toponimia da Real Academia Galega (RAG) revisamos, normalizamos e actualizamos o *Nomenclátor* de entidades de poboación de Galicia. Este documento, oficializado no ano 2003, terá unha nova versión en 2018, coa gran novidade de que cada entidade de poboación, por pequena que sexa, estará xeolocalizada. Tamén estamos renovando o portal da Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.gal), co propósito fundamental de difundir este patrimonio inmaterial a través dun *buscador de topónimos* e a divulgación de contidos relacionados coa importancia cultural, a singularidade e o significado de moitos dos nosos nomes de lugar, cuestións que espertan o interese xeral da sociedade.

Abstract: After the stoppage in 2011 of the *Proxecto Toponimia de Galicia* (PTG), project whose objective was the collection of the approximately two million microtoponyms existing in Galicia, we had to reinvent ourselves and design new methods that allow, in a collaborative way, safeguard this immense intangible cultural heritage that resides in our toponymy and which, unfortunately, disappears in an accelerated way by the transformation of the traditional way of life in Galicia.

In this article, in addition to presenting the design of this new collaborative app for the collection of toponymy, we will show another on-line computing tool,

with which the RAG toponymy specialists review, standardize and update the populated localities catalogue *Nomenclátor* of Galicia. This document, official since 2003, will have a new version on 2018 with the new feature that any location of any size will be georeferenced. We are also renovating the portal *Toponimia de Galicia* (toponimia.xunta.gal) to spread this intangible heritage through a *toponymy searcher* and the divulgation of contents related with the cultural value, singularities and meanings of many of our place names, issues that arouse the general interest in our society.

Palabras chave: Toponimia de Galicia, microtoponimia, app colaborativa, *Nomenclátor* de Galicia, patrimonio inmaterial, xeorreferenciación, normalización, lenda, etimoloxía, entidade de poboación.

Key words: toponymy, microtoponymy, collaborative app, *Nomenclátor*, intangible heritage, georeferencing, standardization, legend, etymology, populated place.

1. A TOPONIMIA GALEGA: UN TEUSORO CULTURAL EXCEPCIONAL QUE DESAPARECE¹

A toponimia de Galicia representa un tesouro cultural excepcional pola súa densidade, variedade e antigüidade (Feijoo 2016: 203-210). No que respecta á toponimia maior, concretamente a de entidades de poboación, no *Nomenclátor de Galicia* (NG 2003 en diante) figuran 37.305, que unidas ás 3.789 parroquias (entidades colectivas) e aos 313 municipios², fan un total de 41.407 topónimos. Destes, 21.169 son formas diferentes, dato que nos mostra tamén a variedade das denominacións toponímicas e, por extensión, das motivacións que provocaron o seu nacemento, outra das singularidades que fan única a nosa toponimia.

1 Este artigo corresponde á ponencia impartida por Vicente Feijoo Ares nas *V Jornadas de la Comisión Especializada en Nombres Geográficos* (Instituto Geográfico Nacional – Ministerio de Fomento), que tiveron lugar o 3 de abril de 2017 en Madrid. El e Luz Méndez participaron nestas xornadas en representación da RAG e en calidade de membros desta comisión estatal.

2 O número de concellos galegos era 315 ata o ano 2012, ano no que se fusionan os concellos de Oza dos Ríos e Cesuras, baixo o topónimo Oza Cesuras; e posteriormente, ano 2016, seguiron o mesmo camiño os de Cerdedo e Cotobade, baixo a denominación Cerdedo Cotobade. Tendo en conta que en Galicia hai 200 municipios con menos de 5.000 habitantes e 54 que non chegan aos 1.500, esta tendencia a fusionar concellos vese como unha opción de futuro para atallar os problemas de financiamento destes entes, pois permitirá optimizar os recursos públicos e reducir gastos de burocracia. Neste momento, Galicia volve ter o mesmo número de municipios que en 1994, ano no que se separaron Burela e Cervo, e posteriormente, en 1996, A Illa de Arousa e Vilanova de Arousa.




Figura 1. Exemplos de agrupación de pequenas aldeas existentes no NG 2003, cada unha co seu propio topónimo, nunha única entidade de poboación no *NomenINE*, cuxo nome coincide co da parroquia. Fonte: elaboración propia.

Este número de entidades de poboación en Galicia é moito maior ca as que rexistra o INE (30.675). Isto débese a que a organización e estruturación poboacional de Galicia é tremendamente dispersa e complexa. Temos aldeas formadas por dúas ou tres casas, incluso por unha soa casa illada coas construcións agropecuarias anexas, pero todas elas posúen o seu propio topónimo e son consideradas polos habitantes da zona como entidades independentes unhas das outras. Estas pequenas aldeas non están contempladas no *Nomenclátor* do INE (*NomenINE* en diante), porque, na maioría dos casos, o Concello agrupa varios lugares baixo unha única denominación que os identifica a todos. Isto resulta máis grave cando comprobamos que nin sequera manteñen algún dos que substitúe, senón que ese topónimo, o que denomina o conxunto, coincide co nome da parroquia (ver figura 1) no 90% dos casos. Deste xeito, estamos perdendo unha información lingüística e cultural importante, por non falar de que a realidade poboacional que reflicte o *NomenINE* non é, en absoluto, a existente no noso territorio.

Polo que respecta á microtoponimia, isto é, nomes de terras, montes, regueiros, praias, penedos, fontes... a cifra multiplícase exponencialmente. Filgueira Valverde

(1976) falaba de 3 millóns de topónimos, pero os nosos cálculos non chegan a tanto, probablemente, porque xa se perderon moitos miles deles. Nos once anos que estivo activo o *Proxecto Toponimia de Galicia*³ (PTG en diante), finalizouse o traballo de campo en 113 municipios dos 174 nos que actuamos. A media de topónimos por km² que obtivemos foi de 50, chegando a un máximo de 160 top./km² no concello de Cangas –6.043 microtopónimos recollidos nun termo municipal de 38'1 km² (ver figura 2)–. Se a nosa comunidade autónoma conta cunha superficie de 29.574 km², ao multiplicala por esta media dámos arredor de un millón e medio de topónimos que se poderían salvar neste momento, unha toponimia que está viva basicamente na memoria dos nosos anciáns. A esta cantidade hai que sumar outro medio millón de talasónimos –nomes do mar–, pois todo o litoral galego está nomeado, tanto a costa rochosa coma unha franxa de dous ou tres km da liña intermareal desde A Guarda ata Ribadeo.

Como se pode apreciar na figura 2, cada anaco da nosa terra está escrito, cada nome conta unha historia, unha historia local que non figura en ningún libro, a das xentes que durante séculos traballaron, habitaron e viviron un espazo, individualizándoo, caracterizándoo e humanizándoo.

Unha información cultural desta magnitude debe ser protexida e difundida, porque forma parte dos bens do patrimonio inmaterial dunha comunidade. No



Figura 2. Mostra da densidade toponímica rexistrada na parroquia do Hío, concello de Cangas, provincia de Pontevedra. Fonte: *Buscador de topónimos* do PTG (<http://mapas.xunta.gal/visores/toponimia/> ou <http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador>).

3 Para máis información sobre o PTG pódese consultar esta web: <http://toponimia.xunta.es/gl/ProxectoToponimiaGalicia>

entanto, houbo que agardar ata o ano 2015 para que, por primeira vez, se citase de forma expresa a toponimia tradicional como un ben que se debe protexer na Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial⁴.

Un ano despois, apróbase no Parlamento galego a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia⁵, dándolle á nosa toponimia o mesmo *status* que na lei estatal. Ademais, no punto 2 do artigo 68, especifica que “a Xunta de Galicia velará, xunto con outras institucións da Comunidade Autónoma, pola preservación da toponimia tradicional, que se considera un valor identitario da Comunidade Autónoma, así como un instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos pobos e dos seus bens”. A continuación, no artigo 69, relativo ás medidas específicas de salvagarda, no punto 6, propónse que a Xunta de Galicia e as demais administracións implicadas inspirarán as súas actuacións nas indicacións e recomendacións dos organismos internacionais.

Concretamente, refírese ao Grupo de Expertos en Nomes Xeográficos da ONU (UNGEGN), os mesmos que xa estableceran na resolución 4 da IX Conferencia das Nacións Unidas sobre Normalización dos Nomes Xeográficos (Nova Iork, agosto de 2007) que os topónimos forman parte do patrimonio cultural intanxible (ICH, Intangible Cultural Heritage) porque constitúen unha parte importante das linguas e conservan formas que evidencian a súa evolución, e son valiosas testemuñas da historia e dos modos de vida pasados ou actuais. Este grupo alenta aos organismos oficiais encargados da toponimia a inventariar os topónimos conforme os criterios da *Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial*⁶ e a elaborar un programa de protección e promoción deste patrimonio.

Estas leis representan a base legal sobre a que reafirmar os obxectivos que nos propuxeramos no ano 2000 coa creación do PTG, pois, dalgunha maneira, obriga á Administración galega a poñer os medios para recoller e salvagardar un patrimonio que corre un grave risco de desaparecer, debido á transformación dos modos de vida tradicionais que experimenta o noso país desde hai dúas ou tres décadas.

Todos somos conscientes de que cada vez hai menos xente dedicada ás actividades agrícolas, gandeiras ou pesqueiras. Nas áreas do noso territorio onde aínda sobreviven explotacións gandeiras ou agrícolas tamén se está transformado o medio natural por mor dos procesos de concentración parcelaria, outro factor

4 Pódese consultar esta lei no seguinte enlace: <http://www.boe.es/boe/dias/2015/05/27/pdfs/BOE-A-2015-5794.pdf>

5 Pódese consultar esta lei no seguinte enlace: http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001_gl.pdf

6 Pódense consultar os criterios desta convención no seguinte enlace: <http://unesdoc.unesco.org/images/0013/001325/132540s.pdf>

que provoca a desaparición dunha media de 4-5 topónimos por cada nova parcela creada.

Os nosos topónimos transmitíronse xeración tras xeración a través da oralidade, sen apenas variacións, agás as motivadas pola evolución do idioma. Pero esta cadea estase rompendo. A xente nova xa non ten a necesidade de coñecer o nome das terras herdadas dos seus antepasados porque xa non as vai traballar, nin o nome das pedras e fontes nas serras porque non as van pastorear. Ao non usarse os microtopónimos, acabanse perdendo, pois deixan de exercer a función para a que foron creados, unha función denominativa e localizadora.

Os nosos mozos e mozas buscan un futuro mellor ao que lle ofrecen estes sectores que sostiveron a economía galega durante tantos séculos. Esa busca de prosperidade implica irse a vilas e cidades, quedando moitas aldeas abandonadas ou habitadas por unhas poucas persoas de idade moi avanzada. Son estas persoas a memoria viva dos topónimos, de modo que, cando se nos van, con eles tamén deixan de existir centos de nomes que só uns poucos coñecen. A alarmante despoboación que está sufrindo o mundo rural galego xa deixou, a día de hoxe, 3.562 aldeas abandonadas⁷. No ano 2016 quedaron deshabitadas 54 e a tendencia nos vindeiros anos é superar esa cifra, pois temos 1.859 aldeas cunha soa persoa censada e 2.277 con dous habitantes, normalmente, persoas maiores. Este movemento migratorio interno cara a Galicia atlántica provocou que os núcleos de poboación crezan sepultando topónimos tradicionais baixo edificios e rúas bautizados con nomes honoríficos ou conmemorativos, na maioría dos casos, completamente alleos á nosa tradición e devir históricos.

Por último, no mar, os mariñeiros de hoxe en día non precisan coñecer palmo a palmo os fondos mariños nin o nome de cada unha das pedras que están debaixo da auga, coñecemento do que dependía o sustento diario e a integridade física dos vellos e experimentados mariñeiros e pescadores. Esa información achégana actualmente os modernos sistemas GPS que levan os barcos, pois trazan as rutas por onde non existe risco de varar, rastrexan os fondos mariños, marcan a situación dos bancos de peixe...

Por estes e por outros motivos, estamos nun momento delicado para a toponimia galega. Cómpre rexistrar con urxencia todo este caudal de información lingüística, xeográfica, histórica e cultural que hai detrás dos nomes que identifican cada espazo de terra e de mar. A toponimia forma parte da nosa memoria colectiva. Ao igual que o idioma, é unha herdanza cultural que nos deixaron os nosos antepasados. Soamente por este motivo, temos o deber de recollela, valorala e transmitila. Agora contamos coa axuda das novas tecnoloxías, por iso ideamos

7 Fonte: Instituto Galego de Estatística (<https://www.ige.eu/>).

esta aplicación colaborativa en liña para a recollida, xeorreferenciación e difusión da toponimia galega que vos presentamos a continuación, porque cremos que esta pode ser a mellor ferramenta para realizar a gran obra colectiva do pobo galego.

Para este fin, necesitamos un compromiso do goberno galego, en particular, e da sociedade galega, en xeral, para que non se siga perdendo un dos símbolos da nosa identidade cultural. Temos topónimos con máis de dous mil anos de antigüidade que son o único vestixio que nos queda das linguas celtas faladas no noso territorio antes da chegada dos romanos. Entre eles, están moitos dos nomes dos principais ríos que regan a nosa terra, como o río *Tambre*, o *Ulla*, o *Deza*...; de montes como o *Castrobe* ou o *Xiabre*...; de comarcas como a da *Limia*, *Lemos*, *Soneira*...; ou, sen ir máis lonxe, o nome do noso país, Galicia. Estes topónimos seguiranse usando porque son coñecidos por moita xente, mais outros que designan espazos máis pequenos, pero tamén con miles de primaveras, caerán irremediabilmente no esquecemento se non os subimos á rede en cuestión duns poucos anos.

Tendo en conta todo o exposto, desde a RAG consideramos que existen motivos suficientes como para solicitar⁸ á UNESCO que declare a nosa toponimia Patrimonio Cultural da Humanidade, xa que non existe ningunha rexión en Europa, incluso nos atreveríamos a dicir no mundo, que se aproxime en número, variedade e antigüidade a esta riqueza cultural que singulariza o noso país.

2. PROXECTOS ACTUAIS REFERENTES Á TOPONIMIA DE GALICIA

Actualmente temos en marcha tres grandes proxectos sobre a toponimia galega, como se pode ver na figura 3 xunto cos distintos organismos implicados neles.

En primeiro lugar, temos un proxecto fundamentado no uso da tecnoloxía para recoller e difundir a nosa toponimia. Este conta con dúas pólas: unha destinada á creación da app colaborativa para recoller os topónimos e toda a información patrimonial vencellada a eles; a outra, destinada a renovar a actual web da Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.es), creando outro portal que conterá novas seccións enfocadas a divulgar a singularidade e o significado dos nosos nomes de lugar.

O segundo proxecto céntrase na revisión, corrección e actualización do *Nomenclátor* de entidades de poboación de Galicia oficializado no ano 2003. Tamén consta de dúas fases: unha para a revisión e estudo dos problemas lingüísticos detectados

⁸ Pode consultarse o comunicado “A Academia solicita a inclusión expresa da toponimia tradicional na definición do ‘Concepto de patrimonio cultural inmaterial’” na web da RAG ou a noticia do periódico *La Voz de Galicia* titulada “La RAG quiere que la toponimia gallega sea patrimonio de la humanidad” (https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2014/11/18/rag-quiere-toponimia-gallega-patrimonio-humanidad/0003_201411G18P39991.htm).

e outra para os problemas xeográfico-administrativos. Máis adiante veremos que tipos de problemas se detectaron e a solución que lles estamos dando.

O terceiro proxecto ocúpase da xeorreferenciación da toponimia e a súa inclusión na *Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia* (IDEG). Actualmente estase traballando, por un lado, na xeorreferenciación de todas as entidades de poboación que aparecen no NG 2003, que, como xa se dixo, son moitísimas máis ca as que rexistra o INE; por outro, na xeorreferenciación de arredor de 200.000 microtopónimos recollidos polo PTG, entre os anos 2000-2011, que aínda non foron integrados no banco de topónimos xeolocalizados e normalizados de Galicia. Está pendente unha terceira iniciativa dentro deste grupo, que consiste na normalización da toponimia existente na cartografía a escala 1:25.000 do mapa do Instituto Xeográfico Nacional e a súa adaptación á directiva INSPIRE da Comunidade Europea.

Todos eles execútanse ao abeiro dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Real Academia Galega. Os organismos implicados por parte da Xunta de Galicia son: Consellería de Vicepresidencia que, ademais de ter as competencias en toponimia na nosa comunidade, é de quen depende a AMTEGA,




Figura 3. Esquema dos organismos implicados nos distintos proxectos arredor da Toponimia que se están levando a cabo actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia. Fonte: elaboración propia.

o organismo encargado das novas tecnoloxías na Administración; a Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; e o Instituto de Estudos do Territorio (IET), dependente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que é o organismo que se encarga da cartografía de Galicia. O órgano científico que normaliza a toponimia e coordina os proxectos, desde o seu Seminario de Onomástica, é a RAG.

2.1. APLICACIÓN COLABORATIVA EN LIÑA PARA A RECOLLEITA DA MICROTAPONIMIA GALEGA

Nos últimos anos, os avances tecnolóxicos e metodolóxicos en sistemas de información xeográfica ofrécennos ferramentas que permiten situar nunha ortofoto calquera elemento do patrimonio cultural cun grao de exactitude sorprendente. De aí, o auxe que están tendo as cartografías colectivas, onde a sociedade participa na creación dun mapa cultural, fomentando así a interacción e o compromiso social. Isto é xustamente o que buscamos para acadar o noso obxectivo de salvar e divulgar a riqueza toponímica galega, que a xente se sinta partícipe e autora dunha obra cultural colectiva de tal envergadura.

Desde a paralización do PTG no ano 2011, o proceso de recollida de microtoponimia en Galicia quedou en mans de particulares, asociacións ou institucións, sensibilizados e preocupados por salvar do esquecemento a historia da súa aldea ou parroquia, mais sen contar con asesoramento técnico e lingüístico nin coas ferramentas informáticas necesarias para integrar, de forma homoxénea, esa información no banco de topónimos normalizados de toda Galicia.

Cada persoa ou colectivo usou distintas técnicas e programas informáticos para almacenar e localizar eses topónimos de forma local, por iso se impón a necesidade de crear unha ferramenta común para todos, cuns campos onde meter a información que contén con atributos estandarizados. Deste modo, os chamadeiros galegos almacenaranse nunha única base de datos que será revisada por especialistas e que servirá de referencia para os traballos das administracións públicas que implican actuacións sobre o territorio, para o mundo da investigación (lingüistas, historiadores, xeógrafos, arqueólogos, antropólogos, biólogos, enxeñeiros agrícolas e forestais etc), para o sector empresarial (rotulación, nomear empresas e establecementos comerciais etc) e para o interese e curiosidade da sociedade en xeral.

Os nomes de lugar, como instrumentos de localización que son, fan a comunicación máis fácil entre as persoas. Pero esa comunicación debe ser clara, non pode xerar ambigüidade ou confusión, de aí a necesidade de normalizar os topónimos respectando os estándares establecidos polo Grupo de Expertos das

Nacións Unidas en Nomes Xeográficos (UNGEGN), segundo a Directiva INSPIRE (2007/2/CE), que establece un modelo de datos común para a información espacial en toda a Comunidade Europea. Deste xeito, os nosos topónimos serán interoperables nas infraestruturas de datos espaciais a nivel mundial.

Sobre estes dous alicerces asenta a idea de crear esta app, xurdida no seo do Seminario de Onomástica da RAG, en colaboración coa AMTEGA. Esta, permitirá ao voluntariado cultural de Galicia –desde un PC, tablet ou smartphone conectado a internet– recoller a microtoponimia da súa aldea, parroquia ou concello, seguindo unha metodoloxía predefinida, introducila nunha base de datos e xeorreferenciala. Esta app chamarase **Galicia nomeada**. Con estas dúas palabras, pretendemos sintetizar a súa funcionalidade e a súa finalidade, pois servirá para que un día poidamos visualizar en internet toda Galicia cuberta por un denso manto toponímico, un manto de información cultural sen parangón.

A continuación exporemos as características xerais da app e as súas funcionalidades específicas. Convén aclarar que aquí faremos simplemente unha presentación do seu deseño. Neste momento aínda non dispoñemos de imaxes reais, pois acabamos de redactar as especificacións técnicas para que a AMTEGA a saque a licitación.

Características xerais

Será unha ferramenta en entorno web coa que poderemos traballar *on line* e *off line*. Nos dispositivos móbiles poderase descargar como unha app máis do *Play Store*.

Quen desexe colaborar neste proxecto colectivo terá que cubrir un formulario cos seus datos de contacto ou os do colectivo que representa (centro escolar, asociación veciñal, asociación cultural, comunidade de montes, concello, empresa...), indicando os motivos que o levan a participar no proxecto e as aldeas ou parroquias nas que van traballar. Esta persoa de contacto será coa que se consulten as dúbidas que se lle presenten aos expertos que normalicen a toponimia das respectivas áreas de traballo.

Haberá varios perfís de usuario que cubrirán distintos tipos de fichas para cada topónimo. Desde o nivel 1, o máis básico, que cubrirían, por exemplo, os alumnos de primaria dun colexio ou unha persoa con estudos básicos; ata o nivel 5, no que poderíamos atopar licenciados en filoloxía, xeografía e historia, ou especialistas en toponimia acreditados. Estes últimos terán acceso a unha ficha de topónimo moi completa na que poderán introducir documentación histórica, etimoloxías...

Puntuarase o traballo de cada persoa e de cada colectivo para establecer graos de fiabilidade. No caso dos centros de ensino que participen, a Secretaría Xeral de

E como será o fluxo de información e os controis de calidade? (ver figura 4).

Finalmente, tras un período prudencial de consulta pública, unha vez que están validados lingüística e xeograficamente, os topónimos consolidados aparecerán cun punto en cor verde –“estado consolidado”–. Somos conscientes de que este sistema está pensado para unha situación ideal na que os colaboradores actúen con interese e responsabilidade. Non obstante, sabemos que nos podemos levar moitas sorpresas e que, en máis dunha ocasión, non será posible consolidar aquela información que non estea o suficientemente contrastada ou que sexa un simple disparate. Iremos perfeccionando o sistema a base de aprender das boas e malas experiencias que teñamos.




Figura 4. Esquerda: esquema teórico do sistema co cal realizaremos o control de calidade dos topónimos introducidos polos distintos perfís de colaborador. Dereita: mapa para o control do estado de revisión de cada topónimo introducido a través da app *Galicia nomeada*. Fonte: elaboración propia.

9 Cada foro levará o nome da parroquia á que pertence a área de traballo, independentemente de se hai un ou varios colaboradores ou colectivos recollendo no termo territorial desa parroquia.

Características específicas. Funcionamento da app

Quen desexa traballar cun dispositivo móbil, o sistema GPS deste localizará a súa posición e mostrará a imaxe aérea desa zona. Se imos introducir os topónimos desde o ordenador de casa, será posible visualizar a fotografía aérea do lugar deseado a través dunha busca territorial, seleccionando a provincia, o municipio, a parroquia e incluso a aldea, pois, como comentarei máis adiante, en breve estarán xeolocalizadas todas as entidades de poboación de Galicia.

Seguidamente, para xeorreferenciar un topónimo superficial introducirase un punto no medio da área que identifica, ou, de sabermos con seguridade as propiedades que abrangue esa denominación, poderase marcar a contorna dese espazo. Para os topónimos puntuais, isto é, os que identifican unha fonte, penedo, cruceiro, igrexa..., situarase o punto xusto enriba deles. Os lineais –ríos, regueiros, camiños, corredoiras...– situarémolos, aproximadamente, na metade do seu percorrido.




Figura 5. Cadro resumo coa información xeográfica, lingüística, etnográfica, audiovisual e fotográfica que será posible rexistrar a través da app colaborativa sobre un mesmo topónimo. Fonte: elaboración propia.

Ao poñer este punto, abrírase unha ficha de topónimo, cuxa complexidade dependerá do perfil de usuario asignado polo administrador, como xa sinalamos anteriormente. Na figura 5 pódese ver o modelo de ficha máis sinxelo no que aparecen: os datos xeográficos para situar un topónimo; o nome do informante; os fenómenos fonéticos (gheada, seseo, rotacismo, timbre das vogais de grao medio...); a tipoloxía xeográfica (labradío, prados, arboredo, rochedo, muíño, cantil...), que se presentará en listaxes despregables; e, por último, unha casíña de texto libre para incluír as lendas, etimoloxías populares, coplas, ditos, refráns... asociados a ese topónimo ou calquera información histórica que aclare a súa motivación.

Todo este folclore e literatura popular relacionada coa toponimia tamén forma parte do noso amplo patrimonio inmaterial. De igual modo que os microtopónimos, o imaxinario popular galego estase perdendo, polo que é necesario recuperalo e salvagardalo. Non hai unha parroquia en Galicia que non teña unha pena, un castro, unha fonte, algún tipo de resto arqueolóxico... cuxo nome non estea fundamentado nunha lenda dos nosos seres míticos por excelencia, os *mouros* e *mouras* (*A Pena da Moura*, *A Pía da Moura*, *A Igrexa dos Mouros*, *O Lagar dos Mouros*, *O Penedo dos Mouros*...). Todas estas lendas estanse convertendo en fósiles culturais. Xa non se transmiten de pais a fillos porque os mozos pensan que “son historias de vellos” e non lles prestan atención nin as valoran. Esta app ofrécenos a oportunidade de seguir manténdooas vivas, pero dunha forma distinta á tradicional.

Tamén haberá un apartado onde subir gravacións de audio ou de vídeo dos informantes pronunciando un topónimo –naqueles casos nos que o enquisador non saiba transcribir os seus trazos fonéticos distintivos–, contando unha lenda ou calquera outra información relevante para o estudo científico e a divulgación dese nome. Ademais da información en formato audiovisual, tamén será posible incluír na ficha dun topónimo fotografías dos elementos de patrimonio material que identifiquen, como muíños, batáns, cruceiros, ferrerías, fontes, petróglifos, igrexas, capelas... (ver figura 5).

Una vez introducidos os topónimos a través da app, revisados e validados, calquera internauta poderá consultalos mediante a ferramenta *Buscador de topónimos*. Desde aí, será posible descargar os resultados das consultas en distintos formatos (kml, pdf, gpx, csv...) e xerar mapas toponímicos seleccionando a área desexada para poder imprimilos a distintas escalas, unha utilidade moi demandada polos cidadáns e por técnicos municipais.

Unha ferramenta informática destas características é o mellor recurso co que podemos contar se queremos recoller nun corto espazo de tempo a nosa microtoponimia e todo o patrimonio inmaterial vencellado a ela.

2.2. RENOVACIÓN DO PORTAL DA TOPONIMIA DE GALICIA

A actual web da Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.es), activa desde o ano 2010, quedou obsoleta en canto a tecnoloxía, accesibilidade e contidos. Estase traballando¹⁰ agora nunha nova páxina que resulte máis atractiva para a sociedade e que cumpra co obxectivo de ser a fonte limpa de referencia da toponimia galega para os investigadores e para calquera traballo relacionado coa xestión, organización e posta en valor do noso territorio e da súa paisaxe.

A toponimia é unha disciplina que interesa a todos, pois quen non se preguntou en máis dunha ocasión que significaría o nome da aldea, vila, cidade onde naceu ou na que vive, quen llo poría, cando e porqué. Os topónimos teñen un compoñente afectivo moi importante para a sociedade galega. O amor pola nosa terra leva implícito un sentimento de apego ao nome do lugar do que procedemos, ao nome do río onde nos bañamos de pequenos, da praia onde pasamos as vacacións, ao nome das terras ou do mar que nos deron de comer a nós e aos nosos antepasados... E, se non, que llo pregunten a calquera persoa que tivo que emigrar e marchar lonxe do seu país.

É natural que sexa así. Como non imos querer eses topónimos que temos nos beizos ou na mente tantas veces ao día, que tantas lembranzas suscitan e tantas vivencias evocan; cos que bautizamos os negocios, bares, empresas, barcos, camións...; que forman parte da liñaxe familiar indicando o lugar de onde procede o primeiro portador do noso apelido... como non imos querelos. Esta transcendencia social que teñen os nomes de lugar é a que nos levou a crear dúas seccións no novo portal da toponimia galega (toponimia.xunta.gal), baixo os títulos de *Sabías que...?* e *Detrás do nome*.

Na primeira falamos das características que fan singular a nosa toponimia e dos topónimos máis curiosos, ben sexa porque a súa forma lingüística coincide cunha palabra do léxico común —malia que o seu significado nada teña que ver—, por exemplo *Vilapene*, *O Sexo*, *Bar*, *Pin*, *Melón*, *Pipas*, *Suar*, *Cariño*...; ben porque o nome responde a unha motivación curiosa, por exemplo *Cabeza de Vaca*, *Rabo de Galo*, *O Inferno*, *O Paraíso*, *A Matanza*, *O Allo*, *A Cebola*, *Egipto*...

Nesta sección relacionada coas curiosidades, está previsto crear dous subapartados máis. No primeiro, chamado *Toponimia e fraseoloxía*, poderase ver unha mostra de refráns, coplas e ditos populares creados sobre un topónimo o sobre o seu xentilicio. O segundo, co título de *Etimoloxías populares*, daremos a coñecer as simpáticas e enxeñosas explicacións que expresan os veciños e veciñas sobre a orixe e significado dalgúns topónimos, baseándose normalmente na asociación do

¹⁰ Do deseño da nova web encárganse os técnicos da AMTEGA e dos contidos divulgativos, etimolóxicos, lexislativos, metodolóxicos... encargámonos desde o Seminario de Onomástica da RAG.

son co sentido ou na similitude do topónimo con palabras ou expresións do léxico común.

Na sección *Detrás do nome*, publicaremos en dous formatos –vídeo e texto– a etimoloxía e significado dos nomes das provincias, municipios, cidades, vilas e aldeas de Galicia, dunha forma sinxela e comprensible para todos os públicos. Cada semana aparecerá un novo topónimo comentado, comezando polos de máis relevancia: *Galicia, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Río Miño, Río Ulla...*

Esta previsto gravar en vídeo os membros do Seminario de Onomástica da RAG argumentando o significado dun topónimo, contando unha lenda etiolóxica que explica a motivación dalgúns nomes mitolóxicos ou respondendo a cuestións de normalización das formas oficiais polas que nos pregunten os cidadáns. Somos conscientes de que este tipo de contidos, acompañados de imaxes e explicados de viva voz por expertos na materia, sempre resultan moito máis didácticos e atractivos para o seu uso nas aulas, así como máis amenos e comprensibles para a sociedade en xeral.

Actualizamos os contidos de todas as seccións existentes no primeiro portal publicado no ano 2010; refináronse as buscas da ferramenta *Buscador de topónimos*. Engadíronse as últimas leis –a estatal e a autonómica– sobre o patrimonio cultural inmaterial. Artellouse unha nova base de datos co estado de execución dos traballos de recollida en cada concello galego e coa fase na que se atopan: se se finalizou o traballo de campo, se se revisaron lingüisticamente eses nomes, se están xeorreferenciados, se houbo unha exposición pública dos mapas toponímicos nas instalacións do concello... Toda esta información poderémola encontrar na sección *Estado por concellos* (ver figura 6).

Outra das novidades desta web é a sección *Colabora*, onde se albergará a nova app *Galicia nomeada* e o seu manual de instrucións.

Contamos con que esta páxina (toponimia.xunta.gal) se faga pública a finais deste ano 2017 ou comezos do 2018. A nova app para a recollida de microtoponimia será máis serodia, esperamos que sexa unha realidade a mediados do ano 2018 e que estea funcionando a pleno rendemento para o outono.




Figura 6. Imaxes da páxina de inicio e dalgunhas seccións do novo portal da Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.gal).

2.3. REVISIÓN, CORRECCIÓN E ACTUALIZACIÓN DO NOMENCLÁTOR OFICIAL DE ENTIDADES DE POBOACIÓN DE GALICIA (NG 2003)

No ano 2012, a Xunta de Galicia –a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística– encargoulle á RAG o proxecto de revisión, corrección e actualización do primeiro *Nomenclátor* oficial de Galicia, publicado en 2003 en formato papel e en dixital¹¹.

Para executar este proxecto déronse os seguintes pasos:

1. Cruzouse a base de datos do NG 2003 coa base de entidades de poboación que aparecen no *NomenINE*.

Como punto de partida, era fundamental crear unha base de datos na que figurasen os nomes das entidades de poboación de Galicia que se recollen nas listaxes do *NomenINE*, o *NomenIGE* e o NG 2003. Ningún destes documentos contén o mesmo número de lugares nin de parroquias. Ademais, existen distintas denominacións para un mesmo lugar –discrepancias debidas a castelanismos, ausencia

11 Pódese consultar neste enlace: <http://www.xunta.gal/toponimia-e-nomenclator>

de acentos gráficos, falta de artigos...—. Un dos nosos obxectivos era poñer de manifesto, con este contraste, as discordancias lingüísticas e xeográfico-administrativas existentes entre o documento do organismo estatal e o do autonómico, coa finalidade de crear unha única base de datos toponímica oficial para ambas as administracións, evitando a multiplicidade de fontes con datos claramente contradictorios. O resultado foi unha base con 42.209 rexistros, posto que, aos 41.409 do NG 2003, sumámoslle uns 800 do *NomenINE* que non figuraban no documento galego.

2. Contrastouse esta base resultante de entidades de poboación con outras fontes toponímicas.

Estas fontes de información foron basicamente: as bases de microtoponimia resultado do traballo de campo do PTG; as bases cartográficas a escala 1.500 e 1:25.000 de Galicia; os nomenclátore oficiais do INE do século XX –desde o de 1910 ata a actualidade–; as webs municipais; os PXOM; as monografías, teses doutorais e estudos toponímicos dalgunha parroquia ou municipio do noso territorio...

Neste gráfico podemos ver o volume de información que achegaron cadanseu documento á hora de detectar algún tipo de problema na toponimia do NG 2003, problemas que veremos en breve.

3. Introducíronse na base de datos as reclamacións populares e institucionais recibidas nos últimos 10 anos.

Un 80% destas reclamacións foron arquivadas e introducidas no sistema para o seu estudo. Cómpre destacar que, en moitas ocasións, aquelas nas que se pedía a restitución dunha forma gráfica distinta á oficial (por exemplo *Cubela* fronte a *Covela*), viñan acompañadas de documentación histórica e razoadamente fundamentadas. O outro 20% non se tiveron en conta porque reclamaban formas castellanizadas, grafías anti-etimolóxicas ou formas filoloxicamente inxustificables.

4. Clasificáronse e codificáronse os problemas detectados no contraste con todas as fontes de información.

Estes problemas pódense catalogar en dous grandes grupos coas súas correspondentes tipoloxías e subtipoloxías. Por un lado, temos os problemas lingüísticos, que afectan a cuestións gráficas, fonéticas, morfolóxicas, léxicas... e, por outro,




Figura 7. Gráfico coas fontes das que se sacou a información toponímica para detectar os problemas do NG 2003.

os problemas xeográfico-administrativos, que afectan a cuestións como a ausencia de entidades de poboación non rexistradas no NG 2003, á pertenza dunha aldea á parroquia ou municipio trabucado, á categoría poboacional, ás discrepancias co *NomenINE*...

Convén aclarar que un mesmo topónimo pode ter varios tipos de problemas, varios problemas lingüísticos, varios problemas xeográfico-administrativos e de ambas as clases ao mesmo tempo. A isto se debe que o número de topónimos revisados e estudados sexa menor ca o de problemas, como veremos a continuación.

Comezaremos falando dos problemas lingüísticos, dos que se detectaron uns 4.045 casos de distinta índole. Como se pode apreciar nos gráficos da figura 8, a maioría deles son morfosintácticos (2.192), e dentro destes, un 63% corresponde á falta de artigo no topónimo oficial. O artigo forma parte do topónimo, de maneira que se comprobou minuciosamente, nestes casos, o seu uso con consultas orais e documentais. Tanto nos nomeclátors oficiais do s. XX coma no Catastro, existiu o mal costume ou a propensión a eliminar os artigos dos nosos topónimos, cando a xente sempre os usou. Este tipo de erros arrastráronse ata o NG 2003 naqueles concellos nos que non se fixo unha comprobación en campo




Figura 8. Esquerda: táboa coa tipoloxía de problemas lingüísticos. Dereita: gráficos de frecuencias das distintas subtipoloxías. Fonte: elaboración propia.

de como pronunciaban os habitantes os nomes dos lugares nos que vivían. Este uso conséntase dun xeito moi sinxelo, isto é, escoitando como os veciños pronuncian o topónimo nun contexto precedido das preposicións *en*, *de*, *por*... “vivo en Outeiro” ou “vivo no Outeiro”, “vivo en Devesa” ou “vivo na Devesa”. O feito de que os veciños leven visto durante tantos anos o nome da súa aldea ou parroquia escrito sen artigo nos letreiros das estradas, nos papeis do concello, nas cartas... levounos a pensar, en ocasións, que esa é forma correcta e non a que usan na fala espontánea, é dicir, a que leva artigo. Afortunadamente, nesta revisión estamos facendo especial fincapé en restituír esta parte esencial dos nosos topónimos.

No que compete aos problemas xeográfico-administrativos, detectáronse 11.535, duns 25 tipos distintos, como podemos ver na figura 9. A primeira vista, parece unha cifra demasiado elevada, pero en realidade non é así, xa que un 78% deles corresponde ás discordancias co *NomenINE*. En concreto, a lugares que están no NG 2003 e que non figuran no INE, –só estes acadan un total de 7.855–; a lugares que aparecen como unha única entidade no *NomenINE*, mentres no NG 2003 figuran como dúas (...de Arriba /...de Abaixo, ...Pequeno/...Grande, ...de Acá/...de Alá etc.); a que no nomenclátor estatal aparecen dúas ou tres entidades baixo unha mesma denominación unidas por un guión, cando no nomenclátor




Figura 9. Esquerda: táboa coa tipoloxía de problemas xeográfico-administrativos. Dereita: figuran na táboa e no gráfico os 3 grandes conxuntos nos que podemos reagrupar as anteriores tipoloxías. Fonte: elaboración propia.

galego son entidades individualizadas (ex.: *Outeiro-Anaigo-Lama* en *NomenINE*, por *O Outeiro*, *Anaigo* e *A Lama* en NG 2003, parroquia de Palmés, Ourense) etc.

Os outros dous conxuntos que agrupan distintas subtipoloxías de problemas xeográfico-administrativos son aqueles que, dunha parte, fan referencia ás entidades propostas para incluír no novo NG ou para eliminar —representan un 18%—; da outra, están os problemas referidos a lugares que non figuran na parroquia que lles corresponde, lugares que non son considerados entidade de poboación polos veciños, lugares deshabitados... —supoñen un 4% do total—. O método de revisión e os resultados obtidos ata o momento actual expóranse deseguido.

5. Estudouse e analizouse cada problema, por parte dos membros do Seminario de Onomástica, a través dunha aplicación informática¹² de traballo en liña creada *ex profeso* para esta finalidade desde a AMTEGA.

Os nove membros do Seminario de Onomástica da RAG, os académicos Ramón Lorenzo, Xesús Ferro, Antón Santamarina, Gonzalo Navaza, Antón Palacio, Luz Méndez, Anabel Boullón, Xosé María Lema, mais o que redacta este artigo, Vicente Feijoo, traballamos cada un desde o seu despacho neste proxecto grazas a este sistema informático que nos permite introducir información e documentos na ficha de revisión de cada topónimo, que todos a poidamos ver, comentar, rebater argumentos e emitir ditames virtuais cando existe unanimidade ou consenso nas propostas. Vexamos como é o procedemento e o tipo de datos que contén a ficha de revisión dun topónimo.

Activamos nesta aplicación un número determinado de topónimos para revisar cada quince días. Como se pode observar na figura 11, na ficha de revisión de cada topónimo consta a forma coa que este aparece no NG 2003, no INE, no IGE e no PTG (sempre e cando fose recollido en campo); as datas de revisión; se se activou por reclamación popular ou se se descubriu o problema no contraste coas distintas fontes; e, loxicamente, o tipo de problema ou problemas que presenta, xunto coa explicación en detalle de quen fai a reclamación, en que consiste concretamente a discrepancia co topónimo oficial e as actuacións que seguiremos para investigalo.

A continuación aparece a información das chamadas telefónicas que se fan a veciños e veciñas da propia aldea en cuestión ou de aldeas próximas para comprobar como pronuncian o topónimo e se usan ou non o artigo. Faise unha media de cinco consultas telefónicas para cada nome en revisión.

Vista esta información, os membros desta comisión toponímica introducen as atestacións escritas dese topónimo encontradas na documentación histórica, principalmente, a que se pode consultar na rede en formato dixital: *Arquivo da*

12 Enlace: <https://revisionnomenclator.xunta.es/Publico/Login.aspx>

*Catedral de Santiago*¹³ (ACS), *Arquivo Histórico da Universidade de Santiago*¹⁴ (AHUS), *Arquivo do Reino de Galicia*¹⁵ (ARG), *Corpus Documentale Latinum Gallaecia*¹⁶ (CODOLGA), *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*¹⁷ (TMILG), *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*¹⁸ (ITGM), *Catastro do Marqués de Ensenada*¹⁹ (CME), *Corpus Informatizado do Português Medieval*²⁰ (CIPM)...

pero tamén documentación histórica en papel: *Diccionario geográfico-estadístico...* de Pascual Madoz, *Diccionario geográfico-estadístico...* de Sebastián Miñano y Bedoya...; e outros documentos como escrituras notariais, libros de apeo, catastro, libros parroquiais etc. Ademais da cita textual do documento, pódense anexar imaxes en formato jpg –como a captura do CME que podemos visualizar na figura 11– ou arquivos en formato pdf.

Seguidamente temos un espazo reservado para que os académicos fagan as súas propostas de ditame e os comentarios filolóxicos que xustifiquen a súa elección, unha vez analizada toda a información oral e documental existente sobre ese topónimo.

Na parte final da ficha está o apartado onde se resolve o veredicto. Se todas as propostas de ditame son coincidentes, aplícase o chamado **ditame virtual**; se hai desacordo, pero seis das propostas coinciden, tamén se emite un ditame virtual coa forma maioritaria; pero, se as opinións están moi divididas, entón imponse a necesidade de tratar ese topónimo nunha reunión presencial. Esta xuntanza programámola cada quince ou vinte días, co propósito de chegar a unha resolución de consenso para estes casos e, finalmente, poñer un **ditame presencial**.

Unha das maiores vantaxes deste método de análise reside en que axiliza os procesos de revisión, diminuindo o número de reunións presenciais e, polo tanto,

Figura 10. Pantalla inicial da aplicación coa que facemos o traballo de revisión e actualización do NG 2003.

13 Enlace ACS: <http://csa.archivo3000.es/jopac/controladorconopac>

14 Enlace AHUS: <http://www.usc.es/es/servizos/arquivo/>

15 Enlace ARG: <http://arquivosdegallcia.xunta.gal/portal/arquivo-do-reino-de-galicia/>

16 Enlace CODOLGA: <http://corpus.cirp.es/codolga/>

17 Enlace TMILG: <https://ilg.usc.es/tmilg/>

18 Enlace ITGM: <http://ilg.usc.es/itgm/>

19 Enlace CME: <http://pares.mcu.es/>

20 Enlace CIPM: <http://cipm.fcsh.unl.pt/>

Nomenclátor de Galicia

REVISIÓN NOMENCLATOR A REVISIÓN DO TOPÓNIMO

Revisión do topónimo: Covoelo, O

SELECCIÓN DO TOPÓNIMO: SELECCIÓN DO MUNICIPIO: SELECCIÓN DO DISTRITO:

Datos xerais do topónimo

Nomenclador	INE	IGL	PTG
Covoelo, O	Covoelo (O)	O Covoelo	-

Provincia: PONTEDRA Concello: NOVOA

Parroquia: Sábado do A Choca (San Salvador) Lugar: Covoelo, O

Data inicio revisión: 27/04/2013 Data fin revisión: 17/07/2013

Botóns de revisión: Reclamación popular Enfoque destacado no contrasta de fontes

Problemas

Tipo problema	Problema	MODIF.	ELIM.
Fontética	Verificación nas vogais átonas	☐	☐
Gráfica	B/F	☐	☐

Notas predefinidas: Selecciona -- ENGADIR

Detalle do problema: Carta enviada por Don José Casal París (28/01/2014), recibida desde lugar, na que solicita, primeiro en concepto a tope á Consello de Toponimia de Galicia, que se revisa a nome topónimo de un lugar que sempre foi "O Covoelo". Asegura unha elevación como Covoelo nun documento de 1664 do ARX. Familia Arias. Xustificación de Parafío. Tamén asegura un artigo sobre a tope do Covoelo de Taboada (A Estrada). (non aparecer en campo como pronuncia a tope).

Consultas telefónicas

☐ Preguntar en campo

Data inicio revisión: 27/04/2013 Data fin revisión: 26/05/2013

Usuario	Data actualización	Resposta consulta	Chamadas	Facilitado	MODIF.	ELIM.
Juan José Arias Chamado		Os dous informantes locais da parroquia de Sábado de que o nome do lugar é "O Covoelo", así mesmo repiten cando lles fago a pregunta de cal entón, os dous responden: "non sei, débete a algún "O Covoelo".	2	Alto	☐	☐
Vicente Feijoo Ares		Falei con dous veciños desta parroquia, 2 de Corcoba e 1 de Sábado. Todo dixeran que sempre oían: "O Covoelo".	5	Alto	☐	☐

Documentación

Documentación	Comentario	Ficheiro Adjunto	Usuario
ARX.	Jose Casal manda un documento de 1664 no que aparece escrito Covoelo.		Vicente Feijoo Ares
OUTR_FON	Carta enviada á alcaldesa e á Comisión de Toponimia da Xunta para que se revisa a forma O Covoelo.		Vicente Feijoo Ares
OUTR_FON	Jose Casal manda un artigo publicado por Manuel Gago no seu blog sobre o significado de O Covoelo de Taboada (http://www.manuelgago.org/blog/2013/02/25/implicaciones-de-toponimia-en-la-historia-de-covoelo-y-en-el-decisorio-de-emplazamiento/).		Vicente Feijoo Ares
MAIOZ	"SABADO (SAN SALVADOR) [...] de Albergaria, Barroa, Busto, Casal, COBELO, Compañía, Oñter, Mía, Santa Margarita, Sábado, Sábado e Sábado".		Luc Méndez
ENSENDA	No primeira pregunta do Interrogatorio real desta parroquia (e outras), chama no lugares da parroquia pero este non ven.		Luc Méndez
NOVI	Nº10 30 40 50 60 70 Covoelo (O último cuarta conexión de Elvís engadido a artigos).		NOVI Santamarina Fernández
MAPA	Mapa IGNIC O Covoelo		Vicente Feijoo Ares
MAIOZ	No MAIOZ, como entrada independente, vén COBELO (lugar de la parroquia de San Salvador de Sábado, de la Morla).		Jose Maria Lema Suárez

Propostas

Proposta	Comentario	Data alt.	Usuario	Elaborado por	MODIF.	ELIM.
O Covoelo		08/02/2015	Rafael Lirio	Vicente Feijoo Ares	☐	☐
O Covoelo	Se ha tradición escrita consistente, e ademais unha reclamación escrita, eu creio que habería que aceptalo independentemente da razón etimológica, que moitos veces é inabordable (non se trata de casos). Creio tamén que habería que coñecer o elemento patrimonial, e que en caso de cambios de certa entidade histórica que faga con veciños e equívocos as causas.	14/11/2014	Ala Isabel Boullón Agrelo	☐	☐	
O Covoelo		15/12/2014	NOVI Santamarina Fernández	☐	☐	
O Covoelo	Toda a vila o vin do al, con artigo e con vogal forte (chocaba). É un lugar pequeno e cívico.	08/07/2015	Xosé Fariña Rialba	☐	☐	
O Covoelo	Xa estaba en MAIOZ e en NOVI os nomencladores anteriores.	25/11/2014	ARIAS Fariña Sánchez	☐	☐	
O Covoelo		25/11/2014	Luc Méndez	☐	☐	
O Covoelo		28/11/2014	Gonzalo Navas Blanco	☐	☐	
O Covoelo?	No MAIOZ hai contradición: Covoelo (ELIZ) Covoelo (Vig. Palacios) Covoelo (J. Lema).	08/07/2015	Xosé María Lema Suárez	☐	☐	

Engadido: ENGADIR

Detalles técnicos: Covoelo, O Data: 06/11/2014

Detalles técnicos: Covoelo, O Data: 14/07/2013

Detalles técnicos: Covoelo, O Data: 14/07/2013

Detalles técnicos: Covoelo, O Data: 14/07/2013

GUARDAR VER

Figura 11. Exemplo de ficha de revisión dun topónimo do NG 2003, presente na aplicación empregada para corrixir e actualizar este documento oficial. Fonte: <https://revisiennomenclator.xunta.es/Publico/Login.aspx>

optimizando o tempo e os recursos. Pero aínda máis importante resulta o feito de que se poda gardar toda a información e documentación que xustifica os ditames, algo que non se fixera ata agora. Desta forma, algún día, cando o novo *Nomenclátor* de Galicia estea aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, calquera cidadán ou calquera investigador poderá saber de primeira man as súas técnicas polas que se revisou un topónimo e os motivos que levaron aos expertos a propoñer unha determinada forma oficial, enriquecida cunha xustificación pormenorizada dos casos máis complexos.

Resultados obtidos ata a actualidade

A pesares de que aínda nos ten chegado algunha reclamación lingüística de vez en cando, ou que algún académico detecta nas súas investigacións particulares que un topónimo oficial presenta formas distintas nos documentos históricos que adoita consultar –cuxa diverxencia é o suficientemente relevante como para provocar a súa revisión–, podemos dicir que os problemas lingüísticos detectados ata o momento no NG 2003 xa foron solucionados.

Estudáronse un total de 3.562 topónimos que presentaban algún tipo de problema lingüístico. Activáronse 771 por mor dalgunha reclamación popular; mentres que en 2.791 detectouse o problema a través do contraste de distintas fontes con información toponímica. Quedaron 1.406 coa mesma forma oficial que tiñan no NG 2003; mentres que 2.156 xa contan cun novo ditame. No que respecta á modalidade de ditame, 1.525 sancionáronse virtualmente e 2.037 foron aprobados nunha reunión presencial.

No que atinxe aos problemas xeográfico-administrativos, estamos agora en pleno proceso de estudo das entidades de poboación propostas para incorporar ao novo NG, que suman arredor dunhas 5.000. Pero, de onde saen esas novas entidades?

Dunha beira, temos entidades tradicionais que, por motivos que descoñecemos, non foron integradas na elaboración do NG 2003, malia que moitas delas xa aparecían nos nomenclátors oficiais de mediados do século XX, sobre todo no N1940 e no N1950. Doutra beira, temos entidades novas que foron nacendo co crecemento urbanístico, principalmente en zonas próximas á costa galega, tanto no litoral atlántico coma no cantábrico. Algunhas delas xa foron dadas de alta no INE por parte dos concellos, pero son as menos. No caso das novas urbanizacións, a inclinación das corporacións municipais é a de poñer nomes exóticos ou oníricos (ex.: *Urbanización Bela Vista*, *Esperante*, *Lugo*), ás veces o da propia empresa construtora (ex.: *Urbanización FADESA* ou *Urbanización Costa Miño Golf*), ou outros relacionados co nome ou advocación da parroquia, no mellor dos casos. Isto é algo que resulta incomprensible cando existe un abano de tres ou catro microtopónimos, cando menos, nos terreos construídos, todos eles con centos de anos de antigüidade.

Ata o momento actual estudamos a categoría poboacional²¹ dunhas 2.300 entidades propostas nas provincias da Coruña e Lugo, mais, finalmente, só incorporamos 1.090 á base de datos do novo NG. As outras descartáronse debido a que todas as probas apuntaban a que eran partes dunha aldea que xa figura no NG 2003. Non cumprían un criterio imprescindible para incluílas, isto é, ser unha aldea diferenciada con entidade propia. Porén, en ocasións non resulta nada doado aplicar este criterio, pois nin os veciños nin o persoal do concello o teñen claro.

21 Cando falamos de determinar a “categoría poboacional” referímonos a discernir se o topónimo identifica unha aldea diferenciada e individualizada con respecto ás do seu arredor, se é unha parte dunha aldea maior ou se é un conxunto de pequenos lugares ou aldeas. Descubrimos que existe unha categoría intermedia, nalgúns zonas de Galicia, respecto da división administrativa tradicional entre parroquia e aldea, cuxa nomenclatura varía tamén duns lugares a outros (por exemplo, no concello de Vigo, un conxunto de lugares forma un *barrio*; mentres que nalgúns concellos de Lugo, como en Guitiriz, denominan esta realidade como *insua*).

O método para establecer a conveniencia ou non de incorporar un destes lugares sería, en liñas xerais, o seguinte:

- Contáctase telefonicamente cos técnicos do Concello que se encargan do padrón municipal, os que traballan no departamento de urbanismo e os que posúen un bo coñecemento da situación das aldeas, dos lindes parroquiais e municipais... Tamén contactamos con veciños e veciñas de distintas aldeas próximas da que temos constancia que falta no nomenclátor oficial. A pregunta é moi sinxela para uns e para outros, se a consideran ou non unha entidade diferenciada ao mesmo nivel que calquera outra da mesma parroquia que xa figura no NG 2003 con igual ou, incluso, menor número de casas. A resposta máis común vai na liña de que os veciños si a consideran unha aldea individualizada. Pola contra, os técnicos municipais, malia que recoñecen a súa existencia e o feito de que para os cidadáns sexa unha entidade máis da parroquia, agrégana –a efectos administrativos– a outra entidade próxima na que normalmente vive máis xente, aínda que non sempre é así.



Figura 12. Exemplos de entidades de poboación novas que se incorporaron ao novo NG. No caso da fotografía mais o mapa de arriba, están contempladas no PXOM as entidades de *Cancelo* e *Bocadroña* (normativizado finalmente como *Boca de Oroña*). No caso das dúas entidades de abaixo, *A Cabana Vella de Arriba* e *A Cabana Vella de Abaixo*, teñen os indicadores postos polo concello con eses topónimos, están distanciadas unha da outra, e a xente considéraas dúas aldeas distintas. Motivos, todos eles, suficientes para introducilas no NG. Fonte: elaboración propia.

- Intentamos localizar a aldea obxecto de investigación na cartografía (mapa 1:25.000 do IXN, mapa 1:500 da Xunta de Galicia; mapas de Catastro; mapas do PXOM; mapas turísticos elaborados polos propios concellos...) e nas fotografías aéreas do Google Earth, para ver a distancia respecto ás aldeas cercanas, o número de casas que ten, se está en ruínas... As novas entidades que se rexistraron grazas ao traballo de campo do PTG, por estar moitas delas xeorreferenciadas, podemos localizalas facilmente na fotografía aérea a través do *Buscador de topónimos*. En moitos dos mapas citados xa aparecen estes topónimos coa categoría de lugar habitado. Por exemplo, se figura como entidade de poboación no PXOM, este é un dos argumentos de maior peso para integrala no novo NG (ver figura 12).
- Tamén extraemos capturas de imaxe do *Street View* de Google, sobre todo, para comprobar se o topónimo da nova entidade xa figura nos letreiros das estradas. Se é así, isto é outro claro argumento a favor da súa introdución no NG, porque significa que o Concello xa a considera unha aldea ao mesmo nivel ca as outras (ver figura 12). Resulta curioso comprobar como isto sucede con moitas das entidades novas que investigamos, malia que os encargados do padrón municipal non as deron de alta no INE.
- Por último, cando estamos ante un lugar tradicional, con moitos anos de existencia, que non fora incluído no NG 2003, buscamos documentación histórica sobre el. No *Catastro do Marqués de Ensenada* cítanse moitos deles precedidos do xenérico “lugar”, palabra que nunha gran parte do territorio galego é sinónimo de ‘pequena aldea’.

Tendo en conta todas estas probas ou unha boa parte delas, pois non sempre é posible reunilas todas, os membros do Seminario de Onomástica deciden, finalmente, se incorporamos ou non a entidade proposta ao novo NG. Nese momento, procédese ao estudo da forma lingüística coa que se vai oficializar o seu nome. Todo isto realízase a través da mesma aplicación que acabamos de presentar e co mesmo proceder que no caso dos problemas lingüísticos. Agora ben, é necesario comentar que parte deste traballo previo á incorporación dunha nova entidade –como se imaxinarán vostedes polo dito anteriormente–, resulta improdutivo, posto que algúns dos lugares propostos non reúnen os requisitos necesarios para considerármolos unha entidade diferenciada, de maneira que non se chegan a incluír no NG. Da mesma maneira que introducimos novas entidades, tamén eliminamos algunhas outras, pero non porque estean deshabitadas ou en ruínas, senón porque se demostrou no traballo de campo e nas distintas consultas realizadas que identifican terras, en vez dun lugar habitado. Posiblemente se incluíran no seu día no NG 2003 porque constaban nas listaxes dos nomenclátors do século XX ou porque, cando se fixeron nos anos 80-90 os traballos de campo para

elaborar esta obra toponímica, habería algunha casa habitada que hoxe en día non existe. Respecto das aldeas deshabitadas e abandonadas, a norma é non quitálas do NG, baseándonos no fundamento de preservar estes nomes tradicionais fronte á ameaza de futuros nomes inventados, alleos á nosa cultura, que se lles poidan ocorrer a un particular ou a unha empresa que compre estas aldeas –como xa está sucedendo– para destinalas a turismo rural. Na nova base de datos do NG estanse marcando estas entidades de poboación deshabitadas para saber exactamente cantas hai no noso país e cales son, pois, a día de hoxe os datos oficiais ao respecto son os do INE, que non contemplan a totalidade dos casos.

Para os topónimos que non están situados na parroquia ou municipio correcto, séguese o mesmo procedemento de consulta telefónica, cartográfica e documental que para os demais problemas xeográfico-administrativos. Isto levounos a descubrir que existen moitas aldeas que teñen parte das súas casas repartidas entre dúas parroquias dun mesmo concello ou de concellos distintos. Nestes casos mantense o mesmo topónimo nos dous termos, aínda que en realidade sexa unha única entidade de poboación, que levará unhas coordenadas únicas. Tamén estamos marcando estas entidades distribuídas entre dúas demarcacións para saber cantas son e en que concellos e parroquias están, pois ata agora non se tiveran en conta estas duplicidades para o recuento definitivo de topónimos do NG.

2.4. XEORREFERENCIACIÓN DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN DO NOMENCLÁTOR DE GALICIA.

Este traballo lévase desde o IET –organismo cartográfico da Xunta de Galicia–, coa nosa colaboración. Desenvolveuse en dúas fases entre os anos 2016 e 2017.

Fase 1 (2016): xeolocalización en gabinete

Unha empresa, contratada polo IET, xeolocalizou en gabinete todos os lugares que lle foi posible partindo da cartografía en papel e en dixital existente na nosa comunidade.

Para isto, superpuxéronse nun mesmo visor as capas correspondentes a distintas fontes de información cartográfica, co gallo de unificar os datos e verificar a correcta localización de cada lugar (ver figura 13). Analizouse a fiabilidade de cada unha das fontes para priorizar unha posición cando existían diferenzas segundo o mapa. O criterio aplicado foi o da coincidencia de distintas fontes nun mesmo punto ou, aínda que non sexa exactamente nas mesmas coordenadas, que coincidan as variacións enriba do mesmo núcleo de casas.

Establecido o control de calidade, obtivéronse os seguintes resultados: a 34.901 entidades asignáronse coordenadas cun grao de alta fiabilidade; 699 que-

daron con media fiabilidade; 601, con baixa fiabilidade; e 1.107 permaneceron sen identificar porque non aparecían en ningún tipo de mapa (ver na figura 13). Para posicionar correctamente os dous últimos grupos mais os non localizados, sería necesario facer traballo de campo.

Fase 2 (2017): Xeolocalización en campo

Esta segunda fase do proxecto de xeorreferenciación do NG baseouse no traballo de campo para posicionar *in situ* os topónimos de media e baixa fiabilidade, os non localizados na fase 1 e as aldeas que imos incorporando ao novo *Nomenclátor* desde o Seminario de Onomástica da RAG. O IET adxudicou, por concurso público, esta fase a unha nova empresa. Esta planificou as rutas para ir a campo en función da localización aproximada dos topónimos de media e baixa fiabilidade, e da situación das parroquias nas que se atopaban (segundo o NG 2003) os 1.107 topónimos que permanecían sen xeolocalizar. Como estas rutas pasan por moitos lugares clasificados no grupo de alta fiabilidade, encargóuselle a esta empresa que fixesen unha selección aleatoria destas entidades de poboación para facer unha comprobación *in itinere* das súas coordenadas.

A empresa deseñou, exclusivamente para este traballo, unha aplicación móbil na que marcan previamente as rutas (tracks) e sinalan os topónimos que se deben comprobar. Ademais, esta ferramenta facilita a intercomunicación entre gabinete e campo, de maneira que os técnicos de campo poden facerlles consultas aos técnicos da oficina e estes, á súa vez, poden seguir a evolución dos traballos en tempo



Figura 13. Esquerda: visor con información toponímica de distintos mapas dixitais (Catastro, PXOM, mapa 1:5.000, mapa 1:25.000...). Dereita: control de calidade das coordenadas dos topónimos do NG 2003 na provincia da Coruña. Os non localizados (puntos vermellos) situáronse a carón da igrexa parroquial á que pertencen, segundo a distribución administrativa do NG 2003. Fonte: empresa OBIUT.

real, así como a consecución dos obxectivos establecidos para cada día e para cada técnico (ver figura 14). Nesta mesma aplicación, os técnicos introducen as coordenadas, modifican as existentes, anotan os datos dos informantes e as incidencias, isto é, os motivos polos que non lograron localizar un determinado lugar. Os informantes adoitan ser, por orde de fiabilidade, os veciños e veciñas da parroquia á que pertence o topónimo e despois os técnicos municipais. Tamén se tiran fotografías da sinalización viaria co nome da poboación que buscaban.

Ata este momento, lévanse revisado en campo 4.547 topónimos, algúns que xa estaban localizados e outros sen situar –como explicamos arriba–. Destes, quedaron sen coordenadas 213 porque as persoas entrevistadas non os recoñeceron ou porque identificaban terras no canto de casas habitadas. Loxicamente, estes casos volveranse investigar antes de eliminalos do NG. Tamén cómpre comentar que se detectaron algunhas dislocacións na verificación *in situ* dos que estaban clasificados na fase 1 con alta fiabilidade. Trátase de desviacións nun rango de 50 metros do centro do núcleo de casas que identifican ou que o punto non está enriba xusto de casas, senón de terras. O seguinte paso será comprobalos todos ou a maioría,



Figura 14: Distintas pantallas da aplicación móbil que creou a empresa Sixtema para a asignación de coordenadas in situ das entidades de poboación do NG. Fonte: empresa SIXTEMA.

probablemente, a través dun mapa interactivo que se activará vía web para que os técnicos dos concellos, con axuda dos veciños, confirmen ou modifiquen estas localizacións.

3. CARA A ONDE CAMIÑAMOS? CONCLUSIÓNS

Pensemos nun mapa de Galicia con 2 millóns de topónimos... canta riqueza, non? Canta información teríamos na rede a disposición da sociedade, cantos datos sobre o noso territorio que facilitarían o traballo de técnicos das Administracións públicas e de investigadores en múltiples disciplinas das chamadas ciencias humanas... Seguindo as palabras de Jairo Javier García Sánchez (2007), para a lingüística, a arqueoloxía, a xeografía, a botánica... a representación da toponimia nun mapa é unha ferramenta imprescindible, pois permite seguir a traza de antigas fronteiras, axuda a coñecer a historia das palabras, a historia da paisaxe e a historia dos pobos que a habitan.

O soño dos que traballamos nestes proxectos sobre a toponimia galega é, en primeiro lugar, salvagardar un tesouro sen igual que desaparece; en segundo lugar, crear unha única base de datos coa nosa toponimia xeolocalizada e normalizada que sirva de referencia para o seu uso na cartografía, na xestión do territorio e na investigación; e, en terceiro lugar, difundir esta información en internet xunto co significado dos topónimos e todo o patrimonio inmaterial asociado a eles. Este debe ser o gran reto colectivo de todos os galegos, crear o mapa cultural de Galicia máis completo que nunca se teña visto.

Cando este mapa estea completo, os lingüistas galegos poderán aplicar novos métodos de análise do noso idioma a través da xeografía lingüística, trazarán con maior exactitude as isoglosas do léxico usado en distintas zonas do noso país, descubrirán novo vocabulario... Os historiadores poderán coñecer mellor a pequena historia de cada lugar, pois son moitos os acontecementos históricos que deixaron pegada nos nomes de cada lugar. Os arqueólogos farán prospeccións en zonas nas que poden existir restos prehistóricos en función dos indicios que lles proporcionan topónimos como *A Mámoa*, *A Medorra*, *A Anta*, *A Pedrafita*, *O Castrillón*, *A Pena dos Mouros*... Os biólogos poderán saber que especies animais e vexetais abundaban nos nosos montes e cales desapareceron deses mesmos lugares. Os enxeñeiros agrónomos saberán que tipo de cultivos se daban en cada tipo de terreo e a composición da terra grazas a topónimos como *Os Liñares*, *O Orxal*, *A Trigariza*, *A Gándara*, *O Areeiro*...

As administracións locais terán unha fonte de información moi valiosa para trazar e rotular as rutas de sendeirismo, para redactar os PXOM... e poderán empregar os topónimos de forma correcta á hora de elaborar guías e paneis informativos sobre os seus elementos de interese cultural, nas guías telefónicas...

A Administración autonómica contará, por fin, coa ferramenta básica que precisaban todos os organismos públicos que traballan con información territorial. En realidade, esta base de datos pode ser útil para todas as consellerías, pero, como me farían falta moitas páxinas para detallalas todas, porei soamente uns cantos exemplos.

A Axencia Galega de Infraestruturas poderá utilizala á hora de planificar novas estradas e vías, para a tramitación dos expedientes de expropiación e o estudo de impacto medioambiental, pero, sobre todo, para fuxir de montes chamados *A Laxe*, *O Pedregal*, *A Louseira*... porque poderán intuír polo topónimo que se van encontrar con moita pedra que barrenar; ou *A Lagoeira*, *O Regueiral*, *As Fontiñas*... porque terán moita auga que canalizar.

Na Dirección Xeral de Conservación da Natureza contarán con moita información para facer os plans de protección, xestión e ordenación da paisaxe (*Catálogos da Paisaxe*), e para estudar e potenciar os espazos protexidos e parques naturais de Galicia. Na Consellería do Medio Rural disporán dun novo instrumento que lles facilitará a tramitación dos expedientes sobre o agro galego (*Banco de Terras*, as axudas da PAC...).

Cando teñamos toda a toponimia de Galicia xeolocalizada e normalizada, xa non veremos máis noticias no xornal sobre que as brigadas da loita contra incendios non saben chegar a algunha aldea²² ou que unha ambulancia se perdeu e non lle foi posible chegar a tempo a un lugar para atender un enfermo²³. Serán os dispositivos GPS dos vehículos os que nos guíen a calquera recuncho do noso territorio sen posibilidade de perda.

Imaxinemos unha aplicación que indique aos miles de peregrinos que fan cada ano o Camiño de Santiago todos os nomes das terras polas que pasan os distintos trazados da ruta xacobeana no noso país, que lles diga onde hai unha fonte ou pedra santa, unha igrexa ou capela, como se chama e a historia ou lenda que motivou ese nome.

Pensemou noutra aplicación que sinale as rochas do mar onde se produciu un naufraxio na Costa da Morte, cuxo topónimo –case sempre– responde ao nome do barco naufragado, que nos informe de cando ocorreu o tráxico suceso, cantos tripulantes levaba, que tipo de carga transportaba...

Todo isto será posible partindo da información existente no banco de topónimos de Galicia. Poderemos presumir de que os galegos ofrecemos aos turistas que

22 Pódese consultar a noticia de *La Voz de Galicia* neste enlace: http://www.lavozdeg Galicia.es/video/vigo/soutomaior/2016/08/10/era-pokemon-gps-llegar-incendio/0031_2016085078314779001.htm

23 Pódese consultar esta noticia do *Faro de Vigo* neste enlace: <http://www.farodevigo.es/portada-o-morrizo/2013/03/14/ambulancia-bueu-atasca-vial-bon-llega-servicio-muerto/773675.html>

nos visitan unha información cultural, ao alcance da súa man nos dispositivos móbiles, que non nos ofrecerán en ningún outro país.

Finalmente, preservando a nosa toponimia e difundíndoa en internet, facemos felices aos nosos avós, os verdadeiros sabios da toponimia galega, tanto aos que viven aquí coma aos que tiveron que emigrar a outros países. Aos de aquí, porque ven como a xente nova se interesa e valora a súa sabedoría –moitos non teñen estudos, pero pasaron pola universidade da vida–, contribuíndo así a elevar a súa autoestima ao sentírense mestres por un día, ao mesmo tempo que lles infundimos un sentimento de identidade colectiva compartida e de continuidade. Aos que se viron obrigados a emigrar a outros países (O Brasil, A Arxentina, O Uruguai, A Alemaña...) a principios do s. XX e na posguerra, dámoslles a oportunidade de volver ver cun só clic a terra na que se criaron e todos eses topónimos que nunca esqueceron. A reminiscencia destes nomes é o que mantivo latente, durante tantos anos, ese sentimento tan forte que nos acompaña sempre aos galegos... a “morriña” pola nosa terra. Cóstanos que xa fixemos felices a algúns deles coa publicación dos máis de 200.000 topónimos que se poden visualizar na actual web da Toponimia de Galicia. Algún día, farémolos felices a todos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Dorion, Henri (1984): “Les relations entre la toponymie et les autres sciences sociales”, en *450 ans de noms de lieux française en Amérique du Nord*. Québec: Les Publications du Québec.
- Filgueira Valverde, José (1976): *La toponimia gallega*. Pontevedra: Deputación.
- Feijoo Ares, Vicente (2014): “Las motivaciones de los nombres de las piedras en Galicia. Cultos, ritos y leyendas”, en Joan Tort i Donada (ed.), *Els noms en la vida quotidiana. Actes del XXIV Congrés Internacional d’ICOS sobre Ciències Onomàstiques*. Barcelona: Generalitat de Catalunya. Disponible en: <http://www.gencat.cat/llengua/BTPL/ICOS2011/116.pdf>
- (2016): “Deseño e rendibilidade da nova aplicación colaborativa para a recolleita unificada, xeorreferenciación e difusión da microtoponimia galega”, en Xesús Ferro Ruibal (ed.), *Estudos de Onomástica Galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e codificación*. A Coruña: Real Academia Galega / Deputación de Pontevedra, 203-297.
- García Sánchez, Jairo Javier (2007): *Atlas toponímico de España*. Madrid: Arco Libros.
- Santamarina Fernández, Antón (2005): “Viaxe pola Onomástica galega”, *A Trabe de Ouro* 62, 11-38.

Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008): *Talasonimia da costa sur de Galicia. Da Punta do Caranguexo (Panxón, Nigrán) ó Regueiro da Gándara (Salcidos, A Guarda)*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.

Recursos en internet

Xunta de Galicia (2000-2011): *Proxecto Toponimia de Galicia (PTG)*
<http://toponimia.xunta.es/>

Xunta de Galicia (2010): *Buscador de topónimos*
<http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador>

Xunta de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia*
<http://www.xunta.gal/toponimia-e-nomenclator>

Xunta de Galicia (2016): *Información Xeográfica de Galicia*
<http://mapas.xunta.gal/portada>

GALICIA NO DECRETO DE 1916

Luz Méndez Fernández

Seminario de Onomástica da Real Academia Galega

Resumo: Neste artigo analízanse os cambios que o Real Decreto de 1916 produciu na denominación dos concellos de Galicia. O obxecto deste decreto era evitar que dous ou máis municipios tivesen o mesmo nome. Estúdase aquí a razón de cada caso de homonimia e valórase se cumpría ou non o cambio e tamén cal foi a motivación das formas novas que se impuxeron. Finalmente descríbense de xeito breve os problemas que a castelanización antiga e frecuente dos nomes de lugar causou no corpus toponímico galego.

Abstract: This paper analyzes the changes in the denomination of the municipalities of Galicia, brought about the Royal Decree of 1916. The aim was to prevent two municipalities from having the same name. In each case, the reason for this homonymy is studied and, in certain toponyms, it is determined whether or not there was a need for change, as well as the reasons for the new imposed forms. Finally, we briefly describe some of the problems caused in the Galician toponymic corpus by early Castilianization and frequent occurrence.

Palabras chave: Toponimia, cambios nos nomes de lugar, castelanización, organización territorial.

Key words: Toponymy, change of place names, Castilianization, territorial organization.

1. SOBRE A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL EN GALICIA

No complexo tramado territorial da España do Antigo Réxime, e segundo os datos do Censo de Floridablanca, a Galicia, con case o 12% dos habitantes, só a superaba en poboación o conxunto das provincias da actual Andalucía, que a triplicaba en superficie. Daquela, en Andalucía rexistrábanse un total de 1.965

localidades fronte ás 7.339 de Galicia¹. Estes datos dan idea da densidade e da dispersión da poboación galega.

O Reino de Galicia organizábase nunha única intendencia ou provincia², constituída por máis de cincocentas xurisdicións e coutos redondos, e estes en parroquias (freguesías) que, á súa vez, abranguían un ou máis lugares dispersos (Río 1990: 12 e ss.).

As directrices constitucionalistas de que cada localidade tivese o seu concello víronse frustradas por esta fragmentación que caracteriza a habitabilidade no territorio galego (López Mira 2009: 309) e, así, dado que a constitución de 1812 (art. 310) establecía que “Se pondrá ayuntamiento en los pueblos que... por sí o con su comarca lleguen a mil almas”, co novo réxime, os municipios tiveron que implantarse en Galicia pola agrupación de varias parroquias e seguindo un criterio de extensión (que non excedesen de catro leguas “en cuadro”). Deste xeito, a parroquia –que fora e segue sendo, na Galicia menos urbana, a célula básica de organización social– perdeu o seu papel administrativo.

No esquema territorial actual da Comunidade Autónoma (concello, parroquia e lugar, este último tamén denominado *aldea*, *barrio* etc.), as 5.751 parroquias que figuran no *Nomenclátor de Galicia*³ só se recoñecen con carácter censual, pois unicamente nove están consideradas *entidades locais menores*, isto é, con personalidade e capacidade xurídica, dado o escaso desenvolvemento da Lei Reguladora da Administración Local de Galicia (Míguez 2013: 322). Para coñecer máis sobre o papel e a importancia da parroquia, véxase García 2009.

Como exemplo da idiosincrasia territorial galega e da variabilidade en canto a dimensión organizativa, podemos comparar un concello medio de Galicia coma o de Agolada (24 parroquias e 163 lugares), con outros coma Lalín (52 parroquias e 372 lugares) ou Rábade (constituído por unha única parroquia e un único lugar).

Galicia alberga no seu territorio máis de 37.000 entidades de poboación. Porén o número exacto é difícil de cuantificar na actualidade, pois moitos destes lugares están despoboados ou só se habitan en épocas concretas, outros acaban integridos en núcleos próximos en crecemento e vólvese difícil individualizalos e, en

1 As cifras correspóndense á suma de “ciudades, villas, lugares, aldeas, granjas, cotos redondos, despoblados, parroquias” recollidos no *Estado General de la Población de España en el año de 1787*, informe achegado polo seu director Campomanes á Real Academia de la Historia, con datos que se tomaran do Censo de Floridablanca. No caso de Andalucía, sumáronse os datos dos epígrafes “Andalucía” (Sevilla), “Cordova”, “Granada” “Jaén” e “Nuevas Poblaciones”, a intendencia creada durante o reinado de Carlos III e vixente ata 1835.

2 Non obstante, o habitual é falar de sete provincias históricas, correspondentes ás circunscripcións das principais cidades (Betanzos, A Coruña, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui), que eran as que representaban a Galicia co seu voto nas cortes de Castela.

3 <http://www.xunta.gal/nomenclator>

ocasións e de maneira dispersa, créanse novos lugares próximos a vilas e cidades, que son as que ofrecen traballo e servizos. Por iso xorden discrepancias entre o Nomenclátor da Xunta de Galicia, o Nomenclátor do Instituto Galego de Estatística e o do Instituto Nacional de Estadística, debido a que estes dous últimos utilizan o concepto *diseminado* para agrupar núcleos que non consideran dotados da suficiente entidade individual.

Esta abundancia de lugares dótanos dun corpus toponímico amplísimo: da suma de aldeas, parroquias e concellos contabilizáronse 41.374 nomes de entidades de poboación, que conteñen 15.663 topónimos distintos⁴ (Boullón 2017). Moitos deles son topónimos únicos. Pero os máis comúns repítense con frecuencia, como no caso dos resultados galegos do latín *ECCLESIAM* que, baixo formas diferentes coma *Eirexa*, *Grixa*, *Igrexa* e variantes, son máis de 600; ou as máis de 460 localidades que conteñen a palabra *Outeiro*.

A identificación clara dunha localidade non é difícil seguindo o esquema de organización territorial *lugar, parroquia, concello*: “Vive na Eirexe, na parroquia de Verdía de Santiago de Compostela”. “É natural de Outeiro, en Artoño, Agolada” etc.

2. O REAL DECRETO DE 1916 EN GALICIA

O Real Decreto de 1916 supuxo o cambio da denominación oficial de quince concellos galegos. Non é un número moi significativo e, tendo en conta que no *Nomenclátor de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España... con referencia al 31 de diciembre de 1910* figuran 322 concellos nas catro provincias, soamente afectou a un 4,6%.

O motivo principal deste Real Decreto expónse no seu preámbulo: “que desparezca la extraordinaria y lamentable confusión originada por el hecho de existir, entre los 9.266 Ayuntamientos que constituyen la Nación, más de 1.020 con idénticos nombres, y éstos sin calificativo ni aditamento alguno que los distinga”. Contra esta argumentación débense facer certas matizacións.

En primeiro lugar, o decreto ignora a existencia doutras linguas distintas do castelán na toponimia española. Parte das homonimias que pretende resolver son produto de adaptar artificialmente a esa lingua os topónimos que non se formaron nela. Disto, e en relación con Galicia, falaremos máis adiante.

Por outra parte, en Galicia a homonimia entre localidades próximas –por exemplo, entre os lugares dunha mesma parroquia, que como vimos foi o ámbito

4 Agradézolle a Ana I. Boullón Agrelo estas conclusións do seu traballo inédito. Para a obtención destes datos a autora reduciu a variabilidade dos topónimos iguais a 1 eliminou as secuencias máis repetidas de *Arriba/Abaixo*, *Grande/Pequeno*, *Vello/Novo*.

natural de relación social— dáse poucas veces, por unha cuestión práctica dos seus habitantes e, cando sucede isto, o topónimo adoita incluír un aditamento. É o caso, por exemplo, de *A Panda* e *A Panda da Serra*, os dous lugares da parroquia das Neves, en Ortigueira (A Coruña). Ou dos concellos ourensáns de *Castrelo do Val* e *Castrelo de Miño*.

A seguir, e debaixo de cada un dos epígrafes literais do decreto que afectan a Galicia, analizaremos os cambios que esta norma xurídica introduciu en quince municipios galegos e veremos como soamente en dez casos había homonimia real que podía levar a confusión. Nos nomes dos cinco concellos restantes, a coincidencia dos nomes era artificiosa, pois o topónimo estaba castelanizado. Por outra parte, nos casos de homonimia entre municipios galegos, a norma tivo escasa eficacia, debido a posteriores reorganizacións administrativas.

2.1. CONCELLOS CON HOMÓNIMOS EN GALICIA

A pesar da frecuencia de nomes semellantes na toponimia galega, como dixemos atrás, na época do Real Decreto unicamente en tres ocasións (seis concellos) había coincidencia na denominación. Na actualidade, só catro manteñen rango municipal, polo que a efectividade do cambio afectou nada máis que a dous deles: *Paderne* (A Coruña) e *Paderne de Allariz* (Ourense).

Oza, partido de Betanzos, se chamará Oza de los Ríos (A Coruña).

O topónimo *Oza* repítese outras oito veces en Galicia (lugares ou parroquias), pero en certa maneira o cambio foi innecesario pois o outro concello da época chamado *Oza* desaparecera en 1912 e fora agregado ao municipio da Coruña, que asumiu as débedas que o primeiro tiña co Tesouro Público (*Gaceta de Madrid* 195 [13/VII/1912], 108). A orixe do nome é un hidrónimo prerromano rexistrado na Idade Media entre os séculos X e II como *Ocia*, *Ozia* e *Uzia* e considérase proveniente da raíz prerromana **ups*, variante de **ap* o **ab* ‘auga’ (Bascuas 2002: 202-204). Ten o seu paralelo no hidrónimo leonés que figura como segundo nome da comarca de *Valdeusa* ou *Valle del Oza*, no Berzo, que no pasado pertencera ao antigo Reino de Galicia.

Paderne, partido de Allariz, se chamará Paderne de Allariz (Ourense).

Este concello era homónimo con outro galego, o de *Paderne*, na Coruña, pero aínda hai outros once lugares ou parroquias galegas chamadas así. A etimoloxía do topónimo faino proceder do xenitivo de *Paternus*, nome especificamente cristián, que levaban varios mártires; deriva do lat. *pater* e significa ‘paterno, pertencente ao pai’. A abundancia de topónimos semellantes é reflexo da frecuencia de uso que tivo en Galicia este nome persoal, documentado na epigrafía desde o século IV e habitual aínda no século VIII. A estrutura tipo (*villa*) + *Nome Persoal*

en *xenitivo* é característica do noroeste peninsular e considérase herdanza do reino suevo altomedieval.

Villameá, partido de Celanova, se llamará Villameá de Ramiranes (Ourense).

O topónimo, unha castellanización de *Vilameá*, provén do latín VILLAM MEDIANAM e indica a situación da *villa*⁵ en relación con outras. Hai vinte e sete localidades (lugares e parroquias) con este nome en Galicia e aínda seis máis chamadas *Vilameán*, coa variante dialectal occidental. Correspóndense co topónimo *Villamediana* de Burgos, León, Palencia ou A Ríoxa, aínda que ningunha destas localidades ten rango de municipio. A castellanización do primeiro elemento *vila* foi temperá, pola súa transparencia e pola grafía arcaizante <ll> que, durante toda a Idade Media, conviviou con <l> para o mesmo son simple no galego escrito. Non obstante, en realidade tamén supuxo un cambio innecesario, pois este concello ourensán fusionouse só dez anos despois, en 1926 con *Freás de Eiras* para constituír o novo de **Ramiranes* (galego *Ramirás*, hoxe oficial), mentres o seu homónimo **Villameá*, este en Lugo, cambiou a súa denominación en 1951 pola castellanizada **Puente-Nueva* e en 1963 integrouse co de **Villaodrid* (hoxe parroquia de *Vilaoudriz*) para formar **Puente Nueva-Villaodrid*, nome oficial ata a aplicación da Lei de Normalización Lingüística, en que se estableceu como oficial *A Pontenova*.

2.2. CONCELLOS CON HOMÓNIMOS FÓRA DE GALICIA

Son en total sete concellos doutros lugares de España os que recibían un nome coincidente con outros tantos en Galicia, por dúas razóns: a) as retoponimizacións rexias medievais e b) a súa localización no norte peninsular (vid. fig. 2), nunha antiga área común, coa excepción do actual Monforte del Cid e de Antas, en Almería, por causas que agora analizaremos.

Antas, partido de Chantada, se llamará Antas de Ulla (Lugo).

O cambio de denominación deste municipio vén motivado pola coincidencia co de *Antas*, en Almería. Os topónimos encerran certo interese filolóxico pola distancia xeográfica, que parece opoñerse a unha posible orixe común.

Non é infrecuente en Galicia como nome dunha entidade de poboación: (A) *Anta* e (As) *Antas* repítese doce veces. A súa antigüidade é innegable e xa figura en textos datados no século VI (*Tumbo Viejo de Lugo*, apud CODOLGA). Aínda hoxe é voz común en galego coas acepcións de 'lousa dun monumento funerario

5 O adxectivo *meá* (lat. MEDIANAM) dá a entender que a poboación está situada entre outras co mesmo rango. Para unha aproximación meirande ó concepto *villa* como modelo de poboamento na *Gallaecia* tardorromana, véxase por exemplo Carlsson-Brandt (2010). Para os séculos X e XI, Portela/Pallares (1998) e Baliñas (1998).

prehistórico’, ‘pedra grande chantada na terra, en particular as usadas para pechar un terreo’ e ‘xamba da ventá’. Os topónimos galegos *Anta* son de interese arqueolóxico, pois sinalan megálitos, xeralmente indicio de enterramentos prehistóricos.

Á parte de en Galicia, Corominas (DCECH) indica que a palabra existe en Asturias, León e Portugal, e cre que ten orixe moi antiga, indoeuropea e que pertence á mesma familia léxica do latín *antae*, *antarum* ‘piars aos dous lados da porta’. Desta voz latina, a través do italiano, provén o castelán *anta* ‘pilastra situada detrás de una columna’, ‘pilastra elevada antigamente a ambos lados de la puerta’, que non se documenta antes do século XVI.

Se non albergamos dúbidas sobre as *Anta(s)* galegas, a orixe do topónimo de Almería é bastante opaca. A primeira mención coñecida do nome da poboación é do século XV, cando á beira do río *Antas* se funda unha *alxama*, un barrio de mudéxares, froito das capitulacións de Vera (1488), que obrigaban aos musulmáns a instalarse no interior da comarca ou, pola contra, saír para África. Non hai datos de ningún poboamento anterior non lugar, aínda que o municipio é coñecido polos xacementos prehistóricos de El Argar e La Gerundia, xa que o primeiro deles lle dá nome a unha cultura da Idade do Bronce, a argárica, caracterizada polos seus enterramentos en cistas ou cofres. É pois, unha cultura moi distinta á que xerou as *antas* do noroeste.

Se como parece a localidade almeriense recibe o nome do río, deberemos descartar unha mesma orixe etimolóxica ca a do topónimo lugués e tamén o latín *ANTAM* ‘piar, pilastra’, que ademais non se data en castelán ata un século despois. Quizais poidamos relacionar entón o topónimo cun elemento hidronímico *an-t* tratado por Francisco Villar (2000: 174), a pesar de que o autor non cita o nome deste río entre os resultados da raíz e si un *Ribeira de Anta* galego, en Ourense, que non conseguimos localizar. Polo tanto, só se atopásemos documentación anterior ao século XV en que figure o topónimo poderíamos ter algo máis de luz sobre a súa orixe.

Aínda que ningún dato nos permite supoñer que o *Antas* almeriense teña relación co topónimo galego, non podemos deixar de mencionar a presenza secular de poboación galega na zona, tanto durante a toma de Granada, época de creación desa localidade (Saavedra 1999: 120 e ss.; 2005: 266) coma un século máis tarde, durante a repoboación das Alpujarras (Cabeza 2003).

Campo, partido de Caldas, se llamará Campo Lameiro (Pontevedra).

Confluía o nome deste co doutros dous concellos, o cacereño (*El Campo*), modificado neste Real Decreto a *Campo de Alcántara*⁶, e con *Campo*, en Huesca, que non foi alterado e así seguiu ata hoxe.

O cambio na denominación do municipio galego é un claro exemplo de creación do que poderíamos chamar un “topónimo de gabinete”. Ao nome tradicional de *O Campo* (< lat. *CAMPU* ‘id’) sumóuselle o nome dun lugar adxacente, *O Lameiro* (voz común galega derivada de *lama* ‘barro’, de orixe prerromana, mediante o sufixo derivativo *-eiro*). *O Campo* é tamén o nome da parroquia onde está a capital municipal e no século XVI aínda alternaba cunha forma antiga *O Campo das Fragas*.




Figura 1. Arquivo da Catedral de Santiago (ACS), ano 1586: na liña central do fragmento di *San Miguel do Campo das Fragas*, antiga denominación da parroquia do Campo, de cal tomara o nome o concello constitucional de Campo, hoxe Campo Lameiro.

O topónimo *Campo Lameiro* enraizou e mantense na actualidade sen que se cuestione a súa formación artificial.

Cea, partido de Carballino, se llamará San Cristóbal de Cea (Ourense).

A homonimia co municipio de León fixo que o galego incorporase á súa denominación a advocación da parroquia (San Cristovo), aínda que castellanizada en *San Cristóbal*. O topónimo *Cea* ten a súa orixe nun hidrónimo prerromano, un río *Cea* que, en León, aínda sobrevive con ese nome pero que en Galicia se identifica co actualmente coñecido como Maraño ou con algún dos seus afluentes (Bascuas 2014: 260 e ss.). Ambos ríos están documentados na Idade Media –o leonés desde o século X– como *Zeia*, *Ceya*, *Ceia*. Tamén se chaman *Cea* unha aldea e unha parroquia do concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). Esta voz do substrato prerromano é exclusiva do NO da Península, en concreto, do territorio da antiga *Gallaecia*.

6 Segundo os datos do INE, no censo de 1930 recuperou a forma anterior *El Campo* e hoxe chámase *Campo Lugar*.

Malpica, partido de Carballo, se llamará Malpica de Bergantiños (A Coruña).

Recibían o mesmo nome o actual *Malpica de Tajo* (só *Malpica* ata o censo de 1960), en Toledo, e *Malpica de Arba*, en Zaragoza, hoxe pertencente ao municipio de Biote, que tamén adquiriu o complemento co Real Decreto de 1916. En Galicia existe outro lugar con este nome, unha pequena aldea da parroquia de Rocha, en Friol (Lugo) e tamén o encontramos en Portugal (*Malpica de Tejo*, lugar e freguesía de Castelo Branco; *Malpica*, localidade do municipio de Sertã; e tamén *Malpique*, lugares dos concellos de Belmonte, Constância e Montijo). O que parecen ter en común todas estas poboacións é a súa proximidade á auga (xunto ao río Texo ou Tajo e o río Arba; e no caso da vila galega, o mar).

Sobre a súa orixe etimolóxica, e en relación co topónimo toledano *Malpica de Tajo*, propúxose a locución latina *MALE PICTAM ‘mal pintada’, a partir dunha atestación *Malpicta* de 1240⁷, pero é etimoloxía imposible. Tamén se considerou un celtismo que contén a raíz *mel- ‘saír, elevación, curvatura, ribeira’, con valor hidronímico ou oronímico⁸, por citar soamente as hipóteses máis divulgadas.

A partir dos topónimos menores *El Pisón de Malpica* e *La Aceña de Malpique* (Salamanca), e o *río de la Malpica* (Asturias) e a súa relación con muíños –xa que, como as poboacións mencionadas están próximos á auga–, Riesco (2006: 197-199) ve en *Malpica* unha creación humorística referida a muíños que “pican” ou moen mal, pois unha das acepcións do castelán *picar* é ‘cortar ou dividir en anacos moi miúdos’, significado que comparte co galego e co portugués.

A dificultade para establecer unha etimoloxía fiable aumenta pola falta de documentación en relación con estas poboacións. A primeira atestación do topónimo galego que podemos localizar, aínda que o propio concello na súa web menciona un texto do século XIII sobre o que non se achegan máis datos e que descoñecemos, é do século XIV⁹.

Monforte, partido de Monforte, se llamará Monforte de Lemos (Lugo).

Conflúe co nome de catro municipios doutras tantas provincias, aos cales tamén se lles engadiu un “apelido”. Os nomes de polo menos tres deles son denominacións rexias impostas na Baixa Idade Media, seguramente eco dalgunha das localidades francesas chamadas *Monfort*, topónimo derivado do latín MONTEM FORTEM, e

7 Na voz *Malpica* da wikipedia cítase este documento, supostamente dixitalizado no portal PARES, pero non o demos localizado para comprobar o dato.

8 Bascuas (2014: 191) considera para *Malpica de Bergantiños* este último.

9 O nome da vila atopámolo por primeira vez no século XV: *villam nostram* de Malpica, *quam in regno Galecie* (CODOLGA, año 1464); pero no século anterior o topónimo rexístrase xa como segundo elemento dunha cadea onomástica: *Afonso Eanes de Malpica* (TMILG, año 1396).

que designa normalmente lugares elevados, estratéxicos para a construción dunha edificación defensiva.

A primeira das localidades españolas das que se coñece documentación antiga é a turolense *Monforte de Moyuela*: Ramón Berenguer IV, en 1157, outórgalle carta de poboamento a *Monfort* (Baiges 2010: 1658), fortaleza emprazada sobre unha antiga fortificación musulmá.

O *Monforte* galego ten este nome xa en 1204. Antes chamábase O *Pino*, como aínda se lembra nun privilexio dese mesmo ano de Afonso IX, trasladado nun preito do século XVIII, en que se di: *Monasterio de San Vicente de Monforte, que en otro tiempo se llamaba Pino*; e, máis adiante, *en el mismo burgo del Pino*¹⁰. Unha evidencia de que o modelo debeu ser un topónimo francés é que, en Galicia, o latín MONTEM xeralmente non apocopa neste tipo de construcións: *Monteveloso*, *Montefurado*, *Montegrande*, *Montemeao* etc.¹¹

Monforte de la Sierra (de Francia), en Salamanca, é moi probable que fose bautizada tamén por Afonso IX, que dera carta de poboamento (ano 1213) e sinalara os límites (ano 1215) da veciña localidade de Miranda del Castañar, baixo cuxa xurisdición estivo este *Monforte* ata o século XVIII.

Caso á parte é o caso da localidade que pasou a chamarse polo decreto *Monforte de la Rambla*, en Alacante, pois figuraba co nome de *Nompot* no foro que en 1252 Afonso X lle outorga a Alacante e tamén aínda se menciona así en 1328. A partir de 1355 rexístrase xa como *Monfort*, nome seguramente imposto polo infante don Fernando, fillo de Afonso IV de Aragón (Cabezuelo 1992-1993: 244). O aditamento adquirido co Real Decreto de 1916, *de la Rambla*, ao parecer non gustou, pois ese mesmo ano cambiouse a denominación a *Monforte del Cid*¹². O nome oficial da localidade, en catalán, é hoxe *Montfort*.

Salceda, partido de Tuy, se llamará Salceda de Caselas (Pontevedra).

Este fitónimo provén do latín SALICETAM, un derivado abundancial de *salice* ‘salgueiro’. Hai en Galicia tres lugares denominados (A) *Salceda* e dúas parroquias que conteñen a palabra. A variante en masculino, *Salcedo*, é mais frecuente na toponimia de Galicia e do norte de España.

10 PARES: CLERO-SECULAR_REGULAR, L.6385 (imaxe nº 15). O nome de *Monforte* imposto á poboación non frutificou para o mosteiro, que se segue chamando de *San Vicente do Pino*. Aínda está por determinar se *Pino* é unha castellanización de *Piño* (lat. PINUM ‘id’) ou se ten outra orixe.

11 Hai outra única posible excepción: *Monfero*.

12 Wikipedia, s.v. “Monforte del Cid” [consulta: 25/VIII/2016]. Tamén, segundo datos do INE [www.ine.es/intercensal/inicio.do], desde o censo de 1920.

O concello galego (aínda que este non leva artigo) recibiu o aditamento por ser homónimo con *La Salceda*, en Segovia, pero este último municipio desapareceu despois de 1960 ao integrarse en Torre Val de San Pedro.

A primeira documentación que encontramos en relación á localidade galega é do século XIV e figura nunha cadea onomástica: *Estevoo Ffernández de Salzedada*¹³.

Viana, partido de Viana, se llamará Viana del Bollo (Ourense).

O topónimo *Viana*, rexistrado en Galicia como nome de tres lugares e tres parroquias (unha delas é a que lle dá nome ao concello), tamén o encontramos en Portugal (*Viana do Castelo* e *Viana do Alentejo*).

O *Viana* galego adquire o aditamento no Real Decreto de 1916 por confluír con *Viana*, en Navarra. Pola mesma razón, recíbeo *Viana de Duero*, en Soria. O municipio chamado *Viana de Cega*, en Valladolid, xa levaba complemento en 1916 e, polo tanto, distinguíase dos demais. Formuláronse moitas teorías sobre a orixe do topónimo *Viana*. Expoñemos algunhas.

Etimoloxicamente foi explicado como un hidrónimo prerromano formado a partir da raíz indoeuropea *weg^w*- ‘húmido’ (Bascuas 2002: 226-227) e tamén se considerou proveniente do latín *viana* ‘do camiño, xunto ao camiño’. Non obstante, estas propostas etimolóxicas non explican o porqué do mantemento do -N- intervocálico latino nos topónimos galegos e portugueses, en que tería que desaparecer (cf. lat. LUNAM < cast. *luna* / gal. *lúa*; por. *lua*).

Outra hipótese distinta, que *Viana* proveña dun étimo hidronímico tamén prerromano cun sufixo precelta -enna ou un segundo elemento *anna* ‘nai’ (Galmés 2000: 50-51), resolve a existencia de -n- en galego e portugués, pero non explica o resultado nos topónimos españois, que debería ser <ñ> (cf. lat. CANNA < cast. *caña* / gal. y port. *cana*).

Recentemente, Navaza (2016: 135 e ss.) considerou varios dos topónimos *Viana* da península como retonomizaciós rexias, eco da cidade francesa de Vienne (*Viana* en occitano). A *Viana do Bolo* outórgalle o nome de *Viana* Afonso IX, probablemente arredor de 1206, pois ata ese ano non se rexistra na documentación o nome desta poboación. Para *Viana*, en Navarra, apúntase a posibilidade de que a localidade recibise o nome, que sepultaría un anterior, co foral da súa fundación en 1219.

Non se coñecen moitos datos históricos sobre os outros *Viana* de España. A atestación máis antiga de *Viana de Duero* que puidemos localizar no transcurso

13 O documento está subscrito en *Terra de Toronno* (Torroño), antiga xurisdición do sur da provincia de Pontevedra preto da fronteira de Portugal, onde se localiza o concello. (TMILG, año 1310).

deste traballo está datada en 1512 e a localidade figura rexistrada como *Viana, aldea de la villa de Almacán*¹⁴.

Da *Viana* vallisoletana non encontramos información ata 1491, nun documento en que se menciona como *Viana, lugar de la dicha villa* (Valladolid)¹⁵, sen o aditamento actual, *de Cega*, que non obstante xa levaba na época do catastro do Marqués de la Ensenada: *villa de Biana de Zega*.



Figura 2. Concellos que en 1916 compartían nome con outros de Galicia.

2.3. FALSOS HOMÓNIMOS

Os restantes cinco municipios galegos presentan unha falsa homonimia pois, por cuestións gráficas ou morfolóxicas, difiren na súa forma orixinal dos doutras provincias de España pero, pola súa aparente transparencia, foran modificados e adaptados ou traducidos ao castelán.

Acebedo, partido de Celanova, se llamará Acebedo del Río (Ourense).

Recibe o apelativo pola homonimia co concello de *Acebedo*, en León. Aínda que o *Acevedo* galego se integrou no municipio de Celanova en 1968, o “apelido” engadido por este Real Decreto aínda se conserva hoxe no nome da parroquia que lle dera nome ao concello constitucional. Ademais deste, en Galicia hai outros 18 lugares chamados (O) *Acevedo*¹⁶, voz derivada do latín *AQUIFŌLIUM* ‘acevo’, a partir dunha forma grave **ACIFŌLUM*, paralela a **TRIFŌLUM* (latín clásico *TRIFŌLIUM*) > *trevo* (Navaza 2006: 544). A grafía é castelanizante, pois a pesar da neutralización dos sons e, polo tanto, de que a confusión entre estas labiais tamén se dá

14 PARES: REGISTRO DE EJECUTORIAS, CAJA 278,2.

15 PARES: RGS, LEG, 149104, 81. Neste arquivo encóntranse tres documentos máis do século XVI, un de 1521 e dous de 1591 relativos á poboación, segundo a busca nos datos das fichas catalográficas. Nun destes últimos, tamén dixitalizado, a localidade aparece mencionada como *villa de Biana* (REGISTRO DE EJECUTORIAS, CAJA 1692,49).

16 A normativa actual do galego é ortograficamente etimolóxica.

en galego, o topónimo está frecuentemente atestado con <v> e con esta grafía figuraba o nome da parroquia tanto na documentación galega da Idade Media, coma no catastro do Marqués de la Ensenada ou aínda no considerado primeiro Nomenclátor normalizado, o de 1857.




Figura 3. Fragmento do título do caderno de “Respuestas Generales” do catastro do Marqués de la Ensenada da actual parroquia de Acevedo do Río (San Xurxo).

Nogales, partido de Becerreá, se llamará Los Nogales (Lugo).

A coincidencia co nome do concello de Badaxoz, *Nogales*, non é real. A forma do topónimo galego, moi castelanizado nos textos escritos desde época temperá, pero viva na oralidade, é *As Nogais*, con xénero feminino común a outros fitotopónimos que se formaron co sufixo latino -ALEM (cf. *A Bugallal*, *A Rubial*). A pesar de que non encontramos moi documentado o nome de lugar, aínda no século XVI, en textos xa en castelán, podemos dar testemuño da forma autóctona no nome da parroquia.




Figura 4. Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela (AHUS): neste fragmento dun documento de 1547 pódese ler *Santa María Madalena das Nogais*.

Salvatierra, partido de Puenteáreas, se llamará Salvatierra de Miño (Pontevedra).

Na época do Real Decreto de 1916, a forma castelanizada do topónimo galego coincidía con outros dous *Salvatierra*, un en Álava (hoxe oficialmente *Salvatierra/Agurain*) e outro en Zaragoza (hoxe *Salvatierra de Escalada*, e aínda que non oficial, *Obelba* en éuscaro). O topónimo está considerado como baixomedieval e aplicado a localidades de fronteira (Galmés 2000: 59). Seguramente os nomes destas poboacións son froito de retoponimizacións rexias, como os xa comentados *Viana* e *Monforte* e, quizais coma estes, a partir dun modelo francés, o topónimo *Sauveterre*.

Sabemos que o alavés Agurain (ou *Hagurahin*, como se rexistra na Idade Media) foi bautizado co topónimo romance por Afonso X en 1256 (Knörr 2011¹⁷; Salaberri 2015: 55-56) e que *Salvaterra de Esca* recibiu o primeiro nome de Afonso II de Aragón en substitución de *Obelba*, como aínda era tamén coñecido ata o século XVIII (López-Mugartza 2007: 61). O *Salvaterra* galego obtivo probablemente o seu novo nome de Afonso IX (González 1944: 249), sepultando un antigo *Lazoiro*¹⁸.

Villamartín, partido de Valdeorras, se llamará Villamartín de Valdeorras (Ourense).

Da mesma maneira e pola mesma razón que Vilaméa, comentado atrás, o topónimo *Vilamartín* galego mantívose na documentación castelanizado en **Villamartín*, polo que confluía con topónimos semellantes doutras provincias españolas. No Real Decreto de 1916 mantivo o seu nome *Villamartín*, en Cádiz, e os demais adquiriron un aditamento: *Villamartín de Villadiego*, en Burgos (desaparecido do censo de 1970 pois intégrase en Humada), *Villamartín de Campos*, en Palencia, *Villamartín de Don Sancho*, en León. De novo, o apelido era innecesario no noso caso xa que a forma autóctona *Vilamartín* distínguese indubidablemente dos *Villamartín* doutras partes de España. En Galicia hai outras tres localidades chamadas tamén *Vilamartín* (< lat. VILLAM MARTINI), ningunha delas co rango de parroquia; pero é moito máis frecuente e quizais indicio dunha antigüidade meirande, a forma *Martín* (vinte e catro topónimos), creada a partir do xenitivo do nome persoal latino *Martinus*, un derivado de *Mars*, *Martis*, deus da guerra.

Villanueva de los Infantes, partido de Celanova, se llamará Vilanova (Ourense).

O nome da localidade de **Villanueva de los Infantes* foi restaurado por este Real Decreto á súa forma orixinal galega *Vilanova*, aínda que aparentemente perdía o seu “apelido”, pois correspondíase cun antigo *Vylla Noba das Infantes* (Ferro 1967: 140) ou, posteriormente –cando a palabra *infante*, sen flexión de xénero (coma *estudiante* ou *cantante*), a xerou–, tamén *Infantas* (vid. fig. 5)¹⁹. O aditamento facía referencia ao convento fundado no século IX ou X por Ilduara Eiriz, filla de Ero Fernández, conde de Lugo, nai de San Rosendo (Abel 2007: 147-148). Nótese

17 Un resumo deste artigo pode encontrarse en internet no blog do autor, de onde se tomou o dato [Consultado o 28/VIII/2017: <http://nafarhizkuntza.blogspot.com.es/2008/10/en-torno-la-toponimia-de-agurain.html>]

18 CODOLGA: *incauto etiam vobis flumen Minei a Villa de Lazoiro usque ad faucem ipsius Minei* (ano 1125).

19 PARES: CLERO-SECULAR_REGULAR, CAR. 1434, N.14. No rexesto deste documento menciónase coa forma actual Vilanova dos Infantes, pero na ficha catalográfica confúndese con Villanueva de los Infantes de Ciudad Real. A pesar de que a calidade da imaxe digitalizada non é moi boa, obsérvase claramente que no documento figura escrito *das Infantas*.

que a palabra se aplicou ata o século XII ao mozo ou á moza nobre (DDGM, s.v. *infante*).



Figura 5. Arquivo Histórico Nacional (AHN): documento do mosteiro de San Salvador de Celanova do ano 1477 en que se pode ler de *Vila / Noua das Infantas*.

Este municipio constitucional integrouse no ano 1927 no de Celanova e hoxe é unha parroquia do municipio, igual ca *Acevedo do Río*, atrás comentado. Outra vez, se neste Real Decreto se partise da forma propia, *Vilanova das Infantas*, non habería homonimia con *Villanueva de los Infantes*, en Cidade Real.

3. OS ADITAMENTOS E MODIFICACIÓNS

Respecto dos cambios nos nomes dos concellos, no preámbulo do Real Decreto dise literalmente que se busca que

el calificativo que se asigna no sea arbitrario, sino el que la tradición, el uso ó los afectos de cada localidad vienen consagrando, y teniendo también presentes los antecedentes históricos, circunstancias especiales del terreno, etc., y con especial predilección las palabras que expresan nombre de corriente de agua, de la montaña, del territorio, de la particularidad geográfica, en fin, en cuyas cercanías o dentro del cual se halle enclavado el Ayuntamiento o población cuyo nombre propone modificar, habida cuenta del carácter de perpetuidad del accidente que califique y distinga al pueblo de que se trate, á fin de que lleve consigo la casi inmutabilidad de su nueva designación.

A principal característica dos cambios que promove o Real Decreto en relación con Galicia é que converte en compostos os topónimos simples e, para iso, utilízanse varios recursos.

O máis frecuente é o de impoñer como segundo elemento que se suma ao topónimo a denominación da antiga xurisdición ou do partido, o que se aplica en seis ocasións. En catro casos son nomes étnicos xa citados nas fontes clásicas: *Lemos* (< LEMAVOS), a tribo de los *Lemavi*; *Valdeorras* (< *VALLEM DE GIGURRIS), en referencia ao pobo dos *Gigurros*, que Plinio inclúe entre os *Astures Augustani*

(Bascuas 2002: 129); *Bergantiños* (< BRIGANTINOS, en relación con *Brigantium*) e *O Bolo*, asociado por algúns ao *Volobriga* clásico e considerado un hidrónimo prerromano por moitos etimoloxistas (Villar 2014: 149). Noutras dúas ocasións o nome do aditamento ten por orixe o xenitivo dun antropónimo medieval: *Ramirás* (< *RANIMIRANIS) e *Allariz* (< ALIARICI).

Para outros cinco concellos recórrase a unha palabra que expresa, seguindo o texto do Real Decreto, “nombre de corrientes de agua”: *Miño* e *Ulla*, hidrónimos prerromanos de orixe indoeuropea, para os municipios de Salvaterra e Antas, respectivamente; o río *Caselas* (< lat. CASELLAS) do cal descoñecemos se tivo un nome anterior, para Salceda²⁰.

Pero en dous dos casos, máis que nomes de correntes de auga faise alusión a elas: *Oza de los Ríos*, en que *de los ríos* con certeza se refire ao Mandeo e ao Mendo, que bañan o concello; e, finalmente, un aínda máis escuro complemento en *Acebedo del Río*, que se lle aplicou ao noutrora municipio ourensán, hoxe parroquia de Celanova, e que seguramente se refira ao río Tuño que a cruza, afluente do Arnoia e ao que Bascuas (2006: 119 e ss.) lle atribúe tamén orixe prerromana indoeuropea (*TUN-IO, da raíz *ta 'derreterse, fluír').

Máis rechamantes son os aditamentos dos catro concellos restantes pois non responden aos criterios mencionados no texto do decreto.

En *Campo Lameiro* engádeselle ao topónimo antigo, *Campo*, o doutra localidade veciña, *Lameiro*. Descoñecemos as razóns.

Para *As Nogais*, óptase por recuperar e traducir o artigo, adaptándoo á forma xa castelanizada do topónimo: *Los Nogales*.

No caso de *San Cristovo de Cea*, incorpóraselle ao topónimo a advocación da parroquia que lle deu nome ao municipio, pero na súa forma castelanizada *San Cristóbal*.

A denominación escollida para *Vilanova dos Infantes* é en certa maneira sorprendente, posto que se recupera a forma autóctona galega *Vilanova* pero elimínase o seu aditamento, un antigo *das Infantes* ou *Infantas*, que se convertera en *de los Infantes*, por causa da súa castelanización a partir do século XVI.

4. A CASTELANIZACIÓN DA TOPONIMIA GALEGA

O que caracteriza a toponimia “oficial” de Galicia, entendendo por oficial aquela que xorde fundamentalmente no século XIX cun suposto carácter normalizado,

20 Non existe na actualidade no municipio ningunha localidade chamada *Caselas* que puidese dar nome ao río. Quizais se poida identificar cun lugar hoxe desaparecido citado nun documento do século XIII do mosteiro de Oseira, *in loco qui vocatur Caselas, et aliam de Petra* (CODOLGA), pois *A Pedra* é o nome dunha aldea da parroquia de Santa María de Salceda, onde está a capital municipal.

froito das novas divisións provinciais que xera a organización territorial do Estado Liberal, o que a caracteriza, dicimos, é a constante alteración castelanizante dos seus nomes de lugar, da mesma maneira que a sufriu a onomástica persoal, principalmente os apelidos. Como é sabido, estas castelanizacións veñen herdadas da centralización administrativa e o control do Reino de Galicia que impoñen os Reis Católicos desde 1486 e que orixinaron o abandono do galego na documentación escrita, xa xeneralizado despois dos primeiros anos do século XVI. O uso oral foi o que realmente fixo sobrevivir as formas propias.

Para exemplificar este distanciamento entre os nomes autóctonos e os oficiais abonda con indicar que no mencionado nomenclátor de 1857 –o primeiro normalizado, como xa se dixo– o 35,8% dos topónimos correspondentes aos concellos galegos figura alterado (116 de 324).

A grandes trazos, as castelanizacións, en que ás veces conflúen varios fenómenos, pódense resumir en:

Deturpacións gráficas:

Afectan á pronuncia: Boqueijón, Buján, Chandreja, Irijo, Irijoa, Peroja.

Non afectan á pronuncia: Abión, Cobelo, Rivadabia, Rivadumia.

Asentan grafías arcaicas que afectan á pronuncia: Arnoya, Bayona, Conjo, Forcarey, Germade, Geve, Ginzo de Limia, Jove, Lage, Mugía, Monterrey, Neira de Jusá, Palas de Rey, Peroja, Rianjo, Sanjenjo, Sayar, Tuy.

Deturpacións fonéticas e morfolóxicas (principalmente redución de ditongos e castelanización de sufixos):

Barbadanes (Barbadáns), Carballino (Carballiño), Caurel (O Courel), Cebrero (O Cebreiro), Cotovad (Cotovade), Finisterre (Fisterra), Laroco (Larouco), Lorenzana (A Lourenzá), Mellid (Melide), Orense (Ourense), Orol (Ouro), Rubiana (Rubiá), Sandianes (Sandiás), Villarino (Vilariño), Vivero (Viveiro).

Tradución ou pseudotradución de elementos transparentes:

Bollo (O Bolo), Cabañas (Cabanas), Cañiza (A Caniza), Caramiñal y Puebla (A Pobra do Caramiñal), Castro de Rey (Castro de Rei), Creciente (Crecente), Guardia (A Guarda), Junquera de Ambía (Xunqueira de Ambía), Junquera de Espadañedo (Xunqueira de Espadanedo), Lobera (Lobeira), Nogales (As Nogais), Órdenes (Ordes), Otero de Rey (Outeiro de Rei), Porquera (Porqueira), Puebla de Tribes (A Pobra de Trives), Puebla del Brollón (A Pobra do Brollón), Puente-Caldelas (Ponte Caldelas), Puente-Sampayo (Ponte Sampaio), Puenteareas (Ponteareas), Puente deume (Pontedeume), Puente de va (Pontedeva), Puentes de García Rodríguez (As Pontes de García Rodríguez), Puerto del Son (O Porto do Son), Puertomarín (Portomarín), Salvatierra (Salvaterra), San Ciprián de Viñas (San Cibrao das Viñas), San Saturnino (San Sadurniño), Sotomayor

(Soutomaior), Valle del Oro (O Valadouro), Vega (A Veiga), Viana del Bollo (Viana do Bolo), Villagarcía (Vilagarcía), Villajuan (Vilaxoán), Villalba (Vilalba), Villamarín (Vilamarín), Villamartín (Vilamartín), Villameá (Vilameá), Villanueva de Arosa (Vilanova de Arousa), Villanueva de los Infantes (Vilanova dos Infantes), Villaodríz (Vilaodríz), Villar de Barrio (Vilar de Barrio), Villar de Santos (Vilar de Santos), Villardevós (Vilardevós), Villarmayor (Vilarmayor), Vivero (Viveiro).

Tradución, adición ou eliminación do artigo:

Barco, Blancos, Capela, Cebreiro, Corgo, Coruña, Estrada, Golada, Grove, Gudiña, Lama, Laracha, Merca, Mezquita, Parada del Sil (Parada de Sil), Páramo, Pastoriza, Pereiro de Aguiar (O Pereiro de Aguiar), Porriño, Ribas del Sil (Ribas de Sil), Rúa, San Vicente del Pino, Saviñao, Somozas

A alteración dos topónimos autóctonos supuxo problemas á hora de recuperar as formas propias galegas. Comentamos algún caso significativo, a modo de ilustración:

O feito de que o galego non desenvolvese ata época recente un sistema gráfico propio desde a Idade Media, pois deixouse de escribir, orixinou que as grafías medievais palatais comúns a esta lingua e ao castelán <x> y <j, g + e, i> empezasen a empregarse para representar sons moi distintos (o galego mantén o son palatal [ʃ] e o castelán evoluiu a unha fricativa velar [x]). Así, os topónimos galegos *Teyxedo* ou *Junqueyra*, paralelos aos casteláns *Texeda* e *Junquera*, que seguramente soaban de maneira similar ata o século XVI, a partir desa época xa se pronunciaban de maneira diferente nas dúas linguas pero seguiron escribíndose segundo a norma gráfica do castelán (Navaza 2012: 170). Paralelamente, en galego empezou a aspirarse a consoante oclusiva velar –fenómeno coñecido como gheada–, como demostran testemuños como *rejeyro* de 1584 ou *prólojo* en 1697, e isto tamén se representaba cos mesmos grafemas mencionados (Boullón 2012: 152).

Nas palabras e topónimos transparentes non foi difícil resolver cal é a forma autóctona (p. ex. **Lage*, galego estandarizado *Laxe*, da voz común *laxe* ‘pedra grande de superficie lisa’). Pero o asunto complicase cando tratamos certos nomes de lugar de etimoloxía escura, como por exemplo o do concello ourensán rexistrado habitualmente nos nomenclátors coa forma castelanizada **Irijo* e pouco atestado nos textos antigos, que foi discutido polos etimólogos como forma con gheada. Na actualidade normalizouse como *O Irixo*, tal como se conserva na fala local, pois determinouse que a grafía <j> é o resultado dunha consoante palatal antiga (Santamarina 2008: 940 e ss.).

E se para o nome dun concello non é sempre doado encontrar documentación medieval que nos certifique a forma orixinal, todo se complica no caso de localidades máis pequenas, aínda que en ocasións estean mellor documentadas. Sucede isto co nome da parroquia e lugar de Arxís (Taboada, Lu), pois soamente con exemplos medievais en galego (vid. fig. 6)²¹ se puido repoñer a súa forma actual normalizada, dado que nos textos casteláns de Galicia da documentación notarial e nos nomenclátors antigos figuraba con múltiples formas coma *Arguiz* (1649), *Arjiz* (1857) e *Argiz* (1920, 1930...).



Figura 6. Fragmento dun documento do mosteiro de Celanova do ano 1478, en galego, que di: *eu, Fernán d' Argis.*

En canto ás alteracións fonéticas e morfolóxicas, sucede que, en ocasións, a opacidade do nome e a súa notoriedade asentan a forma castellanizada, como sucedeu co nome da cidade e provincia de Ourense (moi castellanizada en **Orense*) ou con *Fisterra* (divulgado coa forma **Finisterre*, a imitación do topónimo francés).

Pola súa transparencia, os topónimos traducidos non ofrecen complexidade á hora de repoñer as formas propias. Destaca quizais a constante alteración do elemento *vila-*, da que única e curiosamente se librou o municipio coruñés de *Vilasantar*, que se mantivo desde o Nomenclátor de 1842²² coa forma autóctona.

Finalmente, os artigos galegos foron ou eliminados ou castellanizados e, en caso de topónimos opacos coma *Agolada* (lat. *AQUAM LATAM* 'auga conducida') ou *O Grove* (< **OCOBRII*), xeraron resultados diverxentes coma **Golada*, **La Golada*, **La Agolada* (documentase das tres formas en textos en castelán dos séculos XIX e XX) ou **El Grove*; esas diverxencias reflíctense na actual forma normalizada destes dous topónimos, xa que o segundo é resultado dunha falsa segmentación do artigo.

A restauración dos nomes dos municipios galegos só se puido levar a cabo nas últimas décadas do século pasado e en dúas fases:

21 PARES: CLERO-SECULAR_REGULAR, CAR. 1076, N.9 (vid. Fig. 6). Tamén en 1473 *Ares d' Argiis* e en 1497 *Basco d' Argiz* (CODOLGA).

22 <http://www.ine.es/intercensal/inicio.do>

- En 1984, coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG 5/X/1984) do *Decreto polo que se determinan nomes oficiais de concellos de Galicia nos que existen notaría*s.
- En 1985 (DOG 5/II/1985) cando se publica o *Decreto polo que se determinan os nomes oficiais dos concellos de Galicia que se relacionan*.

Estes cambios recolléronse nos Nomenclátors Generales de España desde 1991. Non obstante, significativamente non foi ata 1998 (BOE 54 do 3/IV/1998) en que os nomes das provincias Ourense e A Coruña recuperaron a súa forma propia, que ata daquela se mantiña oficialmente castellanizada, polo que, durante uns anos, produciuse a disparidade entre o nome das provincias e as súas capitais.

En 2003, co *Nomenclátor de Galicia*, restitúese finalmente a forma propia e normalizada de todas as entidades de poboación. Actualmente a Sección de Onomástica da Real Academia Galega, por encargo legal da Xunta de Galicia, está revisando este *Nomenclátor* para emendar algúns erros detectados e incluír localidades omitidas por erro e outras de creación recente.

Entre 1916 e a actualidade, desapareceron en Galicia nove concellos, houbo algúns cambios de denominación –xurdidos fundamentalmente do cambio de capitalidade– e producíronse dúas fusións recentes²³.

A nomenclatura oficial dos municipios galegos forxouse afastada da realidade lingüística do territorio. Vimos nestas páxinas e a partir dun acto administrativo concreto, que modificou a denominación duns poucos municipios, como este feito afectou a toponimia de Galicia, que soamente se puido recuperar na súa forma propia en épocas recentes.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abel Vilela, Adolfo de (2007): “Lugo na vida de San Rosendo: semblanza do bispo-abade santo”, *Lucensia* 34, 139-148.
- Baiges, Ignasi J. [et al.] (dirs.) (2010): *Els pergamins de l'Arxiu Comtal de Barcelona, de Ramon Berenguer II a Ramon Berenguer IV*. Barcelona: Fundació Noguera.
- Baliñas Pérez, Carlos (1998). *Gallegos del año mil*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Bascuas, Edelmiro (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Verba. Anuario galego de Filoloxía. Anexo 51. Santiago de Compostela: Universidade.

23 Oza-Cesuras en 2013 e Cerdedo-Cotobade en 2016. Para unha relación pormenorizada da historia dos cambios na denominación das poboacións de Galicia e de España, vid. MAP 2008.

- (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2012): “A gheada na onomástica (achegas á estandarización)”, *Estudos de Linguística Galega* 4, 151-168. [Publicación electrónica: <http://www.usc.es/revistas/index.php/elg/article/view/408>].
- (2017): “O artificio das etimoloxías: elementos constitutivos da toponimia galega”, en *IV Congreso Internacional de Linguística Histórica, 17-21 de julho 2017*. Lisboa: Faculdade de Letras da Universidade. Conferencia plenaria.
- Cabeza Quiles, Fernando (2003): *Galegos en las Alpujarras granadinas*. Noia: Toxosoutos.
- Cabezuelo Pliego, José Vicente. (1992-1993): “Un caso fallido de segregación en el medio Vinalopó a mediados del siglo XIV: la aldea de Nompot”, *Anales de la Universidad de Alicante. Historia Medieval* 9, 241-256.
- Carlsson-Brandt, Erik (2011): “El poblamiento rural en la Galicia Romana. Un ejemplo: las villae. Metodología y Problemática en su estudio”, *Estrat Crític: Revista d'Arqueologia* 5, 1, 156-167.
- CODOLGA = López Pereira, José Eduardo (dir.) (2010): *Corpus Documentale Latini Gallaecia*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://corpus.cirp.es/codolga/>).
- DCECH = Corominas, Joan e José A. Pascual (1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- DDGM = González Seoane, Ernesto (dir.) (2006): *Diccionario de diccionarios do galego medieval*. Verba. Anuario galego de Filoloxía. Anexo 57. Santiago de Compostela: Universidade. [Disponible en: <http://sli.uvigo.es/DDGM/>]
- Ferro Couselo, Xesús (ed.) (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia.
- Galmés de Fuentes, Álvaro (2000): *Los topónimos: sus blasones y trofeos (La toponimia mítica)*. Madrid: Real Academia de la Historia.
- García Pazos, Fernando (ed.) (2009): *A parroquia en Galicia. Presente, pasado e futuro*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia.
- González, Julio (1944): *Alfonso IX*. 2 vols. Madrid: Instituto Jerónimo Zurita.
- Knörr, Henrike (2011): “En torno a la toponimia de Agurain”, en *Agurain 1256-2006: Salvatierra hiribilduaren sorreraren 750. urteurrena kongresua = congreso 750 aniversario de la fundación de la villa de Salvatierra*. Salvatierra-Agurain: Ayuntamiento, 447-453.

- López Mira, Álvaro Xosé (2009): “A parroquia galega no contexto da multilevel governance”, en García 2009: 309-316.
- López-Mugartza Iriarte, Juan Karlos (2007): “Sobre Salvatierra de Esca, Aragón y el euskera”, *Huarte de San Juan. Filología y Didáctica de la Lengua* 9, 55-78.
- MAP = Ministerio de Administraciones Públicas. Secretaría General Técnica (2008): *Variaciones de los municipios de España desde 1848*. Madrid: Ministerio de Administraciones Públicas. [Disponible en: http://bergondo.es/uploads/media/Var_municip_desde_1842_01.pdf].
- Míguez Macho, Luis (2013): “Galicia y la reforma de la Administración local” en *Dereito. Revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela* 22, 319-336.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2012): “A grafía do fonema prepalatal fricativo xordo en topónimos e apelidos galegos”, *Estudos de Linguística Galega* 4, 169-185. [Disponible en: <http://www.usc.es/revistas/index.php/elg/article/view/409>].
- (2016): “A orixe literaria do nome da Coruña”, *Revista Galega de Filoloxía* 17, 119-164.
- PARES = *Portal de Archivos Españoles* (<http://pares.mcu.es>).
- Portela Silva, Ermelindo e María del Carmen Pallarés Méndez (1998): “La villa por dentro. Testimonios galaicos de los siglos X y XI”, *Studia Historica. Historia Medieval* 16, 13-43. [Disponible en: http://revistas.usal.es/index.php/Studia_H_Historia_Medieval/].
- REAL ACADEMIA DE LA HISTORIA (1787): *Estado General de la Población de España en el año de 1787*. [Material cartográfico] / [conde de Floridablanca]. Copia digital en la Biblioteca Virtual del Patrimonio Bibliográfico. Ministerio de Cultura: <http://bvpb.mcu.es/es/consulta/registro.cmd?id=423043>].
- Riesco Chueca, Pascual (2006): “Anotaciones toponímicas salmantinas”, *Salamanca. Revista de Estudios* 53, 185-264.
- Río Barja, Francisco Xavier (1990): *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*. A Coruña: Consello da Cultura Galega.
- Saavedra Vázquez, María del Carmen (1999): “Galicia al servicio de la política imperial: levas y armadas en el transcurso del siglo XVI”, en *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades* 11, 115-134.
- (2005): “Isabel I y Galicia: la pacificación del reino y su contribución a la política monárquica”, en María Isabel López Cordón e Gloria Franco Rubido (coords.), *La reina Isabel I y las reinas de España: realidad, modelos e imagen historiográfica. Actas de la VIII Reunión Científica de la Fundación Española de Historia Moderna (Madrid, 2-4 de Junio de 2004)*. Vol.1. Madrid: Fundación Española de Historia Moderna, 257-272.

- Salaberri Zaratiegi, Patxi (2015): *Araba/Álava. Los nombres de nuestros pueblos*. Araba: Euskaltzaindia.
- Santamarina, Antón (2008): “A pegada relixiosa na toponimia galega. 1. Edificios relixiosos”, en Xosé Luis Axeitos Agrelo, Emilio Grandío Seoane e Ramón Villares Paz (eds.), *A patria enteira: homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 935-949.
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg>).
- Villar, Francisco (2000): *Indoeuropeos y no indoeuropeos en la Hispania prerromana. Las poblaciones y las lenguas prerromanas de Andalucía, Cataluña y Aragón según la información que nos proporciona la toponimia*. Salamanca: Ediciones de la Universidad.
- (2014): *Indoeuropeos, iberos, vascos y sus parientes. Estratigrafía y cronología de las poblaciones prehistóricas*. Salamanca: Ediciones de la Universidad.

IV

Recensións

CERVANTES E O QUIXOTE. A INVENCIÓN DO HUMORISMO.
POR SIRO LÓPEZ LORENZO (2016) /
Xesús Ferro Ruibal



CERVANTES E O QUIXOTE. A INVENCIÓN DO HUMORISMO¹

Xesús Ferro Ruibal

Sempre é agradable volver ó *Quixote*, que lin por primeira e segunda vez entre 1972 e 1973. Entre a primeira e a segunda lectura mirei o *Quixote* no espello do que comentaban Moreno Báez, Unamuno, Américo Castro e as notas da edición de Martín de Riquer. Esta lectura do *Quixote*, dalgún xeito estereofónica, fíxome velo como un libro baúl que di case tanto nas liñas coma entre as liñas. Case coma unha biblia; como unha radiografía da forma hispana de ser; como unha parábola do necesario entendemento entre cristiáns vellos coma Sancho e cristiáns novos coma D. Quixote, entre as dúas ou tres maneiras que sempre houbo de ser español. Naquel 73, coa lingua galega xa nunhas poucas aulas pero con Franco aínda no poder, aquela amizade entre un *cristián novo* e un *cristián vello con dos dedos de enxundia* parecíame metáfora de estimulante actualidade.

Co tempo lin o ensaio de Celestino Fernández de la Vega e percibín que aínda había outra lectura posible: a galega. E agora chega Siro con máis de 400 páxinas desenvolvendo esa liña hermenéutica galega: o humor é a máscara dun proxecto humanístico de reconstrución social.

Sempre é agradable volver ó *Quixote*. E, se é da man dun experto, o repaso é tamén sorprendente. Des que oín campás de que Siro rondaba a Don Quixote, tiven a certeza de que Galicia ía redondea-las homenaxes que varias veces encetou.

Siro é unha persoa que vén dun mundo moi distante da filoloxía. Profesionalmente formouse na famosa escola de delineantes da Bazán, aqueles que cando entraba un buque para reparar tiñan que, a partir do anaco que quedaba dunha peza rota do motor, face-los planos da peza completa para podela fabricar de xeito que o motor volvесе funcionar perfectamente e o buque puidese volver ós mares do mundo coma o primeiro día. A Bazán en Ferrol era, case a tódolos efectos, unha Facultade Universitaria.

Siro é un home que estudou moi a fondo o espírito e a técnica da caricatura en Castelao e en Gulbrasson, a súa fonte, (*Grial* 63 (1979): 21-55 e *Grial* 77 (1982): 356-362) e dende aquela xa mestre nesa arte, lévanos iluminado a moitos coa súa

1 López Lorenzo, Siro (2016): *Cervantes e o Quixote. A invención do humorismo*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXVI. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. 465 páxs. ISBN 978-84-453-5239-7. Prólogo de Ramón López Vázquez.

narración máxica da vida pública e dos personaxes públicos. A longa práctica do humor gráfico con compromiso ético e tamén a práctica da caricatura que retrata a alma máis có corpo levárono a ser tamén un luminoso analista destes xéneros de hixiene da opinión pública. Ademais iniciou varios xéneros na comunicación en galego.

Este explorador (teórico e práctico) do fenómeno do humorismo, leva algúns anos sendo un lector constante do *Quixote*. Por vir de fóra do circuíto da crítica textual, le o *Quixote* coa inocencia inicial do lector “de ciencias”. Pero a súa lectura acaba sendo viva e apaixonada coma en nós, os “de letras”.

UN TÍTULO DESCONCERTANTE: INVENTA-LO HUMORISMO

Recoñezo que no primeiro momento pareceume desafiante o subtítulo deste ensaio. Como que Cervantes inventou o humorismo? Pero que fai, logo, o profeta Daniel sorrindo no Pórtico da Gloria, entre Isafas e Xeremías, e pechando así un milenio de seriedade relixiosa? Que era, logo, dous mil anos atrás, o sorriso do Neno da *Égloga IV* de Virxilio que ía abri-la Idade de Ouro e que con aquel sorriso dicíalle á nai que xa a identificaba como fonte de afecto?

Que facían, logo, os atenienses congregándose nos teatros para riren coas comedias de Aristófanes, que, coma no *Intermedio* do Wyoming, dábanlles un repaso á tódolos personaxes públicos aproveitando a liberdade do tempo de Pericles? Que facían, xa en tempos de menos liberdade, os que en Grecia asistían as autocensuradas comedias de Menandro ou en Roma ás imitacións realizadas por Plauto e Terencio?

Qué é, logo, ese *sorriso toscano* que xa tiña a Gioconda de Leonardo e que aínda se pode ver hoxe nunha estación de tren en Firenze, Pisa ou Siena pero que, nesa mesma rexión, xa tiñan as esculturas funerarias etruscas dos tempos da fundación de Roma?

Que era, logo, o risoño, alegre e transparente Demócrito, antítese do triste e escuro Heráclito? Non ventilaban xa os gregos, nesta antítese, se a alegría é insensata ou se a verdadeira lucidez ten que ser necesariamente sombriza?

Que é, logo, na Biblia, a risa de Abrahán e de Sara (*Xénese* 17 e 18) cando Iavé lles promete que a nonaxenaria Sara terá un fillo do que nacerán pobos e reis e, por iso, cando nace, pónenlle de nome *Isaac* (que quere dicir “Deus ha de sorrir”): na Biblia *sâkhaq* era a risa alegre, boa e honesta (de onde deriva o nome de *Isaac*) e *lâag* era a risa burlona, denigrante, mala.

Os deuses gregos xa sorrían, quizais con tenrura, no século VI a. C. cando na fábula 364 de Esopo para un concurso de beleza unha mona presenta o seu moniño. E na época homérica a *risa inextinguible* parecía a ocupación dominante dos deuses do Olimpo: Homero compara a risa na cara co brillo dun metal. E

nótese que os gregos tamén distinguían entre a risa boa (*geláo* “eu río, brillo de alegría”) e a risa mala (*katageláo* “eu fago a risa de algo/alguén”). Na *Ilíada* o único deus olímpico que traballaba, Hefesto, era coxo e as súas obras producían admiración e os seus feitos unha *risa inextinguible* (*Ilíada* 1,599).

Homero dicía que os deuses rin e Voltaire diría que o home é o único animal que chora e ri. Eu non sei se algúns animais rin de certo pero probablemente neste planeta hai sorrisos verdadeiros, polo menos, des que hai seres humanos. Así que a nosa risa é o que máis nos achega ós deuses e nos arreda do resto dos seres vivos. O humor é humano. E o que nos distingue dos deuses é que a morte agarda por nós: esa é a gran diferenza; a que nos fai ver que non somos deuses.

Por iso me desconcertou a vinculación da aparición do humor coa aparición do *Quixote* de Cervantes. Como tan tarde?

RIR É ACCIÓN INSENSATA?

Pero Siro ten razón nunha cousa. Os eclesiásticos durante séculos proscribiron a risa, como un tipo de incontinencia, como algo que afasta da oración, da meditación e do contacto con Deus. Eu aínda non sei ben se proscribían a risa ou a gargallada estrepitosa. Os eremitas, vivindo solitarios, dende logo, non tiñan ningunha ocasión de rir na súa vida. Pero é certo que nos mosteiros de vida en común e nos seminarios non toda risa era ben vista. San Bieito na *Regula* (que dende 540 ata hoxe moldeu todo o monaquismo europeo) prescribe “Non falar palabras vas ou que provoquen risa. Fuxir da risa excesiva ou destemperada” (4,53-54). E aínda é máis explícito: “Condenamos a unha eterna clausura en todo lugar as bromas, palabras ociosas e todo o que faga rir; e non permitimos que o discípulo abra a súa boca para tales expresións” (6,8). Entre os doce graos de humildade o 7º consiste en que un “non sexa de risa fácil, porque está escrito: «Na risa ergue a súa voz o ignorante»”. E o 11º manda que “O frade, cando fale, fágao con dozura e sen rir, con humildade e gravidade, dicindo poucas e asisadas palabras; e sen ergue-la voz, que está escrito: «O sabio recoñécese por falar pouco»” (7,10-11).

Lembro que, aínda hai cincuenta anos, no seminario valoraban moito a seriedade. Dunha vez estábannos dicindo que no evanxeo nunca se di que Xesús rise e un compañeiro rosmou polo baixo, “tampouco se di que cortase as uñas nin que limpase os mocos”. Pero quen nos falaba insistía en que as únicas risas do evanxeo eran as de escarnio a Xesús na cruz e algunha outra polo estilo. E nas clases de Patrística podíamos ler como Tertuliano criticaba a comedia; ou como Ambrosio consideraba a risa fóra de lugar en case tódalas circunstancias; ou como Basilio dicía que o que un bo cristián debe meditar son as miserias do mundo e iso non é cousa de risa; ou como Agostiño que, mentres estamos neste mundo, non é tempo de rir, se non queremos chorar despois. Pero todo isto debe

lerse con sentidíño. Clemente de Alexandría di que, se puidese, mandarían ó exilio os cómicos que provocaban con risas groseiras pero non os que tiñan un humor inocente; e Xerome distinguía entre a risa chocalleira dun borracho e a do mestre que busca provoca-la atención dos alumnos.

Algúns dicían que o monxe perfecto é *is qui luget* “o que chora (os seus pecados)”. San Bieito na dita *Regula* di que a risa rompe o silencio e por iso xa indica falta de humildade. “As chocalladas, as palabras ociosas e as que provocan risa, condenámolas en todo lugar a reclusión perpetua e non permitimos que o discípulo abra a boca para ese tipo de expresións” (6,7). Todo esta extrapolación do “Benaventurados os que choran, porque serán consolados” (Mt 5,5) debe situarse na súa natural proporción.

O que si pode ser certo é que a risa de Rabelais en *Gargantua e Pantagruel* ten unha función desacralizante e revolucionaria. Umberto Eco na súa novela *O nome da rosa* centra parte da trama de mortes misteriosas no veneno que había nas páxinas dunha copia do *Tratado da risa* de Aristóteles e que se levaba á boca ó pasar esas páxinas.

A risa sonora era inoportuna e un chegaba a confesarse de que lle pegara a risa nun acto litúrxico ante algo inesperado. Pero a risa exorciza o medo e alivia a tensión existencial. É unha terapia contra a anguria e a dor. E eu non lembro os doce anos de seminario como un tempo triste e sen risas. Hai gárgolas moi cómicas recollendo a auga dos tellados de igrexas e mosteiros.

Recoñezo que empecei a lectura deste ensaio con prevención. De feito, o primeiro comentario que lle fixen a Siro foi que me parecía excesiva a palabra *invención* do subtítulo. Pero, como direi despois, proseguindo a lectura acabei decatándome de que Siro, sen ser latinista, non falaba da fabricación *ex nihilo* dunha cousa totalmente descoñecida (o humor) senón da *inventio* latina, é dicir, do encontro persoal con algo que xa estaba alí; cun recurso de vida espiritual que, coma se fora un vexetal destinado á alimentación, cómpre coñecer e cultivar.

HUMOR, IRONÍA E COMICIDADE

Como a palabra *invención* me desconcertaba no título e como o prólogo é sempre o último que leo², a resposta ó meu desconcerto empecei a recibila nas páxinas en que Siro, experto en humorismo, sabe do que fala e o provocador subtítulo deste longo ensaio non era ese *montes parturiunt* que prohibía Horacio: el, coma os mellores escolásticos, empeza por establecer unha nomenclatura que deslinda

2 Despois vin que o filósofo Ramón López Vázquez no prólogo xa marcaba unha pauta (“Cómo hai que ler o ensaio de Siro López?”) na páxina 17.

con precisión *comicidade*, *sátira* e *humor*. As tres poden facer rir pero son diferentes na intención, no proceso e no resultado. Aí é onde eu empecei a entrar no libro.

A *comicidade* busca a risa como fin (49); busca divertir; busca e produce a risa. A broma consegue a risa coa inclusión paradoxal e inesperada nun concepto de algo que non lle corresponde (46). O humor, descolocación inesperada e enxeñosa, aínda que sexa unha broma inocente, produce a gargallada.

A *sátira* busca a risa como arma; a risa neste caso expresa ironía, agresividade e mesmo escarnio. Esta broma xa non é inocente; é agresiva, porque ridiculiza para destruír (50). A sátira é unha broma que produce unha vítima: é nociva.

O *humor* busca comprender (68); busca un sorriso de tenrura. O humor é solidario e busca solidarizarse coa vítima³. Paradigmas modernos o *Conto* de Chéjov que Siro recupera (53-54) ou boa parte da produción cinematográfica de Charlot e de Cantinflas. O humor produce un rescate; é unha broma terapéutica. No humor o compromiso ético é esencial.

	ACTITUDE ANTE A VIDA	BUSCA	RESULTADO
Comicidade	Simple espectador da sociedade, presenta o que ten de leda e divertida	diversión e risa do espectador, presentándolle situacións cómicas, alardes de enxeño	diverte, distrae
Sátira	Combate a inxustiza coa burla	diversión do espectador, mais non como un fin en si mesmo senón para utiliza-la risa	destruír alguén ou algo ⁴
Humor	Mira a vida dende o sentimento e diríxese á intelixencia e sensibilidade do outro para	supera-la adversidade cun sorriso comprensivo	humorismo benévolo
		evita-la desesperación cun sorriso acedo	humorismo sarcástico (47)

E, agora que o penso, se na Biblia distinguían entre a risa cómica e a denigrante (*sâkhaq* e *lâag*) e os gregos tamén distinguían (*geláo* e *katageláo*), o que faltaba era precisamente a risa construtiva, a humorística. Así que esa pode se-la xenial intuición de Cervantes. Pode ter razón Siro que recoñece que

No humorismo é todo máis sutil, máis suxeito á matización e, desde logo, resulta máis doado entendelo que explicalo. Aínda así o máis difícil é definilo (50).

3 “Nin o Quixote é unha sátira, nin o humor de Cervantes é bufo, nin inmisericorde” (96).
4 “El sarcasmo suele estar cosido con el hilo de la desesperanza y el pesimismo. En el sarcasmo asoma además, como punta de un iceberg, un pequeño fracaso. Ríe por no llorar.” (A. Trapiello 47). “La risa del sarcasmo es amarga y sale entre los dientes apretados” (W. F. Flórez 47).

Esta terceira categoría, a risa humorística, elaborárona en Galicia pensadores galegos. Ortega y Gasset non chegou a percibila (50 n. 59) pero o autor do prólogo, filósofo galego, engade unha observación importante: o primeiro que probou esta medicina do humor terapéutico foi Cervantes; e probouna precisamente escribindo o *Quixote* (18).



Siro, que leva toda a vida traballando o humor gráfico, matiza moito aquilo que ten ben meditado. O humor é un esforzo por evita-la traxedia (69). O humor é ternura. O humor é unha terapia maternal cando o meniño cae e, se Europa tivese nais escritoras, igual o humor aparecía antes de Cervantes. O humor é optimismo ou, polo menos, esperanza. O pesimismo é antihumorista (46) e da desesperanza e do pesimismo só pode saí-lo sarcasmo (47). Isto explica que un escritor como Fernández Florez cambiase de obxectivo: vendo a inutilidade da crítica seria (sátira), pasou a cultiva-lo humor (64). Coma naquela viñeta de Castelao de catro músicos nun portal, que polo tamaño debe ser dun edificio público, no que

dentro todo é tebra e a pouca luz que hai entra de fóra, e que ten este pé: “Xa que non se pode falar, tocaremos...”. Algo disto é a esencia do *Quixote*.

O humor, como lle dixo a Siro Álvaro Paradela, aquel médico sabio de Narón, “é o sal que adoza a acedume da vida” (48).

O propio Siro, citando a Schelling (343), recoñece que nin o *Quixote* é só unha sátira da loucura nin as comedias de Aristófanes eran só unha sátira da sociedade de Pericles.

Invención (*inventio* en latín) non é sacar algo da nada: é encontro con algo que xa estaba aí; é descuberta; é tamén aplicación sistemática. Isto é o que Siro afirma que se produce no *Quixote*.

UN REPASO EXHAUSTIVO A UN TEMA UNIVERSAL

Siro enriqueceu a súa longa meditación sobre o *Quixote* coa lectura contrastiva dunha bibliografía selecta que tamén somete a análise: deste xeito as 400 páxinas deste texto de Siro, fan deste libro non só unha radical actualización da bibliografía cervantina, senón tamén unha radical revisión do concepto de humor.

O título, como queda dito, enlaza Cervantes e o humorismo. Baixo ese subtítulo provocador (a invención do humorismo), desenvólvense doce capítulos: Sobre as formas do humor (1). Cervantes como home (2). Cervantes ante a crise do Estado e a Contrarreforma (3). Cervantes e o humanismo (4). O humor en Erasmo e en Cervantes (5). Humor e humanismo no *Quixote* (6). Humorismo como forma de expresión (7). Humor no *Lazarillo* e no *Quixote* (8). Cervantes e Avellaneda: humorismo fronte a sátira (9). Humorismo e caricatura (10). Auto-caricatura humorística de Cervantes (11). Nabokov, Cervantes e o *Quixote* (12).

Os capítulos III, IV e V e, sobre todo, o VI son centrais para entende-la vinculación do humorismo cervantino como unha forma de humanismo. Os capítulos VII, VIII e IX contrastan o tipo de humor de Cervantes co doutros escritores (maiormente co autor do *Lazarillo* e con Avellaneda).

Verdadeiramente Siro non só comenta o *Quixote* senón que comenta a bibliografía máis sobranceira que provocou. Poucos analistas lle quedaron atrás, se lle quedou algún. Polo tanto, este libro é unha actualización da hermenéutica cervantina.

Pero para os lectores non galegos que ha de ter, debo engadir que Siro dedicou a parte máis creativa dos seus setenta e catro anos á análise da actualidade en clave de humor e nunha linguaxe gráfica tan esixente coma a que vén do noruegués Gulbransson (trazo rápido, mínimo de tinta, máximo de información). Calquera analista sabe que quen chega de fóra (neste caso á análise literaria) percibe olores e temperaturas que os de dentro non perciben. E se el di que o humorismo é a clave da obra literaria de Cervantes, é que esa clave é importante.

Así que os doce capítulos deste libro son resultado de toda unha vida de meditación dun profesional paralelo a Cervantes. Doce olladas moi persoais, expostas nunha prosa didáctica e transparente, pero tamén documentada e contrastiva. Non é a mirada enciclopédica de Martín de Riquer, que saca á luz a importancia das cousas máis miúdas (a importancia do que algúns consideran superficial) pero é unha mirada intensa que se concentra no que considera o epicentro, a intención literaria e social de Cervantes.

Para min este libro de Siro é a análise máis intensa da obra cervantina feita por galegos, aínda contando cos traballos previos de Fernández Flórez, Madañaga, Montero Díaz, Celestino Fernández de la Vega, Pensado Tomé, Torrente Ballester e, por suposto, coa do sevillano Moreno Báez que dende 1954 aprendeu

en Compostela a le-lo *Quixote* a xeracións de estudantes de filoloxía. Este libro de Siro chega para quedar á par dos comentarios imprescindibles do *Quixote*.

Pero, por que o humor está no centro da estratexia literaria do *Quixote*?

HUMOR E HUMANISMO HUMORISMO COMO FORMA DE EXPRESIÓN

Máis de duascenas páxinas dedica o autor a analizar estes temas no *Quixote* e a compara-la maneira cervantista de trata-los asuntos coa do *Lazarillo de Tormes* e do *Quixote* de Avellaneda. Nestes capítulos contrastivos é onde se desenvolven os principios hermenéuticos que Siro sentou no capítulo I.

HUMORISMO COMO ESTRATEXIA E COMO TERAPIA DE AMPLO ESPECTRO

O humorismo, como xénero literario, é en Cervantes fillo (ou fillo tamén) do desengano, do fracaso e de ver na sociedade incapacidade de reacción. E a iso dedica Siro un documentado capítulo III (“Cervantes ante a crise de Estado e a Contrarreforma”) no que repasa o momento económico, político, militar e relixioso da España da Contrarreforma e da Inquisición, que lle tocou vivir a Cervantes, e suxire que a parodia dunha novela cabaleiresca é unha imposición do trágico encadeamento de circunstancias adversas a nivel global; e que o uso que fai do humorismo, como xénero, revela unha independencia arriscada. E presenta textos inequívocos de Nebrija e Juan Luís Vives. Lembremos que o *Quixote* nace para hixiene da vida pública, naquel período, entre 1560 y 1714, no que volve ser intensa a actividade do Santo Oficio centrada en cortar de raíz calquera desviación das directrices da Contrarreforma.

Siro escribe:

Como humanista cristián [a Cervantes] doíanlle a discriminación por limpeza de sangue, o rexurdimento da escravitude, as mulleres sometidas, os nenos abandonados, os relixiosos ignorantes e corruptos, a pesar das medidas de Trento. Cervantes discrepaba do catolicismo a ultranza que vía o mundo como unha trampa, e o proxecto humano como un fracaso; que animaba a non saber porque o exercicio da razón é propio de ateos e de réprobos; que fixera do intelectual unha figura risible. A súa frustración e a súa melancolía compartíronas os máis dos escritores, e a literatura respondeu dando os froitos máis valiosos na creación do imaxinario e do simbólico. Foi o triunfo da evasión, da metáfora e do humor negro nun novo xénero: a novela picaresca. Foi tamén a presentación inadvertida do humorismo, a forma máis requintada do humor,

que agromou con Cervantes e que tardou trescentos anos en volver a aparecer en España (145).

E conclúe cunhas palabras do propio Cervantes: “Contra el uso de los tiempos no hay de qué argüir ni de qué hacer consecuencias” (DQ.:1,49).

UNHA FE SINCERA E INDEPENDENTE E UNHA LINGUA POPULAR

Cervantes vive no país e na época que lle tocou vivir e non pode escribir coa liberdade que no seu tempo e país tivo Erasmo (1466-1536) senón coa cautela dun tempo e país no que había Inquisición (226). Aínda que, se hai que dicir toda a verdade, Erasmo tampouco tivo sempre ventos portantes: tamén o asediaron censuras de varia procedencia; e por iso Erasmo é un dos grandes referentes para Cervantes, non só por manter unha fe adulta e independente fronte as tempestades do leste e do sur senón tamén por ser quen soubo buscar verdades na fraseoloxía popular. Coido que isto condicionou a estilística do *Quixote*. Siro dedica o capítulo V á influencia de Erasmo, que tamén se estende ó humor.

HUMORISMO COMO TERAPIA DE AMPLO ESPECTRO

Poucos escritores hai no mundo que conseguisen entrar, coma Cervantes, no dicionario dunha lingua, coller unha palabra, neste caso a palabra galega *quixote* (viva aínda no galego de Hermisende co significado de “pé”), retorcela ata que signifique *cabaleiro andante*, é poñela a dicir, “home idealista que actúa desinteresadamente en defensa de causas que considera xustas e que xeralmente son empresas superiores ás súas forzas”; e finalmente convertela en arquetipo universal (*Don Quijote*, *quijotismo*, *quijotesco*), palabras que acabaron entrando no dicionario doutras linguas (francés, inglés, italiano, portugués...: *donquixotte*, *quixotic*, *donchisciotte*). Cervantes escribiu un libro universal, que está traducido a unhas 200 linguas e permítome lembrar aquí a emocionante visita á colección que hai en El Toboso. O *Quixote* é o libro que 100 escritores de 54 países, convocados no 2002 para escolleren as mellores obras literarias da historia, colocaron como “a mellor obra de ficción de tódolos tempos”. Cervantes morreu en 1616 sen coñecer este éxito pero sabía ben que o que nos entregara estaba traballado abondo.

No Cuarto Centenario do *Quixote* o tema do humor é o tal tema para Siro, non só porque resume moitos anos de lecturas e meditacións especializadas, senón tamén porque Siro é humorista gráfico, persoa que sabe encontra-lo lado máis significativo das persoas e dos feitos e expresalo cun trazo mínimo de tinta pero máximo de significado. Siro non é un lector calquera. Moitos galegos son como Siro os debuxou. Hai anos alguén, par de min, vendo vir a Fraga Iribarne,

sorprendeuse de que non trouxese a gaita que Siro lle poñía sempre na man, non sei se como batuta ou arma. A experiencia case diaria do humor gráfico, que ten Siro, non só fixo del un mestre na análise e interpretación da vida pública de cada día, senón que suma moitos anos de práctica case profesional como notario da vida galega en clave de humor. Se a iso lle sumamos que Siro introduciu no galego o xénero do humor radiofónico con personaxes públicos (*Corre, Carmela, que chove*), resulta evidente que Siro sabe en que consiste o humor. E se Siro, tras moita lectura e meditación (124 referencias bibliográficas), detecta que o humor é esencial no *Quixote*, resulta que esta súa interpretación deberán poñela os especialistas a carón das anteriores de Clemencín, de Bowle, de Unamuno, de Ortega, de Américo Castro ou de Martín de Riquer.

HUMORISMO E CARICATURA

Non son moitas as persoas en España que poidan abordar este tema co respaldo de experiencia profesional que no tema ten Siro. Este capítulo ten na súa brevidade comparativa a condensación exclusiva dos expertos, que saben encontra-lo momento en que a caricatura nace, explicarnos tamén por que nace pero tamén por que a caricatura seguiu viva e medrando mentres o humorismo literario non puido manter unha demanda⁵.

AUTOCARICATURA DE CERVANTES

Capítulo breve, porque non chega a catro páxinas (425-428), pero moi valioso, por ser autocaricatura. Siro detectou os trazos no texto do *Quixote* e armou o crebacabezas, con trazo firme coma sempre: non utilizou máis tinta que a que Cervantes gastara en deixar as súas reflexións máis íntimas. O mérito está en detectalas e sabelas ponderar para construí-lo perfil espiritual do autor, animal risible e chorable. Elas dinnos moi ben quen era e que pensaba Cervantes e por que era e aínda é un dos xenios da humanidade. Autocaricatura máis valiosa que elucubracións de terceiros. Maxistral.

5 “O *Quixote* é un libro de humor, un humor descoñecido na época e que non terá continuadores durante os dous séculos seguintes; o humor do primeiro dos humoristas benévolos ou sentimentais; o humor dun humanista cristián coas ideas moi claras. No humor e no humanismo de Cervantes está o engado permanente da novela” (337).

AXUSTE DE CONTAS CON NABOKOV

Para dicir toda a verdade, Siro pecha o libro saldando unha conta que tódolos amantes do *Quixote* tiñamos pendente co aristócrata de San Petersburgo, Vladimir Nabokov (1899-1977), formado en Inglaterra, experto en literatura francesa (escribiu entre outras *Lolita*, 1955) e que en 1940 se fixo cidadán norteamericano. Nunhas clases que deu en Harvard exhibiu sen necesidade ningunha tal comprensión do *Quixote* e de Cervantes que non o honra nin como crítico literario nin menos como escritor e que só vale para alimenta-los que son pouco amigos de ler. Siro somete as opinións de Nabokov a análise fría e con ela remata o libro.

DON QUIXOTE E DON JUAN

Coido que un dos maiores méritos deste libro é que practica o que os os biblistas alemáns denominan *Sitz im Leben*, é dicir sitúa a narración cervantina no contexto social e persoal no que emerxe. Tras tódolos analistas anteriores do *Quixote*, Siro deixa esta obra mellor situada no contexto cultural, relixioso, político, militar e económico no que viviu Cervantes e naceu o relato. Só a ponderación de todas esas forzas, que o condicionaban ó colle-la pluma, permiten entender que grao de riscos correu, que riscos non puido afrontar e, polo tanto, permiten ler entre liñas o que el sentía cando escribía o que escribiu.

Pero a maior novidade é que desvela a existencia de obxectivos artísticos (e, polo tanto, tamén de técnicas) que aínda hoxe outras artes aplican á descrición da sociedade para melloralala na medida do posible. Lonxe de se-lo enésimo refrito de lecturas, este libro de Siro é unha longa meditación de quen pode contrasta-la análise que Cervantes fixo da sociedade del coa análise que Siro fai da súa. Son dúas experiencias paralelas, con ferramentas diferentes e en sociedades diferentes. Pasa-lo *Quixote* por esta peneira hermenéutica é unha homenaxe a quen mantiña visibles trazos do humor galego e tiña (cousa non menor) dous apelidos galegos. Algún día recoñecerán os cervantistas que este libro de Siro López ofrece do *Quixote* unha imaxe de alta definición.

Dise que as dúas grandes achegas hispanas á literatura universal son *Don Juan* e *Don Quixote*. De onde saíron? Víctor Sáid Armesto, tras repasar con enorme erudición o fondo literario europeo, demostrou no seu libro *La leyenda de don Juan* que o mito de Don Juan só pode se-la conxunción dun relato popular que pervive na comarca de Monterrei onde Tirso de Molina foi alumno. Eu teño a sensación de que este libro, no que Siro sitúa o Don Quixote nunha órbita mental galega, chega para asentarse en tódalas nosas bibliotecas á par do de Víctor Sáid Armesto. Aínda que Siro non o diga, o Miguel de dous apelidos galegos probablemente sabía que a 67 km de Monterrei, en Hermisende, os pés chamábanse (e

aínda hoxe se chaman) *quixotes*, nome moi apropiado para un *cabaleiro andante*. Literalmente. Así que nin Corominas precisaba tanta pescuda nin Cervantes precisaba ir buscar unha palabra parecida (*cuixot*) a Cataluña tendo a verdadeira na raia de Galicia.

Moito do que Siro di paréceme que vai á misa, porque, aínda que el non sexa un crítico literario profesional, si que é un home con moi longa experiencia de análise hermenéutica da sociedade en clave de caricatura: esa arte que, con moi pouca tinta, consegue extrae-lo ADN dun personaxe público ou radiografar un momento social. *Don Quixote*, tan rico en matices psicolóxicos como esquelético en figura física é esa caricatura xenial; en certa medida Don Quixote e Sancho son a dobre espiral do ADN da sociedade española de tódolos tempos. Este ensaio de Siro sobre o *Quixote* chega para quedar á altura interpretativa dos mellores.

V

Vida oficial da RAG

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

CRÓNICA DA ACADEMIA (2016)



A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2016)

Dende o 20 de abril de 2013, a Comisión Executiva da RAG está formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Xesús Alonso Montero
- Secretario: D. Xosé Henrique Monteagudo Romero
- Vicesecretario: D. Andrés Torres Queiruga
- Arquiteira-Bibliotecaria: D.^a Margarita Ledo Andión
- Tesoureira: D.^a Rosario Álvarez Blanco

Relación dos actuais académicos numerarios

1. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
2. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
3. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
Ingreso: 25 de novembro de 1992.
4. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
5. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
6. Excma. Sra. D.^a Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
7. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
8. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
9. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández.
Ingreso: 24 de outubro de 1998.
10. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
11. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
12. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
13. Excma. Sra. D.^a Xohana Torres Fernández. Ingreso: 27 de outubro de 2001.
Faleceu o 12 de setembro de 2017.
14. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira.
Ingreso: 28 de setembro de 2002.
15. Excma. Sra. D.^a Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
16. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
17. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
18. Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal. Ingreso: 24 de marzo de 2006.
19. Excmo. Sr. D. Darío Xohán Cabana Yanes. Ingreso: 22 de abril de 2006.
20. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.
21. Excma. Sra. D.^a Margarita Ledo Andión. Ingreso: 7 de febreiro de 2009.
22. Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós. Ingreso: 12 de decembro de 2009.

23. Excmo. Sr. D. Bernardino Graña Villar. Ingreso: 12 de xuño de 2010.
24. Excmo. Sr. D. Xosé Henrique Monteagudo Romero.
Ingreso: 25 de febreiro de 2012.
25. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Regueira Fernández. Ingreso: 2 de xuño de 2012.
26. Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández.
Ingreso: 14 de setembro de 2013.
27. Excma. Sra. D.^a Fina Casalderrey Fraga. Ingreso: 22 de novembro de 2013.
28. Ilma. Sra. D.^a Marilar Aleixandre. Electa: 9 de xullo de 2016.
29. Ilma. Sra. D.^a M.^a Xesús Pato Díaz. Electa: 5 de novembro de 2016.

Relación dos actuais académicos de honra

1. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.
2. Excmo. Sr. D. John Rutherford. Ingreso: 4 de outubro de 2008.
3. Excmo. Sr. D. Carlos Alberto Zubillaga Barrera. Ingreso: 21 de abril de 2012.
4. Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova. Ingreso: 9 de novembro de 2013.
5. Excma. Sra. D.^a Giulia Lanciani. Ingreso: 7 de marzo de 2014.
6. Excma. Sra. D.^a Nélida Piñón. Ingreso: 27 de setembro de 2014.
7. Excmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 3 de outubro de 2015.

Relación dos actuais académicos correspondentes por orde de ingreso:

1. Ilmo. Sr. D. José Luis Varela Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
2. Ilmo. Sr. D. Sabino Torres Ferrer. Ingreso: 4 de maio de 1952.
Faleceu o 23 de maio de 2016.
3. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
4. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
5. Ilmo. Sr. D. José Isorna Ferreiros. Ingreso: 25 de xuño de 1967.
Faleceu o 26 de abril de 2016.
6. Ilmo. Sr. D. Carlos Compairé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
7. Ilmo. Sr. D. Daniel D. Vidart. Ingreso: 5 de xullo de 1970.
8. Ilmo. Sr. D. Fernando Acuña Castroviejo. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
Faleceu o 13 de setembro de 2016.
9. Ilmo. Sr. D. Manuel Carlos García Martínez. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
10. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo:
Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
11. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
12. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.

13. Ilmo. Sr. D. David Mackenzie. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
Faleceu o 26 de febreiro de 2016.
14. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
15. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
16. Ilma. Sra. D.^a Teresa Barro Muñoz-Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
17. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
18. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso : 22 de xuño de 2002.
19. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
20. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
21. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
22. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
23. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
24. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
25. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
26. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
27. Ilma. Sra. D.^a María Dolores Sánchez Palomino.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
28. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
29. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
30. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
31. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
32. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández.
Ingreso: 9 de outubro de 2004.
33. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
34. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.
35. Ilmo. Sr. D. Jorge Arbeleche. Ingreso: 20 de setembro de 2005.
36. Ilmo. Sr. D. Nicandro Ares Vázquez. Ingreso: 22 de abril de 2006.
Faleceu o 22 de xullo de 2017.
37. Ilmo. Sr. D. Craig Patterson. Ingreso: 13 de xaneiro de 2007.
38. Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá. Ingreso: 28 de abril de 2007.
39. Ilmo. Sr. D. Víctor Campio Pereira González.
Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
40. Ilmo. Sr. D. Farruco Sesto Novas. Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
41. Ilma. Sra. D.^a Débora Campos Vázquez. Ingreso: 25 de marzo de 2011.
42. Ilma. Sra. D.^a Ana Isabel Boullón Agrelo. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
43. Ilmo. Sr. D. Xosé Henrique Costas González.
Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.

44. Ilmo. Sr. D. Gonzalo Navaza Blanco. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
45. Ilmo. Sr. D. Antón Palacio Sánchez. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
46. Ilmo. Sr. D. Francisco Cerviño González. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
47. Ilma. Sra. D.^a Alba Nogueira López. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
48. Ilmo. Sr. D. Xavier Vence Deza. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
49. Ilma. Sra. D.^a Olivia Rodríguez González. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
50. Ilmo. Sr. D. Fernando Ramallo Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
51. Ilmo. Sr. D. José Manuel González Herrán. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
52. Ilma. Sra. D.^a Luz Méndez Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
53. Ilma. Sra. D.^a María Goretti Sanmartín Rei. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
54. Ilmo. Sr. D. Xosé Antón Fraga Vázquez. Ingreso: 18 de xaneiro de 2013.
55. Ilmo. Sr. D. Clodio González Pérez. Ingreso: 5 de novembro de 2016.
56. Ilmo. Sr. D. Jorge Mira Mirez. Ingreso: 16 de decembro de 2016.
57. Ilmo. Sr. D. Carlos Xabier Rodríguez Brandeiro.
Ingreso: 16 de decembro de 2016.

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2016)

XUNTAS ACADÉMICAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria, durante o ano 2016, nas seguintes datas:

Xunta ordinaria

- 5 de marzo de 2016.
- 9 de xullo de 2016.
- 5 de novembro de 2016.
- 16 de decembro de 2016.

Xunta extraordinaria

- 17 de maio de 2016. Día das Letras Galegas dedicado a Manuel María.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2016

O Día das Letras Galegas de 2016 dedicouse a Manuel María Fernández Teixeiro (Outeiro de Rei, 1929 - A Coruña, 2004). A elección de Manuel María como personalidade literaria a quen se dedicou o 17 de maio de 2016 tivo lugar no plenario ordinario celebrado pola corporación o 4 de xullo de 2015.



Manuel María a carón do monolito homenaxe da AELG. Outeiro de Rei, 1997. Arquivo familiar.

Manuel María naceu en 1929 en Outeiro de Rei, nunha familia de labregos acomodados, con familiares no clero e na burguesía empresarial e de carreira. Estudou en Lugo, fíxose procurador dos tribunais, viviu en Monforte durante toda a súa vida laboral canda a súa esposa Saleta Goi, que rexentou a librería Xistral, e coa que formou unha fermosa parella de exemplar militancia política e cultural. Xubilados os dous, trasladáronse á Coruña, onde Manuel morreu no ano 2004 e onde Saleta segue vivindo activamente fiel á súa memoria e á causa da lingua e da cultura galega.

O seu primeiro libro de poemas, *Muiñeiro de brétemas* (1950), foi o primeiro libro en galego publicado por un autor novo despois da Guerra Civil. Desde aquela, unha obra inmensa e incesante enriqueceu a literatura galega non só no eido da poesía, senón tamén no teatro, na narrativa, no ensaio, na conferencia e, con grande intensidade, no xornalismo literario.

É, con todo, na poesía onde Manuel María máis brillou. A súa obra multiforme vai desde o máis intimista e persoal á musa cívica e nacional, do verso libre ao soneto, das coplas e romances ao gusto popular até as formas máis vangardistas. Algúns dos seus libros –por exemplo o *Terra Chá*– tiveron e seguen tendo amplas edicións que fixeron del un dos poetas máis lidos –e queridos– do seu tempo.

Outro dos aspectos máis salientables da actividade literaria de Manuel María é a súa gran preocupación polo lectorado novo, que se manifesta, desde *Os soños na gaiola* en 1968, en libros de poesía, obras de teatro e narrativa para o público infantil e xuvenil, con grande eco nas actividades pedagóxicas, moi especialmente no teatro escolar. Coa súa obra literaria e coa súa frecuentísima presenza persoal nas escolas, foi unha das persoas que máis contribuíron ao proceso de normalización lingüística no ensino, tanto despois coma antes da Lei de Normalización.

Teimoso editor en tempos difíciles, con Edicións Xistral apadriñou a primeira saída dalgúns poetas novos, ademais de publicar libros de Celso Emilio Ferreiro, de Bernardino Graña, de Xosé Neira Vilas, e outras achegas de considerable importancia para a cultura galega nos anos sesenta e setenta.

Manuel María apoiou tamén como editor (Edigsa-Xistral), como poeta e como activo militante e promotor o xurdimento da Nova Canción Galega, e de feito é probablemente o escritor galego sobre cuxos poemas teñen nacido máis cancións, non só no tempo dos Voces Ceibes, senón tamén posteriormente, con Suso Vaa-monde, Fuxan os Ventos, A Quenlla e innumerables artistas e grupos.

SESIÓN ACADÉMICA

A sesión extraordinaria e pública da Real Academia Galega do 17 de maio tivo lugar en Outeiro de Rei, na sede da Fundación Manuel María ás 12:30 horas, segundo o seguinte programa:

Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega, coa intervención dos Excmos. Sres. Académicos:


- D. Manuel Rivas Barrós
- D.^a Margarita Ledo Andión
- D. Darío Xohán Cabana Yanes

Pechou o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega.

D. Xesús Alonso Montero

Antes de dar comezo á sesión, Branca Villares na voz, Pablo Pintor na zanfona e Brais Monxardín na gaita interpretaron dous poemas de Manuel María, “O carro”, e unha versión propia do poema “O soñador”, do primeiro libro de poesía infantil de Manuel María, *Os soños na gaiola* (1968).

Pablo Pintor, Branca Villares e Brais Monxardín interpretando “O Carro”. Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.





Manuel Rivas, Margarita Ledo e Darío Xohán Cabana, durante as súas intervencións. Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.



Membros numerarios da Academia acompañados de Saleta Goy. Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.



A celebración na Casa-Museo Manuel María rematou coa interpretación do Himno Galego a cargo da Banda Sons e Soños, composta por músicos de Outeiro de Rei, Rábade e Begonte.

Banda Sons e Soños. Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

SIMPOSIO MANUEL MARÍA

22 a 24 de novembro de 2016



Como peche do ano dedicado a Manuel María Fernández Teixeiro a Real Academia Galega, coa colaboración da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, organizou o Simposio Manuel María, que se desenvolveu no salón de actos da institución os días 22, 23 e 24 de novembro de 2016.

O comité organizador, formado por Mercedes Queixas, Margarita Ledo e Henrique Monteagudo, preparou un programa que aborda desde o mundo das letras ao activismo cultural e político do homenaxeado, eidos todos eles nos que sempre tivo a defensa da lingua galega como eixe central.

As xornadas do simposio desenvolvéronse segundo o seguinte programa:

Día 22 de novembro de 2016

16:30 h “De *Muiñeiro de brétemas* a *Advento*: a progresión fulgurante”.

Darío Xohán Cabana. Conferencia inaugural

17:30 h **Mesa de debate: obra poética**

“Fixando a emoción”. Marta Dacosta

“A poesía última de Manuel María”. Manuel López Foxo

“Travesía até *Mar Maior*: contexto literario e biográfico do primeiro Manuel María”. Rosalía Fernández Rial

Moderadora: Mercedes Queixas

19:30 h **Recital poético**

Entón fechei os ollos cara afora / e abrínos cara adentro



Marta Dacosta, Rosalía Fernández Rial, Marica Campo, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xulio López Valcárcel e Luz Pozo Garza



Luz Pozo Garza recitou poemas da súa autoría dedicados a Manuel María. Pola esquerda, Marta Dacosta, Rosalía Fernández Rial, Marica Campo, Cesáreo Sánchez Iglesias e Xulio López Valcárcel. Real Academia Galega.

Día 23 de novembro de 2016

16:30 h “Manuel María: biografía e creación”. Camilo Gómez Torres.

Conferencia

17:30 h **Mesa de debate: narrativa**

“A obra narrativa de Manuel María ou como contar a vida a través do río da escrita”. Mercedes Queixas

“Andando a terra ou a construción dun espazo simbólico”.

Carmen Fernández Pérez-Sanjulián

“A lingua na vida, na obra e no pensamento de Manuel María”.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Moderador: Henrique Monteagudo

19:30 h Relatorios

“A historia inserida no teatro de Manuel María”. Henrique Rabuñal

“Soñar sen cancelas: Manuel María e a construción dunha educación literaria en galego”. Montse Pena

“Unha canción marabillosa, galega e panteísta”. Xurxo Souto

Pola esquerda, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Saleta Goy, Henrique Monteagudo, Henrique Rabuñal, Montse Pena, Carme Fernández-Pérez Sanjulián, Mercedes Queixas e Xurxo Souto. Real Academia Galega.



Día 24 de novembro de 2016

16:30 h **Mesa de debate: poética e política**

“Manuel María e Euskal Herria”. Xosé Estévez

“Um poeta galego no fascínio de Portugal”. Carlos Quiroga

“A intervención pública de Manuel María: unha revisión”.

Pilar García Negro

Moderadora: Margarita Ledo

18:00 h Relatorios

“Nave espacial *Xistral*”. Antón Lopo

“As paisaxes identitarias na literatura de Manuel María”.

Xosé Lois García

“Un muiñeiro de verbas no corazón da escola”. Fina Casalderrey



Pola esquerda, Xosé Lois García, Saleta Goy, Margarita Ledo, Pilar García Negro, Fina Casalderrey, Antón Lopo e Carlos Quiroga. Real Academia Galega.

19:30 h Proxección



Eu son fala e terra desta miña terra, de Margarita Ledo Andión

20:00 h Clausura

PRIMAVERA DAS LETRAS DEDICADA A MANUEL MARÍA

11 de abril de 2016

No CEIP Curros Enríquez da Coruña a Academia presentou o proxecto Primavera das Letras (www.primaveradasletras.gal) pensado para fornecer o profesorado de recursos



didácticos que permitan traballar os contidos educativos relacionados co Día das Letras Galegas. Primavera das Letras publica novos recursos ao longo de toda a primavera ata mediados do mes de xuño, achegándolle á comunidade educativa desde fichas didácticas a actividades interactivas. Os contidos están ademais accesibles na web todo o ano co propósito de poderen ser empregados en calquera momento.

As actividades das fichas didácticas están interrelacionadas con distintos contidos do currículo escolar para facilitaren un enfoque globalizador e interdisciplinar. Deste xeito, poderanse traballar na aula contidos de literatura galega, a expresión oral e escrita, aspectos relacionados co coñecemento do medio natural, as ciencias sociais ou a educación artística e a creatividade.

A poesía de Manuel María está chea de versos que facilitan esta mirada multidisciplinar, parte deles incluídos en dúas obras destacadas da literatura infantil galega: *Os sonhos na gaiola*, publicado por primeira vez en 1968, e *As rúas do vento ceibe*, de 1979. Cada un destes dous poemarios conta con cadansúa ficha didáctica.

Manuel María dedicoulle *Os sonhos na gaiola* a todos os nenos e nenas que falan galego. Na ficha sobre este poemario propónse un achegamento á súa poesía, mais tamén á natureza, con debuxos para colorear os versos que Manuel María lle escribiu á bolboreta, ao “arco da vella co ceo subido”, ao “señor merlo larpeiro”, ao “ourizo ouriceiro” ou á “señora Pita”, entre outras propostas.

Primavera das Letras non só recorre á obra de Manuel María para o público infantil, tamén aproveita outros versos que poden ser igualmente empregados nas escolas para abordar, ademais da lingua e da literatura en si mesmas, contidos relacionados co mundo animal ou a xeografía.

Membros da Academia, profesorado, alumnado do CEIP Curros Enríquez, Saleta Goy e outros asistentes ao acto posan tras a presentación do proxecto Primavera das Letras, celebrada na biblioteca do centro. Real Academia Galega.



HOMENAXE A MANUEL MARÍA EN MONFORTE DE LEMOS

1 de outubro de 2016



Na casa da cultura Poeta Lois Pereiro desenvolveuse a homenaxe literaria e musical a Manuel María, organizada pola Real Academia Galega e o Concello de Monforte de Lemos.

A parte musical correu a cargo de alumnos e alumnas do Conservatorio Municipal Mestre Ibáñez: Patricia García, Sara Blanco e Antía Vila abriron o acto coa "Suite Haendeliana"; Santiago Alonso e Lucía Amaro, saxofóns, interpretaron unha peza a dúo; Aldara Otero pechou o acto cunha peza de Bach ao violín.

A académica Margarita Ledo, o xornalista e escritor Antón Lopo, o escritor Lois Diéguez e Manuel Rajo disertaron sobre distintos aspectos da biografía de Manuel María. A académica Fina Casalderrey e alumnado dos institutos Daviña Rey, Río Cabe e A Pinguela deron lectura a poemas de Manuel María. Salvador-García Bodaño pechou os recitados con dous poemas da súa autoría dedicados a Manuel María.



A académica Margarita Ledo durante a súa intervención na homenaxe.

Na mesa, de esquerda a dereita, Antón Lopo, José Tomé, Xesús Alonso Montero e Lois Diéguez. Real Academia Galega.

CENTENARIO DAS IRMANDADES DA FALA



En 2016 fixéronse cen anos da fundación das Irmandades da Fala, movemento histórico nacido en defensa do idioma galego e do recoñecemento político da identidade de Galicia.

Declarado polo Parlamento de Galicia Ano das Irmandades da Fala, A Real Academia Galega promoveu ao longo de 2016 unha serie de actos para a súa celebración, en colaboración con entidades como a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, o Museo do Pobo Galego, concellos e outras entidades públicas e privadas.

A primeira das actividades, un acto de carácter cívico e literario-musical, celebrouse o 18 de maio de 2016, data do centenario da constitución da primeira das Irmandades da Fala, no número 38 da rúa Rego de Auga, na daquela sede da Real Academia Galega.

Dous días despois e tamén na cidade da Coruña, inaugurouse unha exposición sobre o legado deste movemento, *Saúde e Terra, irmá(n)s!* Catro antoloxías, un ciclo de mesas de debate e a dixitalización de fondos custodiados na Real Academia Galega foron as propostas coas que esta institución celebrou o centenario das Irmandades da Fala.



ACTO LITERARIO E MUSICAL

18 de maio de 2016

Teatro Rosalía de Castro - A Coruña

O 18 de maio de 1916, no local que daquela ocupaba a Real Academia Galega na rúa Rego de Auga da Coruña, tiña lugar a xuntanza convocada por Antón Villar Ponte na que nacería a primeira das Irmandades da Fala.

Xusto cen anos despois daquel encontro, o teatro Rosalía de Castro da Coruña acolleu un acto musical e literario, organizado pola

Academia e o Concello da Coruña, para conmemorar o aniversario da fundación deste importante movemento para a lingua e a cultura galegas.

Interpretacións musicais

Cántigas da Terra

Ben, ben vai. Enchoiada festiva

Ruada de Loroño. Van todas, van!

Coral De Ruada

Foliada do Miño

Quer que lle quer

Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos

Foliada de Noia

Cantiga de Palas de Rei

Real Coro Toxos e Froles

Debaixo do Consistorio

Foliada de Corrubedo

Recitados

Cristina Lombao: “A Bandeira ergueita”, de Antón Vilar Ponte

Manuel Lugo: “Himno das Irmandades”, de Manuel Lugo Freire

Isabel Risco: “Ti dis Galicia é ben pequena”, de Vicente Risco

Pedro Fernández: “En pé”, de Ramón Cabanillas

Orleni Mateo: “Triadas no mar e na noite”, Fermín Bouza Brey

Carmen García-Rodeja: “Postulación da ética”, Roberto Blanco Torres

Manuel Rivas: “O campo da Rata”, de Xohán Casal

Fina Casallerrey: “Alba de gloria”, de Castelao

Mantedora

Estíbaliz Espinosa

Estíbaldez Espinosa foi a condutora do acto.
Xosé Castro (fotógrafo).
Real Academia Galega.



Isabel Risco recitou o poema “Ti dis Galicia é ben pequena”, de Vicente Risco. Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.



Os catro coros no escenario interpretando o Himno Galego.
Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

SAÚDE E TERRA, IRMÁ(N)S!

Exposición organizada pola Real Academia Galega, a Deputación da Coruña e o Museo do Pobo Galego para conmemorar o centenario das Irmandades da Fala. Xuño - decembro de 2016.



A comisión organizadora estivo formada por Margarita Ledo Andiñón e Henrique Monteagudo en representación da Real Academia Galega, Xusto Beramendi e Carlos García Martínez polo Museo do Pobo Galego e Carme Vidal e Uxío Breogán Diéguez pola Deputación da Coruña. O proxecto foi creado, deseñado e coordinado por Pepe Barro.

A exposición contou, ademais, co apoio de catorce entidades colaboradoras, que participan tamén na mostra como prestadoras: a Real Academia Galega de Belas Artes; as fundacións Penzol, Otero Pedrayo, Antón Losada Diéguez, Vicente Risco, Castelao, Alexandre Bóveda, Isla Couto, Antonio Fraguas, Galiza Sempre e Moncho Reboiras; o Museo de Pontevedra, o Departamento de Galego-Portugués da Universidade da Coruña e Galiza Cultura.

O percorrido expositivo relata a historia das Irmandades a través de dez temas que profundan na súa cerna. Cada un deles desenvólvese nunha cabina na que se poden ver publicacións, documentos, imaxes e obxectos, así como escoitar gravacións musicais e de discursos e artigos de persoeiros da época. Poderase contemplar ademais unha escolma de pezas artísticas vencelladas aos temas e motivos que moveron a acción das Irmandades dalgúns dos artistas máis relevantes daquel tempo.

Ademais das fotografías e documentos reproducidos, a exposición xunta unhas 130 pezas, documentos orixinais e primeiras edicións prestadas para a ocasión por máis dunha trintena de institucións e coleccións particulares. Entre as pezas figuran obxectos persoais como as lentes de Vicente Risco e de Ramón Cabanillas, os carnés das Irmandades da Fala de Ramón Villar Ponte e Antonia Pardo, unha plumiña de Álvaro Cebreiro, a máquina de escribir de Valentín Paz Andrade e o violín que Manuel Quiroga doou ao seu amigo Antón Losada Diéguez; o manuscrito autógrafo de *Arredor de si*, de Otero Pedrayo, texto manuscrito do programa da I Asemblea Nacionalista ou a carta-nota ao gobernador civil que anuncia que a Irmandade da Fala se converterá no Partido Galeguista, entre outros moitos.

A mostra inaugurouse na Coruña o 3 de xuño de 2016 onde permaneceu ata o 30 de xuño. Durante o ano 2016 puido visitarse en distintas cidades: Santiago de Compostela (Museo do Pobo Galego), Vigo (Fundación Barrié), Pontevedra (Museo de Pontevedra), Ourense (Centro Cultural Marcos Valcárcel), Lugo (Museo Provincial de Lugo) e Ferrol (Centro Torrente Ballester).

Interior do folleto despregable da mostra, que recolle unha selección das pezas que se exhibiron.





O violinista Cibrán Seixo interpreta as muiñeiras de Gaos e Quiroga co violín de Manuel Quiroga que este lle regalou a Losada Diéguez antes de que o depositasen na vitrina en que foi exposto. Torrecilla (fotógrafo).



Pola esquerda, o deseñador e coordinador da exposición, Pepe Barro; o presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, Justo Beramendi; o alcalde de Santiago de Compostela, Martiño Noriega; o secretario da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo; a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín; e o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, na inauguración da mostra no Museo do Pobo Galego o 7 de xullo de 2016.



Margarita Ledo Andión intervéñ na inauguración da exposición no Museo de Lugo.

NO TEMPO DAS IRMANDADES: FALA, ESCRITA E PRELOS

Ciclo de mesas de debate sobre as Irmandades da Fala. Xuño-decembro de 2016.



A Academia, dentro da súa programación de conmemoración do centenario de fundación das Irmandades da Fala, organizou un ciclo de mesas de debate que levou por título *No tempo das Irmandades: fala, escrita e prelos*, para o que contou coa colaboración da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A conferencia inaugural “O marco histórico das Irmandades da Fala” foi pronunciada polo historiador e membro de número da institución Xosé Ramón Barreiro Fernández o 16 de xuño no salón de actos da Academia.

Xosé Ramón Barreiro Fernández, Xesús Alonso Montero e Valentín García Gómez durante a presentación do ciclo de mesas de debate.
Real Academia Galega.



Durante o segundo semestre do ano desenvolvéronse estas nove mesas de debate en distintos lugares de Galicia, que profundaron nas producións literaria, xornalística e editorial galegas desenvolvidas polas Irmandades da Fala, que experimentaron grazas a elas un importante avance.

O ciclo desenvolveuse de acordo co seguinte programa:

ORATORIA E PROSA NON FICCIONAL

7 de xullo de 2016. Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela)

“As Irmandades e a emerxencia dunha esfera pública: novos actores político-culturais, novas prácticas ensaísticas”. Arturo Casas

“A oratoria en galego antes e despois de 1916: problemática”.

Xesús Alonso Montero

“Ideas e debates sobre a literatura”. Teresa López

Moderador: Henrique Monteagudo

AS IRMANDADES DA FALA E A PRENSA

19 de xullo de 2016. Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela)

“Pensar un modelo de comunicación”. Margarita Ledo

“As mulleres no voceiro das Irmandades”. Carme Vidal

“A prensa, escaparate das Irmandades”. Xan Carballa

Moderador: Víctor F. Freixanes

UN NOVO TEATRO GALEGO

29 de setembro de 2016. Museo de Pontevedra

“O proxecto das Irmandades da Fala para a modernización do teatro”.

Laura Tato

“Fernando Osorio Docampo no programa teatral irmandiño”.

Carlos Caetano Biscainho

“Unha concepción institucional do sistema teatral galego”.

Inma López Silva

Moderador: Euloxio R. Ruibal

PROTAGONISTAS DAS IRMANDADES (I): ANTÓN VILLAR PONTE, XOHÁN VICENTE VIQUEIRA E FLORENCIO VAAMONDE LORES

8 de outubro de 2016. Teatro Pastor Díaz (Viveiro)

“Antón Villar Ponte (1881-1936): un guieiro xeneroso e esforzado”.

Emilio Xosé Ínsua

“Xohán Vicente Viqueira e o ensino galego”. Antón Costa

“A participación de Florencio Vaamonde nas Irmandades da Fala”.

Isabel Seoane

Moderador: Carlos Nuevo Cal

LINGUA E IDEAS LINGÜÍSTICAS

26 de outubro de 2016, Auditorio Marcos Valcárcel (Ourense)

“Fagamos do cultivo do noso idioma unha relixión de homes dignos”.

Rosario Álvarez

“Galicia e Cataluña. Aproximación ó estudo dunha relación”.

Antón Santamarina

“Lingua nacional, idioma moderno. As Irmandades e a fala”.

Henrique Monteagudo

Moderador: Xesús Alonso Montero

IMAXE E IDENTIDADE

29 de outubro de 2016, Real Coro Toxos e Froles (Ferrol)

“De Céltiga a Zeltia, con Ferrol na orixe”. Pepe Barro

“Pequenas historias nas Irmandades ferrolás”. Siro López

“Na busca de imaxes identificativas de galeguidade”.

Victoria Carballo Calero

Moderador: Xesús Ferro Ruibal

PROTAGONISTAS (II): LOIS PEÑA NOVO, VICENTE RISCO E RAMÓN CABANILLAS

10 de novembro de 2016, Salón de actos da Deputación de Lugo

“Lois Peña Novo: o soño do desenvolvemento de Galicia”.

Manuel Roca Cendán

“Arredor de Vicente Risco nas Irmandades”. Olivia Rodríguez

“Ramón Cabanillas, o Poeta das Irmandades da Fala”

Francisco Fernández Rei

Moderador: Darío Xohán Cabana

UNHA POÉTICA ANOVADORA

29 de outubro de 2016, Casa Galega da Cultura (Vigo)

“Na procura dunha estética nacional”. Xosé Ramón Pena

“A poesía do tempo das Irmandades na historiografía literaria galega”.

Chus Nogueira

“Gonzalo López Abente, o «poeta do mar»”. Miro Villar

Moderador: Xosé Luís Axeitos

NOVOS VIEIROS PARA A NARRATIVA

20 de decembro de 2016, Real Academia Galega (A Coruña)

“Liñas de sentido da narrativa curta das Irmandades. Algunhas calas”.

Ramón Nicolás

“A narrativa oral e costumista na época das Irmandades”. Camiño Noia

“As coleccións de narrativa breve, continuidade ou renovación?

O caso da colección LAR”. Dolores Vilavedra

Moderadora: Fina Casalderrey



PROTAGONISTAS (I)

Pola esquerda, Carlos Nuevo, Antón Costa, María Loureiro, Xesús Alonso Montero, Emilio Ínsua, Isabel Seoane e Lara Fernández Noriega. Real Academia Galega.

LINGUA E IDEAS LINGÜÍSTICAS

Antón Santamarina, Xesús Alonso Montero, Rosario Álvarez Blanco e Henrique Monteagudo. Real Academia Galega.



PROTAGONISTAS (II)

Francisco F. Rei, Olivia Rodríguez González, Manuel Roca Cendán e Darío Xohán Cabana. Real Academia Galega.

NOVOS VIEIROS PARA A NARRATIVA

Dolores Vilavedra, Camiño Noia, Xesús Alonso Montero, Fina Casalderrey e Ramón Nicolás. Real Academia Galega.

ANTOLOXÍAS DA ACADEMIA

A colección Antoloxías da Academia iniciouse cunha serie que lles rende homenaxe ás Irmandades da Fala no centenario da súa fundación: oratoria e prosa non ficcional, teatro, poesía e narrativa.

Os tres primeiros volumes viron a luz no segundo semestre do ano:



Irmandades da Fala: oratoria e prosa non ficcional, edición de Henrique Monteagudo.



O teatro nas Irmandades da Fala, edición preparada por Laura Tato Fontaíña.



Tempo das Irmandades. Antoloxía de poesía, edición de Xosé Ramón Pena.

Xesús Alonso Montero, Laura Tato Fontaíña e Henrique Monteagudo durante a presentación das antoloxías. Real Academia Galega.





AS IRMANDADES DA FALA NOS FONDOS DA ACADEMIA

<http://academia.gal/irmandades-da-fala>

A Real Academia Galega abriu este novo espazo web co gallo do centenario das Irmandades da Fala. Ao longo do ano, fóronse amosando publicacións e documentos relacionados con este movemento conservados na Academia:

–Villar Ponte, Antón (1916): *Nacionalismo gallego. Nuestra “afirmación” regional*. A Coruña: Tipografía Obrera.

Antón Villar Ponte defendía neste folleto o uso do galego en todos os contextos e indicaba que urxía fomentar o desenvolvemento da Liga de Amigos del Idioma.

–Vaamonde, Florencio (1916): Carta a Antón Villar Ponte.

Con data do 16 de maio de 1916, Florencio Vaamonde escribiulle a Antón Villar Ponte esta carta para agradecerlle o envío dun exemplar de *Nuestra afirmación regional* e comentarlle o seu parecer sobre o contido da obra. A carta consérvase no Arquivo da Academia.

–Irmandades da Fala da Coruña (1918): *Regramento das “Irmandades da Fala”*. Irmandade da Cruña. A Coruña: La Papelera Gallega.

Regulamento da primeira das Irmandades da Fala que se constituíu.

–Porteiro Garea, Lois (191?): *Discurso do Dr. Porteiro ô fundarse a Hirmandá en Santiago*. A Coruña: Tipografía Galaica.

O 28 de maio de 1916 Lois Porteiro Garea pronunciou este discurso na xuntanza fundacional da Irmandade da Fala compostelá. Este exemplar inclúe na portada unha dedicatoria do propio autor a Antón Villar Ponte.

–Porteiro Garea, Lois (1918): *A los gallegos emigrados*. A Coruña: La Papelera Gallega. As Irmandades da Fala procuraron novos apoios ás súas reivindicacións entre “os americanos”.

–Quintanilla, Xaime (1919): *Donosiña*.

Manuscrito asinado o 20 de maio de 1919 en Ferrol. Estreada o 7 de abril de 1920 no Teatro Xofre, *Donosiña* é boa mostra dos novos aires que as Irmandades da Fala quixeron imprimirlle á dramaturxia. A RAG conserva o manuscrito desta obra de teatro.

–Valcárcel, Antonio (1917): *O municipio gallego*. A Coruña: Imp. Roel.

O folleto recolle a conferencia do irmán Antonio Valcárcel na que defende a “importancia inmensa” que ten para Galicia o municipio, “o altare da cidadanía”, e a súa adaptación ás necesidades do país. O exemplar está dedicado polo autor a Antón Villar Ponte.

–Villar Ponte, Antón (1932): *O sentimento liberal na Galiza*.

Documento mecanografado, con correccións manuscritas, que recolle unha versión do discurso co que Antón Villar Ponte ingresou na RAG dous anos despois, en 1934.

XORNADA DE ONOMÁSTICA GALEGA

17 de setembro de 2016

A Real Academia Galega, coa colaboración da Deputación de Pontevedra, organizou unha xornada de onomástica galega que se desenvolveu no Museo de Pontevedra o 17 de setembro de 2016.



Programa da xornada:

- 10:15 h **Experiencias de recolleita de microtoponimia**
 “Recoller talasonimia en Baiona”. Xosé Lois Vilar
 “Recoller con Comunidades de Montes”. Anxo Rodríguez
 “Recoller na zona urbana de Vigo”. Iván Sestay
 “Recoller e xeorreferenciar a toponimia de Pontevedra”. María Abelleira
- 12:30 h **Toponimia e didáctica**
 “Vedra medr@: unha aposta pola toponimia como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego”.
 Xulia Marqués
 “Luces e sombras do Proxecto Toponimia do IES Félix Muriel de Rianxo”.
 Valentina Formoso
 “Experiencia de recollida selectiva con alumnos de Silleda”.
 Xoán Carlos García Porral
- 16:30 h **Toponimia e documentación**
 “Como detectar topónimos galegos en fontes documentais latinas, galegas ou castelás”. Gonzalo Navaza e Luz Méndez
- 17:30 h **Nova aplicación unificadora da recolleita xeorreferenciada**
 “Deseño e rendibilidade da nova aplicación colaborativa para a recolleita unificada, xeorreferenciación e difusión global da microtoponimia galega”.
 Vicente Feijoo
- 18:30 h **Historia do Nomenclátor de Galicia e do inicio do PTG**
 “Historia da elaboración do Nomenclátor do 2003 e posta en marcha do PTG”.
 Xermán García Cancela
- 19:00 h **Nomenclátor de Galicia. Proceso e criterios de revisión**
 “Proceso, criterios e visibilidade da actual revisión do Nomenclátor”.
 Antón Santamarina

OUTROS ACTOS E INFORMACIÓN

26 de xaneiro de 2016. Visita á Real Academia Galega do alumnado da UNED Sénior Xestoso, onde foron recibidos por Xesús Alonso Montero, presidente da institución.

24 de febreiro de 2016. *Rosalía no son e na voz de Amancio Prada*. Concerto homenaxe a Rosalía de Castro no día do seu aniversario. No salón de actos da real Academia Galega, o cantante interpretou coa súa voz e na guitarra composicións da poeta que leva arredor de corenta anos formando parte do seu repertorio.

7 de marzo de 2016. Visita institucional da comisión executiva da Real Academia Galega ao Parlamento de Galicia.

8 de abril de 2016. Conferencia do Presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, no salón da sede da institución, dentro do ciclo “Os xoves da rúa Tabernas”, organizado pola Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. No acto o presidente analizou a relevancia da novela *La Tribuna*.

18 de abril de 2016. Mostra bibliográfica sobre o libro galego organizada pola Biblioteca da Real Academia Galega. Durante a semana do 18 ao 23 de abril, co gallo do Día do libro, a Biblioteca da Real Academia Galega organizou unha pequena mostra na que se exhibiron catálogos sobre exposicións dedicadas ao libro galego e obras sobre a historia da imprenta en Galicia. As persoas que visitaron a exposición recibiron como agasallo unha das obras editadas pola RAG.

13 de maio de 2016. Presentación, no salón de actos da Academia, do libro *Manuel María. Palabra viva de amor e afirmación*, edición conmemorativa do Día das Letras Galegas a cargo da profesora e escritora Mercedes Queixas Zas. O volume, incluído na colección Letras Galegas, recolle unha antoloxía poética do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2016 e *O auto da costureira*, peza teatral publicada en 1973.

6 de xuño de 2016. Campaña de dixitalización gratuíta de documentos antigos de particulares promovida polo Arquivo da RAG. Co gallo do Día Internacional dos Arquivos, que se celebra o 9 de xuño, a Real Academia Galega convidou a todas as persoas que o desexaron a compartir os seus documentos antigos. Así, do 6 ao 10 de xuño, a RAG desenvolveu unha campaña de dixitalización gratuíta de materiais, que posteriormente se amosaron en www.academia.gal. Dada a boa acollida da iniciativa, o prazo ampliouse ata o día 19 do mesmo mes.

16 de xuño de 2016. Presentación de distintas novidades técnicas no Portal das Palabras, no seu terceiro aniversario. No acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, participaron o presidente da RAG, Xesús Alonso Montero; o

presidente da Fundación Barrié, José María Arias; e o secretario da RAG, Henrique Monteagudo. Entre as innovacións presentadas destacan un bot para Facebook, “Dicionario RAG”, que define termos por medio do Messenger desta rede social; un sistema de colaboración para a mellora do Dicionario, un sistema de procura das últimas voces actualizadas e o conxugador de verbos completan o renovado Dicionario na Rede. O Portal das Palabras tamén estrea novas versións das aplicacións para Android e iOS do Dicionario.

23 de xuño de 2016. Encontro Hitzargiak, celebrado en Hernani (Guipúscoa) baixo o lema *Linguas que se iluminan mutuamente*. O secretario da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, participou na Mesa redonda “O papel das Academias no caso das linguas minoritarias”, onde expuxo a experiencia do Portal das Palabras e os seus novos.

1 de xullo de 2016. Inauguración da XXIX edición dos Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras”. O presidente da RAG, Xesús Alonso Montero; a vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social da Universidade de Santiago de Compostela, María Dolores Álvarez Pérez; o director dos cursos e secretario da RAG, Henrique Monteagudo Romero; a secretaria técnica dos cursos, Ana Isabel Boullón; o director do Instituto da Lingua Galega, Ernesto González Seoane, e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, participaron no acto inaugural, celebrado na Facultade de Filosofía. O alumnado desta nova edición procede de diferentes comunidades autónomas de España e doutros dezasete países.

8 de xullo de 2016. Visita á sede da Real Academia Galega do alumnado dos cursos “Galego sen fronteiras”. Nun percorrido guiado pola sede da institución, os alumnos e alumnas puideron coñecer a Biblioteca da RAG e visitar tamén a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. A visita concluíu cunha conferencia do presidente da institución, Xesús Alonso Montero, sobre o poeta Lorenzo Varela (1916-1978).

9 de xullo de 2016. Plenario ordinario da Real Academia Galega no que se elixiu a Carlos Casares Mouriño como personalidade literaria a homenaxear no Día das Letras Galegas de 2017. Na mesma sesión nomeouse académica numeraria electa a Marilar Aleixandre e oficializouse a proposta de Chus Pato para ocupar a vacante de número producida polo pasamento de Xosé Fernández Ferreiro e a de Clodio González Pérez como académico correspondente.

20 de xullo de 2016. Presentación do facsímile da edición políglota de *Zara*, de Antero de Quental, que inclúe a tradución ao galego deste poema, realizada por Curros Enríquez. O volume, coeditado pola RAG, o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia, foi presentado na Asemblea Lexislativa dos Azores, dentro do

programa de actos de celebración do cuadrexésimo aniversario da autonomía do arquipélago luso. O presidente da RAG, Xesús Alonso Montero, o do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, presentaron no mesmo acto, presidido pola titular da Cámara azoriana, Ana Luísa Pereira Luís, o estudo *Antero de Quental e Teófilo Braga e a súa relación coas letras galegas*, tamén coeditado polas tres institucións.

22 de xullo de 2016. Clausura da XXIX edición dos Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras”, na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. No acto de despedida, no que se procedeu á entrega dos diplomas ao alumnado, participaron, xunto a estudantes e profesorado, o secretario da RAG, Henrique Monteagudo; o vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa da Universidade de Santiago de Compostela, Roberto Javier López; o director do Instituto da Lingua Galega, Ernesto González Seoane; o codirector e a secretaria académica dos cursos, Xosé Luís Regueira e Ana Boullón; e o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo.

21 de setembro de 2016. Visita á Real Academia Galega do alumnado do Instituto Argentino Gallego Santiago Apóstol, acompañado polos profesores Andrea Claudia Ríos e Diego Martín Colombo, onde foron recibidos polo Secretario, Henrique Monteagudo, e o Presidente, Xesús Alonso Montero.

26 de setembro de 2016. Presentación da Cátedra Galicia-América da Universidad Nacional de San Martín (Arxentina). O presidente da RAG, Xesús Alonso Montero, recibiu unha delegación do proxecto composta por Mario Greco, director do programa Lectura Mundi da Universidad Nacional de Sanmartín (UNSAM), que dá acubillo á Cátedra; Micaela Cuesta, investigadora da mesma institución e editora dos suplementos que elabora Lectura Mundi para *Review. Revista de libros*, a versión latinoamericana da prestixiosa *The New York Review of Books*; e Manuel Rivas, codirector da Cátedra. Tras a xuntanza, presentárona os catro en conferencia de prensa.

5 de outubro de 2016. Visita á Real Academia Galega da académica de honra Nélida Piñon, onde foi recibida pola comisión executiva. Na xuntanza mantida abordouse a posibilidade de establecer colaboracións futuras entre a Academia Brasileira de Letras, da que é secretaria xeral, e a RAG.

5 de outubro de 2016. Presentación do número 65 da *Revista Galega de Educación*, editada polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega. No acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, o secretario da RAG, Henrique Monteagudo, acompañou na mesa a Mariló Candedo, presidenta de Nova Escola Galega; a Antón Costa, membro do consello de redacción da revista; e a Xaquín

Loredó, investigador do Seminario de Sociolingüística da RAG e autor dun dos artigos incluídos na *Revista*.

24 de outubro de 2016. Co gallo da celebración internacional do Día Internacional da Biblioteca, a Real Academia Galega aproveitou para seguir conmemorando o centenario das Irmandades da Fala. A institución rendeu-lle homenaxe a un dos seus fundadores, Antón Villar Ponte, amosando unha escolma do seu fondo bibliográfico particular, formado por case douscentos volumes que pertenceron ao intelectual. A exposición puido verse ao longo de toda esa semana na biblioteca da Academia.

2 de novembro de 2016. A Institución Benéfico Social Padre Rubinos presentou na sede da Real Academia Galega o volume no que reedita *O poema da Cruña* e *O vellño*, dúas obras literarias do padre Xosé Rubinos Ramos, refundador desta institución e académico de honra da RAG. O presidente da RAG, Xesús Alonso Montero, acompañou na mesa de presentación do libro o presidente da I.B.S. Padre Rubinos, Eduardo Aceña García; a concelleira de Xustiza Social e Coidados da Coruña, Silvia Cameán, e a catedrática da Universidade de Santiago de Compostela Teresa Amado Rodríguez.

8 de novembro de 2016. Presentación, na sede da Real Academia Galega, da obra *Historia da Literatura Galega III. De 1916 a 1936* (Edicións Xerais de Galicia, 2016). No acto participaron o presidente da institución, Xesús Alonso Montero, o autor, Xosé Ramón Pena, e o director de Xerais, Manuel Bragado.

12 de novembro de 2016. Presentación da edición facsimilar da obra de Eduardo Pondal *Queixumes dos pinos*, editada pola Voz de Galicia. Xunto a representantes de distintas institucións políticas e culturais e descendentes de Pondal, o acto contou entre o público con alumnos e alumnas do IES Eduardo Pondal de Ponteceso, a vila natal do poeta. A presentación empezou con música a cargo da clarinetista Blanca Represas, que tamén a pechou coa interpretación do Himno galego. Os versos de Pondal tamén se escoitaron por boca de Miguel Anxo Mato, que recitou *Campanas de Anllóns*. No acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, participaron tamén o presidente da institución, Xesús Alonso Montero, o delegado de La Voz de Galicia en Carballo, Xosé Ameixeiras e Lois García, presidente da Fundación Eduardo Pondal, entidade colaboradora na edición facsimilar.

1 de decembro de 2016. Presentación da colección dos Bolechas As miñas primeiras letras galegas, no salón de actos da Academia. Trinta e dous alumnos e alumnas de infantil e primeiro ciclo de primaria do Centro Rural Agrupado Boqueixón-Vedra Neira Vilas foron recibidos polo presidente da institución, Xesús Alonso Montero, e Os Bolechas. Xunto aos pequenos, os Bolechas e o presidente da RAG, tamén tomaron a palabra Antonio Couto Rego, editor de edicións

Bolanda; José Manuel López Marcos, director de mercadotecnia de Caixa Rural Galega, patrocinadora da serie; e Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística, quen tamén apoia esta iniciativa. O acto contou así mesmo coa presenza de Xosé María Varela en representación da Fundación Eduardo Pondal.



Amancio Prada no concerto homenaxe a Rosalía de Castro. 24 de febreiro de 2016. Real Academia Galega.



O presidente da Academia rodeado do alumnado dos cursos Galego sen Fronteiras. 8 de xullo de 2016. Real Academia Galega.



O 1 de decembro de 2016 os Bolechas revolucionaron a sede da Academia. Real Academia Galega.

In memoriam

David Mackenzie

David Mackenzie faleceu o 26 de febreiro de 2016 en Santiago de Compostela, cidade na que residía. O profesor, nado en Sutton-in-Ashfield, Nottinghamshire en 1943, contribuíu de xeito decisivo á expansión dos estudos galegos no mundo académico anglófono e internacional. Formado nas universidades de Oxford e Nottingham, foi profesor emérito da Universidade de Cork.



Foto: Francisco Dubert.

O profesor Mackenzie profundou na súa carreira investigadora na lingüística ibero-románica e a lingüística e a literatura galegas. Tras se titular pola Universidade de Oxford, doutorouse coa tese *A critical edition with linguistic and historical introduction of the "Corónica de Santa María de Iria"* pola Universidade de Nottingham. Logo do seu paso pola British Library, foi profesor das universidades do Ulster (1974-1986), Birmingham (1986-1996) e Cork (1997-2008), onde foi nomeado profesor emérito. Nestas dúas últimas institucións, Mackenzie fundou cadanseu Centro de Estudos Galegos.

Mackenzie foi tamén profesor convidado en universidades dos Estados Unidos como as de Wisconsin e California. O seu mestrado estendeuse, de feito, entre Europa e América, contribuíndo enormemente á abrille as portas do mundo anglófono á lingua e á literatura galegas. Grazas e el, a Modern Humanities Research Association incluíu unha sección dedicada a elas no seu *The Year's Work in Modern Language Studies*, prestixioso repertorio crítico-biográfico sobre a produción científica sobre linguas e literaturas do mundo.

O seu labor comprometido coa cultura galega foi recoñecido con diferentes distincións. En 1994 recibiu o Pedrón de Honra e o "Hispanic Achievement Award at the London Hispanic Festival". En 2014, a Xunta de Galicia concedeulle o Premio da Cultura Galega na modalidade de Lingua e o verán pasado foi homenaxeado polo Instituto da Lingua Galega coa publicación de *En memoria de tanto miragre: estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*.



Foto: *El Correo Gallego*.

José Isorna

O padre Isorna, natural de Valga, faleceu o 27 de abril de 2016 en Santiago de Compostela aos 94 anos de idade. O relixioso galeguista, promotor do uso do galego na liturxia, fíxose moi coñecido ao oficiar as misas dominicais retransmitidas pola TVG.

O padre Isorna era membro correspondente da Real Academia Galega desde o ano 1967. Comprometido coa

galeguización da Igrexa en tempos de persecución do idioma de Galicia, tratou a intelectuais como Ramón Otero Pedrayo ou Álvaro Cunqueiro e a familia de Castelao. A súa relación co galeguismo quedou tamén patente nas homilías fúnebres que pronunciou nos funerais de Xosé Ferro Couselo, Ramón Otero Pedrayo ou Sebastián Martínez-Risco, que faleceu en 1977 sendo presidente da Real Academia Galega.

José Isorna cursara estudos de Humanidades no seminario franciscano de Herbón (Padrón), onde exerceu máis adiante como profesor, e de Filosofía e Teoloxía no centro compostelán da orde á que pertencía. O relixioso foi ademais vicerreitor do convento de San Francisco da capital galega e representante de Radio Vaticana en Galicia, entre outras responsabilidades.



Foto: *Diario de Pontevedra*.

Sabino Torrer Ferrer

Sabino Torres Ferrer (Pontevedra, 24 de xuño de 1924-Madrid, 23 de maio de 2016) era membro correspondente da RAG desde 1952.

Sabino Torres Ferrer foi, xunto a Emilio Álvarez Negreira e Manuel Cuña Novás, un dos mozos promotores da colección de poesía Benito Soto. A idea empezara a tomar forma en 1948 e o selo con nome de pirata arrincou con *Madrigal*, de Emilio Álvarez de

Negreira, e *Como el río*, do propio Torres, en 1949. Na colección, bilingüe pero cunha maioría de títulos en galego, tamén verían a luz *Poemas de ti e de min*, de Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez (1949), ou *Muiñeiro de brétemas* (1950), a

obra coa que Manuel María se converteu no primeiro poeta novo en publicar en lingua galega.

Benito Soto acubillou autores novos xunto a outras sinaturas xa coñecidas das letras galegas como Álvaro Cunqueiro ou Celso Emilio Ferreiro. Esta aventura editorial foi posible en boa medida grazas ao apoio da imprenta do pai do propio Torres e contou con Celso Emilio Ferreiro como director literario a partir do terceiro título. A colección xa tropezara coa realidade da época cando un grupo de influentes persoas da vida local, escandalizadas polo nome escollido, pedira a intervención das autoridades pontevedresas para frear o proxecto. Malia estes atrancos e carecer de autorización, o selo conseguiu publicar máis dunha ducia de libros. Peor sorte correu con *Musa alemá* (1951), unha escolma de poemas xermanos traducidos e versionados por Celso Emilio Antonio coa colaboración de Antonio Blanco Freijeiro e derradeira achega da colección. O título foi perseguido e retirado das librarías.

Moito tempo despois, xa nos anos 90 e desde Madrid, Torres Ferrer volveu editar poesía creando a colección Hipocampo Amigo, de novo con volumes tanto en galego como en castelán. En 2014, ao facer os 90 anos, publicou *Crónicas dun tempo escondido. Pontevedra 1930-1960* (Galaxia), as súas memorias como editor e poeta.

Como xornalista, Sabino Torres iniciara a súa carreira nos anos 40 do século pasado na súa cidade natal, onde foi director do semanario *Ciudad*. Máis adiante, nos anos 50, continuaría traballando noutro periódico xurdido en Pontevedra, *El Litoral*, ata o seu peche a finais desa mesma década. En diante cambiou de rumbo laboral e trasladouse a vivir a Madrid para traballar como comercial dunha empresa de importación de materiais de construción. Nesta mesma cidade faleceu aos 91 anos de idade.

Fernando Acuña Castroviejo

Fernando Acuña Castroviejo, nado en Santiago de Compostela en 1945, finou o 13 de setembro de 2016.

Catedrático e destacado experto en arqueoloxía da época romana, foi un dos fundadores do Museo do Pobo Galego e era vicepresidente do seu padroado. Foi membro correspondente da Real Academia Galega desde xaneiro de 1972.

Ao longo da súa carreira, Acuña Castroviejo dirixiu diferentes escava-



Foto: Universidade de Santiago de Compostela.

cións, como as do xacemento das Torres do Oeste (Catoira), o castro de Neixón (A Coruña) ou Castro Real (Boimorto). O catedrático de Arqueoloxía da Universidade de Santiago de Compostela pertencía a numerosas sociedades científicas e era académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes.

Foi docente de arqueoloxía clásica, numismática e epigrafía, e aínda de historia antiga na licenciatura en Historia e en Historia da Arte. Foi membro fundador do Instituto Cultural Galaico -Minhoto (1982), membro do Comité Científico Español do Corpus Signorum Imperii Romani (CSIR) e da Asociación Internacional de Arqueoloxía Clásica (AIAC). Tivo asento na Consellería de Cultura da Xunta de Galicia dentro da Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, da Comisión Técnica de Arqueoloxía, da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego, e formou parte tamén da Comisión Asesora do Padroado do Museo de Pontevedra en Arqueoloxía e Antropoloxía Cultural (1988), do Padroado do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba e da Comisión Asesora da Cidade Histórica (Santiago, até 2009). Integraba o comité redactorial de diversas revistas científicas.

NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN

1. O *Boletín da Real Academia Galega* (BRAG) é unha publicación anual que recolle traballos de investigación centrados en distintos aspectos da lingua, cultura e a literatura galegas, e mais outros contributos arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas.
2. A lingua de publicación é o galego.
3. Os traballos deberán conter material non publicado nin presentado para a súa publicación en ningún outro medio de difusión. A secretaría do *Boletín* comunicará a recepción dos orixinais.
4. De cada traballo presentarse unha copia ben papel, ben en soporte dixital. A copia en papel debe ser enviada ao seguinte enderezo:

Real Academia Galega. Boletín
Rúa Tabernas, 11
Apartado 557
15001 A Coruña

A copia en soporte informático, pola súa banda, remitirase a:
publicacions@academia.gal

5. A partir da recepción do traballo, solicitaranse informes de avaliación a expertos externos e/ou membros do comité científico. O seu ditame será decisivo para a súa inclusión no *BRAG*. O proceso de avaliación desde a recepción do orixinal ata a resposta ao autor ou autora non durará máis de dous meses. No caso de que o traballo precise correccións, á vista dos informes, o autor ou a autora disporá do prazo de un mes para devolver o orixinal corrixido.
6. A entrega dos traballos para a publicación no *BRAG* implica a cesión do seu dereito de explotación e copia. Esta cesión ten por finalidade a protección do interese común de autores e editores.
7. O texto deberá entregarse en versión definitiva. Unha vez recibidos os orixinais non se permitirá facer modificacións nin engadidos que afecten significativamente ao proceso de edición.
8. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 12, con entreliñamento sinxelo e cunha extensión dun mínimo de 20.000 e un máximo de 50.000 caracteres por artigo.
9. O artigo virá acompañado dun resumo (que non debe exceder as dúscenas palabras) e das palabras chave (máximo oito) ambos en galego e en inglés.
10. As referencias á bibliografía no texto faranse conforme o modelo de citación internacional:
 - Dentro do texto e das notas, as referencias bibliográficas faranse de xeito abreviado, por medio do apelido do autor ou autores, o ano e, de ser o caso, o número da páxina, coma nestes exemplos: (Ferreira 1989: 47), (Ferreira/Amoedo 1999: 17n), (Ferreira 1996b). A referencia completa reservase para a bibliografía final.
 - Ao final, incluíranse por extenso as referencias bibliográficas das obras citadas ao longo do texto. Exemplos:

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia.

Rodríguez Fer, Claudio (1980): “O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra”, *Grial* 68, 144-160.

Cochón, Iris (2003): “Lois Pereiro”, en Arturo Casas (ed.), *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000*. Lugo: Editorial TrisTram, 661-682.

Suquet Martínez, Mirta (2011): “Da topoloxía do corpo á utopía da escrita: *Poesía última de amor e enfermidade (1992-1995)* de Lois Pereiro”. *Revista de Poesía* 1, 22-41 (http://www.poesiagalega.org/revista_de_poesia/revista/f/199).

TILG = Santamarina, Antón (dir.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://www.ti.usc.es/TILG/> [consulta en maio-setembro 2011].

11. As citas textuais que se fagan dentro do texto principal deberán adoptar dous formatos diferentes: se non superan as cinco liñas, irán dentro do parágrafo, co mesmo tipo de letra, entre comiñas; as citas máis longas poñeranse en parágrafo á parte, sen comiñas, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. En ningún caso se empregarán as cursivas.
12. As notas do texto principal situaranse ao pé e estarán numeradas de xeito correlativo, en corpo 10. Non se incluírán aquí as referencias bibliográficas por extenso, para evitar a proliferación de notas no rodapé.
13. Táboas/cadros. Realizaranse utilizando o comando específico de “edición de táboas”. As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numerados correlativamente (Táboa 1, Táboa 2 etc.); 2) levarán un encabezamento conciso. Farase referencia ás táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Vid. táboa 1).
14. Gráficos. Presentaranse orixinais con calidade para seren dixitalizados. No seu caso, tamén se poden presentar nun arquivo informático (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase incluír na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2 etc.). (Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. gráfico 1)).
15. Fotografías, ilustracións, mapas, planos. Poderán presentarse orixinais con calidade para seren dixitalizados. Se o autor prefere presentar arquivos informáticos, recoméndase cumprir os seguintes parámetros:
 - *Mapas, debuxos, planos, gravados*: a dixitalización farase en “modo liña” ou “mapa de bits” (non se recomenda o modo “escala de grises”); a resolución será de 1200 ppp.
 - *Fotografías*: dixitalizaranse cunha resolución de 300 ppp. Resolucións inferiores a 225 ppp non son recomendables.Recoméndanse os seguintes formatos de arquivo: .TIFF, .EPS, .JPG.
Irán numerados de xeito correlativo (Fig. 1, Fig. 2 etc.) con números arábigos.
Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. Fig.1).
16. Os materiais complementarios (táboas, gráficos, imaxes, mapas...) deben acompañarse do recoñecemento da fonte e da autoría, e, no seu caso, dos correspondentes permisos de uso e reprodución.
17. Os autores poden solicitar que se lles envíen as primeiras probas para corrixir. Admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas e, sempre a xuízo dos editores, aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten á maqueta da publicación.
18. Os orixinais que non se suxeiten ás anteriores normas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección.

Índice Xeral

I SIMPOSIO MANUEL MARÍA

9

DE MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS A ADVENTO: A PROGRESIÓN FULGURANTE /
/ *Darío Xohán Cabana*

29

FIXANDO A EMOCIÓN / *Marta Dacosta Alonso*

51

A POESÍA ÚLTIMA DE MANUEL MARÍA. OS LIBROS QUE ABREN O SEU CANTO FINAL /
/ *Manuel López Foxo*

61

TRAVESÍA ATÉ MAR MAIOR: CONTEXTO LITERARIO E BIOGRÁFICO
DO PRIMEIRO MANUEL MARÍA / *Rosalía Fernández Rial*

71

MANUEL MARÍA: BIOGRAFÍA E OBRA / *Camilo Gómez Torres*

83

A OBRA NARRATIVA DE MANUEL MARÍA OU COMO CONTAR A VIDA
A TRAVÉS DO RÍO DA ESCRITA / *Mercedes Queixas Zas*

99

“ANDANDO A TERRA” OU A CONSTRUCCIÓN DUN ESPAZO SIMBÓLICO /
/ *Carme Fernández Pérez-Sanjulián*

113

A LINGUA GALEGA NA VIDA, NA OBRA E NO PENSAMENTO DE MANUEL MARÍA /
/ *Xosé Ramón Freixeiro Mato*

133

A HISTORIA INSERIDA NO TEATRO DE MANUEL MARÍA / *Henrique Rabuñal*

155

SOÑAR SEN CANCELAS: MANUEL MARÍA E A CONSTRUCCIÓN
DUNHA EDUCACIÓN LITERARIA EN GALEGO / *Montse Pena Presas*

169

UNHA CANCIÓN MARABILLOSA, GALEGA E PANTEÍSTA / *Xurxo Souto*

179

MANUEL MARÍA E EUSKAL HERRIA / *Xosé Estévez*

211

UM POETA GALEGO NO FASCÍNIO DE PORTUGAL / *Carlos Quiroga*

231

A INTERVENCIÓN POLÍTICA NA POESÍA DE MANUEL MARÍA. UNHA REVISIÓN /
/ *Pilar García Negro*

239

NAVE ESPACIAL XISTRAL, EN MISIÓN MONFORTINA / *Antón Lopo*

245

AS PAISAXES IDENTITARIAS NA LITERATURA DE MANUEL MARÍA / *Xosé Lois García*

265

UN MUIÑEIRO DE VERBAS NO CORAZÓN DA ESCOLA / *Fina Casalderrey*

II ALOCUCIÓNS ACADÉMICAS SOBRE MANUEL MARÍA

291

MANUEL MARÍA, ACTIVISTA DA VERDADE / *Manuel Rivas*

295

RESISTENCIA E DEREITO Á RENACENZA / *Margarita Ledo*

301

MANUEL MARÍA, O POETA / *Darío Xohán Cabana*

III TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN E ESTUDO

311

NAS ORIXES DA SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA.

A ACHEGA DE XESÚS ALONSO MONTERO (1968-1973) / *Henrique Monteagudo*

333

NOVAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA RECOLLER, NORMALIZAR E DIFUNDIR
A TOPONIMIA DE GALICIA. ESTADO DOS PROXECTOS / *Vicente Feijoo Ares*

365

GALICIA NO DECRETO DE 1916 / *Luz Méndez Fernández*

IV RECENSIÓNS

389

CERVANTES E O QUIXOTE. A INVENCIÓN DO HUMORISMO.
POR SIRO LÓPEZ LORENZO (2016) / *Xesús Ferro Ruibal*

V VIDA OFICIAL DA RAG

403

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

407

CRÓNICA DA ACADEMIA (2016)

439

NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA A PUBLICACIÓN

O número 377 do *Boletín da Real Academia Galega*
dedicado a Manuel María
rematouse de imprimir no ano 2017,
centenario do pasamento de Eduardo Pondal.

